Biblioteca di *Rassegna iberistica* 23

e-ISSN 2610-9360
ISSN 2610-8844

Procesos da historiografía literaria galega

Para un debate crítico

Arturo Casas

Edizioni
Ca'Foscari

Procesos da historiografía literaria galega

Biblioteca di *Rassegna iberistica*

Serie diretta da
Enric Bou

23

Edizioni
Ca'Foscari

Biblioteca di *Rassegna iberistica*

Direzione scientifica Enric Bou (Università Ca' Foscari Venezia, Italia)

Comitato scientifico Raul Antelo (Universidade Federal de Santa Catarina, Brasil) Luisa Campuzano (Universidad de La Habana; Casa de las Américas, Cuba) Ivo Castro (Universidade de Lisboa, Portugal) Pedro Cátedra (Universidad de Salamanca, España) Luz Elena Gutiérrez (El Colegio de México) Hans Lauge Hansen (Aarhus University, Danmark) Noé Jitrik (Universidad de Buenos Aires, Argentina) Alfons Knauth (Ruhr-Universität Bochum, Deutschland) Dante Liano (Università Cattolica del Sacro Cuore Milano, Italia) Alfredo Martínez-Expósito (University of Melbourne, Australia) Antonio Monegal (Universitat Pompeu Fabra, Barcelona, España) José Portolés Lázaro (Universidad Autónoma de Madrid, España) Marco Presotto (Università di Bologna, Italia) Joan Ramon Resina (Stanford University, United States) Pedro Ruiz (Universidad de Córdoba, España) Silvana Serafin (Università degli Studi di Udine, Italia) Roberto Vecchi (Università di Bologna, Italia) Marc Vitse (Université Toulouse-Le Mirail, France)

Comitato di redazione Ignacio Arroyo Hernández (Università Ca' Foscari Venezia, Italia) Margherita Cannavacciuolo (Università Ca' Foscari Venezia, Italia) Vanessa Castagna (Università Ca' Foscari Venezia, Italia) Marcella Ciceri (Università Ca' Foscari Venezia, Italia) Florencio del Barrio (Università Ca' Foscari Venezia, Italia) Donatella Ferro (Università Ca' Foscari Venezia, Italia) René Lenarduzzi (Università Ca' Foscari Venezia, Italia) Paola Mildonian (Università Ca' Foscari Venezia, Italia) Alessandro Mistrorigo (Università Ca' Foscari Venezia, Italia) María del Valle Ojeda (Università Ca' Foscari Venezia, Italia) Elide Pittarello (Università Ca' Foscari Venezia, Italia) Susanna Regazzoni (Università Ca' Foscari Venezia, Italia) Patrizio Rigobon (Università Ca' Foscari Venezia, Italia) Adrián J. Sáez (Università Ca' Foscari Venezia, Italia) Eugenia Sainz (Università Ca' Foscari Venezia, Italia) Alessandro Scarsella (Università Ca' Foscari Venezia, Italia) Manuel G. Simões (Università Ca' Foscari Venezia, Italia) Patrizia Spinato (CNR, Roma, Italia) Giuseppe Trovato (Università Ca' Foscari Venezia, Italia)

Direzione e redazione
Dipartimento di Studi Linguistici e Culturali Comparati
Università Ca' Foscari Venezia
Ca' Bernardo, Dorsoduro 3199,
30123 Venezia, Italia
rassegna.iberistica@unive.it

e-ISSN 2610-9360
ISSN 2610-8844

URL http://edizionicafoscari.unive.it/it/edizioni/collane/biblioteca-di-rassegna-iberistica/

Procesos da historiografía literaria galega
Para un debate crítico

Arturo Casas

Venezia
Edizioni Ca' Foscari - Digital Publishing
2021

Procesos da historiografía literaria galega. Para un debate crítico
Arturo Casas

© 2021 Arturo Casas per il testo | for the text
© 2021 Edizioni Ca' Foscari - Digital Publishing per la presente edizione | for the present edition

Quest'opera è distribuita con Licenza Creative Commons Attribuzione 4.0 Internazionale
This work is licensed under a Creative Commons Attribution 4.0 International License

Qualunque parte di questa pubblicazione può essere riprodotta, memorizzata in un sistema di recupero dati o trasmessa in qualsiasi forma o con qualsiasi mezzo, elettronico o meccanico, senza autorizzazione, a condizione che se ne citi la fonte.

Any part of this publication may be reproduced, stored in a retrieval system, or transmitted in any form or by any means without permission provided that the source is fully credited.

Certificazione scientifica delle Opere pubblicate da Edizioni Ca' Foscari - Digital Publishing: il saggio pubblicato ha ottenuto il parere favorevole da parte di valutatori esperti della materia, attraverso un processo di revisione doppia anonima, sotto la responsabilità del Comitato scientifico della collana. La valutazione è stata condotta in aderenza ai criteri scientifici ed editoriali di Edizioni Ca' Foscari, ricorrendo all'utilizzo di apposita piattaforma.

Scientific certification of the works published by Edizioni Ca' Foscari - Digital Publishing: the essay published has received a favourable evalutation by subject-matter experts, through a double blind peer review process under the responsibility of the Scientific Committee of the series. The evaluations were conducted in adherence to the scientific and editorial criteria established by Edizioni Ca' Foscari, using a dedicated platform.

Edizioni Ca' Foscari - Digital Publishing
Fondazione Università Ca' Foscari | Dorsoduro 3246 | 30123 Venezia
https://edizionicafoscari.unive.it | ecf@unive.it

1a edizione novembre 2021 | 1st edition November 2021
ISBN 978-88-6969-530-8 [ebook]
ISBN 978-88-6969-531-5 [print]

Obra publicada grazas aos fondos recibidos, para o trienio 2019-2021, polo grupo de investigación Teoría da literatura e Literatura comparada da Universidade de Santiago de Compostela (GI-1371) procedentes do programa Axudas á Consolidación e Estruturación de Unidades de Investigación Competitivas do Sistema Universitario de Galicia. Entidade: Xunta de Galicia. Referencia: ED431C 2018/17.

Procesos da historiografía literaria galega. Para un debate crítico / Arturo Casas — 1. ed. — Venezia: Edizioni Ca' Foscari - Digital Publishing, 2021. — 370 pp.; 23 cm. — (Biblioteca di *Rassegna iberistica*; 23) . — ISBN 978-88-6969-531-5.

URL https://edizionicafoscari.unive.it/it/edizioni/libri/978-88-6969-531-5/
DOI http://doi.org/10.30687/978-88-6969-530-8

Procesos da historiografía literaria galega
Para un debate crítico

Arturo Casas

Abstract

Galician literary historiography shows links and ruptures that refer to the cultural history of Galicia itself and to the sequence of historical events that have delineated the social, economic and political development of the country since the nineteenth century. These coordinates comprise a series of processes, including the elaboration and propagation of ideologies aimed at achieving a way out of political subalternity and oriented towards the horizon of national emancipation. Those events and these processes also marked the connection of Galicia with modernity and the dynamics of historical change. As a result of the above, this book analyses critically the institutionalization processes of the history of Galician literature – with special emphasis on historiographic models such as that of Said Armesto, Carvalho Calero, Méndez Ferrín and others – and indicates the need to undertake a productive methodological innovation of the discipline in heuristic, organic and discursive terms. It further argues that this update should pay attention to substantive theoretical debates, not exclusively of specific cultural coordinates, such as Galician ones or any others that could be considered. Among these, the cooperation between history and sociology, the intellection of literary facts as historical facts, the review of the link between literary history and nation, the public uses of literary history, and the inquiry of discursive choices that promote a less self-indulgent and predictable historiography. This essentially involved a challenge, that of permanent dialogue with some of the most powerful critical reinterpretations of the Galician historiographic tradition and with alternative models constituted from feminist thought, postcolonial theories, the sociology of the literary field or the systemic theories of culture, as well as with the contributions made from a post-national understanding of the literary phenomenon.

Keywords History of Galician literature. Galician literary system. Comparative literary history. Iberian Studies. Sociology of literature.

Procesos da historiografía literaria galega
Para un debate crítico

Arturo Casas

Índice

Introdución 11

I PANORAMA CRÍTICO SOBRE ALGÚNS MODELOS DE HISTORIA LITERARIA

1 Catro modelos para unha nova historia literaria comparada 35

2 A historia da literatura e a historia do sistema literario desde o programa de investigación de Itamar Even-Zohar 65

3 Sistema literario, campo literario e literatura nacional como obxectos historiográficos 89
Situación galega

II PERIODIZACIÓN, XERACIÓNS LITERARIAS E CANONIZACIÓN

1 A crítica literaria na revista *Nós* e o canon da poesía galega coeva 121

2 A socioloxía cultural de Karl Mannheim e a poética histórica de Mikhaíl Bakhtín como fundamentos renovadores da periodoloxía literaria
Unha aplicación á poesía galega dos anos 1916-31 137

3 A cuestión xeracional e o canon no marco dunha nova periodoloxía comparada 155

4 *De Pondal a Novoneyra*, de Méndez Ferrín: o proceso xeracional como foco poetolóxico 163

5 Lugares historiográficos do exilio
Luís Seoane, compromiso e intervención en ambos os lados do Atlántico 171

III ANÁLISES

1 Said Armesto, historiador comparatista da literatura galega medieval 195

2 Carvalho Calero e a historia literaria
Idea, institucionalización e procedementos 231

3 Paratexto e nación. Lectura comparativa do nacional nos prólogos das historiografías literarias ibéricas do último cuartel do século XX 259

IV TRES MODELOS OUTROS

1 Dous libros de Antón Figueroa que abordan problemas historiográfico-literarios 289

2 A teoría crítica da cultura e a planificación dos estudos socioculturais
Para lermos González-Millán 315

3 Helena Miguélez-Carballeira: a crítica da historiografía literaria galega en perspectiva feminista e poscolonial 327

Coda 335

Referencias bibliográficas 345

Para Artur

Introdución

Este libro incorpora unha serie de análises e consideracións críticas sobre o proceso de institucionalización da historiografía literaria galega, entendida como o conxunto de propostas presentadas e/ou recibidas como historias xerais ou parciais da literatura galega, e integra unha secuencia de exames sobre algúns dos seus resultados máis proficuos. Céntrase así mesmo na necesidade de innovación metodolóxica que a disciplina de referencia está obrigada a asumir, de forma permanente, para non anquilosarse como réplica de usos epistemolóxicos e discursivos anacrónicos. A actualización dos procedementos historiográfico-literarios –aplicados ao caso galego ou a calquera outro– non pode limitarse ao simple reexame crítico de elementos sen dúbida consubstanciais á disciplina, como a (re)ordenación de escolas e períodos literarios contemplados desde o presente de cada novo historiador, ou como unha posta ao día máis ou menos regular e explícita do canon.

A renovación da historiografía literaria debería prestar atención así mesmo a debates de fondo, teóricos e metodolóxicos sobre todo, centrados de entrada na propia concepción da historia e na comprensión consecutiva do histórico, non reducida esta última categoría ao estrito ámbito do literario. Igualmente, debería ocuparse das posibilidades de acceso aos feitos históricos por parte do historiador e da axeitada posta en discurso dese coñecemento. A renovación debería estar pendente ademais das tentativas de modernización activadas en diferentes lugares do mundo baixo variadas condicións, porque o que acontece nun determinado espazo cultural presenta

sempre semellanzas parciais con outros procesos históricos, tanto coevos como previos.

En conexión co sinalado, este libro orixinouse xustamente na reflexión sostida durante máis de dous decenios sobre esa clase de problemas, que, en principio, pode semellar que se nos presentan como específicos e claramente delineados. Problemas como o do perfil epistemolóxico da historia literaria en canto disciplina, ou como o das súas efectivas funcións públicas. Malia esa aparencia de especificidade, as vertentes multiplícanse a pouco que se profunda e se observa a posibilidade de diversificar as proxeccións do coñecemento histórico aplicado ao literario. Entre estas proxeccións cóntanse a nacional e a comparatista, que nos capítulos que seguen poderá comprobarse que cobran reiterada presenza e que, ademais, distan moito de ser incompatíbeis.

Trátase de problemas, debe recoñecerse, que non sempre son percibidos como tales por un sector maioritario das persoas e entidades que, dun ou doutro xeito, participan no cultivo da historiografía literaria nacional –de novo, a galega ou calquera outra–, ou incluso na súa rexa persistencia institucional e funcional. Ese arraigamento e esa estabilidade da historia literaria maniféstanse de forma patente no ámbito educativo. En especial, no disposto nese terreo e noutros colaterais por diferentes instancias reguladoras e lexislativas, encabezadas sempre polo Estado. Certamente, hai que contar coa existencia de certos contrapesos críticos a esta regulamentación. Proceden adoito de determinados vectores da opinión pública, críticos, por uns ou outros motivos, co sistema de valores proxectado polas entidades que deciden e regulan o que hai que aprender nos diversos niveis educativos. Na parcela que aquí interesa máis, falamos en concreto dos currículos relativos á historia da literatura nacional, non poucas veces reformulada como historia nacional da literatura, por moito que se contemplen en escala complementaria procesos históricos doutras literaturas nacionais próximas á propia no sentido que for. Nomeadamente, baixo parámetros lingüísticos, xeográficos e culturais.

Semella claro que os que limitan o labor da historiografía literaria á concreción dunha canonicidade diáfana –constituída polos valores estético-literarios asumidos e atribuídos polos historiadores literarios como corporación– e de xeito consecutivo á postulación dun canon autorial categoricamente xerarquizado, e adoito blindado, son quen menos dúbidas albergan sobre o que corresponde xestionar aos historiadores literarios ao realizaren o seu traballo. De aí a súa habitual inflexiblidade sobre cal debería ser a forma de os lectores relacionárense co pasado literario e sobre o xeito idóneo en que ese pasado debería incorporarse ao presente. Baixo este cadro, o máis frecuente é a primacía funcional do que Gustave Lanson diferenciou a comezos do século XX como 'historia da literatura' fronte a unha alternativa menos accesíbel e máis complexa de materializar, a dunha

'historia literaria' (*máis complexa* se non se outorgar validez ao vello modelo setecentista de Dom Rivet, certamente). Lanson enxergou así dous rumbos posíbeis, canalizadores ambos, non sen contradicións, de ideas expostas cincuenta anos antes por Désiré Nisard (Fraisse 2002). A 'historia da literatura' caracterizaríase pola atención á produción literaria e á constitución xustificada dun rango de autores e de obras, adoito mediante a execución dun relato de marca divulgativa. Este relato procuraría a eficacia no reparto de inclusións e de exclusións, confiado a criterios estéticos, políticos ou doutra índole. Fronte a ese primeiro rumbo, a 'historia literaria', de condición máis erudita e especializada, anticipada xa en certa medida por Francis Bacon a comezos do século XVII no cadro da súa clasificación das ciencias, orientaríase con preferencia á observación crítica dos factores culturais e institucionais da 'vida nacional' en cuxas coordenadas se desenvolve o fenómeno literario ao pé doutras formas de textualidade. Lanson pensou sempre esta alternativa concedendo particular peso á lectura e en xeral á recepción en cada momento histórico, aínda que sen una preocupación central pola xerarquización dun canon. Nin sequera pola determinación dunhas fronteiras ríxidas entre o literario e o non literario. Como sintetizou Carlos Cunha (2002, 31), para a 'historia literaria' lansoniana o máis relevante era a historia e a propia concepción do histórico, mentres que para a 'historia da literatura' o principal residía no realce da literatura.

Mais regresemos ao fío central da cuestión. Fronte a aquel sector dotado de importante capacidade decisoria sobre contidos e metodoloxías de ensino, que nega ou minimiza boa parte das controversias xeradas arredor dos procedementos da historia literaria, un número nada despreciábel de achegas teóricas e analíticas vén detectando desde hai ben tempo –poñamos que un século– a existencia dun problema de non escasa envergadura. Ou, mellor, dun feixe de problemas en mesta correlación. E isto desde distintas ópticas científicas e ideolóxicas.

Do que se está a falar é ante todo de observadores que exercitaron unha ollada crítica sobre o corpo historiográfico-literario acumulado e sobre as vagas reaccións inducidas nese eido en consonancia coas mudanzas epistemolóxicas e científicas que caracterizan o último século, a partir das crises do positivismo e do historicismo. Fálase asemade de axentes que, en ocasións, practicaron eles propios a historiografía literaria ou outras series paralelas referidas á arte, á estética, á crítica…, de modo que non se limitaron a exercer reservas desde unha suposta torre de marfil teórica. Un exemplo notábel é o constituído polo sempre comedido René Wellek, que hai xa uns cincuenta anos falaba da decadencia e o ocaso da historia literaria ([1940-73] 1983, 245-60), malia el propio ter elaborado propostas historiográficas sobre a teoría e a crítica literarias modernas, a evolución da literatura checa o outros referentes culturais.

En realidade, segundo se acaba de suxerir, o detectado nesas análises críticas sobre decisións heurísticas, metodolóxicas, funcionais, discursivas e doutras ordes transcende o que sería unha disputa singular arredor das inercias da historiografía literaria e do *habitus* dominante no propio colexio de historiadores literarios. Preséntase de feito como unha cuestión de fondo e cunha dimensión verdadeiramente holística. Cando menos de concedermos creto –e deberiamos– ao sagaz título dun ensaio de Leonardo Romero Tobar, «La historia literaria, toda problemas» (2004, 67-85), talvez inspirado polo que Lucien Febvre quixo propiciar como 'historia-problema', a que denuncia as carencias dunha historiografía entendida como consecución dun relato 'historizante', adecuadamente estruturado en contidos e discurso para servir determinados obxectivos e moi precisas funcionalidades.

Estamos, con certeza, diante dun dos núcleos de debate máis dinámicos dos estudos literarios no noso tempo, perante un dos seus retos máis perentorios; aínda que os ritmos dos debates teórico-metodolóxicos son outros que os das prácticas historiográficas concretas. Doutra parte, unha proporción non menor das cuestións merecedoras de atención nese espazo aberto de problematicidade da historia literaria dista de ser exclusivo desta disciplina. Na verdade, é común a outras series historiográficas, como as centradas na pintura ou no cinema, por caso. Esa condición problemática é común igualmente á ciencia histórica en xeral e á historia entendida como concepto-guía moderno, por expresalo agora na linguaxe de Reinhart Koselleck ([1975] 2004, 106-50). Éo tamén á historia como saber oficializado e nacionalizado, polo menos desde finais do século XVIII, en procura de cohesión social. Cunha lexitimidade, segundo xa se suxeriu, en permanente axuste e negociación. Cuns usos ou funcións moi específicos, interdependentes de macizos vencellos co poder.

Por rematar, esa condición problemática da que se fala concerniría así mesmo ao que Walter Benjamin expuña como a non clausura do pasado no pasado. En definitivo, afectaría á interacción entre o acontecido, as posibilidades non materializadas da historia (o pasado posíbel) e o que o filósofo berlinés denominou *Eingedenken*, unha 'acordanza experiencial do pasado' que o revive no tempo presente de cada suxeito e que, por tanto, pode ter incidencia na transformación dese presente. Neste punto hai que aludir tamén á condición que, para Benjamin (2018, 138), posúe a literatura como *organon* ou instrumento da historia.

Esa capacidade da historia, e da historia literaria en particular, para intervir e influír, ou para activar performatividade, recae sobre un amplo sector de axentes participantes no campo da educación e no campo cultural. Entre eles, as empresas editoriais con presenza nos espazos formativos do ensino secundario e do ensino superior. Un mercado potencial moi notorio, por outra parte. Por descontado, ese saber histórico e as súas manifestacións en forma de manuais e

similares, inciden de vez sobre o traballo e os horizontes didácticos e intelectivos do profesorado e do alumnado deses mesmos niveis. Trátase de colectivos adoito condicionados, como viu Eva Kushner ([1989] 1993, 127) con vocabulario foucaultiano, por currículos e planos de estudo promotores dunha sorte de 'monumentalización' dos documentos literarios do pasado. Impulsores tamén da delimitación de toda historiografía como arquivo intanxíbel, non para o seu estudo, uso e aplicacións senón como obxecto destinado a ser mirado con ollada de paseante fugaz ou de turista textual.

Ora ben, por moito que Roland Barthes argumentase no seu día que a historia literaria é un asunto de diámetro basicamente escolar (1971, 170), a súa repercusión non se limita a estes campos que se mencionaron e ás súas bacentas dinámicas. Sen saírmos do cadro conceptual da socioloxía desenvolvida por Pierre Bourdieu, alcanzaría varios campos máis, como o do poder, o intelectual, o político e o de produción ideolóxica. E isto tanto baixo coordenadas nacionais/estatais como, xa noutra medida, supranacionais. Algo complementario que non interesa perder de vista a este respecto é que o pasado, como ten argumentado con precisión Itamar Even-Zohar, é sempre un 'ben simbólico' en disputa. De certo, entre as nacións. En especial, se belixerantes en determinadas fases históricas. Aínda que tamén noutras escalas e noutras dimensións, en que o factor identitario semellaría desenfocarse algo, como as de clase, as coloniais, as de xénero e outras. Isto explica a imposibilidade de dispormos dunha historia que contente a todos (a todas as partes), algo que lonxe de inquietar sensibilidades debería apouvigar calquera manifestación de arrogancia cultural ou política.

Outra perspectiva que non sería intelixente preterir cando se fala do que aquí se fala –e que, igual que as anteriores, e transversal aos capítulos deste libro– é a correspondente á posta en discurso do coñecemento histórico que se vai acumulando. Encaixaría aí, para comezar, todo o relativo á forma en que cada proposta historiográfica ten presente a tradición coa que dialoga e á que responde. Algúns historiadores literarios, como Ricardo Carvalho Calero, asumiron e materializaron ese diálogo con boa predisposición e apreciábel desenvoltura crítica. Por exemplo, reflectíndoo no preliminar do seu propio contributo historiográfico maior, a *Historia da literatura galega contemporánea (1808-1936)*. Outros historiadores literarios, doutro tempo ou contemporáneos a nós, evádense, mesmo con alarde, dese diálogo, que en boa medida constitúe tamén un exercicio de reflexividade epistémica. Como se a súa proposta estiver tocada por un hálito adánico e autosuficiente, e non precisar nin un apuntamento mínimo de contraste teórico ou metodolóxico coa tradición historiográfica precedente, ou de simple declaración de obxectivos. Con seguridade, nada disto é privativo dunha historiografía literaria concreta, todo o contrario.

Entraría tamén no cadro de decisións que compete a quen fai historia da literatura a constitución e calibrado dunha dada autoridade discursiva: os seus límites, as súas modalidades retóricas, sobre todo no atinente á construción/invención do obxecto histórico sobre o que se pretende dar conta. Aínda que, así mesmo, en todo o relativo á argumentación e á ordenación dese coñecemento posto en discurso. Aquí é capital a cuestión do relato, asunto abordado desde diversas ópticas neste volume compilatorio.

A historia literaria non está obrigada a adoptar modelos expositivos de índole narrativa. Porén, ese é habitualmente o expediente ao que se acolle. E todo relato que aspire a resultar persuasor, sábese ben, procura a boa orde e a coherencia interna, tamén unha orientación 'útil' dos acontecementos seleccionados como significativos. Isto non ten por que conducir necesariamente á fatigosa marca do teleoloxismo na comprensión e explicación dos procesos históricos, mesmo que esa marca compareza con algunha frecuencia en propostas historiográficas actuais.

No que até aquí se leva exposto é posíbel que quen estea a ler perciba unha especie de desconfianza sobre calquera produción historiográfica. Ou, máis en concreto, sobre as obras que clasificamos como historias da literatura, incluídas as da literatura galega. Realmente, non se trata tanto disto como da necesidade de estarmos advertidos contra unha inxenuidade non pouco estendida: a de considerar que a historia constitúa un dominio de coñecemento a salvo de intereses de parte, alleo mesmo a determinados usos e dependencias que rebaixan a autonomía da historia como saber/ciencia e desgastan as súas relacións co conxunto das ciencias sociais. Anótese, por outra parte, que iso que en determinados niveis circula como inxenuidade ordinaria, faino noutros círculos, máis expertos e poderosos, como eficaz aparato de propaganda.

Nunha dimensión paralela, trátase ademais de estarmos pendentes de que o obxecto de coñecemento histórico que cada proposta historiográfica constitúe dista de ser unha realidade predefinida, illada *ab ovo*, sen relacións con outros obxectos posíbeis, desbotados ou postos en segunda liña por quen tomou ou toma a decisión de escribir esa historia concreta. Porque sempre hai un criterio para delimitar o que se pretende historiar e 'historizar' a partir dunha altura dada, isto último no sentido de outorgar entidade de obxecto histórico a algo en concreto e en treitos cronolóxicos específicos.

Por aclarar entón no posíbel estas coordenadas no seu conxunto, do que se está a falar non é tanto dunha insatisfacción escrupulosa de máis cos logros da historiografía literaria de orientación, nun ou noutro sentido, *tradicional* como dunha estrañeza perante o carácter acomodaticio e a seguridade que aquela aspira a proxectar, mesmo a exhibir, no relativo a heurísticas e métodos. A propósito disto último existen algunhas zonas particularmente complexas en que a historio-

grafía literaria común –orientada no básico, segundo xa foi indicado, ao establecemento dun canon de autores e obras e á sucesión das poéticas dominantes– evidencia insuficiencias.

Unha desas zonas é a do tratamento dos fenómenos que implican algunha clase de desaxuste nas coordenadas fixadas como de responsabilidade de cada proposta concreta. Esas coordenadas son en xeral de natureza identitaria e xeocultural, aínda que afectan igualmente a parámetros sociais e económicos. Pois ben, calquera fenómeno que move ese cadro de referencias orixina normalmente a exclusión do sector da produción cultural, artística e literaria asociada. Entre eses fenómenos cabe sinalar o migratorio. Tamén o asociado aos exilios. E, en xeral, calquera proceso que implique contacto e interferencia cultural, case sempre na orixe de formas de hibridación cultural ulterior. A dimensión nacional da historiografía literaria tradicional adoita non saber que facer con todo iso. Desatende en xeral as migracións que inciden no perfil identitario atendido; reduce exilios e diásporas a notas de rodapé ou a apéndices segregados –inducindo así a extravagante idea de que os que se foron seguiron un proceso sen interacción co propio dos que ficaron–; despreocúpase a miúdo das relacións interliterarias, incluídas ás vinculadas a algo tan normalizado como a tradución.

Mais tamén, e isto é particularmente importante de situármonos en perspectiva relacional, esa 'historiografía tipo' desenténdese das dialécticas asociadas á concorrencia nun mesmo espazo xeográfico de dous ou máis sistemas culturais/literarios, ou á concorrencia de produción social e institucionalmente prestixiada fronte a produtos culturais marxinalizados e secundarizados. Así acontece case sempre cando estes corresponden a sectores socioculturais que non encaixan no modelo prefixado, orixinándose o que acostuma clasificarse como 'subliteratura' ou 'paraliteratura'. E así acontece, a propósito, cando existen produtos literarios que empregan unha norma ortográfica diferente da oficializada, o cal pode chegar a servir de escusa para outra forma de exclusión, patente na maior parte da historiografía literaria galega no que concirne ao tratamento da produción literaria escrita en normativas reintegracionistas.

Concorrencias como as sinaladas implican xeralmente conflito. E isto por moito que tal realidade se recoñeza publicamente con esa palabra de preciso alcance sociolóxico ou con algún eufemismo emoliente emprazado sobre o degoiro liberal da tolerancia e a avinza, rara vez honesto en termos políticos. Ou que se recoñeza facendo gala mesmo dalgunha planificación político-cultural a medio prazo, localizada sobre a vía dunha suposta normalización que, na realidade, o único que normaliza e expande é a hexemonía cultural de partida, segundo doadamente se constata no caso galego.

En relación coa concorrencia de dous ou máis sistemas literarios nun mesmo territorio, convén reter unha evidencia que se incorpora-

rá desde un ángulo sociolingüístico. Mentres que certos individuos, dadas certas condicións, poden ser bilingües ou plurilingües, mentres están capacitados para estableceren relacións equilibradas e harmónicas entre as linguas e as culturas en que se instalan e viven –como tales individuos–, resulta obvio que a sociedade en conxunto non o fai. Non consegue facelo en sentido pleno ningunha sociedade, segundo constata a sociolingüística, que xusto por iso habilitou nocións como as de 'diglosia' e 'funcionamento diglósico'. Pois ben, cuestionar que unha historia literaria ou unha historia cultural poidan ignorar os conflitos de varia índole, incluídos os lingüístico-culturais, dos que participan os suxeitos individuais, entidades e institucións sobre os que a historia trata, parece non só razoábel senón incluso obrigado. Esquivar esa cuestión, ou dar por suposta unha contestación en negativo á pregunta de se todo iso debe ser analizado –como adoito se fai desde a posición de case calquera sistema dominado, mais tamén desde a posición de case calquera sistema dominante–, conduce a facer a historia de só unha parte da realidade cultural e sociopolítica. A esa parte sobre a que se fai esa clase de historia podemos chamala, sen dúbida, *cultura* ou *literatura nacional*, e despois podemos ler placidamente a narrativa asociada e ficarmos convencidos dunha certa homologación dos procesos históricos e dos discursos historiográficos propios no concerto internacional.

Regresemos porén á diferenciación amentada a propósito de Nisard e Lanson, que ten algunha utilidade para o que agora se intenta argumentar. Esa decisión de non explorar con datos empíricos e análises fundamentadas o conflito cultural e as súas complexísimas consecuencias intrasistémicas –que nin moito menos caben na dialéctica nacional e intersistémica de fondo: unha nación perante outra nación, un sistema cultural perante outro sistema cultural– equivale a unha nova renuncia a facer 'historia literaria' e a ver a literatura como institución social e como aglutinante cultural. Equivale de feito a preterir importantes dimensións institucionais, políticas, sociolóxicas, ideolóxicas e de consumo cultural enraizadas na auténtica realidade diaria da vida social e da propia vida literaria; e reitero que non só fronte ao 'outro nacional', non só fronte ao 'outro cultural', senón en particular de portas para dentro. Aquela decisión conforma, isto si hai que recoñecelo, unha aposta redobrada a favor dunha historia da literatura homologábel ao modelo hexemónico, o cal acabou por significar no básico dotarse dun canon e custodialo cun desvelo digamos emocional, se cadra 'patriótico', no sentido menos osixenado do termo. Probabelmente, moitos lectores e utentes se sentirán a gusto dispondo dunha historia desta clase, asegurando un relato sobre os logros literarios nacionais e admitindo, de ser o caso, que o conflito lingüístico-cultural aquel podería ser competencia da socioloxía, da sociolingüística, da glotopolítica ou da antropoloxía cultural, ou se acaso da historia por antonomasia, aínda que non da historia da lite-

ratura, nin sequera da 'historia do sistema literario', asimilado isto por cada quen como mellor o entender (normalmente, mal). En fin, se é inquietante que a historiografía da literatura neerlandesa, ou da española, ou da turca, ou da portuguesa… tomen con frecuencia esa deriva –a de esqueceren algúns conflitos dos que deberan ocuparse en relación coas sucesivas fases historiadas; entre eles, sen ir máis lonxe, o conflito orixinado pola dominación imperial e colonial–, a preocupación ten que comparecer tamén cando se trata de comprender procesos histórico-literarios semellantes en condicións ao galego.

Ao fío do que se comenta, hai un par de reflexións que poden resultar gráficas sobre os diferentes planos do que se está a tratar. Observarase máis adiante que comparecen en cadanseu capítulo deste libro con maior detalle. A primeira corresponde a unha nota escrita polo filólogo Mikhaíl L. Gaspárov en 2003. Nela preguntábase sobre o xeito en que se podería escribir a historia da literatura rusa nos albores do século XXI. Ao que el mesmo respondeu, con algo de ironía posteriormente matizada, que esa tarefa sería preferíbel adiala por canto na altura non existían moitas posibilidades de resolvela ben (Gaspárov [2003] 2007, 11). A segunda reflexión débese a Pierre Bourdieu, en conversa con Loïc Wacquant recollida no libro *Réponses*. Nese lugar postulaba que

> Les limites du champ se situent au point où cessent les effets de champ. (Bourdieu, Wacquant 1992, 76)

Con isto á vista, xorde inmediata a pregunta correlativa que cabería formular baixo un punto de vista historiográfico. Porque, se os límites dun campo, o literario por exemplo, se localizan alí onde tal campo deixa de ter efectos –como ocorrería cun campo magnético– parece que a historia literaria tería que estar pendente disto dalgunha forma que sería oportuno indagar. Baixo perspectiva sistémica, isto non difire moito de entender e asimilar que se o repertorio dun sistema literario, as súas institucións ou o mercado e consumo do libro asociado inciden noutro sistema literario próximo, algo haberá que analizar nese sentido. Polo menos se o que se pretende é facer historia do sistema ou do campo literario afectado por esa incidencia (persoalmente, penso que tamén se o que se pretende é ocuparse do sistema interferente, como se acaba de suxerir a propósito dos casos español, neerlandés ou turco). En definitiva, se se aspira a dar conta dunha loita polo control e a hexemonía de certos bens simbólicos, de certo mercado e de certas condicións de lectura ou recepción. Loita esa, claro está, que non ten por que implicar outras formas de violencia que a cultural e a simbólica, máis ou menos sutís, pero case sempre efectivas na dialéctica da dominación e tamén na do mercado.

Obsérvese, de porparte, que a historiografía literaria de culturas/nacións minorizadas ou dependentes adoita resolver o anterior

mediante unha atención específica á resistencia cultural enfocada aos temas e aos repertorios activados como resposta á cultura dominante. E non se desenvolve sempre de forma insatisfactoria ese expediente, ha de admitirse. Se ben, como rémora, adoita producirse unha concentración excesiva dos esforzos na análise textual e no que de xeito algo difuso e cándido se procede a estudar como 'contexto histórico'. Tamén nunha certa sacralización das autoras e autores canonizados. A pregunta é se iso –de novo, a secuencia das obras e as autorías *resistentes* cabo da súa específica axioloxía e canonicidade– é suficiente. E se resolve de maneira idónea o reto de ofrecer, desde a historia da literatura (desde a historia da literatura galega, por caso), a información e a análise que se precisan sobre os efectos/límites dun campo concorrente con aquel que se pretende obxectivar e estudar. Anticiparei aquí algo que este libro trata de probar de xeito transversal nunha parte substantiva dos artigos que recada. Desde o meu punto de vista, esa suficiencia e esa idoneidade non se dan.

A fin de economizar aparato teórico, explicareino empregando de novo o esquema de alternativas antes introducido. Non é suficiente o protocolo amentado so os nomes de Nisard e Lanson porque aquela 'historia da literatura' e aquela 'historia literaria' poden e deben converxer, de forma que canonicidade e canon, e en última instancia a dimensión crítica que toda historiografía integra, deixen de verse como absolutos axiolóxicos non condicionados e, de forma consecuente, pasen a estudarse os condicionamentos ou determinacións da produción literaria en planos como o nacional, e, do mesmo modo, noutros varios, como o social, o cultural, o simbólico, o ideolóxico e o económico. En consecuencia, por moito que sexan merecedoras de atención propostas como as de Lanson (1965, 86-7) e outras máis próximas no tempo, como as debidas a Clément Moisan (1987) e outros teóricos, aí se localiza a razón pola que neste libro serán usadas de forma indistinta ambas as denominacións, *historia literaria* e *historia da literatura*.

Para alén do anterior, son consciente de que parte do que se vén de afirmar é susceptíbel de múltiples interpretacións, incluídas as desfiguradoras. Pode que o sexa en especial, se callar, todo o relativo ás reservas bosquexadas en última instancia sobre a suficiencia absoluta do chamado *criterio filolóxico* como solución nuclear de calquera modelo historiográfico-literario. Como é ben sabido, segundo ese criterio unha historia literaria tería por misión ocuparse estritamente da produción literaria existente nunha lingua concreta (de novo, os textos por cima de todo). A fin de conxurar aquelas posíbeis interpretacións desfiguradoras do que aquí se sostén, non será inoportuno deterse un bocado neste punto. Direi que, máis que ao criterio filolóxico en si –que, na altura en que se avivou, constituíu tamén un acto de lexítima defensa–, as cautelas expostas neste libro están dirixidas ás consecuencias dunha aplicación non relacional e

non dialéctica do mesmo. E diríxense tamén, de certo, a esa insistencia ofuscada e simplista na redución ao puro nivel lingüístico-textual, ou pouco máis, de todo o que unha historia literaria pode ofrecer, esquecendo por exemplo que unha institución ou un marco legal posúen normalmente máis relevancia sociocultural e política que un soneto ou unha novela.

Porén, debe recoñecerse de antemán que non todas as literaturas nacionais chegaron nas mesmas condicións a estas alturas do século XXI, que obviamente son as que aquí se teñen presentes para falar de alternativas historiográfico-literarias ás prácticas máis comúns entre as existentes, agora ou hai medio século, a escala global ou a calquera outra escala.

É evidente que a literatura galega non chegou ao ano 2000 nas mesmas condicións que o fixeron literaturas como a uruguaia, a neozelandesa, a xaponesa, a romanesa ou a tunesina. Semella unha obviedade que a renuncia a determinados operativos de cohesión identitaria nun determinado lugar/cultura no momento de producir textos historiográficos non é sempre equivalente ou homologábel á renuncia que se poida activar noutros lugares/culturas que contan con maior seguridade identitaria (para persistiren, sen irmos máis lonxe). Con todo, o que até aquí se tratou de indicar, e o que este libro explora e trata de vigorar como alternativa, é que hai formas de facer historia literaria que sitúan como eixe central da súa indagación xusto aquilo que fai que os casos sexan sempre diferentes: precisamente, a clase de conflito(s) de base que explica as dialécticas históricas en cada espazo literario-cultural.

E as historias da literatura galega –a diferenza, por exemplo, das que acostuman facerse no Quebec– é raro que fagan dese asunto un elemento organizador ou vertebrador, sequera secundario, das súas propostas. Non son poucas as que incluso ignoran ese conflito por completo, crendo talvez que amentalo sería facer unha concesión non se sabe ben a que. Cabe supor que á nación outra que nega a propia nación; ou ao sistema literario outro que, quéirase ou non, está activo no territorio e entre a poboación lectora aos que dalgún xeito se refire a historia literaria nacional de base. Ignorar o conflito pode deberse tamén a que se considere que unha historia literaria ten un cometido absolutamente específico: aquel agrupamento das obras e dos textos, xunto aos seus autores e autoras, xa varias veces aludido e aquí xulgado como insuficiente. Neste caso non habería moito espazo para a discusión. Con toda certeza, os textos estudados nesa historia literaria terán que ser os escritos na lingua deses textos. Unha das preguntas que os capítulos deste libro formulan –escúsese a insistencia– é se iso abonda.

Por moito que se camufle, por moito que se faga que se esquece ou que se edulcore social e institucionalmente, en Galiza hai un conflito cultural e hai un conflito nacional, como ocorre sempre que unha na-

ción é negada por outra coa que coincide nun territorio dado. Existe ese conflito cultural, en fin, por moito que non o mencionen, ou o mencionen de xeito reflexo ou banal, as historias literarias, sometidas como todo produto cultural, artístico ou científico a complexas tensións de heteronomía política e ideolóxica. Optar por esta vía, non analizar o conflito cultural en relación coa produción literaria do país, en relación coas institucións e cos repertorios activos, en relación coa circulación e control da produción ideolóxica, en relación co que informan e como o fan os xornais e outros medios de comunicación –sistematicamente, de xeito nesgado e redutor nas cabeceiras de maior distribución, como contribuiría a esclarecer unha elemental análise crítica do discurso periodístico–, en relación coa lectura e os lectores, en relación coa tradución e as súas políticas ou, en fin, co mercado do libro e os premios literarios naquel territorio (ou a propósito daquela poboación)… tería algunhas semellanzas, en suma, con pretender estudar a situación de diglosia nun determinado espazo xeocultural e poboacional sen mencionar nunca a lingua A nin as restricións que a súa consolidación, promoción e institucionalización ocasionan nos usos, funcións e supervivencia da lingua B. Por motivos como estes habilitou Antón Figueroa en 1991 o concepto de 'di-literatura' a partir do avanzado no seu libro *Diglosia e texto* (1988). Mais, atención, non se trata de dar conta do conflito polo conflito nin tampouco de ficar nesa esfera obviando ou relegando todo o demais, porque entón o intento abdicaría do seu cometido central: facer historia literaria. O que importaría, pois, é estudar as condicións e determinacións dunha literatura –dun campo ou sistema literario, ou das súas normas, repertorios e institucionalización, se se preferir– nun percurso histórico concreto.

Consecuente co anterior, este libro querería mostrar algunhas das manifestacións dos operativos historiográficos en liza e das asuncións heurísticas que actúan como base, tamén das súas contradicións, que non son poucas. Igualmente, tratará de sinalar alternativas para a activación dun debate necesario sobre o traxecto inmediato da historiografía literaria galega, algo sempre complicado na configuración político-intelectual dunha cultura pública que fomenta adhesións de tipo corporativo, académico ou militante e que administra asemade, con eficiencia, o silencio crítico. Entre esas alternativas contaríanse as que figuran no bloque final deste volume, asociadas ás propostas historiográficas de Antón Figueroa, Xoán González-Millán e Helena Miguélez-Carballeira. Tampouco se desatenden neste libro liñas de traballo como a comparatista aplicada sobre as chamadas literaturas ibéricas, quer baixo un prisma máis ou menos convencional –coas especificidades correspondentes– quer á luz do que nos últimos dous decenios se veu consolidando, en especial en universidades anglófonas (Casas 2019), como unha proposta de superación das vellas hispanística e lusitanística en favor duns estudos ibéricos, uns estu-

dos atlánticos, un paradigma posnacional equiparado en menor ou maior medida ao cosmopolitismo (Domínguez, D'haen 2015) ou outras perspectivas e métodos arestora en fase de emerxencia académica.

Neste punto, considero que podería resultar ilustrativa unha referencia, en esquema mínimo, á evolución das posicións teórico-críticas propias verbo dos asuntos analizados neste libro. A atención iniciouse en torno a 1990, cando ao estudar a traxectoria de Rafael Dieste e a dos grupos de intervención intelectual e política en que se foi integrando a partir de 1924, tanto en Galiza como en Madrid e posteriormente no exilio, percibín as dificultades para atopar solucións periodolóxicas satisfactorias, non só a propósito da cuestión xeracional nin das estritas coordenadas nacionais. Contra finais dese decenio de noventa comecei a ocuparme con intensidade dos problemas xerais da historia literaria, en especial baixo prismas metodolóxico e comparatista, antes que propiamente teórico. Foron importantes a eses efectos as conexións establecidas na altura con Jüri Talvet, profesor da Universidade de Tartu, co proxecto da revista *Interlitteraria* e coas propostas de Naftoli Bassel. Esas perspectivas reforzaron o interese polas investigacións das escolas de Tartu-Moscova e Bratislava sobre as relacións entre literaturas nacionais e sobre a renovación da historiografía cultural e literaria. De especial interese resultaron os operativos desenvolvidos por Iuri Lotman e Dionýz Ďurišin. Antes disto prestara atención así mesmo a outro núcleo teórico que comparecerá tamén de forma recorrente nos capítulos deste volume, o encabezado por Itamar Even-Zohar na Universidade de Tel Aviv. Naquel tempo seguín igualmente moi de preto o pensamento de Xoán González-Millán, da City University of New York, decisivo en varias vertentes para o meu proceso de relectura crítica da tradición historiográfico-literaria galega, alén de selo para algunhas outras atencións e certezas. Tamén foron fundamentais na altura as ideas e aplicacións críticas e comparativas de Fernando Cabo Aseguinolaza, compañeiro de grupo de investigación e autor dun conxunto de publicacións de gran lucidez teórica sobre asuntos como os aquí dirimidos, culminadas coa aparición en 2012 de *El lugar de la literatura española*, imprescindíbel para unha aproximación informada aos problemas da historia literaria, non só nas coordenadas que o título do libro fai explícitas.

Ao tempo, cheguei a concretar unha proposta historiográfica de certa extensión, referida á poesía galega do período das Irmandades da Fala e o grupo Nós (Casas 2000b), no cadro dunha obra colectiva dirixida por Darío Villanueva e coordinada por Anxo Tarrío Varela, quen fora o meu primeiro profesor de literatura galega na Universidade de Santiago de Compostela (USC) a comezos da década de oitenta. Na proposta que se menciona tiven presentes algunhas das ideas de Mikhaíl Bakhtín sobre poética histórica e mais o corpo conceptual fornecido desde a socioloxía da cultura por Karl Mannheim a propósito

do problema das xeracións e do seu encaixe nos procesos históricos, atendido previamente na miña tese de doutoramento en diálogo sempre proveitoso co director da mesma, o profesor Darío Villanueva.

Apenas iniciado o novo século tiven oportunidade de establecer contacto con outro dos referentes fundamentais da renovación da historia literaria como mínimo desde comezos dos anos noventa, Mario J. Valdés, profesor da Universidade de Toronto, que igualmente influíu de forma notábel na forma en que pasei a entender os asuntos dos que se ocupa este volume. Con Talvet e Valdés, por certo, tiven ocasión de publicar cadansúa entrevista nas páxinas do *Boletín Galego de Literatura*, dirixido por Anxo Tarrío, ambas en torno do que aquí máis interesa, sobre todo os debates metodolóxicos sobre historiografía literaria comparada. Esas entrevistas saíron nos números 25 (2001) e 30 (2003) do *Boletín*.

Naqueles anos o grupo da USC en que sempre estiven integrado, o de Teoría da literatura e Literatura comparada, coordinado por Fernando Cabo, desenvolvía proxectos de investigación orientados a obxectivos próximos aos que me viñan ocupando. A partir de 2001 demos pulo a un programa de traballo que acabaría rendendo froitos de importante proxección ulterior para a historia comparada da literatura e nomeadamente para os estudos ibéricos. Refírome, en especial, aos dous volumes de *A Comparative History of Literatures in the Iberian Peninsula*, publicados pola editorial John Benjamins en 2010 e 2016, con participación directa nos labores de coordinación xeral do propio Fernando Cabo e tamén doutros dous membros do grupo de investigación, Anxo Abuín e César Domínguez. Polo que cabería describir como 'reticencias gasparovianas', non cheguei a participar neses moi valiosos volumes, aínda que si debatín cos colegas do grupo durante a longa fase previa de planificación arredor da dimensión programática da idea matriz, sobre todo da súa vertente metodolóxica.

Sen abandonarmos o espazo académico e intelectual da Facultade de Filoloxía compostelá, en conexión cos centros homólogos das Universidade da Coruña e de Vigo, outros interlocutores permanentes da reflexión sostida nestes anos foron Antón Figueroa, de quen fora alumno de literatura francesa, e Elias Torres Feijó, Cristina Martínez Tejero, Roberto Samartim e outros integrantes da rede Galabra. Xa desde antes da creación da plataforma, en 2009, fórono tamén os compañeiros do Núcleo de Estudos para a Innovación da Historia Literaria Galega (NEIHLG), que tiven o honor de coordinar e que estivo conformado ademais por Isaac Lourido Hermida e Lorena Domínguez Mallo, coa incorporación posterior de Mario Regueira Fernández. Coas investigacións e debates metodolóxicos do NEIHLG conectan dúas teses de doutoramento, ambas relacionadas directamente cos eixes deste libro. A de Isaac Lourido (*As alternativas sistémicas da Historia literaria en situación de conflito cultural. Desenvolvimentos*

teóricos e modelos de renovación nos casos galego e quebequense, 2011), hoxe profesor na Universidade da Coruña. E a de Mario Regueira (*A narrativa na reconstrución do campo literario da posguerra. Repertorios e imaxinario nacional no proxecto de Galaxia*, 2016), arestora profesor na USC. As dúas foron recollidas parcialmente en publicacións posteriores (Lourido 2014; Regueira 2020). Algunha conexión tivo tamén co labor sinalado a tese defendida por Christopher H. George en 2012, *Nineteenth Century Hispanism in the U.S.: The European Tradition of Literary Historiography and George Ticknor's "History of Spanish Literature"*, da que igualmente fun orientador.

Outra iniciativa de natureza historiográfica que tiven a honra de coordinar a partir de 2009, configurada por un amplo equipo de investigadores de varias universidades, foi a vinculada a un acordo entre o Consello da Cultura Galega e o Grupo Alea de Análise Poética para a activación dunha ferramenta de gran potencialidade crítica e formativa, destinada ao estudo da poesía galega dos séculos XIX a XXI. En concreto, a base de datos relacional e repositorio dixital *poesiagalega.org*.[1] O equipo que fixo posíbel ese «Arquivo de Poéticas Contemporáneas na Cultura» estivo formado por Ana Acuña, Alba Cid, Iris Cochón, Lorena Domínguez, José Luís Forneiro, Margarita García Candeira, Helena González, María López Sández, Isaac Lourido, Laura Mariño, María Xesús Nogueira, Montserrat Pena, María do Cebreiro Rábade, Olivia Rodríguez, Iria Sobrino, Dolores Vilavedra e Miro Villar, investigadoras e investigadores entre os que a dedicación á historia e á crítica literarias foi e segue a ser unha constante, como cumpridamente demostran a *Historia da literatura galega* de Dolores Vilavedra (1999) ou o cadro histórico sobre a crítica e o pensamento literario galegos do século XX debido a María do Cebreiro Rábade Villar (2019).

Quero expresar a miña sincera gratitude á totalidade dos colegas até aquí mencionados, en quen sempre atopei estímulo intelectual e fecunda colaboración para repensarmos xuntos a historia literaria galega e os operativos historiográficos asociados. E facela extensiva a outro grupo amplo de profesoras e profesores procedentes de diferentes universidades, así mesmo xenerosos na axuda sobre cuestións concretas nos procesos de pescuda e análise en torno á historiografía literaria galega e os seus métodos, ou en xeral no intercambio de ideas sostido nese ámbito ao longo do tempo. Da propia USC engadirei agora aos nomes xa anticipados os dos profesores Xesús Alonso Montero, Mercè López Casas, Carlos Quiroga, José Luís Rodríguez, Claudio Rodríguez Fer, Ángeles Rodríguez Fontela, Blanca Ana Roig, Margarita Santos, José António Souto e Carlos Villanueva. E doutras institucións, Alejandro Alonso (City University of New York), Anxo

1 http://poesiagalega.org.

Angueira, Carmen Becerra e Manuel Forcadela (Universidade de Vigo), Manuel Aznar Soler e Enric Sullà (Universitat Autònoma de Barcelona), Luis Beltrán Almería e Túa Blesa (Universidad de Zaragoza), Manuel Cáceres (Universidad de Granada), Daniel Chamberlain (Queen's University, Kingston), Carlos Cunha e Carlos Pazos (Universidade do Minho), Nigel Dennis (University of St Andrews), Carme Fernández Pérez-Sanjulián, Teresa López e Carlos Paulo Martínez Pereiro (Universidade da Coruña), Jon Kortazar e Iratxe Retolaza (Universidad del País Vasco / Euskal Herriko Unibertsitatea), Arcadio López-Casanova (Universitat de València), Antoni Martí Monterde e Bernat Padró (Universitat de Barcelona), Helena Miguélez-Carballeira (Bangor University), Santiago Pérez Isasi (Universidade de Lisboa), Mercè Picornell e Margalida Pons (Universitat de les Illes Balears), Juan M. Ribera Llopis (Universidad Complutense de Madrid), Marcelo Topuzian (Universidad de Buenos Aires) e Bénédicte Vauthier (Universität Bern). Manifesto igualmente a miña gratitude ao persoal das bibliotecas da USC e a Diego Rodríguez, bibliotecario da Fundación Barrié, de fundamental apoio nas investigacións realizadas sobre Víctor Said Armesto. E abofé ao alumnado dos cursos de mestrado, seminarios ou *workshops* centrados nos asuntos teóricos ou aplicados tratados neste libro e impartidos na USC e nun número non escaso doutras universidades, como a de Cracovia, a de Zúric, a bonaerense de San Andrés ou a City University of New York, entre outras, onde a miúdo se activaron interesantes e ás veces intensos debates sobre a materia.

Os capítulos deste volume correspóndense con publicacións que foron orixinalmente ao prelo entre os anos 2000 e 2020. En conxunto e na práctica tratan a maior parte dos aspectos que me parecería necesario someter a consideración e debate aínda que o libro fose todo el de nova elaboración, pensado como unha monografía estruturada e con certa idea de exhaustividade. Integrouse así un panorama crítico sobre os modelos teóricos que considero de utilidade para unha renovación da historia literaria, unha atención ás principais cuestións relativas á periodización da historia da literatura galega e sobre o encaixe nela de fenómenos como o exilio, unha lectura crítica de determinadas historias da literatura galega pendente tamén dos seus aspectos declarativos e da súa planificación e, en fin, unha aproximación de novo crítica a algunhas elaboracións teóricas non axialmente historiográficas que, con certeza, están en disposición de coadxuvar ao impulso anovador da historia literaria galega nos vindeiros anos. Eses son, con exactitude, os catro bloques en que se organizou o volume, todos eles interconectados e con evidentes vínculos coa totalidade dos asuntos que foron introducíndose neste limiar como presentación.

Con todo, non ocultarei que o grao de sistematicidade que podería plasmarse nunha obra de nova planta, escrita integramente neste

momento e centrada nos asuntos aquí tratados, resulta dificilmente alcanzábel nunha colectánea do signo da actual. Probabelmente, un sector que falta neste libro, e que compensaría de forma acaída o que se ofrece, sería o constituído polas primeiras historias literarias galegas, ou mesmo polas aproximacións a esa empresa formalizadas no derradeiro cuartel do século XIX por Teodosio Vesteiro Torres, Manuel Murguía, Augusto González Besada, Leandro de Saralegui, Emilia Pardo Bazán e outros eruditos e publicistas. Outro tanto podería indicarse a propósito dunha análise crítica, ordenada e sistemática das propostas da historiografía literaria galega aparecidas ao longo dos últimos trinta anos, que non son poucas e que ademais conteñen un certo número de novidades e de aspectos teórico-críticos, metodolóxicos, periodolóxicos e discursivos dignos de ser destacados.

Unha parte substancial destas innovacións procede da converxencia das tarefas historiográficas coa axenda dos estudos culturais galegos e cos programas de investigación ligados aos xiros poscolonial e/ou posnacional na comprensión do feito literario, a miúdo mobilizadores, asemade, de itinerarios investigativos multi- ou transdisciplinares, na verdade menos practicados e promovidos nas universidades radicadas na propia Galiza. Trátase, ademais, de liñas de análise que facilitan a incorporación de perspectivas con neta capacidade para rexenerar os estratos máis anquilosados do labor historiográfico-literario, nomeadamente o da canonicidade. Entre elas cóntase a perspectiva asociada cos diversos feminismos e posfeminismos, mais tamén as vinculadas cos estudos *queer*, a tradutoloxía, os estudos afectivos, a ecocrítica, os estudos de medios de comunicación e outras orientacións epistemolóxicas. O sector máis dinámico desta valiosa produción teórico-crítica, e en segundo plano historiográfica, corresponde a investigadores que desenvolven o seu traballo en universidades de países anglófonos, aínda que non só. As 'cartografías intelectuais' de quen exercen nos Estados Unidos, por exemplo, foron descritas con precisión por José A. Losada Montero (2017). Desde a creación en 1982 dunha Asociación de Estudos Galegos na costa leste dese país, dirixida inicialmente por Kathleen March, pero cun reforzo moi apreciábel de redimensionalización e implantación internacional en varios continentes nos últimos quince anos, ese núcleo cada vez máis aberto de académicas e académicos soubo tecer fecundas e cada vez máis capilarizadas redes de colaboración, materializadas en forma de reunións científicas e de relevantes publicacións que non sempre alcanzan nas tres universidades galegas a repercusión que sería intelixente fomentar. Claro que as potencialidades desas redes tampouco precisan de nada semellante a un plácet institucional emitido desde ningures, o que con claridade as dota de autonomía e aínda de autosuficiencia, a diferenza do que puido acontecer noutra altura histórica. Como é lóxico, nada do anterior equivale a suxerir que a emerxencia destas comunidades de investigación e de interac-

ción científica careza de condicionantes académicos ou doutra índole, certamente variábeis dependendo do lugar de que se fale.

O carácter deste volume implica algunhas outras peculiaridades. Unha delas é a que afecta a proxectos historiográfico-literarios que, no momento de aviar eu para o prelo determinada publicación, apuntaban ideas de interese teórico ou metodolóxico malia na altura estaren aínda en fase incipiente. Andado o tempo, algúns deses proxectos chegaron a se materializar, e de xeito ben estimábel ademais. Mesmo cunha certa aplicabilidade a casos como o ibérico, ou máis en concreto o galego. Un dos exemplos que mellor representan o suxerido é *History of the Literary Cultures of East-Central Europe* (Cornis-Pope, Neubauer 2004-10), anunciado e descrito desde uns anos antes polos seus coordinadores cun adianto moi estimulante dos conceptos básicos e da estruturación da iniciativa. Outras veces, proxectos igualmente comentados nos artigos que agora se recadan neste libro non lograron callar na dirección ou alcance previstos. Pois ben, tería sido moi complexo desenvolver con detalle arestora a totalidade dos fíos e tanxencias que parten de anotacións presentes nos textos compilados sobre o conxunto dos proxectos amentados. Fíxose só cando pareceu claramente necesario complementar a información fornecida a fin de evitar equívocos. Pola mesma razón, a bibliografía final delimítase nunha altísima porcentaxe sobre as referencias efectivamente empregadas no momento da escrita de cada texto. A súa actualización redúcese a parcelas moi específicas, de novo as que posúen unha capacidade orientadora que podería ser de utilidade inmediata para os lectores deste libro.

Doutra parte, algúns dos artigos e capítulos de volumes que agora se escolman foron ampliados para esta ocasión. Case sempre medida e limitadamente e sobre aspectos moi precisos que se considerou proveitoso complementar, por exemplo a propósito do paradigma posnacional e a súa incidencia na historiografía literaria. Hai algún caso en que esas adicións proceden doutras publicacións da miña autoría, non compendiadas aquí, sobre aspectos conexos. Sen saír destas coordenadas, debe considerarse que algún dos textos compilados, ou algún dos sectores agora integrados neles, foran publicados en orixe en linguas diferentes do galego, ou baixo outra norma ortográfica da propia lingua galega. No proceso de tradución ou de adaptación, como adoita acontecer, incorporáronse algúns matices ou engadidos, sempre de escala menor. A lectura atenta desvelará por último que algúns dos textos recadados, en particular os procedentes da recensión de libros en revistas especializadas, utilizan rexistros críticos nalgún momento discordantes cos máis habituais na linguaxe académica. Son arestas que o autor non considerou preciso puír na hora de compor o libro.

Para concluír, efectuarei un breve regreso ao capítulo de agradecementos. Desexo expresalos, con afecto, aos membros do grupo de

investigación Teoría da literatura e Literatura comparada da USC, que apoiou a publicación deste volume. Tamén a Enric Bou, pola atenta e estimulante acollida da proposta na «Biblioteca di *Rassegna iberistica*», e a Francesca Prevedello, de Edizioni Ca' Foscari, polo esmero e precisión no proceso de edición do libro. Non esquecerei neste momento aos colegas que, por encargo da editorial e desde o anonimato, achegaron consellos relevantes para a ampliación de certas análises. De forma moi especial, beizón igualmente a Artur Casas Agilda e a Teresa Crisanta Vasques Pilhado, pois con ambos intercambio lecturas e ideas tamén sobre as cuestións aquí desenvolvidas. Permítase, finalmente, unha última lembranza de recoñecemento a catro mestres e amigos citados nesta introdución que xa non están entre nós e con quen teño falado, en presenza e a distancia, dalgúns dos asuntos que estruturan este libro. Sempre presentes na memoria, Xoán González-Millán, Nigel Dennis, Carlos Cunha e Mario J. Valdés. Na súa acordanza oriéntanse as páxinas que seguen.

Santiago de Compostela, na primavera de 2021

Procedencia dos textos compilados

Sectores substanciais deste volume foron publicados previamente noutros lugares de forma parcial ou completa. Nalgúns casos, os textos recadados experimentaron modificacións, ampliacións e actualizacións de diversa entidade antes da súa incorporación ao libro.

I Panorama crítico sobre algúns modelos de historia literaria

1. «Catro modelos para a nova Historia literaria comparada. Unha aproximación epistemolóxica». Abuín González, A.; Tarrío Varela, A. (eds), *Bases metodolóxicas para unha Historia comparada das literaturas na península Ibérica*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2004, 45-71.
2. «Constituiçom de umha História literária de base sistémica: o sistema cultural como objecto de análise histórica no programa de investigaçom de Itamar Even-Zohar». *Veredas. Revista da Associação Internacional de Lusitanistas*, 10, 2009, 25-54.[2]
3. «Sistema/campo literario e literatura nacional como obxectos historiográficos: Perspectiva sociolóxica perante o caso galego». *Galicia 21. Journal for Contemporary Galician Studies*, D, 2012, 5-26.

II Periodización, xeracións literarias e canonización

1. «A crítica literaria na revista *Nós*. Pautas de canonicidade sobre a poesía galega coeva». Rodríguez, J.L. (ed.), *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, t. 2. Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia e Universidade de Santiago de Compostela, 2000, 153-66.
2. «A socioloxía cultural de Karl Mannheim e a poética histórica de Mikhaíl Bakhtín como fundamentos renovadores da periodoloxía literaria: aplicacións á poesía galega dos anos 1916-1931». Cochón, L. (coord.), *Arredor das Irmandades da Fala. Pensamento, política e poética en Galicia (1914-1931)*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2016, 243-57.
3. «A cuestión xeracional e o canon no marco dunha nova periodoloxía comparada». Amado Rodríguez, T.; Cabrillana Leal, C.; Castro Caridad, E.; Criado Boado, C.; Pereiro Pardo, A. (eds), *"Iucundi acti labores". Estudios en homenaje a Dulce Estefanía Álvarez*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2004, 230-8.
4. «*De Pondal a Novoneyra*: o proceso xeracional en tanto foco poetolóxico». Fernández Rei, F.; García Crego, X.M.; López Fernández, R.; Vázquez López, X. (eds), *A semente da nación soñada. Homenaxe a X.L. Méndez*

2 Artigo reproducido en *452ºF. Revista de Teoria de la Literatura i Literatura Comparada*, 11, 2014 (`http://www.452f.com/index.php/arturo-casas.html`), onde pode lerse así mesmo en traducións ao castelán, debida a Isaac Lourido, e ao inglés, debida a Elizabeth Walz e Xavier Ortells-Nicolau.

Ferrín. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco; Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2008, 133-8.

5. «O compromiso como posición no campo cultural. Luís Seoane no campo cultural galego». Villares, R. (ed.), *Emigrante nun país soñado. Luís Seoane entre Galicia e Arxentina = Actas do Congreso Internacional Luís Seoane. Galicia-Arxentina: unha dobre cidadanía*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2011, 311-37.

III Análises

1. «Said Armesto, historiador comparatista da literatura galega medieval: descrición e análise crítica do programa presentado para a obtención da cátedra de Literatura galaico-portuguesa na Universidade Central (Madrid, 1914)». Villanueva, C.; Beramendi, J.; García Martínez, C.; Santos Zas, M. (eds), *Víctor Said Armesto e o seu tempo: perspectivas críticas*. A Coruña: Fundación Barrié; Museo do Pobo Galego; Deputación de Pontevedra, 2015, 623-47.
2. «Carvalho Calero e a historia literaria: idea, institucionalización e procedementos». Cidrás, F. (ed.), *Ricardo Carvalho Calero. As formas do compromiso*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2020, 167-205.
3. «Paratext i nació. Lectura comparativa d'allò nacional en els pròlegs de la historiografia literària ibèrica de l'últim quart del segle XX». Muntaner, M.; Picornell, M.; Pons, M.; Reynés, J.A. (eds), *Transformacions. Literatura i canvi sociocultural dels anys setanta ençà*. València: Universitat de València, 2010, 95-118.

IV Tres modelos outros

1a. «Antón Figueroa: *Nación, literatura, identidade. Comunicación literaria e campos sociais en Galicia*». *A Trabe de Ouro*, 49, 2002, 115-23.

1b. «Antón Figueroa: *Ideoloxía e autonomía no campo literario galego*». *A Trabe de Ouro*, 88, 2011, 601-11.

2. «A teoría crítica da cultura e a planificación dos estudos socioculturais (Para ler González-Millán)». *Anuario de Estudios Literarios Galegos 2002*, 2004, 29-38.

3. «O modelo homosocial da cultura nacional galega: unha historia crítica da historiografía literaria galega en perspectiva feminista e poscolonial». *Abriu. Estudos de textualidade do Brasil, Galicia e Portugal*, 4, 2015, 151-7.

I Panorama crítico sobre algúns modelos de historia literaria

1 Catro modelos para unha nova historia literaria comparada

Sumario 1.1 A longa crise internacional da historia da literatura: condicionantes políticos e académicos. – 1.2 As disciplinas en xogo: tradicións, esencias, cartografías e límites. – 1.3 O modelo de Dionýz Ďurišin e o Instituto de Literatura Mundial de Bratislava. – 1.4 O modelo Ricœur-Valdés e a súa implementación pola AILC. – 1.5 O modelo sistémico-institucional e empírico. – 1.6 Propostas desde os estudos sobre a subalternidade e a poscolonialidade. – 1.7 Balance.

1.1 A longa crise internacional da historia da literatura: condicionantes políticos e académicos

A historia da literatura experimentou no terzo final do século XX unha delongada e moi seria crise que, agás a certos núcleos irredutíbeis da metodoloxía positivista, poderosos e autoritarios nos ámbitos académico e didáctico, non sorprendeu a ninguén. Desde que os movementos románticos alentaron na Europa do século XIX unha vocación polo nacional e polo popular, foi corrente a entrega con focos e luces idealistas, a miúdo inspirados en Giambattista Vico e en Johann G. Herder, á localización do específico (auto)identificador. E aínda á hipóstase, non exenta de esencialismos desmedidos, do que, sobre a tradición común recibida polos distintos pobos europeos, matizaba a peculiaridade dun espírito propio e inconfundíbel, con frecuencia sobrecargado pola nota do indelébel e aberto a unha combinación de singularidades auténticas e excepcionalidades fantasiadas. Esta, con matices, foi a norma. E naquela altura configurou unha pauta de aplicación case xeneralizada entre as literaturas nacionais con soporte estatal.

DOI 10.30687/978-88-6969-530-8/001

Os desenvolvementos de carácter formal-estruturalista, funcionalista-dinámico, estilístico, sociolóxico ou semiótico propios dos dous primeiros terzos do século XX anunciaron, xa sen espazo para a dúbida, que o vello paradigma se esgotaba. Este só puido perdurar vinculado a sistemas literarios emerxentes e periféricos que, por motivos diversos, retrasaran a historización dos seus propios procesos literarios e culturais, de maneira que cando por fin o fixeron procuraron inspiración, adoito mimética, nas vellas pautas sinaladas polas literaturas fortes do continente. Con todo, as inercias de determinados resortes institucionais da literatura –o ensino sobre todo– segue a favorecer, aínda na actualidade, a subsistencia de rechamantes anacronismos metodolóxicos.

Coa disolución dos obxectivos e os mecanismos estruturalistas e so a influencia dos métodos de inspiración empírica e sistémica, a historiografía literaria recobrou o interese polas relacións entre os individuos e o medio social e político, problematizou a súa propia relación co fenómeno literario na súa vertente semántico-pragmática (os mundos, as lecturas, os hipertextos…) ou coa historia/historiografía en sentido amplo, ela mesma en crise de identidade en canto disciplina, en canto discurso e non menos en canto a todo o relativo aos seus usos e funcións (Aullón de Haro 1994; Brown 1995; Gillespie 1995; Szabolcsi, Vajda 1993). A semiótica da cultura, o novo historicismo ou a socioloxía do campo cultural, en cada caso coas súas respectivas ferramentas de análise, reactivaron a vella preocupación de Iuri Tinianov, Roman Jakobson, Mikhaíl Bakhtín, Karl Mannheim, Jan Mukařovský ou Felix Vodička pola interacción sociocultural, pola procesualidade e a heteroxeneidade dos repertorios ou polas nocións de 'cambio' e 'conflito' dentro dun espazo literario/cultural determinado.

No cadro internacional predominou así durante un tempo un pulo epistemolóxico que reconduciu a ollada cara á dinámica dos sistemas. Por razóns doadas de comprender, esa vocación puxou así mesmo a prol da análise das relacións intersistémicas e das peculiaridades dos espazos fronteirizos ou de encontro entre culturas e literaturas, introducindo saudábeis dúbidas sobre a lexitimidade dunha centralidade que até hai pouco tempo case ninguén discutía: a da nación, ou, máis en firme, a do estado-nación, identificado cunha lingua, unha cultura e unha literatura únicas ou cando menos (pre)dominantes, ás veces soporte e ariete, por riba, dunha proxección colonial continental ou ultramarina.

A atención a zonas de cultura próxima, a 'sistemas interliterarios', no sentido dado á noción por Naftoli Bassel (1991) –quen por súa vez se inspirou en propostas anteriores de Dionýz Ďurišin e dos teóricos do grupo de Bratislava–, a intersistemas culturais (Casas 2000a) ou, en xeral, a marcos culturais trans-, circun- ou suprasistémicos, converteuse nun reto suxestivo e ineludíbel. En calquera caso, esta

combinatoria á que me refiro non fica nunca á marxe das estruturas políticas e económicas da área xeocultural investigada, nin tampouco das alternativas históricas sobre a adxudicación da soberanía nacional, que na Europa moderna foi norma que recaese non nun ámbito social-comunal nin individual, senón que trazase o seu fundamento na preeminencia do Estado e nos intereses de clase.

Nesta mesma liña, acho que acerta José Lambert (1991; [1988] 1999) cando sinala que os Estados occidentais, ou máis en xeral as sociedades que os sustentan, seguen asimilando multilingüismo e multiculturalismo a ameaza social e a inestabilidade política. E isto malia ambas as características seren no seu criterio, dificilmente rebatíbel, consubstanciais a toda sociedade humana. O problema radica, como tamén observou Pierre Bourdieu, en que a pluralidade cultural é interpretada como base continxente da posta en dúbida do sistema de valores estabelecido. Por isto mesmo anotou Lambert (1991, 139) que toda sociedade tende a subordinar, en favor dos seus específicos propósitos políticos, actividades non estritamente políticas de raíz, a literatura entre elas, o cal conduce a que o pluralismo –tamén o artístico e literario– sexa a miúdo contemplado como un perigo público.

Ao descrito hai que sumar outra importante eclosión da fin de século. No cadro da sociedade mundializada, multiplicáronse os estudos comparatistas, aínda que como advertiron algúns eminentes especialistas –é caso de Earl Miner (1990) e da súa orientación a prol da interculturalidade– sigamos sen saber en que consiste exactamente 'comparar', nin tampouco, con exactitude, que áreas de problemas resultan inconvenientes, ilícitas ou sinxelamente inanes como obxectos de comparación baixo estrita perspectiva científica. Actitudes como a de Miner denunciaron o privilexio dun círculo cultural trazado por e desde a Europa máis desenvolvida, para visar en cambio as dialécticas norte/sur ou as existentes entre as culturas consideradas orientais e occidentais. A isto mesmo dedicaron tamén produtivos esforzos as chamadas epistemoloxías do sur (Santos, Meneses 2013) e xa antes a filosofía da liberación (Dussel [1977] 2011).

A ausencia de resultados de verdade satisfactorios tras dous séculos de exercicio do comparatismo historiográfico demanda unha análise, por mínima que sexa. As razóns de fondo estribarían nunha serie de condicionamentos de raíz basicamente política, mais tamén académica. Estes últimos terían que ver, entre outras vertentes, co carácter pouco flexíbel dos departamentos universitarios e, en particular, por paradoxal que resulte, coa propia versatilidade, aleatoriedade e diseminación dos estudos comparados de vocación historiográfica.[1] Os motivos de raíz política, que son os principais,

1 No referido ás literaturas ibéricas, e até non hai moito tempo, eses estudos amosáronse menos atentos ás relacións intrapeninsulares que á pescuda dos vínculos extrapeninsulares, predisposición esta compartida por case todos os comparatistas foráneos

proveñen dunha dobre convicción bastante estendida. Dunha banda, a asociada á tradicional subsidiariedade disciplinar da historia literaria, como mínimo desde comezos do século XIX, en relación cos procesos de *nation building*. Doutra, da sospeita que recae –en especial, desde o pensamento de Michel Foucault– sobre o oficio do historiador en canto axente xustificador do presente, que, a través do seu discurso, violenta o pasado para outorgar aos acontecementos escollidos un significado propicio a unha determinada causa.[2] Segundo é doado apreciar, esta dobre convicción atinxe de feito a unha dimensión ben definida. A da postulación e lexitimación das literaturas nacionais, entendidas case sempre baixo pautas orgánico-narrativas a partir das formulacións herderianas e en xeral románticas, en que os elementos de afirmación autoxenerativa e teleolóxica están necesariamente acompañados de claves de exclusión, e non só para o establecemento xeneralizado de que a cada literatura nacional corresponde unha única lingua nacional –base do coñecido como 'criterio filolóxico', algo máis complicado de aplicar do que ás veces se cre, en especial se pensamos na pluralidade de coordenadas históricas e xeoculturais que poden condicionalo–; non só, tampouco, para a constitución dun canon e dunhas características supostamente connaturais, transhistóricas e inmarcesíbeis, infundidas a partir dun dado *Volksgeist*. Penso máis ben, en sentido amplo, na cohesión que funda toda rede de enunciados inscritos nunha concreta formación discursiva (Foucault 1969). E, nunha dirección próxima, no carácter da nación en canto comunidade imaxinada (Anderson 1987).

Unha consecuencia inmediata deste recoñecemento sobre o substrato máis funcional que epistemolóxico da historia literaria é o correlativo sobre a posíbel marca contrahistórica da construción, en paralelo, das outras historias das literaturas nacionais concorrentes coa que ocupa unha posición de preeminencia ou hexemonía nun espazo xeocultural compartido (algo que en perspectiva galega interesa non pouco). E acaso tamén, por extensión, de todo operativo de natureza comparada, pois as literaturas nacionais que se comparan están en situación desigual, sometidas tamén a xerarquías trazadas pola historia, o mercado e outros factores. Falarmos de *contrahisto-*

que desde o século XIX prestaron algunha atención ás literaturas peninsulares. O pulo alcanzado polos estudos ibéricos nos últimos dous decenios marca un punto de inflexión a este respecto. Presentei un balance crítico sobre os seus obxectivos, circunstancias e logros noutro lugar (Casas 2019). Cf. Pérez Isasi 2020.

2 Homi Bhabha (1990) ten falado, sobre esas mesmas bases, das dimensións pedagóxica e performativa das narrativas referidas á nación. Outra dimensión de interese é a que afecta ao grao de interdependencia entre as representacións da identidade individual e as da nación. Ou entre as do suxeito e as do Estado. A este respecto, e en relación co caso español, véxase Lewis, Sánchez 1999. Noutro plano, rexistra así mesmo importante incidencia nos debates sobre historia literaria e historia da arte a pegada do pensamento de Deleuze e Guattari (Van Tuinen, Zepke 2017).

rias significa en suma recoñecer o que de resposta historiográfica hai a unha postulación previa que nalgunha medida nega identidades terceiras; ou que, no peor dos casos, nega mesmo a existencia diferenciada do outro (de literaturas ou culturas outras, por caso).

Con todo, existe un aspecto discursivo que tampouco non carece de interese. Linda Hutcheon (2002) advertiu sobre a ratificación coa que determinados discursos contrahistóricos alentados baixo perspectiva poscolonial –ou xurdidos como emenda de determinadas minoracións de carácter étnico, lingüístico, relixioso, de xénero ou de tendencia sexual, entre outras– abundan no vello modelo discursivo identitario-teleolóxico, baseado nalgunha forma de outorgamento de autoridade e na postulación dunha continuidade histórica no desenvolvemento orgánico ao longo do tempo deses colectivos silenciados ou negados polas historiografías oficializadas dominantes. Segundo o seu criterio, tamén na praxe contrahistórica acabaría tratándose de lexitimar unha certa tradición e unha certa homoxeneidade interna, se cadra non por un pulo purista de nostalxia das orixes –como sería consubstancial ás historias literarias das nacións consolidadas– senón por asumiren estas novas historiografías un programa en menor ou maior medida utópico que ambicionaría en realidade unha intervención estratéxica destinada a gañar un futuro máis propicio para os colectivos dominados ou excluídos dos que se tratar, aspiración absolutamente lexítima, por outra parte. En termos epistemolóxicos, discursivos e políticos, isto podería representar, insiste Hutcheon, unha especie de determinación ideolóxica da tarefa pretensamente científica e supostamente neutra do historiador.[3] Claro que quen non escribe directamente contra a historiografía dominante, talvez por formar parte do discurso histórico/historiográfico hexemónico, non está menos condicionado ideoloxicamente. Isto é unha evidencia que non precisa ser argumentada.

3 Con certeza, o que poderiamos entender como condición construtivo-inventiva do labor historiográfico, en canto planificación consensuada de discursos identitarios converxentes destinada á construción narrativa da nación, non sempre se manifesta en sentido explícito en todos os discursos como un intento groseiro de socavar ou debilitar os alicerces construtivo-inventivos que fundamentan as literaturas nacionais concorrentes; con todo, non hai dúbida de que historicamente tal concorrencia implica algunha clase de tensión e loita en procura dalgunha clase de supremacía parcial (nalgún xénero, nalgunha poética específica, nalgunha etapa…) ou mesmo a prol dunha xerarquización ou hexemonía global.

1.2 As disciplinas en xogo: tradicións, esencias, cartografías e límites

Segundo tiven ocasión de concretar en traballos anteriores, dos que este é continuación expandida e diversificada en atencións, entendo que serían catro os principais modelos teóricos capacitados na actualidade para fundamentar e anovar nun sentido global a historia literaria comparada e para propiciar, alén diso, aplicacións directas a cadros xeoculturais específicos configurados a partir dun conxunto máis ou menos orgánico de trazos comúns ou da selección dalgunha particularidade identitaria compartida (Casas 2000a; [2003] 2007). Entre outros posíbeis, refírome á coparticipación de factores como a lingua, un traxecto histórico, certas condicións xeopolíticas ou administrativas en marcos nacionais/estatais ou supranacionais/supraestatais, un substrato cultural ou relixioso, un vínculo colonial ou poscolonial, as coordenadas de emerxencia cultural ou a constitución dunha esfera pública correlativa, o repertorio e os culturemas canonizados ou unha rede de mercado e consumo de bens culturais. Trátase, obviamente, dunha relación aberta á que non sería complicado engadir outros factores, pois o campo de intereses da historia comparada vén experimentando unha ampliación que permite, ou estimula incluso, a plasmación de panoramas alternativos de análise en función dos trazos que en cada caso resulten priorizados.

Incorpóranse así mapas de traballo diversificados e non excluíntes que traen consigo dúas determinacións claras: 1) as literaturas nacionais deben deixar de ser o referente privativo ou incluso principal da historia literaria comparada,[4] que xa non pode ser descrita como 'historia de historias', nin, na terminoloxía empírica de Siegfried J. Schmidt, como contraste de diversas series de concatenacións de datos, e 2) faise preciso desprazar o criterio de 'localización única' para as literaturas nacionais e o resto de referentes histórico-comparados en favor dunha consideración non organicista das relacións interculturais.

É doado entender que este par de decisións faculta asociacións electivas dos obxectos da investigación histórico-comparada nas cales o criterio de agregación pasa a ser variábel e deixa de funcionar como simple consecuencia 'natural' da xeografía física e/ou política interpretada á luz de determinados procesos históricos ou da lectura que deles se faga desde o presente. Recúsanse mediante esta vía dous vellos principios disciplinares, comparecentes en esquemas como os asumidos a partir de finais do século XVIII ou comezos do XIX por Juan Andrés, Carlo Denina, Madame de Staël ou Friedrich Schlegel.

4 Franca Sinopoli ([1999] 2002, 64) asegura que as ideas de 'nación' e 'literatura nacional' acabarán sendo tratadas no medio prazo só en canto 'metáforas da identidade' configuradas como «lugares de exclusión e de cancelación».

Un deles é de estrita orde lóxica, o segundo quedaría enmarcado entre a antropoloxía, a socioloxía e unha comprensión directamente política dos feitos literario-culturais.

Refírome, en primeiro lugar, ao que poderiamos chamar 'principio da totalidade orgánica'. Del proveu moitas veces na praxe comparatista a postulación subsidiaria da existencia de categorías xeoculturais que funcionan como un todo compacto e conexo (en termos propiamente topolóxicos e mereolóxicos), posuidor dunhas partes definidas e aínda discretas, posíbel obxecto estas xa de historiografías nacionais/rexionais ou doutras prácticas discursivas particularizadas. É unha clase de distribución que, noutra escala, garda algún parangón coas organizacións administrativas e territoriais delimitadas sucesivamente polos procesos históricos e que se suxeita adoito a algunha polaridade redutora das complexidades dialécticas derivadas das relacións interliterarias efectivas (Casanova [1999] 2001, 159-63; Domínguez 2001). Entre outros motivos, porque dá a entender que a xeneralidade ou a parte máis substantiva desas relacións acaba tendo lugar dentro dos límites da grande área consignada, minorando así outros vínculos que puidesen cuestionar a suposta compactidade e integridade de tal área ou, noutro sentido, unha certa confluencia co 'exterior', ben a través do salto sobre os límites rexionais ben por algún mecanismo comparativo ou teórico pluridireccional, con construcións do tipo 'literatura occidental', 'literatura mundial', '*Weltliteratur*', 'espazo cultural mundial' ou outras similares.

Unha mostra desta percepción é a que orixinou a agrupación das 'literaturas do sur de Europa' na idea concretada a partir do modelo historiográfico posto en práctica polo historiador suízo Jean-Charles Léonard Simonde de Sismondi. Outra igualmente célebre e tamén moi pendente do factor relixioso é a de Europa lida como totalidade continua e campo de tensións culturais na ideación suxerida por Friedrich Schlegel, cunha zona entendida como central, non só en sentido xeopolítico ou antropolóxico, e tres periferias destacábeis, a setentrional, a meridional e a eslava.[5] Importa igualmente ter presentes dous puntos de vista que no decurso da historiografía literaria ibérica gozaron de non escasa fortuna e que corresponden a dous

5 Denina, Madame de Staël ou Juan Andrés abondaron tamén na afinidade das literaturas meridionais europeas, outorgando preeminencia unhas veces a cuestións periodolóxicas, outras ás sociais-institucionais e outras ás directamente nacionais. Estabeleceron dese xeito os fundamentos da historia literaria comparada, vixentes durante longo tempo (Sinopoli 2000; Domínguez 2004a). Por outra parte, Walter Mignolo (2002, 164-6, 180) fai unha interesante presentación crítica do mapa xeopolítico europeo fundamentado polas *Vorlesungen über die Philosophie der Geschichte* de Hegel, así como das consecuencias histórico-literarias e comparadas do mesmo en canto foco moderno-colonial, 'enormes' segundo a súa apreciación, con notorias repercusións para áreas como a ibérica ou a rusa, ignoradas na práctica.

comparatistas de primeira hora: que a lírica románica, e en xeral a europea, constituiría en realidade un desenvolvemento natural de formas arábigo-andaluzas antes que das latino-xermánicas, e que, sobre a base dos presupostos sociolóxicos asumidos pola escola de pensamento inspirada por Madame de Staël (1800), a tolerancia relixiosa vivida na etapa medieval na Península Ibérica tería deixado unha fortísima pegada cultural, causa de fondo, con outras, da especificidade literaria ibérica. O primeiro destes puntos de vista corresponde ao autor da exitosa e moi traducida obra en sete volumes *Dell'origine, progressi e stato attuale d'ogni letteratura* (1782-99), o xesuíta valenciano Juan Andrés, exiliado durante a maior parte da súa vida. O segundo pertence a Simonde de Sismondi, autor da obra en catro volumes *De la littérature du Midi de l'Europe* (1813), moi próxima nos datos manexados ás publicacións do primeiro hispanista e lusitanista centroeuropeo, o alemán Friedrich Bouterwek, pero non tan propicio como este aos postulados estéticos de August W. Schlegel, sustentadores do entendemento da literatura española como 'a máis nacional' entre todas as europeas. Naturalmente, esas bases que os pais do comparatismo europeo foron sentando desde finais do século XVIII, e que reitero que permaneceron como referencia ineludíbel para especialistas posteriores, son subsidiarias do predominio dun eixe norte-sur para o establecemento dunha cartografía literaria continental, un eixe que só serodiamente sería complementado pola exploración das relacións literarias entre as zonas oriental e occidental europeas, pendente das literaturas eslavas e mais das centroeuropeas de expresión non alemá. Por outra parte, nestas bases iniciais é excepcional a mención de literaturas ibéricas distintas da portuguesa e a española.

Trátase, en xeral, de consecuencias lóxicas de puntos de vista moi privilexiados ao longo do século XVIII entre pensadores franceses, ingleses e alemáns arredor dunha das máis recorrentes cuestións epocais, a do *Nationalcharakter*, a través da cal chegou Immanuel Kant a un eurocentrismo crítico, estadio preparatorio para el da universalidade en canto tarefa e, en sentido político, tamén do longo camiño cara a unha *Weltrepublik* afiunzadora dunha posibilidade de 'paz perpetua' entre as nacións (Santos 2002; Martí Monterde 2011). E importa observar que, de Fernand Baldensperger a Armando Gnisci, Gayatri Spivak ou Steven Tötösy de Zepetnek, esa chave kantiana universalista e pacificadora da república mundial reapareceu con forza no século XX como vocación ou misión última do comparatismo, en forma de mediación intercultural, como predisposición etopolítica descolonizadora ou, en fin, como fundamento académico dunhas humanidades decididas a recuperar a centralidade institucional, gnoseolóxica e moral perdida na era tecnolóxica.

Sería errónea a estimación de que a orde distribucional por grandes zonas, aplicadas ao continente europeo ou a outras rexións,

constitúa un operativo desactivado entre os comparatistas actuais.[6] Enténdase, en todo caso, que o que aquí se estima inapropiado é a utilización abusiva desa clase de agrupacións, claramente dependentes, aínda que non sempre se recoñeza, do que Walter Mignolo ([2000] 2003, 9) denominou «cartografía xeohistórica da modernidade occidental». Tamén, en alta medida, de coordenadas lingüísticas a través dos catálogos e atlas de linguas que empezaron a publicarse a comezos do século XIX. Ou xa nos últimos tempos, da moderna tipoloxía lingüística e dos seus protocolos de clasificación.[7] O certo é que unha marcada inmediatez xeocultural e mesmo unha estreita proximidade lingüística no terreo léxico ou gramatical entre dúas ou máis áreas (campos literarios, polisistemas, literaturas nacionais…) non son condicións que garantan un proceso interliterario común, nin sequera a existencia de relacións interliterarias ou interferencias de certa entidade. Asemade, as barreiras culturais e lingüísticas non sempre logran deter a irradiación de influencias ou a consolidación de transferencias literarias.[8]

En segundo lugar, perden así mesmo lexitimidade as proxeccións efectuadas desde asuncións esencialistas. Nomeadamente, as de xorne etnicista, pero tamén outras afectadas por calquera clase de teleoloxismo (Hutcheon 2002; Cabo Aseguinolaza 2003) ou por unha adaptación ancilar pendente da emerxencia de novas circunstancias históricas ou simplemente administrativas (Greenblatt 2002). Unhas e outras presentáronse en diferentes momentos históricos para fortalecer identidades inducidas desde algunha clase de planificación político-cultural (Hobsbawm 1990; Lambert [1988] 1999; Thiesse 1999) e a miúdo forman parte de estratexias dirixidas ao fomento dalgunha forma de cohesión (ideolóxica, relixiosa, comercial, cultural…) ou mesmo de igualación táctica destinada a silenciar a manifestación

6 Unha evidencia de que non é así localízase no impacto dos coñecidos como *Area Studies*, extraordinariamente fortalecidos en marcos académicos como o norteamericano durante o último cuartel do século XX.

7 Razóns que obrigan a reconsiderar os riscos de traballar subordinados ou apegados en exceso ás cartografías máis usuais. Lambert (1991) ten destacado a necesidade de actuar con precaucións nese terreo, malia conservar unha confianza de fondo no uso prudente de series de mapas con capacidade para esclarecer os procesos históricos desde parámetros non só lingüísticos.

8 Esta foi precisamente a posición historiográfica de Juan Andrés, fundamento principal das súas teses arabistas para a explicación de certas peculiaridades das literaturas europeas. Segundo Aullón de Haro, García Gabaldón e outros especialistas na súa obra o esquecemento ao que foi sometido Andrés pola tradición comparatista europea tería unha das súas explicacións xusto nesa clase de propostas e análises (cf. Aullón de Haro, García Gabaldón, Navarro Pastor 2002, 24, 359), que, curiosamente, aparecen integradas nos últimos anos na postulación por parte de teóricos próximos á Escola de Bratislava e ao grupo de La Sapienza dun «centrismo interliterario mediterráneo» de carácter intercontinental (Ďurišin, Gnisci 2000).

de identidades múltiples,[9] tanto en marcos estritamente estatal-nacionais coma internacionais-interestatais. Téñase presente, ademais, que os discursos de lexitimación identitaria dos estados-nación, das nacións sen estado e das propias rexións son na práctica homólogos, entre outros motivos porque adoitan poñer en uso o mesmo tipo de referentes (territorio, lingua, cultura, etnia, historia, relixión, folclore, imaxinario…). Sono tamén os respectivos procesos de construción dunha conciencia popular cohesionada e os procedementos orientados a un recoñecemento exterior que se aspira a consolidar (Haupt, Müller, Woolf 1998, 10). Outra cousa é o desenvolvemento concreto que en cada caso se produza. Por exemplo, os autores que se acaban de citar, vinculados ao European University Institute de Florencia, observan diferenzas moi notábeis entre os obxectivos culturais e políticos dos rexionalismos da Europa occidental e os propios da Europa oriental.

A realidade é que, para os catro modelos dos que aquí nos ocuparemos, a concreción apriorística do que sexa ou poida funcionar como todo ou como parte dista de constituírse nun obxectivo heurístico fundamental. Todos subliñan ademais a súa gran distancia con respecto a tendencias historiográficas de índole teleolóxica e coas inercias disciplinares que non asimilan cando menos algunhas premisas posnacionais. Afástanse así, en principio, das pautas que Klaus Scherpe describiu como propias da historia literaria tradicional en canto ciencia lexitimadora.

Pola pluralidade interna dos catro modelos dos que aquí se vai falar –asociados respectivamente coa Escola de Bratislava, o Comité de Historia Literaria Comparada da Asociación Internacional de Literatura Comparada (AILC) a partir da presidencia de Mario J. Valdés, as teorías empírico-sistémicas e os estudos sobre a subalternidade– semellaría apropiado facermos uso da etiqueta máis flexíbel de 'modelos-marco'. Destaco de entrada que o seu grao de desenvolvemento metodolóxico é bastante diferente a efectos dunha aplicación directa ao ámbito dunha historiografía comparada. É máis, dos catro modelos-marco probabelmente só un, o que aquí se presentará en segundo lugar, mantén un nivel de confianza epistemolóxica decidido en relación coas prácticas discursivas historiográficas e máis en concreto histórico-comparadas, mentres que os outros tres propenderían preferibelmente a organizar os resultados das súas investigacións

9 Un exemplo disto último, tomado de Cornis-Pope, Neubauer 2002, 7: «We agree with Magris that *Mitteleuropa* (and to a lesser degree *Zentraleuropa* and *Central Europe*) is a historically loaded term that focalizes the eastern part of Europe from a predominantly German perspective, with explicit or implicit hegemonic intentions». Sobre a carga ideolóxica de categorizacións e parámetros xeográficos do estilo leste/oeste ou norte/sur (*ideological spaces*), utilizados a miúdo sen conciencia plena das súas implicacións últimas nin do seu carácter de postulacións estratéxicas, véxase Wallerstein 1991a, 135-48.

nun sentido alternativo, claramente diferenciado do que son os usos correntes da historia literaria como disciplina académica.

Cada un dos catro modelos posúe, por descontado, as súas propias bases metodolóxicas e determinacións heurísticas, pero non hai dúbida sobre a coincidencia parcial nalgunhas preocupacións e así mesmo en certos obxectivos non secundarios, superadores en xeral dos horizontes disciplinares que marcaron o curso da investigación histórico-comparada até hai pouco tempo, quizais un cuarto de século.[10] Eses horizontes desentendéronse con algunha frecuencia, por exemplo, dos motivos históricos, sociais e económicos que poidan existir detrás de factores compartidos como os detallados ao comezo deste artigo; tenderon a ignorar, incluso, as distintas posicións que en función da dinámica histórica corresponden ás veces aos espazos obxecto da comparación (pénsese, sen ir máis lonxe, no eixe colonizador-colonizado) e, en fin, tenderon a abstraerse tamén outras condicións traídas a primeira liña polo New Historicism e outras plataformas teóricas no contexto da longa crise da historia literaria (por exemplo, todo o que xira en torno á textualidade da historia).

En liña co arriba formulado, os catro modelos-marco comparten ademais a vocación de non limitar a súa proxección a áreas xeográficas, culturais ou lingüísticas predefinidas como obxecto de atención na tradición comparatista canónica –nalgunha medida, refutada polas novas prácticas–, dato relevante que propicia a posibilidade de configurar referentes de estudo non pechados nun sentido identitario; ou, mesmo, como se suxeriu a propósito da decisión sobre os factores constitutivos dos novos 'mapas de traballo', a de descubrir outros campos de aplicación, nun sentido equiparábel ao que favoreceron en certa altura histórica os descritos por Claudio Guillén ([1985] 2005, 96-120) como modelos de supranacionalidade.

Isto que se acaba de apuntar cobra unha dimensión determinante en canto se advirte o protagonismo crecente do que gozan os espazos fronteirizos no novo paradigma comparatista anunciado a comezos dos anos oitenta por Douwe Fokkema (1982) e Pierre Swiggers (1982), moi reforzado no seu pulo por programas como o que Tötösy de Zepetnek (1998) presentou a finais dos anos noventa.

Nos dous derradeiros decenios do século XX asistimos ademais á impugnación definitiva do eurocentrismo e a unha apertura de horizontes que, cando menos na esfera declarativa da intervención dos comparatistas de maior prestixio e das propias asociacións nacionais e internacionais máis activas, convive mal con xerarquizacións inter-

10 Outro factor de equiparación é o que atangue ás ordes estritamente propedéutica e de coordinación das tentativas parciais, ou mesmo á esfera dos medios materiais para alcanzar os obxectivos estabelecidos desde cada unha das catro plataformas entendidas como proxectos abertos de investigación e cooperación internacional. Sobre isto é moi clarificador o parágrafo décimo terceiro de Gálik 2000b.

literarias antes lexitimadas ou consentidas. Desde esta perspectiva, que outorga outro peso específico ao par identidade/alteridade e en definitiva á 'diferenza', un mesmo espazo xeocultural pode ser incorporado alternativamente a marcos distintos en función do punto de vista escollido, sen que tal decisión condicione en sentido negativo o rigor e a aceptabilidade heurística da proposta. Segundo suxeriu Abuín González (2004), o novo comparatismo en canto disciplina humanística transmuta así en pensamento móbil que problematiza de vez a diferenza.

Porén, o designio de transcender as coordenadas habituais da análise comparada, xulgadas hoxe como claramente insuficientes, e esa converxencia relativa á hora de identificarmos problemas e alternativas metodolóxicas non significan que exista un debate de fondo entre as catro posicións teóricas que aquí se van distinguir. Nada estraño, de aceptarmos con Milan V. Dimić (1999) que a actualidade e o futuro da investigación comparatista veñen marcados desde hai tempo polo signo cada vez máis acentuado dunha pluralidade vocacional pouco predisposta a 'perder o tempo' en procurar converxencias.

Por isto mesmo semella oportuno deterse minimamente nunha exploración sobre a posíbel congruencia de presupostos e obxectivos, así como progresarmos nunha avaliación crítica dos programas de investigación asociados e na específica comprensión do comparatismo propiciada en cada caso. Verbo disto sería dubidosa, por exemplo, a aplicabilidade ao noso campo actual de interese da polarización trazada polo teórico esloveno Tomo Virk (2003) entre un comparatismo 'contextualista', basicamente o aberto aos estudos culturais, aos estudos poscoloniais, aos *Gender Studies*, á tradutoloxía, aos *Media Studies*…,[11] e outro 'non contextualista', identificábel cunha simple posta ao día da tradición comparatista, na cal a literatura seguiría sendo o obxecto principal das análises e a literatura comparada preservaría a súa plena autonomía epistemolóxica como disciplina. Sen entrar a avaliar esta clase de xuízos, si convén adiantar que ningún dos catro modelos que aquí se atenderán queda á marxe dunha consideración moi flexíbel e dinámica da determinación do obxecto de estudo da historia literaria comparada e tamén que, consecuentemente, todos eles supoñen unha refutación das vellas prácticas historiográficas.

11 Na súa valoración, case un desenvolvemento práctico das liñas previstas no *Bernheimer Report* até desembocar en comprensións como a presente no libro *Death of a Discipline* (2003), de Gayatri C. Spivak. Para Virk, programas como os representados por Tötösy de Zepetnek, Armando Gnisci, Mary Louise Pratt, Susan Bassnett ou a propia Spivak poderían entrañar unha pexa para a continuidade disciplinar da literatura comparada, que coa proposta do primeiro deles en favor duns *Comparative Cultural Studies* entraría xa nun estadio de disolución.

1.3 O modelo de Dionýz Ďurišin e o Instituto de Literatura Mundial de Bratislava

O primeiro dos catro modelos –que Virk interpreta, acaso de xeito inxusto, como conciliatorio entre as posicións contextualistas e non contextualistas–, ao que me referín con detalle nun traballo anterior (Casas [2003] 2007), é o de Dionýz Ďurišin, eslavista especializado nas relacións literarias ruso-eslovacas. Dos seus vínculos teórico-comparatistas informou con detalle el mesmo (Ďurišin 1974; 1984, 11-53; 1995). Apuntan á proxección comparada da eslavística do século XIX a partir dos traballos de Pavel Šafárik, á poética histórica de Alexander Veselovski, á ampliación de certas claves do formalismo ruso e do estruturalismo checo –o diálogo con Jan Mukařovský deixou un impacto innegábel– e ao estímulo dos camiños explorados polo comparatismo ruso de procedencia formalista –Viktor Zhirmunski está moi presente na concepción do proceso interliterario (Ďurišin 1989)– e polo comparatismo eslovaco de entreguerras, en especial por Frank Wollman e por quen foi o primeiro director do Instituto de Literatura Mundial de Bratislava, Mikulaš Bakoš. As confluencias pasan tamén de modo destacado polos retos da tradutoloxía coeva. Mais tanta importancia como estes elos, tívoa sempre para os teóricos de Bratislava a distancia marcada respecto do comparatismo positivista envorcado sobre as maniñas rutas dos estudos sobre influencias, así como o seguimento da crise vivida polo comparatismo académico occidental nos anos cincuenta e sesenta do pasado século.

A fundación en 1964 deste Instituto (Ústav svetovej literatúry) e os traballos que Ďurišin comezou a publicar pouco despois favoreceron a investigación en dous terreos principais: as leis do proceso interliterario e a dinámica das comunidades interliterarias, adoito baixo unha óptica supranacional en que alenta a intención de superar a historia literaria como disciplina.

Outra ampliación epistemolóxica importante subxacente a ese cometido é a que Miloš Zelenka (en Ďurišin, Gnisci 2000, 89-99) materializa na idea de ordenar o campo da literatura comparada en dous subsectores, un equiparado á comparatística clásica e outro presentado como unha disciplina nova, centrada xa no funcionamento das relacións interliterarias e localizada nun ámbito liminar entre as estremas da teoría literaria, a lingüística, a estética, a culturoloxía, a etnografía, a folclorística, a economía e a xeografía política. Foi unha apertura consecuente co estabelecemento dos factores históricos determinantes das comunidades interliterarias, que para Ďurišin son o étnico, o lingüístico, o xeográfico o político-ideolóxico e o estatal-administrativo.

Nesta orde de cousas, pode afirmarse que a atención aos desenvolvementos xeoculturais da interliterariedade converxe coa atención que desde as premisas dos estudos poscoloniais e sobre a subalterni-

dade se concede a esa mesma esfera de problemas (Gálik 1999, 97). Na última fase da súa produción Ďurišin estaba moi pendente desas chaves, polo que promoveu entre os seus colaboradores o estudo sobre as denominadas 'condicións da subordinación extraliteraria', tamén axiais nos traballos posteriores de Armando Gnisci e na súa propia concepción da historia literaria (Gnisci 2001).[12]

Todo isto comporta obviamente unha secundarización das literaturas nacionais e do resto de unidades históricas dos procesos literarios nacionais. E, en cambio, a concesión de prioridade ás efectivas unidades históricas do proceso interliterario, que para Ďurišin serían as catro seguintes: as comunidades interliterarias de tipo estándar –conglomerados supranacionais e supraétnicos cunha coexistencia histórica continuada que se fundamenta na converxencia dos factores determinantes antes indicados–, as comunidades interliterarias específicas –marcadas por unha interacción evolutiva especialmente intensa ou cohesiva–, os centrismos interliterarios –ámbitos máis amplos vinculados a determinacións xeográficas de grande escala, como as continentais– e a literatura mundial.

É importante destacar que para os teóricos de Bratislava ningunha destas unidades constitúe unha manifestación invariábel. Todas elas, incluídas as literaturas nacionais e a literatura mundial, aparecen formuladas como conceptos multiformes e cambiantes; todas están suxeitas a variacións e a reformulacións, a unha dialéctica de integración/desintegración que pode chegar a supoñer mesmo a súa desaparición como unidades históricas ou a súa desterritorialización e reterritorialización nun marco diferente. Así, por exemplo, unha literatura nacional pode formar parte de distintas comunidades interliterarias en diversos momentos históricos. E un centrismo interliterario como o mediterráneo modelaríase de xeito variábel en etapas diferentes. Trátase de procesos de reagrupamento rexional para os que os comparatistas eslovacos recoñecen non ter culminado un corpo de hipóteses satisfactorio (Vajdová 1990).

Malia a constitución dun grupo de traballo relativamente estábel e os corenta anos de estudos sobre estas materias, o labor da Escola de Bratislava, publicado en lingua eslovaca e traducido só eventualmente ao ruso e ao alemán nunha primeira fase, tardou en ser coñecido fóra das estremas perfiladas polo dominio soviético. No recoñecemento actual, aínda limitado, tivo algo que ver a converxencia que nos anos noventa se produciu entre o grupo eslovaco

12 O teórico eslovaco dispuxo a tal fin un corpo conceptual arredor de eixes como o sincretismo, a binacionalidade e a plurinacionalidade, a periodización e o ritmo do proceso interliterario, as incorporacións subsecuentes (recuperacións significativas de poéticas ou fenómenos dun tempo pretérito), a presentización/tabuización dos textos (o que amosan e o que ocultan os textos literarios baixo as condicións dunha dominación colonial) e outros (Ďurišin 1993, 51-73).

e un núcleo de comparatistas da universidade romana La Sapienza, dirixidos por Armando Gnisci e que conta a Franca Sinopoli entre os seus membros máis destacados.[13]

Talvez pola propia multiplicación de traballos e de proxeccións en zonas xeoculturais diversas, o corpo conceptual desta Escola amósase disperso e incluso impreciso, algo recoñecido polo propio Ďurišin (1993, 11-12, 83) á hora de presentar o glosario orgánico en que expuxo as súas propostas centrais. Unha das debilidades deste programa de investigación podería provir da súa propia ambición, focalizada a unha nova consideración da literatura mundial, que pasaría a ser entendida non como suma de literaturas nacionais ou de comunidades interliterarias –criterio aditivo–, tampouco como canonización dos autores máis representativos –criterio selectivo– ou como *Weltliteratur*, senón primordialmente en canto categoría final aínda que variábel da ciencia literaria, e máis en concreto como a comunidade interliteraria de máis amplo diámetro. Perante a pregunta sobre que clase de fenómenos literarios son os que pertencerían á literatura mundial, Ďurišin (1993, 29) respondeu que son aqueles que constrúen un sistema estruturado de tendencias evolutivas no proceso interliterario, de xeito tal que eles mesmos resultan condicionados xenética e tipoloxicamente a través da rede de vínculos recíprocos.

Unha das parcelas que se presentan como máis cohesionadas do labor do teórico eslovaco é a centrada na análise funcional do proceso interliterario, capacitada para ofrecer un notábel rendemento a propósito das comunidades interliterarias, tanto das específicas como das de tipo estándar, e quizais non tanto en relación cos centrismos ou coa literatura mundial. As tres funcións sinaladas por Ďurišin para explicar o proceso interliterario en canto evolución –a de integración, a de diferenciación e a de complementariedade– serían doadamente aplicábeis ao espazo xeocultural ibérico. A este propósito, sinalarei que este comparatista non adoita referirse ao espazo ibérico en canto tal como unha unidade histórica definida. As súas numerosas referencias ao mesmo pasan sempre pola consideración como 'literatura multinacional'[14] e, en especial, como 'comunidade interliteraria específica' do conxunto de catro literaturas: as que teñen por soporte as linguas castelá, catalá, galega e vasca (por tanto, con exclusión da portuguesa). Isto non significa que se descoñezan os vínculos entre

13 Desde mediados dos anos setenta os traballos de Ďurišin empezaran a coñecerse e a ser tidos en conta por teóricos e comparatistas como René Wellek, Douwe Fokkema, William Tay, Earl Miner, Peter Zima ou Tania Franco Carvalhal (Gálik 2000a).

14 Esta noción non aparece usada con excesiva frecuencia. En termos categoriais constitúe unha especie de pivote entre as unidades históricas dos procesos literarios nacionais e as do proceso interliterario. Ďurišin (1993, 20-1) cita outros exemplos de literaturas multinacionais, tanto inscritas nas fronteiras dun único Estado (Canadá, Bélxica, a antiga Unión Soviética, a antiga Iugoslavia…) como máis abertas (zona do Magreb, a lusofonía…).

as literaturas nacionais galega e portuguesa, ou outros que cabería indicar, pero o certo é que sobre eses plurais vínculos predominan con claridade os estatais-administrativos.

Está fóra de dúbida que a perspectiva que se acaba de presentar favorece a superación dunha concepción só textualista ou apenas factualista-comparatista en sentido tradicional. Mais tamén é certo que Ďurišin parece situarse con ela nun territorio aparentemente equidistante entre a *Weltliteratur* e o 'mercado intelectual mundial' de Goethe, a rectificación promovida no seu día por Étiemble ([1974] 1977) e o que Pascale Casanova ([1999] 2001) presenta como lectura poscomparatista e non ilusoria do espazo literario mundial.[15] Talvez por isto mesmo escribiu Marián Gálik, investigador moi vinculado con Ďurišin, que

> In contrast to Ďurišin work and similar approaches to the concept of world literature, I reject the existence of an internally determined, uniform, and universal process of literature. Single literatures, especially such outside the European cultural system show us a different picture. In fact, only after the slow progress of globalization beginning in the second half of the nineteenth century do we observe tendencies which suggest the annihilation of the given and historically determined multiformity of single literatures and their multiple linguistic, ethnic, and/or national manifestations. (Gálik 2000b, 5)

1.4 O modelo Ricœur-Valdés e a súa implementación pola AILC

O segundo dos modelos-marco que aquí se atenderán é o auspiciado a partir dos anos noventa do pasado século por Mario J. Valdés xunto con outros profesores da University of Toronto, en especial Linda Hutcheon. Unha primeira determinación de premisas e obxectivos, acompañada dunha planificación de liñas futuras de aplicación específica, apareceu na breve exposición *Rethinking Literary History – Comparatively*, asinada por ambos os teóricos (Valdés, Hutcheon 1994). É perceptíbel neste texto unha conciencia clara sobre a necesidade improrrogábel de avalar a renovación disciplinar e tamén de alcanzar axiña, por parte de equipos diversificados pero

15 Lémbrese que para Casanova a delimitación dunha *république mondiale des lettres* estaría sometida entre outros embates *violentos* aos da dominación/resistencia e aos conflitos de intereses propios de todo campo social, cun capital literario distribuído de xeito desigual no espazo literario internacional. Nunha liña próxima, situada de xeito específico arredor da resistencia cultural e da súa propia planificación política, reflexionara Immanuel Wallerstein no duodécimo capítulo de *Geopolitics and Geoculture*, significativamente titulado «The National and the Universal: Can There be Such a Thing as World Culture?» (Wallerstein 1991b, 184-99).

coordinados de investigadores, resultados concretos que vigorizasen unha nova historiografía superadora das vellas nocións do literario.

Neste sentido, reclámase unha apertura do propio concepto de literatura para acoller nel producións orais, populares, non ficcionais ou, en xeral, discriminadas polas comprensións elitistas e normativas que vertebraron o discurso historiográfico-literario de índole nacional ou supranacional desde finais do século XVIII. Fronte a iso, a historia cultural comparada enténdese por parte de Valdés e Hutcheon como o estudo da produción e a recepción do imaxinario cultural en contextos sociais específicos, que deberían ser descritos separadamente de calquera narración de acontecementos. Esta nova vía tería que prestar unha atención moi especial ás condicións institucionais de funcionamento da cultura, así como ás coordenadas espirituais e materiais de diverso signo (demográfico, xeográfico, lingüístico, económico, sociolóxico, tecnolóxico, antropolóxico, relixioso…) que condicionan o labor dos axentes culturais.

A cuestión da narratividade da historiografía en canto modalidade e práctica discursiva é para este grupo de investigadores un dos asuntos principais de debate.[16] Moi receptivo á hermenéutica de Paul Ricœur e á aplicación de nocións procedentes de Hans-Georg Gadamer, sobre todo a de 'historia efectual', Valdés procura en calquera caso o reingreso da historia literaria no campo das disciplinas propiamente historiográficas, recoñecendo de entrada que a nosa percepción dos acontecementos históricos, e eles mesmos de seu, teñen xa a estrutura dun discurso narrativo. Tamén que eses mesmos acontecementos se corresponden estruturalmente cunha narratividade 'prefigurativa', no sentido que este adxectivo adquire en Ricœur para remarcar a fase precomprensiva –e asentada na experiencia individual propia– da que todo suxeito parte antes de tratar de comprender calquera realidade, incluída a histórica. Habitualmente, os historiadores viñeron sendo os mediadores entre eses acontecementos e unha certa experiencia da temporalidade por parte das comunidades das que se fala e ás que lles fala cada texto historiográfico. O labor dos historiadores orixinou así a miúdo, segundo lembra o teórico norteamericano, unha urda argumental e acumulativa dos sucesos históricos –en forma de inventario ou de rexistro– destinado a que estes cobrasen significado simbólico unha vez incorporados a

16 Incluso no referido ao estudo das tendencias dominantes en marcos ou comunidades emerxentes cohesionados por determinadas condicións de xénero, de tendencia sexual, de marca poscolonial…, caracterizados a miúdo por habilitaren exercicios historiográficos estratéxicos de marca *intervencionista*, no sentido dado á palabra por Linda Hutcheon en traballos publicados a partir de 1998. A teórica identifica con esa nota (contra-)discursos que asimilan pautas narrativo-teleolóxicas propias da historiografía literaria máis común, a de base nacional, tanto por motivacións nostálxicas como pragmáticas ou utópicas. Unha reformulación desas chaves aparece en Hutcheon 2002 e unha lectura crítica delas en Greenblatt 2002.

un índice de accións organizadas discursivamente cun determinado sentido (Valdés 1999, 13).

Contra esta clase de prácticas, igualmente canónicas no eido historiográfico-literario, a perspectiva identificada nalgún momento como 'modelo Ricœur-Valdés' aspiraría á substitución da narratividade por un estudo alleo á ordenación teleolóxica de datos empírico-positivos. Nela pasa a primeiro plano a comprensión do pasado como un fondo permanentemente reconstruído, polo que a capital cuestión da periodización evitaría igualmente a subsidiariedade factualista-positivista a fin de outorgar preeminencia aos procesos dinámicos de recepción, cunha orientación non afastada da explorada por Fernand Braudel.

Isto limitaría, segundo Valdés, a 'autoridade narrativa explicativo-causal' e reconduciría en sentido alternativo a clausura propia de todo discurso historiográfico. Instauraríase dese modo, contrariamente, unha historiografía 'aberta', dialéctica ou mesmo dialóxica, non conclusiva, comparábel cos hipertextos que a través de ligazóns reenvían a outros hipertextos.

A multiplicación de liñas de indagación sobre unha mesma área espacial-temporal obedece a ese propósito de non pechar e non explicar procesos no sentido tradicional practicado pola historiografía literaria de base positivo-nacional.

Asúmese, en definitiva, o reto de localizar un concepto posfoucaultiano e posmoderno da historia en que o diálogo con outras lecturas dos acontecementos históricos e cos efectos posteriores desas lecturas ocuparía un lugar heurístico principalísimo (Valdés 2002, 76-80). Resulta evidente que o propósito nese eido é o de lograr unha resposta firme contra a deslexitimación da tradición historiográfica sustentada por Michel Foucault e continuada posteriormente por Jacques Derrida e outros desconstrucionistas.

Outra asunción epistemolóxica importante é a da natureza multidisciplinar da historia, en termos próximos aos que foran defendidos polo propio Braudel e mesmo polo xiro crítico representado pola Escola dos *Annales*, con tendencia non tanto á totalidade como á multiplicidade. O diálogo co conxunto das ciencias sociais cobra en consecuencia unha dimensión moi reforzada, pero Valdés demanda que, a diferenza por exemplo dos rumbos explorados no Brasil por Antonio Candido e a súa escola, ese diálogo non renuncie a considerar o espazo hermenéutico da experiencia en que o historiador se move, ante todo como problematización do seu labor e do seu discurso final nunha rede aberta e dialóxica configurada polas historias e contrahistorias previas e mais os horizontes de expectativas xerados (Valdés 2002, 63-75). Aquí, obviamente, é capital a guía teórica de Paul Ricœur e o seu propio debate con Reinhart Koselleck en capítulos como o sétimo do terceiro volume de *Temps et récit* (Ricœur 1985, 3: 300-46).

A concreción metodolóxica destes presupostos alcanza a día de hoxe unha moi importante proxección a través do Coordinating Com-

mittee for Comparative Literary History da AILC,[17] cun decidido pulo da concepción aberta e rizomática do discurso historiográfico, manifesta en esquemas nodais non afastados dos explorados por Denis Hollier (1989),[18] pero que prolongan as súas virtualidades a cortes non só cronolóxicos (unha data significada) senón tamén topográficos (unha cidade multicultural, o curso dun río que atravesa varios países…), institucionais (determinada academia ou revista) e figurativos (heroes ou personaxes de ficción representativos dunha certa sensibilidade nacional/rexional/local).[19]

Segundo sinala Valdés, os desenvolvementos culturais orixinados a partir dun nodo determinado poden verse como unha creba

17 Constitúen exemplos os catro volumes de *History of the Literary Cultures of East-Central Europe* (Cornis-Pope, Neubauer 2004-10), da que informaran con detalle os seus coordinadores nun moi interesante anticipo (Cornis-Pope, Neubauer 2002); os tres volumes de *Literary Cultures of Latin America: A Comparative History* (Valdés, Kadir 2004); ou os dous volumes de *A Comparative History of Literatures in the Iberian Peninsula* (Cabo Aseguinolaza, Abuín González, Domínguez 2010; Domínguez, Abuín González, Sapega 2016). Antes da asunción da responsabilidade directiva por parte de Valdés o Comité amentado non amosara interese claro polo punto de vista xeocultural, presente só en títulos como *European-Language Writing in Sub-Saharan Africa* (Gérard 1986) e *A History of Literature in the Caribbean* (Arnold, Rodriguez-Luis, Dash 1994-7).

18 Foi notábel a incidencia que na historiografía literaria comparada alcanzou o modelo representado por *A New History of French Literature*, o volume coordinado por Denis Hollier en 1989 mediante o expediente de reunir dous centenares de breves capítulos marcados pola fragmentación cronodiscursiva da noción de 'literatura francesa', pola renuncia a unha narratividade cohesiva e pola indagación, nunha serie aberta, de límites conceptuais sobre as formas da identidade implicada, non só a nacional e non só a lingüística. Atópanse así epígrafes consecutivas como «1898 / The Dreyfus Affair» e «1905, 9 December / On Schools, Churches, and Museums» (Hollier 1989, 824-30 e 830-6). A esta clase de operativos, obxecto de controversias moi acesas desde diversos flancos, é ao que se deu en chamar *modelo historiográfico enciclopédico*, por oposición ao narrativo-teleolóxico de marca idealista. Nesta liña de reconfigurar, con ordenacións alternativas, a historia literaria merece así mesmo un apuntamento a proposta de Joyce Moss (2002) aplicada ás literaturas española e portuguesa. O volume, como en xeral toda a serie en que se integra, parte da selección/canonización dunha serie de aproximadamente medio centenar de obras representativas que son lidas en relación co seu tempo histórico por parte doutros tantos especialistas. É peculiar neste dispositivo que a ordenación de capítulos obedeza a criterios alfabéticos en correspondencia co título traducido ao inglés da obra seleccionada (exclúese por tanto intencionalmente calquera secuenciación cronolóxica). Así, por exemplo, o primeiro capítulo ocúpase de *The Back Room* (Carmen Martín Gaite), o segundo de *Ballad of Dogs' Beach* (José Cardoso Pires), mentres que o vixésimo sétimo dedícase a *The Lusiads* (Luís de Camões). Nas páxinas introdutorias, a coordinadora mencionou a pluralidade lingüístico-cultural peninsular, en relación coa cal non excluía unha expansión do procedemento escollido para atender tamén as literaturas vasca, galega e catalá (Moss 2002, xix).

19 É pertinente anotar as críticas exercidas desde o novo historicismo a esta clase de disposicións e comprensións dos feitos históricos, malia a innegábel proximidade existente noutros terreos, fundamentalmente no rexeitamento dunha teoría orgánica ou teleolóxica da historia. Stephen Greenblatt (2002, 60) entende que a fragmentariedade e a extra-territorialidade de fórmulas como as exploradas por exemplo por Hollier limitan seriamente a capacidade de comprender as estratexias de fondo que no longo prazo –a *longue durée* braudeliana– promoven os procesos de transformación histórica.

que modifica nalgún sentido a orde interna dunha cultura literaria e dan paso a algunha 'interferencia'. De maneira que a base epistemolóxica para a 'historia efectual' que se persegue debería integrar a comprensión das tensións, mudanzas e transformacións do mundo cultural e do sistema de bens simbólicos sobre o que se pretende informar (Valdés 2002, 69-73). Nestes esquemas goza de maior presenza a cohesión lingüística ou a delimitación de grandes áreas xeográficas que a identificación de espazos nacionais, lidos estes en todo caso como comunidades imaxinarias, no sentido determinado por Benedict Anderson (1987) ou xa antes, nun sentido próximo, por Eric Hobsbawm.

1.5 O modelo sistémico-institucional e empírico

O terceiro modelo-marco ten unhas bases algo menos definidas e máis plurais que os dous anteriores, pois abranguen desde a comprensión formalista da evolución literaria tal e como foi formulada por Iuri Tinianov e Roman Jakobson a finais dos anos vinte até a semiótica da cultura de Iuri Lotman e certas achegas do materialismo cultural, ampliadas na fase final do século XX pola recepción da teoría da acción comunicativa de Jürgen Habermas, do construtivismo radical de Humberto Maturana e da teoría dos campos sociais de Pierre Bourdieu.[20] O modelo comezou a se formular a finais dos anos setenta, pero foi tamén en torno á fin de século cando incrementou a súa proxección internacional, sobre todo tras a repercusión alcanzada pola teoría dos polisistemas de Itamar Even-Zohar coa publicación en *Poetics Today* do traballo «Polysystem Theory» (1990, 9-94) e o propio recoñecemento dunha tradición teórica identificada polo teórico israelí como 'funcionalismo dinámico'.[21] Nun primeiro momento o modelo corresponde á ampliación dos postulados sistémicos de Talcott Parsons por parte da teoría estrutural-funcional desenvolvida na Universidade de Múnich por Friederike Meyer e Claus-Michael Ort, interesados en conformar unha historia social da literatura, e tamén coas propostas da teoría empírica de Siegfried J. Schmidt e o grupo NIKOL.

20 Na súa monografía sobre as metodoloxías e os conceptos básicos da historia literaria, Alain Vaillant (2011, 207-85) agrupou baixo a inusual etiqueta de 'historias da comunicación literaria' as tres orientacións seguintes: as aplicacións historiográfico-literarias de procedencia sistémica, as centradas no estudo da institución literaria –por exemplo, na liña de Jacques Dubois ([1978] 2005)– e as derivadas desde a socioloxía dos campos sociais da escola de Bourdieu.

21 En relación co caso galego, Xoán González-Millán interesárase xa en 1992 polas aplicacións historiográficas da teoría dos polisistemas, como tamén o fixeron axiña os investigadores do grupo de Teoría da literatura e Literatura comparada da Universidade de Santiago de Compostela (Villanueva 1994) e os do grupo Galabra (Torres Feijó [2000] 2018).

Maldonado Alemán (1999) sinala como momento clave en relación específica coa reorientación da historia literaria o da renuncia por parte dos discípulos de Hans R. Jauss a dar continuidade aos esquemas reconstrutivos do horizonte de expectativas como fundamento da disciplina. Tamén a investigación sobre as aplicacións da teoría dos campos sociais de Niklas Luhmann, na cal adquiren unha relevancia especial algunhas nocións aludidas en páxinas anteriores pola súa centralidade á hora de proceder a unha redefinición dos obxectivos da historia comparada, entre elas as de autorregulación sistémica, límite intersistémico, xerarquía e diferenza, promovidas nun sentido funcional e dinámico cunha consideración anovadora sobre as condicións comunicativas e institucionais en que se enmarcan as actividades culturais. Facer historia literaria desde esta óptica suporía outorgar atención máxima á evolución e aos cambios dentro do sistema literario, cunha tripla dimensión na cal o peso específico cadra sempre cos elementos estruturais-funcionais. Ou derivar esa atención, isto xa entre os seguidores máis próximos a Luhmann, a unha socioloxía do sistema da literatura (Rusch 1994, 166-8). Os tres niveis corresponden á análise das relacións intrasistémicas, extrasistémicas e intersistémicas (Maldonado Alemán 1999, 275). Estas últimas serían por suposto as de maior interese para unha ampliación comparada da historia literaria, que a esa luz tería un obxectivo fundamental, non outro que o de comparar as dinámicas evolutivas dun grupo determinado de sistemas literarios.

Schmidt, para quen a historia literaria carecería de autonomía disciplinar no ámbito da teoría empírica e correspondería basicamente ao compoñente diacrónico desta, entendeu como unha das cinco cuestións principais relativas ao labor historiográfico literario a decisión sobre cal debería ser o seu ámbito de intervención, se o rexional, o nacional ou o internacional (Schmidt 1995, 249), pero non semella que experimentase un interese especial por indagar no derradeiro deses ámbitos. Aceptando as análises de Gebhard Rusch (1987), Schmidt puxo ademais sobre a mesa unha das aporías ás que se enfronta toda teoría empírico-sistémica de raíz construtivista. En concreto, a xustificación sobre a empiricidade da investigación historiográfica literaria, pois o carácter construtivo da cognición histórica excluiría calquera posibilidade dunha historia da literatura autenticamente empírica (Schmidt 1995, 266).[22]

Tampouco facilitou en exceso os avances no terreo histórico-comparado a ambigua vocación comparada do modelo teórico da Escola de

22 Este é un problema que aparece incorporado tamén, baixo condicións non tan diverxentes, no modelo historiográfico de Mario J. Valdés, pero nel a integración do plano hermenéutico outorga unha solución moi distinta á contemplada pola teoría empírica da literatura, pois o máximo que concede Schmidt é a aceptación de que na investigación histórica hai que traballar con diferentes graos de empiricidade.

Tel Aviv, cando menos nas súas primeiras formulacións, máis cinguidas ao feito literario e aínda non á heteroxeneidade cultural, ao conflito asociado á dinámica repertorial e ás diversas manifestacións do que en terminoloxía bourdieusiana denominariamos 'concorrencia'; en definitiva, as novas coordenadas das que se ocuparon os membros da Unidade para a Investigación da Cultura (UIC) da Universidade de Tel Aviv (Even-Zohar 1999). A UIC foi fundada formalmente en 1996 pero o seu percurso real como grupo de traballo é algo máis dilatado. Malia a proximidade nominativa cos *Cultural Studies*, algo que con reiteración se destaca por parte dos seus membros do grupo israelí é que a *culture research* ten o seu propio campo de intervención e a súa específica tradición epistemolóxica. No que atinxe ás actualizacións de puntos de vista teóricos e á determinación de novos obxectos preferentes de estudo, é igualmente notábel a insistencia de Even-Zohar a partir de 1993 no seu desinterese progresivo pola análise do fenómeno literario en si mesmo, ou inclusive polas relacións interliterarias desde unha óptica nalgún sentido comparada. Cando se fala deste comparatismo (literario) indeciso –sempre pendente porén do rexistro das transferencias e da súa incidencia na constitución dos repertorios en loita, e semella que moi condicionado por un frontal rexeitamento heurístico de calquera concesión axiolóxica– estamos en realidade perante unha peculiaridade compartida polas distintas plataformas asociadas no terceiro modelo-marco tal e como aquí o estamos a constituír, e neste sentido debe recoñecerse a excepcionalidade cronolóxica de propostas como as reunidas por Claudio Guillén en *Literature as System*, volume compilatorio publicado no ano 1971.

En países como Bélxica ou Canadá, entre outros motivos polo propio carácter plurilingüe e multicultural das súas sociedades e tamén polo empuxe institucional a prol da construción de identidades nacionais algo máis sólidas, rexistráronse algunhas ampliacións dos presupostos sistémicos da man de José Lambert, Clément Moisan e o Centre de Recherche en Littérature Québécoise da Universidade Laval[23] ou Milan V. Dimić e outros estudosos relacionados co Research Institute for Comparative Literature da Universidade de Alberta;[24] ou, en fin, mercé ás ampliacións promovidas por Tötösy de Zepetnek, o teórico máis representativo da plataforma metodolóxica identificada como *The Systemic and Empirical Approach to Literature and Culture*.

23 Coñecido como grupo CRELIQ, onde tamén se integraron comparatistas como Maurice Lemire, Denis Saint-Jacques, Marie-Andrée Beaudet, Aurélien Boivin, Lucie Robert ou François Dumont, hoxe adscritos a un organismo fundado en 2002, o CRILCQ (Centre de Recherche Interuniversitaire sur la Littérature et la Culture Québécoises), onde tamén se incorporaron na data indicada os investigadores procedentes do Centre d'Études Québécoises da Universidade de Montreal.

24 Como Steven Tötösy de Zepetnek, Edward D. Blodgett, Anthony G. Purdy ou Shirley Neuman. O nome actual deste centro é The Dimic Institute for Comparative and Cross-Cultural Studies.

En todos estes casos a prioridade das análises recaeu sobre a historia da institución literaria no seu contexto cultural, sendo o de Even-Zohar un dos referentes teóricos máis comunmente solicitados e aplicados, no caso do grupo CRELIQ cun soporte inicial estabelecido por Moisan (1987, 157-70) en Jacques Dubois e Pierre Bourdieu pero tamén en Hans R. Jauss e Niklas Luhmann.

En realidade, Moisan propón aplicar a noción de sistema sobre dous dominios subsistémicos, identificados como 'vida literaria' e 'vida antropo-social'. O primeiro deles atendería aspectos como os temáticos, os xenolóxicos ou a recepción, e presta atención á canonicidade entendida no sentido desenvolvido pola Escola de Tel Aviv. O segundo dominio estaría representado polos campos da produción literaria e non literaria, a literatura como produto de difusión e de consumo no marco dunha determinada formación económica e social, o campo de lexitimación e o campo de ensino da literatura. Comprende a vida antropo-social, por tanto, todos os discursos que teñen orixe ou soporte nas institucións sociais, literarias ou culturais, coas tres fases que Moisan denomina 'admisión', 'lexitimación' e 'consagración'. O referente teórico básico neste segundo dominio é a *Rezeptionästhetik*. A teoría dos polisistemas intervén no fundamental como elemento de reforzo, malia o método de traballo estar dirixido ao rexistro da historia das institucións literarias e ao estudo da constitución diacrónica das regras, normas e códigos de produción, así como dos modos de difusión e recepción e das instancias de recoñecemento e sanción dos produtos literarios. Para Moisan (1987, 196), unha historia literaria sistémica debería encamiñarse, en fin, ao estudo e análise das relacións existentes entre os elementos partícipes no fenómeno literario nos distintos momentos do seu desenvolvemento temporal, así como á concreción das leis que organizarían o sistema literario como un todo.

No grupo da Universidade de Alberta a teoría dos polisistemas utilizouse como fundamento principal do proxecto de constitución dunha historia da institución literaria en Canadá, cun espazo para a específica determinación conceptual e heurística sobre o que se entende por 'institución'. Milan V. Dimić (1989) sinala entre as cuestións pertinentes que deberían ser tratadas nese marco a determinación da posición dinámica e cambiante da literatura nos sistemas culturais e sociais, a fixación dos contactos e interferencias entre os sistemas literarios concorrentes (incluídos os minoritarios), a observación da interacción entre modelos e repertorios neses sistemas, o estudo da posición xerárquica dos xéneros literarios privilexiados e dos textos non canonizados, a determinación do lugar dos textos traducidos na evolución da literatura canonizada ou, en fin, o rexistro das diferentes intervencións críticas e académico-pedagóxicas.

Os *Comparative Cultural Studies* postulados por Tötösy de Zepetnek recoñecen como propios os fundamentos empírico-sistémicos.

Asumen, ademais, os principios epistemolóxicos do construtivismo, así como o campo de intereses definido ao longo dos últimos dous decenios polos estudos culturais, contemplado este campo desde unha perspectiva de colaboración interdisciplinar moi fluída que, en particular nas últimas publicacións do teórico húngaro-canadiano, é observada á luz dunha fusión dos principios e fundamentos comparatistas cos seus propios (Tötösy de Zepetnek 2002, 235). Desde un punto de vista histórico-comparado adquire relevancia a receptividade dalgúns dos postulados da Escola de Constanza, sobre todo o referido á opción metodolóxica de articulación dunha historiografía constituída como secuencia diacrónica de observacións efectuadas con perspectiva sincrónica, pero agora por atención especial ao modo en que cada un dos que Schmidt recoñeceu como catro papeis de actuación –reformulados por Tötosy de Zepetnek (1998) como comunicación estética entre o texto/productor, procesado do texto, recepción e posprocesado– reflicte a especificidade dos outros tres nunha serie cronolóxica de momentos concretos preseleccionados. Tomando o termo da xeometría e da óptica, o teórico fala a este respecto de «reflexións catacáusticas» (Tötösy de Zepetnek 1998, 46-54), e anota expresamente a viabilidade dunha aplicación comparada desa forma de facer historia literaria. Outro aspecto que me parece de interese é a súa comprensión dinámica das áreas xeopolíticas e dos espazos xeoculturais (Tötosy de Zepetnek 2002), que por exemplo o conduce a postular para as culturas do centro e do leste europeos na etapa actual –así como, en sentido próximo, para producións asociadas a fenómenos migratorios, diásporas ou minorías étnicas (Tötosy de Zepetnek 2000)– a tripla marca de periféricas respecto das culturas dominantes no marco continental, poscoloniais respecto a súa pasada dependencia da órbita soviética e *in-between*, entendido este último cualificativo no sentido explorado por Homi Bhabha (1994), pola simultaneidade dunha condición híbrida de extrema receptividade aos influxos exteriores e de autorreferencialidade cultural en relación co respectivo espazo nacional (‘*in-between peripherality*’).

Doutra parte, Daniel-Henri Pageaux (2002) ofrece un breve pero moi interesante esquema da evolución heurística noutro campo ben definido dos estudos comparatistas, a imagoloxía, até o seu encontro coas formulacións sociolóxicas e sistémicas. Malia non avaliar como suficiente o marco teórico que para o comparatismo poidan supoñer os modelos asociados a Even-Zohar ou a Lambert, Pageaux recoñece a necesidade de entender o funcionamento da literatura en canto institución. Por isto, a carón do plano simbólico da literatura como espazo imaxinario e da propia mediación simbólica que define a actividade do comparatista á luz das coordenadas encontro/diferenza, reafirma a relevancia que para unha análise histórico-comparada posúen o bo coñecemento do campo literario, no sentido sociolóxico bourdieusiano, e do sistema literario tal e como este se entende pola Escola de Tel Aviv.

Outra escola importante de estudos imagolóxicos, a que representa Joep Leerssen desde a Universidade de Ámsterdam, opta nas súas formulacións programáticas máis ben por unha perspectiva retórico-pragmática atenta á evolución histórica das expectativas do público lector (Leerssen 2000). Neste sentido, favoreceríanse encontros epistemolóxicos cos estudos culturais e poscoloniais antes que con teorías como a dos polisistemas ou a dos campos sociais. É significativa a este respecto a convicción sobre a imposibilidade de describir a identidade cultural se non for en canto diferenza cultural, chave que figura entre os fundamentos que Manfred Beller e Joep Leerssen destacan a propósito da enciclopedia *Imagology* (2007), por eles coordinada.

1.6 Propostas desde os estudos sobre a subalternidade e a poscolonialidade

O cuarto e derradeiro modelo do que aquí se falará está ligado en sentido amplo cos *Subaltern Studies*, tanto nas súas formulacións iniciais segundo se plasmaron a partir dos anos oitenta na India por parte de Gayatri Spivak, Ranajit Guha ou Partha Chatterjee –coa controversia sobre a posibilidade de recuperación da voz do subalterno, da restauración da súa 'conciencia suprimida'– como na orientación propugnada por Walter D. Mignolo en relación co ámbito latinoamericano (2002; [2000] 2003) e por Xoán González-Millán (2000) na fase final da súa produción teórica.

Existen obvias conexións coas posicións de Edouard Glissant ou Edward Said, co célebre debate Jameson/Ahmad sobre a suposta condición alegórico-nacional de toda literatura do considerado Terceiro Mundo, tamén con certas revisións feministas, desconstrucionistas e poscoloniais orientadas a uns posíbeis *Transnational Cultural Studies* (Spivak 1988; 1999), coas teorías sociolóxicas dos sistemas-mundo, tal e como veñen desenvolvéndose por Immanuel Wallerstein desde 1974, ou, en xeral, cunha serie de postulados marxistas, en particular nas súas reelaboracións gramscianas ou na liña do materialismo cultural británico. Outro caudal importante que se suma a esta corrente é o da teoría dos discursos sociais, por onde reaparece a influencia de Bourdieu e a dalgúns dos seus lectores críticos, como Bridget Fowler ou Craig Calhoun.

Interesa destacar que o ámbito de aplicación deste modelo-marco transcende ao mundo descolonizado ou neocolonizado e chega de feito ao interior da propia Europa e do Primeiro Mundo, a miúdo co propósito de fundamentar un novo humanismo atento ao fenómeno imperialista e á mundialización económica e cultural, como teñen explicado Gnisci (en Ďurišin, Gnisci 2000, 41-6) ou Mignolo (2002) entre outros teóricos. González-Millán (1998) observaba nesta clase

de referentes a mellor vía para a superación do coñecido como 'criterio filolóxico' de delimitación das literaturas nacionais e, en xeral, do que apelou como 'nacionalismo filolóxico'; tamén, certamente, para corrixir a que xulgaba como tendencia excesiva a unha abstracción homoxeneizante da teoría dos polisistemas, a desatención da cultura popular e dos contrastes interculturais por parte da teoría dos campos sociais ou, en fin, o desinterese destas dúas plataformas teóricas perante as experiencias concretas e históricas da subalternidade. O xa citado título do último libro publicado por Spivak, *Death of a Discipline* (2003), subliña o esgotamento das posicións prevalentes nos estudos teóricos ou histórico-comparados ao longo do século pasado e a necesidade dunha auténtica refundación do comparatismo, mesmo de signo ético, na cal as obras e autores canonizados das potencias coloniais perdan o anacrónico privilexio de ser metro e referencia de toda práctica cultural.

Unha peculiaridade importante dos *Subaltern Studies* é que naceron xustamente no cadro do debate sobre o papel das disciplinas historiográficas e a noción/función do canon en espazos colonizados. Neste sentido, Mignolo vén propugnando unha descolonización da historia literaria, que comezaría xa polo cuestionamento das nocións de 'historia' e 'literatura' en canto discursos ou realidades universais e asumiría un pensamento fronteirizo entendido como consecuencia lóxica do por el estudado precisamente como «a diferenza colonial».[25] Esta última debería ser o obxecto básico dunha nova historia literaria reformulada como estudo das culturas literarias na historia e dunha tamén nova comprensión do eixe literatura-historia-historiografía literaria que aspirase non só a falar/pensar *sobre* tal diferenza senón a falar/pensar *desde* ela. Segundo recolle entre outros lugares nas páxinas prologais do seu libro *Historias locales / diseños globales* ([2000] 2003), para Mignolo a variedade de experiencias e historias coloniais sufriu adoito unha vinculación restritiva ao sistema-mundo da modernidade, desde onde aquelas se intentaron explicar e limitar. Tal programa supuxo a miúdo abstraerse das marcas da colonialidade e a diversalidade, axialmente constitutivas do anunciado polo teórico arxentino como un 'paradigma outro' surxido desde as marxes e que se fixa como meta a emancipación e a descolonización.[26]

Mignolo (2002) formula nesa liña unha revisión crítica que resitúa en termos epistemolóxicos as alternativas histórico-literarias concorrentes, entre elas as representadas por dous modelos cos que marca

25 «Literature and History are Western categories to name, describe, and classify certain Western practices and, by the same token, to fabricate the colonial difference» (Mignolo 2002, 157).

26 Os contributos e proxectos en marcha que nesta orde se refiren a América Latina eran bastante numerosos no momento de publicación orixinal deste traballo. Pode verse unha aproximación en McClennen, Fitz 2002.

distancias, o nacional e o discursivo. Dentro do primeiro chama aínda a atención sobre a persistencia –mesmo nos usos comparatistas canónicos– dunha diferenza imperial xerarquizadora do peso específico de determinados espazos culturais nacionais a partir dunha asignación que, en realidade, tería que ver co reparto do poder e a hexemonía económica perfilados desde o século XVIII. Doutra parte, engloba dentro do 'modelo discursivo' tanto a opción hermenéutica propia de Mario J. Valdés[27] como unha liña máis cinguida á análise discursiva en sentido estrito, esta sen a apertura xeohistórica nin a marca pluralista e posmoderna das propostas definidoras da historia cultural comparada.

O emprego por Mignolo da noción de 'sistema-mundo' remite a Immanuel Wallerstein, director do Fernand Braudel Center da Binghamton University e director de *Review*, se ben hai que precisar que tal remisión opera con flexibilidade e que ten tamén moi presentes análises como as debidas a Janet Abu-Lughod, Giovanni Arrighi, Samuel Huntington, Aníbal Quijano, Enrique Dussel e outros teóricos. No apartado cuarto da extensa introdución a *Historias locales / diseños globales*, titulada «Acerca de la gnosis y el imaginario del sistema-mundo moderno/colonial», expón Mignolo os motivos polos que as súas análises non deberían contemplarse en propiedade como unha continuación das investigacións poscoloniais ou sobre a subalternidade, asentadas en comprensións da modernidade que sitúan na Ilustración un punto de partida indiscutido (Mignolo 2002, 78-83). Neste mesmo lugar explora ademais as razóns polas que as concepcións de Wallerstein –aplicadas con éxito a distintas ciencias sociais e constitutivas de porparte dunha revisión en profundidade do que, de xeito algo impreciso, nomeamos *interdisciplinariedade* (Wallerstein 1991a, 237-56)– non deixaron até agora pegadas visíbeis no marco dos saberes humanísticos.

A principal desas razóns residiría precisamente no traslado por Wallerstein do punto de inflexión histórica ao século XVIII en vez de situalo no século XVI.[28] Mignolo propón distinguir o período

27 Véxanse tamén as consideracións do propio Valdés en relación co postulado por Mignolo e coa súa revisión crítica das prácticas historiográficas occidentalistas (Valdés 2002, 97-102).

28 Para Wallerstein son tres os eixes que articulan un sistema-mundo: o económico, o político e o cultural. Denomina 'xeocultura' ao corpus ideolóxico global que lexitima un sistema-mundo e ten capacidade de presentalo en termos de coherencia interna. A xeocultura do sistema-mundo moderno vincularíase coa hexemonía cultural francesa entre a Revolución de 1789 e maio de 1968 (noutros momentos fálase tamén de 1989). O *terminus a quo* fixado nos derradeiros anos do século XVIII leva Mignolo a postular unha diferenciación entre 'xeocultura' e 'imaxinario', entendido este último concepto, en proximidade con Glissant, como máis amplo: «De acuerdo con mi análisis, el imaginario del sistema-mundo moderno/colonial constituye el discurso globalizador del Occidentalismo, cuya geohistoria se ha transformado incesantemente a resultas de la tensión y el conflicto suscitados por fuerzas de la subalternidad que surgieron a partir de las primeras respues-

aberto no século XVI como 'sistema-mundo moderno/colonial', por canto occidentalismo e colonialismo serían respectivamente as caras visíbel e oculta da modernidade. Os coñecementos subalternos da colonialidade oporíanse así aos 'deseños globais' hexemónicos e demandarían en fin macronarrativas constituídas desde a perspectiva da colonialidade, entre elas as referidas ás prácticas culturais ou literarias. Merece ser destacada a insistencia de Mignolo en que esas novas macronarrativas –en realidade, unha rede de historias e hexemonías locais múltiples– non deberían verse como contraparte da historia mundial ou universal nin como exercicios historiográficos revisionistas caracterizados aínda pola pauta do global, senón como produtos dunha lóxica diferente tendente a substituír o 'universalismo abstracto' da epistemoloxía moderna e da historia mundial por unha gnoseoloxía emerxente de carácter fronteirizo, na cal a modernidade non se entende sen o contrapunto da colonialidade.

1.7 Balance

É claro que non todos os modelos introducidos nas páxinas precedentes conforman primordial ou inicialmente plataformas teóricas para a constitución de historias comparadas. Tamén resulta evidente que o seu grao de aplicabilidade potencial a espazos xeoculturais diversos –o árabe, o latinoamericano, o báltico…– estaría marcado por unha variabilidade notábel, na cal se conxugarían numerosos parámetros, algúns nin sequera mencionados nesta exposición. Algúns dos modelos-marco, sobre todos os dous últimos, incorporan o prisma comparado só en canto resulta necesario para a concreción de fenómenos de dependencia sistémica, de resistencia cultural ou de hibridación, por exemplo. Semella, por outra parte, que a diferente receptividade das comprensións holistas dos procesos históricos ou de contemplacións cronolóxicas amplas –por exemplo no sentido da *longue durée* braudeliana– marca rumbos heurísticos diverxentes, que por descontado afectan decisións de tanto alcance como a de concretar a pertinencia e a xerarquía relativa de determinados problemas, así como a desatención doutros que pasan a entenderse como irrelevantes ou secundarios (cf. Santiáñez 2002, 62-9). Tampouco hai coincidencia na propensión máis teorética ou máis descritiva dos fundamentos epistemolóxicos, que *a priori* orixina respectivamente análises de tendencia interpretativa (modelos segundo e cuarto) ou explicativa (modelos primeiro e terceiro), esta última sen renuncia á aspiración de formular leis.

tas de los esclavos amerindios y africanos frente al mismo, y que ahora se expresa en el actual desmantelamiento intelectual del Occidentalismo y en los movimientos sociales que buscan nuevas sendas hacia un imaginario democrático» (Mignolo [2002] 2003, 84).

De todos os xeitos, os catro modelos-marco representan unha refutación da historia literaria convencional tal e como esta se axustou a presupostos románticos ou positivistas desde o século XIX. Todos teñen presentes –ou cando menos prevén– os fenómenos de desterritorialización e reterritorialización (García Canclini 1989) e a existencia de espazos difusos, mestizos e fronteirizos nun sentido moi amplo, nos cales medran novas formas dese *plurale tantum* que nomeamos 'identidade cultural' (Bhabha 1994).

En fin, os catro modelos ofrecen cadansúa contestación á célebre pregunta coa que David Perkins titulou en 1992 un libro da súa autoría, *Is Literary History Possible?* Como sustento das dúbidas asociadas a esa cuestión, Perkins apelaba entón a unha vertente formal –as aporías da organización estrutural do obxecto de estudo en canto realidade histórica– e a outra discursivo-funcional –a irresistíbel vocación explicativa dunha disciplina creada polo idealismo para dar conta dos procesos do espírito e da conciencia nacionais–, ambas marcantes en termos epistemolóxicos e heurísticos e ambas ineludíbeis a día de hoxe en canto retos teóricos e metodolóxicos. Como tamén o é, nun contexto máis amplo, a revisión en profundidade, e seguramente a superación, do que Immanuel Wallerstein (1991a) describe como paradigma oitocentista das ciencias sociais, outro reto que tampouco pasa desapercibido para ningún dos modelos aquí expostos.

2 A historia da literatura e a historia do sistema literario desde o programa de investigación de Itamar Even-Zohar

Sumario 2.1 A historia en crise: a disciplina e o discurso. – 2.2 A opción sistémica para a historia literaria. – 2.3 Autoría e performatividade na historiografía literaria. – 2.4 Os límites sistémicos como primeiro reto dunha historia literaria sistémica. – 2.5 Espazo dos posíbeis, policronía dinámica e aporía crítica.

2.1 A historia en crise: a disciplina e o discurso

O propósito das páxinas que seguen é fixar de xeito esquemático unha posición sobre algunhas liñas de desenvolvemento da historia literaria e sobre a percepción da súa crise como disciplina, para a continuación concretar un corpo de propostas referido a un cambio de rumbo na definición e delimitación do obxecto de estudo, que o será tamén nas opcións metodolóxicas acaídas a ese xiro heurístico. A posición que se vai fixar vén marcada por un carácter socio-semiótico e sistémico, e vincúlase a dous feitos doadamente constatábeis. En primeiro lugar, que a historia da literatura deixou de existir como disciplina unificada ou aínda cohesionada. A innegábel resistencia de modelos e prácticas tardopositivistas, afianzados sobre todo no campo educativo, administra uns procedementos e unha autoridade herdados, pero esta debe dedicar cada vez maiores esforzos a xustificarse e aqueles son percibidos desde os sectores menos acomodadi-

DOI 10.30687/978-88-6969-530-8/002

zos como inerciais por estaren esgotados os seus programas-base. O segundo feito ten a ver coas novas prioridades da historia da literatura, concentradas a día de hoxe no estabelecemento dun obxecto de estudo pluralizado e interrelacionado no eido sociocultural, irredutíbel a narrativas lineais e incómodo coa autoridade discursiva central, ligada a fórmulas obsoletas e, a fin de contas, 'deshistorizantes'.[1] Unha consecuencia é a translación a plano secundario do debate propiamente metodolóxico, nalgunha medida posposto mentres non exista un acordo de mínimos relativo a que é o que a historia da literatura debe historiar e con que escala debe facelo.[2]

Con todo, a cartografía internacional da historia da literatura non se move en bloque. Tras os procesos de descolonización, e tamén pola emerxencia de programas nacionalistas en espazos xeoculturais ou administrativos sometidos ou asimilados, existen entidades (non só nacionais) que emprenderon procesos aprazados de construción nos cales a historia da literatura adquiriu de novo un claro sentido social-pragmático. Esa planificación historiográfica convive no tempo –ou aínda no espazo– con movementos de signo contrario que afectan a outras entidades (digamos de novo *nacionais*). En ocasións, ocorrerá incluso que no mesmo espazo xeocultural e en simultaneidade distintos axentes activen procesos inversos e que se acaben encontrando no conflito de discursos, estratexias e programas, en parte dirixidos a destacar a continxencia ou a ilexitimidade das planificacións alternativas á propia. Sabemos ben que a historia literaria de base nacional-estatal é un plano performativo validado por necesidades de cohesión sociocultural e política específicas, a miúdo moi marcadas polas urxencias históricas de consolidación dun Estado. Neste plano, cubertas as necesidades sociopolíticas e satisfeitos en certo grao os programas identitarios de fondo, a historia literaria de marca nacional-estatal mostra signos de esgotamento como proxecto, sobre todo nas súas coordenadas intelectuais e metodolóxicas. E cede espazo a planos alternativos, entre o rexional e o mundial, entre a rexionalización –a escala menor ou maior que a

1 'Deshistorizantes' porque sustentan a idea de que a evolución literaria obedece a axustes autónomos que non precisan atender as relacións históricas do delimitado apenas como 'contexto'.

2 Resulta indicativo o inicio dun breve artigo de Mikhaíl L. Gaspárov, vinculado coa Escola de Tartu-Moscova e autor de *A History of European Versification* (1996). O artigo comeza así: «A la pregunta '¿cómo escribir la historia de la literatura rusa?' me hubiera gustado responder enseguida: no hace falta escribirla de ninguna manera, ya que ahora mismo no la escribiríamos bien: no hay material» (Gaspárov [2003] 2007). Outra perspectiva da complexidade da tarefa é a anotada por Heidrun Olinto (1996, 42-3) tendo á vista as teorías alemás da altura sobre un cambio no programa tradicional da historia literaria, en especial as debidas a Siegfried J. Schmidt. Neste caso, a atención diríxese á dúbida sobre a existencia de historiadores preparados (epistemolóxica, intelectual, academicamente) para asumir tal reto.

propia nación– e a mundialización da perspectiva histórica. Nunha orde complementaria, a historia literaria nacional tolera contradiscursos destinados a reverter silencios e ocultacións. De feito, a aporía da estabilización nacional (ou da ultimación dun proceso dado de construción nacional) conduce adoito á asunción política de que toda concreción historiográfico-literaria é un proxecto frustrado que ou ben se debería refutar ou ben se debería desconstruír.[3]

É lexítima (e pertinente) a dúbida sobre a funcionalidade de calquera automatismo que postule unha recondución a termos historiográfico-literarios do binomio crítica da identidade / crítica da diferenza. As prácticas contrahistoriográficas, ou as que se formulan como supletorias dun discurso histórico (canónico, oficial…) de referencia, incluído todo o que Dominick LaCapra (2004) delimita como 'xiro experiencial' da historiografía, se non se resolven en termos relacionais, poden autolimitarse e postularse a si propias como subsidiarias de raíz. O mellor campo de probas, como suxería Mario J. Valdés (en Hutcheon, Valdés 2002, 65), podería ser o usuario xeral da historia da literatura: comprobar en que medida recibe este e en que grao asume as contrapropostas parciais. As contradicións que xorden dese campo conforman un dos apoios da posición de Valdés en favor dunha 'historia efectiva', noción proveniente da hermenéutica da conciencia histórica de Paul Ricœur. Para Valdés,

> [e]ffective literary history begins with the recognition that history, and literary history in particular, is effective insofar as it is used and is of use to would-be readers; it is a concept deeply aligned with the idea that we are affected in the present by our sense of the past. (Valdés 2002, 67)

En termos xerais, a resistencia ao cambio heurístico e metodolóxico na historia literaria carece de parangón no marco das prácticas historiográficas e das disciplinas humanístico-sociais. A partir da demorada crise do positivismo, as iniciativas de dinamización orixináronse basicamente fóra da comunidade académica dos filólogos-historiadores. A intransixencia corporativa experimentouse adoito como unha loita por preservar o dominio epistémico-ideolóxico e o control didáctico dos saberes literarios e da súa institucionalización. Tamén, ao mesmo tempo, como unha estratexia autonomizadora e monopo-

3 Porén, se a crise nacional se acentuar nunha altura histórica dada aparece con frecuencia unha rectificación de signo unitario e 'patriótico'. Un caso claro é o representado pola Hungría de finais do século XIX, cando os modelos historiográficos nacionalistas de Zsigmond Bodnár e de Zsolt Beöthy intentaron frustrar calquera alternativa non nacional-estatal e calquera movemento de integración da produción cultural das plurais minorías lingüísticas e etno-nacionais, algo que si contemplara medio século antes, polo menos parcialmente, o modelo historiográfico de Ferenc Toldy.

lizadora para deixar o literario á marxe da confluencia con outros produtos culturais ou sociais e, en sentido amplo, para preservalo, en sentido escolástico (Bourdieu [1994] 1999), da propia historia. Malia isto, a historia literaria non está esgotada como disciplina. Paradoxalmente –e ante todo– por ser historia.

Desde as correccións aplicadas na parte final do século XVIII, de forma sucesiva como catálogos, erudición enciclopedista ou historia filosófico-causal, as mudanzas na historia literaria incorporáronse case sempre da man de asimilacións provenientes do debate metodolóxico referido á historia recoñecida como disciplina-marco. Ese debate implicou de xeito progresivo a apertura das distintas historiografías a outras ciencias humanas e, bastante máis adiante, un cuestionamento profundo da centralidade do acontecemento histórico, algo previsto nalgún modo xa por Voltaire e por Madame de Staël.

Por contra, a incidencia efectiva da teoría literaria e da nacente comparatística no proceso disciplinar da historia literaria resultou modesta, discreta e diferida. As excepcións son escasas. A única clara no ámbito da romanística europea, xa no século XX, sería a da estilística idealista, en realidade un proceso de retroalimentación da propia historiografía unha vez considerada a repercusión da lectura crítica que Benedetto Croce formulou sobre o pensamento de Hegel, con resultados tan dispares como os ofrecidos por Leo Spitzer e por Karl Vossler. Noutros espazos habería que mencionar o peso do materialismo histórico e do pensamento sociolóxico marxista, así como a moi adiada influencia dos debates protagonizados polo Círculo Bakhtín. E pouco máis até os derradeiros vinte anos do pasado século.

Resulta nese sentido máis que significativo o tempo que se tardou en asimilar o legado último das posicións funcionalistas de Roman Jakobson, Iuri Tinianov e Viktor Shklovski sobre a non equiparabilidade de sincronía e sistema, sobre a determinación ineludibelmente sistémica de toda evolución e sobre a posibilidade dunha historia do sistema literario superadora da historia xenética da literatura e do inmanentismo lingüístico-literario de liñaxe saussureana (Steiner [1984] 2001, 99). As posicións dos formalistas rusos serían reelaboradas nos primeiros anos corenta por Felix Vodička ([1942] 1995) no marco das investigacións da Escola de Praga. Estas últimas permanecerían inaplicadas na práctica, entre outros motivos pola complexidade dunha combinatoria eficaz das dimensións sociolóxica, fenomenolóxica e estético-axiolóxica, propostas polo teórico checo en dependencia dun propósito de fondo reconstrutivo. Vodička, en efecto, perfilou a tarefa inicial da historia da literatura como reconstrución da norma literaria nun espazo-tempo dado e na xerarquización do conglomerado formado por obras e valores estéticos tal como sucesivamente se concretizan no gusto de público e crítica.

Nunha serie de traballos publicados nestes últimos anos salientei a indisociabilidade do curso da historia literaria e do correspondente

á matriz que por antonomasia recoñecemos como historia. Trátase de lazos evidentes, pero a miúdo minusvalorados no que representan desde un punto de vista operacional e funcional. Dunha serie de dez consideracións anotadas nunha publicación anterior (Casas 2000a), interésame agora recuperar en particular a que abría a relación. Facía fincapé na existencia dun conxunto de problemas/respostas ineludíbeis compartidos pola historia e a historia da literatura, como mínimo no tocante a dúas esferas: as implicacións entre narración e construción (con posicións como as de Paul Ricœur, Hayden White, Hans-Georg Gadamer, Reinhart Koselleck, Jacques Derrida, Burrhus Skinner, Siegfried Schmidt, Frank Ankersmit…) e a función social e institucional das disciplinas históricas. Tamén sinalaba algunhas nocións con capacidade de articulación do discurso historiográfico e de centrar posíbeis leis disciplinares da historia literaria, entre elas as de 'cambio literario', 'desenvolvemento gradual', 'explosión cultural' e 'proceso interliterario', para as que os referentes teóricos serían Vodička, a Escola de Tartu-Moscova, a Escola de Bratislava, a teoría dos polisistemas, Pierre Bourdieu, Immanuel Wallerstein e Colin Martindale.

Algunhas desas nocións serán retomadas aquí, fundamentalmente desde as premisas da semiótica pragmática e das teorías sistémicas, tendo presentes así mesmo as observacións de Bourdieu, nas *Méditations pascaliennes* (1997), en torno ás prácticas 'deshistorizantes' e ás resistencias á *historicisation* nos programas habituais aplicados por filósofos e filólogos para a constitución dunha historia da filosofía ou dunha historia da literatura. O esquezo da historia neses ámbitos asóciase para Bourdieu á prevalencia dunha tradición (Kant, Hegel, Heidegger) que en realidade ritualizou a correlación texto-canon-eséxeta e que se desentendeu da análise da produción-recepción e dos procesos de canonización en sociedades históricas concretas. A propósito do cambio literario/cultural e das descontinuidades na historia, un referente ineludíbel é, por suposto, Michel Foucault, se ben de Saussure a Lotman ou Martindale existe unha liña de reflexión sostida no século XX sobre a aparición do aleatorio e do casual nos procesos lingüístico-culturais.

2.2 A opción sistémica para a historia literaria

A opción sistémica en historia da literatura presupón tomar conciencia da existencia de polo menos catro retos de importante calado e non doada resolución: 1) a explicación dos límites sistémicos ou de campo e das interaccións entre sistema e extrasistema, entre sistema e polisistema e entre sistema e subsistema(s); 2) a incorporación

efectiva de todo canto se entende como 'produto sistémico',[4] o cal, en boa lóxica, debería implicar tamén a introdución relacional do que na teoría dos campos sociais se define como 'espazo dos posíbeis';[5] 3) a decisión sobre o modo apropiado de incorporar a diacronía sistémica,[6] que no fundamental obedecerá ou ben a un criterio secuenciador da dialéctica continuidade/cambio que percorra con detalle un treito temporal –solución que cabe ver como a tradicional– ou ben a un criterio comparativo de cortes temporais non consecutivos, lidos como sucesión discreta de momentos (estados de cousas) sometidos a contraste sistémico, dando paso así ao que con Itamar Even-Zohar podemos chamar *policronía dinámica*; e 4) a recondución do factor crítico que toda historia cultural asume aínda que só sexa por dúas razóns, polas implicacións derivadas de considerar ou non considerar selectivamente determinados factores, produtos e axentes participantes nas actividades literarias e, en segundo lugar, pola representación da diferenza en relación co que Michel de Certeau (1975, 63-120) chamou a *operación historiográfica*, que non só habilita discursivamente o que xa non está –e é historia– senón que, ademais, constitúe unha 'historización' do actual, o cal faría inesquivábel a vertente ou dimensión crítica da que falamos.[7] Parte das consideracións feitas, con atención particular ao albo da heteroxeneidade, sempre complicado de encaixar en calquera narración/descrición historiográfica, conflúe nas observacións que seguen, pertencentes ao artigo «System, Dynamics, and Interference in Culture: A Synoptic View», de Even-Zohar:

4 «By 'product' I mean any performed set of signs and/or materials, i.e., including a given behavior. Thus, any outcome of any action, or activity, can be considered 'a product,' whatever its ontological manifestation may be, be it a semiotic or a physical 'object': an utterance, a text, an artifact, an edifice, an 'image,' or an 'event.' In other terms, the product, the item negotiated and handled between the participating factors in a culture, is the concrete instance of culture. Obviously, a culture product is any implemented item of the repertoire of culture» (Even-Zohar 2005, 25).

5 Nas páxinas introdutorias ao seu traballo de 1990, Even-Zohar chamou a atención sobre o feito de que Bourdieu alcanzase conclusións próximas –«in some areas superior», observa– ás do funcionalismo dinámico sen que se producise ningunha conexión ou aproximación teórica efectiva (Even-Zohar 1990, 3).

6 Incorporación que en si mesma constitúe xa unha proba de notábel complexidade para o modelo sistémico, moito máis rodado e mellor testado en coordenadas sincrónicas; as cales, por suposto, son tamén históricas, segundo reitera Even-Zohar en distintos lugares. De todos modos, ten interese lembrar que a partir de 1968 as formulacións pioneiras das teorías sistémicas de Ludwig von Bertalanffy no marco dunha bioloxía organísmica discriminaban entre os significativamente denominados *nivel estrutural* e *nivel funcional* dos sistemas, respectivamente atentos ás súas vertentes estática e dinámica.

7 En relación cos catro retos presentados, e en realidade con practicamente todo canto se trata neste capítulo e no seguinte, xulgo imprescindíbel o libro de Isaac Lourido *História literária e conflito cultural. Bases para umha história sistémica da literatura na Galiza* (2014), tanto desde unha perspectiva crítica, en relación co paradigma sistémico e cos problemas que aquí se están a tratar, como pola dimensión programática da parte final do libro, a que se corresponde co seu subtítulo (Lourido 2014, 347-98).

> The system concept had, however, to undergo several modifications in order to accommodate the conception of *stratified heterogeneity*. Firstly, it became necessary to recognize that both synchrony and diachrony should be admitted as systemic dimensions, and therefore that the idea of system need not be exclusively identified with static synchrony (but could be viewed as dynamic polychrony). Secondly, it was necessary to recognize that the idea of system does not imply that there can be observed/hypothesized for any number of phenomena just *one* system, i.e., one network of relations. To speak of an activity, be it language, literature, culture, or 'history' in general, as single systems is a heuristic simplification rather than an adequate theory. (1990, 87)

Lotman e Uspenski ([1993] 2000, 190), na súa análise dos procesos de autoconciencia e modelización cultural, mencionan así mesmo o erro habitual en moitas historias literarias de superpoñer sobre a descrición rigorosa da literatura/cultura unha uniformización destinada a alcanzar a unidade orgánica e a eliminación de contradicións. Regresarei a isto máis adiante, en particular á idea limitativa dos que chamarei *sistemas únicos*, que en efecto sustenta boa parte das plasmacións historiográficas –literarias ou non, sistémicas ou non– ás que estamos habituados.

Un 'sistema único' entenderase aquí como aquel que exclúe a relevancia empírica de redes de correlación alleas á considerada para a postulación do propio sistema de partida como entidade existente. Por exemplo, as nacións e as literaturas nacionais preséntanse case sempre, na práctica historiográfica e na historiográfico-literaria respectivamente, como sistemas únicos (isto é, a historiografía máis frecuente presenta eses obxectos de estudo como perfectamente autónomos). É máis, na maior parte das operacións historiográficas dáse por suposto que sen redución de campo non hai obxecto. Por suposto, en termos prácticos hai algo de razoábel nunha decisión deste tipo en certas fases do procedemento, pero o certo é que, por abuso non só heurístico, resulta corrente que o excluído pase a lerse como inexistente, pase a ignorarse, en suma. De forma tal, que baixo óptica sistémica, parecería que os sistemas (os que aquí clasifico como sistemas únicos, en realidade inexistentes, embora estudados e promovidos como efectivos) non concorren con outros sistemas, non interaccionan con eles, non inflúen noutros e non reciben a influencia doutros.

É comprobábel que as dinámicas identitarias adoitan conxugar con pericia esa clase de operativos. O anterior presupón que por unha decisión limitativa e simplificadora, ao tempo asumida como lexítima e incluso como apodicticamente fundamentada, deixan de observarse e de valorarse como pertinentes redes concorrentes doutros factores correlacionados. Como é lóxico, esas redes poden incorporar por

desdobramento algúns dos factores xa considerados para postular a existencia do sistema pre-dado (asociados agora a outros factores e/ou a outras redes) ou, alternativamente, outros factores non incorporados pero que en efecto existen, interveñen e interactúan. E non só o fan con outros presentes nalgunha das redes excluídas senón tamén, con moita probabilidade, cos propios factores integrados na rede constituínte do suposto sistema único. Unha comunidade de consumidores *CC* adscrita a un sistema cultural SC_1 pode perfectamente simultanear actividades de consumo perceptíbeis, e até determinantes no mercado e/ou no repertorio, nun sistema cultural SC_2 diferente; e en tal medida que incluso poida chegar a cuestionarse a adscrición primaria de *CC* a SC_1. Por tanto, o sistema único non só ignora a existencia de posíbeis redes alternativas á rede sustentadora do sistema senón que, ademais, exclúe que algún dos seus factores poida selo, en simultaneidade, doutro sistema.

Unha nova exemplificación dotará de maior claridade o que se quere indicar. Na súa reformulación da teoría dos polisistemas, Even-Zohar (2005, 31) presenta a institución e o mercado como os intermediarios entre as forzas sociais e os repertorios culturais. A cuestión é que en situacións culturais desenvolvidas e non sometidas a unha excepcional presión uniformizadora e censora non existe posibilidade dun mercado único nin dunha institución única, como tampouco dun repertorio único.

Por descontado, isto é así en sociedades multiculturais caracterizadas ou non por procesos de hibridación, pero é así tamén en sociedades supostamente cohesionadas. O mercado é sempre plural (por moito que poida estar dirixido ou condicionado), o mesmo que o repertorio. Segundo acaba de verse, sectores do mercado dun suposto sistema único participarán en mercados alternativos e/ou extrasistémicos, e o mercado dese suposto sistema único será participado por consumidores asociados de raíz a outros sistemas. Isto non é unha rareza, máis ben é a norma.

A aceptación de que todo sistema é en realidade un polisistema ou 'sistema de sistemas' non abonda para desocuparse deste complexo asunto, con obvias repercusións na translación diacrónica do problema e con evidente incidencia na historización correspondente. De feito, nunha historia literaria de base sistémica non só sería inadmisíbel a postulación dun sistema único, tamén resultaría inaceptábel o criterio de localización única aplicado aos obxectos de análise. Todo acto histórico e todo suxeito histórico forman parte de planos históricos plurais, polo que ningunha realidade histórica pertence a un plano-relato único.

Un dos problemas, entón, é o da adxectivación identitaria da historia literaria sistémica, pois aínda sendo nun nivel secundario ese tipo de chaves (territoriais, culturais, sociais, lingüísticas…) acaban por aparecer. E cando non o fan é simplemente debido a algunha

clase de malentendido conceptual ou, peor aínda, de impostura epistemolóxica (por exemplo, a que leva a identificar 'sistema literario' e 'literatura nacional', tan corrente en moitos lugares, aínda que en Galiza creo que máis).

En realidade, o problema dista de ser novo. Calquera historiografía literaria debe xestionalo optando por algún criterio de axialización e vertebración. A diferenza radica en que unha historia literaria non sistémica e/ou non empírica promoverá a naturalización de tal criterio, mentres que o operativo irrenunciábel dunha historia literaria sistémica debera ser sempre o contrario: renunciar a camuflar a decisión, sacala á luz a carón da complexidade de base e mesmo profundar na súa problematización relacional e funcional. Antes de regresar a este terreo perfilaranse outras análises parciais que contribúan a estabelecer un marco de observación conxunta.

2.3 Autoría e performatividade na historiografía literaria

Resulta claro que especificar o obxecto dunha historia determinada ten consecuencias sobre a clase de coñecemento que se aspire a constituír e sobre o tipo de discurso asociado a tal elección. A historia da bioloxía e a historia da arquitectura, por exemplo, compartirán algúns operativos e decisións. E sen dúbida diverxirán noutros. Non só por visaren realidades obxectivamente diferenciadas, senón tamén porque nocións como *organismo* ou *construción* son problemáticas de seu e porque non están dadas de antemán de xeito inequívoco, contando cada unha delas cunha historia conceptual propia –no sentido articulado por Koselleck– ao longo do tempo. E noutro plano, ademais, porque os discursos habilitados para informar sobre a diacronía conceptual asociada a esas nocións e á súa evolución son igualmente plurais. Nesta orde de cousas, se se considera o tempo transcorrido desde a Ilustración, adóitase aceptar como lóxico que, en termos comparativos, a historia da bioloxía, obrigada a incorporar os procesos específicos da bioquímica, da bioloxía molecular, da xenómica e doutras disciplinas converxentes, ampliase o seu núcleo de atencións bastante máis do que precisou facer a historia da arquitectura.

A este respecto cabe aínda unha observación complementaria, usual como tema recorrente de debate en prácticas historiográficas do tipo das citadas pero case ausente na esfera da historiografía literaria. Trátase da cuestión da idoneidade do perfil autorial asociado ao campo de especialización. En definitiva, simplificando algo as cousas, da decisión sobre se a historia da arquitectura debería ser responsabilidade dun historiador ou dun arquitecto. Ou sobre se a historia da bioloxía correspondería a un historiador ou a un biólogo, ou en xeral a alguén versado en ciencias experimentais.

Esa clase de correlación non é tan clara na historiografía literaria. Existen por suposto casos de historias literarias feitas por poetas e escritores (de Ronald de Carvalho ou Vladimir Nabokov a Max Aub, Gonzalo Torrente Ballester, Ricardo Carvalho Calero, Catherine Obianuju Acholonu, Xosé Ramón Pena ou Emma Donoghue), pero o debate sobre se a historia da literatura podería corresponder plena ou parcialmente aos historiadores (promovido en termos teóricos por Lucien Febvre, Roland Barthes e tantos outros) resultou descontinuo e moitas veces foi acalado antes de tempo polos poderes corporativos e as inercias académicas.

En todo caso, despois da experiencia da Escola de *Annales* parece consolidada unha comprensión das diversas formas da historiografía como programas que só garanten rigor e utilidade a partir da constitución de grupos de traballo colaborativo interdisciplinares e plurais. Lémbrese que das catro grandes vertentes programáticas anunciadas por Lucien Febvre en 1947 ao se facer cargo da sexta sección da École Pratique des Hautes Études de París, unha se orientaba precisamente á procura dun reencontro entre as ciencias humanas e outra á promoción da investigación colectiva entre equipos de historiadores e outros especialistas.

Nesa liña, cabe conxecturar que nun futuro non distante se contemplará como anacrónica e pouco fiábel calquera postulación dunha autoridade e dun discurso historiográficos ligados á individualidade do sabio/informador. Probabelmente, acabou para sempre o tempo das narrativas historiográficas unipersoais e o das expectativas asociadas.[8] E non me parece que esa prevención tarde en estenderse así mesmo aos grupos de historiadores sometidos a unha coherencia epistemolóxica blindada e a unha cohesión programática e estratéxica percibidas como excesivamente ríxidas, disciplinadas e autotélicas. É probábel, en cambio, que os lectores futuros demanden de xeito incondicional resolver en por si as contradicións que os datos e as interpretacións cruzadas dos equipos de historiadores poñan sobre a mesa. Así as cousas, parece probado que o maior reto público (social, político) da historia literaria é a renegociación da autoridade narrativo-historiográfica e administrativo-institucional que está nas súas propias raíces disciplinares. E a este respecto, non me resistirei a deixar anotada unha advertencia destinada a evitar posíbeis simplificacións.

Trátase do seguinte: sen dúbida, existen formas de autoridade á marxe do relato omnisciente e fóra dos mecanismos de control do

8 Refírome con esta última expresión a situacións como a vivida pola academia e a intelectualidade española e latinoamericana que a finais do século XIX esperaron longamente por unha proposta historiográfico-literaria de Menéndez Pelayo que nunca chegaría a concretarse. González-Millán (2006) compilou os documentos epistolares referidos a esa espera no período 1877-1901. Inclúe correspondencia sobre todo con Juan Valera, Gumersindo Laverde Ruiz e o colombiano Miguel Caro.

narrador-historiador. A renuncia á narrativa no oficio do historiador, que como ten lembrado Peter Burke ([1991] 1993) é unha reclamación presente xa no século XVIII,[9] non presupón de seu a desactivación daqueles mecanismos nin a superación de dependencias deterministas, explicativas, causais ou teleolóxicas. Tampouco presupón necesariamente unha suspensión da secuencialidade, a linealidade, a continuidade ou o causalismo. Así, pois, a suposición segundo a cal o cambio de rumbo expresado por Lawrence Stone (1981) como paso dun modo analítico a outro descritivo representaría unha corrección pero non unha impugnación dos 'excesos' da historiografía narrativa debe calibrarse con atención.

Igual que tras toda narrativa hai sempre un eu-narrador(-focalizador), hai tamén, sempre, tras todo discurso descritivo un eu-descritor(-focalizador). A opción a prol da descrición non presupón de seu un seguro de obxectividade ou de non-intervención sobre a materia da análise. Máis aínda: non é evidente a existencia de dous principios construtivos ou estruturas formais contrapostos na historia literaria (narrar/describir) –no sentido exposto por exemplo por Remo Ceserani (1990, 17-32)– se esa oposición se extrapolar fóra do paradigma do historicismo teleolóxico nacionalista propio do século XIX.

Volvamos agora, brevemente, ao debate aberto a propósito da historización da bioloxía e da arquitectura. Coa noción de literatura e coa historicidade asociada son precisas algunhas aclaracións e certas precaucións equiparábeis ás asociadas aos conceptos antes mencionados de 'organismo vivo' e 'construción'. De feito, os resultados da historia literaria dificilmente poden homologarse cando se consideran prácticas suficientemente afastadas no tempo. Isto é así, de entrada, porque aquilo ao que fai referencia o nome *literatura* constitúe dominios moi distintos por exemplo a finais do século XVIII e a comezos do século XX ou do século XXI; isto é, entre o que se consideraba literatura contra 1780, por concretar, e o que se clasifica como literatura dous séculos e pico despois. Porén, existe unha tendencia inercial e esencialista, inconveniente en suma, a pensar que esas diferenzas son apenas de matiz. En consecuencia, asimílase que o rótulo *historia literaria* non só conserva vixencia plena senón, ademais, que é lexítimo falarmos de continuidade epistemolóxica e funcional entre prácticas historiográficas separadas por douscentos anos e por consideraren obxectos de estudo tan disímiles como os que, por caso, aparecen no modelo de Girolamo Tiraboschi (*Storia della letteratura italiana*, 1772-81) e no modelo dirixido por Alberto Asor Rosa (*Letteratura italiana*, 1982-2000). 'Literatura italiana', reitéroo, non significaba (nin comprendía) o mesmo cando Tiraboschi

9 O escocés John Millar constitúe un bo exemplo, sumamente interesante ademais desde o punto de vista sistémico.

a estudou que cando o fixeron Asor Rosa e os colaboradores da obra colectiva citada.[10] Neste marco, talvez conviría comezar por facer explícito que só por unha especie de pacto non escrito aceptamos que se fale dunha única disciplina malia os campos obxecto de historización diferiren, ás veces moito. Isto explicaría, contemplado desde un prisma diferente, a renuncia ao uso da palabra *historia* en determinados proxectos plenamente historiográficos. E incluso o feito de que haxa quen opte por preterir o rótulo *literatura* en favor doutros como *cultura literaria*, cando non *vida literaria* ou *campo literario*.

As modalidades historiográficas entendidas como prácticas discursivas posúen de seu unha dimensión performativa cunha dobre vertente, a dirixida á comunidade referenciada (*suxeito da historia*, chamóuselle en certa altura) e a dirixida á comunidade referente, reguladora e institucionalizadora da operación e do coñecemento historiográficos. Mentres a primeira se configura con axentes históricos vinculados pola súa relación directa co obxecto prefixado e por algunha forma de conexión de contigüidade e continuidade que os cohesiona no espazo-tempo como grupo (cultural, lingüístico, relixioso, social, nacional…), a segunda integra aos axentes que documentan, constrúen, discursivizan… a historia e que participan nun diálogo científico e nunha pugna epistemolóxica e ideolóxica polo control do saber e da súa incidencia na esfera pública. Sergio Sevilla (2000, 140-59) vincula acertadamente esta performatividade cun cambio epistemolóxico polo cal a *theoria* –antes, simple «duplicado conceptual de lo real» (Sevilla 2000, 140)– pasou a tratarse como *poiesis*: a historiografía afrontou así un xiro retórico-pragmático, de modo tal que o imaxinario pasa a ser o que constitúe a realidade social, e é a teoría a que produce, en sentido *poiético*, o mundo (White, Durkheim, Mauss, Castoriadis).

Nada do anterior exclúe a marca crítica do coñecemento histórico: será sempre a intervención historiográfica a que para empezar cuestione as conexións de contigüidade e continuidade e a propia existencia da comunidade postulada como obxecto específico de atención. Descontinuidades e alteridades poden encaixar así, mediante procedementos diversos, na serie historiográfica, orixinando incluso a refutación de obxectos/identidades considerados e consensuados como existentes noutros momentos e/ou desde outras perspectivas; ou, contrariamente, reclamando a incorporación de obxectos/identidades inobservados ou excluídos pola comunidade reguladora do saber histórico.

Un aspecto destacado da dimensión práxico-axencial dos historiadores e dos seus discursos radica na posibilidade dunha aplicación non excluínte de métodos e de escalas, asunto que volve convocar a

10 Como tampouco se mantén exactamente o significado entre esa serie e o momento en que Asor Rosa somete a unha perspectiva específica ese obxecto de estudo no seu libro *Storia europea della letteratura italiana I. Le origini e il Rinascimento* (Asor Rosa 2009).

idea de pluralidade e que me parece oportuno destacar. As escalas, por exemplo, aplicadas sobre un mesmo núcleo de referencia sometido a unha contemplación en diferentes niveis, orixinan propostas non necesariamente antitéticas nin contraditorias (tampouco necesariamente complementarias, lidas desde un punto de vista informativo). As cartografías e as escalas, contempladas en clave de aplicación histórico-literaria, sinalan a inexistencia de comunidades illadas ou impermeábeis fronte ao seu exterior/ límites ou fronte a outras comunidades.[11] E non só iso, senón que ademais poñen en cuestión a propia identidade comunitaria se esta se postular sobre bases de parámetro único (lingua, relixión, xénero, unidade administrativa…). Dito con maior precisión: o que poñen en cuestión é o consenso sobre a postulación/invención dunha entidade funcionalmente admitida como suxeito histórico.

O anterior non significa que quede impugnada calquera práctica historiográfica de escala única, sexa esta menor ou maior. Nin moito menos. Pero si introduce unha reserva de forte calado heurístico e epistemolóxico, que pode traducirse nuns termos formularios como os seguintes, que obviamente nunca se fan explícitos: *canto aquí se diga é o resultado de informar/interpretar como se a escala activada fose a única ou a máis apropiada para a finalidade estabelecida*. Con certeza, esa finalidade é susceptíbel de variación, pois dependerá de criterios diversificados e irredutíbeis que van desde unha suposición de non-intencionalidade ou intencionalidade non marcada até algunha clase de compromiso *a priori* (académico, sectario, ideolóxico…).

E que dicir sobre os métodos? Como mínimo, outro tanto.

Regresemos á cuestión da performatividade, agora en asociación cos principios construtivistas que a teoría dos polisistemas asume. Quizais conveña comezar por unha afirmación: non hai posibilidade (nunca a houbo) dunha historiografía (literaria) non performativa. Isto é así porque toda historia é unha toma de posición por parte dalgún axente (individual ou colectivo) que intervén como suxeito dun acto comunicativo-performativo. Un complemento necesario para esta afirmación é o seguinte: cada vez é máis limitado o espazo para unha historia (literaria) non empírica. Esa posibilidade existiu no pasado, de feito hai mostras numerosas dela; porén, malia ao carácter performativo da intervención do historiador, e en condicións de normalidade, hoxe resultaría anacrónica e intelectualmente recusábel unha alternativa que se evadise dos datos en dirección a algunha orde metafísica ou transcendente, ou incluso a un manifesto punto de fuga teleolóxico. Como é obvio, isto non anula as consecuencias do relativismo discur-

11 Considérese a este respecto o enunciado do primeiro principio da interferencia literaria/cultural en Even-Zohar, que en «Polysystem Studies» formulou como «Literatures are never in non-interference» (Even-Zohar 1990, 59) e en *Papers in Culture Research* como «Interference is always imminent» (2005, 57).

sivo nin as derivadas do coñecido como xiro lingüístico. Tampouco as debidas á marca construtivista referida á correlación entre a teoría e os seus obxectos, que leva Even-Zohar (1990, 3) a afirmar que o único modo adecuado ou viábel de observar un determinado obxecto de investigación é a través do estabelecemento de hipóteses segundo as cales aquel está efectivamente suxeito a un conxunto localizábel e relativamente sucinto de leis, cuxo descubrimento e formulación debería constituír o obxectivo de toda ciencia.

A teoría dos polisistemas de Itamar Even-Zohar presentábase en 1978 como unha aproximación propicia á análise da metodoloxía histórico-cultural e á concreción de alternativas aplicábeis en particular ao tratamento historiográfico dos sistemas dependentes ou minorizados, talvez porque esa era xa desde dez anos antes unha das preocupacións básicas do propio Benjamin Harshav (Hrushovski), comparatista e profesor de Poética na Universidade de Tel Aviv e un dos referentes da Unidade para a Investigación da Cultura.[12] Porén, a perspectiva histórica evidénciase con menor énfase nas posteriores compilacións de traballos de Even-Zohar (1990; 2005; 2017), se ben adoita deixarse clara a dobre posibilidade programática presentada como unha teoría dos sistemas estáticos e unha teoría dos sistemas dinámicos. Un aspecto destacábel desa alternativa é o que se expresa con firmeza nestes termos:

> it must be admitted that both synchrony and diachrony are historical, but the exclusive identification of the latter with history is untenable. (Even-Zohar 1990, 11)

2.4 Os límites sistémicos como primeiro reto dunha historia literaria sistémica

A nosa atención debe cinguirse neste momento á resposta que unha historia literaria de fundamentación sistémica está capacitada para ofrecer á serie de catro retos heurístico-metodolóxicos antes citados, que non estará de máis sinalar que son converxentes e interdependentes. Resumirémolos deste modo: 1) concretar en perspectiva dinámica os límites sistémicos e as interaccións polisistémicas, extrasistémicas e subsistémicas; 2) incorporar con sentido relacional non só produtos senón tamén 'posíbeis' (no sentido sociolóxico bour-

12 As epígrafes 'historia da literatura', 'historia cultural' ou 'modelo histórico' vertebran o sumario e os contidos de *Papers in Historical Poetics* (Even-Zohar 1978). Sobre isto mesmo, véxase a análise parcialmente diverxente de González-Millán (2001b, 306), quen considera que en Even-Zohar hai unha incorporación dun horizonte histórico sobre o modelo inicialmente constituído, pero que resultou pexado pola «mediación dun esquema heurístico excesivamente sistemático e abstracto».

dieusiano); 3) optar entre o modelo da secuenciación tradicional ou o da policronía dinámica para dar conta da evolución e dos cambios sistémicos; e 4) conformar unha selección (crítica?) de datos heteroxéneos historizábeis e axustar, se non unha 'historia efectiva' en sentido pleno, si polo menos un diálogo cos construtos historiográficos previos ou concorrentes.

A cuestión dos límites na teoría de sistemas é fulcral desde que Niklas Luhmann asumiu os postulados de Humberto Maturana e Francisco Varela sobre a autopoiese. Como sinala Maldonado Alemán (2006, 19-23), en Luhmann os 'sistemas sociais autopoiéticos' son sistemas autónomos que se organizan de forma autoprodutora, autorreguladora e autorreferencial e que estabelecen uns límites diferenciadores co seu entorno. Así entendida, é claro que a autopoiese mantén puntos de converxencia co que noutras plataformas teóricas poden representar a cultura como sistema semiótico modelizante na semiosfera (Lotman), o *habitus* no campo social (Bourdieu), o repertorio no sistema cultural (Even-Zohar) ou a vida textual e a vida antropo-social nas coordenadas da institución literaria (Moisan). Maldonado Alemán (2006, 27) apunta que serían tres as relacións das que debería ocuparse unha historia dos sistemas literarios: as intrasistémicas, as extrasistémicas e as intersistémicas. En todo caso, insistirei de novo na advertencia sobre o que antes interpretei como unha especie de redución aos principios de sistema e localización únicos, mediante a cal o analista tenderá (erroneamente) a ignorar a existencia de redes sistémicas alternativas á considerada como referencia autopoiética basilar, ou tamén a pertenza a unha rede sistémica *outra* dalgún factor ou relación supostamente intrasistémico.

Dito en palabras máis categóricas: nun espazo social determinado non ten por que haber un único sistema social/cultural (é máis, ese caso sería excepcional;[13] case imposíbel, cando menos no mundo moderno), e un factor sistémico dado pode asociarse simultaneamente (a maioría o fan) a diversas redes sistémicas, en definitiva, a diversos sistemas.

Na concreción dos límites sistémicos sería produtivo fixarse nas interferencias en dous ámbitos merecedores de diferenciación, aínda

13 Lémbrese a diáfana posición de Even-Zohar ao respecto e as súas reservas sobre calquera redución da heteroxeneidade nos estudos literarios: «The acuteness of heterogeneity in culture is perhaps most 'palpable,' as it were, in such cases as when a certain society is bi- or multilingual (a state that used to be common in most European communities up to recent times). Within the realm of literature, for instance, this is manifested in a situation where a community possesses two (or more) literary systems, two 'literatures,' as it were. For students of literature, to overcome such cases by confining themselves to only one of these, ignoring the other, is naturally more 'convenient' than dealing with them both. Actually, this is a common practice in literary studies; how inadequate the results are cannot be overstated» (Even-Zohar 1990, 12).

que todo o que se está a postular debería conectarse con realidades concretas, sen permanecer por tanto nun simple plano de abstracción teórica. En primeiro lugar, estarían as que cabería denominar relacións *paratácticas* ou de coordinación. É un ámbito do que se vén ocupando así mesmo a historiografía comparatista con desigual fortuna; por exemplo, baixo modelos do tipo 'estudo das relacións (en suposto pé de igualdade) entre as literaturas nacionais A e B', ou 'relacións entre as literaturas rexionais X e Z'. Na dimensión relacional paratáctica poden analizarse aspectos asociados ás dinámicas intersistémicas centro-centro (entre os centros de dous sistemas relativamente homologábeis baixo parámetros de fortaleza, estabilidade e proxección histórica) ou vinculados coas dinámicas centro-periferia (entre o centro dun sistema e a periferia doutro sistema de novo relativamente homologábel ao primeiro no sentido indicado), que ás veces cabería ver como dinámicas entre o central e o radial (talvez exemplificábeis estas por alusión ás relacións existentes entre a cultura literaria que fixa o seu centro en París e as culturas ditas francófonas). Mais o anterior non abondaría. Sería preciso complementalo coa atención ás relacións hipotácticas, ou de subordinación, máis pendentes neste caso das xunturas-disxunturas e dos engarces entre o (poli)sistema e o(s) seus subsistema(s). O modelo neste caso podería formularse cunha expresión do tipo 'estudo das relacións entre unha literatura nacional e as literaturas rexionais nela inscritas en termos xeoculturais'.[14] O relevante é entendermos que o sistema cultural é sempre un sistema complexo en razón de límites, interrelacións e xerarquizacións.[15]

Nunha publicación anterior explorei a rendibilidade operativa da noción de 'delegación sistémica', próxima á de 'subsistema'[16] e igualmente receptiva ao modelo bourdieusiano dos campos sociais e ao que poderiamos catalogar como unha topoloxía de sistemas (Casas 2003, 74-5). Por afectar ás relacións intersistémicas hipotácticas intentarei

14 Pénsese, por exemplo, nun artigo que se titulase «A poesía chairega: especificidades nas coordenadas literarias galegas». Ou noutro como «Personaxes xuvenís na novelística oitocentista de Nova Inglaterra no contexto da narrativa estadounidense contemporánea».

15 Tamén –concedendo atención a Lotman– entender que a fronteira semiosférica é un factor simultáneo de organización (cara a dentro) e de desorganización (cara a fóra). Por concretar, as historias literarias adoitan dotar de coherencia e homoxeneidade –nun sentido ou en varios: temático, estético, de cosmovisión, sobre o lugar concedido ao humor, á paisaxe…– o estudado de portas para dentro (a literatura da nación A) e atribuír en cambio doses notábeis de heteroxeneidade e desorde ao que fica fóra dos límites estabelecidos nesa proposta (as literaturas do resto das nacións, que resultarían ser abondo máis plurais, e mesmo caóticas, ou faltas de identidade específica, especialmente no caso da nación *outra* por antonomasia, que no caso das literaturas de nacións sen estado resulta obvio cal é).

16 Empregada esta por Elias Torres Feijó en distintos traballos a partir do ano 2000 e aplicada nas investigacións sistémico-culturais do Grupo Galabra, por el dirixido. Sobre a teorización de Torres Feijó, moi conectada co modelo de Even-Zohar, volverei máis adiante.

redefinir o concepto con maior precisión. Unha delegación sistémica é o resultado dunha interferencia entre sistemas culturais que proxecta a escala e con carácter global o centro do sistema fonte no centro ou na periferia do sistema receptor.[17] Do que se trata, pois, é de que se exporta ou despraza en escala menor a outro sistema –con frecuencia a outro sistema en proceso de emerxencia, que o sistema exportador aspira a obstruír, a illar ou, como pouco, a tutelar– o conxunto de características funcionais que definen o centro do sistema fonte.

A existencia da delegación sistémica lígase a dous posíbeis factores: o prestixio do sistema fonte e/ou un certo grao de proximidade sistémica. Tal proximidade pode ser de índole xeográfica, lingüística, político-administrativa, cultural, ideolóxica, relixiosa… A marca de globalidade presupón que a proxección a escala do centro do sistema fonte non se limita a elementos de repertorio, senón tamén de mercado, de consumo e sobre todo institucionais. Por tanto, esa globalidade proxectada acaba implicando un reto ao mantemento dunha identidade cohesionada no sistema receptor (ou na cultura receptora): a delegación sistémica, en canto 'sistema a escala', entra en concorrencia co sistema receptor e desestabiliza ou dilúe as súas chaves identitarias.

Alén disto, a interferencia descrita suxéitase plenamente ás leis da interferencia cultural postuladas por Even-Zohar desde 1990, o cal significa, entre outros extremos, que se produce de xeito unidireccional desde un sistema forte ou prestixiado a outro sistema feble ou dominado; ou, noutras ocasións, a un sistema emerxente en proceso de constitución.

Significa igualmente que a delegación sistémica, como resultante da interferencia producida, redistribuirá a súa identidade funcional (non necesariamente homóloga á do centro do sistema fonte) e normalmente simplificará, regularizará e esquematizará os elementos e relacións importados ou apropiados, se ben tenderá a manter unha relación de dependencia co sistema fonte. Esa simplificación redundará, por exemplo, nunha aceptación da minorización sistémica propia, nunha interiorización da subalternidade e nunha limitación ao 'local'

17 Non poñería inconveniente a substituír 'sistema receptor' por 'cultura receptora' se se rexistra insuficiencia sistémica. En procesos históricos de colonización, ou de expansión imperialista, a delegación sistémica formaría parte do aparato de asimilación cultural que sucede á fase de maior rigor na aculturación das comunidades sometidas (cf. Neves 2012). Nestes casos, sempre acaba por aparecer e estabelecerse unha burocracia intelectual que é un dos mecanismos máis efectivos na consolidación da hexemonía e que, á súa vez, acabará sendo albo preferente das reaccións contrahexemónicas de resistencia cultural. Doutra banda, nos procesos modernos e contemporáneos de centralización derivados da constitución de Estados que planifican unha homoxeneización cultural (practicamente todos), as delegacións sistémicas forman parte das correas de transmisión xerarquizadoras que aspiran a instaurar un recoñecemento da superioridade da cultura nacional-estatal sobre as manifestacións estereotipadas e minoradas do presentado como 'local/rexional'.

e 'menor' das aspiracións de todo sistema cultural autónomo. Por outra parte, cando se di que a proxección sobre o sistema receptor pode recaer no seu centro ou na súa periferia, quere indicarse que a localización funcional da delegación sistémica terá unha fortaleza/prestixio e exercerá un dominio variábeis, que dependerán das circunstancias históricas específicas en cada caso.

Non se ten sinalado entre os investigadores vinculados co paradigma sistémico a notábel cantidade de ocasións en que Even-Zohar fala de *comunidades*, noción acaso ambigua en sentido teórico-sistémico pero non tanto como referente cultural.[18] Precisamente, a incorporación que suxiro do concepto de delegación sistémica ten un encaixe doado no marco das relacións entre comunidades vinculadas por algunha relación de dominio e sometemento ou por lazos históricos derivados de procesos de expansión ou colonización.[19] De aí a equiparación última a unha polaridade sistema-subsistema e ás dinámicas de emancipación/sometemento.

A partir de aquí, como proceder a unha historización da complexidade e da heteroxeneidade? Semella claro que as dimensións xeográfica e lingüística, inesquivábeis na historiografía literaria, saen tamén ao paso cando se opta pola perspectiva sistémica. Unha e outra deberían concentrar unha parte importante dos esforzos xustamente en pensar a correlación autopoiese-contorno, en pensar os límites e o extrasistémico como factores construtivos do sistema, algo que a historia literaria de base nacional nunca fixo,[20] basicamente

18 De feito, non semella demasiado arriscada a conxectura de que nos traballos de Even-Zohar *comunidade* é equiparábel a maioría das veces a *nación*. Quizais non deban ecuacionarse os dous termos e conceptos no discurso deste teórico, pero case sempre e como mínimo –reitéroo– o uso do primeiro engloba o significado do segundo, ás veces sen menor/maior extensión perceptíbel. A esta luz, talvez sería necesario matizar a posición de González-Millán (2001b, 304) sobre o silencio ou relegación implícita da lóxica discursiva nacional nos textos teóricos de Even-Zohar, xuízo que estendeu aos de Pierre Bourdieu.

19 Even-Zohar estabelece nas súas propostas que centro e periferia non se configuran necesariamente nos polisistemas culturais como posicións singularizadas. Nun mesmo polisistema é posíbel que existan varios centros e varias periferias. Interpreto que canto máis complexo sexa o polisistema, en función da dinámica das relacións entre factores ou en función dos subsistemas integrados, maiores posibilidades haberá de xeración de centros-periferias digamos *sectoriais*. Queda para outro lugar o estudo dunha posíbel adaptación do concepto de delegación sistémica en sentido intrasistémico (na liña de xerarquía hipotáctica sistema-subsistema), que iría asociada a unha dobre funcionalidade principal, a cohesión e o control. En definitiva, a unha *provincialización* ecoica da cultura no sentido central-radial ou centro-periferia.

20 Estimo que nin sequera en proxectos receptivos ao paradigma empírico-sistémico. Un caso significado é o representado polo proxecto *La Vie littéraire au Québec*, na actualidade dirixido por Denis Saint-Jacques e Maurice Lemire, con cinco volumes publicados dun total de oito proxectados. Nos volumes 3, 4 e 5 aparece un capítulo inicial titulado «Les déterminations étrangères du champ littéraire», pero non creo que alcance a ocuparse das tarefas concretas que acabo de sinalar como obrigadas. O capítulo correspondente ao volume 5, por exemplo, centra a atención en tres esferas de relacións exteriores: a literatura francesa, o catolicismo e a cultura estadounidense (Saint-Jacques, Lemire 2005, 9-29).

por asumir a centralidade da idea da nación como modelo normativo que se afirma en operativos de exclusión e que deixa en suspenso *ad kalendas graecas* calquera recoñecemento sobre o seu estatuto inventado/postulado e consensuado/imposto.

Pero existe un factor máis que afecta a esa correlación autopoiese-contorno nos sistemas culturais e en particular nos literarios: o fenómeno da tradución, excluído case sempre da perspectiva histórica-historiográfica malia resultar capital baixo un punto de vista sistémico, e non precisamente por entender a literatura traducida como serie xustaposta de produtos e repertorios secundarios senón como parte integrante, en pé de igualdade, da rede de factores sistémicos que definen o polisistema e determinan o seu rumbo.

Entón, desbotada a burda equiparación entre sistema literario e literatura nacional, que facer? Fixar como referente da historia literaria a cultura, a lingua, o espazo social, a esfera pública, a etnia, a comunidade, o territorio… e, por tanto, *unha* cultura, *unha* lingua, *un* espazo social, …, *un* territorio dados? A solución non é única, e claramente dependerá da planificación previa e dos efectos procurados polos axentes que asuman o programa historiográfico. José Lambert vén reclamando desde comezos dos anos noventa que se privilexie unha localización espacial-administrativa ('literatura *en* A', alternativa a 'literatura *de* A'), non exactamente descrita como territorial, na cal se trataría de observar as formas de cohabitación entre literaturas/linguas/culturas e as institucións públicas, sobre todo o Estado (Topuzian 2019). Alén do alcance das aplicacións específicas desenvolvidas por Lambert a propósito das sociedades multilingües e multiculturais, a proposta ten interese. E ademais activa engarces produtivos co *Spatial Turn* vivido nos últimos decenios polas ciencias sociais. Xustamente por isto, apuntei nun traballo anterior a posibilidade de desenvolvemento dunha xeohistoriografía literaria organicamente pendente das dimensións local, rexional, nacional e mundial da cultura literaria (Casas 2005), para a cal constatei a existencia de catro programas de investigación en marcha con resultados aproveitábeis. Son os debidos a Dionýz Ďurišin e á Escola de Bratislava, ás teorías empírico-sistémicas (Schmidt, Even-Zohar, Tötösy de Zepetnek, o CRELIQ e logo o CRILCQ no Quebec), aos estudos poscoloniais e sobre a subalternidade e ao que podemos representar con Mario J. Valdés e o Comité de Historia Literaria Comparada da Asociación Internacional de Literatura Comparada.

Cinguíndonos só á segunda das perspectivas amentadas, a cuestión dos límites sistémicos carece a día de hoxe dunha solución consensuada, en especial a propósito das que denominei 'relacións hipotácticas'. Porén, considero que o seu estudo alcanza no modelo analítico de Torres Feijó (2004) útiles ferramentas a propósito da dialéctica sistema-subsistema, con integración así mesmo de conceptos tan operativos para unha historia literaria de base sistémica como

os de 'protosistema', 'parasistema' ou 'enclave'.[21] A diferenciación previa formulada por Torres Feijó (2004, 428) entre 'espazo social' e 'conxuntos sociais' incorpora en realidade algo máis que as formas de cohabitación de Lambert, ao outorgar peso analítico non ao recoñecemento institucional da diferenza senón á conciencia sociocultural da diferenza/dependencia/conflito e á decisión e capacidade de intervir a fin de xestionalos e negocialos na esfera pública. Paréceme unha opción viábel e prometedora que habería que contrastar en relación con diferentes marcos sistémicos. Por exemplo, o das culturas poscoloniais latinoamericanas no século XIX, no cal a dialéctica historiográfica entre sectores conservadores e liberais ofrece datos de grande alcance político-institucional, culturolóxico e performativo en dependencia dos modos e dos ritmos cos que produciu o acceso á independencia nas distintas repúblicas –os casos extremos poderían ser o chileno e o mexicano–, pero tamén en razón do grao de implantación e consolidación das tradicións coloniais.[22]

O fundamental, na problematización aquí estabelecida, sería a alternativa historiográfica que desde aqueles marcos sistémicos sexa factíbel formular. A opción de constituír unha historia literaria sistémica como suma integrada dunha serie de historias parciais dos factores vinculados á rede investigada (historia dos repertorios, do consumo, das institucións…) é non só inapropiada senón absurda e estéril desde un punto de vista sistémico. Do mesmo modo, a opción de configurar a historia literaria dun polisistema por adición das historias sectoriais dos seus subsistemas carece de sentido.

21 O subsistema caracterízase neste modelo teórico por acoller «práticas que, mantendo especificidades a respeito do sistema originário, nom pretendem impugnar a sua pertença a este (o que, provisoriamente e de forma insuficiente e esquemática, se pode fazer equivaler a 'literaturas regionais' tal como entendidas, por exemplo, no contexto cultural ibérico)» (Torres Feijó 2004, 429). O protosistema acollería en cambio «práticas tendentes à configuraçom dum novo sistema segregado do sistema a que se está vinculado» (429). E o parasistema existirá en canto haxa «redes culturais, com vínculos de compartiçom exclusiva entre os seus membros, que actuam e se desenvolvem num espaço social ocupado por um sistema a que nom pretende substituir nem impugnar mas com o qual nom se vincula em modo nengum, do qual nom fai parte» (429) (Torres exemplifica coas prácticas culturais das comunidades ciganas en distintos espazos sociais europeos). Finalmente, un enclave é un espazo social que se vincula a outro actuante e admitido como metrópole e que asume unha pertenza común a un único sistema cultural, algo relativamente corrente nas comunidades de emigrantes europeos que se instalaron nas grandes cidades americanas ao longo do século XIX e unha parte do século XX.

22 Beatriz González Stephan (1987, 186) explicouno con detalle: «donde las estructuras coloniales tuvieron un arraigo más profundo, el proyecto liberal se cumplió de forma moderada, dando lugar a un conservadurismo con tintes liberales, que, paradójicamente, facilitó el surgimiento de historias literarias alrededor de la década del 60 [s. XIX]. Epistemológicamente el discurso histórico tenía un asidero: fundamentar la razón de la misma historicidad en y desde la Colonia, asumiendo más o menos de forma crítica el legado hispánico. Son los gobiernos conservadores los que aceleran la aparición de estas historias, independientemente de que estén concebidas bajo una perspectiva liberal o conservadora».

Malia isto, existe un número apreciábel de tentativas desa clase, con frecuencia autoproclamadas *sistémicas*. Sobre elas, só cabe admitir o seu carácter básico e ancilar, nada máis. O tipo de programas que representan é claramente insuficiente, por canto unha historia sistémica obrígase a dar conta ante todo das relacións de interdependencia factorial (ou, na segunda vertente, das relacións hipotácticas sistema-subsistema) e non existe posibilidade ningunha de describir funcionalmente os factores do polisistema (ou, na segunda vertente, os subsistemas) de forma isolada e autonomizadora. Trazar de modo autónomo a historia dun factor ou a correspondente a un subsistema –ou, noutro plano, reducir a heteroxeneidade a homoxeneidade– non é facer análise sistémica.

2.5 Espazo dos posíbeis, policronía dinámica e aporía crítica

A partir de aquí, referireime de maneira moito máis sucinta aos outros tres retos dunha historia da literatura sistémica. En primeiro lugar, tratarei sobre a dialéctica entre produtos e posíbeis. Parece probado que a análise sistémica outorga prioridade como obxecto de atención aos factores e ás relacións existentes (existentes en canto efectivos, actualizados), e que, como mínimo, deixa nun segundo plano a investigación sobre alternativas posíbeis de constitución factorial e da rede relacional vinculada. Isto obedece seguramente a un dos obxectivos heurísticos resaltados por Even-Zohar, sobre todo na súa revisión da teoría dos polisistemas: o intento de reducir os parámetros, e as conexións entre eles, a fin de que o obxecto de estudo sistémico asegure un carácter empírico. Para ser exactos, haberá que acrecentar que a teoría dos polisistemas asume o que Lotman e Uspenski ([1993] 2000, 191) denominan «principio de alternatividade», polo cal elementos, ordenacións ou estruturas semiótico-culturais –incluído o sistema semiótico íntegro– son percibidos como alternativas.

Na dialéctica produtos-posíbeis, contemplada basicamente na perspectiva do repertorio e na da correlación *culture-as-goods* / *culture-as-tools*,[23] Even-Zohar ten presentes varios modelos, entre eles os da socióloga Ann Swidler e os da Escola de Tartu-Moscova

23 Even-Zohar observa que a efectos da concepción dunha nova historia literaria, máis que optar por unha historia da literatura/cultura como bens ou por unha historia da literatura/cultura como ferramentas, o interesante sería habilitar unha historia da interdependencia de ambas as concepcións, «porque podría explicar las circunstancias que hacen posible que la literatura mantenga o pierda su posición en la actividad incesante para manejar los repertorios de vida en la sociedad» (Even-Zohar 2017, 83).

(Lotman, Uspenski e Ivanov en particular),[24] pero evidencia un interese moi prioritario por dialogar coa teoría dos campos sociais de Bourdieu e en particular coa noción de *habitus*. Porén, a consideración en primeiro plano do repertorio como conxunto de regras e de materiais potenciais para a produción e o consumo no marco dun sistema dado, e a propia conexión entre aquel e o par produtor-produto, resultan insuficientes para explicar todo o que na teoría dos campos sociais si explica a correlación entre as posicións ocupadas no campo, o espazo dos posíbeis e as tomas de posición entendidas como eleccións entre posibilidades.

Segundo postula Bourdieu, o espazo dos posíbeis é un sistema de coordenadas que media sempre entre as posicións e as tomas de posicións efectivas tal como unhas e outras son percibidas desde un *habitus* concreto. Que ofrece o espazo dos posíbeis como obxecto de análise diacrónica para unha historia co campo? Bourdieu (1992) sinala, entre outras metas, a constitución das traxectorias sociais de grupos de axentes, entendidas como as series de posicións ocupadas en espazos sucesivos en interdependencia cos respectivos espazos dos posíbeis. Entendo que tan complexa tarefa, necesaria pero non suficiente como programa historiográfico de base sistémica, carece de parangón no modelo de Even-Zohar.

O terceiro reto anunciado consiste na práctica nunha opción entre modelos de articulación da diacronía. Entre a secuenciación tradicional e a policronía dinámica, este segundo modelo parece o idóneo para a concreción dos cambios sistémicos mediante un criterio comparativo entre cortes temporais, que, como antes se indicou, poderían lerse como unha sucesión discreta de estados de sistema sometidos a contraste. Deste modo, ademais, a combinatoria descrición-narración ofrecería mecanismos de seguridade limitadores da tendencia omnicomprensiva e uniformizadora do relato historicista tradicional e da autoridade homoxeneizadora do narrador-historiador. Limitaría así mesmo a propensión causalista e a ordenación cronocausal da realidade documentada. E activaría cando menos unha disposición crítica fronte ao que Hayden White (1973) estudou como *metahistoria*, isto é, a infraestrutura discursiva que prefigura unha opción tropolóxica constituínte do discurso historiográfico e que en realidade sería previa á diversificación de propostas por motivacións ideolóxicas ou metodolóxicas.

24 Neste punto, discrepo do xuízo de Even-Zohar (por exemplo, en 2005, 37-8) sobre o carácter pasivo da noción de cultura en Lotman. En colaboración con Uspenski, Lotman explicou a cultura como mecanismo semiótico de produción de textos (e lémbrese o sentido específico deste concepto na Escola de Tartu-Moscova). Carezo de espazo para ampliar argumentacións, polo que me limito a citar: «La cultura en general puede ser presentada como un conjunto de textos; sin embargo, desde el punto de vista del investigador es más exacto hablar de la cultura como de un *mecanismo que crea* un conjunto de textos, y de los textos como de la *realización* de una cultura» (Lotman, Uspenski 2000, 178; cursivas miñas).

Finalmente, unha historia da literatura de fundamentación sistémica tería que resolver o que algúns chamarían 'a aporía crítica'. A expresión é sen lugar a dúbidas moi esaxerada, e ademais está desenfocada. Nas premisas sistémicas, concordantes neste punto co que noutra altura significaron a *nouvelle histoire*, ou historia das mentalidades, e anos despois a historia cultural e os *Subaltern Studies*, non se acepta a preeminencia do socialmente prestixiado como obxecto privilexiado de estudo. Como di Even-Zohar (2017, 12), non se pode confundir a investigación coa crítica, a análise coa atribución de valores. Por iso mesmo, na investigación sistémica non se discrimina a atención á produción cultural marxinal ou á non prestixiada. Porque, como subliña o teórico no mesmo lugar, ningunha ciencia pode permitirse seleccionar a materia que investiga a partir de criterios que teñan que ver co gusto e con xuízos de valor. Todo isto é indiscutíbel. Malia o cal deberá advertirse que 'crítica' non é un concepto que necesariamente remita a valoración persoal ou a un horizonte axiolóxico. Nin moito menos.

Conforme antes se adiantou, existen dúas vertentes da suposta 'aporía crítica' que se fai necesario aclarar. A primeira ten que ver coa selección do que se someterá a exame. Non existe posibilidade ningunha de investigar a totalidade, e ademais, como ten lembrado Valdés ao fío do debate sobre a laboriosa empresa de planificar unha historia das culturas literarias latinoamericanas, multiplicidade e heteroxeneidade non son equiparábeis a totalidade. Neste sentido, a aspiración á documentación e á transcrición do absoluto dos datos supón un programa inabordábel e inasumíbel. Para unha historia da literatura de base sistémica ou para calquera outra vía enfocada no século XXI en sentido historiográfico. A resistencia á tentación neopositivista debería ser nesta orde un principio firme da historia literaria por vir.

A alternativa é simple. Consiste na aceptación do procedemento de selección crítica de referentes (axentes, repertorios, produtos, eventos, institucións, espazo dos posíbeis, tomas de posición…) como garantía dunha representación da heteroxeneidade. Partindo da proposta formulada por Even-Zohar de que tamén a investigación sincrónica (e non só a diacrónica) é histórica de raíz cando se resolve con metodoloxía sistémica, o mesmo criterio ten aplicabilidade á análise do sistema cultural no marco dunha teoría de sistemas estáticos.

Limitarei agora a segunda vertente, que máis arriba se introduciu da man da chamada *operación historiográfica*, á esfera autorial do investigador-historiador e ás conexións que este poida trazar entre o sistema/tempo analizado e o sistema/tempo propio, que é o da súa investigación-escritura. O debate teórico é suficientemente coñecido. O fundamental é o feito de que toda historización dun pasado presupón unha comprensión experiencial do presente. Antes de calquera outra razón, porque o presente é o único lugar posíbel desde o que exercer a observación da historia e desde o que proceder a unha enunciación historiográfica. Xa neste sentido inicial, non existe po-

sibilidade dunha historia *acrítica* ou non performativa. Motivo polo cal algúns teóricos da historia falan de que o oficio de historiador é un oficio de mediación. E non falta quen estabelece un correlato pragmático entre historia e tradución. Pero máis que a esta clase de consideracións querería dirixirme, para rematar, ao terreo do que antes tratamos como 'historia efectiva'.

No breve texto de Gaspárov que se citou e tamén nas páxinas que Lotman e Uspenski dedicaron a unha errónea aplicación dos principios de autodescrición e autocomprensión das culturas, menciónase a tendencia dos historiadores literarios a introducir a información sobre a recepción dun determinado autor ou poética, en épocas posteriores ás súas propias, como un complemento da análise realizada sobre aqueles. Para certas sensibilidades epistemolóxicas, iso suporía incorrer nunha dislocación non xustificábel, por canto o interese desas propostas recaería así, precisamente, sobre os seus sucesivos enunciadores historiográficos, partícipes nunha historia de efectos aberta no tempo e nas interpretacións/análises dos eventos, dos axentes e dos procesos. Pois ben, unha historia da literatura de base sistémica debería asumir o compromiso de atender e incorporar eses efectos –a 'historia efectual' (Valdés 2002, 76-80; Casas 2004, 55)–, non limitándose a unha observación supostamente desprexuizada e obxectivista de fenómenos históricos.

E creo que debería pensar e declarar, así mesmo, a posición e o espazo dos posíbeis dos que operan o propio analista-historiador e o seu discurso. Isto non ten por que conducir a un programa hermenéutico nin a unha ego-historia; tampouco a unha saída epistemolóxica como a alcanzada por Mieke Bal e a Amsterdam School for Cultural Analysis (Bal 1999), na cal o pasado interesa fundamentalmente como unha parte do presente, e a análise cultural –por oposición á historia– é entendida como 'memoria cultural no presente'. Pero si sería oportuno que activase, cando menos, un exercicio de autoanálise como o afrontado por Bourdieu en diversos momentos da súa traxectoria. Porque quen negará validez ás palabras do sociólogo francés coas que poño fin a estas reflexións?

> Compreender é primeiro compreender o campo com o qual e contra o qual cada um se fez. (Bourdieu [2004] 2005, 40)

3 Sistema literario, campo literario e literatura nacional como obxectos historiográficos
Situación galega

Sumario 3.1 A historia literaria, operativo de intervención discursiva. – 3.2 Fundamentación teórico-crítica da innovación procurada. – 3.3 O sistema-único en perspectiva funcionalista. – 3.4 Retos e propostas para unha nova historia literaria galega. – 3.5 Topoloxía sistémica. – 3.6 O espazo dos posíbeis. – 3.7 Policronía dinámica. – 3.8 Lugar da crítica na historia do sistema literario.

3.1 A historia literaria, operativo de intervención discursiva

A opción funcionalista ou sistémica en historiografía cultural ou literaria presupón a atención a catro planos complexos e nalgún sentido aporéticos en canto se someten a unha lectura en estrita perspectiva nacional. Eses planos son os seguintes: 1) explicación dos límites sistémicos ou de campo e das interaccións sistema-extrasistema e sistema-subsistema; 2) incorporación relacional do que a teoría dos campos sociais define como 'espazo dos posíbeis'; 3) decisión sobre o modo apropiado de incorporar a diacronía sistémica; 4) delimitación funcional do factor crítico que toda historia cultural ou literaria (pre)asume desde o momento en que opera por selección (de obras, autores, repertorios…) e configura o seu discurso como intervención. O obxectivo desta proposta consiste en perfilar eses catro planos en

Nunha fase inicial, este texto presentouse como comunicación, so o título «O funcionalismo dinámico aplicado á historia do sistema(/campo) cultural. Dilemas e alternativas», ao IX Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos, que tivo lugar en 2009 nas Universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña.

DOI 10.30687/978-88-6969-530-8/003

relación coa literatura galega e, de xeito específico, coa heurística e os operativos usuais na praxe historiográfica correlativa.

No sentido que Iuri Lotman deu a estes conceptos, a historiografía posúe entidade e funcionalidade cultural por dous motivos: por xerar estruturalidade semiótica cara ao futuro, en sentido prospectivo, e por promover o esquecemento selectivo daquela parte da memoria que se xulga non rendíbel (Żyłko 2006). Esta é unha máis entre as razóns polas que se pode asegurar que a historia literaria foi, e segue a ser, unha potente maquinaria performativa no sistema social, un dispositivo primordial para a comunidade que a produce e a pon en circulación como comunicado institucional destinado a cumprir funcións autodescritivas, homoxeneizadoras e cohesivas en sentido identitario e ideolóxico (Lotman 2000).[1] Falar nestes termos implica asumir que a historia literaria se habilitou de entrada como produción propiamente institucional e como discurso de autoridade ligado a núcleos lexitimadores de valores culturais, sociais, ideolóxicos, morais, relixiosos, estéticos ou doutra clase. Pero a natureza institucional da historia literaria asenta tamén no rendemento dunha autoridade complementaria, pois quen a escribe ha de mostrarse eficaz na xestión dunha identidade histórica e ha de posuír probada competencia técnico-discursiva e política. Por tanto, a relación entre autoría do discurso historiográfico, campo do poder e campo de produción ideolóxica (Sapiro 2007; Figueroa 2010; Casas 2011; Lourido 2011; 2014) resulta fundamental cando se aspira a entender o funcionamento da historia literaria nun contexto dado.

En canto operativo de intervención discursiva, a historia literaria é susceptíbel de asociarse no plano institucional non só a núcleos hexemónicos, aos seus aparatos de regulamentación político-cultural (academia, escola, medios de comunicación) e ás respectivas 'lóxicas da iterabilidade' (Butler [1999] 2004, 231-61) senón tamén a núcleos de contrapoder, recoñecíbeis ou non como alternativos. Estes funcio-

1 Necesariamente conservadoras ou homeostáticas esas funcións, co sentido en que se vén empregando a palabra na teoría de sistemas? É probábel que si, aínda que sería preciso máis dun matiz sobre esas funcións autodescritivas e sobre a súa lectura do cambio ou do conflito históricos. Algúns deses matices foron tratados por Lotman (2000, 123-31), a quen pertence esta observación: «La autodescripción de la cultura representa una etapa regular en el desarrollo de la misma, etapa cuyo sentido consiste, en particular, en el hecho mismo de [que] la descripción deforma el objeto de la descripción confiriéndole una mayor organización» (128). Coa vella tradición sistémica que arrinca como teoría biolóxica organicista nos anos vinte do pasado século e que axiña comportou repercusións culturolóxicas e incidencia na teoría literaria e na filosofía da historia –abrindo unha vertente que desde formalistas rusos como Iuri Tinianov e Roman Jakobson conduciu ás achegas da Escola de Praga (Galan 1988) e posteriormente ao concepto lotmaniano de *semiosfera*–, o principio mecanicista de causalidade deixou de detentar todo o protagonismo científico, pasando a obtelo o estudo da autorregulación e o da interacción entre as partes dun todo e entre aquelas e a propia totalidade entendida como sistema. Aí ten o seu punto de partida o funcionalismo dinámico co que converxerían Even-Zohar e o grupo de Tel Aviv (Even-Zohar 1990, 2).

nan en realidade como configuradores de respostas político-culturais de resignificación e, por febles que resulten, aspiran a alcanzar algún xeito de institucionalización. O resultado buscado é a configuración de contraespazos públicos, normalmente de carácter sectorial nos seus inicios, por afectaren só determinados ámbitos da vida pública (o literario ou o folclórico, por caso), pero moi activos na refutación dos metarrelatos de lexitimación identitaria, cultural ou política contra os que reaccionan (González-Millán 2000, 63-77). Unha das súas prioridades adoita ser a postulación dunha historiografía cultural diverxente da oficializada no espazo público en que interveñen.

Como é lóxico, a performatividade asociada á praxe historiográfica, e en particular ás prácticas historiográfico-literarias, asume xa desde a súa mesma materialización que está a concorrer ou competir con modelos alternativos. Todo campo social xera un subcampo historiográfico marcado por unha pluralidade de propostas que afectan a opcións epistemolóxicas, as cales, xa antes, inciden na delimitación e identificación do obxecto de estudo. Esa delimitación consiste en realidade nunha operación moi complexa na cal, case sempre de xeito non declarado, resultan activados diferentes parámetros heurísticos e discursivos e se concretan relacións non sempre explícitas entre varias subdisciplinas historiográficas e entre elas mesmas e outros saberes, como a socioloxía, a antropoloxía, a filoloxía, a semiótica da cultura e outros. Entre eses parámetros, malia o que poida parecer nunha primeira impresión afectada polo fetichismo literario ou polas proxeccións didácticas da historiografía literaria escolar, os textos e as autoras e autores non son nin moito menos os principais en termos de organización do discurso historiográfico. Dito doutro xeito: non son os que gozan dun maior grao de autonomía como referentes da comprensión do percurso histórico, pois o habitual é que estean subordinados a algún principio regulador, correntemente de carácter identitario ou ideolóxico, incluído aquí para determinados períodos e culturas o aparato dogmático-relixioso.

A existencia dun campo historiográfico, con todas as consecuencias sobre *doxa*, *habitus*, heteronomía, capital en xogo e demais, constitúe un *a priori* inesquivábel cando se entra a debater sobre modelos historiográfico-literarios. Asumida a funcionalidade semiótico-cultural e sociopolítica indicada, un obxectivo acaído para ese debate sería o recoñecemento e descrición –xustamente a esta luz– dos modelos concorrentes no subcampo da historiografía literaria nunha determinada conxuntura. Podería ser a galega de comezos do século XXI, por exemplo, con todas as implicacións que tal concorrencia leva aparelladas en relación co campo do poder e coas diversas institucións participantes. Porén, esta é unha tarefa de dimensións inasumíbeis neste lugar. Optaremos en realidade por unha vía que, sobre todo por contraste, incorpore unha parte desa descrición, pois do que se tratará é da concreción dalgunhas

propostas conducentes a unha historiografía de base relacional e sistémica de aplicabilidade xeral, se ben con ollada derivada de xeito preferente ao marco galego.

Obsérvese antes de máis que unha das razóns polas que é tan difícil acometer con éxito unha historia sistémica da literatura radica nas vastas esixencias empíricas dunha empresa tal, obrigada a traballar –a mínimo rigor que se esixa– con análise de redes e bases de datos aplicadas non só aos considerados produtores por antonomasia do sistema literario senón tamén ao resto de axentes, así como aos consumidores dos bens que o mercado cultural fornece e a eses mesmos bens e produtos. Así o asumiron nas súas investigacións, entre outros, o Collectif Interuniversitaire d'Étude du Littéraire (CIEL) (Dozo, Fréché 2006) respecto á literatura belga do período 1920-60, da que aspiran a ofrecer unha topografía relacional,[2] e a Rede Galabra[3] respecto á cultura galega da etapa 1968-82.[4] E así o corroborou tamén Isaac Lourido no capítulo quinto da súa tese de doutoramento, «Bases para unha historia sistémica da literatura na Galiza» (Lourido 2011, 457-509), e nunha monografía posterior con base naquela (2014, 347-98), lugares ambos imprescindíbeis en relación cos asuntos que aborda este artigo.[5]

2 Ao CIEL débese unha base de datos (`http://ciel.philo.ulg.ac.be/cielcms/basededonnees.aspx`) centrada na literatura belga en lingua francesa para o período indicado. Incorpora tres sectores, os de autores/as, obras e revistas, articulados á súa vez en diversas categorías internas. Dozo e Fréché describiron nos seguintes termos a articulación interna da base de datos: «Dès sa conception théorique, la base de données CIEL a été pensée pour permettre une exploitation réticulaire de l'information qu'elle contient. Les nombreuses catégories mises en œuvre servent à isoler rapidement les lieux de sociabilité des écrivains, que ces lieux soient des instances littéraires (académies, sociétés, maisons d'édition, etc.), sociales (partis politiques, associations diverses, etc.) ou encore professionnelles (cabinets d'avocats, entreprises, etc.). La trajectoire de l'écrivains est ainsi topographiée, et l'on décèle alors directement, en synchronie, grâce au repérage chronologique intégré à la base, les points communs entre ces différentes 'cartes'. Cet usage sociologique et historique de la base CIEL en sera l'une des exploitations majeures» (Dozo, Fréché 2006, 106). Agradezo a Cristina Martínez Tejero e a Isaac Lourido as informacións compartidas sobre o CIEL e outros traballos desenvolvidos polo Département de Langues et Littératures Romanes da Université de Liège.

3 `https://redegalabra.org`.

4 As investigacións aludidas sobre bens e produtos culturais constitúen xustamente unha das liñas de traballo priorizadas pola Rede Galabra, dirixida por Elias Torres Feijó. En paralelo con outros avances do grupo, Roberto Samartim presentou en 2010 a tese de doutoramento *O processo de construçom do sistema literário galego entre o franquismo e a transiçom (1974-1978)*, publicada posteriormente como monografía (Samartim 2017), en que se concretan importantes achegas conectadas co espazo de intereses que aquí estamos a explorar, como acontece tamén coa compilación de traballos de Torres Feijó e Samartim (2018).

5 Sobre análise de metadatos desde outra tradición teórica, conectada coas humanidades dixitais e coa *distant reading* de Franco Moretti, véxase igualmente o volume *Macroanalysis*, centrado especificamente na proxección dos métodos dixitais sobre a historiografía literaria (Jockers 2013). A clase de operativos heurístico-metodolóxicos dos que se acaba de facer mención, se extremaren a escala de aproximación empírica á

Non operar co sentido holístico da noción de sistema conduce á elaboración de historias sectoriais do sistema. Nalgún sentido, as historias das literaturas nacionais adoitan responder a un programa homologábel a isto que se indica, polo que serían sectoriais ou parciais. Esa vía sería aceptábel e, se se apura o xuízo, mesmo plausíbel. Iso si, a condición de recoñecerse nesa limitación e de non pretender confundir a ninguén, nin no plano heurístico nin no plano metodolóxico.

Será superfluo indicar que o expediente propio dos usos historiográficos tradicionais esixe bastante menos. Tal como se herdou das dúas tradicións principais que flúen desde o século XIX, a herderiano-hegeliana e a positivista, o oficio de historiadora literaria, firmemente suxeito ao que Pierre Bourdieu describe como doxa epistémica, demanda en doses variábeis erudición, dotes narrativas e pedagóxicas, unha certa probidade crítica e, en especial, compromiso cun suxeito histórico formulado como *nación*, *pobo*, *estado*, *imperio* ou *espírito*.[6] Estes ingredientes abondaron a miúdo para consagraren propostas de circulación institucional e escolar moi ampla e para promoveren con elas canons a miúdo blindados contra os procesos sociais, políticos e culturais. Blindados –cabería indicalo así– tamén contra a historia.

3.2 Fundamentación teórico-crítica da innovación procurada

A atención que prestei a esta clase de asuntos nalgunha publicación anterior (Casas 2008; 2010) obedeceu a un cuestionamento metodolóxico no plano teórico-comparado e a un propósito de exploración

realidade cultural e literaria da que aspiran a dar conta, corren o risco de se abeirar a unha especie de neopositivismo sociolóxico-histórico en que os datos analíticos e cuantitativos alcanzados poden chegar a equipararse polos promotores da investigación con todo o que hai que saber sobre o sistema estudado, o cal constituiría unha pretensión probabelmente desmedida e mal orientada (que conducirá algúns a lembrar o brevísimo conto de Borges «Del rigor en la ciencia», recollido en *El hacedor*). Trátase dunha cuestión de fondo asociábel, por outra parte, a un debate de gran relevancia, o centrado na clase de relación que se procura entre os estudos literarios e os estudos sobre a cultura, por un lado, e as ciencias sociais por outro. Mais introduce así mesmo un flanco de orde epistemolóxica relativo aos axustes entre análise e síntese, sempre na axenda –como problema moi complexo– de toda teoría da historia. Son asuntos que tratei xa na parte final do capítulo que precede a este, onde se fala do principio de selección crítica de referentes sistémicos como garantía suficiente para unha representación da heteroxeneidade empírica.

6 Ou de todo iso á vez, como foi propio da historiografía cultural en que se abandeirou o fascismo español desde o anuncio explícito configurado polo volume *Arte y Estado* ([1935] 2009), de Ernesto Giménez Caballero. A partir de 1938, e cando menos até a finalización da Segunda Guerra Mundial, o modelo historiográfico contou cos pródigos auspicios da Subsecretaría de Prensa y Propaganda do Goberno de Franco, ocupada sucesivamente por Millán Astray, Giménez Caballero, Fermín Yzurdiaga e Antonio Tovar. A súa influencia foi máis que notábel na produción crítica e historiográfica do coñecido como Grupo de Burgos, identificado a partir de certa altura coa etiqueta de *falanxismo liberal*.

de alternativas fronte aos modelos das historiografías romántica, positivista e historicista, no meu criterio esgotados no plano científico malia persistiren como ferramentas reanimadas nas prácticas académica e escolar.

Hai tres clases de motivos que permiten falar da caducidade deses modelos. En primeiro lugar, e malia o paradoxal que pareza, por canto conduciron a disciplina á vía morta da *ahistoricidade*, sen daren cun modo acaído de axuste entre os elementos sincrónicos e diacrónicos da realidade sobre a que a historia literaria pretendía informar e sen que se lograse entender nin explicar a procesualidade do literario nin a idea de cambio histórico. En segundo lugar, polo persistente desenfoque na fundamental decisión sobre o obxecto de estudo da disciplina e incluso sobre a propia noción de literatura (ela mesma en proceso continuo). Finalmente, por unha especie de suficiencia epistémica asociada a a sólidas pero escasas referencias metodolóxicas, en especial as propias da retórica, da ecdótica e da filoloxía.

Nesta ocasión o propósito consiste en axustar análise e propostas, de novo con apoio nas bases metodolóxicas empregadas por Itamar Even-Zohar para a súa formulación da noción de polisistema cultural, así como nas relacións por el mesmo recoñecidas no plano conceptual coa semiótica da cultura de Iuri Lotman e a Escola de Tartu-Moscova (Even-Zohar 1990, 2). Incorporaranse así mesmo conceptos e propostas socioanalíticas que corresponden a Pierre Bourdieu, facendo abstracción polo de agora das críticas surxidas desde dentro da propia escola con repercusión nas especificidades do campo historiográfico (casos de Nathalie Heinich, Luc Boltanski e Bernard Lahire, entre outros).[7]

Un dos fundamentos que deberá reforzarse é a comprensión das complexas relacións entre repertorios, mercados, ideoloxía e canonicidade, base de calquera aproximación sistémica á dinámica do campo cultural, segundo soubo ver un membro tan significado do Grupo de Tel Aviv como Rakefet Sheffy (1999; 2002). Tales relacións –e aquí aparece un novo punto de converxencia con Lotman, e noutro plano coa socioloxía de Norbert Elias– nin son mecánicas nin resultan sempre previsíbeis. O máis relevante desde o punto de vista dunha investigación histórica en perspectiva sistémica é xustamente saber localizar, describir e analizar a pugna social e cultural entre modelos, configuradora e postuladora de redes de xerarquías e en definitiva dun canon para o sistema.

Como consecuencia inmediata do anterior, faise preciso recalcar o que de impostura epistemolóxica hai na estendida equiparación

7 Ocupeime recentemente noutro lugar (Casas 2020) destes e doutros procesos internos de disgregación contemporánea da socioloxía da literatura e da socioloxía das artes.

conceptual entre 'literatura nacional' e 'sistema literario'.[8] De feito, a constitución dunha historia literaria sistémica é heurística e conceptualmente irredutíbel á historia dunha literatura nacional. Asemade, o paso desta última modalidade á primeira é imposíbel de efectuar mediante o simple expediente dunha renominalización dos vellos conceptos e dos vellos criterios historicistas, entre eles o de canon. Por motivos como estes, parece optimista de máis a formulación desenvolvida por Roberto López-Iglésias Samartim (2011, 180-6), segundo a cal, no período 1980-2010, a historiografía literaria galega

> pode ser localizada no espaço metodológico delimitado entre duas posições teóricas básicas: 1) a identitária, de caráter heterónomo, focagem histórico-social e nacionalitária e funcionalidade explicitamente política; e 2) a sustentada em postulados sistémicos que, segundo [ela mesma] afirma, tenciona focar a literatura como uma instituição relativamente autónoma. (180)

Claro que o propio Samartim matiza con bo criterio pouco despois que, na realidade, as declaracións metodolóxicas de índole sistémica nese conxunto historiográfico que se acaba de mencionar acaban por neutralizarse a si mesmas no seu desenvolvemento efectivo como discurso historiográfico que achega un certo coñecemento sobre a historia da literatura galega. Isto é, na materialización final de historia literaria que se ofrece como alternativa á tradicional; razón pola que, en efecto, cabe falar dunha neutralización da metodoloxía de partida e mais dunha confluencia dos resultados orixinados desde modelos metodolóxicos supostamente diversos (Samartim 2011, 187-8; 198-201).

Os estudos literarios constitúen un dos campos disciplinares onde menor impacto tivo a longa crise epistemolóxica da historia como saber/ciencia e como discurso marco de prácticas historiográficas sectoriais. Esta crise agromara non sen brusquidade na Francia da III República, en particular a partir da aparición en 1929 da revista *Annales d'Histoire économique et sociale* da man de Marc Bloch e Lucien Febvre. Un dos seus aspectos máis perceptíbeis foi o da loita polo control do campo académico nas dimensións investigadora e

8 Helena Miguélez Carballeira elaborou en esquema unha análise das tres percepcións básicas existentes na actualidade sobre o uso da fórmula 'sistema literario galego' fronte ao que se entende por 'literatura nacional galega' (2009, 272-5). Nesas tres percepcións combinaríanse motivacións político-identitarias e emotivas con outras de condición máis ben técnica, de forma que malia a etiqueta ser de uso bastante xeneralizado entre os axentes de tal sistema resulta complicado saber con precisión a idea que diso se fai quen activa a expresión en cada caso. Véxanse a este mesmo respecto López-Casanova 2003; Torres Feijó 2004; Figueroa 2008. Na consideración do segundo, os sistemas literarios funcionan en tres niveis diferentes: nun espazo socio-político, mercé a un ordenamento xurídico-político e institucional (por exemplo, emanado do Estado); nun conxunto social, por vínculos de índole lingüística, étnica ou similares; e nun marco de libre vinculación que é de natureza máis individual que social (Torres Feijó 2004, 428).

docente, esta última con moi importante repercusión comercial nun país como Francia.

Pois ben, oitenta anos despois desa data non é tarefa sinxela sinalar un correlato no campo da historia literaria, algo que se aproxime en efectividade e consecuencias ao que supuxeron o impacto e a traxectoria de *Annales* como refutación heurística, metodolóxica e académica do positivismo nos marcos da investigación e a docencia da historia. Puido constituílo a Escola de Praga a través do maxisterio de Jakobson, residente alí desde 1920, e da boa recepción dos postulados teóricos de Tinianov por parte de Jan Mukařovský, René Wellek e sobre todo Felix Vodička e a súa escola. Os seus contributos propedéuticos e metodolóxicos son de grande interese para un desenvolvemento semiótico-sistémico da historia literaria (Galan 1988; Doležel 1999). Porén, fóra do volume sobre os comezos da ficción checa moderna publicado por Vodička en 1948, as súas concrecións historiográficas non constitúen logros significativos.

Para alén do anterior, no derradeiro terzo do século XX, academias como a británica ou a norteamericana experimentaron axustes no reparto de influencia e poder entre departamentos universitarios de Letras e foron testemuñas do agromar do New Historicism e doutras metodoloxías innovadoras. Pero isto non supuxo nada comparábel ao acontecido no ámbito da investigación histórica coa influencia de *Annales* e algunhas publicacións anglosaxoas (Hobsbawm 1997). A historia literaria foi renuente á apertura interdisciplinar e tamén o foi, até hai moi pouco tempo, ao traballo colaborativo. E máis importante aínda ca iso: adiou a ruptura con usos historicistas e positivistas proxectados por escolas filolóxicas nacionais de impronta hegeliano-darwinista, por expresalo nos termos de Lotman (1998, 140-51), o cal complicou a aceptación da dimensión crítica da historia literaria e lexitimou fóra de tempo un tipo de discursividade non sempre discerníbel da erudición.

Sen saír deste marco de reflexión, procedo de seguido a presentar en esquema algunhas propostas procedentes de traballos anteriores.[9] Xúlgoas necesarias para fundamentar o que de seguido formularei: 1) a historia literaria enfróntase ao desafío de reintegrarse como disciplina historiográfica e de concertar unha relación directa coa historia, que non hai motivo para pensar en forma de heteronomía disciplinar pero si de complementariedade e sobre todo de renuncia á 'deshistorización'; 2) é esixíbel á historiadora unha declaración sobre as implicacións performativas previstas no seu discurso historiográfico en sentido social e político; 3) para a historia literaria é imprescindíbel a asunción das alternativas

9 Estas sete propostas amplíanse no capítulo «Paratexto e nación», situado no bloque terceiro deste volume.

debatidas ao longo da segunda metade do século XX en relación co coñecemento histórico e cos discursos disciplinares asociados, polo que é preciso que o debate sobre a historia literaria integre o debate sobre a súa propia textualidade e que concrete alternativas á narratividade e á autoridade explicativo-causalista herdadas da historiografía romántica; 4) a historia literaria debera cuestionar dúas axialidades asentadas con selo exclusivista: a do nacional en detrimento do extranacional e a do textual-autorial en detrimento do resto de factores sistémicos; 5) a historia literaria de postulación identitaria é en xeral allea, ou cando menos reticente, á dialéctica entre unha crítica da identidade e unha crítica da diferenza, motivo polo cal a historia literaria de base nacional tende a ser activa na exclusión da diferenza e na de case todo o que non coadxuve á cohesión identitaria;[10] 6) unha terceira axialidade cuestionábel é a da propia historia literaria no marco dos estudos literarios, que adoito incorpora de xeito implícito a consideración de que a historia literaria corresponde facela por dereito propio aos filólogos e de que está fóra de discusión o control académico da disciplina polos departamentos universitarios tradicionais; 7) precísase unha historia literaria capaz de conxugar a razón filolóxica con outras heurísticas de procedencia disciplinar diversa (semióticas, culturolóxicas, sociolóxicas, económicas, comparatistas) para alcanzar así unha alternativa aos programas caducos,[11] unha alternativa que talvez debese comezar por testar en termos empíricos a vixencia académica e extra-académica da disciplina no mundo actual.

10 Nos sistemas culturais subalternos, neonacionais ou non emancipados en termos sociopolíticos e de mercado a tradición historiográfica adoita ser escasa e de traxectoria limitada. A propensión é ao mimetismo en relación con procesos de institucionalización e de lexitimación da historia literaria afianzados desde o século XIX a partir do triángulo lingua-nación-Estado. Con todo, non está claro que esa mimetización diferida nin a performatividade asociada resulten eficaces en relación con algún programa de intervención política para o tempo actual, marcado pola hibridación e as identidades interculturais en proceso. Claro que tampouco é razoábel desde unha perspectiva non necesariamente adscrita á alegorización da nación, acudir ao expediente dun 'desarme identitario' da clase do emprendido nalgún sentido por certas culturas sólidas que cumpriron en tempo e forma un traxecto de planificación e lexitimación historiográficas durante os dous últimos séculos. Alúdese con isto, por exemplo, ao debate sobre o posnacional, emerxente en Alemaña pouco antes da caída do muro de Berlín baixo as condicións dun debate público sobre memoria e culpabilidade históricas. A evidencia de que nos próximos anos se irán concretando no marco da cultura galega, ás veces de modo ideoloxicamente oportunista, propostas historiográficas posnacionais rotuladas de forma diversa demandará con probabilidade a exploración de reequilibrios para a propia historia literaria.

11 O currículo escolar do ensino secundario cede primacía ao par lingua máis literatura nacionais, lido no fundamental polas administracións educativas, e en consecuencia polo profesorado, como gramática máis historia literaria.

3.3 O sistema-único en perspectiva funcionalista

Unha opción funcionalista ou sistémica en historia cultural ou literaria, fronte a posicións latentes como as descritas nalgúns dos puntos anteriores, implicaría visar catro planos, sen dúbida complexos, que deveñen nalgún sentido aporéticos e incoherentes en canto se someten a lecturas de restrición nacional ou son forzados a operaren como intentos de descrición diacrónica dun suposto sistema cultural illado e sen interaccións. Ou, en fin, en canto se aplican á entelequia que noutro lugar denominei *sistema-único*.

Un sistema-único sería o resultado dunha figuración heurística que ignore e exclúa como obxecto de análise aquilo que non forme parte esencial e ideal duns factores previamente seleccionados como relevantes e inherentes. A consecuencia inicial deste operativo consiste en suspender a interacción e en ocasións incluso a existencia de sistemas concorrentes (tamén de parasistemas e subsistemas, cos seus respectivos repertorios e apoios institucionais) no mesmo espazo sociocultural de radicación que se presupón propio ou 'connatural', por exemplo en termos lingüísticos ou xeoculturais, ao que se postula de inicio como sistema autónomo, o cal por esta vía acaba promovido como sistema-único mediante unha especie de falacia autonomista de tripla incidencia. En primeiro lugar, o sistema literario sería autónomo en relación con outros produtos culturais ou artísticos; en segundo lugar, seríao tamén en relación cos procesos históricos, en especial cos de repercusión non estritamente nacional; finalmente, seríao en relación con sistemas literarios alleos, tanto mediatos como inmediatos na cartografía ancilar que a historia literaria incorpore con sustento lingüístico, relixioso, administrativo, cultural ou doutra clase.

Apréciese que como ideoloxema basilar, tanto se falamos de sistemas fortes ou dominantes como se o facemos de sistemas non normalizados ou dependentes, a ideación do sistema-único sublima o non-conflito e interpreta o par autonomía-heteronomía non como unha escala con graos senón en termos absolutos (*o que non é autónomo é heterónomo*, máxima idealista tan absurda como falaz). A inexistencia de conflitos intraculturais (intraliterarios) e en especial interculturais (interliterarios), ou no seu defecto a inatención deliberada aos mesmos, conxúgase cun teleoloxismo darwinista destinado a explicar o éxito histórico e a dominación do medio xeocultural por parte da literatura nacional lida como sistema-único. Isto que se comenta é perceptíbel na maioría de historias literarias francesas, españolas, italianas…; en xeral, éo na historiografía literaria que corresponde aos chamados *estados-nación*. Pero non é privativo dese sector, pois por asimilación estamos perante unha pauta que caracteriza igualmente a serie historiográfico-literaria de entidades nacionais non soberanas en termos políticos.

Malia a transcendencia do anterior, non se detén aquí a repercusión da falacia autonomista. O feito certo é que nela aparecen como aproblemáticos e autónomos os propios factores sistémicos, un a un e tamén nas súas correlacións de parte e de totalidade. Un exemplo apenas: o consumo de produtos culturais ou, se se preferir, a lectura, pasa a verse como a parte simétrica da comunicación literaria, suxeríndose na práctica que a uns produtores autónomos (supostamente centrados nunha cultura de sistema-único, para ser máis preciso) corresponden uns consumidores tamén autónomos (monolingües e monoculturais nas súas escollas de consumo/mercado).

O mesmo podería indicarse moi en particular sobre o repertorio e incluso sobre as institucións. Ambos os factores poden chegar a aparecer dotados dunha falsa autonomía absoluta, inexistente por moito que se force a realidade histórica no tempo que for.

Naturalmente, e isto é o máis perturbador da serie de convencións conxugadas para a subsistencia desa clase de historiografía autonomista, quen consulta conscientemente e cun mínimo sentido crítico este modelo de historia literaria sabe que o que está a ler non informa dunha realidade histórica documentábel con datos empíricos senón dunha abstracción en que só se menciona aquilo que se pactou como existente e central en termos case sempre identitarios. Óbvianse así, sen ir máis lonxe, a maior parte dos elementos heteroxéneos e desestabilizadores do sistema. En particular, os asociados en orixe a sistemas outros (as interferencias das que fala Even-Zohar como consubstanciais á dinámica sistémica) e os que cuestionan a cohesión sistémica (axencialidades non masculina, non heterosexual, non asimiladas en sentido étnico ou cultural, 'insuficientemente' nacionais, etc.).

De se aceptar o símil, resulta algo parecido a promover o estudo dun ecosistema sen prestar atención á cadea trófica ou á diversidade biolóxica, ignorando entre outras cousas a existencia da predación e da loita pola vida (un documental sobre as cebras da sabana tanzana non debería esquecer a existencia das leoas que as espreitan e cazan). Dito nos precisos termos lotmanianos: intentar trazar a historia de calquera forma lingüística –a poesía, por exemplo– de forma autónoma é equivalente a extraer a participación dun instrumento nunha sinfonía e presentar esa extracción como unha obra íntegra (Lotman 2000, 209).

Máis unha vez haberá que insistir en que o procedemento é o activado sen maior xustificación metodolóxica previa para o estudo dunha dada literatura *x*, sinaladamente se esa literatura se considerar 'nacional' polos axentes que interveñen na preparación do proxecto e na súa concreción discursiva. Isto non se limita ao plano da lingua nin equivale a unha impugnación do denominado *criterio filolóxico*.

En realidade, non é necesario facelo se nos situamos en perspectiva sistémico-empírica. Por que? Pois por darse unha incompatibilidade ben simple: unha historia do sistema literario non pode operar con criterios que supoñan unha restrición *do que hai* (por exemplo,

lectores que len nalgunha lingua distinta á vinculada ao criterio filolóxico; por exemplo, tradutores; por exemplo, editores que publican en máis dunha lingua; e, con certeza, o mercado).

Non desexo ocultar con estes razoamentos a pretensión de activar un debate sobre alternativas viábeis a certas forma de entender a tarefa historiográfica que, como mínimo, cabe cualificar de textualistas e aínda textocentristas, alén de subordinantes. Isto último por todo o que representa a tradicional imaxe da filoloxía ao servizo do Estado. Pero tamén, previamente, pola tendencia esaxerada a interpretar que a literatura non sexa outra cousa que o resultado da materialización artística da lingua.

Un exemplo revelador das moitas complexidades en xogo é a introdución á *Historia da literatura galega contemporánea* de Carvalho Calero, que comeza coas seguintes palabras:

> Concibo nista obra a historia da literatura galega como a esposición das realizacións e do desenrolo da fala galega no orde literario. (Carballo Calero 1981, 11)

Ao fío da argumentación que desenvolve este principio xeral (criterio filolóxico) o autor sopesa argumentos colaterais para posíbeis ampliacións heurísticas derivadas da concreta realidade social e cultural sobre a que vai informar. O razoamento de base para a opción decidida a prol do criterio filolóxico é a lexitimidade científica, que Carvalho non considera ao alcance doutras heurísticas, se ben podería pensarse que tal criterio admitiría matices tratándose de discursividades diferentes da historiográfica (a crítica ou a ensaística por exemplo).[12] Creo que Carvalho era consciente da evolución da historia literaria en Europa (e da súa profunda crise) xa desde a etapa de elaboración da súa tese de doutoramento, orixinadora de libros como *Sete poetas galegos* e *Aportaciones a la literatura gallega contemporánea*, ambos de 1955. No limiar a este último aparecen moi claras observacións metodolóxicas sobre a tarefa do historiador literario. Tamén, por certo, unha referencia ao «sistema literario» (Carballo Calero 1955b, 12), anecdótica só se calibramos esta expresión sen termos presente a historia conceptual que hai detrás.

En xeral, na historiografía literaria galega posterior a Carvalho Calero a asimilación do criterio filolóxico perdeu unha parte da entidade teórico-crítica por el considerada. Reiterarei aquí que o aspecto que máis me interesa deste principio organizador da historia

12 Pénsese na súa colaboración só uns anos antes no volume *7 ensayos sobre Rosalía* (1952), onde Carvalho prestara atención simultánea á produción galega e á produción castelá da escritora, cun reparto case simétrico do número de páxinas dedicadas á primeira e á segunda, bastante rechamante malia as obvias consideracións sobre o que aquel volume colectivo significaba naquela altura histórica.

literaria é simplemente un, o da asimilación acrítica do inmanentismo literario. Noutras palabras: a consideración de que a historiografía literaria pode seguir sendo textualista e pode permanecer abstraída do sistema/campo en que adquiren significación social, cultural e política a produción, as tomas de posición, os conflitos, a intervención, a institucionalización… e por suposto tamén os textos.

Unha historia do sistema literario non equivale en ningún caso a unha historia literaria tradicional na cal a axialidade corresponda á lingua, á nación, ao xenio literario ou a algunha variante individual ou colectiva do que foi nomeado *espírito*. Nin en termos de delimitación do obxecto de estudo –bastante máis amplo– nin en termos discursivos. A historia do sistema literario ten de ser obrigadamente relacional: asume que debe dar conta dunha serie de relacións configuradoras de redes (non só autoriais, non só textuais). Isto é, decide informar do que en propiedade se conceptualiza como sistema.[13] No cadro da discursividade iso derivará case sempre en desuso de determinadas fórmulas e de certas narrativas máis ou menos lineais e teleolóxicas. Entre outras razóns porque a historicidade sistémica non pode entenderse só como atención a unha diacronía pendente ou non de orixes e de resolucións emancipadoras, por demandar de xeito ineludíbel, en fin, achegas descritivas do estado do sistema en determinados momentos-fases (sincronía) ligados a un proceso histórico aberto de causalidades e consecuencias sempre múltiples.

Segundo o indicado, unha historia do sistema presupón así mesmo distancia discursiva cos usos epidícticos e avaliativos da linguaxe. Pero significa ante todo un compromiso de coherencia metodolóxica no cal nada se sitúe por riba da realidade obxectiva sobre a que se informa nin á marxe dunha reflexividade aclaradora do lugar (condicionantes, funcións, relacións…) en que se sitúan tanto a disciplina historiográfica como os concretos suxeitos enunciadores do discurso historiográfico. Na terminoloxía de Bourdieu presuporía por tanto unha 'obxectivación participante' que obxectiva ao analista ao tempo que fai o propio co obxecto de estudo.

A fin de evitar, no posíbel, interpretacións erradas do que se está a argumentar, introducirei unha puntualización. Nada do dito significa que non exista aínda un espazo epistemolóxico, académico e escolar para a historia literaria de base nacional nin que, en consecuencia, todo deba orientarse nun sentido posnacional. Significa en realidade outra cousa ben distinta. Primeiro, que ese modelo

13 *Cf.* co uso que recolle, con claro sentido compromisorio sobre a finalidade e alcance da obra que se presenta, o primeiro parágrafo da proposta historiográfica de Anxo Gómez Sánchez e Mercedes Queixas Zas (2001, 5): «O presente volume da *Historia Xeral da Literatura Galega* nace co obxectivo de sintetizar, nun manual de carácter divulgativo, aqueles episodios, obras, autores e autoras fundamentais na configuración do noso sistema literario».

non é o único que a día de hoxe se ofrece como posíbel. E, segundo, que é frívola a clasificación como historias sistémicas ou historias dos sistemas culturais/literarios das que constitúen, apenas, reformulacións da tradición historiográfica romántica ou positivista por simple actualización do glosario consubstancial a eses modelos. Mais parece pertinente introducir neste punto unha anotación sobre algo que se acaba de mencionar, a orientación posnacional da historia da literatura, pertinente a propósito do que aquí se está a comentar porque os seus seguidores adoitan tomar posición de modo ostensíbel sobre as alternativas historiográfico-literarias de procedencia sistémica. Unha toma de posición abertamente contraria por motivos de índole diversa, como haberá ocasión de expor de forma sucinta.

A perspectiva posnacional nos estudos galegos, con explícito propósito de proxección sobre a renovación e a reformulación da historia literaria galega, mostrou un punto de inflexión coa publicación por Kirsty Hooper, en 2005, dun artigo en que cuestionou as posicións de González-Millán sobre a comprensión da literatura nacional e do 'nacionalismo literario', actitude crítica ampliada en segundo plano –segundo é recorrente nos desenvolvementos posnacionais aplicados ao caso galego, como se acaba de sinalar– ao rendemento da metodoloxía sistémica como base para o coñecemento histórico do feito literario. As argumentacións principais de Hooper (2005) dialogaban entón, ademais, coa coñecidas lecturas debidas a Paul Gilroy (1993) verbo do Atlántico Negro e tamén coas posicións teórico-críticas de Joseba Gabilondo, Linda Hutcheon e Joan Ramón Resina, entre outros. Estas consideracións reforzaríanse e ampliaríanse en publicacións posteriores da súa autoría, algunhas delas con atención preferente ás cartografías culturais da emigración galega nas súas dimensións transatlántica e europea e á cuestión do lugar de Galiza na dialéctica entre o local e o global «in a twenty-first-century world characterized as much by horizontal relations between communities as by vertical relations within states» (Hooper 2011, 2). A cita pertence a un libro cuxo título, *Writing Galicia into the World*, é abondo declarativo do que se está a expor. Nel, Hooper incidiu de novo na necesidade de primar un xiro posnacional nos estudos galegos e achegou mesmo unha sorte de tradición teórico-crítica incipiente nesa liña de traballo, na altura configurada no seu criterio por investigadores como Burghard Baltrusch, Danny Barreto, José Colmeiro, Joseba Gabilondo, Helena Miguélez-Carballeira, Cristina Moreiras-Menor, María do Cebreiro Rábade Villar e ela mesma (Hooper 2011, 2).[14]

14 Con toda evidencia, esta nómina incrementouse de forma apreciábel nos dez anos transcorridos desde esta publicación. De resto, serían convenientes algúns matices en relación coa consolidación e continuidade da propia tradición mencionada. Como exemplo referido especificamente a un posíbel redeseño da historia literaria galega, poden verse

Desde o meu punto de vista, algunhas das premisas teóricas basilares dunha historiografía literaria posnacional preséntanse *a priori* non só como razoábeis senón como ineludíbeis, se do que se trata é da superación de concepcións históricas e praxes historiográficas que administran a 'identidade nacional' baixo fórmulas de uniformidade e inmarcesibilidade. En definitiva, baixo pautas de 'ahistoricidade'. Ou, aínda máis, se do que se trata é de impedir que a sombra da nación escureza ou silencie a voz das mulleres, supostamente porque o seu discurso non se acompasa en tal ou cal altura histórica ao referendado por un determinado programa político-cultural e/ou literario. Ou polo simple feito de seren mulleres, claro.

Asunto diferente paréceme o da aplicación crítica efectiva que se faga dos criterios e operativos dunha historiografía posnacional. Ante todo, hai algo que non se debería preterir. En concreto, se a validez do paradigma é independente das condicións específicas do espazo xeocultural de aplicación. En particular, contemplado ese espazo xeocultural en perspectiva relacional. Isto é, observadas as relacións existentes entre el mesmo (unha rexión, unha nación, un enclave) e outros inmediatos a el, en sentido xeográfico ou doutra índole (pénsese por exemplo nunha inmediatez colonial, a que liga unha colonia á metrópole, por distante que esta ficar en termos xeográficos). A cuestión é que non parece o mesmo –nin ten as mesmas consecuencias– aplicar criterios posnacionais a uns espazos que a outros. E falo agora estritamente da historiografía literaria asociada ao paradigma posnacional. Non é o mesmo, por exemplo, aplicar aqueles criterios sobre unha potencia imperial e colonizadora como Inglaterra (e sobre a historia da literatura inglesa) que facelo sobre algunha das numerosas zonas do globo por ela colonizadas (e sobre a historia da literatura producida nesa colonia, que non ten por que ter as dimensións xeoculturais ou demográficas de Australia ou da India, por caso). A referencia ás colonias faise por extremar un pouco a exemplificación e conducila ao absurdo, claro está. Porén esa lóxica é de aplicación, proporcionadamente, a outros espazos de sometemento cultural e/ou político, en particular se estes non alcanzaron unha mínima emancipación nesa mesma orde, a político-cultural. En definitiva, do que se trata é de algo non desemellante ao antes indicado[15] sobre o que presupón o 'desarme identitario' (nacional ou non) en función das condicións de partida do suxeito (nacional ou non) dese desarme.

Noutro lugar tiven oportunidade de sinalar abreviadamente algo que conecta con boa parte do anterior (Casas 2019, 51). Foi xusto por referencia ao exposto por Gabilondo (2016, 55-9) na súa defen-

as reservas introducidas sobre o paradigma posnacional en conxunto, xa antes daquela data de 2011, por unha das autoras mencionadas por Hooper (Miguélez-Carballeira 2009).

15 Véxase a nota 10 deste mesmo capítulo.

sa dunha historia posnacional da literatura vasca. En relación con esta proposta, parecíame entón do máximo interese e da máxima urxencia –e manteño agora esta valoración–, a localización de espazos discursivos historiográficos onde se crucen a subalternidade e o nacional. A que Gabilondo presenta como 'subalternist-postnational-differential history' –por el oposta á que cataloga como historia 'filolóxica' ou 'nacional' da literatura– trataría nese ámbito de concretar un modelo historiográfico alleo a toda forma de neutralización de identidades diferentes ou non homologábeis co sancionado por algunha instancia de control ou vixilancia en termos de 'identidade única'. Pois ben, como fundamento heurístico de partida é moi difícil oporse a isto. Tamén o sería refutar prácticas historiográficas que, segundo o que Gabilondo promove, traten de esvaer e cuestionar os límites que custodian aquela especie de pureza identitaria. Os problemas aparecen no momento en que esa historia diferencial que «blurs borders precisely to question and historicize them» (Gabilondo 2016, 56) concreta quen son os subalternos e os diferentes en cada caso, e que lugar ocuparían nas coordenadas xeoculturais, diáfanas ou borrosas, ás que a proposta historiográfica remite. Porque esas coordenadas sempre acaban por comparecer, por exemplo mediante a inclusión de adxectivacións do tipo 'vasca(s)' ou 'galega(s)', por ficarmos en dous dos campos de análise atendidos por Gabilondo. Que, por certo –e regresemos ao anotado hai un instante–, son coordenadas de condición moi diferente das que poidan corresponder, por poñer un caso, a(s) literatura(s) adxectivada(s) como 'inglesa(s)'.

No meu criterio, para ir concluíndo con esta cuestión, un dos problemas de fondo do paradigma posnacional é a peculiar maneira en que, franqueando portas a axentes nada subalternos vinculados ás veces *centralmente* con outras literaturas nacionais –escasamente sometidas elas mesmas a procesos de posnacionalización homologábeis cos que se postulan e requiren para posnacionalizar a literatura de referencia sobre a que se aplica o modelo–, pode contribuír a acrecentar a dependencia e a subalternidade de literaturas minorizadas. E reitero que esa clase de operativos, con dimensión non só epistemolóxica ou académica, senón tamén política, significan cousas moi diferentes en función das coordenadas xeoculturais de aplicación e das hexemonías en xogo, ou da implantación efectiva e do poder real dos nacionalismos actuantes. Para se facer unha idea cabal sobre isto último abondaría con contrastar, no período histórico de que se trate, as escalas de hexemonía correspondentes ao nacionalismo español, ao nacionalismo vasco e ao nacionalismo galego, por exemplo. Talvez se entenderá mellor de que se está a falar exactamente mediante a mención expresa dunha proposta concreta do autor co que aquí se dialoga. Nela sostense que a Condesa de Pardo Bazán debería ser vista «as a Galician writer, and only secondarily as Spanish» (Gabilondo 2009, 254), percepción cando menos

curiosa aplicada a quen, desde unha posición non moi subalterna, defendeu as ideas que defendeu verbo das limitacións funcionais da cultura galega fronte á española, aínda que isto non sexa o máis relevante do caso. Como tampouco o é aquela estimación sobre a percepción en chave identitaria dunha intelectual concreta. O relevante é sempre, en perspectiva sociolóxica e política, pero sobre todo en perspectiva histórica, determinar contra que e a favor de que tomaron posicións, no exacto tempo histórico en que viviron e no seu espazo de posíbeis, escritoras como Pardo Bazán, Rosalía de Castro, Filomena Dato, Clara Corral ou quen for. Porque non facelo así contribúe a 'deshistorizar' a historia, algo sobre o que Bourdieu se estende en varios lugares da súa produción.[16] E diría que contribúe igualmente a ignorar a propia entidade da 'experiencia histórica' (Koselleck 2001, 33-92; González-Millán 2003a).

Outro aspecto controvertíbel do paradigma posnacional, bastante recorrente no discurso crítico do propio Gabilondo, é o da rotunda refutación da metodoloxía sistémica nos estudos literarios. Sendo razoábeis algunhas das anotacións que sobre isto se introducen por parte de diversos analistas, será oportuno sinalar aquí que as críticas inseridas fanse con frecuencia sobre programas crítico-historiográficos cuxa condición sistémica, segundo foi xa comentado, sería discutíbel. Pero o principal que querería salientar neste momento é que o funcionalismo dinámico asociado ás teorías sistémicas desenvolvidas na parte final do século XX está capacitado, segundo foi suficientemente contrastado en moi diversas análises, sobre as que reflexiona con amplitude e precisión Isaac Lourido (2014), para informar tamén sobre procesos de conflito sociocultural e cambio literario. Por conseguinte, non só sobre situacións sincrónicas e relativamente estábeis do sistema. Neste sentido, algunhas críticas posnacionais ao paradigma sistémico parecen ter presentes vellos modelos sistémicos, correspondentes máis ben ao funcionalismo normativista de Talcott Parsons e o esquema AGIL, francamente superados para a investigación sobre a cultura e a literatura por unha teoría como a dos polisistemas, o cal non é o mesmo que afirmar que ela mesma non presente insuficiencias heurístico-metodolóxicas (a exploralas dedica este libro algunhas páxinas). A cuestión de fondo, en todo caso, non é esa, ou non me parece que sexa só esa. O problema radica nunha dimensión de orde epistemolóxica máis ampla. Radica nunha dimensión que é tamén política, sen dúbida. As teorías sistémicas promoven unha idea de 'totalidade', e mesmo de 'totalización', dificilmente compatíbel coa perspectiva experiencial que adoita acompañar os razoamentos e narrativas posnacionais no

16 Véxase, por exemplo, o seu *post-scriptum* ao segundo capítulo das *Méditations pascaliennes*, titulado «Comment lire un auteur?» (Bourdieu 1997, 101-9).

referido a calquera programa historiográfico, do alcance que este for. De aí semella xurdir nalgunhas ocasións a particular fruición que para algúns poden representar propostas como a de esquecer a clase (social) para reterritorializar condesas e de paso, se callar, desestabilizar sistemas, en especial se estes foren de ancoraxe nacional.

3.4 Retos e propostas para unha nova historia literaria galega

Os catro planos anunciados concretarémolos, segundo xa foi anticipado, do seguinte xeito: 1) explicación dos límites sistémicos ou de campo e das interaccións sistema-extrasistema e sistema-subsistema; 2) incorporación de todo o entendido e catalogado como 'produto cultural', o que en lóxica funcionalista debería supoñer tamén a introdución relacional do que Bourdieu definiu como 'espazo dos posíbeis'; 3) decisión sobre o modo apropiado de incorporar a diacronía sistémica; 4) recondución do factor crítico que toda historia cultural preasume desde o momento en que opera por selección e configura o seu discurso como acción ou intervención (Casas 2008).

O reto que desde unha perspectiva planificadora e de intervención socio-semiótica teñen por diante os estudos galegos para o primeiro cuarto do século XXI é decisivo. Neste marco gustaríame presentar algunhas ideas que teñen a ver coa posibilidade de afrontar unha nova historia literaria. No meu criterio, esta debera asentarse nun coñecemento crítico en profundidade de dúas esferas: o propio curso da historiografía literaria nacional a partir das achegas de Manuel Murguía e o debate teórico sobre a historia literaria na modernidade e na posmodernidade.[17] Asumo de porparte que o proxecto entraría en concorrencia coas propostas historiográficas prevalentes no momento actual, empezando pola de Ricardo Carvalho Calero e chegando ás que viron a luz nos pasados anos noventa ou a comezos do século XXI.

O fundamental redúcese ao seguinte: facer unha historia literaria no tempo actual ten que supoñer unha alternativa marcada ao que supuxo a maior parte da nosa tradición historiográfica. Primeiro, porque non tería sentido o regreso a pautas (neo)positivistas destinadas

17 Faltan traballos crítico-documentais sobre ese percurso e falta unha panorámica equivalente á resolta por Beramendi (1993) para a historiografía galega a partir de 1975 ou, máis recentemente, con moita máis amplitude, por Isidro Dubert (2016). Sería preciso así mesmo deterse nalgúns elos desatendidos. Por mencionar un caso concreto, constitúe un material de gran riqueza para a comprensión dos debates historiográficos na Galiza anterior ás Irmandades da Fala o *Cuestionario* que Said Armesto presentou en 1914 para o acceso á cátedra de Lingua e literatura galaico-portuguesa na entón denominada Universidad Central (hoxe Complutense de Madrid), a primeira desas características no Estado. Trátase de 110 fichas en que detallou a comprensión histórica dese dominio lingüístico e xeocultural e se ocupou de estabelecer conexións comparatistas con outras tradicións literarias europeas, non só as inmediatas (Casas 2015).

ao rexistro de feitos/acontecementos/epónimos; ese labor está feito e suficientemente ben resolto en termos xerais, se ben cabe esperar sorpresas cando se acometa unha investigación sistemática da produción anterior ao Rexurdimento. Segundo, porque, con contadas excepcións, a tradición historiográfica galega constituíuse sen estabelecer un diálogo propedéutico suficiente que se beneficiase dos cambios de paradigma que nas ciencias sociais e humanísticas se foron sucedendo ao longo do século XX. Terceiro, porque un proxecto desta índole deixou de ser asumíbel como tarefa individual e á vez carecería de sentido o seu desenvolvemento por parte de grupos sen unha coordinación rigorosa, proactiva e á vez flexíbel coas posíbeis discrepancias internas.[18]

A historia literaria só mantén algún sentido hoxe se incorpora a conciencia da propia crise disciplinar, extraordinariamente profunda, asume a inactualidade da maior parte dos procedementos discursivos postos en uso pola historiografía tradicional (entre eles, o da narratividade causalista e teleolóxica) e interioriza con naturalidade a súa provisionalidade e continxencia. Só ten sentido se incorpora ao tempo un bo programa para a coordinación de tarefas de investigación en equipo e non oculta as probábeis contradicións internas entre discursos sectoriais de autoría diversa.

A historia literaria, como calquera outra serie historiográfica, está obrigada a aceptar un carácter dinámico e dialóxico, mesmo heterolóxico e non neutralizador do seu obxecto de análise, no sentido dado por Georges Bataille (1970) a estas actitudes críticas e hermenéuticas, sen contemporizar con ningún intento reanimador de obsoletos discursos monolóxicos de explicación e sen pretender homoxeneizar o que de seu é heteroxéneo.[19]

Isto último reintroduce un asunto importante, o da distancia/com-

18 Malia o tempo transcorrido e as moitas diferenzas contextuais, resulta clarificador o *Epistolario a Fernández del Riego* (2006) de Carvalho Calero. Considérese que, no plano da dedicación investigadora, a *Historia da literatura galega contemporánea* foi resultado dos anos pasados por Carvalho en Lugo como director non oficial do Colexio Fingoy (1950-65). A tarefa deu comezo en 1953, tras a solicitude formal de Ramón Piñeiro e os acordos previos do Grupo Galaxia tendo presentes resultados próximos no tempo, como os das historias literarias do propio Fernández del Riego e de Benito Varela Jácome, publicadas ambas en 1951 en lingua castelá. Tan illado como disciplinado, e na consideración de que o labor era unha prolongación das encomendas recibidas no Seminario de Estudos Galegos, Carvalho dedicou nove anos a completar a redacción e edición do volume. As cartas dos anos cincuenta a Fernández del Riego son reveladoras sobre o sistema de traballo e sobre as complicadas condicións arrostradas, sobre todo no referido á documentación.

19 O Groupe H³ (2006, 22) sinala que nun sentido amplo, a heteroloxía é o exame e a experiencia do heteroxéneo en canto tal. A discursividade historiográfico-literaria, en especial se concede terreo a algunha clase de teleoloxismo ou asume algunha forma de comprensión esencialista dos fenómenos culturais descritos, amosa tendencia á neutralización da diferenza e á suspensión da pluralidade, o cal adoita ter incidencia directa nas pautas de presentación de épocas, xeracións, autores, estilos e obras mercé á activación da ansiedade por estabelecer leis (tácitas) envorcadas á localización e sublimación da coherencia e a homoxeneidade.

promiso do historiador en canto axente social e político, algo que non podo atender agora coa precisión requirida, polo que remitirei ás análises de Antón Figueroa (2008 e 2010, 15-52). Apelarei simplemente a un libro clásico de Norbert Elias, *Engagement und Distanzieung*, publicado no orixinal alemán no ano 1983, e que pivota arredor dunha pregunta fundamental de non doada resposta: que posibilidades existen de que os científicos sociais manteñan inequívoca e consecuentemente separadas as funcións de observadores e participantes nos fenómenos e procesos que estudan? (Elias 1990, 28).

Para os catro retos heurístico-metodolóxicos mencionados, que son interdependentes, propoño partir das consideracións que de seguido desenvolverei, ordenadas de maneira correlativa á formulación dos propios retos.

3.5 Topoloxía sistémica

En primeiro lugar, faise preciso concretar un modelo de topoloxía sistémica adecuado que interprete con fiabilidade e rigor heurístico a totalidade de datos efectivamente existentes no sistema cultural/literario, abandonando pretensións parcializadoras entendidas ou non como garantes da cohesión sistémica e sobre todo dunha cohesión identitaria que corresponde resolver basicamente nos debates sociopolítico e ideolóxico, non na práctica historiográfica. Dito doutra maneira: nin é razoábel nin é eficaz que un modelo sociolóxico-cultural describa só unha parte da realidade da que aspira a dar conta e ignore a concorrencia sistémica sobre a que se desenvolven as prácticas culturais, entre elas xa a lectura (Casas 2008). E isto paréceme que sexa así tanto se prevalece a idea de sistema en canto espazo socio-político como se prevalece unha noción de sistema en canto conxunto social, empregando a diferenciación proposta por Torres Feijó (2004). En fin, resulta obvio que nada do anterior pode ser informado con rigor á marxe da consideración da existencia dun conflito entre sistemas culturais; o que por certo, nun ou noutro grao e con consecuencias tamén variábeis, é a situación habitual de calquera sistema.[20]

O protocolo normal, no entanto, é que a historia literaria se desentenda desa clase de conflitos e das liminalidades inducidas nas esferas institucional e individual, absténdose de describir con pormenor

20 Loxicamente, incluído o sistema cultural/literario español, do que aquí non me ocupo directamente, aínda que si de forma subsidiaria en parte do que presenta e sostén este artigo. En relación con isto, constitúe unha evidencia que a historiografía literaria española, reitero que como tantas outras, adoita abstraerse case por completo da existencia de conflitos –ou, cando menos, de concorrencias identitarias, afectivas, culturais, repertoriais, lingüísticas…– no obxecto de atención que asume como propio e principal.

as forzas que participan na redistribución do capital cultural en xogo ou que se manifestan dalgún modo na vida literaria. Que se desentenda por exemplo de describir en termos empíricos a interacción en Galiza dos sistemas culturais galego e español. Ou de explicar en que modo interactúan o sistema literario galego e a delegación sistémica do sistema literario español (lectura, bibliotecas, institucións, premios, crítica, tradución, librarías). Analizar ese marco debería ser no básico analizar efectos de sistema/campo: que efectos concretos e de que clase se cruzan entre eses dous sistemas?[21] Pero raramente se atende esa esfera heurística por parte dos historiadores literarios. É máis: o paradigma sistémico e a socioloxía do campo cultural acaban case sempre outorgando prioridade, como obxecto de estudo, a sistemas/campos de inmediata identificación como realidades nacionais, de forma que baixo a descrición empírica resulta doado recoñecer vellas cartografías xeoculturais.

No caso das historias de literaturas nacionais consolidadas ou en situación de dominio sobre unha área xeocultural ou lingüística determinada, a desatención ao reparto e reaxustes do capital cultural en xogo orixínase na minusvaloración social e/ou política da diferenza cultural/nacional, da vinculada ás minorías, á inmigración, a exilios de natureza política, incluído o da comunidade propia de se producir tal continxencia, a diásporas de raíz étnica ou relixiosa, a desvíos da ortodoxia heteropatriarcal, etc. E no caso das historias de literaturas nacionais non normalizadas ou subalternas, prodúcese por asimilación das pautas inscritas polas culturas hexemónicas na súa autodescrición e por interpretar como indicio de debilidade, ou como cesión desestabilizadora no conflito cultural, calquera atención no discurso á cultura dominante.[22] Esta opción conserva sen dúbida unha parte da eficacia discursiva que alcanzou cando foi activada e testada ao longo da segunda metade do século XIX (Provenzano 2006). Outra cousa é que resulte anacrónica na interpretación das alteridades, das desigualdades e das liminalidades culturais, e, sobre

21 Un posíbel estudo de caso en relación con eses efectos de campo sería o xeito en que se conciben e organizan os suplementos literarios en medios como *Faro de Vigo* («Faro da Cultura» e «El Sábado») ou *La Voz de Galicia* («Culturas»), os dous de maior tiraxe no país. Ou, tamén, a concepción do que é propio do castelán e do que é propio do galego en termos de cultura e de información cultural. Neste mesmo plano, e por seguir concretando, é seguramente significativa a diferenza coa que dous xornais do grupo editorial Prensa Ibérica, *Faro de Vigo* e *Diario de Mallorca* elaboran nos suplementos culturais «El Sábado» e «Bellver», respectivamente, a información sobre vendas de libros. O segundo diferencia aquí entre «Ficció català», «Ficción castellano», «No ficció català» e «No ficción castellano». O primeiro faino entre «Ficción», «No ficción» e «En galego», clasificación sen dúbida pintoresca, da familia das presentes nun texto de Jorge Luis Borges, «El idioma analítico de John Wilkins», en *Otras disquisiciones*.

22 Haberá quen pense que se resolve así, simplemente, por considerar que este non é un asunto que corresponda elucidar á historia literaria senón á sociolingüística ou á historia cultural, por exemplo.

todo, que sexa insuficiente en termos heurístico-epistemolóxicos e en termos políticos.

A proposta de fondo aquí formulada, insisto, non significa unha refutación do criterio filolóxico nin tampouco a renuncia á dimensión nacional da historia literaria. Supón, si, unha rectificación do primeiro e a articulación dunha combinación de escalas para a segunda, como mínimo nunha primeira delimitación heurística que expanda o obxecto de atención alén dos textos concretos e do metatexto nacional e saiba en fin dialogar con disciplinas como a xeografía cultural, a socioloxía, a antropoloxía cultural e simbólica, a economía e a teoría política.

O que se está a propor sobre o sistema literario galego é evidente que se sostería sobre calquera outro. Isto permite enxergar de novo a enorme complexidade dunha tarefa desta clase e demanda tamén precaución en quen se ocupe destes asuntos, tan propicios á sobreinterpretación. Por iso mesmo semellan pertinentes algunhas preguntas. Como as seguintes, coas respostas consecutivas. Abre a porta o que se está a desenvolver a unha incorporación da novelística de Pardo Bazán á literatura galega? Obviamente, non. Ábrea á incorporación de Clarice Lispector ou Angela Carter? Tampouco. *Pertencen* estas narradoras á historia da literatura galega? Non. E Rosalía de Castro como autora de novelas e relatos en lingua castelá, *pertence* ela a esa historia? Non. *Pertencerían* logo a unha historia do sistema literario galego?[23] Con certeza, 1) por canto as catro foron lidas e/ou editadas en versión orixinal ou traducida por consumidores e produtores dese sistema, 2) porque a súa produción textual e non textual está/estivo no mercado e ten/tivo algunha incidencia nos repertorios concorrentes no marco sistémico referenciado; e 3) porque nalgúns casos (Pardo Bazán e Rosalía de Castro) a súa intervención como prosistas tivo repercusións institucionais e repertoriais para o sistema.

O visto até aquí significa asumir que o sistema social do que se pretende dar conta polas ciencias sociais –cabe supor que tamén pola historiografía– é, en termos de Niklas Luhmann, non unha 'organi-

23 As cursivas empregadas obedecen a un dobre propósito. En primeiro lugar, queren ser unha chamada de atención sobre a clase de vínculos que é habitual asumir de xeito tácito e mecánico entre a produción artístico-literaria e os marcos nacionais, ou entre axencialidade e campo cultural, noutra perspectiva. En segundo termo, e isto xúlgoo primordial, aspírase a subliñar o que de restritivo hai na concentración autorial das historias literarias, focalizadas tradicionalmente á sublimación dos autores e obras máis representativos, lidos como patrimonio e transunto da nación. Obsérvese o inusual de preguntas da clase das formuladas por referencia non a *creadores* senón a outros produtores do sistema, como críticos, editoras, tradutores, as propias historiadoras ou, por suposto e en primeiro plano, xa as lectoras. Alguén pregunta se George Steiner –non só polas súas declaracións de agosto de 2008 en *El País Semanal* sobre a literatura galega–, Erín Moure, Silvia Bermúdez ou Jonathan Dunne *pertencen* ao sistema literario galego e á súa historia recente? Sobre estes extremos, e en particular sobre a *pertenza* da que se fala asociada á noción de 'cidadanía literaria' en perspectiva relacional, véxase Santana 2005; Hooper 2011, 10-38; Liñeira 2015.

zación' (*Organisation*) senón unha 'sociedade' (*Gesellschaft*), o cal levaría a asimilar que os elementos propios deste sistema social son as comunicacións e non os individuos como suxeitos nin tampouco os seus roles sociais, motivo polo que os límites da sociedade serían os límites da comunicación, sen implicacións territoriais. Naturalmente, isto deberá entenderse por delimitación ao marco da teoría dos sistemas en Luhmann, no cal son fundamentais a clausura e a diferenciación funcional do sistema, a *autopoiesis* –ou capacidade de producir en por si os elementos constituíntes do sistema– e a interacción entre sistema e contorno, decisiva para a constitución do primeiro porque sen contorno do que distinguirse deixa de ser posíbel a identificación do sistema.[24] Pola propia asistematicidade do contorno, a interacción *System*/*Umwelt* implica algo moi relevante cando se decide trasladar este paradigma ao espazo dos sistemas culturais, pois Luhmann nega de entrada que os sistemas outros localizábeis no contorno dun sistema dado estabelezan relacións comunicativas directas (intersistémicas) con este.

Evidénciase pois que o modelo sistémico-funcional de Luhmann é máis restritivo que o de Even-Zohar. Este último conecta cun pensamento culturolóxico, vinculado con Ernst Cassirer, no cal a dimensión relacional aspira a explicar fenómenos como os de interferencia cultural entre sistemas, susceptíbeis segundo Even-Zohar de analizarse como regularidades, e, nese sentido, obxecto do que presenta como leis da interferencia cultural. Entre estas, Even-Zohar (2005, 54-71) distingue tres principios xerais: 1) a interferencia é sempre inminente; 2) adoita ser asimétrica ou unilateral; e 3) pode aparecer con restrición a determinadas parcelas do sistema cultural e non a outras.

Advírtase, en todo caso, que, en realidade, a comparación entre Luhmann e Even-Zohar resulta algo forzada a este respecto, dados os diferentes obxectivos asumidos por un e outro teóricos. Luhmann teoriza sobre sistemas sociais e entende que o sistema cultural forma parte deles, pero cando fala de diferenciación funcional está moito máis pendente da identificación dos diferentes sistemas sociais que da específica identificación dos que denomina medios de comunicación 'simbolicamente xeneralizados', entre os cales engloba a arte e a literatura. Malia isto, na proposta que a partir de Luhmann elaborou a escola empírico-sistémica alemá chegou a concretarse unha función específica para a historia literaria, que Maldonado Alemán concreta nestes termos:

24 Téñanse presentes as dúas grandes tradicións sociolóxicas na consideración do individuo, a weberiana e a durkheimiana, que a socioloxía figuracional de Norbert Elias aspirou a conciliar precisamente mediante a interacción e a interdependencia, así como a partir dunha comprensión procesual tanto da sociedade como do individuo (o individuo non como *situación* senón como *devir*). Neste sentido, é fulcral o concepto de 'figuración' en Elias, relacionado a miúdo co de 'campo social' en Bourdieu (Brunet, Morell 2001). En Luhmann, contrariamente, predomina unha visión weberiana do individual. Para el, os individuos, en canto sistemas psíquicos e corpos orgánicos, forman parte do contorno do sistema social.

> La *función* de la historia literaria consistirá, entonces, en describir y explicar, de forma integradora y considerando todas las relaciones de interdependencia, la *organización*, *evolución* y *funcionamiento* real de la literatura en la sociedad, en contextos culturales precisos, con todos sus elementos, actividades y procesos, en términos de relaciones y no de esencias, y alejándose de una concepción idealista e intemporal del arte verbal. En lugar de centrar la atención en la interpretación de las obras literarias, se describen y explican las condiciones de producción, mediación, recepción, elaboración e institucionalización de los fenómenos literarios, así como la red de relaciones que se suceden entre esos factores y procesos, y con el entorno social. (Maldonado Alemán 2006, 26; cursivas no orixinal)

3.6 O espazo dos posíbeis

Unha historia literaria sistémica activaría unha comprensión do fenómeno literario non isolada da realidade histórico-cultural no sentido amplo desta expresión. A literatura é unha serie cultural máis, que é absurdo reducir a depósito da xenialidade individual creadora de mundos, estilos, discursos.[25] Complementariamente, a comprensión histórica da literatura como produto cultural presupón unha restrición do usufruto epistemolóxico exercido pola filoloxía sobre o feito literario –en especial sobre os textos e sobre as delicadas nocións de orixinalidade, autoría e contexto histórico– e unha incorporación decidida da colaboración semiótica, estética, culturolóxica e interartística.

A historia literaria non pode limitarse a concretar datos e acontecementos, nin tampouco só as relacións efectivas e documentadas entre os factores do sistema. Neste marco, a teoría dos polisistemas amosa dependencia evidente de usos positivistas. O apropiado sería capacitarse como disciplina semiótica e sociolóxica para entender o significado do que Bourdieu denomina *toma de posición* e, por tanto, previamente, do espazo dos posíbeis (ou das posibilidades) que en cada conxuntura se manifesta en termos de continxencia e de alternativa (Bourdieu [1994] 1996b, 53-65). Isto último permitiría catalogar con fundamento sólido o modelo historiográfico-sistémico como funcionalista.

De ningún modo se está a falar de algo similar a unha historia contrafactual, que desenvolvese aquilo que en realidade non aconteceu. Para Bourdieu o espazo dos posíbeis é un sistema de coordenadas que media de forma efectiva entre as disposicións e as posicións ocupadas tal como unhas e outras se asocian a un *habitus* concreto. Que é o que ofrece o espazo dos posíbeis como obxecto de análise diacrónica para

25 Naturalmente, existe un espazo para unha historia da xenialidade ou da individualidade artística e literaria. A pregunta é se iso sería historia da literatura. Ou se a abrangue, reforzada por algún complemento.

unha historia do sistema/campo? Bourdieu sinala, entre outras metas, a constitución das 'traxectorias sociais' de grupos de axentes, entendidas como as series de posicións ocupadas en espazos sucesivos, en interdependencia cos respectivos espazos dos posíbeis (tamén unha vía apropiada para entender a lóxica do capital económico e simbólico en xogo e as estratexias implicadas). Todo o anterior, por suposto, en relación coas diversas clases de axentes que interveñen no campo e non só en relación cos autores. Entendo que tan complexa tarefa, necesaria pero non suficiente como programa historiográfico de base sistémica, carece de parangón no modelo teórico de Even-Zohar.

Nos seus estudos sobre o campo literario, Bourdieu analizou en correspondencia coa dialéctica entre oferta cultural e gustos do público consumidor a existente entre as producións posíbeis e os actos produtivos dos axentes no campo. Presenta así o espazo dos posíbeis como un transcendental histórico, de feito como

> un sistema de categorías (sociais) de percepción e valoración, de condicións sociais de posibilidade e lexitimidade. (Bourdieu [1991] 2004, 105)

Alén de resituar nocións como xenialidade, desinterese, liberdade creadora, universalidade, imparcialidade, independencia de xuízo crítico e outras próximas, isto presenta ao investigador literario un cuestionamento de fondo sobre os obxectivos das súas formulacións historiográficas. No básico, a pregunta é sobre se o obxecto da historia debe ser só o factual documentado ou debe ser iso mesmo vinculado ás alternativas existentes, dialecticamente interconectadas co factual, nunha situación de campo dada. Resulta atractivo en termos heurísticos, entre outras razóns, porque sitúa en paralelo varias lóxicas e non sublima ningún causalismo automático e omnicomprensivo.[26] Doutra parte, para o sociólogo francés, o sistema de posíbeis dista de ser algo perceptíbel consciente e analiticamente na súa complexa totalidade polos axentes do campo, polos seus protagonistas digamos *en directo*.

As preguntas consecuentes non se fan esperar: pode de verdade a investigación sociolóxica, *a posteriori*, concretar esa sistematicidade dos posíbeis?; pode reconstruíla nalgún xeito a partir de sistemas de oposicións?; debera ser o espazo dos posíbeis o obxecto, preferente ou non, dunha historia literaria empírico-sistémica? As respostas de

26 Tamén diferentes estratexias. En *Raisons pratiques*, Bourdieu conecta conceptualmente o espazo dos posíbeis co que Foucault delimitou como *champ de possibilités stratégiques*, no cal cada obra concreta comparece nun sistema regulado de diferenzas e de dispersións ao que tamén se referira Michel Foucault como *episteme* (Bourdieu [1994] 1999, 56). Resultan inmediatas nese ámbito outras conexións conceptuais, por exemplo co *paradigma* (Kuhn) e coa *semiosfera* (Lotman).

Bourdieu a esas preguntas non só son afirmativas senón que ademais, na célebre conferencia de 1986 en Princeton, defendeu que esa vía ofrece vantaxes claras sobre as dúas grandes tradicións dos estudos literarios contemporáneos, a textualista ou formalista e a contextualista ou marxista (Bourdieu [1994] 1999, 53-73), e tanto nas súas aplicacións sincrónicas como nas diacrónicas.[27]

Na cultura galega, unha das fases históricas que mellor propiciaría unha investigación rendíbel do espazo dos posíbeis como obxecto historiográfico é a que vai da fundación das Irmandades da Fala á sublevación do 18 de xullo contra a República. A etapa 1916-36 ofrece materiais abondos para unha descrición pormenorizada dese espazo en diversos subcampos culturais, entre eles no literario. Na poesía daqueles anos, por exemplo, dirimiuse unha loita de excepcional transcendencia entre repertorios delimitadores de dous grandes espazos, un alleo por completo á modernidade e outro proclive á súa activación e desenvolvemento (Casas 2000b). Tal loita, quizais menos intensa e percibida que decisiva, foino tamén entre dúas lóxicas de campo e determinou mudanzas definitivas na configuración do espazo dos posíbeis no campo literario galego (Figueroa 2010). E isto malia a incidencia no mesmo da guerra e da subseguinte ditadura. Unha proba tanxíbel foi a maneira en que se cortocircuitou o acceso á edición pública da produción poética de condición aparatosamente anacrónica, vizosa como mínimo até 1928.

3.7 Policronía dinámica

A opción por unha articulación periodolóxica asentada no que Even-Zohar (1990) formulou como 'policronía dinámica' ofrece garantías non despreciábeis para unha historia do sistema literario. O primordial é o rexeitamento de que só haxa sistema na sincronía, prexuízo asentado nunha lectura restritiva do pensamento de Ferdinand de Saussure e do propio funcionalismo:

> The system concept had, however, to undergo several modifications in order to accommodate the conception of *stratified heterogeneity*. Firstly, it became necessary to recognize that both synchrony and diachrony should be admitted as systemic dimensions, and therefore that the idea of system need not be exclusively identified with static synchrony (but could be viewed as dynamic polychrony). (Even-Zohar 1990, 87; cursivas no orixinal)

27 Para alén do sinalado, convén lembrar, por se for precisa unha corroboración empírica, que Anna Boschetti (2001), discípula de primeira hora de Bourdieu, organizou o seu estudo sobre Apollinaire como *homme-époque* xustamente arredor dos posíbeis da poesía francesa da etapa 1898-1918.

Existiría por tanto unha aplicación diacrónica da noción de sistema. Tal aplicación é en realidade a que sustenta a consistencia heurística do sistema como obxecto histórico e a propia aceptabilidade da historia do sistema. Mediante o recurso á policronía dinámica, Even-Zohar presenta a conxunción sobre a que se ergue todo momento histórico: estar localizado e fixado como data e asemade pertencer a unha serie de procesos que o engloban e por suposto o superan en termos de simple cronoloxía. A policronía ponnos sobre aviso: a descrición do estado de cousas (da realidade sincrónica) e a narración dun continuo temporal (realidade diacrónica) son opcións válidas para informar sobre o sistema cultural, pero só unha combinación contrastiva de ambas está en disposición de ofrecer un coñecemento de fondo sobre os cambios que afectan ao sistema.

En consecuencia, e segundo se asume tamén na semiótica da cultura lotmaniana como semiótica histórica (Żyłko 2006), a información ten que estar capacitada para correlacionar os fenómenos de duración ou permanencia e os fenómenos de mudanza. A combinatoria descrición-narración fornece de porparte mecanismos de seguridade limitadores da tendencia omnicomprensiva e uniformizadora do relato historicista tradicional e da autoridade homoxeneizadora do narrador-historiador. Limitaría así mesmo a propensión causalista e a subsecuente ordenación cronocausal da realidade documentada. Pero alén do anterior, obviamente, a historia do sistema valida en sentido epistemolóxico a operación historiográfica da comparación entre dúas (ou máis) situacións sistémicas. Isto resulta de particular interese para a análise de redes, pois a simple descrición do contraste ente situacións fundamenta un acto historiográfico.

A fin de dotar de concreción o indicado, pénsese simplemente no sector institucional dun sistema literario determinado. Por exemplo, nunha descrición comparada de tres momentos históricos do sistema literario galego como 1923, 1951 e 1981 en relación limitada ao definido como 'institución' por Even-Zohar.[28] Unha descrición que, como é lóxico, podería ampliarse (ou derivarse) a calquera outro factor do sistema (ao repertorio, ou ao mercado se así se desexar). E que podería en fin abranguer –debería facelo para garantir fiabilidade analítica– a totalidade sistémica: os factores todos do sistema e o conxunto global de relacións existentes entre eles nos anos mencionados. As *fotografías* das correlativas situacións sistémicas (ou estados de campo) serían non-estáticas como descricións, por canto

28 «The 'institution' consists of the aggregate of factors involved with the control of culture. It is the institution which governs the norms, sanctioning some and rejecting others. It also remunerates and reprimands producers and agents. It also determines which models (as well as products, when relevant) will be maintained by a community for a longer period of time. In rude terms, the institution may be viewed, like the market, as the intermediary between social forces and culture repertoires» (Even-Zohar 2005, 31).

a realidade sistémica e a metodoloxía do funcionalismo dinámico son, de modo irrrenunciábel, relacionais. Pero este carácter potenciaríase pola simple introdución da comparación entre os tres momentos institucionais sinalados e as xerarquizacións asociadas no plano das normas e os modelos. E o propio acontecería de traballarmos co repertorio, o mercado ou o sistema como totalidade.

Con certeza, tamén de facérmolo cos produtores e os seus produtos, en aparencia protagonistas máximos –en canto autores/as e obras– da historiografía literaria tradicional e dalgunha das súas ferramentas máis frecuentes. Por exemplo, das asociacións periodolóxico-estéticas coñecidas como 'xeracións literarias', tan a miúdo formuladas como entidades cohesionadas de principio a fin, sen que por parte ningunha compareza unha análise relacional diacrónica que introduza referencias aos espazos de posíbeis individuais e grupais nin asocie os primeiros con certas precondicións sociais e económicas, como si fai en cambio unha análise prosopográfica centrada nas biografías colectivas. A este respecto falou Bourdieu de *traxectorias construídas*:

> Tratar de comprender unha carreira ou unha vida como unha serie única e suficiente de acontecementos sucesivos sen máis vínculo que a asociación a un «suxeito» cuxa constancia non pode ser máis que a dun nome propio socialmente recoñecido, é mais ou menos igual de absurdo que tratar de dar razón dun traxecto en metro sen tomar en consideración a estrutura da rede, é dicir a matriz das relacións obxectivas entre as diferentes estacións. (Bourdieu [1994] 2004, 111)

3.8 Lugar da crítica na historia do sistema literario

Ningunha historia está capacitada para incorporar a totalidade referencial da que pretende dar conta. A solución consiste adoito en habilitar algún principio de selección crítica de referentes (axentes, repertorios, produtos, acontecementos, institucións…) como garantía dunha representación suficiente da heteroxeneidade existente. Así, pois, o criterio de selección cobra un papel funcional de primeira magnitude nunha historia literaria, pois decide que é o que se incorpora a esa historia (e en que medida) e quen non. Unha das consecuencias máis visíbeis disto é a proposta explícita ou latente sobre a canonicidade dinámica, a xeradora de modelos (Even-Zohar 1990, 19-20), sempre nas mans de quen domina o sistema (Even-Zohar 2005, 48). Outra, a concreción derivada e efectiva do canon, entendido como canonicidade estática.

Tamén neste aspecto, pois, unha nova historia da literatura galega tería por diante unha tarefa complexa, na cal as decisións teóri-

co-críticas sobre canonicidade pasarían en primeiro termo a través dunha relectura ou reordenación do repertorio canonizado. De feito, ese sería un debate axial, en particular nun campo historiográfico en que a canonicidade dos modelos, vertebrada aínda polo que González-Millán (1998) denominou *nacionalismo filolóxico* e tamén por certas macrometáforas nacionais (González-Millán 1995b, 74), semella máis asentada e firme que a dos textos, isto é, que a do canon propiamente dito. O propio González-Millán anota o seguinte, no mesmo lugar:

> Os procesos de canonización de Rosalía de Castro, Álvaro Cunqueiro, Celso E. Ferreiro, Neira Vilas ou Blanco Amor xiran en torno ó principio da representación dunha identidade nacional. (1995b, 74)

Con todo, o asunto básico que verbo disto é pertinente introducir é o da resolución do dilema que presenta unha proposta sistémica e empírica da que se aspira a erradicar a concepción usual do valor (estético, literario…), en especial se este resulta codificado como elemento do repertorio que non está permitido alterar (Even-Zohar 2008, 56) ou se existe a aspiración de facultalo como universal e non continxente. Segundo sinalou Sela-Sheffy:

> The crucial point about canonicity, thus understood, is the sense of o*bjectification* it confers on such reservoirs, thereby naturalizing them in a given socio-cultural order to the point they seem congenital, *concealing the struggles that determined them* in the first place. (Sela-Sheffy 2002, 146; cursivas no orixinal)

Pierre Bourdieu dedicou un dos seus estudos máis pormenorizados a asentar unha crítica social e antiidealista do xuízo do gusto. Fíxoo en *La Distinction*, un libro de 1979, que culmina co *post-scriptum* «Elementos para una crítica 'vulgar' de las críticas 'puras'» (Bourdieu [1979] 2006, 495-512). As chaves fundamentais da súa argumentación, retomada con posterioridade en diferentes momentos, residen na determinación social do valor estético e na súa dependencia do *habitus*, entendido como engarce histórico do individual no social. En perspectiva sociolóxica interesaría por tanto *desarmar* a formulación do valor en termos de universalidade e de autonomía histórica.[29] O verdadeiramente útil sería proceder á descrición dos mecanismos interiorizados que son previos ao acto crítico consciente e á sanción pre-discursiva do gusto. Segundo Bourdieu, tales mecanismos son

29 A este respecto é fundamental o libro de Antón Figueroa *Ideoloxía e autonomía no campo literario galego* (2010), ao que tiven acceso só no momento da corrección de probas deste artigo.

esquemas de percepción incorporados e adquiridos en cada historia individual, que reproducen logo, nas prácticas sociais e culturais, estruturas fundamentais de clasificación social. De aí a condición de 'estrutura estruturante' do *habitus*.

Por suposto, polo simple feito de selo, toda historia crítica debería asumir unha argumentación desta clase, que nin é exclusiva do punto de vista empírico-sistémico nin tampouco delimita unha parcela estritamente sociolóxica do que corresponde ver nunha análise do campo cultural. Ora ben, a cuestión non pode reducirse a ese primeiro movemento de alerta, segundo souberon intuír xa Mukařovský e algúns dos continuadores do seu labor en Praga, de maneira moi especial Vodička. Só por mencionar poéticas, modelos e producións textuais nun espazo sistémico, só por deixar de mencionar outros entre os concorrentes, está xa a aplicarse unha proxección da canonicidade. En propiedade, a canonicidade non se describe desde un lugar epistémico ou axiolóxico neutro que logre abstraerse da incidencia sociocultural e ideolóxica dalgunha postulación sobre algunha proposta de canonicidade.

As propostas funcionalistas do estruturalismo checo aproximáronse nos anos trinta e corenta do pasado século a unha semiótica histórica do tipo da que marcaría a partir de certa altura as investigacións de Lotman e a Escola de Tartu-Moscova. A segunda das tarefas principais da historia literaria tal como a entendeu Vodička implicaba nas súas propias palabras reconstruír a xerarquía dos valores na literatura dun espazo e un tempo histórico dados (Vodička [1942] 1995, 29). A este propósito asumía premisas como a da existencia dunha base social do gusto literario e das normas estéticas nunha época determinada, se ben advertía a insuficiencia desa base como explicación única da evolución da norma literaria. Unha tarefa que a historiografía literaria sistémica ten na man asumir é xustamente a de poñer en diálogo eses valores co que o propio Vodička explicaba como eficacia literaria e extraliteraria das obras. E facelo ademais interconectando os tempos históricos respectivos da produción e da recepción. Por esta vía a historia literaria asumiríase a si propia (tamén) como unha historia dos efectos e como unha historia crítica dos valores literarios, combinando en consecuencia o movemento de alerta axiolóxica cun movemento de análise cultural.

II Periodización, xeracións literarias e canonización

1 A crítica literaria na revista *Nós* e o canon da poesía galega coeva

Sumario 1.1 A crítica literaria nas publicacións periódicas do tempo de *Nós*. – 1.2 O labor crítico de Carvalho Calero. – 1.3 Outras voces críticas: Risco, Fernández del Riego e Casas.

Dacabalo do tempo, na sua illarga
(Ricardo Carvalho Calero, «Nun voo»,
Futuro condicional (1961-1980), 1982)

1.1 A crítica literaria nas publicacións periódicas do tempo de *Nós*

As tomas de posición da crítica sobre a produción literaria coetánea ao propio exercicio crítico constitúen de seu un material riquísimo, mesmo irrenunciábel, para a comprensión da dinámica histórica e dos procesos de canonización desenvolvidos nos sistemas literarios, así como para a posta en claro das notas ou características avaliadas en positivo por cada conxuntura histórico-cultural, aquelas que conforman a 'canonicidade'. Este é un dos fundamentos da poética histórica de Felix Vodička que máis doadamente foi incorporado por diversas escolas teórico-críticas no último cuarto do século XX, tanto polas de carácter empírico como polas de impronta sistémica, ou tanto na praxe semiótico-cultural lotmaniana como no comparatismo intercultural que poden representar, con diferente orientación, Earl Miner ou Dionýz Ďurišin e a Escola de Bratislava.

DOI 10.30687/978-88-6969-530-8/004

A actividade crítico-literaria na Galiza dos anos que chamamos 'das Irmandades', ou 'Época Nós', merece, por razóns como as que se acaban de aducir, a maior atención. Nunha primeira aproximación ao asunto, resulta evidente o compromiso de diálogo estabelecido cos creadores galegos polas dúas principais publicacións periódicas de tendencia nacionalista do período 1916-36, *A Nosa Terra* e *Nós*, ás que habería que sumar aínda o labor do boletín quincenal *Céltiga* en Bos Aires, activo entre 1924 e 1932, e de certo, xa noutra dimensión, o de xornais como *Galicia*, *El Pueblo Gallego* ou *La Zarpa*.

Unha vez máis, foi o nacionalismo quen estivo detrás do que podemos valorar como unha estratexia de difusión lingüística e ideolóxica e unha discusión *sotto voce* de postulados eto-estéticos antes que calquera outra cousa (antes, por exemplo, que a intencionalidade de se transformar nun axente, entre outros, do mercado editorial, ou que un efectivo elemento institucional soporte de referentes educativos, académicos, etc.), o cal, cómpre dicilo, contribúe a clarificar, desde a perspectiva actual, os motivos da súa propia cativeza.

A crítica nunca gozou dun papel especialmente relevante ou influente no sistema literario galego, como tampouco non o desfruta en ningunha cultura minorizada.[1] A súa situación era calibrada sen reviravoltas por Ricardo Carvalho Calero no número de marzo de 1931 da revista *Nós*, dentro da súa «Ollada encol da poesía lírica galega contemporánea», un texto que non ten desperdicio e que apunta algunhas eivas que aínda hoxe persisten no país:

> Nada, ausolutamente nada estimabre hai escrito encol da poesía galega nosa aitual. A crítica galega, patente en revistas e diarios, é unha crítica inaproveitabre. Non temos críticos especializados en poesía. Abonda pouco en todas partes, como o proba o feito de que Gómez de Baquero e Díaz [*sic*] Canedo sexan considerados en Castela. O desexo de dar azos para que se escriba en galego, e o feito da amistade que une a casi todol-os que utilizan a nosa lingua, restan todo valor de pureza e imparcialidade nas recensións que das nosas obras poéticas fai a prensa nosa.

Importantes revistas literarias galegas alleas aos postulados nacionalistas, como *Vida* (1920), *Boletín de Casa América-Galicia* / *Alfar* (1920-7) ou *Ronsel* (1924) prestaron moita menos atención crítica

1 María do Cebreiro Rábade Villar (2019) ofrece unha completa e documentada panorámica histórica da crítica literaria galega do século XX e comezos do século XXI. Nun traballo anterior, a autora anotara unha reflexión sobre a actividade crítica que debe igualmente ser considerada polo que ofrece de complemento sobre a propia historia da crítica galega, incluída a parcela histórica cuberta pola revista *Nós* e probabelmente tamén o tempo actual: «Galician literary critics must be highly optimistic to assume that they have an audience» (Rábade Villar 2017, 56).

ás obras dos nosos poetas, e esa atención, cando a houbo, dependeu case sempre do voluntarismo presencial dun determinado crítico ou reseñador, como exemplifica nidiamente o caso de Antón Villar Ponte en relación con *Alfar*. Nos seis números que a revista luguesa *Ronsel* tirou entre maio e novembro de 1924 non hai nin unha soa recensión de libros de poemas galegos, malia os membros do seu consello directivo si incorporaren textos de creación de Manuel Antonio, Antonio Noriega Varela, Gonzalo López Abente ou Victoriano Taibo. A traxectoria de *Cristal* tampouco propiciou espazo crítico ningún, fóra de brevísimos apuntamentos sobre a saída de *Yunque* ou de *Resol*. Esta última, pola súa parte, só nunha ocasión cedeu unha páxina á crítica: foi precisamente na derradeira saída da súa xeira galega, en xullo de 1936, cando recuperou un texto de Antón Villar Ponte sobre o teatro nacional. A mindoniense *Galiza* acadou na súa breve andaina unha proporción similar, e apenas destaca, na súa cuarta entrega (1932), un traballo de Francisco Fernández del Riego sobre Manuel Leiras Pulpeiro. A revista *P.A.N.*, que fixeron no Madrid de 1935 un grupo de escritores galegos baixo a dirección de Xosé Otero Espasandín e a orientación de Eduardo e Rafael Dieste, tampouco se especializou neste terreo da crítica, malia nas súas páxinas haber algunhas recensións, e mesmo reflexión hermenéutica sobre a lírica. Anotáronse simplemente obras de Manuel Antonio, Álvaro Cunqueiro ou Dieste, ademais das debidas a autores doutras latitudes.

O mero repaso dos tres primeiros anos do boletín *A Nosa Terra*, desde o 14 de novembro de 1916 até o 15 de novembro de 1919, correspondente a un total de cento cinco números, deixa ver algunhas singularidades. Para alén da existencia dunha sección fixa de creación lírica, «Os poetas d'agora», houbo outra de crítica literaria, «Follas novas». Nela, ou noutras complementarias, foron saíndo recensións dalgúns dos principais libros de poemas editados nese trienio en Galiza. Autores como o Marqués de Figueroa, Ramón Cabanillas, Euxenio Montes, López Abente, Taibo, Francisco Salgado y López de Quiroga, Xavier Prado *Lameiro* ou Eladio Rodríguez González tiveron ocasión de ver contrastadas as súas propostas coa opinión de críticos como Vicente Risco, Roberto Blanco Torres, Lois Peña Novo, Antonio Rey Soto, Antón Valcárcel ou o propio Cabanillas, os máis deles moi significados nese labor e con longa traxectoria posterior no boletín.

Mais, alén disto, podemos atopar interesantes puntos de vista sobre a creación e a lectura de poesía no país. Rodrigo Sanz, por exemplo, publica en primeira páxina do quinto número d'*A Nosa Terra*, de 25 de decembro de 1916, unha curta pero intensa reflexión sobre o poeta novo polo que agarda Galiza («O evanxelio dos novos poetas. Anunciación do noso rexurdimento»). Resultan verdadeiramente insólitas a súa proposta para o porvir e a análise que presenta da tradición inmediata. Hai nel unha sorprendente conexión, ben lúcida,

entre conciencia histórica e palabra poética, concomitante nalgún xeito con posicións da crítica de fundamento ontolóxico. Non sabemos a pegada efectiva que ese brevísimo ensaio do avogado agrarista, que pouco máis publicaría no boletín das Irmandades, puido deixar nos máis novos dos seus lectores. Entre outras cousas dicía isto:

> Eu coido xa de vello qu'un país non desenrola unha misión hestórica, fallo do poeta pra ela. Non é qu'o poeta cree a misión nin inicie a etapa: é cuáseque fixo qu'en todal-as xeneracións nasce algún home que tería de ser'*o poeta* se fose *o tempo*, como cada outono cai do árbore algunha semente perfeita, sen que cada unha chegue a producire un rei do bosque. O poeta non é causa da nova etapa; é, máis ben, efeito das arelas populares qu'a inician en caos. Pro ó poeta é siñal da nova etapa, anúnciaa, acráraa e pon en orde seu caos inicial com'a bris milagreira que bufou sobr'as augoas do Xénesis… A obra do poeta non ten verba mais percisa e xusta qu'a verba *evanxelio* e boa nova.

De seguido, Rodrigo Sanz, que entón se achegaba á cincuentena, confesaba vivir nunha expectación que degoxaba popular, 'de xentes', polo advento dese poeta que xa non o sería da lamentación –como Rosalía– nin da protesta cívica –como Curros–, senón que tería a capacidade de sinalar vieiros de avance histórico capaces de resolver a 'tensión espritual coleitiva' do país. Hai que insistir no peculiar desta aproximación ao feito poético nun home que non proviña do ámbito das letras: esa esperanza na voz profético-hermenéutica do vate, ese desacougo perante a voz intuída que tarda, a voz restauradora da orde, pero dunha orde nova xurdida do caos da historia.

En correspondencia con este letrado ferrolán que se preocupaba pola esfera dos creadores, Vicente Risco (xa no número 114 d'*A Nosa Terra*, de 20 de marzo de 1920) faríao en relación cos lectores novos nuns polémicos apuntamentos críticos relativos ás traxectorias de José Maria Eça de Queiroz e de Abílio Manuel Guerra Junqueiro. Considerando as lecturas máis típicas da xuventude galega do momento ditaminaba o seguinte:

> Teño observado na mocedade galega unha chea d'influencias ruís – adevirtindo que non compre que un escritor sexa ruín pra que sexa ruín a sua influencia. Eis o caso de Valle-Inclán, que tanto dano leva feito…
>
> Literariamente, a mocedade galega vive fora de época. E unha mocedade de retrasados. O descoñecemento das língoas cultas, fai que teñan que ler as chafalladas a catorce reás volume que lles dan as casas editoriaes de Madrid e Barcelona, que seica teñen a contrata do refugallo da literatura universal.

Non comentaremos agora esta toma de posición, pero importa anotar un par de extremos. En primeiro lugar, que ese artigo aparecía no número seguinte d'*A Nosa Terra* ao que Risco enviou o célebre poema futurista «U… ju juu…»; e, en segundo termo, que este tipo de declaracións gardan alguha correspondencia coa configuración do mapa de relacións culturais e políticas, por suposto dinámica, que o nacionalismo formalizou con certos países e non con outros.

Mais neste contributo quero centrarme de xeito específico na crítica literaria aparecida en *Nós* con referencia á poesía galega. Nos cento corenta e catro números da revista localízase un volume moi alto de recensións de libros de poemas e de artigos e ensaios atentos á poesía, tanto á de escrita orixinal en galego como á feita noutros idiomas, entre o latín e o ruso, pasando polas principais linguas de cultura do continente europeo. Á parte das numerosas recensións que aparecen sen sinatura, hai un pequeno grupo de autores recorrentes no exercicio crítico. Entre eles sobrancean Fermín Bouza-Brey, Fernández del Riego, Aquilino Iglesia Alvariño, Luís Manteiga, Ramón Otero Pedrayo –coas glosas de obras pertencentes a outras literaturas–, Otero Espasandín e, sobre todo, Carvalho Calero e o propio Risco. Pode calcularse que aproximadamente a metade dos libros galegos de poesía publicados nos anos de vida de *Nós* tiveron a súa correspondente recensión nas páxinas da revista.

1.2 O labor crítico de Carvalho Calero

Ademais de se ocupar de panoramas relativos á que chamou 'xeración de Risco', das relacións entre a obra rosaliana e a de Juan Ramón Jiménez ou dalgunhas publicacións portuguesas e británicas, Carvallo reseñou en *Nós* a partir de 1932 varias das máis relevantes obras dos poetas galegos do día: *O vento segrel*, de Augusto María Casas; *Poema en catro tempos*, de Eduardo Blanco Amor; *Codeseira*, de Xosé Crecente Vega; *Bebedeira*, de Florencio Delgado Gurriarán; e *Nao senlleira*, de Bouza-Brey. A eses traballos hai que sumar aínda dous importantes informes sobre o estado de cousas da literatura galega nos albores da II República, «Ollada encol da poesía lírica galega contemporánea» e «Balance e inventario da nosa literatura», que apareceron nos números 87 e 108 de *Nós* (Carballo Calero 1931; 1932).

Cómpre sermos conscientes de que a relación anterior é de seu informativa sobre as preferencias dun crítico chamado a ser o referente fundamental da historiografía literaria galega, e que por parte dalgúns estudosos é sinalado como o auténtico fundador da nosa crítica literaria. En selección como a operada por Carvalho está implícita xa a complexa problemática da canonización e da canonicidade, asuntos centrais en toda historia literaria.

Obsérvese agora, sen irmos máis lonxe, que entre 1931 e 1935, anos en que o mestre ferrolán exerceu a crítica en *Nós*, saíron tamén outros importantes libros poéticos en galego, como *Fírgoas*, de Manuel Luís Acuña; *Corazón ao vento*, de Iglesia Alvariño; ou os tres de preguerra de Álvaro Cunqueiro. Sería esaxerado arriscar que Carvalho discriminase negativamente esas obras, non reseñándoas por mor dunha presunta distancia persoal, intelectual ou estética cos seus autores respectivos ou coas súas poéticas, pero os feitos son incontrovertíbeis. Como tamén o é a formulación do canon que vai implícita nos libros *Sete poetas galegos* e *Aportaciones a la literatura gallega contemporánea* (Carballo Calero 1955a; 1955b), onde os autores estudiados son Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Curros Enríquez, Noriega Varela, Cabanillas, Manuel Antonio e Amado Carballo no primeiro título, e todos eles máis os prosistas Castelao e Otero Pedrayo no segundo.

Carvalho Calero, que no ámbito do Seminario de Estudos Galegos establecera unha fonda e duradeira amizade con Cunqueiro e con Iglesia Alvariño, malia as diferencias ideolóxicas que con eles puidese haber, expuxo en diálogo con Carmen Blanco o seguinte:

> Eu fixen crítica literaria desde mui novo e procurei sempre facela, na medida da miña capacidade de visión da obra que consideraba, sen un partido previo tomado, considerando mui seriamente o texto e dándolle a importancia que lle podía dar a unha obra de calquer outra literatura. Antes o que había eran artigos que se redactaban, ás veces, nas revistas ou nos periódicos louvando aos correlixionarios, apenas máis que isto. (Blanco 1989, 126)

A fortuna de contarmos con libros como este –ou os correlativos de Miguel Anxo Fernán-Vello e Francisco Pillado Mayor (1986) e de Francisco Salinas Portugal (1991)– favorece que poidamos reconstruír algunhas chaves de interese que son da nosa actual incumbencia e que atinxen de xeito directo a problemas como o amentado da canonización ou o da localización empírica da crítica nunha conxuntura histórico-cultural, como esta dos breves anos republicanos, aspectos xa considerados pola propia Blanco (1984) nas súas investigacións sobre o labor crítico de Carvalho. Porén, constituiría un risco metodolóxico conceder a esas lembranzas, xuízos e xustificacións un valor absoluto, fóra dos condicionantes que a dialéctica memoria/esquecemento(s) e a conformación implícita dun relato autobiográfico supoñen sempre. É obrigado por isto, alí onde for factíbel, percorrermos nós mesmos ese camiño que conduce a un diálogo co pasado. Podémolo facer vendo o que o autor escribía en marzo de 1931 e en decembro de 1932 nos traballos citados, «Ollada» e «Balance e inventario».

No primeiro deles podería sinalarse unha nova estación dese canon poético *in progress* formulado polo historiador literario, que aquí

particulariza a súa atención nos seguintes autores: Cabanillas, Noriega Varela, Bouza-Brey, Amado Carballo, Euxenio Montes e Manuel Antonio, con alusións de inferior calado a Taibo, Blanco Amor, Xulio Sigüenza e Emilio Mosteiro, os tres últimos sinalados como discípulos de Amado Carballo (lémbrese que escribe en 1931). Pola súa parte, «Balance e inventario» refírese estritamente ao ano que remataba, de 1932, valorado polo crítico en termos moi positivos, malia recoñecer que o labor literario dos poetas e narradores galegos daquel tempo se complicaba por dous factores que os distraían arreo do seu cometido de escritores: a actividade política e as tarefas de investigación. E en efecto, aquela distracción chegaba, nalgúns dos seus compañeiros con vocación polas letras (pénsese en Xosé Filgueira Valverde, en Ramón Martínez López, en Lois Tobío e noutros membros do Seminario de Estudos Galegos), a fanar carreiras literarias de non improbábel éxito. Carvalho é moi claro, fala sen ambaxes de ningunha clase cando declara que «obras puramente literarias de algún decoro, apenas lembramos seis», tres delas poéticas e outras tres narrativas (Carballo Calero 1932, 222). As primeiras son as que nos interesan agora. Tratábase de *O vento segrel*, *Poema en catro tempos* (que lle parece a mellor obra da colleita do 32, se ben hai que puntualizar que fora publicada en realidade en 1931) e *Mar ao norde*, de Casas, Blanco Amor e Cunqueiro, respectivamente. Vemos, pois, que finalmente comparece o nome do poeta mindoniense.

Pero convén incidir sobre o tipo de argumentos empregados por Carvalho e sobre os cualificativos cos que ordena o panorama da lírica. É peculiar a linguaxe posta en uso. Nos poemas cunqueirianos sitúa un signo revolucionario que non lle parece menos extremista que o marcado polas tácticas da Federación Anarquista Ibérica (Carballo Calero 1932, 222), mentres que nos de Casas e Blanco Amor descobre unha tendencia máis moderada e acorde coa temperatura política coeva. Sorprenderá aos lectores de hoxe encontrarse cunha descrición como esta, referida conxuntamente ás achegas de Casas e Blanco Amor:

> Poesía de ezquerda moderada, poesía gubernamental dentro do parlamento da opinión galega entendida. (1932, 222)

Por último, o crítico recoñece que xa chegaran ás súas mans outros tres libros de poemas que andaban no prelo, *Nao senlleira*, *Corazón ao vento* e *Poemas do si e non*, da autoría de Bouza-Brey, Iglesia Alvariño e, de novo, Cunqueiro. Diríase que só o primeiro deles chegou a satisfacelo plenamente.

Porén, hai que afacerse a contemplar esa clase de xuízos críticos na súa dimensión histórica, e ao pé do anterior situar unha información complementaria tamén de extraordinaria claridade sobre a reformulación constante que para un historiador literario é –e debe ser– o

acto de comprender o pasado, ante todo porque esa comprensión nace sempre dun diálogo entre dous tempos históricos, o do propio pasado e un presente que por definición descoñece o estatismo, un presente en mudanza permanente.

Pois ben, un dos últimos documentos que demostran a reconstrución do canon da lírica galega para o período 1916-36 por parte do profesor ferrolán é o «Cadro sinóptico» que pecha a terceira edición da súa *Historia da literatura galega contemporánea* (Carballo Calero [1963] 1981, 778-81). Nel aparecen catorce libros, entre eles os tres de Cunqueiro e os dous de Iglesia Alvariño, ademais dos citados de Blanco Amor, Bouza-Brey e Delgado Gurriarán, máis estes outros seis: *Do ermo*, de Noriega Varela; *Na noite estrelecida*, de Cabanillas; *Proel* e *O galo*, de Carballo; *De catro a catro*, de Manuel Antonio; e *Seis poemas galegos*, de Federico García Lorca.

O ensaio «Ollada encol da poesía lírica galega contemporánea» foi en orixe unha lección do Ciclo de Cultura Galega que organizaran os alumnos da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade compostelá no curso 1930-31. Xa comprobamos o interese dalgunhas das súas análises sobre a crítica do momento, ás que hai que engadir outras sobre os conceptos de 'poesía' e 'lírica', con divagacións relativas á posibilidade dunha poesía en prosa ou á inconveniencia dunha épica na altura histórica da contemporaneidade. Quizais un dos aspectos de carga significativa máis forte desta «Ollada» –no cal sería posíbel apreciar como a crítica se constitúe a miúdo en motor para os cambios e en lexitimadora dos mesmos– sexa a insistencia de Carvalho na esencial diversidade dos discursos poéticos do día:

> Na nosa poesía de oxe reina un individualismo exacerbado. Se non pode falar de escolas poéticas. (Carballo Calero 1931, 54)

Estamos perante un desiderátum que é ao tempo unha constatación. O crítico sabe que ese é un signo de modernidade, sabe o que iso implica de superación dun marco de homoxeneidades triviais. E, con todo, como home vinculado ao Seminario de Estudos Galegos que era, non acaba de romper lazos co elemento de cohesión que tamén preservaba con todo coidado *Nós*, aquel que era capaz de unir desde 'criterios de irmandade' toda a diversidade estética e estilística de poetas e poemas:

> Existe ise aglutinante. Mais non é un influxo común ou unha comunidade de motivos ou de procedimentos. É algo moito máis fondo e máis perenne. É o esprito racial. Xa pasaron aqueles tempos en que so eran temas de canto os costumes labregos ou os fenómenos psíquicos e sociaes enxebremente nosos. Xa se pode cantar algo distinto da vaquiña e a morriña e a emigración. O campo de esprimentación da nosa lírica ten hoxe horizontes infinidos. Mais

> nos poemas de máis ecuménicos ares, latexa un sentimento galego indestrutibre. A galeguidade nos nosos poetas é unhas vegadas patente: os temas son galegos. Outras, é unha galeguidade que corre baixo os versos de máis universal asunto, como a saiba corre baixo a codia, invisibre â ollada, pero enchendo de vidalidade a arbre que rega, sosténdoa, sendo a causa eficiente do seu vivir. (Carballo Calero 1931, 54)

Segundo Carvalho, calquera das tradicións poéticas actuantes na Galiza de comezos dos anos trinta –insisto en que non acepta falar de *escolas* neste momento, como tampouco o aceptará Augusto María Casas a finais de 1935– estaría cohesionada co resto de tradicións pola presenza dun 'poderoso espírito galego', igualmente presente nos poetas que proveñen da relectura da lírica dos cancioneiros, como Bouza-Brey, nos que o fan das derivacións dos precursores a través de Pondal e Cabanillas ou, en fin, de estirpes con raíces en principio alleas á historia literaria propia, como sería o caso dos poetas asociados coa vangarda. Das análises presentes nesta intelixente «Ollada» cumpriría salientar por último as notas referidas á ausencia na lírica galega de determinados desenvolvementos temáticos –así, o erótico-sensual, que el propio practicaría como poeta en *O silenzo axionllado*, de 1934– ou os que atenden a rede de influencias maiores percibidas polo crítico. Afirma, por exemplo, que non existe pegada ningunha da poesía do 27 español na lírica galega.

1.3 Outras voces críticas: Risco, Fernández del Riego e Casas

Pola súa banda, Vicente Risco asinou en *Nós* un total de doce recensións de libros de poemas galegos, ben co seu propio nome ou, de maneira excepcional, facendo uso das siglas S.N., correspondentes ao pseudónimo 'Speradan Namaquizos'. O que chama particularmente a atención cando se constata a nómina de autores e obras analizados é quizais a nesgada selección a favor dos poetas de maior idade: López Abente, Rodríguez González, Cabanillas (de quen se ocupou en catro ocasións, a propósito de *Na noite estrelecida*, *O bendito San Amaro*, *A rosa de cen follas* e a reedición de *No desterro*), Avelino Gómez Ledo, Manuel Lugrís Freire, Xosé Rey González, Antonio Couceiro Freijomil e Amador Montenegro Saavedra. Coa única excepción do xa citado Xulio Sigüenza, o resto dos poetas atendidos por Risco pertencen á súa promoción ou a outras anteriores.

O autor de *O porco de pé* prestou por tanto unha atención crítica bastante escasa aos novos, o cal, por outra parte, garda proporción coa distancia por el amosada tanto en relación coa formación literaria daqueles como co 'infortunado' rumbo das vangardas (cf. Pena 2016, 187-96). Sobre isto último é ilustrativo o comentario co que pecha

Risco o comentario de *Cantigas e verbas ao ar*, o libro de Sigüenza. Viña prologado este por Juana de Ibarbourou, poeta uruguaia descendente de galegos que naquela ocasión asinou *Johana* e que situaba a temática do autor nunha vivificación panteísta da natureza sometida a unha palabra poética obxectivadora. Risco comparte os detalles, pero no colofón da súa crítica desliza unha protesta sen paliativos contra a deshumanización das artes, expresión que a partir de Ortega remitía directamente ás vangardas. A súa advertencia é rotunda:

> Pode que se deshumanice a plástica –anque esa deshumanización seña inhumana– mais non ha pasar asina coa lírica. E menos no Sigüenza, que é fondamente humán, porque é galego, ou seña, home de humanidade orgánica, anímeca, vital. O mesmo que dicir poeta.

Antes de rematar é necesario referirse a outros dous estudos, da autoría de Francisco Fernández del Riego e de Augusto María Casas. O primeiro levou o título de «Índice cultural e artístico do Renacimento galego», e saíu en *Nós* en tres números consecutivos, do 117 ao 119, entre setembro e novembro de 1933. Co vigor xuvenil dos seus escasos vinte anos, Fernández del Riego parecía querer convencer neste traballo seu a todos os que manifestaran algunha reserva sobre o extraordinario momento das artes e das letras no país, facendo fincapé en algo inhabitual, mais que sería en adiante unha das súas pautas como crítico, os lazos de unión entre as prácticas galegas e as predominantes no continente. O eido da lírica merecíalle unha consideración especial:

> Estamos asistindo a un claro, magnífico movimento revolucionario lírico que nos pón en frente de todol-os camiños de Europa, asinalándonos un posto prominente na gran sinfonía en que se xuntan as voces espritúas e artísticas de todol-os pobos. (F[ernández]. del Riego 1933, 188)

A prioridade do ensaísta foi a de interpretar o sentido das innovacións nos principais representantes do que chamaba 'ciclo xuvenil', repartido en catro tendencias identificadas do xeito seguinte, non sempre sucinto: 1) «poetas creacionistas non gongorinos», que baixo a influencia dos creacionistas franceses –Divoire, Vildrac, Cocteau– «antepoñen a seleición de matices â seleición de imaxes» (núm. 117, 188); 2) «poetas dazanovistas» influídos por Juan Ramón Jiménez, Antonio Machado, Hölderlin ou Paul Valéry (núm. 118, 225); 3) «poetas do novo romantismo» (núm. 118, 225); e 4) «poetas que retornan ao primitivo senso lírico dos cancioeiros» (núm. 188, 226). A primeira tendencia constitúea con Manuel Antonio e Álvaro Cunqueiro á cabeza, entendendo que o primeiro fora quen de incorporar dunha maneira definitiva as novas correntes á lírica galega e que

o mindoniense era o poeta mozo «que máis está dando que falar na aitualidade» (núm. 117, 188); tamén empraza aí a outros escritores, case todos sen libro publicado ata entón: Luís Pimentel, Xesús Bal y Gay, Euxenio Montes e Otero Espasandín. Na segunda das tendencias sitúa a Amado Carballo, Carvalho Calero, Augusto María Casas e Blanco Amor. Na dos neorrománticos só a Iglesia Alvariño. E na última das categorías contempladas tamén a un único autor, Bouza-Brey.

O «Esquema da nova poesía galega», publicado en *Nós* a finais de 1935, non foi a primeira aproximación de Augusto María Casas ao asunto. Anteriormente, en xuño de 1928, escribira para o xornal vigués *El Pueblo Gallego* o polémico artigo «Los poetas nuevos de Galicia» (A.M. Casas 1928), que fora duramente contestado desde as páxinas de *A Nosa Terra* por Víctor Casas, naquela altura administrador e *alma mater* do boletín das Irmandades en «Encol da lírica galega. Resposta a un artigo tendencioso» (V. Casas 1928). Como viu moi ben Teresa López (1997, 85-101), o debate entre ambos os escritores viña a culminar un proceso que se desenvolvera *in crescendo* nos anos da ditadura de Primo de Rivera e que tivera un antecedente claro no manifesto *Máis alá!* (1922).

Porén, o problema non estaba tanto nunha discrepancia xeracional como nunha falta de sintonía política entre a posición de ortodoxia nacionalista de Víctor Casas, coa conseguinte estima intelectual pola traballada tradición literaria do país a partir do Rexurdimento, e a máis desafecta valoración de Augusto Casas, proclive á experimentación poética e pouco identificado cos postulados nacionalistas ou coa liña poética de autores como Lugrís Freire e Ramón Cabanillas, desacreditados por el meses antes, con furia, nas páxinas da revista madrileña *La Gaceta Literaria* (15 de xuño de 1927) ao fío da publicación de *A rosa de cen follas*. Algún paralelismo existe entre esa polémica e outra que tamén foi de sona no seu día, a protagonizada por Vicente Risco e Rafael Dieste, que para Blanco Torres, Carvalho Calero e outros significados contemporáneos eran as cabezas visíbeis dos dous xeitos principais de entender Galiza desde unha perspectiva político-cultural a mediados dos anos vinte.

Cabe ver este tipo de debates como manifestacións paradigmáticas do que a semiótica cultural de Iuri Lotman describe como a dialéctica entre centro e periferia (ou entre orde e caos) dentro dun sistema cultural. Na fronteira da semiosfera sempre se instala algún xeito de alteridade que se sabe que 'aspira a entrar'. Sen esa idea do externo, do alleo, do que *pon en perigo a nosa identidade*… deixaría de existir o interno, o propio, a identidade en si. As culturas organízanse, pois, tanto cara a dentro como cara ao exterior. Resulta evidente que os postulados de Rafael Dieste ou de Augusto Casas eran contemplados desde a ortodoxia nacionalista como un perigo que había que combater e deter na fronteira xusta do sistema que se *defendía*.

Pode deducirse, asemade, que a polémica xiraba en torno a unha cuestión candente, a de se o rumbo da poesía galega até 1928 –sesenta libros publicados entre 1916 e 1927– fora ou non alleo á modernidade. Augusto Casas pensaba que si, e que por iso mesmo convíña abrir paso a novas sensibilidades e a novos discursos, nomeadamente a algúns dos por el citados de forma expresa, os de Amado Carballo, Manuel Antonio, Sigüenza, Blanco Amor, Montes, Bouza-Brey, Correa Calderón, Xosé Francisco Gómez de la Cueva (*Johán Carballeira*), Cándido Fernández Mazas (*Denys Fernández*), Bal y Gay, Díaz de Herrera, Mosteiro e el propio, nomes que representaban 'o imprevisto' polo sistema literario, significaban mesmo 'o imprevisíbel' nun horizonte trazado, por exemplo, coas expectativas do comezo do decenio.

Víctor Casas coidaba que esa estratexia estaba ao servizo dunha colonización das letras do país por intereses espurios e que, en fin, supuña a claudicación por simple mimetismo perante poéticas importadas, coas que era impensábel que se producise unha identificación popular. Non por iso deixaba de render homenaxe de admiración ao que representaban como poetas os catro primeiros autores citados, moi en especial Amado Carballo, daquela xa falecido; ou mesmo, pero noutros eidos intelectuais, Bouza-Brey, Montes e Correa Calderón. Dos demais, en cambio, só cabía agardar a súa efectiva manifestación como poetas, pois ata entón permaneceran practicamente inéditos e o seu único mérito –apuntaba acedamente Víctor Casas (1928, 5)– consistía en seren amigos dun columnista tachado de '*pollo bien*' da literatura galega (V. Casas 1928, 4).

O «Esquema» presentado por Augusto María Casas en 1935, na que foi última saída da revista *Nós*, plasma unha comprensión menos compracente que a de sete anos antes co camiño andado pola lírica galega no decenio de vinte, e, en troques, máis ponderada na avaliación da obra dos poetas de maior idade, de Ramón Cabanillas en especial, quen é chamado, con palabras tomadas de Euxenio Montes, o 'derradeiro precursor'. Tamén Noriega Varela, López Abente e Taibo son lembrados nesa altura «con fonda ademirazón e agarimo» (A.M. Casas 1935, 117). Vólvese insistir, con todo, en que a súa significación fica reducida ao feito de todos tres teren abundado na poética enxebrista, grata ao pobo. O crítico chega a formular suxestivas comparacións entre os vellos e os novos: Bouza-Brey e Aquilino suporían a actualización das poéticas respectivas de Noriega e Taibo, mentres que a ausencia dunha musa pondaliana deixaría a López Abente sen parangón entre os máis novos. Sexa como for, a valoración da paréntese existente entre os tres grandes poetas do Rexurdimento e a 'nova poesía' segue a ser contundente, quedando reducido ese tempo sinxelamente á categoría de *transición*, coa influencia –matiza– que se lle queira conceder; postulándose, alén diso, unha equiparación entre os dous momentos de prestixio destacados, segundo a cal a poesía dos novos «*meresce o mesmo estudo* qu'a poesía dos Precursores» (A.M.

Casas 1935, 115; cursivas miñas). Entre os que a practicaban, tres eran os autores de maior relevo para o crítico. En orde de interese crecente, Amado Carballo, Manuel Antonio e Álvaro Cunqueiro.

Hai neste traballo algo desorganizado no expositivo e no argumentativo –acaso por ser froito dunha escritura interrompida– unha queixa ben patente, que incorpora un elemento analítico revelador de certa confusión. Dóese Casas dun síntoma da *nova poesía*, entendendo por tal a que se sitúa nun ciclo que comezara co manifesto *Máis alá!* e remataba once anos despois coa cunqueiriana *Cantiga nova que se chama riveira*. Un síntoma que equivalería a un lastre para a creatividade e para a vivencia do lirismo por parte dos poetas. Móstrase convencido o autor do balance de que a poesía está en razón inversa do espírito crítico, entendido este como exercicio de reflexividade, nalgún xeito tamén como acto metapoético. Trátase dun xuízo que no momento en que foi formulado tivo que ser recibido polos máis lúcidos dos seus compañeiros de oficio como anacrónico, pois, en efecto, non hai despois dos románticos posibilidade ningunha de escribir unha poesía *moderna* allea a unha certa 'sistematización de ideas', por empregar unha expresión da que bota man o propio ensaísta.

O fundamento da distinción romántica entre a poesía inxenua e a poesía sentimental, que August W. Schlegel promovera como polaridade entre o clásico e o romántico, interesou ao seu irmán Friedrich pola incidencia na orde autoconsciente da creación, base desde a que elaborou a teoría romántica da ironía. Precisamente, a ironía romántica, como viu Pere Ballart (1994), localízase no centro da relación que o autor mantén coa obra, explicándoa e querendo abolila á vez, relativizando a capacidade da linguaxe para expresar aquilo que se lle encomenda e, simultánea e contraditoriamente, enxalzándoo como ferramenta que propicia a beleza lóxica e a manifestación da 'plenitude infinita do caos'. Ademais, coa vangarda, como sinala Peter Bürger en *Theorie der Avantgarde* ([1974] 1987), o subsistema artístico acada un estadio específico de desenvolvemento, o da autocrítica, pendente en especial da *institución arte*, entendida esta como o aparato de produción e distribución da arte mais as ideas dominantes sobre a propia arte nunha determinada época, aquelas que en definitiva determinan de xeito esencial a recepción das obras.

Augusto Casas avalía como marca de frialdade e de frouxidade o virtuosismo e o retoricismo en que, no seu criterio, os poetas novos se escudaban. A época estaría tocada na súa percepción por unha reflexividade atentatoria contra o sentimento. Parécelle que «cada poeta é o seu propio crítico, o seu 'anti'» (A.M. Casas 1935, 116), nunha dialéctica aberta entre inspiración e autoanálise que pautaría e rexería un espazo creativo –o do lirismo– non dirixíbel, non regulábel. En efecto, o lirismo posúe para Casas «un pulo, un senso imperativo» (116) que non se pode coutar nin someter a canle ningunha. E porén –está convencido– os seus coetáneos sometérono

a unha obsesiva arela, a da superación, a da orixinalidade, a dunha pureza esteticista que multiplicou os discursos até o punto de facer imposíbel a conformación de grupos ou escolas:

> Cada poeta d'hoxe ten a súa escola e o seu camiño. Andan todos, cecais, a devalar na misma inquietude, e fuxen da influenza como d'unha idea capaz de afogar a máis pura voz lírica. (1935, 116)

Non atorda iso a un crítico a quen ninguén lle podería negar o entusiasmo e a fe nunha promoción poética que dalgún xeito apadriñara nos seus momentos aurorais, o cal explica tamén un pesar que non oculta, referido a catro poetas nos cales depositara a confianza e que, «por eles mesmos esquecidos» (A.M. Casas 1935, 117), deran en 1935 no abandono do quefacer literario: Fernández Mazas, Otero Espasandín, Johán Carballeira e Xesús Bal. Á marxe deses nomes insiste na nómina que canonizara xa no traballo anterior, agora complementada con outros nomes, os de Xoán Vidal Martínez, Álvaro de las Casas, Luís Pimentel, Blanco Torres, Carvalho Calero, Iglesia Alvariño, Acuña e Delgado Gurriarán, e con títulos expresos dos seus mellores libros.

Á hora de establecer liñas de converxencia salienta o papel do futurismo como 'anceio revolucionario' e irreverente duns poucos a prol dunha universalidade que contaba, sempre segundo Augusto Casas, co atranco do falso tradicionalismo e do *noxento*, *vulgar*, *doroso*, *local* e *vergoñento* pintoresquismo enxebrista (A.M. Casas 1935, 117-18). Vicente Risco xogou niso un papel fundamental, e axiña foi seguido por sensibilidades próximas nalgún aspecto á súa, desde Euxenio Montes a Correa Calderón, pasando por Álvaro Cebreiro e Manuel Antonio, incluso por Cunqueiro. Xa que logo, constatamos que só na apelación persoal o crítico rebaixa o ton dos ataques do artigo de *El Pueblo Gallego*. En realidade, o problema de fondo seguía estando presente na súa análise.

A obra de Manuel Antonio aparece sinalada por Casas como o punto culminante da estética de vangarda na poesía galega, aínda que o crítico non agocha que a fascinación máis alta por el sentida merecéraa no seu día, nesta orde da ruptura vangardista, Euxenio Montes. Citando elaboracións teóricas debidas a Gerardo Diego, Augusto Casas sitúa ao autor de *De catro a catro*, sen reservas de ningunha especie, na órbita dun creacionismo que en ningún momento renuncia á enxebreza:

> Os poemas d'iste gran poeta teñen somentes superfize, non teñen esqueleto, máis non carescen de profundidade –«porque a profundidade está na superficie cando a superficie é plástica»–. Poemas construídos de imaxes, que viven nas verbas d'unha emozón única e diversa. Poesía tan esaita e verdadeira como a natureza, inda

> d'ela diferente, como inventada, ou arremedada; diferencia entre a natureza e a arte; poesía que nasce como un froito, que tén unha sustantividade e unha íntima razón xenética. E ademáis química, moita química. O poeta combina as verbas, sô verbas, até chegar ao poema creado no que as verbas viven por sí solas. (A.M. Casas 1935, 119)

Emporiso, Álvaro Cunqueiro parécelle «o máis grande poeta galego do noso tempo» (120). Casas é ademais un dos primeiros en observar en *Mar ao norde* e en *Poemas do si e non* a pegada do movemento surrealista, filiación moi controvertida que ten sido cuestionada principalmente por Xosé L. Méndez Ferrín e Arcadio López-Casanova. A *Cantiga nova*, celebradísima polo autor deste «Esquema», representaría xa unha reinserción futurista que non rexeita «a máis requintada enxebreza» (120). Observarase que o perfil do futurismo está insuficientemente contrastado na argumentación do crítico. Tamén é rechamante a súa progresiva opción por ir deslizando unha renovada interpretación do enxebre, pulida das connotacións folclorizantes e relida nun sentido que cabe designar como espiritual e ontolóxico antes que como antropolóxico. De feito, asocia a obra lírica de Amado Carballo cunha 'poesía de evoluzón', entendendo por tal a que, sen se desvincular da sensibilidade da vangarda, tampouco non prescindiu dunha «tenre enxebreza», contraria a todo pulo deshumanizador (122). Iso explicaría para Casas as influencias básicas da súa palabra, que sinala curiosamente sobre todo en poetas de expresión castelá, Juan Ramón Jiménez, Rafael Alberti e Pedro Garfias, ademais de en Rosalía e na poesía popular.

Bouza-Brey, Blanco Amor e Montes son os tres últimos poetas dos que se ocupa con algún vagar o «Esquema da nova poesía galega». Sitúa aos dous primeiros na roda do autor de *Proel*. A opinión sobre Bouza-Brey é tallante: domina nel unha frialdade arquitectónica, perfecta na procura formal e na definición elocutiva, pero ao final os seus poemas son apenas a ocupación dun diletante, polo que aventura que serán esquecidos axiña por lectores e historiadores literarios. O poeta de *Romances galegos* parécelle moito máis atractivo, e subliña nel o seu compromiso pola innovación sen renuncia ao tradicionalismo. Sobre Euxenio Montes, que resulta obvio que supuña a estas alturas unha frustración das expectativas nalgún momento elaboradas por Augusto María Casas, só se resalta a súa angueira como animador dos poetas mozos do país entre 1922 e 1928.

2 A socioloxía cultural de Karl Mannheim e a poética histórica de Mikhaíl Bakhtín como fundamentos renovadores da periodoloxía literaria
Unha aplicación á poesía galega dos anos 1916-31

Sumario 2.1 A periodización literaria, un dispositivo crítico. – 2.2 Os conceptos básicos de Karl Mannheim. – 2.3 Autores, xeracións e poéticas na poesía galega 1916-31. – 2.4 Dúas situacións xeracionais. – 2.5 Tres conexións xeracionais. – 2.6 Catro unidades xeracionais.

2.1 A periodización literaria, un dispositivo crítico

As páxinas que seguen presentan unha síntese das posicións que articulei desde os pasados anos noventa sobre o asunto da periodización cultural e literaria galega durante o primeiro terzo do século XX, tendo para iso presentes, nun nivel amplo, a socioloxía do libro e da lectura e algúns principios elementais do que ben podería cualificarse como unha poética histórica, asimilados desde a teorización debida a Mikhaíl Bakhtín; e, ademais, xa nun nivel restrinxido aos procesos de tipo xeracional, tamén certas bases da socioloxía da cultura de Karl Mannheim.

É importante antes de máis asumir que non existen ordenacións periodolóxicas neutrais. Ordenar o tempo literario presupón, con

DOI 10.30687/978-88-6969-530-8/005

certeza, habilitar operativos canonizadores. Por moito que se intente evitar, isto ten consecuencias xerarquizadoras asentadas en esquemas de valores non necesariamente explícitos, nin sequera necesariamente (re)coñecidos de forma cabal por quen os está a aplicar, este ou aquel historiador literario. Porque, en definitiva, a base da que se está a falar non é outra que a correspondente ao exercicio máis ou menos consciente –case sempre, moi consciente– da crítica, proxectado desde o primeiro momento sobre a construción e postulación periodolóxica. Ante todo, porque non hai historiografía nin periodización literarias sen a mediación dun acto crítico.

Asúmese aquí, asemade, a convicción de que calquera periodización formalmente constituída ten que responder a criterios semióticos, socioculturais e sistémicos capacitados para pór en claro o sistema de normas literarias imperante en cada segmento histórico e tamén o seu específico proceso de introdución, asentamento, diversificación, integración e desaparición. Trátase de ideas ben expostas e argumentadas por un teórico, René Wellek,[1] que creo que incidiu de xeito decisivo nas concepcións xerais –tamén nas de tipo periodolóxico– incorporadas por Ricardo Carvalho Calero á súa *Historia da literatura galega contemporánea* ([1963] 1981).

Nesta orde de asuntos a socioloxía da cultura de Karl Mannheim ten algo que clarificar, aínda que sería inxenuo pensar que nela, ou en calquera outro modelo, se localice a panacea da periodoloxía. Conceptos como o de 'xeración' resultan moitas veces banalizados, nun abuso historiográfico que se afana en beber nos automatismos positivistas, raciovitalistas ou románticos. Entre José Ortega y Gasset e Julius Petersen, no mellor dos casos. Acudirmos a perspectivas sociolóxico-culturais debería coadxuvar a que eses conceptos gañen en profundidade, dinamismo e aplicabilidade.

A teoría das xeracións de Mannheim, que asocia puntos de vista e nocións de Karl Marx, Wilhelm Dilthey, Max Weber e Martin Heidegger, propugna unha estratexia flexíbel e interdisciplinar con base no método da socioloxía formal. Nin se preocupa de establecer leis xerais do ritmo histórico, ao xeito de Ortega ou Petersen, nin concede maior relevancia ao célebre 'estilo común' como lazo de unión. O máis importante da teoría exposta por Mannheim en *Das Problem der Generationen* (1928) é a superación do estatismo historiográfico manifesto en delineamentos anteriores ao seu, así como unha diferenciación conceptual de tres niveis distintos de tratamento cualitativo do esquema xeracional. Con ela consegue disipar o torpe mecanicismo cuantitativo –cada quince ou cada n anos *toca* xeración nova, que pensan algúns– e tamén neutraliza a

1 Xa desde as sección da súa autoría incorporadas ao libro *Theory of Literature*, de autoría conxunta con Austin Warren (Wellek, Warren 1949). Tamén noutras publicación consecutivas, reunidas posteriormente en varios volumes (como Wellek 1963; 1983).

cándida idea de que cada xeración é un bloque e que se comporta como tal *desde sempre e para sempre*, por dicilo dun xeito gráfico. Isto último –pexa lamentábel de tantas elaboracións historiográficas, con graves repercusións didácticas– presupón, parece obvio, esquecer que un dos asuntos fundamentais dos que tería que ocuparse calquera historiador, incluídos os que traballan sobre o feito literario, é rexistrar as polémicas públicas e os conflitos entre os membros dun grupo que nunha dada altura manifestara certa axencialidade colectiva. Rexistrar esas desavinzas, tamén parece obvio, non implica desentenderse dos momentos primeiros de cohesión do grupo, que habitualmente son os do arranque de iniciativas comúns, os do rexeitamento compartido dun certo estado de cousas previo, que se critica a través de manifestos ou outras tomas de posición para afastarse del dun ou doutro modo explícito. A historia literaria debería equilibrar esas dúas atencións,[2] a prestada aos momentos de concordia interna dos grupos emerxentes e a prestada aos procesos de disgregación ulteriores, que adoitan informar máis e máis profundamente sobre cuestións capitais de orde poética, estilística ou ideolóxica que os primeiros.

2.2 Os conceptos básicos de Karl Mannheim

A noción de partida, a central no sistema do autor, é a de 'conexión xeracional', unha categoría social que propón estruturalmente homóloga doutra ben instaurada na análise socio-histórica, a situación de clase. Desde esa perspectiva, a conexión xeracional non debe confundirse coa formación concreta de grupos, tanto se estes se manifestan como comunidades (constituídas por lazos preexistentes ao individuo) ou como sociedades (organizadas xa desde unha vontade de afiliación). A conexión xeracional é definíbel para o sociólogo como unha unidade histórico-social que participa dun proxecto/destino colectivo común. O concepto é claramente dinámico e durativo, asenta sobre o ritmo biolóxico da existencia humana pero para nada é deducíbel ou dependente del.

2 Teño sinalado, se callar con exceso de acrimonia, que algunhas propostas historiográfico-literarias parecen querer limitarse ao expediente que caracteriza un álbum fotográfico de voda, onde se dá conta exclusiva, polo fotógrafo, dalgúns instantes fugaces que ninguén pensaría que representen nada máis que aquela celebración concreta, nunca a vida toda posterior dos fotografados. Neste sentido, algo que adoito resolve mal, ou moi mal, a historiografía literaria ao uso é a observación crítica das maneiras en que os sucesivos grupos de idade se relacionan coas novas xeracións que se van incorporando á actividade literaria e á loita polo poder simbólico e o control institucional e do mercado. A historiografía literaria común case sempre pasa páxina de vez cando se trata de dar conta dun novo período, como se a práctica totalidade dos axentes que tiveran presenza e protagonismo no período anterior –o de tal xeración ou tal outra, por exemplo– sinxelamente se esfumase.

Ao pé disto propón dúas nocións máis, as de 'situación xeracional' e 'unidade de xeración'. A situación xeracional é entendida como marco de potencialidades de experiencia e pensamento asociado a clases de idade próximas que pertencen a unha mesma comunidade de vida histórica, compartindo por tanto en trazos xerais un mesmo modo específico de intervención no proceso histórico.

Por último, unha unidade de xeración é un grupo concreto que, dentro dunha certa conexión xeracional e desde unha afinidade compartida e compacta, manifesta reaccións unitarias perante os acontecementos históricos, sociais, culturais, etc. As unidades de xeración cohesiónanse a partir das súas intencións de base e das súas tendencias estruturantes sobre a situación real en que se inscriben, mais Mannheim non esixe que os seus membros compartan ademais a mesma idade. Así, nun período histórico determinado non ten por que haber un número prefixado de conexións de xeración (de xeracións, se adoptamos a terminoloxía máis corrente). Ese número é variábel e depende, en último termo, da dinámica social das situacións xeracionais e da enerxía produtiva das unidades de xeración.

2.3 Autores, xeracións e poéticas na poesía galega 1916-31

No período 1916-31 publicouse en torno a un centenar de libros de poemas en galego a cargo de case setenta autores. Poetas vellos e novos, en idade e en estética de base, compartiron segmento cronolóxico e definiron as respectivas posicións no sistema. Eses poetas interviñeron no espazo público baixo diversas condicións. Algúns posuían unha traxectoria poética coñecida e máis ou menos respectada polos lectores e os medios de comunicación desde había un tempo. Uns poucos procedían de eidos discursivos e profesionais en que tamén gozaban de certa proxección social. Outros ingresaban sendo uns auténticos descoñecidos. Pero o que debe quedar claro é que todos,[3] de xeito máis ou menos voluntario e/ou consciente, se agregaron, polo mero feito de publicaren obra poética, a un campo literario co que interactuaron e que contribuíron a definir. Ben para dinamizalo mediante a introdución de modificacións de variada orde (temática, métrica, estilística, ideolóxica…) ben para preservalo nos que vían como os seus sinais identitarios (poñamos por caso, musicalidade, saudosismo, ruralismo, etc.).

3 Algo bastante inxenuo que se escoita ás veces, aquí e noutras latitudes, e a afectada reclamación dalgúns axentes –en especial, escritores– sobre o feito de eles non formaren parte de ningún sistema/campo literario, como se isto for potestativo e equiparábel a darse de alta nunha determinada compañía de gas cidade. Outra cousa é, con certeza, a posición máis ou menos periférica que cada quen ocupe naquel sistema ou campo.

A participación de diversas xeracións biolóxicas, ou, con maior precisión terminolóxica, de diversos 'grupos de idade', no período literario que enmarcamos coas datas de 1916 e 1931 é unha obviedade que non merece maior comentario. O relevante é presentarmos unha proposta de ordenación para o conxunto de textos e autores do período, unha ordenación pendente do sistema de normas literarias do que falou Wellek, vinculado baixo un prisma sociolóxico-formal á análise das xeracións propugnada por Mannheim e tamén a unha interpretación semiótico-cultural e poético-histórica, na liña de pensamento esbozada por Bakhtín (Bajtín [1979] 2008, 321-42; Bakhtin [1963] 2013) e por algúns membros do seu círculo, en particular Pavel Medvedev.

Segundo se acaba de sinalar, a situación xeracional non é máis que un espazo potencial de experiencias e de comprensións das mesmas que, no seo dunha determinada comunidade de vida histórico-social, elaboran suxeitos pertencentes a grupos de idade próxima. Tal potencialidade dificilmente sería a mesma para homes e mulleres como Florencio Vaamonde, o Marqués de Figueroa, Lugrís Freire, Aurelio Ribalta, Eladio Rodríguez, Manuel Lago, Francisca Herrera, Noriega Varela, Álvarez Limeses ou Prado *Lameiro* –que chegaban cunha idade avanzada a ese importantísimo momento histórico que marcou a Primeira Guerra Mundial, o do esgotamento do modelo turnista na administración española e o da proliferación de movementos nacionalistas en Europa, coa fundación en Galiza das Irmandades da Fala– que para aqueloutros autores e autoras que entraban nesa etapa con capacidade certa de reacción e de intervención públicas.

Así, en principio pódense contrapoñer dúas situacións xeracionais (SX1 e SX2) no mesmo nivel que cabe facelo con dúas potencialidades disímiles na vertente vivencial e na vertente do pensamento.

Doutra parte, a conexión xeracional implica para Mannheim a participación activa e a toma actualizada de decisións en relación cunha peripecia histórica común, dimensións ás que non se lles esixe homoxeneidade nin compactidade de ningunha especie (ideolóxica, estética, estilística, etc.). Membros dunha mesma situación xeracional poden encadrarse en diferentes conexións.

As unidades de xeración, finalmente, son en realidade unidades de intervención na esfera pública e en concreto no campo literario, que actúan desde a afinidade de criterio, a asunción colectiva de obxectivos e a aceptación non necesariamente inquebrantábel dunha estratexia común. Por reaccionaren os seus membros como grupo perante os acontecementos históricos, sociais ou artísticos, a idade é un factor secundario. Poden formar así parte da mesma unidade de xeración individuos de moi diferente experiencia e moi diversas datas de nacemento.

A unidade de xeración que por excelencia intervén en 1916-31 e o coñecido como grupo Nós. E nela interveu por exemplo *Lameiro*,

a quen sería moi difícil situar na mesma conexión xeracional que a Otero Pedrayo ou a Castelao. As unidades xeracionais pódense entender nun sentido estrito ou nun sentido conceptualmente menos esixente pero tamén máis operativo. No primeiro caso deberiamos dicir que a desarticulación social e cultural do país no período contemplado faría inconveniente sinalar máis unidades xeracionais que as de Nós e as asociadas directamente coas Irmandades da Fala e co Seminario de Estudos Galegos. Só eses grupos tiveron intervención real como colectivos definidos na historia de Galiza entre 1916 e a Guerra Civil, só eses grupos decidiron nunha dimensión colectiva o rumbo posterior da literatura galega. Pero habería que introducir un par de precisións.

En primeiro lugar, debe entenderse que fóra desa actuación grupal coubo por suposto a intervención individual e aínda, como consecuencia dela, unha reorientación do sistema literario e das concretas manifestacións do resto de autores. Manuel Antonio conseguiuno para a poesía; Rafael Dieste, en menor medida, para o teatro. E ambos ían relativamente por libre neses mesteres.[4]

En segundo lugar: é infrecuente que a historiografía literaria galega contemple a existencia de unidades xeracionais de expresión non galega. O certo é que na Galicia dos anos vinte e trinta había poetas que empregaban exclusiva ou maioritariamente o castelán e que procuraron os seus propios medios de intervención (*Alfar*, por exemplo). Como individualidades impórtannos pouco para o noso cometido actual, pero como grupos activos de intervención no espazo público e no campo literario galego non poden ser desprezados, entre outros motivos por interactuaren cos grupos que son do noso interese central e por estableceren con eles dialécticas que tiveron incidencia no rumbo histórico dos procesos culturais e literarios. Non se trata doutra cousa que de rigor.

Desde un punto de vista sociolóxico-formal, proporemos que a literatura galega posterior ao Rexurdimento pode dividirse cando menos entre unha situación xeracional plenamente allea á modernidade e outra que, con maior ou menor ímpeto, con maior ou menor éxito, propiciou a chegada desa modernidade.

2.4 Dúas situacións xeracionais

Na literatura galega do período 1916-31 houbo tres tipos de escritores alleos á modernidade, todos eles inmersos na que denominaremos SX1: o derivado simplemente da cronoloxía; o inducido

4 Acaso por iso *De catro a catro* tardou tanto tempo en ser recoñecida como unha obra decisiva. Acaso por isto mesmo *A fiestra valdeira* non se estreou con medios e garantías profesionais até 1994.

pola falta de normalización cultural e polo periferismo e cativeza do sistema; e, en fin, o configurado polos que abrazaban a causa epigonal e tradicionalista (poética e/ou ideolóxica) contra vento e marea. Estes últimos serían equiparábeis aos 'vellos' que Manuel Antonio mencionou en *Máis alá!*, isto é, aos que escriben «como se vivisen no antonte dos séculos».

A SX1 ocupou a eito a etapa histórica da que estamos a falar como mínimo até 1928. A súa tradución cuantitativa en textos resulta elevada. A súa achega cualitativa, fóra dalgúns méritos en versificación e estilo, é discutíbel. Pénsese que do censo duns sesenta e cinco poetas con algún libro publicado entre 1916 e 1931 case dous terzos terían que estar emprazados aquí. Houbo naquela altura conciencia real sobre o anacronismo desta poesía? Con certeza, si. Cando menos en quen correspondía teren un mínimo de lucidez crítica.

Unha das singularidades desta produción SX1 foi a súa propensión a se confundir coa lírica popular. De aí a nutrida presenza de alalás, cántigas, alboradas, triadas, cancións de ruada, arrolos e composicións similares. Un libro como *Cantigas* (1928), de Dolores Parga Serrano, é case todo el unha reste desa variedade. No seu caso, como tantas veces, con predominio da cuarteta octosilábica, estrofa omnipresente así mesmo en *Cantares d'a terra* (1922) de Salgado y López de Quiroga, cuxo prologuista, Marcelo Macías, home próximo ao núcleo ourensán de *La Centuria*, deixaba escrito que estas composicións populares son como «el primer vagido que las civilizaciones literarias exhalan» no seu berce. Unha consecuencia inmediata do que se apunta foi a preponderancia do mundo rural, dos seus traballos, costumes, festas e tradicións. Tamén dos amores campesiños, entre tenruras, despedidas e desplantes, que ceden paso a apóstrofes de diverso ton (recriminatorio, saudoso, galante…) e con frecuencia a unha poesía dialogada (desafíos, regueifas, rexoubas…) entre unha voz masculina e outra feminina; máis raramente entre dúas voces masculinas que confesan penas de amor, como no poema «Chuco e Cidrán», das *Follas ao vento* (1919) de Florencio Vaamonde; ou, en caso extremo, na multiplicación coral propiciada por foliadas e ruadas. Neste tipo de composicións dialogadas o mestre indiscutido foi Xavier Prado *Lameiro*, con *A carón d'o lume* (1918) e *Cóxegas e moxetes* (1919), libros ambos dunha transparencia absoluta xa desde o rótulo.

Na temática, nos ritmos, na procedencia das imaxes poéticas e na disposición enunciativa rexistrouse a pegada inconfundíbel da literatura tradicional e a correlativa proximidade á música e á danza, polo que esta clase de poesía interesa non só a filólogos e estudosos da literatura senón tamén, e moito, a folcloristas e antropólogos, e noutro nivel mesmo a musicólogos. Continuando un traballo que se iniciara no século XIX, algúns investigadores, como Manuel Murguía, Alfonso Hervella, Leiras Pulpeiro, Noriega Varela ou Said Armesto,

compilaron así, no primeiro terzo do século XX, novas coleccións de *cántigas* e romances, case sempre por referencia ás súas comarcas de orixe. O seu traballo repercutiu, como era lóxico, na sensibilidade dos poetas predispostos á musa popular e á incorporación –igual que o facía a pintura rexionalista dos Álvarez de Sotomayor, Elvira Santiso, González del Blanco e outros– de todo canto entrase nas coordenadas do tipismo e da cor local.

Cóntanse numerosísimos exemplos dese descritivismo bucolizante, panteísta e filantrópico dirixido ao mundo do campo. A descrición ollou a miúdo cara a unha relativa abstracción da paisaxe, sen fornecer detalles específicos que a remitisen a un lugar concreto. Así, en *A Galicia* (1918), de Francisco Salgado y López de Quiroga; ou en *Paisaxes* (1925), de Manuel Posse Rodríguez; e en boa medida tamén na obra plural de Manuel Lago González. Outras veces dirixiuse a vilas, soutos, montañas, mariñas, ríos… do lugar natal ou doutros que se aspiraba a documentar. Existiu nalgún momento unha vocación de corte enciclopédico, exultante nun sector en prosa con posíbel funcionalidade prologuística que o Marqués de Figueroa redactou para o seu *Libro de Cantigas. En tierras Galaico-Lusitanas. Impresiones, reminiscencias del vagar* (1928), volume de título tamén diáfano e de contidos moi ilustrativos sobre aspectos xeolóxicos, hidrográficos, arqueolóxicos, históricos e xeográficos do país.

Houbo outras liñas temáticas, discursivas, xenéricas e estilísticas na produción que estamos a repasar. Entre as primeiras cabe referirse á sempre abundante literatura referida á emigración, que poderiamos relacionar en especial cos nomes de Baña Pose, Gómez Ledo, Iglesias Soto ou San Luís Romero. Tamén a varias outras, como a de introspección existencial, representada na obra de Prieto Rouco; a de reflexión moral e relixiosa, presente en poetas como Aira Barrera, Gómez Ledo e Iglesias Soto; a de ton humorístico (Aira Barrera, Baña Pose, Prado *Lameiro*); ou a de exaltación de diversos aspectos da realidade nacional, entre eles a fala (Ventura Balanyà, Lago González, Cortiña Toural), a historia (Carré Alvarellos), as lendas (Conde González) ou a afirmación patriótica (Lugrís Freire, Rodríguez Barreiro ou Prudencio Rovira), esta última atenta, con notábel reiteración, ás figuras principais do Rexurdimento cultural galego.

No plano discursivo foi frecuente a concreción épico-lírica de historias de transcendencia colectiva ou puramente particular. Entraba así a narratividade no marco da poesía, para se ocupar de peripecias de diversa procedencia: a do emigrante (Baña Pose e algúns outros poetas), a do santo (Eiján Lorenzo), a crónica de vivencias populares (Herrera Garrido), a concatenación de facecias a modo dun anecdotario comunal (Pérez Barreiro), a propia de figuras lendarias (Lago González), a de amores tráxicos ou románticos (Pla Zubiri, Ribalta) ou, en fin, a de guerreiros e sublevados (Carré Alvarellos, Lago González). Diríase que, en casos –e a este respecto é ilustrativo o libro

Andrómenas (1922), de Pérez Barreiro–, tal narratividade aspirase a levantar acta da vida colectiva toda, introducindo pequenas historias (esas *andrómenas*, dacabalo entre a ficción e o documento, un pouco na liña de *Cousas* e *Dos arquivos do trasno*) que en certo xeito configuraban unha rolda de referencias común a todos os lectores. Historias, por exemplo, de cregos e sancristáns, de caciques e matóns, de oufanos 'habaneiros', de matachíns, de mozas casadeiras…

Aínda hai que subliñar sobre estes datos outro máis, que redunda na localización da SX1 respecto da modernidade. Trátase da súa fuxida da historia, da renuncia incluso á historicidade da experiencia. Iso non presupón que a historia non se constituíse en tema de certos textos, algo que en efecto aconteceu, como acabamos de ver. Do que agora falamos é dunha renuncia implícita ao exercicio da conciencia histórica, a unha hermenéutica dialóxica entre o pasado e o presente, só apuntada nalgúns dos poemas máis acesos de Lugrís Freire. Cabe afirmar que os textos posrenacentistas alleos á modernidade non teñen data de produción nin de caducidade; adoito son atemporais e intercambiábeis. Por iso mesmo foi tan corrente o caso de poetas que un bo día compilaban obra poética de xuventude combinada coa de madureza e a daban ao prelo por xunto.

Fronte a isto temos unha conduta moi distinta nos partícipes da SX2. Como teñen salientado Hans R. Jauss e outros estudosos da categoría histórica de 'modernidade', esta caracterízase por un progresivo acurtamento do tempo de validez das propostas artísticas e estéticas. De aí provén xustamente un dos seus paradoxos, que é o da perda de seguridade sobre as unidades epocais e sobre a cohesión das poéticas e as convencións en uso, algo que tamén ten tradución na poesía galega de preguerra.

A falta de vertebración da vida literaria en Galicia, e en especial a ausencia dun exercicio crítico independente e rigoroso que entrase a cuestionar determinadas anacronías sen temor a desgastar por iso os progresos na conciencia nacional do colectivo dos seus lectores –obxectivo lexítimo dos medios nacionalistas, que eran os únicos que con regularidade incorporaban crítica literaria da produción poética galega–, favoreceu unha relativa confusión sobre a identidade do que estamos a denominar *conexións* e tamén unha perda de perfil no relativo ás unidades de xeración.

Pero cómpre ver coa maior claridade posíbel que as obras e os autores anacrónicos, os autoexcluídos da historia a partir da súa propia concepción da escrita poética, non teñen espazo máis que na marxinalidade por eles mesmos administrada. Sería van o esforzo por atoparmos un oco á obra extemporánea de Manuel Posse (n. 1892), Pérez Barreiro (n. 1896), Iglesias Soto (n. 1899), Carmen Prieto (n. 1901), Herminia Fariña (n. 1904) ou Mario Canda (n. 1913) na conexión xeracional na que situamos Manuel Antonio, Xulio Sigüenza ou Manuel Luís Acuña (nados todos no ano 1900) por moito

que na obra dos primeiros poetas amentados teña entrada, moi de cando en vez, algún achado con visos de renovación ou de apertura aos novos tempos.

Outro asunto, que é difícil encaixar no modelo analítico aquí asumido, pendente de xeito case exclusivo das publicacións en forma de libro, é o daqueles poetas que tras unha aparición inicial en exceso temperá, e lastrada por unha concepción trasnoitada da poesía, evolucionan deixando constancia de tal proceso persoal só en poemas soltos aparecidos en revistas da época.

2.5 Tres conexións xeracionais

Concretemos xa un diagrama explicativo das conexións actuantes na poesía do período 1916-31 e das unidades de xeración que poden distinguirse. Consonte as premisas de Mannheim, quedaría deslexitimada calquera formulación periodolóxica consistente na elaboración dunha restra de compartimentos estancos e inmutábeis (*xeracións*, no sentido máis habitual do termo), opción que de seu está conectada coa demanda de bautizar con etiquetas perennes aos colectivos que a ollada metodolóxica do historiador literario descobre.

Serían así tres as conexións xeracionais diferenciábeis. Na primeira delas, a CX1, estarían, por horizonte e proxecto histórico-social e por razón de idade, os membros superviventes no eido da escrita dos grupos que Carvalho Calero chamou *diádocos* e *epígonos*, así como tamén unha parte dos 'posrenacentistas' e dos da 'época das Irmandades'. En que se basea esta proposta? Sinxelamente, en que o seu horizonte histórico e literario corresponde aos finais do século XIX e en que o seu proxecto estético e sociopolítico, agás concretas e tardegas excepcións, non conecta co ideario das Irmandades da Fala, punto de inflexión chave na historia de Galiza por canto nel tivo os seus alicerces o movemento nacionalista. O que vimos de ver en relación coa SX1 é suficiente como descrición das angueiras, limitacións e logros destes poetas. Reiteraremos que unha cousa é vivir na época das Irmandades e outra ben distinta compartir a posición perante a realidade histórica e social que identifica aos membros do movemento alentado por Antón Villar Ponte.

Na CX2 encadramos xa aos escritores partícipes ou afectados polas expectativas daquel ideario e por todas as determinacións a el asociadas. Tales arelas e esperanzas constituíron, simultaneamente, unha especie de valo delimitador dunha área de actuación social e artística, un valo que por suposto deixou ver que era exactamente o que acontecía fóra, e que facultou algúns accesos francos de comunicación interior-exterior. Entendemos por isto mesmo que a CX2 comeza a superar o estrito interese local (inexportábel) e a coitada proxección localista da obra producida na CX1. Entendemos tamén

que a etapa republicana constituíu para eles a recta final do seu periplo intelectual en canto contribución e intervención social, e de certo en canto contributo á poesía galega. Os que sobreviviron ao trienio bélico transitaron despois por moi diversas circunstancias persoais, en dependencia directa do seu compromiso galeguista e/ou republicano, do grao de afección ao novo réxime nacional-católico, da súa condición clerical se esta se daba, da represión, do medo, etc. En todo caso, o que destacamos é que a CX2 tivo tempo para afrontar o seu proxecto. Non parece que a guerra truncase definitivamente a súa contribución poética, malia segar a vida dalgúns dos seus membros.

De acudirmos –só para non perder referencias– ao modelo periodolóxico e ás etiquetas correspondentes de Carvalho Calero, diriamos que nesta CX2 se localiza a poesía debida a algúns dos posrenacentistas menos anquilosados e a unha parte importante dos membros da época das Irmandades. En xeral, todos eles compartiron, para alén das respectivas orientacións literarias que asumiron, unha vocación depuradora da lingua, atendendo moi especificamente a súa ampliación semántica e a fixación de solucións morfolóxicas estábeis, para así superaren algunhas eivas lingüísticas do marco xeracional anterior.

Vincúlanse á CX2, en fin, o incerto modernismo galego, Noriega Varela, Ramón Cabanillas e os membros da súa escola (nomeadamente López Abente e Taibo), Xohán V. Viqueira, Álvarez Limeses, Antón Zapata, Paz Lestón, Crecente Vega, Urbano Moledo, Trapero Pardo e a práctica poética dalgúns membros acólitos do grupo Nós.

A localización da obra de Ramón Cabanillas na etapa agrarista merecería un debate que non emprenderemos neste lugar. Debe considerarse que a maior parte da súa produción literaria é posterior á fundación das Irmandades, malia que en 1916 o poeta cumpría os corenta anos. E tamén, a carón dese dato biográfico, a constatación de que a axencialidade conectada a esa produción poética de que se fala estivo con frecuencia ao servizo do ideario daqueles grupos, integrando incluso algúns apuntamentos das sagas céltica e artúrica con finalidade concienciadora dunha identidade cultural e nacional, e conectando en fin cos presupostos de actuación pública do grupo Nós. Neste sentido, Cabanillas foi ante todo un poeta de musa cívica, cunha compoñente didáctica temperada, estratexicamente disposta sobre bases non só emotivas ou patéticas centradas no *topos* da aldraxe histórica. O rumbo da súa ampla produción poética, sen parangón nesta etapa histórica, arrinca de presupostos modernistas e agraristas e culmina na estética mitoloxizante de poemas narrativos como os integrados en *Na noite estrelecida* ou na peculiar elaboración dun 'cancioneiro' (ou *breviario dun amor*) como *A rosa de cen follas*, pasando por unha etapa central de poesía civil e de combate. A súa pegada na obra dos poetas que se estaban a formar foi moi profunda, malia que nalgúns casos se chegase a cuestionar nalgún xeito a traxectoria do cambadés.

Da cohesión do grupo de Cabanillas dá boa idea unha curta recensión sen sinatura de *Abrente* publicada no número 10 da revista *Nós* en abril de 1922. Nela asóciase ao autor de *Vento mareiro* con López Abente e Taibo, e sanciónase que os tres forman «a gran trindade da moderna lírica galega». Foi un criterio estendido naquela altura e por iso convén destacalo debidamente.

Non poden vincularse con ese núcleo –que sería erróneo ver como unidade de xeración– outros poetas desta CX2, como Xohán Vicente Viqueira, Álvarez Limeses, Eladio Rodríguez, Crecente Vega, Antón Zapata, Paz Lestón, Urbano Moledo, Trapero Pardo, Conde González ou Daniel Pernas Nieto, de diferente entidade e diversa repercusión no curso da poesía posterior.

A limitada extensión da escrita poética dos membros centrais do grupo Nós e a súa propia disparidade complican na nosa interpretación do proceso histórico unha localización periodolóxica exenta de dúbidas. Talvez, xunto coa poesía de autores como Blanco Torres, coubese a súa consideración nunha zona fronteiriza entre a CX2 e a CX3, derivando no caso de Risco e Otero Pedrayo nas marxes da CX2 e no de Blanco Torres máis ben cara á CX3.

A terceira das conexións xeracionais contempladas no modelo periodolóxico aquí postulado posúe un perfil moi singular, sobre todo polo feito de que o seu proxecto e o seu destino colectivos foron truncados pola sublevación militar de 1936. Na CX3 entran, na terminoloxía de Carvalho Calero, os novecentistas e o grupo dos tempos do Seminario. Tamén, relativamente, coas reservas citadas, a propia empresa do grupo Nós. Un sector maioritario destes colectivos asumía o ideario das Irmandades, non sempre de maneira activa. Pero o que si incorporaron todos os membros deses colectivos como premisa da súa intervención pública foi que o tempo histórico que lles tocaba vivir tiña dous referentes fundamentais: un era o movemento nacionalista e o outro a gran crise europea, que o era tanto da razón como de algo moito máis sutil, o concepto de *vida*, para algúns necesitado de reinterpretación alén das angosturas positivistas e naturalistas.

A CX3 é a máis heteroxénea, dinámica e plural das tres que comparecen entre 1916 e 1936, pero tamén a de maior riqueza. Os seus membros superaron de vez a temática local e o espírito localista característicos da primeira etapa do século, mais asimilaron case sempre sen esforzo a pegada dalgunhas poéticas precedentes, de maneira sinalada a de Ramón Cabanillas, extraordinariamente presente ao longo dos anos vinte e trinta para todo poeta galego. Afectounos en xeral o devalo simbolista e escoitaron, no abalo das vangardas, propostas creacionistas, ultraístas e similares. O lector modelo xa non foi para esta conexión xeracional estritamente nin o subscritor d'*A Nosa Terra* nin o pobo que procuraba apenas un espello mimetizador da enxebreza ou da mágoa do emigrante. Non abondaba con ser galeguista. Tampouco con ser festexeiro e/ou saudoso. De feito, non

abondaba con ser galego para encaixar na figura do lector requirido nesta CX3. O cal, por suposto, creou tensións, polémicas. Extraordinariamente dinamizadoras, por certo, para o sistema cultural e tamén para o país.

A indicación sobre a imposibilidade dunha seitura acabada, por mor dos efectos da derrota republicana, non implica que todos estes poetas pechasen o seu ciclo creador no ano 1936. Moitos deles, entre Cunqueiro e Iglesia Alvariño, entre Carvalho Calero e Díaz Jácome, entre Euxenio Montes e Augusto María Casas, daríanlle continuidade despois dun lapso temporal máis ou menos dilatado. Déronlla á súa produción individual, como tal. Só iso. E non sempre en lingua galega. Esa continuación de obra, en todo caso, pertence xa a outro tempo histórico e a outros proxectos. Correspondería, xa que logo, a outra conexión xeracional, de sermos fieis aos protocolos e metodoloxía periodolóxicos aquí empregados.

2.6 Catro unidades xeracionais

Descritas as coordenadas correspondentes ás conexións xeracionais, cómprenos xa abordar unha tarefa similar pendente das unidades de xeración. A proximidade dese labor coa descrición das poéticas postas en práctica é indiscutíbel, pero non deberiamos confundir unha cousa coa outra. Repetimos que as unidades de xeración veñen delimitadas pola asunción compartida dunha actuación pública e dunha estratexia axeitada aos obxectivos trazados, de modo que permiten, aínda que non a promovan, a disparidade de criterios literarios e estéticos. Das primeiras premisas deriva a relevancia das revistas literarias e doutros foros de discusión e encontro.

As unidades fundamentais con operatividade na etapa 1916-31 son catro, a formada en torno a *Nós* e *A Nosa Terra*, a estatuída desde o programa do Seminario de Estudos Galegos, a xerada a partir de relacións profesionais e de amizade en dous medios xornalísticos vigueses nos anos vinte, *Galicia* e en particular *El Pueblo Gallego*, coa aparición de tendencias filosocialistas e federalistas non totalmente compactas nin tampouco permanentes ao longo do decenio anterior á guerra, e, finalmente, a que xirou en torno a Cunqueiro e á súa Oficiña Lírica do Leste Galego, a única das catro con intervención restrinxida aos anos trinta e, de feito, practicamente fóra do límite cronolóxico superior aquí considerado.

As liñas de entrecruzamento ideolóxico, sociolóxico, estético e literario entre estas catro unidades xeracionais son tupidas, polo que se complica bastante o labor de historiografía literaria que aquí apenas se esbozará.

A unidade *Nós-A Nosa Terra* vén caracterizada por un compromiso profundo coa causa nacional(ista), situado por riba de calquera

outra consideración. Trátase dunha unidade xeracional, esta UX1, na cal teñen cabida elementos de dúas conexións distintas, o que vén demostrar unha vez máis a flexibilidade do modelo mannheimiano. En efecto, contaría por unha parte con algúns dos partícipes da CX2 (Risco e Otero Pedrayo ante todo, e, xa só como referentes, Ramón Cabanillas e os seus seguidores López Abente e Victoriano Taibo, así como tamén Álvarez Limeses). Deles e das tensións creadas na relación non sempre fácil entre a CX2 e a CX3, ou entre o galeguismo laicista e centrista e o galeguismo católico e conservador que orixinou a facción Dereita Galeguista, hai abondo escrito.

A 'unidade xeracional nacionalista', de se preferir esta terminoloxía, conta tamén con membros destacados da CX3 (Manuel Antonio, Manuel Luís Acuña, Eduardo Blanco Amor, Álvaro de las Casas, Florencio Delgado Gurriarán, Celso Emilio Ferreiro e Xosé Velo Mosquera), os dous últimos, por razóns de idade, con minguada produción antes do 18 de xullo de 1936, pero cun ámbito de relacións e de intervención pública suficientes como para situalos nun segundo plano desta unidade nacionalista se abrirmos o marco até a sublevación fascista. Sería discutíbel a posibilidade de incluír aquí Xoán Vidal Martínez, malia este poeta ser fundador en 1922 da revista pontevedresa de orientación galeguista *Alborada* e, a partir de 1931, secretario e presidente do Grupo Nazonalista Galego de Pontevedra, integrado despois no Partido Galeguista.

A unidade do Seminario, UX2, adquiriu unha notábel marca culturalista volta á tradición, que inspirou poéticas non totalmente congruentes entre si e nin sequera *saídas* de modo directo do tronco do Seminario: a hilozoísta e a neotrobadorista, ambas fóra dos movementos de vangarda, e a específica doutros autores non adscritos en sentido estrito a esas *escolas*, como Carvalho Calero. Nin que dicir ten que esta UX2, cuxos integrantes non se corresponden exactamente cos considerados por Carvalho no grupo xeracional case homónimo (o dos «tempos do Seminario»), mantiña coa unidade anteriormente perfilada unha fluída relación de camaradería que se estendía a Ramón Cabanillas e a outros escritores e intelectuais do seu grupo de idade, entre eles Armando Cotarelo Valledor ou Salvador Cabeza de León, os dous primeiros presidentes cos que contou o Seminario.

O galeguismo da unidade xeracional do Seminario está fóra de dúbida; pero isto non nos parece suficiente para incorporar os seus membros a un cadro de superior amplitude como o da devandita unidade *Nós-A Nosa Terra*. Perderíase, de facelo, a identidade específica do seu núcleo principal de cohesión e intervención. A considerada escola hilozoísta, imaxinista, neorrománica, animista ou impresionista –etiquetas que se veñen utilizando pola historiografía literaria con diversa fortuna– é seguramente a que máis forte (e difusa) pegada deixou na poesía galega do século XX.

A unidade xeracional con centro no consello de redacción de *El Pueblo Gallego* e nos colaboradores próximos a este medio tivo un ideario non decantado a prol do nacionalismo. E o mesmo ocorreu cunha (sub)unidade xeracional máis, que podemos engadir ás até agora introducidas malia noutro nivel, mesmo en relativa subordinación á anterior. Fálase da que xirou en torno ao grupo lugués de *Ronsel*, concomitante por momentos co espírito que se localiza en *La Gaceta Literaria*, predisposta a xogar un difícil papel de engarce e de diálogo entre a xeira de *Alfar*, a apertura vangardista e iberista propugnada por Giménez Caballero, as distintas tendencias pronacionalistas e a liña específica dos poetas do núcleo de *El Pueblo Gallego*.[5] Unha parte numericamente importante dos membros do grupo xeracional dos novecentistas (ou da *xeración do 25*, na denominación de Méndez Ferrín) entraría nestas unidades xeracionais de *El Pueblo Gallego* e *Ronsel*; se ben non o fai propiamente un dos seus membros máis destacados, Manuel Antonio. Outro poeta importante deste tempo, Luís Pimentel, queda vinculado ao grupo *Ronsel* na nosa comprensión sociolóxico-formal do segmento histórico 1916-31.

É xa redundante volver a incidir no feito de que as poéticas dos autores asociados en unidades de xeración non teñen por que ser equiparábeis, xa que do que se está a falar é de algo que soborda o plano estético-literario. Isto revélase con toda evidencia cando se fala desta UX3 e dos seus autores, entre os que cabería mencionar Otero Espasandín, Cándido Fernández Mazas, Johán Carballeira, Rafael Dieste (que non chegarían a publicar libro de poemas ningún en lingua galega), Valentín Paz Andrade, Luís Amado Carballo, Roberto Blanco Torres, Euxenio Montes, Ánxel Sevillano, Xulio Sigüenza e Xoán Xesús González. Tendo esta nómina diante resulta perceptíbel o feito de que a UX3 foi literalmente varrida como grupo humano e poético polo levantamento militar de xullo do 36.

A ausencia de definición e vertebración da sociedade cultural e literaria do período, así como a existencia de vinculacións polilaterais por parte dalgúns escritores relevantes, facilitaron a aparición das que poderiamos considerar como unidades xeracionais 'satélites', aparentemente de menor influencia e de máis efémera andaina e radicación. Unha delas, a principal, foi a que desde a mindoniense Oficiña Lírica do Leste Galego dirixiu Álvaro Cunqueiro, con derivacións directas que chegaron a Iglesia Alvariño e Díaz Jácome; e tamén, doutro xeito (con direccións non sempre congruentes entre si), a Crecente Vega, a Trapero Pardo, a Pernas Nieto e a Emilio Mosteiro. E aínda a Luís Seoane e a Carvalho Calero. Asemade, estes dous últimos poetas vincúlanse, xunto con Álvaro de las Casas e

5 Correa Calderón, o promotor e codirector de *Ronsel*, foi un colaborador asiduo do xornal vigués; Fernández Mazas, un dos xornalistas e debuxantes con participación en *Galicia* e *El Pueblo Gallego*, foi membro do consello de redacción de *Ronsel*.

outros importantes intelectuais daquela hora –como García-Sabell ou Fernández del Riego–, ás actividades da Federación Universitaria Escolar (FUE), que deixaron un notábel selo a prol da galeguización da universidade compostelá xa nos anos da Segunda República, e que tampouco convén descoidar na catalogación das unidades xeracionais pola forza centrípeta que a FUE chegou a ter.

Aquí só imos dotar de identidade específica á que chamaremos *unidade xeracional mindoniense*, entendendo que dela formaron parte Cunqueiro, Iglesia Alvariño, Díaz Jácome e tres poetas aos que optamos por situar nunha conexión xeracional anterior, Crecente Vega, o autor de *Codeseira* (1933), Trapero Pardo, que se estreara en 1926 con *Lóstregos e moxenas*, e Pernas Nieto, que o fixo xa en tempo de guerra con *Fala d'as musas*.

A unidade mindoniense, UX4, mantivo unha receptividade non oculta pola obra de Noriega Varela, e ao seu través tamén polo saudosismo portugués, sen que iso supuxese unha homoxeneización de resultados poéticos no seu seo, realmente plurais. Alén disto, está marcada pola radicación mindoniense dos seus integrantes na etapa formativa das súas vidas, a cal, en tódolos casos agás no de Cunqueiro, transcorreu no Seminario Conciliar de Mondoñedo e/ou no de Lugo, feito ao que se debe conceder relevancia. O semanario *Vallibria*, dirixido polo seu propietario Xosé Trapero Pardo, foi receptivo á produción do grupo, que tivo nas cinco entregas de *Galiza* (1930-33) un medio propio de expresión logo continuado nos tarxetóns *Papel de Color* (1933-35) e *Frol de Diversos* (1935). As tres publicacións foron dirixidas por Cunqueiro, quen tamén se ocupou de coordinar, con Aquilino e o debuxante Bernardino Vidarte, o labor da Editorial Un, onde saíron o seu *Poemas do si e non* e dúas *plaquettes* máis, *Corazón ao vento*, de Iglesia Alvariño, e *Primeiras cantigas do amor*, de Díaz Jácome.

Algúns membros da UX4 asistiran en Compostela á Universidade ou desempeñaron nesa cidade labores profesionais, pero sen a asiduidade, a constancia ou a continuidade precisas para estableceren lazos suficientes de colaboración nin co Seminario de Estudos Galegos nin cos partícipes da ideoloxía e os programas nacionalistas. Isto non foi óbice para a militancia no Partido Galeguista de Cunqueiro ou de Iglesia Alvariño (militancia cultural máis que política); nin tampouco para que este último chegase a ser corrector en *Nós* ou, sinaladamente, para que dirixise durante o segundo semestre de 1933 o entón semanario *A Nosa Terra*.

A este panorama sobre a localización ideolóxica da unidade mindoniense hai que engadir que Cunqueiro foi colaborador de *El Pueblo Gallego*, onde exerceu a crítica de arte. E, finalmente, outro dato máis, o do papel que todos os membros da unidade desempeñaron na Guerra Civil. Este veu moi condicionado pola tendencia conservadora e católica da súa formación e da súa peripecia vital e incluso literaria

(obsérvese neles a ausencia de poesía de concienciación nacional, cívica ou social).

Sería con probabilidade excesivo outorgarmos valencia operativa de unidades xeracionais a outros dous núcleos de escasa homoxeneidade e de dubidosa articulación interna que cultivaron a poesía neste tempo e que produciron un número importante de libros de poemas. Referímonos ao formado por membros do clero (máis dos que en principio poida pensarse) e ao constituído na emigración madrileña, bonaerense ou habaneira, que nin sequera son excluíntes entre si nin o son tampouco relativamente ás unidades até aquí presentadas.

3 A cuestión xeracional e o canon no marco dunha nova periodoloxía comparada

Sumario 3.1 As xeracións literarias como útil periodolóxico de canonización e orde. – 3.2 Hipóteses desde a posición Mignolo. – 3.3 Dúas vías de posíbel aplicación.

3.1 As xeracións literarias como útil periodolóxico de canonización eorde

O debate teórico-crítico sobre as xeracións literarias vincúlase desde que empeza a cobrar presenza firme nos estudos literarios a un intento de sistematización do exercicio historiográfico e, en simultaneidade, á planificación e constitución dun canon local/nacional.[1] Ambas as dimensións configúranse como vertentes dun programa dirixido a superar algúns excesos atomistas do historicismo e do positivismo oitocentistas, presentes tamén en plataformas idealistas. Polas específi-

1 Tanto Karl Mannheim ([1928] 1990, 68) como Julius Petersen ([1930] 1984, 156-7) ou René Wellek (1973-74, 485) recoñecen a importancia –nalgunha medida fundacional– da *Deutsche Literaturgeschichte des 19. Jahrhunderts. Dargestellt nach Generationen* (1909) de Friedrich Kummer. Case un século antes, Friedrich Schlegel fixera uso dunha sistematización de tipo xeracional nalgúns capítulos da *Geschichte der alten und neuen Literatur* (1815), pero sen proxectala nunha orde supranacional. Wellek destaca como particularmente brillantes os logros do método xeracional na *Histoire de la littérature française de 1789 à nos jours* (1936) de Albert Thibaudet, igualmente allea a contemplacións non cinguidas a pautas nacionais. O comparatista Henri Peyre (1948) ofreceu un mapa sobre o desenvolvemento e as aplicacións do método a partir do século XIX, con especial atención a historiadores e teóricos alemáns, españois e, moi en particular, franceses.

DOI 10.30687/978-88-6969-530-8/006

cas características programáticas coas que xorde, moi condicionadas por unha historiografía literaria limitada ás literaturas nacionais, a cuestión xeracional quedou normalmente inscrita de inicio nas posíbeis aplicacións sobre sistemas literarios homoxéneos, monolingües e normalizados, continuando deste xeito a tradición das bibliotecas, catálogos, apoloxías e demais inventarios propios dos séculos XVI a XVIII. Entre outras razóns, isto foi así porque o espazo histórico en que se incorporou a perspectiva nacional como ferramenta de sistematización non previa a existencia de historias literarias referidas a literaturas menores ou subalternas. Tampouco consideraba a posibilidade de comprender de xeito conxunto a evolución no tempo de literaturas próximas por motivos xeográficos, culturais, administrativos ou doutra índole pero diverxentes na escolla lingüística, algo do que non deixa de lamentarse Julius Petersen ([1930] 1984, 161-2) na súa análise crítica dos presupostos desenvolvidos por Karl Mannheim en *Das Problem der Generationen* ([1928] 1990).[2]

A este respecto, convén ter presente que durante longo tempo a xustificación primeira da historia literaria como disciplina foi a de servir de instrumento para os procesos de construción e identificación estatal-nacional, case sempre fundamentados na aspiración a unha homoxeneidade lingüística e a unha estabilidade cultural. No esgotamento dese programa radica en sentido estrito a fonda crise heurístico-metodolóxica experimentada pola historia literaria, levada segundo balances de sobra coñecidos a un descrédito epistemolóxico nada fácil de superar.

Era precisamente á homoxeneidade 'relativa' das producións literarias dun mesmo tempo histórico e dunha mesma cultura ao que acu-

2 Non convén perder de vista que o propósito expreso de Mannheim cando se ocupou deste asunto consistiu en superar baixo perspectiva sociolóxico-formal os rumbos marcados polas escolas positivista e romántico-idealista, dominantes respectivamente en Francia e Alemaña. Como toda aproximación de base sociolóxica ao feito literario, incluídas as fundamentadas por/desde Pierre Bourdieu, a complexa teoría que Mannheim postulou co fin de ofrecer alternativas epistemoloxicamente aceptábeis sobre a cuestión xeracional presupón unha priorización das específicas estruturas socioeconómicas e do poder no campo cultural atendido e no seu concreto 'espazo histórico' (Mannheim [1928] 1990, 64). Por iso mesmo non resulta doada a aplicación das súas tres nocións fundamentais (*Generationslagerung* ou situación xeracional, *Generationszusammenhang* ou conexión xeracional e *Generationseinheit* ou unidade xeracional) a espazos supranacionais baixo un prisma comparado. Unha posíbel vía para logralo sería a través da converxencia do concepto de *Generationslagerung* –'marco potencial' de experiencia e pensamento asociado a grupos de idade pertencentes a unha comunidade de vida histórica, caracterizados por compartiren unhas 'tendencias inherentes' finalmente expresadas no xeito específico de intervención no proceso histórico– co que Bourdieu estudou como *habitus*, empresa explorada por Gérard Mauger no «Postface» á edición francesa do libro de Mannheim ([1928] 1990, 83-119). Sen dúbida, o fenómeno da globalización posmoderna, e o que xa Petersen ([1930] 1984, 192) valoraba hai tres cuartos de século como «unificación das comunidades» polo reforzo dos procesos interculturais e os permanentes avances técnicos, favorecería unha comprensión deses dous conceptos non limitada a esferas rexionais, nacionais ou estatais.

día Petersen no preámbulo xustificatorio da súa teoría das xeracións, segundo a cal toda historia literaria acaba sendo sempre, quéirase ou non, e de xeito manifesto ou implícito, «la historia de las generaciones literarias y de sus creaciones» (Petersen [1930] 1984, 138). Con probabilidade, tal xuízo sería compartido por José Ortega y Gasset, pero no pensador español o interese pola cuestión xeracional localizouse nunha esfera que se corresponde coa filosofía formal da historia, con Wilhelm Dilthey como inspirador máis notorio. A súa manifestación prevalente foi case sempre a arela de comprender a 'realidade radical' da vida e, de maneira singular, os vínculos entre elites e masas, entendidas as primeiras –a luz nietzscheana– como as auténticas 'forxadoras da historia'. Tal carácter, axial en *El tema de nuestro tiempo* (1923), reaparece con insistencia en *En torno a Galileo* (1933) a propósito do que o autor distingue como epónimos das 'xeracións decisivas'.

O que agora nos interesa máis desa postulación é o seu carácter radial e transnacional –occidental como mínimo, segundo queda suxerido nos sucesivos capítulos–, algo que lle permite defender a Ortega, por exemplo, que Galileo, Kepler e Bacon pertenceron á mesma xeración, a de 1596, precedida por outra, a de 1581, na cal entre outros se integrarían Cervantes e Giordano Bruno (Ortega y Gasset [1933] 1947, 52). Esa dimensión internacional, moi extremada na distribución cronolóxica das supostas vinte e nove xeracións europeas que terían intervido entre 1490 e 1910, comparece tamén no modelo aplicado por Henri Peyre, excesivamente laxo nas súas declaracións metodolóxicas (Peyre 1948, 99-105) e difícil de xustificar no seu envite francocentrista (121-72).

En termos xerais, a literatura comparada contemplou adoito con distancia unha posíbel aplicación do método xeracional ao seu campo específico de intereses. Isto foi así tanto polas implicacións canónico-nacionais desta ferramenta periodolóxica como polas evidentes dificultades que tal método introduce á hora de procurar unha congruencia historiográfica ou unha mera correlación de tempos históricos entre distintas literaturas nacionais. Neste sentido, pódese valorar como previsíbel a habitual reivindicación que desde as diversas historias literarias de base nacional se fai sobre a especificidade e irredutibilidade dos procesos propios (etapas, movementos, escolas, tamén xeracións), algo que se evidencia con maior claridade en exercicios marcados por pulos contrahistóricos do tipo dos dirixidos contra identificacións impostas por algún sistema literario alleo coa finalidade de promover unha asimilación de traxectorias e evolucións. Isto último é constatábel non só a propósito de relacións interliterarias sostidas a partir de dependencias ou subsidiariedades sistémicas, como as analizadas polos estudos poscoloniais, senón tamén desde as existentes entre unha literatura nacional dada e o que se tende a interpretar, no eido dunha comprensión variábel da *Weltliteratur*, como tendencias internacionais.

3.2 Hipóteses desde a posición Mignolo

Por iso mesmo son oportunas as observacións que Walter D. Mignolo estabelecía en 1991 tendo presente a teoría lotmaniana sobre a autoorganización das literaturas nacionais. Hai aquí dous aspectos especialmente relevantes, sobre todo vistos na perspectiva do que o teórico arxentino acabaría postulando anos despois como efectiva descolonización da historia literaria, a favor dunha nova comprensión das relacións interculturais fundamentada na descrición e interpretación da diferenza colonial. O primeiro deses dous aspectos é o carácter meramente rexional –en sentido xeocultural– de toda práctica discursivo-literaria, lonxe por tanto das veleidades universalistas que con tanta frecuencia acompañan os balances historiográficos das literaturas occidentais consolidadas;[3] o segundo consiste na funcionalidade do que Iuri Lotman ([1973] 1996, 168) chamou *metatextos*, conxunto de tratados teóricos, corpos normativos e textos crítico-antolóxicos que organizan, constrúen e xerarquizan cada literatura inducindo por esa vía un canon que Mignolo ([1991] 1998, 269) demanda que se contemple baixo tres perspectivas complementarias: a que denomina *vocacional* –na esfera da vontade e do acordo sobre unhas certas interaccións comunicativas en que se participa en canto 'crente'–, a *epistémica* –derivada dunha certa educación académica e dun certo estatuto disciplinar dos estudos literarios, esfera esta en que os partícipes efectivos son os investigadores– e a que para abreviar chamaremos *fronteiriza* –nacida da conciencia sobre a relatividade e a convencionalidade de calquera canon analizado nun sentido diatópico.[4]

Segundo indica Mignolo ([1991] 1998, 251), a formación do canon representa en suma a necesidade que toda comunidade humana ten de estabilizar o seu pasado, adaptarse ao momento presente e proxectar un futuro, tanto no plano epistémico-disciplinar, que se corresponde co labor de análise e investigación, como no vocacional-cultural, conectado coas actividades dunha comunidade de utentes que comparten algún corpo de crenzas sobre a súa identidade colectiva. Nesas coordenadas,

> cuando los estudiosos del primer y tercer mundo se den cuenta de que lo que tiene valor para cada uno de «nosotros» como miembros

3 Admitido o cal, todo canon sería en realidade *rexional*.

4 E tamén diacrónico, como é lóxico. Lotman ([1973] 1996, 180-1) referiuse á 'creación activa' do pasado que acomete cada novo momento histórico con propósito modelizador referido ao presente. A operación consiste basicamente en optar por unha organización do pasado entre as múltiples que sería posíbel considerar. Tras esa escolla, que é sempre unha simplificación e unha redución dun mapa real moito máis complexo, o paso seguinte é a canonización de certos textos, autores e poéticas, coa consecuente ocultación das respectivas alternativas concorrentes.

> de una comunidad (nivel vocacional) debería mantenerse cuidadosamente separado de lo que es importante para «nosotros» como estudiosos (nivel epistémico), se podría iniciar un diálogo fructífero sobre los cánones y sobre el estudio de la formación del canon a través de las fronteras culturales. Deberíamos ser capaces de comprender que, como miembros de distintas comunidades vocacionales, estamos representados por distintos cánones; que, como colegas en una misma disciplina, deberíamos tener un canon básico de la disciplina que aplicaríamos, desarrollaríamos y transformaríamos de acuerdo con las condiciones sociales e históricas sobre las que y a partir de las que teorizamos. (Mignolo [1991] 1998, 263)

En termos heurísticos, a hipótese asumida por Mignolo sobre a natureza vocacional de metatexto e canon, ou, dito noutros termos, sobre a dependencia directa que todo canon amosa en relación coa comunidade que o postula, cuestionaría a aceptabilidade dunha periodoloxía comparada abstraída desas condicións de uso e modelización.[5] En realidade, isto supón ir algo máis lonxe do que influentes comparatistas teñen argumentado a partir de presupostos xa presentes en Friedrich Schlegel, organizados en 1928 nun sentido decididamente sistémico por Roman Jakobson e Iuri Tinianov e retomados anos despois nese mesmo plano por René Wellek (1963) ou Claudio Guillén (1971). E máis lonxe tamén, por tanto, da comprensión dos períodos literarios como 'interrelacións estruturadas', superposicións polifónicas de continuidades e descontinuidades, espazos de concorrencia en que o carácter dialóxico e pluralista das diversas opcións en xogo establecen liñas simultáneas de perduración e cambio nunca plenamente autónomas (Guillén [1985] 2005, 337-9). Porque no que Mignolo incide, con fundamento na semiótica da cultura lotmaniana, é no compromiso non epistémico senón identitario e autoorganizativo do canon e outras prácticas discursivas homólogas, entre elas a maior parte das que se corresponden coa historiografía e a periodoloxía literarias.

Xustamente pola dobre asunción da centralidade e a permanencia do conflito entre opcións e do dinamismo connatural ao tempo histórico, Guillén manifesta unha clara preferencia polo que presenta como modelo B da periodoloxía literaria, aquel que –contrariamen-

5 Isto non presupón que o canon sexa concibíbel como construción meramente comunal ou nacional allea a dinámicas de perímetro máis amplo ou mesmo a caracterizacións provenientes do exterior. Cabo Aseguinolaza (2001), por exemplo, destaca a relevancia das interaccións entre auto- e heterodefinición na configuración do canon da literatura española a partir do século XIX. Trátase dunha dialéctica que alcanza outro grao de complexidade en relación con Estados/nacións de constitución xeo-histórica máis difusa, como os centroeuropeos. En dous monográficos das revistas *Neohelicon* e *Comparative Literature Studies* localízanse algúns traballos en relación con Hungría, Alemaña, Chequia e Eslovaquia (tamén sobre as literaturas latinoamericanas). Véxase, respectivamente, Chamberlain 2003; Castillo, Lionnet, Lützeler 2003.

te ao favorecido desde un modelo A– subliña a idea da continuidade imparábel da historia. Nesa orde, o método xeracional de estirpe orteguiana vén sendo desaconsellado polo comparatista español xa desde *Literature as System* (1971). A razón fulcral sitúase sempre no que poderiamos sinalar como carácter *asistémico* desa opción, en exceso apegada a homoxeneidades ou harmonías sincrónicas forzadas (Guillén 1971, 429-33; 2005, 339), liña de análise que interesou tamén posteriormente, con excelente rendemento teórico-crítico, a Nil Santiáñez (2002, 51-85).

Semella fóra de dúbida que concepcións como as orteguianas, de forte marca teleolóxica e aínda moi receptivas a un bioloxismo 'historiolóxico', carecen na actualidade de vixencia e de aplicabilidade na historiografía literaria, algo que alcanza maior evidencia se falamos en termos de historia comparada. A cuestión é, con todo, se existen ou non outros modelos que, atentos á tradición teórico-crítica aberta por Mannheim e por tanto a unha comprensión sistémica e dinámica da evolución literaria –con referentes como Tinianov, Lotman, Schmidt, Even-Zohar ou Bourdieu, para ser máis explícitos–, poidan aplicar un método xeracional dalgún interese para a historia comparada das literaturas.

3.3 Dúas vías de posíbel aplicación

Neste sentido querería destacar dúas posíbeis vías que no meu criterio son merecedoras de crédito e que poderían integrar sen dificultades insalvábeis as tres perspectivas sobre o canon destacadas por Mignolo. Fareino de maneira esquemática, apenas como un apuntamento que deberá complementarse en futuras aproximacións ao problema.

A primeira desas vías provén dunha das escolas comparatistas centroeuropeas que maior atención prestaron no derradeiro terzo do século XX ás cuestións metodolóxicas da historia comparada. Trátase en concreto do grupo que en Bratislava dirixiu até o seu falecemento Dionýz Ďurišin. A periodoloxía proposta por este teórico fundaméntase no que denominou *proceso interliterario*, protagonizado non polas literaturas nacionais senón por unha serie de categorías máis amplas que van desde as comunidades interliterarias até a literatura mundial. Segundo as observacións de Ďurišin, a periodización de base nacional, igual que certas prácticas correlativas de dimensión comparada, sufriu adoito unha subordinación mecánica ás leis da evolución e do cambio correspondentes ás literaturas nacionais, sen ter presentes outros parámetros de radio máis amplo. Do que se trataría a propósito do proceso interliterario é de primar unha periodización ligada a acontecementos e desenvolvementos efectivamente interliterarios. De modo que non se partiría de períodos preexistentes

nas respectivas historiografías nacionais, consensuados e consolidados por historiadores e críticos especialistas nesas esferas, para sometelos logo a unha especie de homologación supranacional por elevación. Inversamente, o camiño andaríase tomando como punto de partida as relacións interliterarias. É máis, Ďurišin (1984, 239-51) promove que as historias literarias nacionais emprendan un rumbo similar ao posto en uso polo comparatista croata Aleksandar Flaker e apliquen, en consecuencia, os ritmos dos procesos interliterarios e as dialécticas entre o xeral e o específico no momento de constituír os períodos das diferentes literaturas nacionais. Dese xeito, toda periodoloxía literaria nacional asumiría un compromiso comparado e interliterario.

A segunda vía que destacarei procede das aplicacións da teoría dos campos sociais de Pierre Bourdieu no terreo específico das prosopografías, entendidas como as biografías colectivas dos axentes pertencentes a un mesmo campo. As prosopografías constitúense mercé á compilación dun número moi amplo de datos tratados con métodos cuantitativos que aspiran a poñer en claro, ante todo, a dinámica e a estrutura do campo.[6] Recóllense así, entre outros, datos referidos ás orixes sociais dos axentes, á súa formación académica, á súa traxectoria, á posición ocupada no campo, á súa acumulación de capital simbólico, ás tomas de posición en asuntos destacados para a dialéctica do campo e aos *habitus* primario e secundario. Gisèle Sapiro (1996, 6) destaca a dimensión comparada que este tipo de análise incorpora de seu. Se ben o fai por referencia á comparación entre distintos grupos de axentes dentro do campo literario –por exemplo, o dos escritores– o certo é que se abre a posibilidade de que ese contraste se estabeleza en realidade entre axentes integrados en campos literarios distintos; sen ir máis lonxe, entre os correlativos a diferentes literaturas nacionais.[7] As análises básicas de Sapiro concéntranse até hoxe no campo literario francés durante os anos corenta e cincuenta do pasado século, incluída a etapa da ocupación alemá e o Goberno de Vichy. Priorizan nese marco un punto de vista comparativo atento ás institucións literarias, de maneira destacada á Académie Française, a Académie Goncourt e o Comité National des Écrivains.

Outros investigadores que aplican igualmente unha metodoloxía de inspiración bourdieusiana, os vinculados co proxecto de investi-

6 Outra referencia teórica relevante neste punto sería a de Lawrence Stone (1981) e outros valedores dos métodos cuantitativos aplicados ás ciencias sociais e nomeadamente á historia. Con todo, o método prosopográfico gozou de predicamento especial sobre todo entre os historiadores franceses. Véxase ao respecto, por exemplo, o volume editado por Genet e Lottes (1996), onde se ofrece un balance sobre o rendemento e límites da metodoloxía.

7 Con todo, hai que lembrar o que xa se indicou en páxinas anteriores: o feble pulo comparatista que en xeral demostran as aproximacións sociolóxicas ao estudo do fenómeno literario.

gación sobre xeracións literarias e autoridade social levado a cabo na Uppsala Universitet, veñen prestando unha atención especial ao debut dos escritores no espazo público –algo que para Kummer ou Mannheim era tamén moito máis relevante que o mero factor idade– e á conformación da súa carreira á luz da distribución das diferentes clases de capital en xogo (nos termos de Bourdieu, entrarían aquí os efectos da autoridade social e individual).

Visando o momento en que se produce o debut literario, Rolf Lundén e os outros colaboradores do proxecto fan uso da noción de *cohorte*, que debe entenderse nun sentido estatístico e que permite agrupacións por similitudes, como as que este grupo de investigación presenta en relación coa narrativa estadounidense do período 1940-2000 (Ekelund, Blom 2002). A boa receptividade que os directores do proxecto mostran a favor da incorporación dos presupostos do que o comparatista Steven Tötösy de Zepetnek fundamentou como estudos sistémico-empíricos sobre a literatura e a cultura, e en concreto sobre as súas teorías en torno á formación cumulativa do canon (Tötösy de Zepetnek 1998, 43-78), non afastadas das coñecidas posicións de John Guillory (1993),[8] podería favorecer unha ampliación en sentido comparatista dese programa. O paso non representaría unha dificultade insalvábel e consistiría basicamente nunha análise comparada de procesos coevos, institucións homólogas e distribución do capital cultural en espazos nacionais ou xeoculturais próximos. En definitiva, representaría unha comparación de campos literarios en que o contraste prosopográfico ocuparía o eixe central.

Trátase sen dúbida dunha alternativa interesante baixo óptica periodolóxica, en particular se soubese integrar as pautas que Ďurišin ponderaba no método aplicado por Flaker a través dunha consideración dinámica e sistémica dos desenvolvementos nacionais e interliterarios en espazos xeoculturais cohesionados por factores como os tidos en conta pola Escola de Bratislava para a delimitación das comunidades e os centrismos interliterarios (étnicos, lingüísticos, xeográficos, culturais, relixiosos, político-ideolóxicos e/ou administrativos). Entendo, en fin, que esa nova periodoloxía comparada estaría en disposición de asimilar de xeito adecuado as tres perspectivas mencionadas por Mignolo a propósito da función identitaria e autoorganizativa do canon en canto metatexto.

8 Para unha lectura crítica das posicións de Guillory e do propio Bourdieu sobre a formación do canon literario, así como das defendidas por Harris, Kermode, Lotman, Even-Zohar e outros teóricos relevantes que interviñeron no debate sobre o canon no derradeiro tercio do século XX, son moi clarificadores os capítulos debidos a Pozuelo Yvancos no libro *Teoría del canon y literatura española* (Pozuelo Yvancos, Aradra Sánchez 2000, 11-140).

4 *De Pondal a Novoneyra*, de Méndez Ferrín: o proceso xeracional como foco poetolóxico

Sumario 4.1 Procedencias. – 4.2 Un dobre foco. – 4.3 Potencial poetolóxico da proposta.

¡Lembranzas, tempo, triste teoría das horas!
(X.L. Méndez Ferrín, «Brindis»,
Voce na néboa, 1957)

4.1 Procedencias

No conxunto da produción crítica e historiográfica de X.L. Méndez Ferrín hai un título que expón o aparente parodoxo de conformar unha proposta tan influente e asumida como pouco debatida e estudada nos seus fundamentos e condicionantes, ou até na súa posíbel correlación coa obra literaria propia e as súas específicas escollas poéticas. Bardante algún pormenor pouco máis ca nominal, non constitúe esaxeración ningunha, en efecto, falar dunha adhesión case xeneralizada ás propostas historiográficas e periodolóxicas sobre a poesía dos tres primeiros cuartos do século XX concretadas no libro de 1984 *De Pondal a Novoneyra* (cf. Samartim 2011, 193-8), resultado das investigacións que levaran ao autor once anos antes a doutorarse en Filoloxía na Universidade de Santiago de Compostela e que conta aínda cun antecedente académico previo, a tese de licenciatura lida en Madrid no ano 1960 arredor da obra poética pondaliana.

DOI 10.30687/978-88-6969-530-8/007

Son varias as razóns para regresar a un territorio sobre o que xa concretei algunha análise (Casas 2000b, 121-36). O único que resulta pertinente mencionar agora ten que ver coas singularidades de diversa orde ás que aparece asociado o corpo de proposicións debidas a Méndez Ferrín. Baste considerar tres aspectos: o momento histórico en que se presentou aquela tese de doutoramento, dirixida por un Ricardo Carvalho Calero que ocupaba a cátedra de Lingua e Literatura Galega desde uns meses antes; as presumíbeis discrepancias de criterio estético-literario ou político entre orientador e doutorando –respecto á ausencia dun modernismo galego e ás consecuencias disto nos ritmos literarios arredor de 1900, por exemplo–, que, porén non semella que afectasen en profundidade nin á comprensión global da traxectoria estudada nin aos procedementos filolóxicos e historiográfico-literarios priorizados; e, en fin, a febleza da tradición crítica coa que Méndez Ferrín tivo que dialogar a propósito do seu obxecto de investigación, en especial se se pensa no curso da poesía galega máis inmediata, a dos anos cincuenta e sesenta e, de xeito específico, na debida á xeración das Festas Minervais. O acto público da defensa da tese potenciou de xeito colateral o debate sobre as limitacións das ensinanzas lingüístico-filolóxicas na universidade da ditadura. Como na experiencia anterior de Dosinda Areses (1914-1984), estaba claro que esa formación seguía a precisar do suplemento voluntarista e autodidacta que salvase as carencias institucionais e as do profesorado, no tempo de aprendizaxe de Ferrín algo máis receptivo ca no de Areses aos operativos metodolóxicos da estilística idealista e da romanística alemá, cando menos en Madrid.

En diálogo con Salgado e Casado (1989, 251-4), Ferrín introduciu unha nota relevante a propósito do paso da tese doutoral ao libro editado por Xerais. Nese proceso deuse unha decisión meditada a prol do carácter didáctico da publicación para procurar así dous obxectivos. O primeiro, vigorizar o discurso crítico galego, xulgado como inoperante, reducido ao saúdo formulario de novidades e ao anacronismo dunha rasa erudición, realidade esta que sempre preocupou a Ferrín segundo deixan ver as súas *Conversas* con Xosé Manuel del Caño (2005, 170-5); o segundo, subliñar a existencia dunha tradición literaria propia, sólida no eido poético e autónoma nos procesos estéticos con relación a outras tradicións nacionais próximas, non só por motivos de tipo socio-económico, político e cultural senón tamén estritamente literarios.

A propósito destes dous obxectivos será ben puntualizar que a crítica en Ferrín non renuncia nunca a fundamentarse no rigor filolóxico. Asemade, que a autonomía dos procesos non resulta equiparada ao diferencialismo na asimilación da tradición cultural común aos europeos, adoito lida como tecido intertextual compartido, especialmente dispoñíbel en canto repertorio temático.

4.2 Un dobre foco

O interese actual dista de obrigarse a unha discusión de fondo sobre a dinámica histórica da poesía galega a partir de Eduardo Pondal, ou sobre os referentes teóricos do pensamento histórico-literario de Ferrín. O que pretendo nestas poucas páxinas é ben máis humilde. Consiste en apuntar algo relativo ao modo en que a ordenación periodolóxica que postula o crítico-historiador constitúe un foco poetolóxico dobre:[1] postula unha concreta dinámica histórica que afecta a grupos de idade e a individualidades no terreo da produción poética e, á vez, en termos declarativos e explicativos, afecta á construción e á identificación do seu discurso poético individual (en definitiva, concirne á conciencia da poética propia).

En traballos escritos nos primeiros anos corenta como desenvolvemento dos presupostos do Círculo de Praga, René Wellek e Felix Vodička coincidiron en chamar a atención sobre a condición do período literario en canto treito dun proceso evolutivo que xira arredor do cambio no sistema de normas e valores dominantes. Hai tres ideas fundamentais nesa posición: 2) negar que un período poida autorreferirse ou explicarse sen saír dos seus límites; 2) explicar o proceso literario como loita permanente en que se xoga a prevalencia dun corpo normativo e axiolóxico (non só de dimensión estética ou poética); e 3) entender a historia literaria como reconstrución da norma e da xerarquía epocal. De aquí nace a coñecida proposta de Wellek para manexar a noción de período como concepto dinámico regulador e non como transunto dalgunha metafísica.

En *De Pondal a Novoneyra* Ferrín móstrase próximo a esta comprensión da historia literaria e da correspondente articulación periodolóxica en termos conceptuais, malia o seu desenvolvemento concreto non ser tan decididamente empírico como aconsellaba Vodička ao estar pexado por un protagonismo excesivo das xeracións como axentes da mudanza histórica. Apréciase todo isto con claridade lendo por exemplo o capítulo segundo, «Antre dous séculos» (Méndez Ferrín 1984, 31-8), e observando nel a rendibilidade proxectada pola dialéctica entre inmobilismo e cambio literario.

Faise pertinente a este respecto concretarmos as tradicións de pensamento postas en xogo por Ferrín, porque xa aí se localizan algunhas dificuldades e pode ser que certas aporías con repercusión na alternancia de prodecementos indutivos e dedutivos. Cales son as tradicións habilitadas que inciden no modelo periodolóxico ferriniano? Creo que como mínimo as tres seguintes: o positivismo,

1 O adxectivo *poetolóxico* fai referencia aquí ao estudo e análise dunha poética (epocal, xeracional, autorial…) ou ás relacións que algún dos factores específicos desa poética establece con determinados principios ou circunstancias da produción textual.

o historicismo marxista e o idealismo, concretado este último ben como estilística ben como fenomenoloxía.

Isto explica que en *De Pondal a Novoneyra* se conxugue, no nivel global, o rigorismo dunha lei marco das series xeracionais[2] coa asimilación das premisas historicistas hegeliano-marxistas,[3] e, nun nivel micro ou divisional, o exame sociolóxico[4] cos operativos spitzerianos do 'desvío' e do 'círculo filolóxico' como ferramentas analítico-interpretativas.[5] Contemplado o asunto en perspectiva disciplinaria, cabe afirmar que un dos retos asumidos por Ferrín no seu libro foi o de facer compatíbeis a crítica –de porparte, unha crítica con forte marca avaliativa, unha crítica de intervención– e a historia literaria. Por iso mesmo resulta meridiana en termos declarativos a referencia, no discurso de Dosinda Areses (1998, 60), a unha vía de harmonización entre os métodos de Leo Spitzer e Ernst Robert Curtius. Ou, en grao non tan decisivo, a receptividade explícita ás prácticas que identifican o quefacer crítico en Charles-Augustin Sainte-Beuve. A táboa tradición/contradición preséntase así vizosa, produtiva.

4.3 Potencial poetolóxico da proposta

As bases epistemolóxicas e críticas que acabo de esquematizar (e simplificar) e a formalización consecuente dunha proposta historiográfica articulada en sete períodos-xeracións posúen de seu, segundo salientei, un potencial poetolóxico que serve ao autor para iluminar os rumbos da poesía galega entre a denominada 'escola formalista' e a promoción de escritores á que el propio implicitamente se adscribe. E, acaso de maneira subsidiaria, tamén para unha autoindagación reflexiva centrada nas súas opcións individuais como poeta, aínda que só sexa porque elixir o pasado-tradición que se relata e a específica forma narrativa dese relato constitúen unha declaración sobre a comprensión do acto enunciativo historiográfico e sobre o que o

2 «Para o autor, xeración é un conxunto de escritores nacidos nun período de dez anos, que se configuran colectivamente nun determinado intre histórico, e en relación con determinado estadio da tradición literaria precedente» (Méndez Ferrín 1984, 71). Cítase pola primeira edición. Na segunda edición (1990) –tamén en Edicións Xerais de Galicia– consérvanse o formato e a paxinación orixinais, aínda que variaron capa e paratextos.

3 «Nesta obra enténdese a xeración de textos poéticos en língua galega como parte do proceso de liberación nacional do noso pobo» (Méndez Ferrín 1984, 17). Pouco despois, o autor sinala como signo determinante do século XX na cultura galega o «independentismo espiritual e estético» inaugurado por Pondal (Méndez Ferrín 1984, 18).

4 Véxase como exemplo a epígrafe «Caracteres culturais», referida á xeración das Festas Minervais (Méndez Ferrín 1984, 257-68).

5 Léase a análise do libro *Nimbos*, de Díaz Castro (Méndez Ferrín 1984, 199-207).

historiador (e o poeta) decide representar como axente dun discurso que trascende o rexistro de datos e que ten moito de produción/invención. Se non de realidade si polo menos de sentido.

Veremos estas dúas chaves xuntas e en apurada sinopse, sen esquecer por certo que narratividade e epización son consubstanciais ao taller poético ferriniano (Cochón 2006). Para limitar as inevitábeis imprecisións, delinéase unha serie de marcas interconectadas en *De Pondal a Novoneyra* como espiral conceptual e argumentativa que merecería algún desenvolvemento complementario, agora inabordábel por razón de espazo. A orixe está en Pondal, para Ferrín o «primeiro poeta galego moderno» (1984, 17). A súa poética, continuada en ton menor por outros membros da escola formalista, funciona en termos historiográficos ao longo do volume *De Pondal a Novoneyra* como padrón fidedigno de modernidade e como metrónomo xeracional con atención preferente ao cambio literario lido en canto (des)regulación normativa e (des)axuste de valores estéticos, culturais, políticos, morais…

Xerarquía, entidade e proxección mídense nos poetas do século XX –Manuel Antonio, Aquilino Iglesia Alvariño, Álvaro Cunqueiro, Manuel Cuña Novás, Alexandre Cribeiro…– e nas promocións das que estes poidan ser epónimos por comparación tácita con Pondal e coas súas opcións,[6] quer no eido lingüístico e discursivo quer no temático-inventivo, no retórico-estilístico e/ou no rítmico-métrico. Máis aínda, a partir das escollas pondalianas estímanse como acertos/desacertos outras decisións de diversa escala e aplicación. Por exemplo, a asunción do reto da polimetría ou da dialéctica produtiva que fornecería o encontro franco e non desequilibrado entre lingua coloquial e expresión culta e depurada. Pero tamén, quizais sobre todo, a selección do lugar intelectual e sentimental da enunciación poética, que é tanto como dicir do lugar social-histórico desde o cal canta o poeta.

Tal lugar foi en Pondal o dun afastamento antiburgués e desclasado –resalta Ferrín–, o dun «escolleito plano ahistórico» (1984, 26) que o crítico dexerga como 'distanciamento vaticinante' porque como acto público (político) se ispe de presente e concita a lenda pretérita co presaxio histórico dun tempo xusto.

As repercusións desta lectura son abondo profundas e complexas como para nos deter agora arredor delas. Hai só un aspecto inadiábel que debe ser explicitado. Trátase da concepción figurativa dunha especie de secuestro histórico da nación, recluída tamén así nun non-lugar en que só a dignidade da acción/resistencia antiburguesa e insubmisa non poluída de 'exceso de presente' preservaría a lexi-

6 Sinalarei tres lugares: a observación da poesía e da existencia de Luís Pimentel (55-6), o apuntamento sobre Luís Seoane (100-1) e a nota crítica bimembre sobre Antón Tovar (236-7).

timidade e a oportunidade da palabra poética. A historia silencia a nación: o poeta testifica ese secuestro e anuncia a liberación-revolución futura.

Ao anterior habería que engadir como mínimo dúas marcas máis que nalgún modo foron xa introducidas nesta análise e que como útil periodolóxico acaban por fornecer lecturas críticas de posicións poéticas concretas. A primeira é a independencia da literatura galega como literatura nacional; en particular, a súa emancipación respecto de calquera tronco románico consolidado a partir do clasicismo e do barroco, sinaladamente o español. A segunda é a súa participación desinhibida e libre, de novo como literatura soberana, na rede internacional e intertextual que sen tregua revisita aos clásicos (plurais en linguas, tempos, espazos, condición…) e fai aviventar a tradición. Existe, talvez, unha lei non escrita da comprensión da historia literaria por parte de Ferrín que di que a maior dependencia do hispano corresponde unha menor apertura á república universal das letras e unha menor entidade como semiosfera lingüístico-cultural, tanto no plano das decisións individuais como no colectivo e no nacional-conxuntural (a nación nunha determinada altura). De aí mana, por poñer un caso, a execración do socialrealismo e de calquera variante do realismo coloquial na poesía galega contemporánea, matizada só cando se trata de exculpar traxectorias dunha envergadura cumprida (Celso Emilio Ferreiro, Manuel María).

Os sete períodos que se postulan en *De Pondal a Novoneyra* constitúen e sustentan de certo outras tantas poéticas xeracionais. As xeracións son para Ferrín os axentes significados do proceso literario. A elas corresponde no fundamental a agonística cartografada, a pugna polo control de normas e valores. Só a excepcionalidade de figuras de ruptura como Pondal fai emerxer nese relato a categoría do xenio individual. Por asimilación de premisas historiolóxicas lindantes coas formulacións de Vodička, Ferrín aborda a reconstrución da norma literaria e da xerarquía epocal en cada un deses sete tempos xeracionais, e investiga asemade o que o teórico checo denominou *eficacia* literaria e extraliteraria da obra, entre a simple influencia estética e unha performatividade de dimensión social.

Á luz da mudanza literaria e da súa dinámica, Ferrín comprende e explica os períodos balizados e as poéticas asociadas, explora a historia literaria como correlato dun proceso de liberación nacional e de xeito patente ou virtual (re)preséntase a si propio –crítico, historiador literario, poeta– como testemuña ou axente discursivo dese proceso. A ordenación de abalos e devalos ilustra ben o que agora me limito a anotar.

Nese campo é perceptíbel a funcionalidade orgánica e narrativa –pero a resultas diso mesmo tamén poetolóxica, por canto esculca, identifica e describe poéticas– de capítulos como «A Escola Formalista» (Méndez Ferrín 1984, 21-30) ou, na beira oposta, «A

poesía da PDE» (225-32).[7] En medio, localízanse outros como «A xeración de 1925» (51-67), grupo e poética que o historiador retrata como «unha dorosa frustración das nosas letras» (59). No sentido así apuntado, os períodos –o seu proceso– son o foco poetolóxico que permite ver e contrastar o verdadeiro perfil de grupos e individuos. Constitúen a bitácora que garda e acredita a afirmación.

7 O devalo da Promoción de Enlace resúmese nestes termos: «Desorientación estética, carencia de unidade creativa e de liñas propias, escaseza de poetas en galego –e pouca constancia no uso da nosa lingua pola banda daqueles que algunha vez fan uso dela– son características do grupo xeracional ó que deben menos as letras galegas do século XX» (228-9).

5 Lugares historiográficos do exilio
Luís Seoane, compromiso e intervención en ambos os lados do Atlántico

Sumario 5.1 Relacións e afinidades. – 5.2 Campo cultural e exilio. – 5.3 A lóxica relacional do campo cultural. – 5.4 Os intelectuais e a renovación dos repertorios culturais. – 5.5 Repertorios e antagonía.

5.1 Relacións e afinidades

O título orixinal desta achega fixaba no concepto de compromiso unha marca de identificación desde a cal fundamentar a lectura de medio século de participación de Luís Seoane na vida pública, no debate público. No debate político, ideolóxico, estético, artístico e cultural, cabería precisar. Podemos e debemos preguntarnos se a noción é apropiada. Se a hipótese de marcar o compromiso como unha especie de punto de fuga para lermos Luís Seoane nos planos mencionados resultará excesiva. Talvez sexa así. Dependerá dos criterios empregados para perfilar o que se entende por compromiso[1] e

1 Un entre os posíbeis criterios, quizais o de maior predicamento, é este que pode representar Helena González Fernández (1994, 5) cando a propósito do propio Seoane comenta: «as súas convicción ideolóxicas subxacen sempre en calquera mostra do seu labor artístico e actuaron como o verdadeiro motor das iniciativas editoriais e literarias que abandeirou». E máis adiante: «seis son os postulados básicos sobre os que se constrúe a poética desta arte comprometida co home e cos seus conflictos

DOI 10.30687/978-88-6969-530-8/008

as implicacións que introduce interpretar esa noción como posición no campo cultural ou como praxe.

Recoñezamos de antemán que é posíbel que o termo, cunha historia conceptual ligada á propia da palabra 'intelectual', deixe fóra ou marxine certos aspectos dun activismo como a de Seoane, en especial cando se manexa, e non é infrecuente, como un absoluto. Ou cando se emprega de xeito idílico, ignorando os condicionamentos de toda tarefa e de todo discurso político. Ou tamén cando se vehicula como extensión do compromiso específico do analista que toma a palabra, da súa propia percepción da realidade, da tradición crítica na que se recoñece e da discursivización que diso resolva facer, pois o discurso sobre o compromiso de outro é en ocasións un discurso de (auto) lexitimación moral ou política. Sabemos que isto tampouco é inusual. E podemos contrastalo, a propósito de Seoane, en varias fontes, nas fórmulas coas que esas fontes dimensionan esta ou esoutra marca a fin de destacar ou de minorar algo.

Hai razóns, por tanto, que fan aconsellábel aclarar e concretar os obxectivos marcados, que non se inscriben plenamente nunha análise académica cinguida á produción artístico-literaria de Seoane sometida a algún prisma estético ou ideolóxico específico (as variantes do realismo social, o materialismo histórico, os pactos de recepción lectora, visual, espectacular…). Nin corresponden a unha síntese documental ilustrativa dunha dedicación ou, tampouco, á traxectoria dun compromiso entendido en clave biográfico-partidaria, con anotacións sobre militancias, plataformas ou publicacións de textos de carácter declarativo e manifestario de diversa índole e circunstancia. Por exemplificar só con referencias de preguerra, relativas en consecuencia ao primeiro cuarto de século da vida de Seoane, esas anotacións remitirían en todo caso a tomas de posición como estas que seguen: a súa participación, verdadeiramente entusiasta, nalgunhas das propostas do programa da Federación Universitaria Escolar (FUE) xa antes da Segunda República; o apoio, algo menos decidido, ao Seminario de Estudos Galegos; o recoñecemento público como «estudante marxista» nos últimos anos de carreira;[2] a converxencia,

comúns: o realismo, a arte feita para o home, o compromiso co entorno, a reapropiación da memoria histórica, a importancia do colectivo e a defensa da identidade nacional» (10). Benoît Denis (2000) diferencia entre dúas acepcións de *littérature engagée*: a correspondente ao fenómeno histórico que representa na posguerra europea a figura de Jean-Paul Sartre e a emerxencia dunha discursividade desexosa de contribuír á edificación dun mundo novo a través da atención aos grandes problemas sociais e políticos e, nun sentido máis amplo e non tan restrinxido en termos históricos, a correspondente a aquelas prácticas que se constitúen en xeral como resposta crítica a algunha forma de poder ou como postulación de determinados valores universais, nomeadamente a liberdade.

2 Nun momento en que non abundaban os intelectuais desta orientación no país. Entre os que tratou Seoane naqueles anos cabe destacar a Lois Tobío, Emilio Pita e Arturo

en 1931, co núcleo lugués de *Yunque* (o autodenominado «periódico de vanguardia política») e, a finais de 1933, co 'semanario de izquierdas' compostelán *Claridad* (do que Seoane sería director tras a renuncia de Luís Manteiga); o inicial desempeño profesional como avogado de militantes cenetistas, e en xeral da causa revolucionaria durante o Bienio Negro; a colaboración con Ramón Suárez Picallo na promoción de organizacións sindicais agrarias; ou, en fin, as afiliacións a partir da Irmandade da Fala compostelá na Asociación Nazonalista de Santiago e en Esquerda Galeguista[3] en 1931, e algo despois na Unión Socialista Galega (1932) –escisión do PSOE liderada por Xoán Xesús González– e, nunha data non segura que podería ser a de finais de 1934, na Federación das Mocedades Galeguistas e no propio Partido Galeguista, contando ademais con que en abril dese mesmo ano de 1934 apoia a organización do grupo compostelán de Izquierda Republicana[4] (X. Díaz 1994, 21-42; Alonso Montero 1994, 29-37; 2007, 142-90; X. Seoane 1994, 11-23; Beramendi 2007, 793-889).

Por fortuna, os datos biográficos destas e doutras formas francas de compromiso coñécense de forma suficiente,[5] polo que é posíbel prestar atención agora a outro tipo de exame, máis analítico que historizante, se quere dicirse así. A proposta que concretarei ten así mesmo algo de modesto testado metodolóxico orientado a un xeito quizais non tradicional de entender a historia cultural e, de forma subsidiaria, tamén a historia intelectual do exilio. Por esta mesma razón, o que se sinale ten, nese nivel heurístico-metodolóxico, unha significación apenas provisoria.

Cando se pensa a obra de Seoane en termos de creatividade artística aparecen sempre tres parámetros. Un é a vasteza (a desmesura, que dicía Marino Dónega). Outro, a pluralidade. O terceiro sería unha tensa vitalidade, impulsiva e sempre proxectada en dimensión práctica, tanxíbel. Os seus contributos son en efecto numerosísimos e son

Souto (Alonso Montero 2007). Tamén, con predicamento directo sobre Seoane aínda que con connotacións políticas diferentes, a Carlos Maside, quen se afiliaría ao PSOE pouco antes do comezo da guerra.

3 Este foi un grupo reducido actuante sobre todo en Compostela. Beramendi (2007, 793) ofrece a seguinte lista de afiliados: Ánxel Casal, Álvaro de las Casas, Arturo Cuadrado, Xosé Eiroa, Antón Fraguas, Primitivo Rodríguez Sanjurjo, Ricardo Carvalho Calero, Lois Tobío e Luís Seoane.

4 Seoane sería un dos vinte e sete precandidatos do Partido Galeguista para as eleccións de febreiro de 1936 ao Congreso dos Deputados. A súa candidatura foi a que obtivo menos número de votos, 160, fronte, por exemplo, aos 1.785 que obtivo o militante máis votado, Castelao (Beramendi 2007, 1042).

5 Sobre a autopercepción persoal de parte deses procesos, e tamén doutros como os estéticos e os artísticos (pintura, cinema, arquitectura, deseño industrial, danza, escultura…), faise imprescindíbel a consulta dos textos «Narración sobre Santiago na súa época de estudiante» e «Notas autobiográficas da súa época de estudiante (dende 1928 ata 1933. Establecéndose como ano clave 1930)» (L. Seoane 1991, 22-44).

á vez diversos en canto a medios, soportes e varios vectores máis. Fórono tamén os seus vínculos, os seus compromisos (en plural este concepto pesa menos que en singular), todo o que en terminoloxía de mercado se denomina hoxe *contactos* ou *capital social* pero que son, antes que nada, encontros, relacións, responsabilidades, afinidades, redes colaborativas que o entusiasmo das ideas acababan propiciando.

De entrada, isto desaconsella reducir ou someter eses contributos aos esquemas dunha análise cultural unidimensional. Porén, pensarmos a obra de Seoane en canto produción discursiva nunha serie de situacións de campo determinadas e interpretarmos como praxe ou como acción o que fixo e dixo en diferentes coordenadas históricas e biográficas –as súas efectivas tomas de posición, en suma–, ou lermos aqueles compromisos sociais á luz dunha lóxica relacional, habilita unha perspectiva diferente. Pois, segundo o pensado por Pierre Bourdieu desenvolvendo unha tradición de pensamento que parte de Ernst Cassirer e alcanza a todas as ramas do funcionalismo dinámico europeo, o real é o relacional.

Lonxe de simplificar o que sen dúbida se concretou como complexo e plural, esa lóxica relacional contribuiría á clarificación do que nin foi disperso nin tampouco monocorde ou uniforme ao longo do tempo, segundo deixan ver as colaboracións radiofónicas do autor (Braxe, Seoane 1989), a recepción en prensa da súa produción e as reflexións que esta ocasionou no propio Seoane (Pérez Rodríguez 2003) ou, noutro plano, o que se vai coñecendo do seu epistolario, en particular pola correspondencia dirixida a Isaac Díaz Pardo (M.A. Díaz 2004).[6]

Un apuntamento deste último, quizais o mellor coñecedor da fábrica de ideas do seu compañeiro, resulta revelador e, ao tempo, algo inquietante para quen aspire a entender quen foi Seoane. Segundo escribiu Díaz Pardo no limiar á compilación das cartas que lle escribiu o seu amigo, este viviu case sempre na tensión de non permitir que os proxectos en marcha fanasen novas iniciativas ou as vías para a necesaria renovación do seu pensamento. Díaz Pardo (en M.A. Díaz 2004, 11) vai algo máis lonxe cando afirma que Seoane sentía atracción polo coñecemento dos sistemas artísticos, técnicos ou de pensamento pero que esa curiosidade intelectual, esa pulsión derivaba axiña en abandono e rexeitamento das bases e programas de cada un dos sistemas asimilados, nun movemento constante de renovación persoal que afectou tamén ao proxecto do Laboratorio de Formas e a outras empresas comúns.

6 Son relevantes así mesmo as cartas cruzadas entre Seoane e Carlos Maside, recollidas no volume *Textos inéditos* (L. Seoane 1991), e a Francisco Fernández del Riego, compiladas en *Cartas de Luís Seoane desde o exilio* (Fernández del Riego 2002). Pola cita que encabeza o volume compilado por María América Díaz (2004, 5) sabemos que Fernández del Riego e Díaz Pardo foron os interlocutores máis frecuentes no epistolario de Seoane.

Con todo, sería ben facer converxer esta apreciación cunha segunda nota que supón bastante máis que un esbozo sobre un carácter ou forma de ser. Botaremos man para empezar a falar disto dunha das *figuraciós* que Seoane publicou no xornal *La Voz de Galicia*, en concreto o 3 de setembro de 1972 (L. Seoane 1990, 50). A semblanza e o retrato corresponderon nesa ocasión ao sociólogo e xornalista arxentino Ricardo Palmás, fillo de emigrantes galegos que participara no período 1956-59 na xeira formativa da Asociación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas (AGUEA). A AGUEA creárana no inverno austral de 1956 o propio Seoane, Eduardo Blanco Amor, Antonio Baltar, Xosé Núñez Búa, Rafael Dieste, Díaz Pardo, Laxeiro, Emilio Pita, Ramón de Valenzuela e outros exiliados[7] (por descontado, non foi, nin moito menos, a empresa de maior trascendencia no plano que aquí nos está a ocupar). Ten interese a presentación feita por Seoane da entidade na emisión radial *Galicia Emigrante* o 2 de setembro de 1956 e a propia conexión trazada vinte anos despois na *figuración* sobre Palmás, quen por certo chegou a escribir pouco antes de falecer en 1996 un artigo sobre a súa experiencia como alumno xuvenil da AGUEA (Palmás 1995).

O relevante é o modo en que Seoane traza unha continuidade de compromisos sociopolíticos e opón ese dato á descontinuidade histórica nacional e á memoria e conciencia históricas. Quen coñece a obra dramática do autor pode supoñer de que estamos a falar exactamente: de converter aos espectadores en testemuñas políticas da historia para demandar a súa reflexión e análise. Exactamente, os procedementos de Erwin Piscator e de Bertolt Brecht, os do teatro documental e de axitación alemán: a conversión do público en axente de cambio histórico mercé as analoxías promovidas por unha dramaturxia popular de protagonismos colectivos.[8] Mais a AGUEA sería ademais para Seoane unha proxección do labor social realizado pola FUE, cuxa sección galega se constituíu no inicio do curso 1929-30 en Compostela con participación do propio Seoane e tamén doutros estudantes –como Carvalho Calero, Fernández del Riego,

7 Polo epistolario de Seoane a Fernández del Riego (2002, 120-1), e polos complementos que ofrecen as anotacións das cartas do primeiro a Díaz Pardo (M.A. Díaz 2004, 32-3), sabemos que o núcleo de Galaxia rexeitou colaborar coa AGUEA en proxectos concretos de carácter socio-económico e que incluso declinou recibir en xullo de 1957 a Antonio Baltar, comisionado pola asociación para viaxar a Galiza e, finalmente, expulsado pola policía.

8 Ese é o papel dos campesiños actuais n'*A soldadeira* (1956) e o do público do espectáculo de monicreques na Praza do Campo en *El irlandés astrólogo* (1959), obra publicada en Buenos Aires na Editorial Losange tres anos despois de aparecer alí a tradución do *Galileo Galilei* de Brecht. A impronta de Brecht é perceptíbel tamén no traballo de Seoane como poeta. Fronte a outras converxencias sinaladas pola crítica, esta xúlgoa fundamental por contribuír mellor que outras para explicar algunhas das opcións estéticas e políticas do Seoane poeta. Ante todo, a decisión por unha dicción narrativa sen concesións rítmicas nin eufónicas, presente segundo é sabido en certo Brecht.

Cunqueiro ou Martínez Barbeito– que defendían a galeguización da Universidade desde filiacións ideolóxicas non sempre homoxéneas. Para Seoane, que fai en *Galicia Emigrante* unha valoración máis que positiva da Universidade Popular inspirada pola FUE e dos froitos da comunicación entre estudantes universitarios e pobo traballador (non lonxe do programa das Misiones Pedagógicas republicanas), a AGUEA representaría unha translación de toda esa tarefa política ás coordenadas da emigración e do exilio.[9]

Na *figuración* sobre Palmás incide así Seoane na creba institucional, nacional e histórica galega e sitúa a esperanza política do país na capacidade de que os fillos da emigración, repartidos polo mundo, souberen impoñer chegado o momento –como o fixeran xudeus, armenios e outras diásporas nacionais– o seu dinamismo colectivo e o seu acordo suprapartidario e suprasocietario a fin de vencer a pausa histórica e o atraso económico secular. Na percepción que Seoane facía pública en 1972, a continuación nacional de Galiza viña sendo en consecuencia obra da emigración americana desde había moito tempo. E acaso por iso mesmo daba saída o seu texto a unha convicción íntima e vivencial, coa que pechou a emisión radial daquel setembro de 1956. Contemplando o esforzo das familias da emigración bonaerense por formarse na cultura e na historia do seu país de orixe, exclama: «Galicia renasce en homes novos logo de cada martírio» (Braxe, Seoane 1989, 143).

Co título desta achega delimítanse, por outra parte, algunhas premisas na orde epistemolóxica dunha historia cultural. Comeza por aceptar de forma tácita como hipótese de traballo a existencia dun campo cultural galego durante a etapa de intervención pública de Luís Seoane como intelectual,[10] por tanto desde comezos dos anos trinta até finais dos anos setenta do século pasado. Recoñezo que a hipótese pode resultar controvertida, en particular de asumirse a norma excesiva de que sen autonomía plena de campo non hai propiamente campo.[11] Adianto que no criterio que aquí se habilita autonomía e

9 Como xa o era a propia *Galicia Emigrante*, con cinco anos de traxectoria en formato impreso (1954-59) e dezasete anos de vida como emisión radiofónica (1954-71). Sobre esta iniciativa, a da propia AGUEA e varios proxectos máis desenvolvidos por Seoane nos anos do seu exilio bonaerense en forma de revistas –*Unidad. Por la defensa de la cultura*, *De mar a mar* e *Ver y Estimar*– debe verse a recente monografía de Pablo García Martínez *Un largo puente de papel* (2021).

10 Máis adiante complementarase o sentido histórico desta categoría e a aplicabilidade da mesma a Seoane.

11 Sobre este debate véxase Figueroa 2001, 111-27. A discusión garda paralelo coa existencia ou non dunha cultura pública, asunto polo que se interesou González-Millán en varios traballos. Véxase en particular González-Millán 1995a e 2002b, onde se presenta un debate sobre o momento histórico en que en Galiza se pode empezar a falar de cultura e espazo públicos. Para unha crítica do modelo sociolóxico bourdieusiano, con notas relativas á súa aplicación ao campo cultural galego, véxase González-Millán 1999b.

heteronomía son valores dialécticos en reaxuste ou negociación permanente, o que nos conduce a entendelos como marcadores dinámicos e en ningún caso como extremos absolutos sen gradación intermedia. Pero dúas advertencias máis se fan precisas: malia Bourdieu describir a miúdo os campos culturais en termos nacionais, isto non debera conducir a un mapeo de campos que os converta en consecutivos dunha cartografía político-administrativa ao uso. Para alén disto, a concepción activada por Bourdieu da autonomía non é especialmente eficaz para a detección de fenómenos complexos de intersección ou hibridación cultural, nin no plano propiamente intercultural nin no plano interno ao campo, referido por exemplo ás converxencias da cultura popular, a cultura de masas e a cultura burguesa.

Asemade, e sen saír desta esfera, querería indicar algo sobre o afortunado rótulo deste encontro científico [Congreso Internacional *Luís Seoane. Galicia-Arxentina: unha dobre cidadanía*]: esa mención da dobre cidadanía de Seoane, que como lema alcanza unha potencialidade que non debera pasar desapercibida. A apelación á dobre cidadanía éo tamén, en boa medida, a dous mundos e a dúas culturas de instalación e acción civil, e aínda a dúas perspectivas diferentes sobre o proceso histórico da racionalidade e colonialidade europea e sobre os discursos lexitimadores e de contestación desenvolvidos desde Europa e desde América Latina, segundo deixa ver con claridade a iniciativa de Seoane de promover nos primeiros anos corenta as coidadísimas coleccións «Buen Aire», da Editorial Emecé, e «Mar Dulce», da Editorial Nova, centradas na temática indixenista e a cultura popular latinoamericana, con volumes como *Popol Vuh* ou *Guaman Poma*, entre moitos outros que, por certo, alcanzaron continuidade na obra muralista de Seoane. Estamos así, de porparte, diante dunha mención cuestionadora dos procedementos de comprensión e tradución intercultural, e isto é da máxima importancia, tanto en perspectiva política xeral como en relación coa posición intelectual de Seoane.

A este respecto, conviría afacerse a pensar a participación dos axentes culturais no campo ou sistema sen a clase de restricións subsidiarias do vello principio da totalidade orgánica, segundo o cal as culturas entendidas como sistemas encaixarían en pezas xeoculturais sucesivamente máis amplas e complexas, de forma que o eixe relacional da interculturalidade acaba mostrando unha entidade apenas vertical[12]

12 O principio da totalidade orgánica pode explicarse como un operativo en orixe propedéutico e heurístico reclamado pola necesidade de restrinxir o obxecto de estudo, unha cultura nacional, por exemplo. O problema aparece no momento en que esa restrición modelizante e provisoria deixa de cuestionarse, queda fixada como definitiva e pasa a interpretarse como referencia real e xa non como simple modelo teórico. Fálase de totalidade por entender que o campo de produción e consumo cultural habilitado mediante ese protocolo de descrición é (quérese) autónomo e autosuficiente. Mesmo, en sentido lotmaniano, que non recoñece en termos heurísticos a existencia de espazos de

e os axentes *pertencen* univocamente a tal cultura ou a tal campo/sistema.

O historicismo romántico xerarquizou as relacións interliterarias e propiciou que ese principio xeocultural prestase menos atención da debida a outros dous planos: o das relacións que poderiamos chamar horizontais, con niveis de transferencia equilibrados entre os repertorios en liza, e o da asociación múltiple. Este último correspóndese coa idea de que unha cultura mantén, en simultaneidade, relacións de intercambio e interacción con varias outras culturas, que incluso non teñen por que pertencer como conxunto a un mesmo tronco ou a cartografía común ningunha, por dicilo de forma gráfica.

A organicidade metodolóxica de certos estudos culturais proxecta alén diso xeitos de percepción e clasificación da intervención pública de pensadores, artistas e escritores en exceso nesgada por filiacións identitarias, o cal, por razóns facilmente discerníbeis, é con certeza máis acusado no subcampo literario que en ningún outro subcampo cultural. Sen dúbida, os axentes que toman parte nos campos culturais, o mesmo que os espectadores, lectores ou consumidores, estabelecen vínculos de orde identitaria e inciden nesas coordenadas; mais tamén o fan noutras varias das que non informa con suficiencia unha organicidade como a mencionada.

5.2 Campo cultural e exilio

Parte do até aquí indicado presupón a incorporación dunha referencialidade metodolóxica plural para a análise. A central é a fornecida pola socioloxía dos campos culturais de Pierre Bourdieu, acompañada das réplicas e debates activados por unha proposta á que o mundo académico galego dista moito de ser alleo, e unida tamén ás dúbidas que suscite a aplicación do método para a análise dunha realidade cruzada pola localización física e política no exilio. Neste sentido, procede concretar canto antes un par de observacións.

negociación e tradución da diferenza e a alteridade cultural (as fronteiras da semiosfera, entendidas por Iuri Lotman [1996, 61-76] como marcos de intercambio e de axuste do *dentro*/*fóra* cultural), nin tampouco, agora en terminoloxía sistémica, a existencia de interferencias (Even-Zohar 2005, 54-71). E fálase de organicidade para resaltar unha comprensión de todo a parte, a través da cal calquera elemento considerado pasa a lerse como peza fixa dunha estrutura autónoma percibida como síntese culminada e por tanto relativamente estábel. Este principio organicista ten repercusión na concepción, de novo redutiva, dos axentes participantes, de modo que conxuga mal dedicacións plurais como a que, talvez mellor que ninguén, poida representar Luís Seoane. A noción de 'talento múltiple', de liñaxe comparatista, tampouco resolve debidamente este problema concreto, por reconducilo case sempre ao cadro da xenialidade estética. Voltaremos a isto de inmediato.

En primeiro lugar, que a aceptación dunha autonomía relativa do campo cultural respecto do campo do poder e do campo económico[13] significa no básico aceptar a existencia dun capital simbólico por repartir e igualmente a convivencia dos dous principios de lexitimación e de xerarquización habituais en todo campo, o externo e o interno. Aquel, correlativo de factores de tipo comercial; este, dunha acreditación simbólica emanada dos propios axentes que participan no campo. Pero o decisivo é que ambos implican competencia polo incremento e administración do capital simbólico mencionado.

A segunda observación refírese ao feito da inexistencia de propostas analíticas satisfactorias de fundamento sociolóxico-cultural sobre unha realidade histórica da clase que representa o longo exilio galego de 1936, que, segundo é manifesto, conxuga como mínimo tres vertentes básicas: primeiro, o feito elemental da creba do campo, co desprazamento, desaparición física ou silenciamento dun sector moi importante das elites intelectuais e artísticas do país; segundo, e non menos relevante, o feito de estarmos a falar dunha cultura que coa fundación das Irmandades da Fala en 1916, coa explosión cultural dos anos de entreguerras e co pulo civil republicano encetara un camiño de emancipación converxente cos propios doutras nacións do Estado; terceiro, e tampouco non semella un dato irrelevante, que sen esquecer destinos como o da zona do Caribe, o exilio dos antifascistas galegos vinculados coa esfera das artes e das letras tivo a súa proxección fundamental sobre as dúas marxes do Río da Prata, moi en particular a arxentina, espazo tamén priorizado pola cuantiosa emigración anterior.

Isto último introduce circunstancias e relacións que non poden desatenderse, sobre as cales o propio Seoane tomou nota e partido ao longo do tempo, dun modo non comparábel con ningún outro que se poida aducir, incluído o de Castelao. E isto, de entrada, xa por razóns meramente biolóxicas: Seoane chega a un exilio que se corresponde como destino co seu lugar de orixe, coa súa cidade natal,[14] e faino antes de cumprir os 27 anos, por tanto con toda unha vida profesional e pública por diante. Pero non só isto. Responder á pregunta de cando remata o seu exilio é complicado. Seoane non chegou a pensar nunha instalación definitiva en Galiza até o mesmo ano do seu falecemento, ou pouco menos. En 1949, de regreso a Buenos Aires tras participar

13 Bourdieu ([1991] 2004, 27-34) fala adoito disto mesmo, dunha procesualidade por suposto reversíbel cara ao logro da autonomización do campo artístico, literario, cultural, sen que isto supoña esixir unha autonomía en termos absolutos. Bourdieu sinala incluso que o grao de autonomía máximo alcanzado polo campo literario francés se alcanzou na segunda metade do século XIX.

14 Para esta dimensión do encontro (máis que *reencontro*) de Luís Seoane coa cultura urbana porteña e coas redes artísticas alí activas a finais dos anos trinta e nos decenios seguintes é imprescindíbel o catálogo da exposición *Buenos Aires. Escenarios de Luís Seoane*, comisariada por Rodrigo Gutiérrez Viñuales e Miguel Anxo Seixas Seoane (2007).

no Congreso da Paz en París, desembarca en Vigo e pasa unhas horas con Maside, Laxeiro, Colmeiro, Fernández del Riego e outros amigos. En 1960 pasa unhas semanas en Madrid antes de visitar á familia Díaz Arias no Castro e reúnese co grupo Brais Pinto, como lembrou Méndez Ferrín na súa columna do *Faro de Vigo*.[15] Maruxa Fernández, a esposa de Seoane, ten referido nalgunha entrevista (X. Seoane 1994, 31) que a policía os incomodou teimosamente nesa viaxe. En 1963 chegan a Galiza e pasan aquí algo máis de tempo, acollidos por Díaz Pardo, quen nesa altura e até 1968 tamén ía e viña entre os dous continentes por razóns profesionais e de militancia político-cultural. É o frutuoso tempo da activación do Laboratorio de Formas e dos alicerces da serie de proxectos destinados á recuperación da memoria histórica de Galiza, co Museo Carlos Maside, Ediciós do Castro e a fábrica de cerámicas de Sargadelos. En 1970 Seoane e a súa esposa adquiren un piso na Coruña, pero nunca chegaron a ocupalo de xeito permanente. Así pois o regreso non alcanzou nunca para Seoane un sentido conclusivo.

Da correlación dos factores que se acaban de apuntar e da excepcionalidade dunha situación que creo sen parangón con outras diásporas modernas deriva o carácter exploratorio (antes falouse de testado metodolóxico)[16] da análise sobre o exilio galego e o lugar nel de Luís Seoane. Paréceme acaído neste punto facer mención dunha achega imprescindíbel de Xoán González-Millán (2002a). Trátase da súa exploración sobre a formulación discursiva do exilio.

Lendo a coñecida compilación de John Glad *Literature in Exile* (1990), González-Millán esquematizou un repertorio de cinco trazos mínimos na estruturación discursiva do exilio, de todo exilio. Percibirase que son de doada aplicabilidade ao que aquí estamos a discutir. Son os seguintes: 1) a persistencia dunha dialéctica fuxida-retorno; 2) unha dobre dualidade temporal e espacial vivida de forma axiolóxica, valorando en positivo ou en negativo os 'antes' e os 'despois', os 'aquí' e os 'alá', intensificados e polarizados ademais por un imaxinario destinado a potenciar a percepción da distancia entre esas realidades; 3) o predominio dunha retórica experiencial e á vez fundacional, sustentada en imaxinarios colectivos de dimensión nacional; 4) a emerxencia dunha modalidade de utopismo do porvir que contrasta co carácter habitualmente nostálxico dos discursos que expresan a experiencia da emigración; e 5) a instauración dunha lóxica tamén diferenciada da propia da emigración e orientada á constitución de cadeas sociodiscursivas de cohesión, con predominio dos vínculos

15 «Centenarios: Seoane», 29 de xaneiro de 2010. Carlos Martínez Barbeito foi quen mediou para que se producise o encontro no reservado dunha taberna da rúa Noviciado.

16 Porque acaso force a propia heurística bourdieusiana o feito de incorporar un obxecto de análise como o exilio.

estabelecidos cos discursos político, etnolóxico, literario e histórico. González-Millán subliña a necesidade de que a investigación do fenómeno do exilio centre a atención

> en analizar cómo evoluciona cada uno de los discursos que entran en esta red de interrelaciones sociodiscursivas, qué aspectos del discurso son potenciados y cuáles silenciados, al ser apropiados por la experiencia del exilio. (González-Millán 2002a, 9)

A este mesmo respecto, permitireime complementar o seguinte a propósito desa rede sociodiscursiva mencionada por González-Millán. En realidade, as cadeas discursivas de cohesión e de planificación incorpóranse no campo social a partir do sistema de disposicións ou *habitus* dos axentes e das agrupacións actuantes. Isto é, a partir das actitudes que foron interiorizadas previamente de modo correlativo a unhas condicións obxectivas de existencia e de subsistencia. Como campo social, todo núcleo de exilio –en canto exilio cultural-nacional– fixa como mínimo seis grandes itinerarios de resposta ou de negociación sociodiscursiva con outros tantos destinatarios socioculturais e políticos. Son, respectivamente, os concretados co campo de poder e co campo cultural do país de acollida, co campo de poder e co campo cultural do país que o expulsa, co subcampo social dos núcleos de resistencia neste último marco e cunha estrutura discreta e menos definida correspondente ao resto de núcleos internacionais dese exilio específico e mesmo con outros núcleos culturais/nacionais de exiliados confluentes no mesmo espazo de acollida.[17] Algunhas destas ideas, que forman parte dunha nova heurística do exilio cristalizada nos últimos dous decenios, comparecen igualmente nun prólogo-manifesto co que Mari Paz Balibrea e Sebastiaan Faber presentaron o volume *Líneas de fuga. Hacia otra historiografía cultural del exilio republicano español*. Ofrece particular interese, no meu criterio, o terceiro dos cinco puntos dese texto crítico e programático (Balibrea, Faber 2017, 19-21), no cal se introducen neoloxismos como

17 No caso do exilio galego en Buenos Aires esa estrutura discreta estaría configurada, por unha parte, polos núcleos de exiliados galegos en Montevideo, México D.F. e outras cidades sobre todo latinoamericanas, e, por outra, por núcleos de exiliados doutras procedencias radicados na propia capital porteña, tanto procedentes da derrota republicana en España como doutras situacións. Seoane publicou en *Galicia Emigrante*, o 4 de novembro de 1962, un artigo titulado «Exiliados», no cal, entre outras cousas, argumentaba o seguinte: «Cando hai xa muitos anos chegaron a Buenos Aires os primeiros exiliados galegos, alén de, naturalmente, entrar en contacto e amizade coas xentes emigradas de Galicia e as súas organizacións, os seus grandes compañeiros foron os desterrados italiáns e alemáns que vivian desde poucos anos antes nesta cidade. Reunian-se ao menos un dia á semá. Unia-lles [*sic*] unha esperanza comun ainda que fosen distintas as tendéncias ideolóxicas que sostiñan. Alguns cafés da Avenida de Mayo de Arua Corrientes [*sic*] eran centros de tertúlias de exiliados. Asi nasceron algunhas empresas comuns hoxe esquecidas» (en Braxe, Seoane 1989, 174).

'anacionalidade', 'multinacionalidade' ou 'multitemporalidade' para significar que os exilios non se esgotan como obxecto de análise na relación entre os expulsados e a nación ou Estado que os negou e os desterrou.[18] Neste sentido, podería afirmarse que o exilio galego é de certo 'galego', mais non é só 'galego'.

Naturalmente, a análise dos sistemas de disposicións e da correlativa percepción da realidade histórica nos sectores indicados é fundamental para unha correcta interpretación das dinámicas discursivas en liza, así como para o discernimento das relacións obxectivas de subordinación, complementariedade e antagonismo (Bourdieu 1991, 342-59) dadas en cada un dos seis campos descritos e nas interaccións cruzadas que sucesivamente se activen y desactiven. E isto complícase se se entrar a considerar –como sería esixíbel– os mecanismos de control promovidos desde os distintos poderes. En particular, o político a través dos aparatos estatais, coa finalidade de reconducir ou sabotar as actividades e os propios metadiscursos dos núcleos de exiliados, inducindo nese campo a aparición de posicións antagónicas ás dominantes cando estas son consideradas perigosas nalgún sentido. O réxime de Franco foi relativamente eficaz, a partir de certa altura, no combate político polo control societario que tivo lugar tanto na Arxentina como no Uruguai (Casas 2017b).

Hai aínda algo máis que sinalar a propósito das reservas e dificultades metodolóxicas anotadas, en particular se o que se pretende é propiciar en primeiro ou segundo plano unha lectura histórica do campo cultural. Nos estudos literarios galegos de fundamento tanto idealista como positivista –o cal representa, como en todas partes, unha porción ben ampla da torta metodolóxica correspondente– o corrente é a promoción de pautas performativas reforzadoras dunha autoimaxe ou autopostulación. Entre elas, a dunha cohesión negadora, ou cando menos relativizadora, do conflito e da diferenza cando isto pon en cuestión o discurso identitario asimilado. Insisto en que non se trata dunha peculiaridade exclusiva;[19] todo o contrario, se-

18 A partir da análise da produción artística e ensaística de Castelao no tempo do seu exilio neoiorquino (1938-1940), César Domínguez (2014) delineou por exemplo unha aproximación de caso para unha historia transatlántica da cultura galega e, asemade, unha aplicación da perspectiva atlántico-comparatista aos estudos galegos atenta a propostas como as desenvolvidas por Paul Gilroy.

19 Non corresponde aquí falar disto de forma central, mais apuntarei algo. A apelación ao carácter non normalizado da produción e consumo de bens literarios é frecuente cando se analiza a realidade cultural nacional. Tamén o é a indicación da anormalidade que isto supón en termos culturais e políticos. Con todo, esta é case sempre unha observación de partida, non investigada despois na súa dimensión empírico-sistémica. De modo que se silencian por unha especie de pacto tácito as zonas de efectivo conflito entre repertorios, institucións e outros factores de colisión. Por exemplo, os existentes entre a literatura galega e aquela(s) outra(s) que a condicionan ou condicionaron en sentido histórico. A pregunta sería esta: pode facerse historia literaria ignorando as manifestacións específicas do conflito e os propios factores de heteronomización do

gundo exemplifican casos como o italiano, o búlgaro, o alemán ou o exipcio en distintos momentos da segunda metade do século XIX e tamén despois (Even-Zohar 1993; Thiesse 1999). En todo caso, o anterior non é compatíbel cunha perspectiva que aspire a informar sobre o campo ou o sistema. Nin cara ao interior nin en relación coas relacións exteriores ou intersistémicas.

5.3 A lóxica relacional do campo cultural

O vector cohesionador citado aplícase tamén con excesos ás identidades individuais maiores para acabar creando epítomes da identidade colectiva, pezas sólidas e representativas dunha forma de concibir a cultura popular e nacional, así como as marcas sinaladas como específicas da comunidade postulada.[20] De modo tal que con frecuencia a historia literaria de base idealista procedeu a blindar dous principios performativos. Primeiro, o da cohesión cultural da nación, propiciada por un consenso activado polos que Even-Zohar chama axentes socio-semióticos da fundamentación nacional (Manuel Murguía, por exemplo); segundo, o da coherencia persoal e ideolóxica deses epítomes que representan a cultura nacional (Rosalía e Castelao, poñamos por caso). A forma de subliñar isto último foi adoito a de formular un sentido orientado da existencia individual desas personalidades; en definitiva, o que Bourdieu (1997, 74-83) estudou como «a ilusión biográfica».

Incorporar un horizonte problematizador da continuidade e da cohesión do campo contribúe a poñer límite a unha fetichización de

campo? A miña resposta persoal é negativa. O asunto presenta outra vertente: polas mesmas razóns aducidas, perde calidade e rigor científico unha historia da literatura que descoñeza ou omita ese plano desde a parte hexemónica (así, por exemplo, as historiografías literarias española e portuguesa en diferentes etapas en relación coa galega). Obviamente, este é un asunto que dista moito de afectar en exclusiva á literatura galega ou ás outras dúas das que se fixo mención. Máis ben resulta ser a práctica habitual de toda historiografía nacional. Con probabilidade, o problema é heurístico antes (ou á vez) que ideolóxico. O fondo da cuestión segue a ser a opción por facer historia de modelos socioculturais inexistentes obliterando a realidade do campo/sistema. As supostas superacións comparatistas do problema distan de selo se –como fixo e fai a comparatística tradicional– poñen en práctica unha abstracción da conflitividade cultural e centran os esforzos só no compartido e común.

20 Todo isto conformou un dos alicerces empregados por Michel Foucault para o concepto de función-autor e para a crítica correlativa da continuidade histórica. Foucault chegou á función-autor estudando o funcionamento do 'nome de autor' en canto pauta discursiva de uniformización e de exclusión de fracturas biográficas e históricas. As propostas interesan por impugnaren toda metafísica do sentido histórico e pola incorporación dunha atención a algo polo que tamén se interesou á semiótica da cultura, as rupturas bruscas, que desde Tartu explicou Lotman na fase final da súa produción teórica como 'explosións' ou desenvolvementos non graduais e non previsíbeis dos procesos culturais. Unha situación histórico-cultural como a do exilio galego de 1936 ten necesariamente que acoller esta perspectiva e como mínimo aceptar o principio heurístico de que non todo foi continuidade, restauración, resistencia ou espera.

textos e autorías vinculada cunha filosofía da conciencia e do suxeito allea aos grandes debates europeos de mediados do século XX; entre eles, o debate sobre a noción de compromiso e sobre a forma de entender qué sexa un intelectual ou a significación política da denominada 'morte do suxeito'. Contribúe por exemplo a eludir os excesos da personalización dos debates públicos, algo que segue a afectar a Seoane e que induce a consideración de que só por contraste con outros axentes contemporáneos se pode alcanzar unha comprensión cabal do que aquel representou en termos históricos. Á luz da bibliografía e do debate aínda aberto eses axentes son de forma innegábel Castelao e Ramón Piñeiro. E quizais, nun plano máis cinguido ao literario, incluso Celso Emilio Ferreiro –pensemos na poesía– e Eduardo Blanco Amor –pensemos tanto na produción teatral como na proposta sobre o que debera ser un teatro popular para o exilio e a emigración.

Na lóxica relacional do sistema/campo ese operativo resulta non só aceptábel senón acaído, mais naturalmente a condición de que esa lóxica e esa óptica non se suspendan e activen de forma continxente. Porque, en efecto, o conflito e as súas repercusións no reparto do capital simbólico existen sempre, en toda situación de campo.[21] Por que salientar isto agora? O motivo é sinxelo e pode entenderse sen dificultade acudindo a unha exploración doada. Fágase por exemplo o exercicio de ler as monografías sobre Ramón Piñeiro e véxase nelas cal é a comparecencia efectiva de Seoane. Acaso Piñeiro é preciso para interpretar o proceso de Seoane mais este non o é para interpretar o proceso de Piñeiro? É Seoane prescindíbel para a intelección dos chamados *anos escuros* e para explicar o que Xosé Luís Franco Grande denominou «resistencia cultural dunha xeración»? Porque o dato certo é que na edición ampliada das memorias de Franco Grande (2004) Seoane aparece mencionado unha única vez e para iso en relación puntualísima cun dos temas de conversa recorrentes de Carlos Maside.

En relación coa figura multifacética de Seoane hai un aspecto complementario igualmente digno de consideración. No campo cultural existen subcampos nos cales a produción dos bens sometidos ás leis do mercado compiten de maneira máis directa e menos reservada que por exemplo no subcampo literario dunha produción restrinxida. A obra plástica de Seoane entra máis nesa dimensión que a súa obra dramática, e esta –en particular nun sentido ampliado ao teatral e ao escénico– faino en principio máis que a obra poética ou a narrativa. Certamente, actívanse e recoñécense debates, discrepancias, confli-

21 Certamente, iso é algo que se reforza ou se visibiliza máis canto máis se incrementa a autonomía do campo. Dito noutras palabras, cando o principio de xerarquización interna se sobrepón ao de xerarquización externa e nos parámetros da institucionalización se pasa do estadio dun nacionalismo literario ao dunha literatura nacional, por expresalo nos termos en que o fixo González-Millán (1995b).

tos, loitas… de xeito diferente en función do medio de intervención atendido, que por outra parte en Seoane non foi só o artístico, senón que no sentido pleno destas palabras foi o político e foi o cultural. E resulta ben doado medir, por exemplo mercé á publicación dos seus epistolarios, en que modo a temperatura dialéctica variaba na predisposición discursiva de Seoane cando se pasaba duns perfís a outros. Por exemplo, cando resultaba transcendido o que el mesmo interpretaba como marcos ideolóxicos e socio-culturais do seu labor planificador e de construción ou restauración nacional.

Regresarei a todo isto de xeito progresivo. O que agora é necesario introducir, esquematizando o fío da argumentación feita, son varias observacións que se presentarán de forma sumaria e se darán por probadas en termos dunha semiótica histórica: 1) todo sistema, toda semiosfera en termos da culturoloxía de Iuri Lotman, vive en situación non estábel de axuste dinámico e de conflito ou loita de repertorios, intereses, institucións e axentes; 2) a negación do conflito cultural forma parte sempre da estratexia institucional orientada ao manexo dos ritmos do cambio histórico (con repercusión nos cambios de normas estéticas ou literarias, por exemplo; mais sobre todo con incidencia nos factores de distinción e no *habitus* que serve de guía para a intervención pública dos actores socioculturais e tamén do público); 3) a afirmación na centralidade e na perentoriedade do conflito é adoito a base primeira da activación de movementos dirixidos desde posicións subordinadas para facerse co control da situación do campo, motivo este polo que se traslada con facilidade á esfera pública a idea de que só os sometidos ou marxinados perciben a existencia efectiva da propia subordinación; 4) non todos e non sempre os axentes e públicos desprazados a esa marxinalidade manifestan conciencia da súa posición, o cal pode explicarse parcialmente desde a noción gramsciana de hexemonía; 5) de forma complementaria, serían aqueles axentes socio-semióticos, sinalados como *intelectuais* desde os albores do século XX na Francia do *affaire* Dreyfus, os primeiros en asumir a existencia do conflito cultural, social, político…, e a partir de aí os encargados de exploraren solucións, que, cando se trata de debates de natureza artística ou cultural, toman case sempre a forma dunha proposta de renovación ou substitución de repertorios culturais, literarios, etc.

5.4 Os intelectuais e a renovación dos repertorios culturais

A propósito de Seoane, as referencias a conflitos orixinados en diferenzas de análise ou de discursivización da loita antifascista e da propia construción nacional son relativamente ben coñecidas, aínda que será preciso voltar a elas dentro dun momento para tratar de velas desde un punto de vista asociado xustamente á dinamización

de repertorios e imaxinarios. O que quizais resulte forzado para algunhas percepcións, pero non para que aquí se está a postular, é pensar Seoane como intelectual. Incluso a partir da consideración do compromiso, equiparados no sentido gramsciano os roles do intelectual e o político a través da conceptualización do intelectual orgánico e dunha filosofía da praxe. O motivo radica seguramente no seu activismo permanente, na súa inquietude por facer.[22] Foi algo que o caracterizaba desde novo e que talvez ficou decenio tras decenio como trazo dunha forma de estar no mundo.

Unha forma asociada á concreción e ao tanxíbel práctico, ao inmediato e certo, podería dicirse, á crítica –ou a unha teoría crítica– antes que á teorización sistemática, segundo contribúe a plasmar a compilación dos seus textos sobre arte (Braxe, Seoane 1996); polo que a primeira vista resulta inconciliábel coa tendencia ao discurso abstracto, academicista e distanciado que adoito se atribúe ao intelectual.[23] Incompatíbel incluso cunha filosofía da conciencia de procedencia fenomenolóxica como a sartreana.[24]

Estamos a falar en definitiva dos motivos que explican afinidades como a procurada co Vkhutemas de Moscova ou coa Bauhaus e que conforman os alicerces declarados do Laboratorio de Formas como taller: integración das artes, reencontro coas artes populares, diálogo da arte coa técnica e a industria, reforzo da función social das artes e da literatura a fin de facilitar a vida de diario nun horizonte que non desexa abstraerse da procura da felicidade.

Pero hai algo máis a este propósito. As reservas para ver en Seoane algo máis que un grande artista plástico radican para certas ópticas na súa coñecida refutación da discusión finalista en termos político-partidarios,[25] cerna da súa distancia insalvábel co socialrealismo de liña *Proletkult* ou co de reformulación xa propiamente estalinista. Fálase de autonomía, de independencia? Por suposto que si, pero debe saberse que no Seoane contrario ao realismo social de marca soviética pesou bastante máis que unha refutación ética da *partinost* –ou en xeral de todo dirixismo e de todo didactismo– o rexeitamento ético-estético do cativo lugar reservado pola ortodoxia comunista

22 «Teníamos la prisa de los jóvenes de convertir el pensamiento en acción» (L. Seoane 1991, 40).

23 En Isaac Díaz Pardo, no seu *habitus* e a miúdo no seu discurso público, evidéncíase mesmo unha marca anti-intelectualista, estimo que non comparecente en Seoane.

24 Sobre a visión intelectual do mundo en Sartre, a lexitimidade filosófica no campo cultural francés e o *habitus* correlativo véxase a análise debida a Anna Boschetti (1985).

25 Norberto Bobbio (1998, 83-135) fixo unha crítica da noción de compromiso intelectual precisamente sobre esta clase de disposición e tomando como referente a situación da Italia posfascista. A súa proposta consiste en contrapoñer a noción de compromiso, que entende suxeita a lóxicas partidarias, á de *responsabilidade*, fundamentada na dúbida e na elección.

para a cultura tradicional e, moi en especial, a desconfianza política sobre toda forma que incorporase rupturas de linguaxe (plástica, poética, escénica, etc.).

Sobre este cadro de debate é de novo produtivo regresarmos a Bourdieu. En particular, á súa crítica do concepto idealizado de compromiso en Sartre, debedora de análises formuladas antes polo propio Gramsci e tamén por Mannheim, Lévi-Strauss, Barthes, Foucault, Althusser, Derrida ou Bauman. O fondo do asunto é a impugnación do 'intelectual total' sartreano e a da súa autoridade moral, pero sen que isto supoña a procura de alternativas no que Foucault denominou *intelectual especializado*, nin tampouco no *intelectual intérprete* ou mediador de Bauman ou de Bobbio.[26] En Bourdieu subsisten pautas que se corresponden cos debates protagonizados por pensadores como os citados, pero reclama unha atención permanente ao carácter paradoxal e bidimensional da figura do intelectual. Segundo Bourdieu, o intelectual só existiría como tal en canto produtor cultural que adquiriu previamente competencia e autoridade nun campo autónomo, independente dos poderes constituídos (o económico, o relixioso, o político…) e, a partir desa situación, comprometeu o seu capital simbólico na acción política.[27] Isto último presupón –de aí o paradoxo– unha saída das coordenadas en que demostrara capacidades, unha saída para intervir nun campo diferente, posuidor tamén dunha lóxica distinta[28] (Bourdieu 1991, 656). E hai algo máis na súa consideración, en concreto tres factores básicos: a recondución ao plano colectivo da tradicional dimensión individualizante desas destrezas e competencias, pola que Bourdieu chega á conceptualización do *intelectual colectivo*, do que sinala un precedente nos filósofos da *Encyclopédie* e para o que fixa unha tarefa principal no combate das políticas do neoliberalismo; a reconsideración do obsoleto papel do intelectual como 'compañeiro de viaxe' do proletariado e dos dominados para ostentar un prota-

26 Cabería aplicar esas tres etiquetas, entre os contemporáneos de Luís Seoane, respectivamente a Ramón Piñeiro, Domingo García-Sabell e Rafael Dieste, aínda que non sen reservas.

27 Segundo é recoñecido, Bourdieu elaborou o seu pensamento basicamente por referencia á realidade social, cultural e política inmediata, a francesa. Segundo as interpretacións críticas de Bridget Fowler ás que se refire González-Millán nun traballo xa citado (1999b), esa sería unha das vertentes problemáticas máis serias da súa socioloxía dos campos sociais.

28 En relación coa súa propia especialización, Bourdieu clarifica cal pode ser o rendemento do intelectual competente como sociólogo: clarificar a estrutura dos campos sociais, a súa lóxica interna e as súas homoloxías (a existente por exemplo entre o campo de poder e o campo artístico ou o campo literario), evidenciar a correlación entre *habitus* e prácticas sociais e culturais subsecuentes e en particular facer transparentes e lexíbeis os mecanismos da violencia simbólica. Todo o anterior –hai que insistir– cunha finalidade política.

gonismo máis directo e defender así mellor a súa propia autonomía, sen concesión a tutelas ou dependencias de ningunha clase; e a constitución dunha política e un corporatismo do universal.

Sen entrarmos agora no debate sobre o complexo encaixe da diferenza cultural e nacional na socioloxía de Bourdieu e a súa escola, parece probábel que Luís Seoane asumiría o programa político e sociocultural de intervención na esfera pública asociado a estes tres factores.

Itamar Even-Zohar (2005, 194) definiu aos intelectuais como fabricantes de repertorios, concepto este último que na teoría dos polisistemas ou dos sistemas heteroxéneos designa os conxuntos de regras e de materiais reguladores da creación e do uso e consumo dos produtos existentes no sistema. Para Even-Zohar (2005, 14), en consonancia con Lotman, a cultura é o modelo que posibilita a organización da vida social. De aí que, consecuentemente, especifique que un repertorio cultural é o conxunto de regras, técnicas e capacidades que habilitan unha forma concreta de entender o mundo e de actuar ou intervir nel. Resulta evidente que os repertorios culturais son de forma obrigada inventados, consensuados e compartidos. Isto non implica a homoxeneidade do sistema no plano repertorial. A heteroxeneidade de repertorios, lonxe de ser unha anomalía, é a situación normal nun sistema cultural dado, asunto este ao que Bourdieu non prestou tanta atención. Con todo, Even-Zohar observa que non é doado estabelecer *a priori* que grao de heteroxeneidade pode admitir un repertorio en relación coa súa supervivencia. A miúdo, a percepción dos axentes que interveñen no sistema é que a multiplicación de repertorios é un elemento de desestabilización, polo que a acción se dirixe tamén con frecuencia a procesos de asimilación, de resistencia ou de síntese, cando non de substitución repertorial (Even-Zohar 1998).

Luís Seoane foi, con toda probabilidade, o maior dinamizador do repertorio cultural galego no desterro, o maior e máis constante fabricante de repertorios durante a etapa de corenta anos que abrangue de 1936 aos inicios da transición democrática tras a morte do ditador. E polo tanto foi tamén o referente máximo da enerxía sociocultural do país, de *riqueza* cabería dicir con Even-Zohar (1998, 483). Porén, segundo é sabido, o repertorio, ou mellor os repertorios sucesivos promovidos por Seoane, non alcanzaron o éxito que nalgún momento el mesmo e o seu núcleo máis próximo consideraron que podía chegar.

O compromiso intelectual de Seoane, apoiado inicialmente apenas polo que en ocasións se denominou núcleo do Café Tortoni, e posteriormente por Isaac Díaz Pardo, consistiu no básico nunha loita aberta por unha alternativa repertorial para a cultura galega, con manifestacións concretas nas artes gráficas e visuais e tamén nas literarias e escénicas acompañadas dunha acción pedagóxica igualmente relevante desde o sector editorial, desde os medios (prensa, revistas culturais, radio) e desde a imbricación arte-industria.

5.5 Repertorios e antagonía

Segundo xa me mencionou nestas páxinas, ese labor pensouse frecuentemente como un antagonismo político e cultural personalizado na figura de Ramón Piñeiro. Sería de todo punto incorrecto descartar esta lectura, pero resulta insuficiente. En especial se perdurar algunha forma de resentimento na análise, algo que sen dúbida constituíu unha das bases da propia percepción polo grupo de Galaxia do significado global da intervención política e cultural de Seoane na Arxentina. A realidade foi máis complexa e máis ampla.

Seoane interveu no campo cultural galego desde o exilio cunha proposta programática e planificadora que aspiraba á substitución dos repertorios culturais activos ou latentes nos distintos subcampos, tanto no plano xeográfico –a Galiza europea e as Galizas americanas– como no plano social –cultura burguesa, cultura proletaria e cultura popular.

Este programa non se activou en termos históricos como unha impugnación global de todo modelo anterior, malia o cal ía moito máis lonxe que calquera planificación previa, incluída a do galeguismo de *Nós* e o Seminario ou toda forma continuísta ou conservadora en relación cun tempo histórico que Seoane sabía superado. Pero hai algo máis: o certo é que na disposición e no *habitus* de Seoane e do grupo do Tortoni, tamén na súa praxe entendida ao xeito gramsciano como modificación desa disposición a fin de alcanzar a transformación das estruturas obxectivas, dábase unha renuncia a toda concepción doutrinaria da ideoloxía e producírase unha asimilación moi sólida da dobre radicación, da 'dobre cidadanía', se quere expresarse así. Creo probábel que nesta vertente fose Rafael Dieste quen máis pulou para que fose así, o cal non sorprenderá a ninguén que coñeza o seu papel como publicista en varios medios vigueses na segunda metade dos anos vinte e a continuación dese labor durante a República e os anos da Guerra Civil.[29]

Lembremos, de todos modos, un dos episodios nos que cristalizou a oposición dos repertorios culturais promovidos por Seoane e por Piñeiro. Refírome á polémica que agroma –tras outras tensións máis ou menos contidas– no momento en que Piñeiro recibe o texto dramático *A Soldadeira*, case coincidente no tempo cun dos referentes principais da formalización e publicitación do propio repertorio

29 A razón mediadora diesteana e a súa comprensión fenomenolóxica da intersubxectividade teñen puntos de contacto co sinalado a propósito de Bobbio. Outro aspecto importante é o que afecta á filosofía hermenéutica da historia en Dieste, que incorpora fronte ao positivismo e fronte a todo naturalismo a referencialidade do mito. Ambos os planos influíron decisivamente en Seoane.

cultural piñeirista.[30] Por suposto, debe terse presente para unha análise desta clase o que Bourdieu chama «espazo dos posíbeis» (1992, 326-32). Noutras palabras: hai que considerar que Piñeiro elabora un repertorio para a supervivencia cultural na ditadura e tamén que o lanza desde unha revista cultural de Madrid, *Ínsula* (Piñeiro 1959), titulando *factores esenciais* da literatura galega. Isto é así, hai algo de estratexia para un tempo negro, pero tampouco non é todo. Piñeiro formula nese breve texto, en realidade, algo máis amplo e ambicioso que o que o título deixa ver. El mesmo o subliña ao afirmar que comprender as notas esenciais que caracterizan a literatura galega equivale á descuberta do que denomina «raíces do noso ser espiritual».

A súa é propiamente, entón, unha proposta de repertorio e tamén –de fondo– un programa imagolóxico orientado asemade á vertente da autoimaxe e á da heteroimaxe: como se ven os galegos a si propios e como os outros ven os galegos. E nese plano é onde Piñeiro introduce as tres célebres notas identitarias: o humorismo, o lirismo e o sentimento da paisaxe.

A dura reacción de Piñeiro contra a proposta estética, teatral e política d'*A Soldadeira*, o conxunto das súas acusacións, non foron un exabrupto incontrolado nin foron tampouco un acontecemento súbito ou imprevisto. Na polémica das cartas cruzadas –incluídos os borradores rescatados das cartas de Piñeiro que saíron á luz pública en *Grial* en 1991 e que despois foron contestados por Díaz Pardo–,[31] nos editoriais correlativos en *Galicia Emigrante* e noutras tanxencias do enfrontamento non plenamente documentadas a día de hoxe temos en realidade a colisión frontal de dous repertorios polo dominio do campo cultural. Dous repertorios que naturalmente se vinculan con dúas posicións de campo, cos respectivos sistemas de disposicións ou *habitus*[32] e cos respectivos espazos dos posíbeis.

30 Todos os textos que se mencionarán a este respecto foron recollidos por Alonso Montero (2007, 154-90), quen fai tamén unha completa análise dos pormenores da polémica. Dela é debedora a nosa propia proposta analítica.

31 Na polémica participou tamén Carlos Casares. Véxanse en Alonso Montero 2007, 179 os lugares consecutivos da mesma tras a protesta de Díaz Pardo e as súas acusacións de manipulación.

32 Non podo determe agora a ler a esta luz contributos como os de García-Sabell (1983), Carvalho Calero (en Pillado, Sánchez 1985, 7-9) ou Fernández del Riego (1994), marcantes sen dúbida –xunto con outra rede de textos non moi ampla– para a localización de Seoane como intelectual, artista e literato na historia cultural, na historia da arte e na historia literaria galegas. Nalgunha forma, algo do que desexaría suxerir aparece en tres observacións moi conectadas entre si feitas por Carvalho Calero no lugar que se acaba de precisar: 1) a falta de conexión directa de Seoane e o seu círculo co Seminario de Estudos Galegos debido á súa preferencia polo traballo político, 2) a discrepancia de Seoane co historicismo dos galeguistas máis tradicionais, 3) a ausencia de engarce ou filiación directa de Seoane e o seu círculo co grupo Nós e a procura alternativa de vínculos menos tradicionais e máis internacionalistas.

Mais tamén, digámolo así, con dous relatos, con dúas comprensións da canonicidade do campo cultural histórico de noso –e a iconografía asociada– e con dúas prácticas políticas e culturais diferenciadas: unha inspirada polo marxismo, o materialismo histórico e a filosofía da praxe e outra inspirada por unha fenomenoloxía existencial e unha indagación esencialista da identidade colectiva; unha radicada con firmeza na historia e nos lugares da memoria e outra localizada en orixe nunha antropoloxía filosófica con derivacións psicolóxicas, hermenéuticas e metafísicas; unha vocacionalmente pluridireccional e mesmo promiscua nos seus referentes artísticos, na integración das artes e na converxencia arte-industria e outra debedora aínda das reservas sobre toda vangarda artística que agromaran no pensamento estético do sector máis tradicionalista de *Nós* e do Seminario de Estudos Galegos, incluído con certeza o propio Castelao; unha cinguida á experiencia pro-activa do exilio e ao encontro intercultural coas Américas e cunha emigración que se aspira a dignificar a través da autoestima cultural e dunha profunda estilización do enxebrismo[33] e outra orientada á procura dunha lexitimidade central acoutada unidireccionalmente a certa idea de Europa e á referencialidade nela do pensamento de Heidegger; unha aberta á hibridación cultural e incluso á negociación dos referentes simbólicos da cultura nacional e outra situada á defensiva na ortodoxia identitaria e na axialidade estática da lingua;[34] unha propiciadora dunha arte e unha literatura populares como soporte efectivo da memoria histórica e outra favorecedora de prácticas artísticas de marca formalista.

Unha análise desta clase, talvez polarizada e avaliativa en exceso, necesitada de matizacións, acaso nesgada nalgunha apreciación, non debe perder de vista –reitérase máis unha vez– os respectivos espazos dos posíbeis nin os marcos de institucionalización desde os que actuaron Seoane e Piñeiro. Tampouco é conveniente abstraerse

33 Véxase tamén aquí González-Millán 2002a. Tras preguntarse polo que achegou de novidoso o exilio no proceso de institucionalización cultural iniciado en Galiza a finais do século XIX, sinala o analista a necesidade de interpretar en termos de experiencia o exilio galego como unha actitude e unha visión pro-activa «en manos de un colectivo más interesado en crear un lenguaje cultural innovador que en reproducir fórmulas discursivas periclitadas pero todavía cargadas de un alto grado de legitimación. Los exiliados gallegos, y esto se observa de forma muy precisa en la labor editorial de Seoane, enmarcaron su actividad en un diálogo a tres bandas entre una determinada interpretación del pasado (la memoria histórica), un presente negativo (y por tanto negado) y un futuro que no podía sino ser radicalmente nuevo» (González-Millán 2002a, 15). Véxase igualmente García Martínez 2017.

34 González-Millán (2002a, 10) fala da suspensión temporal, por parte da *intelligentsia* que liderou o exilio, do criterio filolóxico «como factor determinante en los procesos de representación y apropiación». Loxicamente, a opción tivo algo que ver tamén coa ampliación do posíbel mercado e coa procura dunha recepción máis ampla, en especial, segundo observa o mesmo analista, a clase letrada das sociedades de acollida e o propio campo intelectual neses países, co que os exiliados galegos nunca renunciaron a dialogar.

das respectivas configuracións do concepto de compromiso e da interpretación da función social e política do intelectual, nin en fin da centralidade que un e outro alcanzaron tras a morte de Castelao como axentes dun campo cultural galego escindido polo exilio e polo océano, fundamento en definitiva dun *Leitmotiv* permanente nas respostas de Seoane ao piñeirismo, ese 'estades mal informados' que ecoa sen pausa nas cartas que lles envía a carón dunha estrañeza polo silencio e ausencia de resposta a determinados ofrecementos de colaboración e en xeral ao labor desenvolvido durante dous decenios.[35] Esta mesma marca, de calquera xeito, é ilustrativa dunha clase de relación na que parecería que só desde un lado se fai precisa a explicación mentres que desde o outro se exercita con máis claridade o control.

Isto ten que ver, de novo, coa excepcionalidade histórica. Seoane pensa nos termos acaso utópicos dunha cultura pública;[36] Piñeiro non pode facelo porque é consciente da súa heteronomía e das propias dependencias dun campo cultural en estado de excepción, o cal na súa percepción e en xeral na percepción de todo o piñeirismo non habilitaba a posibilidade dun debate público nin o contraste libre de posicións. Alén diso, o que se vén de sinalar como loita de repertorios foi un proceso situado nun tempo histórico concreto e definido. Podería pensarse que limitado a esa etapa dos anos cincuenta.

Porén, é redutivo velo así. En particular porque aquelas posicións no campo cultural persistiron e mesmo se reforzaron coa entrada de novos axentes e co propio agromar do nacionalismo organizado a partir de 1963. Tamén porque as propostas estético-literarias de Seoane resultaron obliteradas pola historia literaria e cultural galega prevalente a partir de reducións formalistas amparadas por críticos e historiadores de diverso signo ideolóxico e de diversa adscrición e militancia nacionalista. E ademais varridas, nalgún caso, polos seus propios epígonos, practicantes en xeral dun realismo social fracasado en termos políticos e ineficaz en termos artísticos até as rectificacións que se concretarían contra 1975 da man de Méndez Ferrín e Alfonso Pexegueiro, ou, noutro nivel, na recepción que do pensamento estético de Seoane aparecería algo máis tarde en Atlántica e no núcleo de *Luzes de Galiza*.

35 Un bo exemplo é o constituído pola carta que Seoane envía desde Buenos Aires a Fernández del Riego o día 8 de novembro de 1957 (Fernández del Riego 2002, 120-1). Esta carta pode consultarse tamén nos «Fondos Documentais» en liña do Consello da Cultura Galega, en concreto baixo a epígrafe «Epistolario de Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane» (`http://consellodacultura.gal/fondos_documentais/epistolarios/epistola.php?id=507&epistolario=1651`).

36 «Ironicamente, un modelo aproximado do que debería ser unha cultura pública galega nunha Galicia democrática sería experimentado, cos matices pertinentes, polas comunidades de exiliados e emigrantes galegos no continente americano, especialmente na Arxentina, en México e en Uruguai, precisamente nas décadas máis duras do franquismo» (González-Millán 2002b, 261).

III Análises

1 Said Armesto, historiador comparatista da literatura galega medieval

Sumario 1.1 Demarcacións iniciais. – 1.2 As lóxicas dos campos historiográficos. – 1.3 Performatividade da historiografía e campo nacionalista. – 1.4 Referentes de Said Armesto como historiador e investigador literario. – 1.5 Perfís comparatistas dunha tarefa investigadora: a obra de Said Armesto. – 1.6 Programa de Literatura galaico-portuguesa (1914). – 1.7 Cabo.

A Lorena Domínguez, Isaac Lourido
e Mario Regueira, compañeiros
no Núcleo de Estudos para a Innovación
da Historia Literaria Galega

1.1 Demarcacións iniciais

Recoñecerei de antemán que o título escollido para presentar estas investigacións incorpora unha modesta dose de pretendida incitación intelectual. Tal rótulo declara en efecto a existencia dunha tarefa his-

Expreso a miña sincera gratitude pola axuda recibida de parte dos profesores Carlos Villanueva, coordinador xeral do Simposio *Víctor Said Armesto e o seu tempo (1871-1914)*, e Margarita Santos, coordinadora da sección «Said Armesto: a literatura e o mundo literario do seu tempo». As súas atencións facilitaron a consulta de publicacións e materiais que doutro xeito serían de complicado acceso. O agradecemento diríxese tamén a Diego Rodríguez, bibliotecario da Fundación Barrié, solícito coas miñas consultas desde hai varios anos. E igualmente á profesora Teresa López, da Universidade da Coruña, quen me proporcionou proveitosas informacións sobre a recepción galega dos cancioneiros medievais durante os anos de vida de Said Armesto, así como documentación relativa ao aproveitamento por terceiras persoas de textos da súa autoría

toriográfico-literaria e deixa aberta de maneira implícita a cuestión do seu alcance e repercusión posterior.[1] Porén, como ben se sabe, Víctor Said Armesto nunca culminou de xeito positivo ou verificado unha historia da literatura galega sobre a cal esteamos en condicións de postular ademais un carácter comparatista de base. Tanto é así que o encabezamento acaído para estas páxinas podería ter sido ben outro, reformulado talvez arredor da condición inconclusa –e se callar inaccesíbel na altura– dunha historia comparada da literatura galega medieval. Malia o cal, a escolla efectiva que figura impresa á fronte asume, non por acaso, unha función de seu. Sobre ela paso a concretar algunhas observacións.

Said Armesto, con certeza un erudito *à rebours* nas coordenadas en que desenvolveu o seu labor intelectual durante os derradeiros quince anos da súa vida, non era probabelmente a persoa da que cabería esperar a materialización concreción dun proxecto historiográfico como o que aquí nos interesa delimitar. En primeiro lugar, polas condicións ideolóxicas e culturais de partida, distaba de ser previsíbel que un membro da súa familia, tan identificado ademais co ideario republicano do seu tío Indalecio Armesto e o seu círculo pontevedrés (Perfecto Feijoo, Jesús Muruais, Ramón del Valle-Inclán, Torcuato Ulloa, Casto Sampedro…),[2] dedicase o tempo a preparar a historia dunha literatura dita *rexional*. En segundo termo, tampouco parecería previsíbel naquela altura de comezos do século XX que alguén non proveniente do movemento rexionalista galego finisecular considerase pertinente, nin moito menos imperioso, acometer unha tarefa das dimensións que podería ter alcanzado o proxecto histórico-comparatista de Said Armesto de dispor o autor dalgúns anos máis de vida.

Ao sinalado cómpre engadir o carácter tentativo e provisorio das páxinas que seguen, que malia contaren co amparo dunha bibliografía crecente sobre a produción saidiana terán que ser revistas nun futuro case inmediato como consecuencia das investigacións ás que Carlos Villanueva e o seu experto equipo de colaboradores están a dar pulo con oportunidade do centenario do escritor. Nese capítulo

tras o seu falecemento. Grazas tamén aos profesores Lorena Domínguez Mallo, da Universidad de Salamanca, por poñer nas miñas mans materiais relativos á conformación da serie historiográfico-literaria galega do século XIX; José António Souto Cabo, da Universidade de Santiago de Compostela, polas súas aclaracións sobre temática medieval; e Alejandro Alonso, da City University of New York, por me facilitar copia dos exercicios de Said Armesto na oposición á cátedra de Literatura galaico-portuguesa da Universidad Central.

1 Resulta obvio que esta última foi escasa e desproporcionada para os méritos de Said Armesto. E non só no apartado historiográfico-literario que agora se está a atender. Espero poder analizar noutro momento a recepción crítica do pensamento literario, estético e artístico do polígrafo pontevedrés.

2 Véxase Barreiro Barreiro 1991 e Santos Zas 2014 e 2015.

será transcendental unha boa sistematización do epistolario de Said, sobre o cal contamos a día de hoxe con varias achegas de interese aínda que todas elas de carácter parcial.[3] Segundo o propio Villanueva adiantou no volume *Víctor Said Armesto. Una vida de romance*, ese epistolario xeral e sistemático podería ver a luz contra o ano 2016 (Villanueva 2014, 19). Conviría tamén moito ao bo nivel da produción científica e divulgativa sobre a obra de Said Armesto contarmos así mesmo con edicións ou reedicións dos seus títulos máis importantes, aclarándose definitivamente as dúbidas relativas á existencia tanxíbel, inexistencia ou perda dalgúns traballos inéditos, asunto ao que se ha volver na parte final destas páxinas e que talvez experimente axustes de alcance tras os acordos para a incorporación ao Arquivo Said Armesto da Fundación Barrié de nova documentación custodiada ao longo de todo un século pola familia do escritor.

Complementariamente, cinguíndome xa ao que de forma directa atinxe á pescuda de fondo que aquí se quere emprender –en particular a todo o relativo ao cuestionario que Said Armesto presentou en 1914 ao tribunal nas oposicións á cátedra de Literatura galaico-portuguesa da Universidad Central–, e facendo meu o criterio exposto por Xesús Alonso Montero (2009) nunha columna xornalística, sería sen dúbida «útil para a historiografía filolóxica» dispormos dunha edición facsimilar daquel programa. Nunha columna máis recente, Alonso Montero (2014a) engadía isto que segue:

> Eu teño consultado con atención o programa presentado polo opositor, groso volume que pagaría a pena editar para que os filólogos de hoxe coñezan cal era o saber, nesa materia, de Said Armesto, sen dúbida quen mellor coñecía daquela, en Galicia, a nosa literatura medieval (quizais, nalgúns temas, o competidor era Armando Cotarelo, catedrático de Lingua e Literatura españolas na Universidade de Compostela desde 1905).[4]

3 Rodríguez Guerra 2000, 490-510, referida a Unamuno; Villanueva 2011 e 2014, 403-31, referida a Menéndez Pelayo e outros; Álvarez Ruiz de Ojeda 2011, referida a Murguía; Rodríguez Fontela 2012, referida a Murguía e a Unamuno.

4 No momento de presentar o meu relatorio ao Simposio *Víctor Said Armesto e o seu tempo* a mediados de novembro de 2014 non dera localizado no Arquivo Said Armesto da Fundación Barrié o texto citado por Alonso Montero. De feito, o único que se conservaba entón nesa Fundación, segundo fun informado, era un exemplar do borrador empregado por Said para concretar o seu cuestionario de cátedra. Durante o desenvolvemento do simposio, en conversa co profesor Alonso Montero e co bibliotecario da Fundación, Diego Rodríguez, acordouse que o primeiro remitiría copia do documento no seu poder, obtido no seu día, á súa vez como copia, por mediación de Domingo García-Sabell. En definitiva, no momento de redactar estas páxinas, no mes de xaneiro de 2015, o Arquivo Said Armesto custodia o orixinal do borrador antes mencionado, unha copia do programa definitivo presentado por Said e o programa oficial emitido polo tribunal. Detallarase todo debidamente máis adiante.

Pero podería haber algo máis. Como noutros exemplos da erudición crítica procedente do século XIX, entre os cales o nome de Marcelino Menéndez Pelayo ocuparía sen dúbida o máis claro referente en Europa, semella claro que Said Armesto alentou, ignoro a partir de que altura, o proxecto de chegar a concretar unha historia da literatura galega como mínimo centrada na súa etapa premoderna. A isto engadirei o meu convencemento de que en realidade esa arela preparatoria era máis ampla, pois a idea puido ser, con probabilidade a día de hoxe esvaradía, a de alcanzar o tempo do Rexurdimento a fin de entrar a fondo en producións como a de Rosalía de Castro ou na presenza coeva do romanceiro tradicional no país. Probas incontrovertíbeis de que foi así non as podo aducir polo de agora pero nos escritos preparatorios de diferentes traballos e nas fichas e anotacións, así como nos epistolarios conservados, hai indicios abondo de que o propósito de Said Armesto, cando menos, ía nesa dirección.

Lémbrese, alén do anterior, que non foi infrecuente no derradeiro cuarto do século XIX que os candidatos que concorrían a cátedras universitarias estabelecesen unha relación, de derivación practicamente inmediata, entre os programas por eles presentados perante o tribunal que os examinaba e o correspondente manual de natureza máis ou menos didáctica sobre a materia obxecto de exame; o mesmo que, en caso de a resolución da cátedra serlles favorábel, acabarían empregando na docencia.[5] Por fixarmos a atención de novo no filólogo santanderino, sabemos que Ménendez Pelayo foi moi reticente a que circulasen copias impresas do seu propio cuestionario das oposicións a catedrático por temor a que calquera dos expertos que naquela altura constaba que estaba a preparar un manual de historia literaria española chegase a se aproveitar das súas pistas, bibliografía e organización temática.[6] Así, en carta a Gumersindo Laverde Ruiz, datada o 1 de xaneiro de 1884, transcorridos xa cinco anos desde a consecución da cátedra, explicaba o seguinte:

> El programa en limpio que presenté para las oposiciones hubo de quedarse en el Ministerio de Fomento. Yo sólo conservé un borrador muy confuso, que es el que en parte te remito, suplicándote que después de haberle utilizado, me le [*sic*] devuelvas, porque no tengo otra cosa […] La pereza de hacer copiar mi programa ha sido causa de que éste se mutile y despedaze [*sic*] de la manera que

5 Miguel de Unamuno, en pleno vórtice do debate rexeneracionista tras o desastre do 98, acabaría facendo chanza deste costume no seu célebre ensaio *De la enseñanza superior en España* (1899). Sobre esta e outras cuestións conexas pode consultarse Peset 2000.

6 Puido Said Armesto ter acceso ao programa de Menéndez Pelayo no momento de iniciar a preparación da súa propia oposición na Universidad Central? A asimilación de criterios fai conxecturar que si, pero non localicei até agora probas documentais que permitan aseguralo. Véxase, en todo caso, Filgueira Valverde 1992.

> ves. No he querido imprimirle, para que no se aprovechasen de él los que piensan escribir la historia de la literatura. (Menéndez Pelayo 2009, 22, nota 34)[7]

1.2 As lóxicas dos campos historiográficos

Parece fóra de dúbida que a repercusión da vasta produción de Said Armesto na historiografía literaria galega é feble. Unha proba doada de satisfacer para calibrarmos o nivel desa incidencia consistiría en comprobar se o seu nome aparece citado ou non polos historiadores culturais ou literarios coevos e posteriores a el. Segundo pode supoñerse, a resposta é maioritariamente negativa. Son escasísimas de feito as veces que aparece mencionado como autoridade no campo historiográfico-literario. Son tamén infrecuentes as ocasións en que o seu nome é referido de forma colateral respecto a asuntos locais do núcleo pontevedrés ou en particular, con certeza noutra escala, a propósito das achegas que concretou para o coñecemento das tradicións populares e da transmisión de prácticas ligadas ao folclore.

Deteñámonos un momento no que ocorre na *Historia da literatura galega contemporánea* de Ricardo Carvalho Calero, por centrarnos na obra desta clase en que máis presenza alcanza Said, sendo esta en todo caso mínima. Na terceira edición da *Historia* de Carvalho, volume de case novecentas páxinas, Said aparece mencionado en só cinco ocasións: a primeira, pola súa participación en 1905 na comisión organizadora da posta en marcha da Academia Galega e da elaboración dos seus estatutos (Carballo Calero [1963] 1981, 138); a segunda e a terceira, a propósito da recepción en Rosalía da obra poética de Heinrich Heine (211 e 220); a cuarta, verbo de Francisco Tettamancy, autor do folleto co que as Irmandades da Fala coruñesas homenaxearon a Said tres anos despois do seu pasamento (439); a quinta, na semblanza que Carvalho elabora de Noriega Varela (544).

Algo paralelo ao que se vén de comentar acontece a propósito da discutíbel condición galeguista de Said. Para intuír a resposta dada por exemplo por Justo Beramendi a esa cuestión abondaría comprobar que nas máis de mil duascentas páxinas do seu *De provincia a nación. Historia do galeguismo político* (2007) Said non comparece por ningures, constatación que sustenta os motivos polos que o historiador proporá localizalo estritamente no galeguismo cultural e sentimental (Beramendi 2015; cf. Castro Pérez 2015).

7 Adverbios latinos no orixinal utilizado. A cita tómase da «Introducción» de Mario Crespo López á *Antología de estudios y discursos literarios* de Menéndez Pelayo (2009, 13-109). A carta en cuestión figura recollida así mesmo no *Epistolario general* do polígrafo santanderino (Menéndez Pelayo 1982-91, 6: 241).

En relación con isto non sobrará unha primeira observación ligada á socioloxía dos intelectuais e á formación do núcleo experto da historiografía académica galega. Aludo á necesidade de termos presente o observado por sociólogos de referencia como Max Weber, Max Scheler e Karl Mannheim nos seus estudos sobre as relacións de política e coñecemento, que, como ben souberon salientar Peter Berger e Thomas Luckmann nun libro fundamental (1968), pasa necesariamente por cuestións como as formas de lexitimación e institucionalización sociais do coñecemento, ademais de facelo polo que ambos estudaron como a construción social da realidade e a organización sociocultural que vertebra todo universo simbólico.

Moi en particular, vindo máis ao tempo noso, teño presentes así mesmo as propostas de Pierre Bourdieu e Gisèle Sapiro sobre as nocións de campo intelectual, lóxica do campo de produción ideolóxica e autonomía.[8] Entendo relevante manexar propostas deste carácter –en definitiva, relacional– porque con elas leríanse nas súas precisas dimensións políticas dous tópicos recorrentes cando se fala de Said Armesto: o da 'mala fortuna' ulterior das súas propostas estéticas e conceptuais e o do 'inxusto esquecemento' do seu nome, que alicerzan por certo o comezo das dúas monografías máis importantes publicadas até hoxe sobre o publicista pontevedrés, as debidas a Fernando Díaz-Plaja[9] e Carlos Villanueva.[10]

Porque alén do xuízo moral que se desexe formular, está na lóxica do campo historiográfico cultural, e especificamente na lóxica do campo nacionalista, que alguén como Said Armesto sexa considerado como un axente marxinal; desde certas posicións, mesmo retardador do proceso que explica a propia existencia deses dous campos. Sendo ese proceso non outro que o do logro dunha autonomía en canto tales campos e a consecución última dunha emancipación de signo rexionalista e posteriormente nacionalista. Obviamente, Said non estaba en termos ideolóxicos nin tampouco en termos epistemolóxicos e científ-

8 Bourdieu define o campo de produción ideolóxica como «universo relativamente autónomo, donde se elaboran, en la competencia y el conflicto, los instrumentos de pensamiento del mundo social objetivamente disponibles en un momento dado del tiempo, y donde se define al mismo tiempo *el campo de lo pensable políticamente* o, si se quiere, la *problemática legitima*» ([1979] 2006, 407; cursivas no orixinal).

9 «He aquí dos definiciones tópicas que se aplican a los escritores: El 'malogrado' y el 'injustamente olvidado'. Pues bien: Si hay alguien con quien no hay más remedio que definir con estas palabras es a Víctor Said Armesto, el gallego de Pontevedra muerto en Madrid a los cuarenta y dos años de edad, con una obra importante ya realizada y otra, no menos importante, preparada según los apuntes y notas que dejó. Pocas veces se ha ajustado más el triste adjetivo de 'malogrado'» (Díaz-Plaja 1993, 9).

10 «La frase más referida que sobre Víctor Said Armesto (1871-1914) escuchamos estos meses de preparación del centenario es la de 'injusta desmemoria', a la que podemos unir aquel otro titular firmado, con ocasión del anterior centenario del pontevedrés (el de su nacimiento) por Ricardo Carballo Calero (1972, 37): 'sentímolo moi actual, moi adiantado, por riba dos rexionalistas do seu tempo'» (Villanueva 2014, 19).

ficos polo primeiro nin polo segundo, como deixan ver sen irmos máis lonxe as notas compiladas no arquivo preparatorio da súa oposición á cátedra de Literatura galaico-portuguesa da Universidad Central e tamén as súas relacións coas distintas faccións do rexionalismo e con Murguía de xeito destacado (Alonso Montero 2014b; Casas 2015b; Mascato Rey 2015).

Así que entra na normalidade da lóxica respectiva deses campos o proceso de esquecemento progresivo e en definitiva de silenciamento das propostas de Said como historiador e como galeguista sentimental. Isto é deste xeito, en especial, a partir do momento en que o nacionalismo galego asumiu como tarefa primordial e inadiábel, obviamente en concorrencia co nacionalismo español, a elaboración dun relato historiográfico lexitimador. De seu, en termos discursivos e referenciais isto non supón anomalía ningunha a respecto da lóxica de campo que vimos mencionando e da súa localización concreta nos últimos decenios do século XIX, todo o contrario. O peculiar do caso de Said é o feito de ser el asemade interlocutor privilexiado dos que, durante o seu tempo de intervención pública, eran os ideólogos e autoridades máximas da construción historizante do galeguismo e do españolismo, respectivamente Murguía e Menéndez Pelayo (Alonso Montero 2015; González Herrán 2015). Algo de paradoxal hai nisto, sen dúbida acentuado se observamos as moi diferentes filiacións ideolóxicas de ambos os polígrafos, liberal un e conservador e tradicionalista o outro.

Como complemento do que se acaba de observar, o feito de que desde algunhas posicións tan significadas como a de X.L. Méndez Ferrín se valore en sentido positivo a figura pública (quizais non tanto a obra) de Said Armesto, en colaboracións en prensa como a titulada «Mentalidade Armesto» (Méndez Ferrín 2011), non desbarata en absoluto o que aquí se está a argüír. De feito, Méndez Ferrín avalía ante todo no seu artigo o contributo de exemplaridade civil que supuxo na Pontevedra e na Galiza urbana do século XIX a presenza dunha familia, a dos Armesto, longamente ligada ao republicanismo, a un socialismo premarxista, á masonería e ao librepensamento.[11] E nese sentido considero que sitúa o debate nun punto razoábel que ten correspondencia co que Ramón Máiz advertía ao publicar en 1984 os resultados da súa tese de doutoramento: que o rexionalismo galego como movemento e como ideoloxía non pode reducirse á condición de simple antecedente do nacionalismo que comezaría a

11 E mesmo vai máis alá, como pode comprobarse lendo o final do artigo: «A personalidade de Víctor Said Armesto, percibida hoxe en conexión coa súa familia e situada nas redes intelectuais e ideolóxicas de que formaba parte, pode ilustrarnos moi ben sobre *a inmensa importancia que na configuración da idea contemporánea de Galicia* tivo a mentalidade librepensadora, a mentalidade dos Armesto» (Méndez Ferrín 2011; cursivas miñas; cf. Barreiro Barreiro 2015; Santos Zas 2015).

medrar política e socialmente coas Irmandades de Fala de 1914 en adiante (Máiz 1984, 13).

Sen saírmos dese mesmo plano, ofrece tamén pistas nada despreciábeis a semblanza que alguén tan pouco dado á gabanza gratuíta como Carvalho Calero publicou en 1972 na revista *Museo de Pontevedra* con ocasión do centenario do nacemento de Said. Para Carvalho, en Said Armesto hai unha característica sobranceira que exercería o seu rango sobre o resto de notas identificadoras do seu xeito de traballar, de pensar, de redactar. Exactamente, a dimensión científica da súa produción, que Carvalho postula como superior á que se patentiza no labor doutros investigadores do seu tempo. E a carón dela, pero subordinados como valores que se nutrirían dese compromiso coa ciencia, tamén unha «moderna formación intelectual» (Carballo Calero 1972, 38), o «máis riguroso método de traballo» (38) e unha obxectividade que segundo o seu criterio tería funcionado de forma óptima como base dun maxisterio que nunca puido chegar a exercitarse cos mozos que dez anos despois da morte de Said deron pulo ao Seminario de Estudos Galegos (39). Por todo o cal, os modelos que Carvalho acha idóneos para ponderar a entidade do seu pensamento, da súa forma de situarse diante do mundo, da súa actitude vital e do proceder da súa investigación son os de Menéndez Pidal e Ortega y Gasset (39).[12]

Moi outra, certamente, é a opinión expresada sen ambaxes por José Luís Forneiro no contexto xeral do que estudou como «inmadurez de la crítica histórico-literaria sobre el romancero gallego» (Forneiro 2000, 65-72). Forneiro documenta no seu estudo a ausencia de rigor filolóxico e mesmo a manipulación operada pola tradición romancística galega no momento da facer efectivas as súas publicacións ao longo dos séculos XIX e XX, comezando xa por Manuel Murguía.[13] Da serie unicamente salva sen reticencias o *Cancionero Gallego* (1973) de

12 Permítaseme anotar que xulgo equivocada esta percepción de Carvalho. Alén disto, só como complemento informativo, direi que non hai constancia de trato directo entre Said e os intelectuais sinalados; o cal, loxicamente, sorprende máis en relación co primeiro que co segundo. De todos modos, si consta que Said mantivo vínculos desde o momento da súa fundación en 1910 co Centro de Estudos Históricos (Villanueva 2014, 15, 92, 94 e 110), cuxa Sección de Filoloxía dirixiu Menéndez Pidal desde os seus comezos.

13 Véxase tamén Forneiro 2015. Curiosamente, Said Armesto foi terminante nalgunha das súas páxinas en relación co celo filolóxico que tería conducido desde sempre o seu labor compilador. Vémolo, por exemplo, na introdución dun romance recollido por Juan Menéndez Pidal que emprega nas argumentacións que abren o seu libro *La leyenda de don Juan*. Lese nese lugar o seguinte: «Véanse ahora los curiosos relatos que tuve la fortuna de adquirir, y que, según costumbre, reproduzco *ipsissima verba*, evitando con celoso escrúpulo ese funesto y estúpido sistema de correcciones y retoques que sólo sirve para introducir en este género de estudios una confusión deplorable» (Said Armesto [1908] 1968, 31).

Jesús Bal y Gay e Eduardo Martínez Torner,[14] o *Cancioneiro Popular Galego* (1982) de Dorothé Schubarth e Antón Santamarina e as versións publicadas por Aníbal Otero en distintos momentos. E isto malia o bo traballo de campo levado a cabo por Juan Antonio Saco y Arce, Alfonso Hervella Courel e o propio Said Armesto en diferentes localizacións e tempos. Isto é o que Forneiro expón sobre a escolma *Poesía popular gallega*, de Said Armesto (1997):

> Es pena que casi todos los textos de esta selección estén manipulados o sean falsos, pues Said Armesto no sólo retocó la mayor parte de este *corpus*, las versiones por él recogidas en diversas localidades de las cuatro provincias de Galicia, sino que además inventó algunos textos, así como incorporó el romancero gallego apócrifo elaborado, principalmente, en el siglo XIX. (Forneiro 2000, 53)

1.3 Performatividade da historiografía e campo nacionalista

Con independencia dos problemas de saúde que ocasionaron unha morte tan temperá como a súa, a recorrencia a propósito da escasa sorte e practicamente nula proxección das ideas de Said Armesto na Galiza e na España do século XX merece ser contemplada desde algún outro ángulo. Vexamos de seguido algo máis sobre o que atinxe aos usos e funcións da historia (tamén da cultural e da literaria) nos procesos de invención e lexitimación das nacións modernas en Europa.

O propio Máiz aludiu noutro lugar á «funcionalidade performativa» que no seo da ideoloxía nacionalista posúe adoito a reelaboración histórica dos mitos (Máiz 1992, 109). En efecto é así, pero non só por delimitación ao mito hai que falar de performatividade historiográfica. A vella pregunta de Michel de Certeau (*que é o que produce ou fabrica o historiador cando fai historia?*) segue conservando vixencia. A historiografía, particularmente a instituída como 'nacional', suplementa a dimensión performativa do acto de linguaxe que tamén é e incorpora non só a capacidade de modificar o contexto da comunicación a través da súa enunciación senón, ademais, a correlativa de constituír –construíndoo de feito– un modelo de mundo acaído á (id)entidade do suxeito promovido como protagonista desa historia: a nación, o pobo, a etnia, segundo xeralmente se razoa nas historias nacionais de tipo fundacional aparecidas ao longo do século XIX (e non só).

No mesmo volume das actas do congreso compostelán de 1990 que recolle a achega mencionada de Máiz, fixábase Xoán González Millán

14 Confróntese este xuízo co expresado por Carlos Villanueva (2007a, 12) na súa comparativa dos cancioneiros de Martínez Torner e Bal y Gay e Sampedro.

nas consecuencias que o anterior ten cando se trata de conformar unha historiografía literaria aplicada a sistemas literarios periféricos e deficientes, nos cales un procedemento discursivo básico adoita ser o que este teórico chamaba «obsesión reivindicativa», destinada a lograr que a historia literaria se configure «como a historia do proceso de recuperación da palabra silenciada» (González Millán 1992, 446). A iso engadiríase unha serie de operacións que no discurso historiográfico nacionalista resultan recorrentes e que obviamente coliden coa serie específica dunha historia de signo non nacionalista ou de signo nacionalista diverxente. Entre elas,

> a selección canónica de textos e autores, que son xerarquizados segundo criterios de representatividade e reivindicación nacionalistas [ou] a imposición dunha determinada periodización na evolución da producción literaria. (González Millán 1992, 448)

En nota de rodapé, o profesor da City University of New York introducía aínda algo fundamental, que como tarefa segue pendente de execución: a urxencia de emprender no campo dos estudos galegos unha revisión crítica das propostas historiográfico-literarias concretadas a partir de Murguía, avaliando os resultados e as premisas teórico-críticas asumidos e aplicados polos sucesivos historiadores (González Millán 1992, 448, nota 23). Pois ben, xustamente a algo semellante, aínda que nunha escala moi reducida, dedicaremos aquí os seguintes parágrafos.

O primeiro que debe sinalarse é que Carvalho Calero ofreceu nas páxinas introdutorias da súa *Historia da literatura galega contemporánea* ([1963] 1981, 19-27) un panorama crítico das achegas por el consideradas máis importantes no proceso constitutivo desa tradición historiográfica, apoiada nalgún caso en volumes de carácter antolóxico. Mencionou así, sucesivamente, unha serie de nomes e publicacións entre os cales os tratados con maior detalle son estes que se indican: de Manuel Murguía, *Los Precursores* (1885); de Leandro Saralegui y Medina, *Galicia y sus poetas. Poesías escogidas de autores gallegos contemporáneos* (1886); do Marqués de Figueroa, *De la poesía gallega* (1889); de Emilia Pardo Bazán, *De mi tierra* (1889); de Leopoldo Pedreira, *El regionalismo en Galicia (estudio crítico)* (1894); de Francisco Blanco, «La literatura regional de Galicia» (1894); de Florencio Vaamonde Lores, unha parte do seu *Resume da historia de Galicia* (1899); de Mariano Miguel del Val, «La literatura regional gallega» (1901); e de Eugenio Carré Aldao, *La literatura gallega en el siglo XIX* (1903), ampliada na súa segunda edición, de 1911, co título *Literatura gallega*.

A relación que se acaba de incorporar está limitada aos anos en que viviu Said Armesto, pois do que se trata neste momento é de considerarmos a maneira en que o seu traballo historiográfico-literario

dialogou con esa tradición.[15] Como é lóxico nunha parcela en fase de constitución, os problemas que os historiadores mencionados deberon afrontar e resolver foron numerosos. Nun traballo académico centrado na constitución da historiografía literaria galega entre 1862 e 1951, Lorena Domínguez Mallo analizou xustamente nese nivel os problemas que lle pareceron de maior relevancia, entre eles o principalísimo das funcións sociais, culturais e políticas do historiador da literatura (Domínguez Mallo 2008, 81-92). E, de modo específico, as asumidas polo historiador ou historiadora que traballan sobre unha literatura marxinal e emerxente que nin tan sequera ten perfilados definitivamente os criterios para a incorporación de obras, repertorios e axentes literarios (autores, editores, críticos, público…) configuradores do protosistema en formación.

É un asunto este que, con certeza, conecta coa delimitación do canon e cos procedementos de lexitimación do obxecto de estudo e do seu propio resultado, isto é, cada unha das historias literarias que se suman á serie historiográfica e que de forma obrigada estabelecen un diálogo coa propia serie como totalidade.

1.4 Referentes de Said Armesto como historiador e investigador literario

Parece evidente que Said Armesto tivo que ter constancia (en realidade, moito máis ca isto) dos rumbos da historia literaria como disciplina ao longo dos séculos XVIII e XIX, así como das achegas fundamentais existentes en relación coas literaturas nacionais europeas, nomeadamente a española, a francesa, a portuguesa, a italiana e a catalá, por seren as máis próximas en termos xeoculturais ao seu propio proxecto. E, igualmente, dos procesos das investigacións no ámbito da folclorística e do comparatismo.

A praxe historiográfico-literaria do século XIX orientouse a unha procura das orixes disposta a narrar e a explicar os respectivos procesos de construción das identidades nacionais europeas, moitas veces aplicados retroactivamente a segmentos cronolóxicos previos á efectiva fundación dos Estados modernos. Favoreceu esa clave operativa a ideación do pobo como motor espiritual do progreso ar-

15 Aos nomes citados cabería engadir algúns outros, entre os cales os de maior transcendencia serían os de Antonio de la Iglesia, autor en 1886 de *El idioma gallego. Su antigüedad y vida*, e Augusto González Besada, quen publicou en 1885 un *Cuadro de la literatura gallega* e, en 1887, a súa *Historia crítica de la literatura gallega*. O primeiro título non o considera Carvalho en profundidade por tratarse basicamente dunha antoloxía. O segundo e o terceiro tampouco, nestes casos por se limitaren á etapa medieval. Autores xa menos influentes que publicaron traballos ou cando menos páxinas de historia literaria galega antes de 1915 foron, entre outros, Alfredo Brañas, Fernán González, Manuel Núñez González, José Posse Villalga e Ángel Salcedo Ruiz.

tístico-literario e autocognoscitivo: o pobo coñeceríase a si propio e daríase a coñecer á comunidade internacional a través das súas escollas culturais, entre elas a literaria. A historia literaria fíxose non poucas veces por esa vía ferramenta auxiliar das distintas historias nacionais e dos seus promotores, cunha predilección, tamén moi romántica, polo Medioevo.

Aínda que non é obrigado, pois, que a historia da literatura ceda todo o protagonismo a unha literatura nacional en particular, expresada ademais nunha única lingua, o certo é que o hábito ditou ese proceder, e tamén que houbo unha moi temperá consciencia sobre a transcendencia desa fixación e interpretación de datos históricos para sustentar e prestixiar a identidade nacional e lingüística. Compróbase na auroral *Geschichte der poetischen Nationalliteratur der Deutschen* de Georg G. Gervinus (1835-42), na *Historia crítica de la literatura española* de José Amador de los Ríos (1860-64) ou na *Storia della letteratura italiana* de Francesco De Sanctis (1870-71).

Said Armesto tivo que coñecer as tradicións sinaladas, así como tamén os seus fundamentos filosóficos de base, que, polo referido á historiografía literaria española, adoitan cifrarse en Johann Gottfried von Herder, August Schlegel e Madame de Staël. En realidade, os tres serían nomes capitais para case todas as historias nacionais europeas, segundo razoa Franca Sinopoli ([1999] 2002, 34). Herder nun sentido psicolóxico-cultural,[16] Schlegel baixo concepción relixiosa católica e Staël atenta aos países da Reforma.[17] Debeu de estar ao tanto igualmente Said das propostas historiográficas ofrecidas ao longo do século XIX por hispanistas estranxeiros como Friedrich Bouterwek (1804), Jean Charles Léonard Simonde de Sismondi (1813), Ferdinand Wolf (1832 e 1959), George Ticknor (1849) e James Fitzmaurice-Kelly (1898), algún dos cales entrou tamén como é sabido no terreo da historia literaria portuguesa.

Finalmente, Said estaría así mesmo ao tanto, sen temor a equivocarnos, das historias das literaturas española, portuguesa e catalá asinadas por João de Almeida Garret (1826), Antonio Gil de Zárate (1844), António Borges de Figueiredo (1844), Francisco Freire de Carvalho (1845), Magí Pers i Ramona (1850), François Cambouliu (1857), José Amador de los Ríos (1860-64), Manuel Milà i Fontanals (1861 e 1865), Teófilo Braga (1870, 1872, 1875…), Enrico de Cardona (1878), Otto

16 Pierre Pénisson (1994) observa que a chave principal para a existencia dunha literatura nacional nas concepcións herderianas se sitúa nun ámbito lingüístico. Debería existir unha lingua recoñecíbel na súa particularidade orixinal, sen imitación doutras linguas nin imposicións externas, pero que ao mesmo tempo alcanzase un desenvolvemento elaborado na escrita, potenciador das súas características primarias. A literatura nacional, pois, debería sosterse nunha lingua primixenia, auténtica e popular sublimada pola excelencia literaria.

17 Sobre todos estes aspectos véxase a sistematización proposta por Cabo Aseguinolaza (2012), especialmente nos dous primeiros capítulos da monografía (11-249).

Denk (1893) ou Alfred Morel-Fatio (1893). A mención das series historiográfico-literarias galega, portuguesa, española e catalá do século XIX e comezos do XX cobra unha magnitude singular cando pensamos que Said Armesto se dirixía, como tiven ocasión de argumentar noutro lugar (Casas 2015b), á concreción dun modelo historiográfico de natureza comparatista, aínda que propiamente centrado na produción lírica galego-portuguesa. De feito, unha parte importante dos autores e volumes que se acaban de relacionar aparecen na descrición da biblioteca de Said Armesto que debemos a dous investigadores franceses, Eliane Lavaud (1972) e Gérard Sacone (1972).[18]

A mención que se vén de introducir relativa ás series historiográfico-literarias galega, portuguesa, española e mesmo catalá do século XIX cobra unha magnitude singular cando pensamos que nos diriximos á concreción dun modelo historiográfico de natureza comparatista propiamente centrado na produción lírica galego-portuguesa. Segundo é ben sabido este segue a ser hoxe, como o era xa hai un século e antes, un lugar controvertido, contaminado sen dúbida por apreciacións e relatos de innegábel marca nacional e nacionalista debido á afectación que o asunto proxecta sobre as orixes do uso literario da lingua nas culturas nacionais galega, española e portuguesa e, por esa vía, ampliando máis do conveniente o espazo de debate, incluso nas respectivas lexitimidades históricas das nacións afectadas. Trátase en verdade dun problema complexo de resolver, e aínda máis de consensuar en termos científicos, aínda que só for no marco amplo e flexíbel da romanística medieval, campo académico que como ten visto César Domínguez (2004b) configura a día de hoxe un importante e atractivo reto, tamén un estímulo, para a literatura comparada.

Abonde para deixalo esbozado a mención do modo en que Teófilo Braga introduce a época medieval (séculos XII a XV) e argumenta a organicidade da literatura lusa na súa *História da literatura portuguesa* baixo a epígrafe, como mínimo inexacta, «1º Período: Trovadores portugueses»:

> A literatura portuguesa é um fenômeno social simultâneo com o estabelecimento da nacionalidade; para ser compreendida nas suas manifestações do gosto, que caracterizam as suas épocas históricas, nas criações geniais das altas individualidades, é preciso conhecer as raízes étnicas deste povo, que mantém todas as feições de uma raça pura, e a sua acção de concurso na marcha da civilização humana. Formada no século XII com a nacionalidade, a literatura portuguesa trouxe todos os caracteres dessa época fecunda do desenvolvimento das literaturas românicas: a língua

18 Referinme a estes datos e á biblioteca de Said Armesto nun traballo (Casas 2017a) que agora se integra parcialmente neste mesmo capítulo.

> escrita exerce-se nas canções subjectivas do lirismo trovadoresco, que viera acordar os germes de uma poesia tradicional, e ao mesmo tempo o predomínio da cultura latina eclesiástica desviou a actividade literária das suas fontes orgânicas para as traduções de lendas hagiológicas e erudição escolástica. Estas duas correntes, a tradicional e a erudita, aparecem em conflito permanente em todas as literaturas da Idade Média, variando o seu predomínio conforme a vitalidade de cada povo em frente da autoridade da cultura greco-romana, que se vai restabelecendo pela civilização moderna. Pela riqueza dos seus elementos tradicionais ou orgânicos, e pela estremada cultura senhorial e eclesiástica, coube à França a hegemonia na formação de todas as literaturas modernas. Historicamente se verifica que todas as literaturas românicas e germânicas, no seu período originário, imitaram as canções de um exagerado subjectivismo e de requintado artifício poético escritas na língua de oc, que se falava na parte meridional da França. Enquanto se estudou esta poesia separada das suas origens populares, a Provença apontava-se como iniciadora da renascença mental da Europa. Determinados esses germes tradicionais, que evolucionaram na prioridade do desenvolvimento do lirismo provençal, explica-se a sua pronta irradiação para a França do Norte, para a Itália, Espanha, Inglaterra e Alemanha, suscitando essa *imitação* a revivescência dos seus elementos nacionais. (Braga [1870] 1984, 171-2)

As preguntas inmediatas que resulta inevitábel formularse tras esta lectura, converxente nos seus contidos con formulacións que poden atoparse máis matizadas en Carolina Michaëlis de Vasconcelos e noutros historiadores portugueses do seu tempo, son estas: onde fica a tradición literaria galega?, non existiu entón unha literatura galega na Idade Media? Porque o xeito en que Braga obvia a parte galega da lírica galego-portuguesa medieval, para alén da serodia edición do *Cancioneiro da Vaticana* por Ernesto Monaci, ten algo de sombrío. Claro que o historiador azoriano, futuro presidente da República, razoara nun capítulo previo da súa *História*, referido no índice co descritor «O Português, Catalão e Castelhano correspondem a três nacionalidades», o feito incontrovertíbel de que

> a diferenciação do Português, resultou de ter a Galiza perdido as condições de vida nacional, e de ter o pequeno Condado Portucalense atingido a autonomia política no século XII.[19] (Braga [1870] 1984, 105)

19 Para estas consideracións é fundamental Cunha 2002. Véxase en especial, para o aquí tratado, o subcapítulo «Teófilo Braga e a invenção da 'tradição nacional'» (Cunha 2002, 333-47). Aos mesmos efectos, agora do lado español, é así mesmo fundamental o libro *El lugar de la literatura española*, de Fernando Cabo Aseguinolaza (2012). Véxase en especial o seu

En definitiva, como ensina a semiótica cultural, a organización da semiosfera propia presupón a miúdo a desestabilización e desorganización estratéxica da semiosfera inmediata coa que nalgunha forma se compite. Fundamentar a nación propia deixa pois pouco lugar para recoñecer raíces ou orixes compartidas con outra nación. E isto, naturalmente, funciona sempre en dobre sentido.

Digamos, en todo caso, que nun documentado estudo de José António Souto Cabo (2012) é moi outra a perspectiva coa que se explica o florecemento medieval da literatura na que transcorridos os séculos se viría especializar Said Armesto. Non faría moito sentido estenderse nesta cuestión, mais o fundamental na argumentación de Souto Cabo consiste en observar o modo en que as liñaxes da alta nobreza galega se entreteceron familiarmente cos nomes dos primeiros trobadores, a miúdo membros desas casas nobiliarias. O cal condúceo a postular o que segue:

> A lírica galego-portuguesa aparece como un produto essencialmente galaico, cujas origens devem, portanto, ser atribuídas a condicionamentos macro e microestruturais privativos do antigo reino da Galiza. [...] Precisamente, a avaliação inexata da posição e do peso políticos do nosso país, durante os reinados de Afonso VII, Fernando II e Afonso IX, tem sido um importante empecilho para entender os primórdios do movimento literário em causa. (Souto Cabo 2012, 220-1)

Ao cal engade:

> Na percepção da Galiza repercute-se, em boa medida, certa historiografia espanhola que concebia – e concebe – a vertebração histórica do atual Estado Espanhol, no caso dos reinos centro-ocidentais, como sucessão de três núcleos institucionais: Astúrias → Leão → Castela. Sob esse ponto de vista, a Galiza representa(va) um componente anômalo cuja existência era marginalizada e/ou neutralizada como parte indistinta desse «reino de Leão», com o centro de gravidade político-cultural na cidade que lhe empresta o nome. (221)

Souto Cabo entende ademais que como consecuencia do anterior xurdiu unha 'transposición mimética' destinada a separar Galiza das orixes certas do trobadorismo pola suposta carencia, xa mencionada por Braga, dun reino con corte propia (Souto Cabo 2012, 221). O

primeiro capítulo, «¿Pero qué es una literatura nacional? La construcción de la literatura nacional española» (11-91). Son igualmente recomendábeis, ao tratarse o asunto baixo perspectiva comparada, varios dos capítulos do primeiro volume de *A Comparative History of Literatures in the Iberian Peninsula* (Cabo Aseguinolaza, Abuín González, Domínguez 2010).

relevante é que esta mesma clase de argumentos foron empregados desde a historiografía literaria española con obxectivos non tan disímiles dos descritos. Pénsese, sen ir máis lonxe, no tratamento dado por Amador de los Ríos ás *Cantigas de Santa María* de Afonso X.

Existe aínda outra aba relevante do problema: a do coñecemento efectivo desa tradición poética na Galiza do século XIX. Tense falado abondo de que ese coñecemento fora nulo ou moi escaso antes de Antonio María de la Iglesia dar ao prelo en 1886 a antoloxía *El idioma gallego. Su antigüedad y vida*, o cal tería suposto unha dificuldade engadida para a aparición dunha resposta ben fundamentada ao tratamento parcial do asunto concretado pola historiografía literaria portuguesa. Porén, segundo demostrou Teresa López (1991), a realidade dos feitos non foi exactamente esa, resultando xa básica, cabo doutros precedentes, a tarefa desenvolvida por Teodosio Vesteiro Torres no decenio de setenta, que foi cando Braga publicou os seus traballos principais, incluída a edición en 1878 do *Cancioneiro portuguez da Vaticana*. Outra cousa é, en efecto, a repercusión que a dedicación de Vesteiro e outras converxentes alcanzaron naquela altura entre os intelectuais e académicos do país, asunto este que é o auténtico fío condutor da monografía de López, no cal tivo incidencia clara a postulación inicialmente exitosa, malia os reproches de Murguía (López 1991, 52-5), da 'portuguesidade' da produción presente nos cancioneiros.

1.5 Perfís comparatistas dunha tarefa investigadora: a obra de Said Armesto

Existe unha listaxe de obras de Said Armesto –éditas, inéditas e en proxecto–, adoito recuperada con escasas variantes polos especialistas no autor. Cabe interpretar que tal lista foi fixada xa no ano 1971 pola súa filla María Eugenia Said Santoro nun volume sen precisión explícita de autoría titulado *Víctor Said-Armesto (Datos para una biografía)*. Trátase dunha relación non experta e algo desproporcionada na clasificación dalgunha das publicacións, en que as catro epígrafes empregadas baixo o rótulo xeral «Obras de don Víctor Said-Armesto» (69) son as seguintes: «*Publicadas*», «*Estudios publicados*», «*En prensa*» e «*En preparación*», todas elas en letra cursiva no orixinal de referencia. Estas catro series incorporan respectivamente oito, dezaseis, cinco e catro apuntamentos bibliográficos que aquí non se detallarán de modo expreso a non ser que resulten de interese directo para a investigación emprendida sobre a produción historiográfico-literaria do noso autor. Nalgúns casos eses apuntamentos de Said Santoro aparecen seguidos dunha sucinta descrición. Outros van seguidos apenas da indicación «etc.». Procederei de seguido a unha esquematización.

«*Publicadas*» (69-70)[20] comprende os seguintes oito títulos: *Análisis y ensayos (Filosofía, literatura y sociología)* (Pontevedra, s.n., 1897); *La enseñanza filosófica. Breves consideraciones seguidas de un programa de Filosofía* (Pontevedra, s.n., 1900, libro en realidade en coautoría con Rogelio Quintáns); *La leyenda de don Juan. Orígenes poéticos de El Burlador de Sevilla y Convidado de Piedra* (Madrid, Librería de los Sucesores de Hernando, 1908); *Notas para el estudio de la materia de Bretaña en la poesía lírica gallega de los siglos XIII y XIV. Memoria escrita para obtener el grado de doctor en la Facultad de Filosofía y Letras, año de 1911* (Madrid, V. Rico, 1911); un apéndice con comentarios á tradución ao castelán do libreto de Richard Wagner para a súa ópera *Tristán e Iseo. Drama lírico en tres actos* (Madrid, s.n., 1911); a edición anotada do libro de Guillén de Castro *Las mocedades del Cid* (Madrid, Espasa Calpe, 1913); a edición do libro de Tirso de Molina *Los cigarrales de Toledo* (s.l., s.n., 1913); e, por último, «Discurso resumen del Florilegio de poetas españoles» (*La Palabra. Revista taquigráfica*, 12, 1913, 10-20), que, en realidade, interpreto que se trata dun resumo, en orixe taquigráfico, do ciclo de tres conferencias *Florilegio de poetas españoles*, organizado polo Ateneo de Madrid e coordinado por Jacinto Benavente.[21]

En segundo lugar, «*Estudios publicados*» (70-1) establece cinco subepígrafes por disciplinas: historia, política, filosofía, crítica e socioloxía.

No terceiro bloque, «*En prensa*» (71), debe destacarse a mención explícita do volume *Programa de Lengua y Literatura Galaico-Portuguesa*.

Finalmente, no apartado «*En preparación*» (72), ao pé da mención do *Diccionario etimológico gallego* e do primordial e extraviado *Teatro popular gallego*, cítase tamén un volume titulado *Novelística popular gallega*[22] e un estudo que sería de enorme interese para os nosos

20 Completo a lista que segue ampliando a información bibliográfica e corrixo algún dato inexacto ou mesmo incorrecto. Tanto María Eugenia Said Santoro (1971, 13-17) como Fernando Díaz-Plaja (1993, 15-30 e 86-91) mencionan por outra parte textos infantís e xuvenís que aquí non se anotarán, se ben polo menos un deles, a comedia *Retoños al minuto*, chegou aos escenarios pontevedreses no ano 1891, fracasando de modo rotundo.

21 Álvarez Ruiz de Ojeda (2011, 56) sinala a este respecto o seguinte: «En 1912-13, a Sección de Literatura do Ateneo organizou un ciclo de conferencias, titulado 'Florilegio de poetas castellanos', no cal escritores de actualidade explicaron e comentaron as obras mestras da poesía castelá. A conferencia dedicada á obra de Rosalía de Castro foi impartida por Sofía Casanova o 12 de xaneiro de 1913. O secretario primeiro do Ateneo, Manuel Azaña, infórmanos do seguinte: 'El público siguió con entusiasmo este curso de divulgación, al que puso Benavente un admirable prólogo. Lo cerró Said Armesto con un discurso-resumen que le valió un triunfo clamoroso'».

22 Con probabilidade sería o mesmo proxecto que en 1908 comunicou a Carolina Michaëlis de Vasconcelos co título *Cuentos y leyendas*. Véxase o acuse de recibo desta, datado nos días 17 e 18 de febreiro de 1908, en Villanueva 2014, 427. Nesa mesma carta

actuais propósitos, a *Historia de la crítica literaria en España desde Luzán hasta Leopoldo Alas*.[23]

Coa única variante de xuntar os traballos presuntamente en prensa e os traballos supostamente en preparación, Gérard Sacone reiterou toda esta información baixo o título «Œuvres de don Victor Saïd-Armesto [*sic*]» tamén nos primeiros anos setenta do pasado século (Sacone 1972, 172-4). Fíxoo nun traballo académico vinculado coas investigacións emprendidas naqueles mesmos anos pola súa orientadora, a profesora Eliane Lavaud, na entón chamada Université de Dijon.[24] Dous decenios despois, Fernando Díaz-Plaja (1993, 383-4) ofrecería unha lista única encabezada pola frase «Obras publicadas de Víctor Said Armesto» e composta por dous títulos máis que os oito presentes no libro *Víctor Said-Armesto (Datos para una biografía)*. Trátase de *Cancionero musical gallego* [*sic*],[25] de 1982, e da edición

a investigadora alemá fala tamén doutros proxectos adiantados por Said Armesto: a *Antología de Poetas Gallegos*, o *Romancero Gallego* e o *Teatro Popular*.

23 Seríao de tal libro existir como produto exclusivo da man de Said, algo sobre o que expreso as miñas reservas. Sobre todo pola existencia dun libro breve publicado en 1867 por Francisco Fernández González co título *Historia de la crítica literaria en España desde Luzán hasta nuestros días* e o subtítulo *Con exclusión de los autores que aún viven* (Madrid, s.n., Imprenta de D. Alejandro Gómez Fuentenebro). Podería ter experimentado Said Armesto a tentación de completar esta memoria de Fernández González, que por certo alcanzara un premio da Real Academia Española? A falta dunha comprobación empírica, que até o momento non puiden facer efectiva, creo que é unha hipótese que non debe desbotarse.

24 Son relevantes os estudos destes dous investigadores franceses para a clasificación dos libros presentes na biblioteca persoal de Said Armesto, constituída en boa parte polos libros herdados de Indalecio Armesto. Sono incluso para os nosos propósitos actuais neste traballo, pois a presenza da historiografía literaria e do debate epistemolóxico finisecular é importante neses fondos. Reitero que sobre o particular informei noutra publicación (Casas 2017a).

25 Por *Cancionero musical de Galicia reunido por Casto Sampedro y Folgar*, publicado pola Fundación Pedro Barrié de la Maza en 1982 facsimilarmente sobre a edición do Museo de Pontevedra de 1942, e á súa vez reeditado tamén en facsímile no ano 2007 con novos estudos da autoría de Luis Costa Vázquez, Xavier Groba González, José Carlos Valle Pérez e Carlos Villanueva Abelairas. Segundo demostraron Villanueva (2007b, 111-19) e Groba (2012), a participación de Said no *Cancionero musical de Galicia* de Casto Sampedro foi por completo determinante. Villanueva en concreto expón o seguinte: «Sin llegar al extremo de afirmar, como hemos leído, que en realidad fue Said el verdadero autor del *Cancionero de la Academia* [de Bellas Artes de San Fernando], no tenemos más que acudir a la correspondencia, de antes y después del fallo, para certificar que el impulso para presentarse al concurso y las relaciones en Madrid para triunfar fueron de Víctor Said. Además de proporcionar al fondo C[asto]S[ampedro] un centenar de romances y otros géneros, ayudó a Sampedro a sistematizar y poner orden; y no sólo para la ocasión sino que, desde 1900, aproximadamente, Said suministra al fondo CS bibliografía, información y reflexiones teóricas de lo que era su especialidad: organología, estudios comparados, romances, folklore de 'países celtas', mitos, etc... Aparato teórico, en suma. Dejamos, pues, el asunto adelantando que, al abrirse la plica, se leyó en voz alta el nombre de los autores del trabajo premiado: *Castro Sampedro y Folgar, Presidente de la Sociedad Arqueológica de Pontevedra, y Víctor Said, catedrático de Literatura*» (Villanueva 2007b, 129).

revisada e anotada das *Cantigas de Santa María* de Afonso X o Sabio (1914), que Díaz-Plaja probabelmente sumou á relación de libros tras ter constancia da súa existencia por unha anotación manuscrita, situada a continuación da serie «*En preparación*», nun exemplar do libro de María Eugenia Said.[26] Por certo, o propio Carlos Villanueva reproduce na súa monografía de 2014 a serie de obras «ya preparadas o en proyecto» e comenta moi graficamente as preocupacións que terían levado á filla do escritor a dar ao prelo en 1971 o libriño citado deixando constancia da copiosa produción inédita. Nas súas propias palabras:

> el propio desconocimiento de la obra de Said, como consecuencia de su fallecimiento en 1914, cuando –usando las palabras de Murguía– se suponía que debía beneficiarse de la recolección de tantos frutos cosechados en su larga peregrinación hacia su cátedra; la inoportuna edición, como hemos visto, de una de sus obras capitales,[27] y el claro expolio de materiales a su muerte, ya denunciado por Filgueira, Sánchez Cantón y otros, y que su viuda, Amadora Santoro, no pudo evitar, convierten la tarea del investigador, a día de hoy, en una «instrucción policial» debida y en un reto moral necesario. No es, pues, extraño que su hija resaltara en su folleto reivindicativo aquellas obras que estaban sobre su mesa cuando falleció, preparadas para ser editadas, algunas a buen recaudo, otras en paradero desconocido. (Villanueva 2014, 91)

Malia todo o indicado, a nómina de traballos de Said Armesto ofrece aínda varios ángulos mortos e algunhas delicadas controversias que haberán de clarificarse no transcurso dos vindeiros anos mercé ás investigacións promovidas polo propio Carlos Villanueva e o seu equipo así como por outros especialistas, nalgún caso –particularmente nos vinculados con presumíbeis autorías fraudulentas–[28] con probábel apoio nas ferramentas que a ecdótica e a xenética textual poidan fornecer. Adianto de seguido, en esquema mínimo, o resultado de indagacións propias, apoiadas na maior parte dos casos en resultados ofrecidos por outros investigadores e especialistas.

26 A explicación tómase de Villanueva 2014, 91.

27 Villanueva alude aquí ao *Cancionero musical de Galicia* (1942) na edición preparada por Filgueira Valverde baixo o selo do Museo de Pontevedra.

28 Escribe Said Santoro (1971, 54): «Algunos de sus escritos inéditos desaparecieron. Salieron más tarde a la luz con firmas de desaprensivos… Y a éstos, especialmente, les interesó que el nombre de Said-Armesto pasase al olvido». Compleméntese esta información coa recuperada por Álvarez Ruiz de Ojeda (2011) a propósito de Joaquín Pesqueira, que se detallará de inmediato, e por suposto tamén coa propia análise de fondo efectuada por esta investigadora, que non parece deixar lugar a dúbidas sobre o feito de que o verdadeiro autor do libro *Rosalía Castro. Notas biográficas*, atribuído a Augusto González Besada (1916), sería Víctor Said Armesto.

En primeiro lugar, no reverso da anteportada de *Análisis y ensayos* (Said Armesto 1897), so a epígrafe «Obras del autor», o editor indicou dous títulos non mencionados por María Eugenia Said, o primeiro édito e esgotado e o segundo en preparación. Trátase respectivamente de *Las almas locas. Novela* e *Los fundamentos de la moral*.

Pola súa parte, Álvarez Ruiz de Ojeda (2011, 42-3), segundo se acaba de adiantar, cita extensamente un artigo de Joaquín Pesqueira –«discípulo [de Said Armesto] y en muchas ocasiones su amanuense [até 1908]»,[29] en palabras textuais do propio Pesqueira sobre si mesmo–, publicado no xornal vigués *El Pueblo Gallego* o día 10 de novembro de 1929, no cal hai mención de varias obras hoxe non catalogadas como propias de Said Armesto ou simplemente non localizadas. Cito unicamente as oito que non parecen ter vínculo directo cos libros recoñecidos do autor: *Comentarios críticos a la obra del Padre Martín Sarmiento* y *Comentarios sobre el Teatro Crítico del P. Feijoo*,[30] *Historia y evolución de la lengua galaico-portuguesa*, *Las leyendas del Rin y del Sil*, *Origen vasco de la raza gallega autóctona*, *Estudio crítico e histórico de los poetas gallegos de los Cancioneros de la Vaticana, Baena y Ajuda*, *Biografía de Rosalía de Castro y análisis de su obra*,[31] *Los poetas gallegos del siglo XIX*. A estas oito deberían engadirse aínda outras varias que Pesqueira di non lembrar con exactitude (Álvarez Ruiz de Ojeda 2011, 42-3).

En terceiro lugar, figuraría o libro xa mencionado *Rosalía Castro. Notas biográficas*, baseado no discurso co que Augusto González Besada tomou posesión como académico de número da Real Academia Española o día 7 de maio de 1916. No meu criterio, as análises efectuadas por Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda (2011) resultan irrefutábeis, do cal se derivaría como mínimo unha utilización non declarada –ignoramos en que proporción exacta pero semella que moi alta–[32] dun texto base da estrita autoría de Said Armesto, o cal concorda

29 Ao parecer, posteriormente a esta data Pesqueira pasou a residir en Buenos Aires. Alí recibía, segundo el mesmo comenta no artigo citado por Álvarez Ruiz de Ojeda (2011, 42), «frecuentes noticias relativas a sus trabajos [de Said Armesto] y a sus preocupaciones».

30 «[Q]ue deben estar entre sus papeles inéditos si, por desgracia, no se los robaron, como otros, a su respetable viuda doña Amadora Santoro» (*apud* Álvarez Ruiz de Ojeda 2011, 42).

31 «Tan mal aprovechada por don Augusto González Besada en su discurso de recepción de la Real Academia Española», anota Pesqueira no mesmo lugar.

32 Ignórase así mesmo se consentida *a priori*, ou mesmo inducida, polo propio Said Armesto. En carta de resposta á felicitación de Murguía tras a obtención da cátedra da Universidad Central –reproducida por Villanueva (2014, 213-15)–, Said comentaba isto que segue: «sepa que en mi monomanía vieja de imponer aquí, entre mis amigos, el culto por aquella gran mujer cuyo nombre se pronunció siempre en mi casa como algo sagrado. [*sic*] A Besada le sugerí la idea de consagrar su Discurso de entrada en la *Academia Española* a Rosalía, y la aceptó» (215).

plenamente co apuntado por Pesqueira en 1929.[33] Non ocultarei neste punto, malia non compartila, a discrepancia amosada por un especialista en Said tan significado como Carlos Villanueva, reticente co que se vén de sinalar, até o punto de considerar que a proposición de Álvarez Ruiz de Ojeda constitúe unha hipótese improbábel:

> La desaparición de esos materiales que Said daba como listos para entrar en imprenta es objeto de la advertencia de su hija […] que arrancaba contra Filgueira Valverde y el «Cancionero de la Academia», prosiguiendo con posibles usurpadores de materiales de su padre; esta generalización, comprensible aunque poco matizada […], ha provocado, como consecuencia, cierto «síndrome de materiales robados en el lecho de muerte»: como vemos en la improbable hipótesis de González Besada y el ms. Rosalía (Victoria Álvarez 2011), o en todo lo referente a los desaparecidos manuscritos de cuentos y teatro gallego que nunca hemos podido hallar, aunque no descartamos que puedan aparecer entre la papelería de alguno de los amigos que fueron a dar sus condolencias a su madre, Amalia, y salieron –según proponía María Eugenia– con materiales bajo el brazo. (Villanueva 2014, 83-4)

Un cuarto apartado é o constituído por unha obra que Emilia Pardo Bazán menciona como *en preparación* na nota necrolóxica redactada tras o falecemento de Said Armesto. Aparecía en *La Ilustración Artística* de Barcelona o 3 de agosto de 1914 e pode lerse, como anexo, en González Herrán (2015). O caso é que a Condesa escribía naquela altura o seguinte:

> me hablaba de planes de nuevos libros, de trabajos en preparación, de grandes perspectivas orientadas hacia los orígenes de las literaturas y de los idiomas romances en la Península Ibérica. (*apud* González Herrán 2015, 504)

33 Permítaseme engadir unha observación ao razoado escrupulosamente por Álvarez Ruiz de Ojeda. En Said Armesto constátase unha clara preferencia por escribir o apelido de Rosalía sen preposición (Rosalía Castro), opción que no libro asinado por González Besada, xa desde o seu título, é tamén a preferida. Isto é así agás nun lugar do texto (ou pouco máis), xustamente aquel en que González Besada, na derradeira nota á súa intervención, a número 53, agradece de forma expresa a Said Armesto o auxilio recibido na preparación do discurso de entrada na Academia. Véxase: «El malogrado Víctor Said Armesto, una de las más grandes culturas literarias modernas, a quien debo interesantes datos sobre la historia de Rosalía *de* Castro. Quede aquí consignada mi gratitud y el homenaje de admiración y de afecto a su memoria» (*Discursos…* 1916, 61; cursivas miñas).

Ao que engade de inmediato estoutra valoración:

> Era seguro que Said Armesto llegase, en este terreno, hasta donde quisiese; su edad y sus dotes lo prometían. (504)

En quinto lugar, introducirei algunhas observacións sobre unha obra publicada por Eugenio López-Aydillo en 1923, *Los cancioneros gallego-portugueses como fuentes históricas*. Debo a Teresa López, colega da Universidade da Coruña, os indicios e a documentación que me levan a sospeitar da posibilidade dunha usurpación da autoría do libro por parte de López-Aydillo.[34] Isto mesmo foi referido por Xosé Filgueira Valverde en conversa con Teresa López, mantida o día 18 de xuño de 1990 no Museo de Pontevedra como elemento preparatorio dos traballos de investigación naquela altura iniciados pola profesora coruñesa (López 1991; 1993). A entrevista foi gravada con magnetófono. Por deferencia da investigadora tiven acceso á gravación, por ela mesma transcrita, que non deixa lugar a dúbidas sobre o que Filgueira pensaba ao respecto. O punto máis relevante para os nosos intereses actuais rexístrase no seguinte comentario, feito tras unha observación en que López sinalaba que durante moito tempo Said fora a única persoa que en Galiza investigaba no campo da literatura medieval:

> Tamén sabía moito don Armando Cotarelo, o meu mestre. O primeiro que coñeceu cousas desas con seguranza foi Martínez Salazar (o artigo sobre a Balteira). Outra persoa que se decatou moi cedo de cousas destas foi Víctor Said, que traballou aquí na casa de [Casto] Sampedro co Monaci e o Molteni, porque D. Casto tiña os dous. Tiña todo. Aí foi onde o coñeceu Víctor Said. Incluso creo que algunha vez fixo algunha nota marxinal. Eu folleeino tamén no despacho de don Casto. Si, traballei eu alí moi cedo. Debeu ser cousa do ano 22, 23. E, ao parecer, o dos *Cancioneros como fuentes históricas* é de Víctor Said.[35]

34 O ourensán Eugenio López-Aydillo (1888-1965), participou o 2 de abril de 1914 na homenaxe tributada no Restaurante Fornos de Madrid a Said Armesto tras a consecución da cátedra da Universidad Central. Vinculado en orixe co agrarismo de Basilio Álvarez, con quen rompería abruptamente, foi desde 1916 membro do Centro de Estudios Históricos baixo o maxisterio de Rafael Altamira, un dos discípulos máis significados de Giner de los Ríos, como é ben sabido. En 1917 López-Aydillo accedeu á unha cátedra de Historia na Universidad de Valladolid. Actualmente é posíbel consultar documentos a el relativos no Archivo de la Junta de Ampliación de Estudios: `http://archivojae.edaddeplata.org/jae_app`.

35 Reprodúcese a transcrición facilitada por Teresa López. Só se modifica, para actualizala, a ortografía.

Tras o cal redundaría aínda Filgueira na súa convicción de que, falecido Said, o seu arquivo sufriu unha espoliación:

> Suponse que os papeis de Víctor Said foron espoliados por algún profesor contemporáneo.[36]

É obvio que non dispoño neste lugar da extensión necesaria para afondar no asunto. Baste polo de agora deixar anotado o feito do claro paralelismo existente en numerosos aspectos entre *Los cancioneros gallego-portugueses como fuentes históricas* e o programa da cátedra de Literatura galaico-portuguesa do que axiña nos ocuparemos.[37] Ese paralelismo detéctase non só na arquitectura xeral que informa ambos os textos senón tamén en aspectos concretos de orde heurística, na combinatoria e xerarquización de protagonistas, en claves axiolóxicas e canonizadoras, na comprensión global do fenómeno estudado, na terminoloxía habilitada, nas fontes históricas e críticas mencionadas ou no seu caso anotadas á marxe nas fichas do programa e mesmo en opcións de estilo.[38] Sendo o obxecto deste meu contributo a indagación sobre a entidade e alcance do labor historio-

36 Non se fai precisa esexese ningunha sobre o uso do singular por Filgueira.

37 Entre as publicacións de Eugenio López-Aydillo son destacábeis sobre todo, ademais do libro de 1923, unha serie de volumes aparecidos entre 1914 e o final do segundo decenio do século XX: a antoloxía *Las mejores poesías gallegas* (1914), con textos medievais e dos séculos XVIII, XIX e XX; *El reinado de Alfonso X el Sabio, según los cancioneros gallego-portugueses* (s.d.); *El obispo de Orense en la regencia del año 1810 (planteamiento de los problemas fundamentales de la vida constitucional de España)* (1918); e *Os miragres de Santiago. Versión gallega del códice latino del siglo XII, atribuído al Papa Calisto II* (1918). Posteriormente a esas datas, López-Aydillo abandonou na práctica a liña de investigación sobre cancioneiros medievais e poesía galega. En 1936 saudou, non sen entusiasmo, o alzamento contra a Segunda República. En 1950 escribiu, aínda adicto con fervor a Franco, o libro *Presencia de Galicia en la historia de España. La aportación gallega a la grandeza de España*. Por varios motivos, non deixa de chamar a atención que este último libro limite tal presenza, e consecuentemente tal achega á 'grandeza nacional', apenas á Idade Media.

38 En relación coa antoloxía *Las mejores poesías gallegas* (López-Aydillo 1914) mencionada na nota anterior, que incorpora uns tres centenares de composicións entre Afonso X o Sabio e Curros Enríquez, descoñezo a existencia de fonte documental ningunha que poida servir como fundamento de sospeita de apropiación fraudulenta. Porén, máis unha vez, resultan palmarios –diría mesmo que aparatosos– os elementos que moven a desconfiar. Moi en particular, polo nutrido apartado de notas críticas, non exento de grallas, localizado na parte final do volume (páxinas 171-80). A maior parte desas notas van referidas á produción dos poetas medievais e manifestan un nivel experto –filolóxico, ecdótico e comparado– que fai sorprendente que Said Armesto non contase co avantaxado López-Aydillo entre os seus máis socorridos interlocutores en tan intricado campo. Pola limitación de espazo non podo exemplificar de forma suficiente. Suxiro en todo caso que se vexa a nota 11 (López-Aydillo 1914, 176-7) e, a fin de ilustrar a tupida rede de relacións que intento contribuír a clarificar, que se lea tendo presente a formulación da lección trixésimo quinta do cuestionario presuntamente elaborado (vid. *infra*) polo tribunal da oposición gañada por Said, incluídas as súas anotacións a man sobre o programa mecanoscrito.

gráfico-literario de Said Armesto nunha perspectiva comparatista eneixada na poesía galega medieval, evidénciase que –por delicado que sexa o caso introducido, e o é– non pode seguir obviándose por máis tempo. Sen dúbida, tal caso representa un reto que a incipiente comunidade investigadora ocupada no estudo da obra do erudito pontevedrés non debe nin pode obliterar.

Finalmente, aos títulos mencionados por Said Santoro e Díaz-Plaja hai que sumar hoxe dúas obras máis da autoría de Said Armesto: *Poesía popular gallega. Colección de romances, baladas y canciones recogidos de la tradición oral*[39] (Said Armesto 1997) e *La flor del agua,* zarzuela de Conrado del Campo con libreto de Víctor Said editada por Joám Trillo e Carlos Villanueva (2013).

Nas reunións científicas que son matriz desta pescuda converxeron autorizadas investigacións sobre o labor de Said Armesto como folclorista, musicólogo e compilador de romances, campo en todo caso propicio para proxectar sobre el a perspectiva histórico-comparatista.[40] Tamén outras centradas en perspectivas tematolóxica, mitocrítica e sociolóxico-cultural, atentas a títulos como *La leyenda de don Juan* (1908) e *Notas para el estudio de la materia de Bretaña en la poesía lírica gallega de los siglos XIII y XIV. Memoria escrita para obtener el grado de Doctor en la Facultad de Filosofía y Letras – Año de 1911*[41] (1911) e igualmente importantes en toda aproximación a unha historiografía literaria de base comparada. Tendo o anterior presente, evitarei agora abundar neses planos e procederei a centrar a lente en particular sobre o cuestionario disposto por Said Armesto para opositar en 1914 á cátedra madrileña de Literatura galaico-portuguesa.

39 Inicialmente titulado *El romancero popular gallego*, manuscrito preparado en dous tomos antes de o autor falecer (Villanueva 2007b, 112).

40 Poden consultarse no volume editado en 2015 por Villanueva, Beramendi, García Martínez e Santos Zas *Víctor Said Armesto e o seu tempo: perspectivas críticas*.

41 Corresponde á tese de doutoramento que defendeu na Universidad Central (Madrid) o día 30 de xuño dese ano perante un tribunal integrado polos doutores Antonio Sánchez-Moguel (presidente), Adolfo Bonilla y San Martín, Cayo Ortega Mayor, José Giles Rubio e Juan G. Garijo (secretario) e que obtivo a cualificación de sobresaliente (Villanueva 2014, 127). Curiosamente, o colofón do folleto indica como data de lectura o 31 de xuño de 1911, data que inexiste.

1.6 Programa de Literatura galaico-portuguesa (1914)

Nesta epígrafe ocupareime de xeito estrito do programa elaborado por Said Armesto coa finalidade de concorrer ás probas convocadas pola Universidad Central de Madrid para prover unha cátedra de Literatura galaico-portuguesa, entendido tal descritor basicamente como unha historia da literatura galega (ou galego-portuguesa) medieval. No volume de actas do simposio *Víctor Said Armesto e o seu tempo (1871-1914)* converxen outros traballos, nomeadamente o de Rosario Mascato (2015), que analizan os principais aspectos externos da convocatoria e do proceso consecutivo, e que á súa vez dialogan con publicacións anteriores[42] atentas ás controversias xurdidas tanto en Madrid como en Galiza perante o que na sensibilidade de moitos foi a creación dunha cátedra *ad personam*, con participación nos debates de personalidades como Giner de los Ríos, Eduardo Vincenti, Menéndez Pelayo, Cotarelo Valledor, Murguía, González Besada, Alfredo Vicenti e tantos outros. En consecuencia, evitarei redundar nese terreo específico, se ben será imprescindíbel para o cometido que se asume a introdución dalgunhas observacións de carácter non limitado ao plano académico, que entrarían máis ben nos cuadrantes sociolóxico e ideolóxico, así como, certamente, no político.

Segundo o xa indicado sobre a preparación das oposicións madrileñas de 1914, os únicos documentos localizados no Arquivo Said Armesto da Fundación Barrié até o momento da celebración do Simposio de novembro de 2014 foran os tres seguintes (obsérvense as diferenzas na titulación):

a. «Literatura gallego-portuguesa». Borrador do programa. Serie de 29 fichas manuscritas, algunhas delas de non doada lexibilidade, correspondentes ao borrador do programa presentado por Said Armesto. Arquivador 15, carpeta Ib, sign. SA-15 (I).
b. «Lengua y literatura galaico-portuguesa. Cuestionario [manuscrito]». Serie de 127 fichas manuscritas, inequivocamente coa caligrafía propia de Said Armesto, correspondentes ao programa que lle foi entregado polo tribunal. Arquivador 16, carpeta III, sign. SA-16 (III).
c. «Lengua y literatura galaico-portuguesa. Cuestionario [mecanografado]». Serie de 110 fichas mecanografadas e anotadas a man por Said Armesto correspondentes ao programa entregado polo tribunal. Arquivador 16, carpeta III, sign. SA-16 (III).

Como xa se adiantou ao comezo, tras a finalización do simposio coruñés de 2014 engadiuse ao anterior, por cesión de Xesús Alonso

42 Refírome en particular ás seguintes: Boullón Agrelo, Tato Plaza 1991; Díaz-Plaja 1993, 319-40; Álvarez Ruiz de Ojeda 2011; Villanueva 2014, 203-23; Alonso Montero 2014b.

Montero, a copia que segundo todos os indicios sustenta a versión definitiva do programa:

d. «Literatura gallego-portuguesa».[43] Programa definitivo presentado polo opositor. Serie de 30 fichas manuscritas correspondentes a outros tantos temas.[44]

Procederei a partir de aquí a desenvolver algúns comentarios sobre o cuestionario de Said e, de xeito comparativo, sobre o programa oficial proposto polo tribunal. Aínda que ningún dato documental avale a día de hoxe o que paso a indicar, tras o estudo detallado de ambos os documentos creo estar en condicións de propoñer que o programa oficial puido ser produto da man do propio opositor, ou cando menos resultado directo, nalgún sentido negociado ou pactado, da súa específica proposta individual e en definitiva da súa concepción global da materia. Non é factíbel entrar agora en pormenores, pero direi que tal hipótese baséase non só na obvia correspondencia existente entre ambos os programas senón tamén na formulación textual de certos temas por parte do tribunal, cuxa redacción e referentes histórico-culturais e textuais non semella que puidesen proceder doutra persoa que o propio opositor.[45] A título de exemplo citarei o quinto («Galicia como centro de cultura peninsular desde el año 800 al 1135»), o septuaxésimo oitavo («Poesías de superstición y magia.– Exámen [*sic*] crítico de la cántiga *Direivos d'un ricome*») e o centésimo cuarto («Los romances carolingios: reliquias que actualmente se conservan en la tradición oral gallega.– El romance de Don Arbelo Pardo»).[46] De feito, salvadas as importantes diferenzas no tratamento do sector lingüístico entre o programa do tribunal –con minuciosos apartados fonolóxico, morfolóxico, dialectolóxico, léxico,

43 O encabezamento da copia conservada resulta algo confuso. Podería lerse como «Literatura gallego-portuguesas [*sic*]», aínda que cabe considerar que o trazado do derradeiro *a* está executado como peculiar *lettre fantaisie*, igual que acontece noutros lugares da copia do programa (por exemplo, na primeira e segunda epígrafes da lección undécima). Algo moito máis relevante é a decidida opción de Said por empregar o termo 'galega', e non 'galaica', pese á denominación oficial da cátedra. O opositor por conseguinte non permaneceu alleo ao debate coevo sobre a denominación máis acaída para a etapa medieval da cultura e da literatura galegas. Sobre este particular é clarificador o libro resultante da tese de doutoramento de Teresa López, en particular a segunda parte do seu capítulo primeiro (López 1993).

44 Debido ás circunstancias explicadas non é posíbel facilitar neste momento a súa localización exacta no Arquivo nin a sinatura que lle será adxudicada.

45 Por certo, retomemos unha peculiaridade xa comentada: na totalidade das ocasións en que a autora de *Follas novas* é mencionada nos programas de candidato e tribunal, aparece, ao gusto de Said –e non ao do presidente González Besada–, como Rosalía Castro, sen preposición no apelido.

46 Xusto este tema foi un dos dous que correspondeu desenvolver por escrito ao opositor no primeiro dos cinco exercicios que debeu superar. Ofrece comentarios detallados do conxunto Alonso Montero (2014b, 123-5).

ortográfico e de historia da lingua repartidos entre os temas oitavo a vixésimo quinto– e o de Said Armesto, despreocupado este case por completo da materia lingüística,[47] o primeiro responde en numerosas ocasións a simples subdivisións dos temas presentes no segundo.

E xa que se vén de introducir a dimensión lingüística do fenómeno literario, non estará de máis un breve apuntamento sobre o termo *a quo* que o opositor tivo presente para formalizar a súa comprensión da historiografía literaria galega. En termos xerais, pode afirmarse que Said Armesto asumiu no seu programa os presupostos de Milà i Fontanals, Laverde Ruiz, Menéndez Pelayo e mesmo Amador de los Ríos, como antes deles o fixeran outros eruditos europeos, sobre o feito de que a historia literaria debe retrotraerse a etapas previas á propia da constitución da lingua que lle serve de vehículo, for esta nacional ou doutra clase. De aí a atención a autores como Prisciliano ou Valerio do Bierzo e a etapas como a visigoda.

Alén do sinalado, non hai que perder de vista os vínculos de amizade e colaboración mutua a distintos efectos entre Said Armesto e o presidente do tribunal, o tudense Augusto González Besada,[48] quen fora ministro sucesivo das carteiras de Facenda, Gobernación, Fomento e de novo Facenda[49] en gobernos presididos por Raimundo Fernández Villaverde e por Antonio Maura.[50] Membro do Partido Conservador fundado por Cánovas, González Besada (1865-1919) estaba na altura da convocatoria da cátedra madrileña a punto de ser nomeado presidente do Congreso dos Deputados, posto que ocuparía a partir do 3 de abril de 1914 por espazo de case dous anos. Estas circunstancias e os vellos vínculos existentes entre o político e o erudito permitirían falar na relación entre ambos os personaxes dunha especie de pacto, talvez tácito, para se favoreceren mutuamente durante os anos finais da súa carreira pública e profesional, e en realidade das súas vidas. Un conxectural *do ut des*, por tanto, que en absoluto constituiría excepción nas relacións existentes entre políticos e intelectuais durante a España da Restauración, moito menos de darse proximidade ideolóxica e de orixe ou trato familiar,

47 Localízanse apenas subepígrafes relativas ao latín vulgar e ao latín erudito da Galiza altomedieval. Véxanse a este respecto os oportunos comentarios de Alonso Montero (2014b, 121-2).

48 Os demais membros do tribunal foron Federico de Onís, como secretario, e José Alemany Bolufer, Jacinto Octavio Picón e Alfredo Vicenti Rey como vogais. No momento en que Said concorre á cátedra hai na universidade española pouco máis de cincocentos catedráticos, dos cales case unha quinta parte profesaba nas Facultades de Filosofía e Letras. Desta cota, algo menos dun terzo facíao na Universidad Central.

49 Aínda volvería ser ministro de Facenda en 1918.

50 Maura sería por certo o seu principal valedor para o ingreso en 1916 na Real Academia Española. Besada fíxoo cun discurso que xa tivemos ocasión de comentar, cuxa autoría real correspondería en moi alta proporción –se non na súa totalidade– a Said Armesto (Álvarez Ruiz de Ojeda 2011).

como relativamente era o caso. Non se está a falar doutra cousa que do que Pierre Bourdieu (1980) chamou «capital social».

Segundo o indicado, tanto o borrador como o programa definitivo manuscritos hoxe conservados no Arquivo Said Armesto da Fundación Barrié son da man do opositor. Embora non semelle homoxénea en disposición, limpeza e orde sobre as fichas, a letra do borrador é sen dúbida súa. Componse de vinte e nove fichas que incorporan un total de vinte e seis temas. Canto á copia do programa definitivo, xa cunha letra clarísima e sen trazo ningún de supresión ou similares, suma trinta fichas con cadanseu tema. Vaiamos pois coa presentación deste programa, en que as influencias son plurais e en ocasións de non doada coexistencia (Menéndez Pelayo, Braga, Murguía, Michaëlis de Vasconcelos, López Ferreiro, Leopoldo Pedreira, Martínez Salazar…). O que me propoño facer a seguir é unha simple descrición. Detereime en aspectos de especial atractivo ou interese, aínda que sen afán ningún de profundar en exceso na análise, primeiro por falta de espazo e segundo por se tratar de temas que non son da miña directa especialidade.

O programa aparece encabezado tras o título xenérico xa comentado polo rótulo «Época proto-histórica», que incorpora as leccións primeira a terceira.[51] Séguea a «Época prehistórica», coas leccións cuarta e quinta, continuada cunha lección sexta cuxa epígrafe inicial é «Carácter bilingüe de las literaturas castellana y gallego-portuguesa en los últimos siglos de la Edad Media». Vén despois a «Época histórica», coas leccións sétima a trixésima, subdividida en dúas agrupacións, as dedicadas á poesía e á prosa, esta última limitada a só catro leccións.

Entrando xa noutra escala, a primeira das tres etapas sinaladas abrangue a produción textual, máis que propiamente literaria, rexistrada no país durante o primeiro milenio da era cristiá, o cal na concepción de Said implica sete séculos, pois os tres primeiros dese milenio non aparecen consignados. O máis relevante destes tres temas iniciais paréceme que sexa o seguinte:

1. o emprego da etiqueta «literatura gallego-portuguesa» no momento en que decide considerar o ámbito de extensión da mesma e a periodización que lle acae até a morte en 1065 de Fernando I o Magno (conde de Castela que, tras casar en 1032 con dona Sancha de León, pasaría cinco anos despois a ser rei consorte de León e de Galiza);
2. segundo xa se observou, e decididamente contra a tradición asentada na historiografía literaria europea desde o século XIX, unha limitadísima incorporación de apuntamentos de

51 *Lección* (coa abreviatura *lec.*) é a palabra usada polo opositor, segundo pode comprobarse na ficha correspondente ao décimo terceiro tema do borrador.

carácter lingüístico, referidos ao latín vulgar e ao seu uso en Galiza a partir da *Peregrinatio Silviae*, hoxe mellor coñecido como *Itinerarium Egeriae*, e pouco máis;
3. o protagonismo de figuras como as de Prisciliano e o arcebispo Xelmírez, este último, xa no século XII, como indicativo dun cambio de época;
4. a atención ás artes goéticas ou tratados demonolóxicos galegos;
5. a anotación da existencia xa naquel tempo da que Said chama «poesía popular y femenil» vinculada con danza e canto e que asegura estar documentada en dúas fontes: primeiro, nos textos literarios, e, segundo, nas disposicións de Concilios relativos a esa clase de celebracións, que acaso teñan que ver no fundamental con prácticas priscilianistas;
6. o que o opositor refire como «invención del sepulcro del Apóstol Santiago», a propagación da que denomina «leyenda jacobea» no dobre nivel popular e eclesiástico e a súa significación no contexto europeo, con mención expresa das relacións da monarquía astúrico-galega cos países centroeuropeos e cos reinos musulmáns peninsulares e unha pescuda sobre os elementos de mitoloxía céltico-cristiá presentes naquela lenda;
7. un emprego, creo que significativo no contexto en que nos situamos, de conceptos como 'civilización' e 'cultura' como obxectos específicos de atención;
8. o estudo doutras lendas e cancións, tanto de procedencia popular e semipopular como erudita;
9. a delimitación, así mesmo como obxectos de estudo, das bibliotecas conventuais e os códices, con atención particular ás obras de carácter didáctico, e das escolas monacais;
10. a análise da influencia francesa en Galiza até a época de Xelmírez;
11. o estudo dos libros de peregrinacións e, textualmente, de Santiago Apóstolo «en la literatura *universal* de la Edad Media» (cursivas miñas).

En resumidas contas, creo que merecen ser destacados neste primeiro sector como datos particularmente importantes a atención á dimensión cultural con forte peso de lendas populares e vida conventual, o decisivo protagonismo da postulación da localización da tumba do apóstolo e as consecuencias interculturais que isto trae consigo para a conformación dunha identidade propia, e, xa nesta altura histórica, o recoñecemento dunha vea importante de poesía popular que Said asocia en exclusiva ás mulleres. Alén de todo o anterior, é destacábel a constante apelación a exemplos e textos, desde os himnos priscilianistas aos cantos internacionais de Ultreia ou á balada alemá *Auf Sankt Jakobs Strassen* (Nas rúas de Santiago). Indicativo da atención prestada por Said ás mulleres na cultura galega medieval

é así mesmo a mencionada utilización do relato da peregrinación a Palestina de Exeria, cuxo único manuscrito conservado aparecera en 1884 en Arezzo, como fonte principal para o acceso ao latín vulgar desenvolvido en territorio galego.

Pasaremos a continuación ao segundo sector, o da época prehistórica, que ocupa só dúas leccións, a cuarta e a quinta, e que conecta coa etapa histórica mediante a introdución dun tema, o sexto, dedicado segundo xa foi anunciado a unha observación minuciosa e intelixentemente organizada sobre o carácter plurilingüístico da dedicación literaria na Idade Media. Comeza este segundo sector coa introdución dun ángulo semellante ao posto en práctica por Voltaire no seu famoso libro *Siècle de Louis XIV*, de 1751: en concreto, proponse como prolegómenos ás atencións centrais do programa o estudo das ciencias, das artes e das letras en xeral na Galiza dos séculos XI e XII. Desde aquí Said desemboca no estudo dos códices leoneses e galegos. Céntrase de maneira sucesiva nos seguintes puntos:

1. o *Códice Calixtino* e a súa proxección histórica posterior, con particular atención ao himnario, ao libro II, *De miraculi Sancti Iacobi*, e ao libro IV, que é a *Historia Karoli Magni et Rotholandi* (ou Pseudo Turpín);
2. o *Chronicon Mundi* de Lucas o Tudense;
3. os vestixios de cantares de xesta de asunto vernáculo, con especial atención ao *Salomón e Morolf*, historia que tivo especial repercusión na Península Ibérica e que conecta coa de Tristán e Isolda, sendo incorporada unha versión da mesma por Almeida Garret ao seu romanceiro portugués en 1845 (Ferreira 2013);
4. o predominio das xestas castelás no reino galego-astur-leonés;
5. a presenza do Turpín na épica francesa;
6. a presenza de Galiza nas tradicións do Norte de Europa: a) *Leabhar Ghabhála Érenn*, ou 'Libro das Invasións Irlandesas', manuscrito do século XI que introduce a historia de Ith, o fillo de Breogán que tería avistado Irlanda desde o alto da Torre de Hércules; b) o galés *Brut e Tywysogion*, ou 'Crónica dos Príncipes', do mesmo século XI;
7. as lendas épicas dos Hinojosa e dos Mariño;
8. a atención, significativa xa na rotundidade da etiquetaxe, ao «carácter bilingüe de las literaturas castellana y gallego-portuguesa en los últimos siglos de la Edad Media»;
9. a poesía galega do tudelano (non *toledano*, como di Said) Yehudah Ben Samuel Halevi (ou Judá Leví), un dos autores máis representativos da literatura hispano-hebrea, falecido en 1141 en Xerusalén;
10. a presenza de trobadores occitanos na corte de León;
11. os movementos de poboación francesa e provenzal desde o sur francés a Galiza, e á inversa, co caso especial de Raimbaut

de Vaqueiras, e os desenvolvementos e influencias culturais por todo isto orixinados; uns movementos, aclara Said na lección sexta non só clericais ou de estudos: «Inmigración de obispos y clérigos franceses y aquitanos; ídem de príncipes, guerreros cruzados, monjes, colonos, negociantes y aventureros.- Estudiantes de Galicia en París»);

12. as orixes galego-leonesas da literatura portuguesa nas cortes de Guimarães, Alenquer e Santarem.

Finalmente, a chamada época histórica é obviamente a máis ampla en presenza, pois ocupa o resto do cuestionario a partir da sétima lección. Comeza coa historia interna e externa dos Cancioneiros de Ajuda, Vaticana e Colocci-Brancuti e coa atención á bibliografía existente entre Ferdinand Wolf e Carolina Michaëlis de Vasconcelos. Fala tamén de cancioneiros arcaicos perdidos[52] e dos trobadores non incluídos nos cancioneiros canónicos.

As leccións oitava a décima estudan o que Said cataloga como «viejo fondo indígena» (no borrador) e «lirismo indígena preexistente» (no programa definitivo) que recibiría a influencia posterior francesa e provenzal –con atención prioritaria ás rimas, ao paralelismo e ás fórmulas– e do código trobadoresco galego-portugués desde o punto de vista métrico. Procede Said ademais, xa na lección oitava, á clasificación xenolóxica das cantigas en cinco categorías e os seus respectivos subxéneros: cantos de amor, cantos de amigo, cantos de burlas, cantos sacros e outros (aquí subdivide entre poesía de índole popular, como a das serranas e *villanelles*, e poesía de índole artística, con serventesios, lais, elexías, etc.). Un aspecto rechamante, por outra parte, é a aparición de Rosalía de Castro (lección décima) como autora contemporánea na que, a propósito das vertentes formal e temática, remanecería a vella tradición oral que Said incorporaba ao seu programa.

A lección undécima céntrase na «singularísima importancia» como produción «de tipo indígena» das cantigas de amigo («cántigas», escribe sempre Said), con atención aos seus precedentes altomedievais por vía das festas primaverais e trazando conexións coa lírica alemá e outros, ademais de dar conta da constitución dunha tradición propia de estudos cos romanistas Gaston Paris, Joseph Bédier e Carolina Michaëlis. Contén este tema tamén información sobre a por Said denominada «civilización gallego-leonesa» e sobre as funcións nela asumidas polas mulleres, con mención específica da conservación das artes populares, así como de elementos dramáticos, coreográficos e parateatrais nas cantigas de primavera:

52 No temario oficial, o feito público polo tribunal da oposición, especifícase nos temas 48 e 49 que se trata dos de Don Juan Manuel, o cardeal Bembo, Arias Montano, Gayangos, Marialva e outros, algún deles, sinaladamente o último, como anotou a man espelida de Said Armesto, froito de falsificacións ou '*supercherías*'. Non temos opción agora para nos deter co conveniente esmero nestes argumentos.

> Papel importante de la mujer en la civilización gallego-leonesa.- Los *Chorus foeminas*;[53] los cortejos femeniles de la Emperatriz Dª. Berenguela y de la Infanta Dª. Urraca: instrumentistas, cantoras y juglaresas.- Acción predominante de la mujer gallega en el cultivo del arte popular.

A lección duodécima dedícase ás particularidades técnicas das cantigas de amigo vistas comparativamente con formas populares autóctonas e mais con outras tradicións foráneas, como a das baladas primaverais francesas e os *Frauenlieder* xermánicos. Moi interesante é sen dúbida a atención que o musicólogo Said Armesto presta aquí ao aspecto musical das cantigas de amigo a propósito non só da súa formulación senón tamén da interpretación por instrumentistas, cantoras, bailadeiras e foliadeiras a partir do observado nas miniaturas dos códices conservados. Neste lugar e a propósito do asunto que se acaba de introducir, anota ademais o opositor a recentísima descuberta, no mesmo mes de febreiro de 1914, do coñecido como Pergamiño Vindel, que ofrece as sete cantigas de Martín Codax coa súa correspondente notación musical, un labor no cal o propio Said tivo moito que ver como asesor do libreiro madrileño que o deu a coñecer (Alonso Montero 2014b, 122).

A partir de aquí hai varias leccións de fixación periodolóxica e nidio carácter crítico-historiográfico a miúdo centrado nos trobadores máis destacados de cada momento. Facilitarei a continuación unha sucinta descrición deste amplo sector.

Said propón distinguir tres períodos: o pre-alfonsino –coas cortes de Afonso VIII, a quen a historiografía española chama Alfonso IX, e Fernando III o Santo–, o alfonsino e o post-alfonsino. Estuda neses períodos os autores principais, a celebración de torneos poéticos, as cortes de amor, o carácter plurilingüe da produción dalgúns trobadores, os lugares de residencia habitual dos mesmos, as innovacións no apartado dos xéneros ou das estrofas (*joc-partit* ou partimen, descordo, tensón, cosaute, pastorela, serventesio satírico, parodia épica, poema lírico-dramático, pranto, cantiga de *sagraçón*…), as influencias da lírica galego-portuguesa noutras literaturas e as de signo inverso, a análise dalgúns cancioneiros concretos (como os de Pero da Ponte e Paio Gomes), os *torneos de maledicencia*, as *cruzadas satíricas*, exames de edicións, observacións codicolóxicas, análise de traducións e outros pormenores.

En realidade, o estudo da época de Afonso X, que lembremos reinou entre 1252 e 1284, é o que recibe unha maior atención no conxunto do cuestionario, pois abrangue entre as leccións décimo sexta e vixésimo terceira, estando a vixésimo primeira dedicada ás

53 «*Choreas psallentium mulierum*», aclárase no borrador do mesmo tema 11.

Cantigas de Santa María baixo unha panoplia de diferentes perspectivas. Entre elas, a temática, a xenolóxica, a crenolóxica, a musical, a gráfica e plástica e a culturolóxica.

As leccións vixésimo cuarta e vixésimo quinta, atentas ao período post-alfonsino, dedícanse ao tempo de Don Dinís e de Don Afonso Sanches. É aquí, consecuentemente, onde Said repasa a produción de Martín Codax, Mendiño, Nuno Fernandes Torneol, Xoán de Cangas, João Zorro, o Conde de Barcelos e outros significados poetas da altura.

A seguir, as leccións vixésimo sexta a vixésimo novena concéntranse na prosa medieval, tanto a ficcional como a cronística e a xurídica, comezando pola materia de Bretaña e o estudo das súas correspondencias con outras series literarias, entre elas as novelas bizantinas. Said fíxase así mesmo nas traducións existentes, tanto a propósito do ciclo artúrico como posteriormente do *Amadís de Gaula* e a *Crónica Troiana*, obras estas que trata en cadansúa lección. De feito, resulta sorprendente a consideración que ao opositor lle merece o que cabería cualificar de políticas de tradución non só na fase final do período por el atendido senón xa desde as *Partidas*, a *General Estoria* e o *Forum Iudicum*.

Por último, o tema que pecha o cuestionario, o trixésimo, conságrao Said Armesto á escola galego-castelá e ao conxunto da produción epigonal da nosa poesía medieval, con atención aos que denomina cancioneiros políglotas do século XV e, en fin, ao fenómeno descrito textualmente como «extinción de la literatura gallego-portuguesa».

Malia non ser posíbel entrar agora a fondo na comparación entre o programa que vimos de describir e o programa oficial disposto polo tribunal, de levarse a efecto amosaría notábeis concordancias,[54] aínda que tamén diverxencias nada despreciábeis. Sobre todo, pero non só, pola presenza da romanística e en xeral da lingüística diacrónica en dezaoito dos cento dez temas do programa do tribunal. A continuación anoto en esquema outras novidades relevantes ofrecidas por este último (no meu criterio, as tres primeiras son as principais):

1. incorporación de leccións moi técnicas, aparentemente esquivadas por Said no programa propio; non só as de carácter lingüístico mencionadas senón tamén outras de carácter paleográfico, ecdótico e filolóxico en sentido estrito (como a 45).

54 A principal é que unha parte non menor das leccións de Said aparece desdobrada en varios temas do cuestionario oficial. Ofrecerei dous exemplos: a primeira lección de Said correspóndese coa segunda, terceira e cuarta do tribunal; a sétima do opositor co segmento que vai da cuadraxésimo quinta á quincuaxésima do tribunal. Outra cuestión de interese é a introdución na lección septuaxésimo oitava do temario do tribunal dunha categoría –digámolo así– sospeitosa de 'saidismo', a correspondente ás cantigas de superstición e maxia, etiqueta sen fortuna ulterior.

2. aparición de leccións dedicadas de modo específico á análise crítica dunha única cantiga, procedemento comparecente nada menos que nunha decena de casos;
3. ampliación do catálogo de autoridades coas que se confrontan teorizacións e propostas clasificatorias; así, por exemplo, no tema 32 aparecen Alfred Jeanroy, Henri Lang e Teófilo Braga;
4. superior frecuencia na introdución de proxeccións históricas para aludir a unha 'cadea tradicional' entre Idade Media e contemporaneidade, esta última representada habitualmente por Rosalía de Castro (temas 31 e 39, por exemplo);
5. maior presenza do romanceiro a través da súa comparación cos que o programa do tribunal denomina *cantos narrativos* e coa súa clasificación temática en históricos, carolinxios, relixiosos, novelescos, bretóns, de formación indíxena... (temas 54 e 103 a 108);
6. introdución de novas literaturas como termos de comparación; así, a aragonesa (tema 57) e a bretoa (tema 87) entre outras;
7. maior centralidade de aspectos como os seguintes: estudo das artes poéticas (tema 85), perspectiva musicolóxica aplicada aos cancioneiros (tema 89), o cancioneiro galego-castelán de Lang (tema 97), á épica erudita do *Poema de Alfonso Onceno* e outros semellantes (tema 102), teatro popular galaico-portugués (farsas, autos, entremeses, coloquios, danzas pantomímicas, atendido todo no tema 109);
8. atención específica aos trobadores composteláns (tema 62);
9. reforzo da idea da extinción da literatura galaico-portuguesa debido ao «divorcio total» das literaturas galega e portuguesa e ao triunfo da lingua castelá en Galiza (tema 110).

1.7 Cabo

Permítaseme finalizar, máis a modo de conclusión que de resumo, cunha serie de seis propostas que constitúen asemade hipóteses de traballo e que, por tanto, demandan contraste e precisións por parte de distintos especialistas, dito isto na confianza en que o centenario de Said abra de vez o adiado debate académico, cultural e político sobre a súa plural e ampla produción textual e sobre a súa intervención pública. Esquematizo de modo sumario a serie.

Non semella que Said Armesto tivese nin alentase unha concepción nacional do fenómeno literario. Traballou fundamentalmente na Idade Media e para el existía algo máis que un contínuum románico no cal era necesario centrarse. Ese algo máis sería como mínimo un contínuum europeo que estaría atento, ademais de as culturas mediterráneas, ás nórdicas e ás culturas ditas célticas, sen preocuparse en exceso de fronteiras lingüísticas nin nacionais.

Doutra parte, o autor entende adoito a cultura *sub specie historiae*. E importa engadir a isto que probabelmente non se podería dicir o mesmo sobre o mundo, a realidade.

Said Armesto nunca deixa de ser comparatista nin de exercer como tal na súa actividade teórica, crítica e historiográfica sobre temas literarios, artísticos e culturais.

O que cabía esperar del tras o logro da cátedra da Universidad Central –o que talvez esperaría Manuel Murguía, recuperando aquí e agora unha suxestiva formulación lanzada durante o Simposio de decembro de 2014 por Xesús Alonso Montero; o que acaso esperaban os seus contemporáneos ilustrados e os afectos ao que o mesmo profesor denominou 'a causa do país'– entendo que pasaría de forma inelutábel pola concreción dunha historia comparada da literatura galega medieval, quero supoñer que con probábel ampliación á época moderna, sobre a cal Said Armesto tiña así mesmo coñecemento crítico directo. A concreción dese suposto programa, fanada pola súa temperá morte, non semella que puidese acabar sendo en ningún caso a desexada por Murguía. Non converxería tampouco co que as elites culturais do país celebrarían como formulación idónea para a causa de Galiza a partir das Irmandades da Fala e a explosión nacionalista conducida polo Grupo Nós. Converxería máis ben, así o entendo, co vello proxecto de Menéndez Pelayo –e de Laverde Ruiz, Milà i Fontanals, Juan Valera e outros– de procurar un encaixe das literaturas/culturas galega e catalá na literatura/cultura española, e ao mesmo tempo da historiografía literaria galega e catalá no marco dunha historiografía literaria española no sentido de *ibérica*, se quere describirse así.

Isto último explicaría, por outra parte, a idoneidade da Universidad Central madrileña como destino da primeira cátedra universitaria de lingua e literaturas galegas no mundo. Idoneidade, claro está, desde a perspectiva historicista e organicista do propio Menéndez Pelayo e do seu proxecto para España.[55] Idoneidade xeográfica e simbólica, incluso, desde o punto de vista que adoita atribuírse aos homes do 98, núcleo de idade –e acaso algo máis– co que (tamén) estaría vinculado Said Armesto. A Universidad Central, en efecto, porque iso é o único que encaixaría na idea dunha integración xerarquizada do rexional periférico nun centro orgánico e moderador, equiparado con Madrid e coa cultura castelá.

Finalmente, Said Armesto foi no fundamental un lector. Un lector voraz e tamén intelixente, xenial, áxil na localización do común e do diverso, por retomarmos a dialéctica adoito atendida e investigada polo comparatismo actual.

55 De aí (pero non só de aí) as polémicas en círculos intelectuais galegos, na Real Academia Galega e na propia Universidade de Santiago de Compostela (Boullón Agrelo, Tato Plaza 1991), sempre co protagonismo dun Murguía que dificilmente podía compatibilizar fidelidades políticas e institucionais con lealdades familiares e persoais, por moito que estas últimas tivesen como obxecto un home ao que lle levaba case corenta anos.

2 Carvalho Calero e a historia literaria
Idea, institucionalización e procedementos

Sumario 2.1 Inexistencia da historia literaria acrítica. – 2.2 A produción historiográfico-literaria de Carvalho Calero. – 2.3 Antecedentes e concorrencias. – 2.4 Principios organizadores da historia da literatura en Carvalho Calero: alcance e limitacións.– 2.5 Cabo.

2.1 Inexistencia da historia literaria acrítica

Son múltiples sempre os problemas presentados pola comprensión dos procesos históricos da literatura e pola materialización discursiva subsecuente, tanto se esta optar por fórmulas conservadoras como se a tentativa for a de explorar solucións innovadoras para a historia da literatura. En realidade, calquera proposta historiográfico-literaria é, de seu, problemática. Habería que entender tamén que provisoria, válida só para unha certa fase do coñecemento acumulado e seleccionado, e, con certeza, para unha determinada conxuntura temporal e unha dada perspectiva metodolóxica. Transcorridos dous decenios do século XXI, o anterior pódese afirmar non só con convencemento senón tamén con probas. En relación coa historia da literatura e a propósito de calquera serie historiográfica. Abondaría con reexaminar as idas e vindas do coñecemento histórico ao longo dos últimos cen anos, as alternativas heurísticas e discursivas postas en xogo. Comezaran as máis produtivas delas coas primeiras críticas firmes aos procedementos positivistas aplicados á historia, á historia

DOI 10.30687/978-88-6969-530-8/010

entendida como simple 'ciencia do particular', segundo Henri Berr e despois Lucien Febvre satirizaron as pautas promovidas por Leopold von Ranke, por eles etiquetadas como *historia historizante*. Resulta evidente, por outra parte, que o curso da historia como disciplina marco, cos seus debates e encrucilladas, afectou de modo directo, e continúa facéndoo, a calquera historia sectorial. Neste sentido, os usos positivistas deixaron unha pegada duradeira, mesmo teimosa, na historia da literatura. Posteriormente, xiros epistemolóxicos como o lingüístico, o espacial e o poscolonial marcaron a necesidade de revisar en que consiste exactamente coñecer e dar a coñecer a historia. E subliñaron así mesmo a conveniencia de sopesar os usos da historia, caracterizada entre outras cousas por unha alta potencialidade performativa como dispositivo textual.

Porque a historia –referido agora o termo non só aos acontecementos do pasado senón tamén á disciplina que dá conta deles– produce efectos. En non poucas ocasións, a revisión e a actualización da historia viñeron da man da emerxencia de suxeitos históricos antes invisibilizados e silenciados, que, desde a exclusión e a subalternidade, desde a diferenza cultural, desde a resposta ao heteropatriarcado, foran construíndo narrativas propias capacitadas para impugnaren de forma parcial ou total vellos relatos hexemónicos. Orixináronse así nalgúns casos o que se deu en denominar *contrahistorias*. Outras veces, ese pulo de resposta crítica estimulou a aparición de investigacións doutro signo, non necesariamente historiográfico. Inclusive de especialidades académicas novas. A emerxencia ao longo dos últimos decenios dos Estudos Galegos, como antes a dos Irish Studies, ten algo que ver co que se vén de sinalar. Esta tendencia apunta á idea de que neses marcos epistemolóxicos, en que as historiografías seguen a ocupar un papel central, hai moito en xogo sobre os procesos de autoconstrución semiótica (Domínguez Mallo 2010, 31) que as culturas non cesan de elaborar, de novo con forte pegada performativa.

Calquera proposta historiográfico-literaria preséntase en efecto como problemática, sexa cal for a área específica sometida a observación, ou a escala habilitada para esclarecer as relacións desa área cun dado espazo rexional (o das linguas xermánicas, Europa…) ou global. Éo, así mesmo, con independencia da noción de literatura que se aplique, tan cambiante se miramos atrás con atención. Alén disto, ás veces pode semellar que esa condición problemática aumenta cando se observan procesos referidos a culturas sen un desenvolvemento histórico reforzado polos amparos e potencialidades que sen dúbida ofrecen os Estados modernos (González Millán 1992; Figueroa 2010; Martínez Tejero 2014; Samartim 2017; Topuzian 2019). Nalgunha medida é así, sobre todo porque estas entidades, desde hai dous séculos como pouco, veñen patrocinando dúas vías poderosas de intervención. Por unha parte, promóvense series historiográficas diversas –a historia literaria entre elas– como factor de construción

e cohesión nacional-estatal e de xestión institucional e ideolóxica dunha determinada identidade colectiva. Por outra parte, actívanse, adoito con eficacia, os mecanismos de control social e político para debilitar series alternativas, cuestionadoras daquela cohesión estatal sobre bases como as asumidas por movementos identitarios rivais; nomeadamente, pero non só, os de marca igualmente nacional, construtores eles mesmos de identidades outras.[1] As tensións correlativas a ese tipo de situación, que é a ordinaria, poden verse como resultado das rivalidades entre nacionalismos ou programas identitarios concorrentes; aínda que, como demostran a semiótica da cultura e a propia teoría social, interveñen así mesmo outra clase de factores, aparentemente menos políticos que os aludidos.

O anterior, semella obvio, non é privativo de ningún lugar. Na práctica, é unha pauta común, diríase que universal. Obedece a lóxicas sistémicas suficientemente estudadas e descritas polas ciencias sociais. Cabe reafirmarse, por tanto, na inexistencia de propostas historiográfico-literarias aproblemáticas, algo que se debe, entre outras razóns importantes, ao feito certo de que tampouco existen modelos ou desenvolvementos acríticos da historia literaria. Con certeza, ningunha historia literaria é acrítica, por moito que en certa altura, hoxe afastada no tempo, esa puidese ser unha aspiración metodolóxica patente para determinadas concepcións epistemolóxicas; nalgúns casos, inxenuas no seguidismo das ciencias experimentais, que explicarían os fenómenos dos que dan conta sen os avaliaren; noutras conxunturas, mesmo cínicas na argumentación, para postularen que no fenómeno literario primarían procesos naturais, estraños á dialéctica de intereses antagónicos e ás presións da hexemonía cultural, e, en consecuencia, alleos á conflitividade socioeconómica, cultural ou política.

A realidade non é tan simple. Toda historia literaria vincúlase de feito a un conxunto de decisións eminentemente críticas: unha concreción do seu exacto obxecto de estudo; unha asunción operativa de límites (espaciais, temporais, culturais, étnicos, lingüísticos, relixiosos…); unha certa distribución periodolóxica; un non sempre declarado estatuto sobre a autoría lícita e sobre a lexitimidade do suxeito produtor de literatura, con arestas como as condicións esixíbeis aos autores para ingresaren na historia en función de factores

1 Os historiadores non sempre perciben de forma acaída a importancia que a crítica e a historia literarias tiveron en procesos de construción nacional, concretásense estes ou non a medio prazo na creación ou consolidación dun Estado. Compróbense, por exemplo, as escasísimas mencións, case accidentais na práctica, dunha obra como a *Historia da literatura galega contemporánea* de Ricardo Carvalho Calero en libros como *De provincia a nación* (Beramendi 2007) ou *Identidade e afectos patrios* (Villares 2017). Certo que a pegada histórica dunha obra publicada en 1963 non pode ser tan decisiva como a derivada de contributos máis ou menos similares debidos a referentes como Manuel Murguía ou Ramón Otero Pedrayo.

ideolóxicos, estéticos, de clase, de xénero, de orientación sexual, pero tamén con incidencia das estremas fixadas entre produción/autoría 'culta' e produción/autoría popular ou tradicional; un entendemento da canonicidade referido ás marcas ou aos valores activados para a selección do 'mellor' e propor así un canon; unha forma de se relacionar e dialogar coa tradición historiográfica anterior e cos seus efectos discursivos e ideolóxicos; e, por rematar, unha determinada percepción sobre algúns aspectos relacionais da literatura coa cultura, con outras artes e medios, coa historia, co pensamento, coa ideoloxía… Todos eses momentos, calíbrese ben, son momentos indefectibelmente críticos. Neles exercítase o criterio, o xuízo, o programa. E todo isto presupón a consideración –de novo, crítica– dunha rede de problemas e solucións, con engarces e consecuencias por completo determinantes do resultado final da historia da literatura proposta, tanto no plano heurístico-metodolóxico como no axiolóxico, no ideolóxico, no discursivo e noutros varios. Por razóns como estas que se aducen, cabe ver en cada historia da literatura unha resposta á tradición historiográfica coa que dialoga e mais unha especie de provocación intelectual ao presente e ao futuro aos que se dirixe en demanda de resposta lectora.

Ricardo Carvalho Calero mostrou en diferentes lugares ter cabal consciencia de aspectos como os que se veñen de enumerar. Fíxoo de modo especialmente diáfano na entrevista publicada por Francisco Salinas Portugal, sostida poucos meses antes de morrer. Nas páxinas dedicadas a repasar o seu labor crítico e historiográfico (Salinas Portugal 1991, 51-6), Carvalho mencionaba que asumira esta tarefa desde o entusiasmo militante no ideario galeguista, pero que sobre ese apego aspirou a impor un método –mellor sería quizais falar dun procedemento– consistente de partida en estudar autores e obras como se lle fosen por completo alleos.[2] Recalca esta chave deontolóxica, en particular, porque interpreta que a crítica literaria galega, con escasas excepcións, mantivera ao longo do tempo unha acusada dependencia da ideoloxía e da militancia política de quen a exerceu. Dito en termos sociolóxicos: no parecer de Carvalho, a crítica non conquistara espazos de autonomía en relación co campo de produción ideolóxica galeguista ou nacionalista. Sobre ese convencemento, pensaba que antes da súa *Historia da literatura galega contemporánea* (en adiante HLGC) «non existia propriamente unha crítica literária galega» (52) e, en consecuencia, tampouco unha historia literaria merecedora de tal nome. Claro que esta clase de consideracións son sempre delicadas, mesmo controvertidas, se non van acompañadas

2 «[E]u tratei os escritores galegos como se non fosen escritores galegos», di a Salinas Portugal (1991, 53). Á marxe disto, o entrevistado non detalla case nada nas ordes epistemolóxica e metodolóxica, se ben sostén que a súa intervención como estudoso do feito literario aspirou a fundamentarse sempre no rigor científico.

dunha exploración mínima das determinacións –sempre as hai, e non é sinxelo declaralo– ás que o traballo propio como crítico e como historiador se veu sometido. Por volver á linguaxe sociolóxica, estamos a falar en efecto de *habitus* e de *doxa*. Comezando, por exemplo, polo gusto e os prexuízos persoais, algo ao que todo crítico ten con certeza dereito e que quizais se acentúa no caso dos que exercen ademais como creadores literarios, mais que obviamente inducirá marcas directas no sistema de valores e na canonicidade que toda proposta historiográfica asume. E, sen dúbida, no canon resultante dos operativos crítico-axiolóxicos desenvolvidos.

Reconsideremos agora brevemente o anotado sobre o carácter provisorio de calquera proposta historiográfica. Será útil para introducirmos algúns apuntamentos sobre as respostas críticas que toda historia da literatura –por provisoria e por crítica– debería recibir, debería mesmo aspirar a recibir. Pois ben, por bastante tempo foi común a valoración de que a HLGC de Carvalho homologaba os estudos literarios galegos cos propios doutras culturas europeas. O instrumento HLGC foi percibido como un selo de desenvolvemento e madureza culturais do que poucas nacións sen estado dispuñan na altura en Europa. Con esta convicción asumiuse por unha maioría ampla de axentes do campo cultural e do campo político galegos que *superar* a proposta representada por ese libro –en exhaustividade, rigor, sistematicidade– era punto menos que imposíbel. Non só desde o sector de estudosos máis próximo ao autor, nun ou noutro sentido, nun ou noutro ideario, defendeuse longamente que a HLGC era a mellor proposta posíbel nas circunstancias históricas –ditadura e posterior apertura democrática– en que o país se atopaba. Tratábase, para a maioría, da *obra cume* da historiografía literaria galega (Blanco 1984, 173). Tamén da fonte principal do elevado capital simbólico acumulado polo profesor e futuro catedrático da Universidade de Santiago de Compostela.

No entanto, como proposta crítico-historiográfica, a HLGC, o mesmo que calquera outra da súa condición en calquera lugar do mundo, pode e debe cuestionarse. Tan anómalo sería non facelo, en especial andado máis de medio século desde a súa primeira entrega,[3] como o é persistir nas adhesións inquebrantábeis a propostas formuladas en 1963 baixo as condicións en que foi preparada e escrita aquela obra. Neste contexto é no que entendo que se debería asumir a existencia do debate, hoxe latente, sobre a vixencia ou a caducidade de

3 Con tanta e tan variada revisión, desde 1963, dos métodos tradicionais da historiografía literaria (que convén non esquecer que son os propios de Carvalho); con novas percepcións da entidade dos diversos suxeitos culturais e políticos, tamén da súa axencialidade efectiva; cos novos usos e funcións atribuídos á historia cultural e/ou literaria; coa necesidade inadiábel de revermos o canon; ou, por rematar esta serie de factores, co debate sobre o nacional e o posnacional e a súa incidencia nas historiografías afectadas (Domínguez Mallo 2010).

tan monumental proposta. Un debate perfectamente lexítimo que, como é lóxico, se vincula con concepcións, métodos, epistemoloxías, militancias (e tamén, de novo, gustos, prexuízos…) *outros*, os propios de que exercen a revisión crítica dunha proposta allea.

Entre esas concepcións, as que probabelmente deban ser atendidas e analizadas con maior urxencia serían as procedentes dos feminismos. Boa mostra é a lectura crítica formulada por Helena Miguélez-Carballeira no capítulo «Sexuando o pai da nação» da súa fundamental monografía *Galiza, un povo sentimental?* ([2013] 2014, 159-203), precedido e continuado por artigos en revistas especializadas e en prensa, ás veces con afervoadas respostas. A autora examina con ostensíbel dureza, pero á vez con solidez argumentativa, o réxime historicista heteropatriarcal asumido por Carvalho na súa HLGC. Merecerían tamén atención para o que aquí se dirime lecturas críticas procedentes dunha revisión periodolóxica da ordenación e distribución carvalhocalerianas da historia, tal como pode exemplificarse na recente proposta de Anxo Angueira (2019, 149-56, especialmente),[4] ou nas previas desenvolvidas por Francisco Rodríguez Sánchez (1996), quizais menos adeptas ao modelo de Carvalho do que se indica.[5] Outro asunto é, e non hai máis remedio que facelo explícito, que entre aquela serie mencionada de epistemoloxías, métodos, militancias, prexuízos…, sexa este último sector o que centralice e dirixa, directa ou indirectamente, de xeito aberto ou camuflado, as respostas ao modelo crítico-historiográfico de Carvalho. E, con sinceridade, iso é o que parece encamiñar lecturas como esta de Angueira que acaba de mencionarse; a cal, en contra do pretendido, non demostra que a asunción a partir de certa altura polo profesor ferrolán do reintegracionismo o conducise a renegar do sentido por el mesmo dado ao termo *Rexurdimento* (menciónese así, *Ressurgimento* ou como for), nin moitísimo menos a alterar a súa comprensión xeral «da historia cultural, lingüística e literaria de Galicia» (Angueira 2019, 152). Proclamar tal cousa non parece nin necesario nin xusto.

Non ficaría completa esta panorámica mínima se non se reiterase a alusión ao feito, tamén lesivo baixo expectativas críticas, da ratificación seguidista e en ocasións próxima á apropiación –en definitiva, *acrítica* e ás veces oportunista– do modelo historiográfico de Carvalho, e del mesmo como intelectual, lingüista ou incluso político, para proxectar

4 Débeselle tamén ao mesmo autor unha achega que precisamente cuestiona aspectos do debate sobre o canon disposto por Carvalho, en concreto a propósito de Curros Enríquez e en especial do *Divino Sainete* (Angueira 2004).

5 Véxanse en particular as epígrafes «Periodización da Literatura Galega» e seguintes (Rodríguez Sánchez 1996, 11-31). En realidade, o modelo exposto nestas páxinas polo autor é o que se aplica ao proxecto conxunto da *Historia da Literatura Galega* dirixida por Ansede Estraviz e Sánchez Iglesias (1996), e persiste así mesmo en propostas posteriores inspiradas nesta, como é o caso da *Historia Xeral da Literatura Galega* de Gómez Sánchez e Queixas Zas (2001).

tal urda nas coordenadas histórico-culturais actuais, ben outras das propias do último terzo da vida do autor, aínda que non menos delicadas no referido ao futuro da cultura e da nación. A apropiación, en todo caso, é unha práctica recorrente na dinámica histórica.

Para alén do sinalado, aínda que sen perda da ligazón co arriba anotado como concreción dun obxecto de estudo, non debería darse por feito que a historia da literatura –calquera proposta– deba atender de forma prioritaria o sector das obras e o dos seus autores ou autoras. Interpretar así as cousas supón ignorar as crises e os xiros todos da historia e da historia literaria ao longo do século XX e do que levamos de século XXI. Pero non sempre se pon en práctica o que se anuncia ou se declara en termos programáticos (por exemplo, nas introducións ás historias literarias, lugar privilexiado de atención crítica para calquera analista). Por exemplo, malia o suposto ascendente teórico das metodoloxías empírico-sistémicas no ámbito académico galego nos últimos vinte e cinco anos, só unha parte mínima do que se anuncia como tal garda correspondencia real co núcleo desas prácticas. Tal núcleo é de raíz funcionalista-dinámico e relacional, e postula que os textos considerados literarios son só un sector do que chamamos *sistema literario* e do que debería ser analizado. Pese á vulgarización conceptual circulante, esa etiqueta non é intercambiábel sen máis coa de *literatura nacional*, non pode selo. No heurístico, ademais, aquela propende a explorar heteroxeneidades, mentres que a segunda, polo seu vínculo cos procesos de *nation-building* vixentes desde o século XIX, promove homoxeneidades mesmo alí onde iso supón forzar a realidade sociocultural e identitaria. En definitiva, dar a entender que 'sistema literario galego' é o xeito actualizado de referirse ao que antes se chamaba 'literatura galega', corresponde non a unha vulgarización benigna da teoría senón a un (auto)engano. En consecuencia, a combinación analítica de criterios sistémico-relacionais con postulados como o chamado por Carvalho Calero *criterio filolóxico* (lingüístico, en realidade)[6] é contraditoria no heurístico e habitualmente propende á impostura metodolóxica. De feito, o criterio filolóxico, implementado para rebater delimitacións peregrinas da noción de 'literatura galega' (en función de criterios biográficos, temáticos, de

6 A afirmación de Carvalho na HLGC sitúase como primeiro enunciado da introdución: «Concibo nista obra a historia da literatura galega como a esposición das realizacións e do desenrolo da fala galega no orde literario» (Carballo Calero [1963] 1981, 11). A partir disto recoñece que o que denomina «o espírito galego» –expresión romántico-hegeliana, mesmo herderiana– se expresou ao longo dos séculos XIX e XX tanto en galego como en castelán, e antes incluso en latín. Con todo, reitera, á literatura galega pertencerían unicamente os textos escritos en lingua galega, algo difícil de rebater. Outra cousa é se á literatura adscribimos só os textos (non as institucións literarias, os repertorios, o mercado literario) e se a historia da literatura galega pode abstraerse da consideración de factores externos que condicionaron e condicionan, desde dentro ou desde fóra, a propia pervivencia da literatura galega.

mentalidade…), é moi doado de aplicar ás obras, un pouco menos aos autores e moi arriscadamente aos consumidores, ás institucións, ao mercado. E, claro, o sistema literario é todo iso e algo máis. Non só as obras e a lingua en que están escritas, non só os textos. Tamén os conflitos entre repertorios, entre institucións, entre os públicos dos sistemas concorrentes nun mesmo espazo. Dito noutros termos, procedentes xa da socioloxía histórica que o Círculo Bakhtín exploraba hai case un século: a efectos epistemolóxicos e programáticos debe decidirse se se opta por ver a literatura como produto ou vela como produción. Isto afecta non só á teoría e á crítica, senón centralmente á historia da literatura e aos seus obxectivos e metodoloxía.

2.2 A produción historiográfico-literaria de Carvalho Calero

A produción historiográfico-literaria de Carvalho Calero non se limita ao manual que aquí concentrará a nosa atención, a HLGC, coas edicións sucesivas de 1963, 1975 e 1981.[7] A primeira edición indicaba que o volume entón entregado era o primeiro da HLGC,[8] cun total de oito capítulos precedidos por unha «Introducción», e seguidos por un «Cabo», un «Cadro sinóptico» e unha «Bibliografía», ademais dun «Índice onomástico» e un «Índice de láminas». Eses oito capítulos eran: «A literatura galega dende a invasión francesa até a morte de Fernando VII», «O romantismo. Precursores de Rosalía», «Introducción ao estudo do Renacimento pleno», «Rosalía de Castro», «Eduardo Pondal», «Manuel Curros Enríquez», «Os diádocos» e «Os epígonos». Os novos capítulos a partir da segunda edición foron os cinco seguintes: «A literatura postrenacentista», «A época das Irmandades», «O Grupo *Nós*», «Os novecentistas» e «Os tempos do

7 Aínda que na primeira edición consta 1962 como data do depósito legal, o colofón indica como data de impresión o 3 de febreiro do ano seguinte, cuadraxésimo aniversario do pasamento de Murguía (o libro encetaba xustamente a Colección Murguía de Galaxia). Por outra parte, a indicación cronolóxica *1808-1936* apareceu como parte do título con plenos efectos para catalogación bibliográfica só na terceira edición. Na primeira edición figuraba unicamente na cuberta, non na portada. Ese acoutamento temporal tampouco aparece na tradución ao castelán do libro (1976), debida a Luís Castro Nogueira. As citas e mencións que aquí se realicen referiranse sempre á terceira edición.

8 En realidade, nunca houbo un segundo volume da obra. En 1973 esgotárase a primeira edición, polo que pareceu conveniente á casa editora xuntar o que ían ser dous volumes nun só. A terceira edición repetiu o decidido por Galaxia para a segunda. Os números de páxinas sucesivos foron 568, 894 e de novo 894. Na segunda edición un prólogo informa sobre as modificacións de carácter lingüístico. A terceira edición levou outro prólogo breve que explicaba as novidades mínimas: grallas corrixidas, datos completados onde foi preciso e pouco máis. Indicouse ademais que non se trataba dunha edición «totalmente correxida e aumentada, nen tampouco unha simple reimpresión da edición anterior» (Carvalho Calero [1963] 1981, 5).

Seminario».[9] A «Introducción», conservada intacta nas dúas edicións posteriores á inicial, é un texto máis que substancioso no plano declarativo xeral; e tamén o é en aspectos supostamente tanxenciais, non sempre diáfanos nunha lectura apresurada. Sería útil vela con modo.

Hai outros títulos de Carvalho Calero posteriores á HLGC e de natureza compiladora que son así mesmo fundamentais, uns máis do que outros, á hora de falarmos da súa produción historiográfico-literaria. Sono en tal medida que parece máis que xustificada a anotación de Salinas Portugal (1991, 22) segundo a cal ese conxunto ben podería conformar «un segundo volume da *História da Literatura*». Estariamos a falar, cando menos, dos sete títulos que seguen: *Sobre lingua e literatura galegas* (1971), *Libros e autores galegos. Dos trovadores a Valle-Inclán* (1979b), *Libros e autores galegos. Século XX* (1982),[10] *Letras galegas* (1984),[11] *Estudos e ensaios sobre literatura galega* (1989a), *Umha voz na Galiza. Artigos de jornal (1933-1989)* (1992) e *Escritos sobre teatro* (2000), este último interesante así mesmo para unha perspectiva histórico-comparatista, ben presente xa na HLGC.[12] Ningún deles incorpora reflexións de calado ou pasaxes pormenorizadas de tipo teórico, programático ou metodolóxico so-

9 *Diádocos* e *epígonos* son etiquetas probabelmente tomadas por Carvalho das empregadas en 1843 por Johann G. Droysen na súa *Geschichte des Hellenismus*. O capítulo dedicado a Pondal (237-333) é o máis extenso da HLGC, seguido polo que estuda Rosalía (145-234) e o que se ocupa dos diádocos (401-67).

10 Da serie que se detalla, esta compilación de 1982 é probabelmente o volume que con maior claridade pode lerse como complemento da HLGC, tal e como o propio autor recoñeceu (vid. *infra*).

11 Volume tamén suplementario da HLGC, cunha peculiaridade de interese, a de introducir textos que exploran ou problematizan, en ocasións con asperidade, lecturas críticas alternativas á asumida polo autor, nun abano que vai da crítica biografista á psicanalítica ou á feminista. Esta clase de propostas comparece –é o lóxico– noutros estudos do autor. É notábel xa como uso crítico, con obvias repercusións historiográfico-literarias, no discurso de ingreso na Real Academia Galega (Carballo Calero 1959, 15-21).

12 Poderían engadirse, xa noutra escala, algúns títulos máis. Entre eles, unha unidade didáctica para a UNED sobre a literatura galega desde as orixes até Rosalía (1977), as compilacións de traballos de temática rosaliana ou sobre Castelao, xa de carácter monográfico (1959; 1979a; 1989b) ou o volume póstumo *Do galego e da Galiza* (1990). Tamén un volume como *La fuerza pública en la Universidad de Santiago y otros escritos escolares (1930-1933)* (1987), que integra algúns traballos sobre poesía datados nos anos trinta. Entre os contributos de Carvalho sobre Rosalía de Castro é tamén relevante aos efectos aquí tratados o ensaio «Arredor de Rosalía», do volume *7 ensayos sobre Rosalía* (Pimentel et al. 1952, 19-39). Torres Feijó (2002) sinala nel unha toma de posición no campo literario de posguerra para combater ideas asentadas e canonizar Rosalía por riba de calquera outra referencia cultural galega, incluídos os máis prestixiados escritores galegos en castelán, Pardo Bazán e Valle-Inclán. Cabe perfilar a idea de fondo: consistiría no intento de lexitimar a literatura galega como organicamente diferencial, trazando en Rosalía o seu epónimo. Por outra parte, Carvalho asinara no verán de 1963 un contrato para participar, co capítulo «Literatura gallega contemporánea (1900-1963)» que entón se dispuña a redactar, na *Historia general de las literaturas hispánicas* dirixida por Guillermo Díaz-Plaja, publicada en seis volumes entre 1949 e 1968 (Carballo Calero, Piñeiro 2015, 312). Descoñezo as razóns polas que esa participación finalmente non se concretou.

bre as concepcións historiográficas do autor. Tampouco sobre a súa visión específica da historia literaria, nin sequera na súa dimensión galega. Faltan igualmente, como na propia HLGC, referencias claras e explícitas ás lecturas en que o autor se inspirou para concretar o seu *modus operandi* como historiador da literatura. Isto demanda a formulación de conxecturas ou hipóteses de traballo por parte de quen aspirar a entender por que Carvalho fixo historia literaria como o fixo e non doutra maneira. Con todo, hai algúns apuntamentos iluminadores. Un deles localízase nunha «Nota liminar» a *Libros e autores galegos. Século XX*:

> Do moito disperso que sobre a materia podía arrecadarse, pareceu conveniente espigar o que segue, o que en certo xeito cabe contemplar como un complemento da *Historia da literatura galega contemporánea*. Endebén, este libro non é en modo algún a continuación daquela obra. Por unha banda, trátase de autores nela estudados que agora se consideran nalgún aspecto particular. Por outra, aparecen escritores máis novos, autores da posguerra que non se mencionaban na *Historia*. Mais, aínda que os traballos se teñen sometido a unha certa ordenación, agrupándose segundo certo sistema, a elaboración dos mesmos non respondéu a sistema algún. Está o leitor en presencia dunha colección de traballos, e non dun traballo de historia da literatura. Así, nin se fala neste libro de todos os escritores importantes que abranxe o período, nin se percurou equilibrio algún antre o número de páxinas adicadas a cadaquén e a trascendencia que se poda atribuír á súa obra. Que se insista máis ou menos sobre tal ou cal figura, débese a razóns ocasionáis. (Carballo Calero 1982, 3)

Na interpretación de Carvalho, segundo cabe inferir a partir do anterior, habería unhas esixencias mínimas para unha historia da literatura digna deste nome. Os principais deses requisitos, que son á vez ideas-chave, serían as catro seguintes: 1) unha historia da literatura é un traballo unitario e sistemático, non unha rima de materiais; 2) calquera historia da literatura debe aspirar á exhaustividade a partir dun certo principio selectivo; 3) unha historia da literatura ordénase e organízase sobre principios claros de xerarquización a partir da transcendencia ou alcance posterior dos autores estudados; 4) un dos principios organizadores básicos dunha historia da literatura é o autorial. Respecto aos requisitos segundo, terceiro e cuarto, resulta máis que iluminador o derradeiro parágrafo dunha carta que Carvalho dirixiu a Ramón Piñeiro o 5 de xullo de 1961. Nela lese o que segue:

> Para a *Historia*, teño xa redactados todos os capítulos relativos a figuras de primeira e segunda liña do XIX. Só me falta a enume-

> ración –o máis completa posibre– das figuras de terceira e carta categoría. (Carballo Calero, Piñeiro 2015, 267)

Alén das xerarquías trazadas, é igualmente clarificadora a posición sobre a necesidade, de inequívoca marca positivista, de fornecer listaxes completas mesmo de autores considerados menos que secundarios.

Chegados aquí, debemos preguntarnos pola existencia doutros lugares en que o autor concretase un pouco máis os que entende como principios organizadores dunha historia da literatura. Tras iso, tamén se debería intentar destacar algúns lugares críticos en que por parte de diferentes analistas se prestou atención a esa mesma dimensión. Tras facelo, observaremos con algún detalle o que se nomeou como *modus operandi* de Carvalho Calero como historiador. Pero antes que todo isto é preciso contextualizar historicamente a súa proposta. A este respecto, serían varios os aspectos merecedores dunha atención mínima, se ben só se poderán introducir neste momento sucintas notas en bosquexo das situacións correspondentes. Entre eses aspectos, os principais serían os seguintes: o lugar da HLGC na produción do autor e a validez ou vixencia das obras historiográfico-literarias existentes en 1963, as relacións con outros posíbeis proxectos historiográfico-literarios converxentes ou concorrentes, os encaixes do proxecto nas relacións entre os galeguismos/nacionalismos interior e exiliado e, sen dúbida, as coordenadas xerais da historia da literatura no plano internacional no momento en que Carvalho traballa a súa proposta. Nisto último non será posíbel deterse aquí.

2.3 Antecedentes e concorrencias

Vaiamos, de forma esquemática, cos primeiros deses aspectos. A HLGC é un dos resultados maiores dos tres lustros (1950-65) pasados por Carvalho en Lugo como profesor e director non oficial do Colegio Fingoy. Segundo se expón no prólogo á súa terceira edición, a tarefa comezara a perfilarse en 1953. O autor conta que un día dese ano recibiu en Fingoi a visita de Ramón Piñeiro, quen lle solicitou 'formalmente' que preparase unha historia da literatura galega. Engade que se puxo inmediatamente a desenvolver a encomenda, cabe imaxinar que en simultaneidade coa redacción da súa tese de doutoramento e con outros proxectos de creación e de investigación. Sábese que oito anos despois, a finais de 1961, xa tiña listo o libro. Consta así mesmo que o ano 1962 ficou para revisións e correccións. De todo isto dá cumprida conta o seu *Epistolario a Francisco Fernández del Riego* (Carballo Calero 2006).

Lendo as cartas dos anos cincuenta, é fácil facerse unha idea do que foi aquela angueira en Fingoi. Del Riego subministraba os materiais

bibliográficos e hemerográficos aos que Carvalho non tiña acceso, moi cuantiosos. De aí que, en carta a Piñeiro de 4 de maio de 1960, aquel sexa cualificado por Carvalho como «central de abastecimentos» (Carballo Calero, Piñeiro 2015, 245). As cartas dese tempo falan apenas diso: esforzos, avances, dúbidas, edicións non localizadas, préstamos, copias e moi pouco máis. En conversa co xornalista Perfecto Conde, Fernández del Riego engadiría un complemento informativo sobre aquela dedicación e outras posteriores de Carvalho:

> fixo todo o que lle encomendamos e sen retribución de ningún tipo. (Conde 2018, 162)[13]

Por motivos como os indicados, tampouco faltou quen suxeriu que a obra historiográfica da que estamos a falar non foi propiamente da autoría única de Carvalho, algo que parece como mínimo desmedido.[14]

Asunto paralelo a este é o da cooperación familiar, e para as edicións posteriores tamén a de profesoras axudantes na Facultade de Filoloxía compostelá. Carvalho anotou e agradeceu nalgún caso aquelas axudas, con certeza de modo parco. Sobre o primeiro, recóllese algo no propio epistolario con Fernández del Riego; en concreto, nunha carta de 20 de novembro de 1962 (Carballo Calero 2006, 337-8), comentada por Miguélez-Carballeira (2012, 379, 385), relativa á delegación de funcións en María Ignacia Ramos. Nunha interpretación desafortunada que orixina unha seria acusación, Miguélez-Carballeira atribúe esa delegación non ao que a carta realmente di –que a esposa de Carvalho o auxiliou na corrección das probas de imprenta da HLGC–, senón ás lecturas dalgunhas das obras literarias estudadas nese volume, efectuadas por Ramos, segundo a investigadora citada, para liberar Carvalho desa tarefa e así aforrar tempo.[15]

13 Informa noutro sentido María Dolores Villanueva Gesteira (2015), quen revela pagos a Carvalho e a outros colaboradores de Galaxia, entre eles o propio Fernández del Riego, por determinadas publicacións.

14 Confróntese, en calquera caso, co indicado polo propio autor no texto que antecede á bibliografía do volume. No seu parágrafo inicial lese o seguinte en relación coa HLGC: «Unha obra escrita por un so home, que contóu con amigos que lle proporcionaron libros, pero non con colaboradores literarios, nin xiquera con axudantes que lle prepararan mecánicamente as papeletas que debería utilizar» (Carballo Calero [1963] 1981, 785).

15 «In a letter dated November 20, 1962, Carvalho explains how, when pressed for time, his wife would read the literary texts about which he would then write in the HLGC» (Miguélez-Carballeira 2012, 385). Para alén deste inoportuno equívoco, declaracións recentes a *Nós Diario* da filla máis nova do autor, María Victoria Carballo-Calero Ramos, non deixan dúbidas sobre a asistencia familiar permanente durante os anos de redacción da HLGC: «A miña casa xiraba toda ao redor do meu pai […] [A] vida de miña nai era totalmente suxeita a el […] Na súa mesa sempre tiña alguén en fronte que ía collendo e rexistrando as anotacións […] As notas da *Historia da literatura galega* foi toda feita [*sic*]

Por outra parte, o primeiro epistolario publicado coas cartas de Piñeiro a Carvalho (Piñeiro 2005) non recolleu envíos entre decembro de 1951 e abril de 1960, de modo que deixou fóra de foco o tempo que máis nos interesa aquí. Porén, aquel conxunto inicial de 49 misivas ampliouse extensamente nunha compilación posterior que se acaba de mencionar (Carballo Calero, Piñeiro 2015), alcanzándose a cifra de 226 cartas, sumadas as de ambas as autorías. Con acume, os editores deste segundo volume subtitulárono *Historial dun libro*, xustamente pola nutrida información relativa ao esforzado proceso de escritura da HLGC. Moitas das cartas de Carvalho redundan en cuestións como as sinaladas a propósito do epistolario con Fernández del Riego, se ben cunha cadencia discursiva case nunca precipitada. Ademais, a miúdo incorporan elementos que contribúen a clarificar posicións crítico-historiográficas importantes. Un exemplo atópase na carta de 7 de xaneiro de 1962, en que Carvalho expón cal é a clase de literatura que xulga acaída e oportuna para o país, marcando así distancias con outras opcións. Sería unha literatura

> equilibradamente condicioada polas coordenadas de tempo i espacio, polo factor cronolóxico e o xeográfico, (Carballo Calero, Piñeiro 2015, 278)

de xeito tal que nin fose anacrónica nin tampouco anatópica; categoría esta que destina a cualificar a produción dos autores que procuran estar ao día nos rumbos das correntes literarias internacionais, pero que non acaban de «afincarse no propio chan» e aspiran a europeizarse 'de máis' (Carballo Calero, Piñeiro 2015, 278).

Outra carta dirixida por Piñeiro a Carvalho o 6 de novembro de 1951 (Carballo Calero, Piñeiro 2015, 42-4) resulta así mesmo relevante para o que aquí tratamos. Contén a resposta a unhas críticas algo máis que severas do profesor ferrolán ás dúas historias da literatura galega publicadas naquel mesmo ano de 1951, as de Francisco Fernández del Riego e Benito Varela Jácome, precedentes inmediatos da propia de Carvalho, a segunda aberta a produción de autores galegos tamén noutras linguas, como castelán e latín. As críticas figuraban nunha misiva datada dous días antes por Carvalho. Nela incluía frases como a seguinte:

> É un desastre que historien a nosa literatura os que a historian. (Carballo Calero, Piñeiro 2015, 42)

Estes son os termos en que se respondeu Piñeiro:

con tiriñas de papel que iamos organizando. Entón, cando eu cansaba, viña miña nai e poñíase ela […] A concepción desa obra foi o centro da nosa vida durante anos» (Bouzas 2019, 25). Cf. Fernán-Vello, Pillado Mayor 1986, 160-1.

> Agradézoche moito a franqueza de xuicio ó falar, con motivo das recentes «Historias da Literatura», da errónea orientación das editoriás. Como n-unha d-elas cábeme unha responsabilidade parcial de orde «orientador», e como o teu criterio, en materias de literatura, é para min respetabilísimo, sinto certa necesidade xustificativa. Dende logo, a min paréceme inxusta a depreciación tan radical que se fai por algunha xente do «Manual de Historia da [*sic*] literatura gallega» que publicou «Galaxia». Cónstame que, n-algúns casos, o xuicio negativo vai máis dirixido contra o autor que contra a obra mesma. E isto por motivos moi diversos e non todos aceptábeles. Naturalmente que o caso teu é compretamente distinto, posto que ti eres da casa e non te move mais preocupación, como decote nos teus xuicios, que a pura ouxetividade. Penso, n-embargantes, que é un problema de nivel. Ti querías unha «Historia» que fixese unha valoración fina e cabal da nosa evolución literaria. A min tamén me gustaría, mais comprendo que no estado aitual dos nosos estudos literarios non se pode pretender iso n-un Manual de divulgación como son os manuales de Galaxia. O manual de «Historia de Galicia» que está a preparar Risco é, do mesmo xeito, unha esposición descriptiva dos feitos. Non son libros para especialistas senon para o público vulgar que carece de instrumentos informativos sinxelos sobre os distintos aspeitos da cultura galega e compre poñelos ó seu alcance. ¿Tan lonxe está d-ista finalidade o «Manual» que escribíu o del Riego? (Carballo Calero, Piñeiro 2015, 42-3)

Despois disto Piñeiro segue mencionando algunhas reaccións positivas á proposta de Fernández del Riego (non se fala nada de Varela Jácome na carta),[16] como as de Rafael Dieste ou Manuel Rodrigues Lapa. Piñeiro manifesta que o libro de Del Riego é o que mellor satisfai naquela altura a encomenda de introducir os lectores no tema. Mais fai outras precisións moi ilustrativas dos proxectos que manexaba. Incide de novo na cuestión axiolóxica e avaliativa, xa mencionada antes e que tanto importaba a Carvalho.[17] Fala así Piñeiro de que faltan aínda moitos traballos parciais de

16 Véxase a negativa avaliación persoal de Carvalho sobre o proceder crítico-historiográfico de Varela Jácome nunha carta dirixida a Piñeiro o 13 de xaneiro de 1956 (Carballo Calero, Piñeiro 2015, 91).

17 Que Carvalho era persoa de sólida formación teórica dotada ademais de fina capacidade crítica é algo que deixan de manifesto numerosos contemporáneos seus. É tamén significativa, por exemplo, a resposta de Ramón Otero Pedrayo ao discurso de ingreso na Academia Galega o 17 de maio de 1958 (Carballo Calero 1959, 105-32). Otero refírese alí a Carvalho como «o grande crítico» (125), encarece nesa dedicación o seu «moito e requintado saber moderno» (107) e salienta o feito de nas súas achegas se advertir sempre a presenza do método, do sistema analítico, mesmo dunha «severidade conceptual» (119). O propio Carvalho amosouse convencido, en diversos lugares, de estar contribuindo coas súas publicacións a pór en práctica unha 'crítica científica'.

carácter crítico para alcanzar un manual sintético que fose á vez «unha perfeita táboa de valores das nosas letras» (43). E a partir de aí menciona os nomes de dúas persoas que estarían capacitadas para a tarefa de tratar o conxunto da historia da literatura galega galega dos séculos medievais até a actualidade. Serían Aquilino Iglesia Alvariño –nome anticipado por Carvalho, co expresivo matiz «o único capacitado», na carta previa de 4 de novembro xa citada (42)– e Xosé Filgueira Valverde. Sobre este último engade Piñeiro un comentario que lembrará os longos procesos de Marcelino Menéndez Pelayo coa súa nunca resolta historia da literatura española. Afirma en concreto que Filgueira levaba entón xa un cuarto de século traballando no proxecto da antedita historia e que «inda se non estreveu a facela» (43). De aquí salta á proposta específica en que matinara tanto tempo, quizais á primeira tentativa de afoutar ao destinatario da carta antes da decisiva visita en Fingoi de 1953:[18]

> Estou convencido de que hoxe en dia é Carballo Calero o único que pode facer unha valoración da nosa literatura, pol-o menos da contemporánea, de acordo co-as aituales eisixencias críticas. Folgaríame moito, moitísimo, de que ti o comprenderas así. Pol-o de pronto déchesme unha inmensa alegría ó non desbotar a suxerencia d-ise libro encol da lírica galega moderna. Os materiás e o tempo que precises sería todo bó de arranxar. (Carballo Calero, Piñeiro 2015, 43)

En carta de 23 de abril de 1956 Piñeiro chegará a suxerirlle un título, *Historia crítica da literatura galega moderna*, que podería ir precedido –engade– por un volume dedicado á literatura medieval (Carballo Calero, Piñeiro 2015, 102). A resposta dada a esta carta por Carvalho, de 13 de maio do mesmo ano (Carballo Calero, Piñeiro 2015, 103-5), é moi reveladora dos problemas, fundamentalmente operativos, que intúe para materializar unha encomenda moi diferente da que podería representar toda a súa produción crítica anterior. Dubida ademais nunha carta posterior se conviría que o seu xuízo crítico persoal cedese algo perante a obxectividade analítica (112) e menciona como posíbel referencia ou modelo –algo inusitado en Carvalho, e ademais sorprende a escolla– o *Manual d'història crítica de la literatura catalana moderna* de Manuel de Montoliu (1922).

O libro do que falaba Piñeiro na cita anterior publicouse en 1955, un ano moi especial para Carvalho. Trátase de *Sete poetas galegos* (Carballo Calero 1955a) con estudos sobre Rosalía, Pondal, Curros, Noriega, Cabanillas, Amado Carballo e Manuel Antonio. Ese mesmo ano, a partir do libro que se vén de citar –«que é como un prototipo do

18 O epistolario non recolle cartas do ano 1953. Hai un salto de vinte e sete meses entre a carta de 6 de novembro de 1951 e a seguinte, de 23 de febreiro de 1954.

texto castellano da tese», dille a Carmen Blanco (Blanco 1989, 138)–, sairía na Editorial Gredos o libro *Aportaciones a la literatura gallega contemporánea* (Carballo Calero 1955b), derivado dunha tese doutoral case homónima[19] lida o 9 de decembro de 1954 na Universidade de Madrid (hoxe Complutense), que acabaría sendo recoñecida con premio extraordinario de doutoramento.[20]

Aportaciones engadiu aos autores estudados en *Sete poetas galegos* dous prosistas: Castelao e Otero Pedrayo. No limiar deste libro aparecen algunhas ideas de interese para os propósitos desta análise, tamén polo que ofrecen de balance crítico, o cal constitúe sempre unha fase ineludíbel do quefacer do historiador da literatura. Entre esas ideas, as seguintes. Primeiro, os estudos literarios galegos estarían lastrados pola exaltación sentimental ou a vulgarización xornalística. Segundo, no canon literario galego hai autores perfectamente equiparábeis a outros foráneos de prestixio internacional, que, polo rango estético da súa produción e pola tradición de continuidade que establecen, configurarían «la línea de cumbres del sistema literario a que pertenecen» (1955b, 12). Á marxe da curiosidade de que Carvalho fale dun 'sistema literario galego' en 1955 –asunto ao que será ben regresar–, o relevante é máis unha vez o factor estético-axiolóxico como metro de paso á historia literaria, pero entendido este ademais en sentido relacional e, nalgún sentido, teleolóxico, pois parece aludirse a unha liña que vai ou se dirixe cara a algures. Cuarto, a achega fundamental que Carvalho asegura estar a ofrecer, nunca antes presente en traballos crítico-historiográficos referidos á literatura galega, é o que denomina «una valoración objetiva de la obra literaria en cada caso» (1955b, 13). Quinto, unha especie de aposta explícita, certamente arriscada en termos de rigor crítico-historiográfico, polo eclecticismo metodolóxico, dado que sería lexítimo, para Carvalho, acomodar as sistemáticas do estudo ás peculiaridades de cada obra e autor.

No limiar de Carvalho á primeira edición da súa HLGC –e isto é moi relevante no plano de análise da autoconciencia do labor historiográfico–[21] o autor incorporou unha epígrafe que titulou «Historiografía» e que dá continuidade ao primeiro apartado, «Lingua e literatura».

19 Na tese figuraba o adxectivo *fundamentales* tras o substantivo inicial. Foi retirado unilateralmente pola casa editora sen aviso previo ao autor (Carballo Calero, Piñeiro 2015, 91).

20 Santiago Montero Díaz foi o relator. No tribunal participaron tamén Dámaso Alonso, Francisco J. Sánchez Cantón, Ramón Fernández Pousa e Francisco Maldonado de Guevara. En carta a Piñeiro, datada o 16 de decembro de 1954, aparecen algúns comentarios de Carvalho sobre as críticas formuladas por Alonso e Sánchez Cantón (Carballo Calero, Piñeiro 2015, 60-1). As do último incidían na conveniencia de incorporar á tese as producións de Emilia Pardo Bazán e Ramón del Valle-Inclán.

21 Revélase o mesmo na epígrafe «Historiografía da Literatura Galega», da *Literatura galega contemporánea (problemas de método e interpretación)* de Francisco Rodríguez Sánchez (1990, 25-39).

Ambos teñen unha extensión similar. O primeiro conságrase a explicar e defender o criterio filolóxico, polo que autor xa optara en data tan temperá como 1931.[22] O segundo a trazar a tradición historiográfica coa que dialogaba a nova publicación. Carvalho presenta unha relación bastante completa, embora non exhaustiva, dos contributos historiográficos que precederon a súa proposta. Céntrase sobre todo nas obras autodeclaradas como historias literarias, pero transcende en todo caso esa clasificación e atende tamén outras publicacións, como dicionarios de autores, antoloxías ou obras misceláneas.[23] O panorama comprende así propostas como as debidas, entre outros, a Antonio Couceiro Freijomil, Aubrey Bell, Ángel Salcedo Ruiz, Eugenio Carré Aldao, Florencio Vaamonde Lores e mesmo dalgunhas anteriores como as debidas a Francisco Blanco, Leopoldo Pedreira, Juan de Armada y Losada, Emilia Pardo Bazán, Leandro de Saralegui y Medina ou Manuel Murguía. De case todos apunta algo Carvalho, case sempre a propósito non tanto da metodoloxía como da sensibilidade e gusto estéticos como parámetros críticos. Nese sentido, cabe afirmar que os historiadores que trata con menor distancia son Pardo Bazán e Carré Aldao.[24] Mais, consonte ao anticipado, ningún dos seus predecesores lle merece unha valoración plenamente positiva. Algo que podería chamar a atención é a ausencia de comentarios sobre o programa elaborado por Víctor Said Armesto para a obtención en 1914 da cátedra de Literatura Galaico-Portuguesa na Universidad Central. Ou, cando menos, se Carvalho non accedeu nunca a esa documentación, sobre as peculiaridades da traxectoria investigadora e da dimensión científica do historiador pontevedrés, aínda que controvertidas en certos planos, ponderadas moi positivamente por Carvalho andado o tempo (Carballo Calero 1972). Máis rechamante, se callar, é a ausencia de consideracións sobre o labor crítico-historiográfico do Seminario de Estudos Galegos (en adiante, SEG), que, fundado en 1923, tardou moito –dez anos– en activar a Sección de Historia da Literatura, unha das últimas en crearse. Cabe pensar, de feito, que se non fose pola morte temperá de Said Armesto a dimensión historiográfico-comparada dos seus estudos podería ter propiciado unha conexión co programa de intervención do SEG.

22 «Ó decir [poesía] galega entendo, como é natural, a poesía escrita na nosa língoa vernácula» (Carballo Calero 1931, 53).

23 Tamén se detén un momento a mencionar un libro que plaxiou o seu *Sete poetas galegos*. En concreto, o libro do avogado Francisco Carvajal Capella *Sentimiento y paisaje en la poesía gallega*, de 1956. Véxanse a este respecto as observacións que inclúe en carta de 1 de xullo de 1957 dirixida a Piñeiro (Carballo Calero, Piñeiro 2015, 172-4). E, igualmente, as súas declaracións a propósito da pregunta de Salinas Portugal sobre a posíbel existencia dunha escola crítica carvalhista, cuestión á que Carvalho contesta en termos negativos co engadido seguinte: «Eu creio que sobretodo fun plaxiado» (Salinas Portugal 1991, 53).

24 Ao nome da Condesa, engadirá noutro lugar o de Otero Pedrayo, aínda que como crítico do seu interese persoal máis ben (Blanco 1989, 126-7).

En realidade, a introdución desa referencia ao SEG está supeditada a unha pregunta específica que é obrigado formular: antes da guerra, en que instancias dos campos intelectual e institucional galegos se puido/podía decidir a quen correspondía escribir unha historia da literatura galega? Pendentes a Academia e a Universidade doutras axendas, case parece obvio que a resposta podería orientarse ao SEG. A súa Sección de Historia da Literatura foi dirixida desde a súa activación en 1933 por Filgueira Valverde, e nela participaron entre outros, ademais do propio Carvalho, Otero Pedrayo, Fernández del Riego, Iglesia Alvariño, Álvaro Cunqueiro e Fermín Bouza-Brey. Os labores fundamentais desta sección foron, segundo Filgueira (1978), os estudos sobre as conexións populares da lírica medieval, a elaboración dun inventario de textos dos chamados *séculos escuros*, o exame crítico do Rexurdimento e as análises sobre a etapa literaria contemporánea. Á marxe do anterior, pode ser de interese lembrar tamén os traballos que a Junta de Ampliación de Estudios encomendara á súa Comisión de Estudios en Galiza a partir de 1928, coa participación de persoas de prestixio, como Fernando Álvarez de Sotomayor ou Francisco Javier Sánchez Cantón.

Con todo, quizais sexa máis oportuno centrarse na etapa da ditadura, como xa o fixeron algúns investigadores.[25] A quen correspondía escribir esa historia da literatura despois da guerra? Quen se adxudicaba a responsabilidade? Quen tiña a lexitimidade? Tamén aquí debe observarse en perspectiva ampla o asunto, aínda que semella claro que –neutralizados polo franquismo o SEG, a Academia e a Universidade– foi o Grupo Galaxia quen aspirou a exercer un control pleno e quen tomou as decisións. Os resultados concretos viñeron da man das propostas historiográficas de Fernández del Riego e Carvalho Calero, persoas con moi diferente posición e capacidade decisoria no seo do grupo indicado, mesmo desde ben antes da fase de recusación do profesor ferrolán pola súa opción a prol do reintegracionismo en proximidade coas ideas de Rodrigues Lapa[26] (López-Iglésias Samartim 2005; Martínez Tejero 2014; Regueira 2020).

25 Entre outros, Torres Feijó (2002), Domínguez Mallo (2010), Figueroa (2010), Martínez Tejero (2012; 2014), García-Liñeira (2015) –traballo inédito que coñezo só por referencias–, Villanueva Gesteira (2015), Samartim (2017) e Regueira (2020, 123-36).

26 Por exemplo, Carvalho sempre aspirou a ser visto por Piñeiro e por Galaxia como algo máis que o crítico e o historiador literario do proxecto, mais, probabelmente, nunca o conseguiu. Sobre este particular véxase a recente achega de Xosé Manuel Dasilva, centrada nas lecturas críticas efectuadas por Carvalho d'*A esmorga* de Blanco Amor, aínda que con certa atención ao asunto que agora nos ocupa. Dasilva destaca ao respecto estas liñas dunha carta de 25 de xaneiro de 1957 dirixida por Piñeiro a Fernández del Riego: «O do teatro de Carballo é, dende logo, enoxoso. Eu fixen de barreira durante anos. Todo o mal ven do desaxuste entre as suas aspiracións e as suas verdadeiras dotes. Ten a teima de ser un gran [o subliñado é de Piñeiro] creador literario (poesía, novela, conto, teatro) i-en realidade é un gran crítico» (Dasilva 2020, 98).

En calquera caso, é conveniente contemplar o anterior en relación con outros proxectos. En especial, o da preparación, a partir de 1947, momento da decisiva viaxe de Otero Pedrayo a Buenos Aires, dunha historia de Galiza que dese continuidade ao moito avanzado polo SEG nese eido desde os momentos iniciais de actividade.[27] Sobre isto é do máximo interese o epistolario cruzado entre Filgueira Valverde e Otero Pedrayo (2009) –que non debe descontextualizarse do acontecemento que supuxo a incautación do SEG tras a sublevación do 18 de xullo– e tamén o preciso estudo introdutorio a ese volume a cargo de Ramón Villares (11-57), quen esquematiza con rigor o fundamental do caso: a existencia de dous proxectos alternativos para escribir aquela historia, o segundo como reacción urxente e urxida perante o primeiro, a *Historia de Galiza* dirixida por Otero Pedrayo. Non suxeito ao control directo do réxime e dalgún xeito secundado polo Grupo Galaxia,[28] este proxecto contou co xeneroso apoio económico do empresario Manuel Puente desde Buenos Aires, e rendeu froitos, aínda que de forma descontinua, a partir de 1962. O segundo proxecto, *Galicia Histórica*, finalmente non materializado como tal malia a obtención dalgúns resultados, sobre todo posteriores á morte do ditador, foi coordinado tamén desde 1947 por Filgueira Valverde e Sánchez Cantón desde o Instituto Padre Sarmiento, por tanto baixo o control das autoridades académicas e políticas do CSIC franquista.

27 A emigración e o exilio, particularmente no espazo rioplatense, puideron ter considerado a posibilidade de promoveren así mesmo unha historia da literatura galega, para cuxa preparación se contaba alí con suficiente masa crítica, considerable infraestrutura editorial e persoas capacitadas para asumir a dirección, comezando por Luís Seoane e Rafael Dieste. As obvias dificultades para o acceso á documentación mínima necesaria puideron empecer a iniciativa, en especial se esta non se entendese limitada á divulgación. Relativamente máis doada puido ser esa tarefa para os profesores exiliados nos Estados Unidos de América. Pénsese por exemplo en Ramón Martínez López, alí exiliado desde 1940, profesor durante tres decenios no Departamento de Linguas Románicas da University of Texas at Austin e membro fundador do SEG e da súa Sección de Historia da Literatura, autor ademais dunha historia da literatura galega do exilio republicano e dalgunhas aproximacións comparatistas aos estudos ibéricos. Martínez López dedicou numerosos traballos á investigación en literatura galega medieval, mais non chegou a materializar unha proposta historiográfica unitaria. Pénsese tamén, con condicións de base moi similares a estas e produción crítico-historiográfica de contrastado mérito, en Ernesto Guerra da Cal, profesor na City University of New York; ou en José Rubia Barcia, profesor na University of California, Los Angeles.

28 Que, en todo caso, en simultaneidade coa aparición da HLGC de Carvalho, encargaría a Xesús Ferro Couselo, vogal xa no primeiro Consello de Administración de Galaxia, unha historia de Galiza coa marca propia da casa editora.

2.4 Principios organizadores da historia da literatura en Carvalho Calero: alcance e limitacións

Carvalho non foi especialmente meticuloso á hora de puntualizar a súa concepción persoal da historia da literatura como disciplina nin a aplicación desta a un caso como o galego. Con probabilidade, non sentiu a necesidade de facelo en detalle. Se cadra, por ter en mente un público que non acharía de menos esa información ao ler a HLGC. Faltan así neste libro, e noutros, as sempre útiles precisións de primeira man sobre as lecturas concretas e os programas historiográficos que, baixo a consideración persoal do autor, foran sentando as bases para a selección dos principios organizadores do seu proxecto como historiador literario. De feito, o máis habitual nas súas publicacións é obviar as escolas e as pautas historiográficas e teóricas que inspiraron tal labor. Se callar, por estimar o profesor que fosen as habituais, as comúns a retos semellantes ao por el asumido. Ou polo propio talante e pola condición aparentemente solitaria e autodidacta que o caracterizaron durante os anos de dedicación docente,[29] incluída a etapa universitaria, como hai pouco relembraba José Luís Rodríguez, para quen Carvalho foi o auténtico 'inventor' da historiografía literaria galega (Torres Feijó et al. 2020, 69; máis en xeral, 68-101).

En efecto, Carvalho tivo sempre consciencia de ser autor dun modelo de historia da literatura nunca antes practicado no país. O fundamento desa convicción persoal foi cuádruplo, como xa se anticipou aquí: a autonomía de xuízo crítico respecto a idearios, estéticas/poéticas e intereses de grupo, o cal acaba sendo percibido no seu entorno intelectual e académico como correlato dunha «estricta ética cultural» (García-Sabell, en Carballo Calero 1979b, 7); o acceso directo, persoal e fiábel ás fontes documentais, nunca delegado a terceiros para o acto crítico de lectura; un propósito totalizador e exhaustivo sobre a produción estudada; e, por último, unha aposta pola sistematicidade orgánica. Trátase de aspectos que foron destacados nalgunha medida tamén por algúns dos analistas do seu proceder como crítico e como historiador da literatura[30] (García-Sabell, en

29 Miguélez-Carballeira advertiu sobre os excesos dun vocabulario de gabanza e exaltación masculina da produción crítico-historiográfica de Carvalho a partir de usos semellantes a este que aquí se acaba de introducir, descifrábel no seu criterio, en última instancia, como o tropo do heroísmo solitario (2012, 379).

30 É escasa a bibliografía específica focalizada estritamente sobre este sector da produción de Carvalho, cuxa HLGC tampouco recibiu máis que algunha recensión crítica no momento da publicación (por exemplo, de Xosé María Álvarez Blázquez) e non foi obxecto de estudos académicos monográficos, aínda que si de artigos en revistas especializadas e de capítulos de libros, como os asinados por Miguélez-Carballeira (2012; [2013] 2014, 159-203), e por suposto de anotacións, esexeses ou análises de máis amplas coordenadas.

Carballo Calero 1979b, 5-7; Blanco 1984; Rodríguez Sánchez 1990, 36-7; Salinas Portugal 1991, 15-22; Torres Feijó 2002), e que aparecen tratados, mesmo con certa detención, nalgunha fase dos apartados que os seus entrevistadores dedicaron a ese sector da súa produción (Fernán-Vello, Pillado Mayor 1986, 153-71; Blanco 1989, 109-76; Salinas Portugal 1991, 51-6). En relación con isto último, debe facerse notar o feito innegábel de que Carvalho –a instancias de preguntas intelixentemente formuladas– chega a trazar ao final un autorretrato bastante completo de si mesmo como historiador da literatura, por tanto tamén dos seus procedementos e método, aínda que este último termo creo que é de aplicación cuestionábel para un caso como o da HLGC. Axiña se verá por que. Con certeza, esa autopercepción, máis veces reiterada de xeito maquinal que impugnada con fundamento, é, como todas as autoimaxes, susceptíbel de matizacións e digna de réplica. Sería proveitoso, doutra parte, observar algo en que aquí non hai espazo para deterse: os modos en que, en canto operativos discursivo-metodolóxicos, tamén en canto dispositivo –isto no sentido agambiano–,[31] aquelas decisións de Carvalho, e outras que de seguido se explorarán, influíron no curso posterior da historiografía literaria galega nos diversos espazos ideolóxicos, institucionais e académicos actuantes. E isto a partir xa de propostas como as de Basilio Losada e Pilar Vázquez Cuesta nos anos inmediatos á terceira edición da HLGC, continuadas por outras de autoría individual ou colectiva até a actualidade.

Aínda sendo en esquema, hai algunhas chaves que deben ser destacadas. En primeiro lugar, certas condicións de partida. Carvalho asume que o que fixo propiamente foi asumir encargos –o da HLGC, o da *Gramática* e outros– que lle viñeron dados e que desenvolveu despois de forma disciplinada e leal para contribuír a cubrir carencias detectadas polo galeguismo de Galaxia, de forma parecida por tanto á aplicada durante os seus decisivos anos de formación no SEG (Blanco 1989, 112-14). Esa asunción implicou en boa medida, cando menos en principio, unha asimilación do programa político e cultural de Galaxia e unha conciencia de pertenza a un núcleo específico, o dos ensaístas do grupo (Piñeiro, Del Riego, García-Sabell e Celestino Fernández de la Vega), e de proximidade intelectual e ideolóxica co propio Piñeiro na súa percepción, por exemplo, do marxismo, da fenomenoloxía ou do pensamento existencialista (Blanco 1989, 133-6), se ben Carvalho integra de modo crítico e matizado certas posicións esencialistas do piñeirismo para a delimitación das marcas cultu-

31 «[C]hamarei literalmente de dispositivo qualquer coisa que tenha de algum modo a capacidade de capturar, orientar, determinar, interceptar, modelar, controlar e assegurar os gestos, as condutas, as opiniões e os discursos dos seres viventes» (Agamben 2005, 13).

rais nacionais.[32] Doutra parte, o Grupo Galaxia tiña no momento de facer aqueles encargos confianza plena no criterio e capacidades de Carvalho para o desenvolvemento das tarefas adxudicadas e a activación dunha tradición crítica propia[33] (García-Sabell en Carballo Calero 1979b, 6).

Figuraría en segundo termo a complexa dialéctica entre exhaustividade e excelencia, ou entre rexistro totalizador e canon. Carvalho salienta en diferentes lugares o carácter humilde da produción literaria galega ao longo das Idades Moderna e Contemporánea. Pero, probabelmente por coñecer os usos do historicismo positivista europeo, e xa antes o rendemento dos catálogos, bibliotecas e apoloxías típicos da erudición do século XVIII, aspira, tamén a este respecto, a encher baleiros –os da historiografía literaria ausente, a non feita malia o avanzado por Murguía e outros–, e así homologar a historia da literatura galega con outras historiografías continentais que realizaran, ben antes, o esforzo de catalogar practicamente todo o escrito en cadansúa lingua. Por iso afirma:

> Catalogar sistematicamente o producido e apontar unha certa xerarquía de valores entre esa produción parecíame indispensábel para seguir traballando cun pouco de sentido histórico. (Blanco 1989, 165)

De forma quizais paradoxal, o propósito trazado aspiraba así a conciliar dous designios: o de tratar en conxunto a literatura galega como calquera outra –como se fose *espléndida*, con entusiasmo analítico, «como se fose a literatura grega», dille a Fernán-Vello e Pillado Mayor (1986, 159-60)– e o de examinar as obras e autores concretos co máximo de frialdade, desactivada toda hipérbole, toda sobrevaloración, toda frivolidade crítica, en especial alí onde cabería presupor unha coincidencia en idearios, crenzas, valores… cos propios do historiador (de certo, o autor activara estas pautas nas súas primeiras

32 Sobre o perfil ideolóxico de Carvalho e a súa evolución no tempo véxase tamén Rodríguez Sánchez 2011 e Beramendi 2007 e 2020, ademais de todo o que se fala sobre tal extremo nos libros de entrevistas debidos a Fernán-Vello e Pillado Mayor (1986), Blanco (1989) e Salinas Portugal (1991). Na entrevista que me fixo *Galiza Nova* en maio de 2020 sobre a figura do autor tiven oportunidade de concretar a miña persoal interpretación a este respecto (*Galiza Nova* 2020).

33 Naturalmente, o encargo editorial, igual que o encargo feito por unha corporación, unha asociación ou un grupo de opinión, implica unhas certas condicións e pautas para o suxeito que o recibe e finalmente o materializa. Desde unha perspectiva sociolóxica da literatura nada disto pode ser ignorado. Véxase a este respecto o número monográfico «Logiques de la commande (XXe-XXIe siècles)», publicado na revista *COnTEXTES* (Chassain et al. 2020).

publicacións críticas na revista *Nós*).[34] Por esa vía, Carvalho pensou que podía concretarse un canon sólido e duradoiro, blindado de feito, que para el estaría encabezado de xeito inequívoco por Rosalía e, en segundo plano, por Pondal (Blanco 1989, 130-1); unha Rosalía que para tratar de que funcionase como referente universal, Carvalho masculinizou cedendo espazo a máis dunha contradición (Miguélez-Carballeira [2013] 2014, 194-203). No contrapeso destas opcións aparece outra sen dúbida controvertida, a de non prestar exceso de atención á produción dos autores novos, isto sobre o vello convencionalismo filolóxico de tratar só coas obras do pasado, asociadas a traxectorias conclusas. E con este preconcepto, outros, os habituais en toda lóxica heteropatriarcal, con introdución de reservas máis ou menos explícitas á experimentación, ao heterodoxo, ao 'desviado' nalgún sentido para unha dada ética, unha dada axioloxía, un dado sentido común.

En fin, xa en terceiro lugar, o fragoso asunto da metodoloxía, non desconectado do anterior. De entrada, cabería afirmar que en Carvalho non hai método propiamente dito. Hai procedementos críticos e historiográficos máis ou menos previstos, ponderados, testados nun contínuum epistemolóxico de base idealista con algunhas concesións antropolóxicas e sociolóxicas, mais non hai método historiográfico-literario en puridade. El mesmo recoñeceu algo non desemellante ao que anoto. E por dous motivos, alegaba. Ante todo porque, no seu criterio, cada autor –observación de máis que cuestionábel teor croceano– demandaría unha vía de acceso *ad hoc*, polo que sería absurdo aplicar pautas metodolóxicas homoxéneas para elucidar obras afastadas entre si. E tamén –de novo, xulgo sorprendente a anotación–, porque o esforzo de aplicación do método non pagaría a pena para a análise de autores e obras secundarios, resultaría mesmo dunha «pedantaria perversa» (Fernán-Vello, Pillado Mayor 1986, 157-60; cita en 158). Máis adiante veremos a razón de ser última que explicaría estas opinións.

A ausencia dun método firme non presupón na práctica historiográfica de Carvalho que se renuncie a dialogar coas teorías literarias fundamentais dos séculos XIX e XX que dunha ou doutra maneira o atraeran intelectualmente (Blanco 1989, 118-28; Rodríguez Sánchez 1990, 36-7). Entre elas, o historicismo, a erudición positivista, o biografismo, o comparatismo de base internacional (non supracional), o

34 É peculiar o modo en que baixo determinadas posicións se considerou –con probabilidade, segue a facerse– que o compromiso co coñecemento e co rigor debe ir acompañado por factores de índole emocional ou afectiva no labor historiográfico en xeral e historiográfico-literario en particular. Rodríguez Sánchez (1990, 39), por exemplo, falou do ineludíbel «amor pola realidade estudada» para evitar a mediocridade última en tarefas como a de trazar a historia de literaturas minorizadas como a galega. É discutíbel que o axuste entre os dous designios explorados por Carvalho na HLGC fose exactamente nesa dirección.

formalismo ruso, o estruturalismo e moi especialmente a estilística, algo –isto último sobre todo– que, con certeza, el propio trasladou aos seus discípulos. A pegada da escola filolóxica española e do Centro de Estudios Históricos madrileño é innegábel. Carvalho mostrou no seu diálogo con Blanco un respecto especial por Ramón Menéndez Pidal e Dámaso Alonso. Mais sobre este conxunto de referentes –que recoñece ter aplicado en estudos de caso específicos sobre Dieste (o formalismo) ou Pondal (a estilística)–, e mesmo sobre a consideración doutros teóricos e críticos, como Gustave Lanson[35] ou Leo Spitzer, ou da atención a disciplinas como a filoloxía, a retórica, a sociolingüística, a estética, a semiótica ou a historia cultural, Carvalho recalca a primacía absoluta do seu eclecticismo e sincretismo metodolóxicos (Blanco 1989, 170). Nesa armazón harmonizadora de fórmulas, confiada no sentido persoal do gusto e do discernimento, non chega a conxurarse, malia o indiscutíbel rigor analítico e hermenéutico de base, o fascinio de ceder espazos á intuición e á impresión críticas. E isto redunda de novo na minoración do método historiográfico-literario.[36]

Outra vertente interesante de calquera articulación dunha historia da literatura é a periodolóxica, vinculada ou non a poéticas concretas, como simbolismo ou vangardas históricas, por caso. Neste ámbito, Carvalho mostra sagacidade a propósito dos problemas específicos que recaen sobre as literaturas periféricas e as culturas minorizadas. Tamén aquí, Rosalía é a autora que lle permite calibrar axustes propedéuticos. No seu caso, entre romanticismo e realismo. Carvalho observa o xeito en que se anovan os repertorios nas literaturas periféricas: faríano en función de interferencias externas marcadas por dúas características básicas, chegaren tarde e chegaren debilitadas, polo que converxerían con modelos anteriores e orixinarían produtos esteticamente híbridos, quizais non plenamente homologábeis cos poeticamente 'puros' de orixe.[37] Sexa como for, esa pauta é decisiva para a súa comprensión dos ritmos histórico-literarios da literatura galega.

35 Carvalho parece ter asimilado en profundidade na súa praxe historiográfica as célebres leis da historia da literatura formuladas por Lanson a principios do século XX.

36 Cf. Salinas Portugal 1991, 21. Tamén o observado por Rodríguez Sánchez (1990, 37) sobre a inevitabilidade do eclecticismo metodolóxico de Carvalho, en función da precariedade do momento histórico en que emprendeu a tarefa e da ausencia de suficiente información publicada complementaria en ordes como a histórica, a lingüística ou a social. Sen dúbida, o déficit xeral dos sistemas cultural e académico galegos durante a ditadura condicionou unha proposta á que sería absurdo, e ridículo, restar méritos, lexitimidade ou importancia. Isto é unha cousa, a cuestión do método é outra.

37 Véxase: «Antre nós o realismo mistúrase co romantismo de todos os xeitos posibres. Agora interesa unha caracterización naturalista da nosa vida popular. Acentúase o ruralismo e o costumismo nas nosas letras» (Carballo Calero [1963] 1981, 15).

2.5 Cabo

O desempeño académico e intelectual dun determinado suxeito histórico sometido a estudo, a través da súa obra ou da súa traxectoria, debe contemplarse, como calquera outra actividade social, en perspectiva relacional. Así o suxire a socioloxía funcionalista e así o demanda un método como o posto en práctica por Pierre Bourdieu. Isto implica ter moi presente, contra toda idealización e abstracción, a articulación de *habitus* e prácticas sociais, tamén as coordenadas xerais de institucionalización en que se enmarcou a actividade social analizada (no sentido observado xa por Lanson, ou máis recentemente por Jacques Dubois, Xoán González-Millán ou Paul Aron), a xestión dos capitais en xogo (o simbólico é decisivo a propósito do que aquí se trata) e, con certeza, o espazo dos posíbeis en que se situaron aquela intervención e tomas de posición. Isto último non só porque non sempre é posíbel dicir/escribir o que se quere dicir/escribir, senón ademais porque mesmo o que se quere pensar está en boa medida determinado polo que é posíbel pensar, proxectar, programar… nunhas circunstancias históricas dadas e nun certo estado de campo. O papel que cumpre ao analista non é o de xustificar ou lexitimar o analizado, identificándose candidamente con aquilo que aproba ou 'bendí'. Tampouco o contrario, xaora. Sempre é complicado desmarcarse das doxas en xogo, mais a función do analista da historia e da cultura debera ser contribuír a pór en claro o conxunto de condicións en que aconteceu o que aconteceu. E para facelo non é preciso adoptar en exclusiva o procedemento de base filolóxica de tratar de entender os textos (tamén os historiográficos) no seu específico contexto. Debe terse en conta así mesmo que ninguén está capacitado para ollar o pasado desde un punto cero, desligado do seu propio presente e actualidade. Por iso é razoábel, mesmo acaído, someter a relecturas críticas o feito por axentes como Carvalho Calero como escritor, investigador e académico. E facelo coas ferramentas e epistemoloxías do presente –non hai vantaxismo crítico nisto–, tendo en mente o que supuxeron as crises e debates da historia e da historia da literatura no último século. Obviamente, non porque aquelas ferramentas e epistemoloxías fosen as súas, senón porque son as nosas, as que nos cadraron a nós. Esa dialéctica é a que se precisa para exercer o xuízo crítico, que en primeira instancia non ten por cometido nin enaltecer nin desloar ninguén, senón coñecer e dar a coñecer.

Como historiador da literatura galega, Carvalho desempeñou un papel por completo decisivo. Segundo el propio sabía, coa HLGC estabelecíase un antes e un despois naquel campo. Diso nunca coubo dúbida. Ora ben, na súa condición de autor, Carvalho optou. Decidiu o que conviña e o que non aos seus procedementos e operativos metodolóxicos. Decidiu quen, como e en que lugar ingresaba no canon, por exemplo. E de par disto, tamén que repertorios temáticos, xenolóxi-

cos, culturais, estilísticos, sociopolíticos... entraban igualmente no que considerou merecente de canonización. E, xa antes, cales serían as bases e valores dese canon, o que en termos técnicos chamamos *canonicidade*, inelutabelmente unida a unha determinada axioloxía e a unha doxa. Con certeza, esas decisións foron aparentemente libres e individuais, mais foron igualmente de grupo como tomas de posición; condicionadas, por tanto, por un poder simbólico. Corresponderon, o máis do tempo, ao que Galaxia considerou que debía ser: concordaron coa doxa institucional e cultural do grupo, cunha concreta actitude dóxica, de se preferir.[38]

Pois ben, considero que a determinación crítica de Carvalho, no dobre sentido do substantivo, é o elemento fundamental caracterizador do resultado da súa proposta historiográfico-literaria. Xa se viu en páxinas anteriores que non existen propostas historiográficas acríticas, isto é evidente. Como tamén o é que non hai historia nin tampouco historia literaria, nin filosofía da historia, que non se fundamente en eleccións teóricas previas. Sobre isto, debe reiterarse a singularidade de que Carvalho fose tan reservado coas fontes empregadas, coas lecturas. Nin polos seus escritos públicos, nin polos epistolarios editados nin polas entrevistas e declaracións que saíron á luz sabemos cales eran os seus modelos historiográficos nin historiográfico-literarios, que historias literarias consideraba que podían funcionar nalgunha maneira como modelos da que el quería facer e fixo. As alusións son escasísimas –algunha, como a de Montoliu, foi mencionada aquí– e non ofrecen maior seguridade sobre case nada.

A propia apelación a un «sistema literario» xa en 1955, que considero que Carvalho tivo presente sempre na súa concepción do que debe ser unha historia da literatura e do que podía ser a súa HLGC, aparece daquela sen filiación nin conexións teóricas específicas. E só tras considerar a fondo as posibilidades reais, pode chegarse á conclusión de que, se ben naqueles anos circulaban algunhas propostas internacionais sobre o concepto de sistema literario –desenvolvidas por autores tan relevantes como Ernst R. Curtius na Alemaña, Antonio Candido no Brasil ou Claudio Guillén nos EUA (este con anticipos en revistas como *Filologia Romanza* xa en 1957), ademais das existentes en espazos académicos checos e eslovacos, na altura case inaccesíbeis non só por motivos lingüísticos–, Carvalho tivo que recibir esas elaboracións, que remitían case todas a traballos publicados en ruso a finais dos anos vinte por Iuri Tinianov e Roman Jakobson, a través do elo básico que conectou toda aquela elaboración funcionalista co mundo hispánico. Ese elo foi indubidabelmente René Wellek, ligado

38 A doxa non se limita na teoría bourdieusiana ao que habitualmente denominamos *opinión*, senón que conforma un sentido común, unha ideoloxía que se asume e non se observa como problemática nin necesitada de discusión pública, pois a doxa é o indiscutido (Bourdieu 1989, 13).

cando novo coa Escola de Praga, quen en publicacións especializadas examinou esa tradición teórica, pero que na súa colaboración nos EUA con Austin Warren para publicar *Theory of Literature* (1949) obviou igualmente orixes e converxencias conceptuais fundamentais, que, por tanto, tampouco pasaron á tradución ao castelán desta obra na editorial Gredos no ano 1953, volume moi utilizado por Carvalho. O capítulo XIX dese volume, redactado por Wellek e titulado «Literary History» (Wellek, Warren 1949, 263-82), atento á concreción do período literario como «system of norms embedded in the historical process» (278), foi con toda probabilidade unha lectura de referencia para o Carvalho historiador da literatura.

Regresemos xa, para concluír, á determinación crítica de Carvalho, non tanto á súa vontade e aspiración de exercitar esa dedicación como ao feito do seu labor historiográfico estar determinado e pautado pola súa preocupación crítica. Xurdira esta, segundo foi sinalado, dunha constatación básica: a inexistencia dunha tradición crítica constituída en Galiza desde o rigor e non desde a militancia. Nacera asociada, pois, a unha convicción consecuente: a da necesidade de superar aquela fase para dar paso a outra en que se consolidase o que o autor chamaba 'crítica científica', sustentada en fundamentos teóricos sólidos, na exclusión de todo sectarismo e na sistematización dos xuízos avaliativos. Porén, de igual maneira que non existe posibilidade de conformar unha historia da literatura á marxe da crítica, debe afirmarse que só con crítica non se constitúe unha historia da literatura.

E algo do anterior debe recoñecerse que acontece na HLGC, quizais xa polas circunstancias da súa propia ideación e do propio proceso de preparación e escritura, coas limitacións propias de tempo e espazo en Fingoi (Blanco 2011; Herrero Figueroa 2020), tan sometidas a aquel fluír entrecortado e algo sincopado de información procedente de Vigo e en menor medida de Compostela. Non se trata, enténdase ben, de que a proposta de Carvalho configure en función do anterior unha serie de traballos críticos xustapostos, relativos a aqueles cumes do sistema dos que falaba o autor xa en 1955 e volvía falar na HLGC –o canon–,[39] relativos tamén aos vales e ás chairas daquel sistema, se lle dermos continuidade alegórica á fórmula. Non é iso exactamente. Carvalho, con certeza, non tivo como preocupación exclusiva, talvez nin sequera fulcral, xerarquizar a produción literaria galega catalogando e calibrando autores en función da súa importancia e influencia posterior. Mais é probábel que na súa HLGC haxa unha presenza relativamente exigua dos procesos históricos da vida literario-cultural galega e das interaccións entre os axentes que

39 «A liña de alturas asinalada polos nomes de Rosalía, Pondal e Curros, deseña o perfil culminante do sistema literario galego do século XIX» (Carballo Calero [1963] 1981, 401).

serviron de base ao seu desenvolvemento, tamén das condicións de novo procesuais de constitución dos repertorios e os gustos literarios, das coordenadas sociais e económicas que permitirían identificar os períodos literarios e as súas transicións, dunha observación en profundidade do que se entende por cambio literario e da proxección disto ao curso histórico, ou, en fin, da dimensión institucional do literario. Aí estaría (tamén) unha historia da literatura galega. Non só na atención crítica detallada, exacta e fiábel a obras e autores.

No entanto, o estado do campo académico galego nos anos cincuenta e sesenta é obvio que non habilitaba un espazo de posíbeis máis folgado. Ademais, sería inxusto aseverar que Carvalho se desentendeu de dimensións como as sinaladas, presentes sobre todo no inicio dos sucesivos capítulos da súa proposta historiográfica. É máis, os capítulos novos que incorporou a partir da segunda edición da HLGC, comezando por «A literatura postrenacentista», acentúan esa clase de observacións nas respectivas introducións. É doado constatalo por comparación discursiva e informativa das aperturas correspondentes aos capítulos dedicados a Eduardo Pondal e á época das Irmandades.

3 Paratexto e nación. Lectura comparativa do nacional nos prólogos das historiografías literarias ibéricas do último cuartel do século XX

Sumario 3.1 Paratextualidade e espazos culturais: pautas na historia literaria recente. – 3.2 O lento ocaso da historia literaria. – 3.3 Prologar / Prorrogar a nación.

La historia es futuro. (Max Aub, «Nota preliminar», *Manual de Historia de la literatura española*, 1974)

3.1 Paratextualidade e espazos culturais: pautas na historia literaria recente

Acaso pareza estraño falarmos de historiografía literaria a propósito das mudanzas socioculturais que no marco ibérico sobreviñeron ou se activaron no último cuartel do século XX. Por iso mesmo comezarei defendendo que na historiografía literaria conflúen dúas marcas que a fan moi atractiva para unha exploración sociocultural. A primeira

É grato deixar constancia da amábel axuda bibliográfica prestada polas profesoras Mercè López Casas, da Universidade de Santiago de Compostela, Iratxe Retolaza, da Euskal Herriko Unibertsitatea, e Mercè Picornell Belenguer e Margalida Pons, da Universitat de les Illes Balears. A Margalida Pons debo ademais unha atenta lectura do capítulo e unha serie de suxestións que melloraron notabelmente a formulación inicial.

deriva da súa dimensión postuladora e planificadora, performativa se se quer, posto que a historia literaria funda ou avala a través do seu discurso unha tradición e elabora á vez un relato identitario.[1] A segunda deriva da súa dimensión documental e testemuñal, relacionada sempre co prisma crítico que toda historiografía comporta, máis aínda se a historia se referir á produción artística (convimos que a literaria entra nesas coordenadas) e introduce parámetros nalgunha medida axiolóxicos e canonizadores. Permítaseme fixar de inicio, en consecuencia, algunhas posicións xerais que contribúan a situar mellor o que desexaría indagar a propósito dos programas e as solucións concretas ofrecidas pola historia literaria no contexto de mudanza aludido. Referireime en primeiro termo ás coordenadas espaciais e despois fareino á condición disciplinar da historia literaria no dominio dos estudos literarios. O traballo finalizará analizando cales son o lugar heurístico e as funcións discursivas dos prólogos historiográfico-literarios nas coordenadas concretadas polo seu título.

As coordenadas en que nos situamos son, para nos entender, as ibéricas. Escribo «para nos entender» e complemento que o fago tendo conciencia de que todo rótulo asenta unha percepción e postula unha lectura da realidade con capacidade directiva e performativa. Falarmos das culturas ibéricas (pre)significa a incorporación de diversas realidades nacionais comprendidas non só nos dous espazos estatais –o español e o portugués– declarados a primeira vista pola cartografía ao uso, tamén cargada de performatividade ela mesma, igual que toda representación e todo acto ou soporte comunicativo. Esas realidades nacionais, cinco na perspectiva que aplicarei, conteñen á súa vez descontinuidades internas –*rexionais*, podería indicarse, de se aceptar que calquera área xeocultural é susceptíbel de ser contemplada como sumatorio *a priori* indefinido de subáreas ou territorios e se constitúe ela mesma en *rexión* dunha ou máis áreas de amplitude maior–, que alcanzan tamén importancia na esfera da historia literaria, con propostas específicas merecedoras de atención a propósito dos obxectivos agora trazados (Casas 2005). O que nos permite tratar todo o anterior de modo conxunto, antes que o factor político-administrativo, entendo que son os factores histórico, socio-

1 Percibiuno con claridade José Antonio Cid na súa «Nota del traductor» a *Historia social de la literatura vasca*, de Ibon Sarasola ([1971] 1976, 5-9). Nela chégase a manexar, a propósito do marco apropiado dunha planificación cultural, referencias nacionais externas tan diversas como a irlandesa, a galega, a catalá ou a hebrea. Anuncio xa que por descoñecemento lingüístico non puiden consultar bibliografía publicada en éuscaro, se ben é notorio e digno de análise o feito de que a historiografía literaria vasca optase tradicional e maioritariamente polo uso do castelán, en detrimento do éuscaro e mesmo do francés. Contei, en calquera caso, co diálogo e a orientación permanentes de Iratxe Retolaza, profesora de Literatura vasca na Euskal Herriko Unibertsitatea e autora dun traballo académico sobre esta temática que tiven o honor de orientar na Universidade de Santiago de Compostela (Retolaza 2009).

lóxico e xeocultural compartidos. Con isto propoño aceptar, cando menos de entrada e en sentido operativo, as propostas desenvolvidas nos pasados anos setenta e oitenta pola Escola de Bratislava,[2] en particular por Dionýz Ďurišin.

A desaparición das dúas prolongadas ditaduras ibéricas, salazarismo e franquismo, produciuse nun segmento temporal de ano e medio, certo que con condicións de desenvolvemento moi diferentes, pois un caso supuxo a creba acelerada do Estado Novo (1933-1974) a través dun proceso revolucionario, resultado en alta medida das guerras coloniais, e o outro supuxo unha gradación de cambios, en orixe destinados á reforma e axuste do chamado Movimiento Nacional (1936-1975),[3] cuxa Ley de Principios mantivo vixencia supra-orgánica até a incorporación dunha disposición derrogatoria na Constitución de 1978.

Un indicio clarificador do xeito en que os ritmos da realidade social e política acaban determinando unha renovación da axenda académica no marco dos estudos culturais e literarios constitúeo a breve pero substanciosa nota editorial que en maio de 1974, moi poucas semanas despois do estalido da *revolução dos cravos*, escribían en *Colóquio/Letras* quen eran codirectores da revista desde a súa creación en 1971, Hernâni Cidade e Jacinto do Prado Coelho (1974), catedráticos universitarios e historiadores da literatura portuguesa. Eis o que declaraban:

> os acontecimentos memoráveis ocorridos em Portugal desde 25 de Abril têm que ver, e muito, com a literatura e os estudos literários. Trazem-nos decerto horizontes novos à criação, prometem um enriquecimento do homem na sua ampla dimensão humana, uma vida mais plena – e uma nova linguagem. A revista *Colóquio/*

2 Véxase a clara panorámica de César Domínguez (2005) sobre as posibilidades desta proposta metodolóxica para unha aplicación comparatista ao ámbito ibérico.

3 Resulta ilustrativo o repaso que en 1961 fixo o réxime dos seus vinte e cinco primeiros anos de goberno no libro *El Nuevo Estado español*. O groso volume, de máis de oitocentas páxinas, abríase cun discurso do xeneral Franco nas Cortes, para, a partir de aí, facer conta dos 'logros' alcanzados nas distintas parcelas da vida pública e institucional. O sétimo apartado, «Cultura y Educación», incorporaba como peche o capítulo «La literatura española», asinado por Gonzalo Torrente Ballester (en Franco Bahamonde et al. 1961, 773-91), sobrio e esquemático, embora moito máis nesgado no seu tratamento do exilio que os desenvolvementos previos do autor como historiador literario. A inclusión dos éxitos culturais, artísticos e literarios no balance de vinte e cinco anos de Movimiento Nacional deixa ver algo sobre os usos públicos da historia (non só da literaria) como disciplina. Un dos capítulos máis fervorosos do volume é probabelmente o titulado «La evolución de la España de ultramar» (115-98), a cargo de José María Cordero Torres e Julio Cola Alberich. Nel lense argumentos que afectan á construción da historia cultural oficial do franquismo. Estes, por exemplo, de gramática tan volúbel como arraigado é o ideario de fondo: «La colonización bien llevada logra conseguir el resultado óptimo, cual es la transformación de la propia personalidad del pueblo colonizador al colonizado, la función ética, cultural y religiosa, surgiendo así biológicamente una distensión y desarrollo naturales de la soberanía nacional» (119).

> *Letras* manifesta o seu júbilo pelo movimento libertador, fruto da bravura e da generosidade dos soldados identificados com o povo. Integrada na revolução em curso (a que nem faltam o alor e a força da poesia…), propõe-se contribuir, com redobrada confiança, para a renovação mental da sociedade portuguesa, continuando a valorizar, numa pluralidade de vozes e perspectivas, o património da nossa literatura. (Cidade, Coelho 1974, 5)

A nota deixa entender, segundo é apreciábel, non só o feito incontrovertíbel de que sociedade e literatura van ineludibelmente xuntas senón, ademais, que nesa conxunción entra así mesmo a linguaxe. E algo máis: os codirectores desta prestixiosa e influente revista literaria, base crítica de fundamentación para a historiografía literaria coeva e posterior, facían notar naquel mes de maio de 1974 que asumían o reto 'revolucionario' de abriren o repertorio de autores da literatura nacional para, en definitiva, emprender a tarefa de ampliar e rectificar o canon. Aseguraban isto un Cidade que naquel momento tiña 86 anos e un Prado Coelho que daquela, con 54 anos, era catedrático en activo da Universidade de Lisboa e dirixía ademais a Academia das Ciências de Lisboa.

O certo é que en perspectiva histórica aqueles dous procesos ibéricos de saída de réximes en orixe (pseudo)fascistas e autocráticos, e posteriormente *só* ditatoriais ou autoritarios, viñeron desembocar xa nos anos oitenta en solucións parecidas en termos políticos, quizais non tan converxentes no terreo sociocultural e con certeza disímiles no que afecta á comprensión do nacional, substantiva sempre cando se fala de historia literaria. Tamén parece certo, desde a perspectiva que aquí importa, que ambos os procesos históricos coñeceron momentos homologábeis desde o punto de vista das funcións atribuídas nun e noutro caso á historia literaria nacional, ao seu lugar académico e institucional, aos métodos aplicados ou á tipoloxía dos discursos habilitados para facer historiografía literaria. Pero isto último conduce xa a un contexto disciplinar, e entón outras cuestións pasan a primeiro plano. Unha das inmediatas é dirimir se as mudanzas rexistradas no espazo das prácticas socioculturais e no do discurso programático institucional chegaron ou non a proxectarse sobre a historiografía literaria. Semella que a resposta podería ser afirmativa. Éo de feito, con certeza. Cuestión distinta é a da cualificación desa mudanza, a da gradación real dese impacto social e político sobre a historia literaria en relación con algúns vectores significativos, entre outros o identitario e varios máis, nalgún sentido subsidiarios, da concepción formalizada da identidade nacional. O máis importante destes seguramente sexa o relativo ao canon, que afecta de certo, de maneira máis que directa, a unha realidade histórica, o exilio, que a día de hoxe continúa sen saber tratarse desde o punto de vista historiográfico-literario. Contemplado con frecuencia como unha sorte de heterotopía que

importuna, como un limbo de excepcionalidade que convén encaixar como moito nalgún epílogo, o tratamento historiográfico do exilio artístico e literario continúa subordinado ao tronco de lexitimidade asociado ao feito de ter permanecido 'aquí', represente este adverbio o que represente.[4] De modo que esa propensión, ese *habitus* profesional, fai que a produción literaria e cultural dos distintos exilios ibéricos se vexa confinada en máis ocasiones das admisíbeis ao reduto exclusivo de quen os estudan, como se iso fose só 'cousa' deses especialistas. Neste punto direi que, cando menos na miña valoración, boa parte dos cambios disciplinares na concepción e alcance da historia literaria foron máis declarativos e formularios que efectivos. Isto podería deberse, non con exclusividade, ao pobre papel institucional e social da universidade na vida política e cultural das nacións ibéricas, tanto na etapa preconstitucional como na iniciada tras o ocaso das ditaduras.[5]

Conveñen se cadra algunhas precisións complementarias antes de continuar. A inicial refírese ao propio concepto 'literatura nacional', en permanente reaxuste teórico-comparado, aínda que, como concepto susceptíbel de debate, moito menos dinámico e sometido a controversia no plano estrito polo que aquí nos interesamos máis, o das historiografías literarias de diámetro nacional. A explicación máis probábel para este feito –que o cuestionamento conceptual da idea de 'nación', con derivación ou non ao terreo do posnacional,[6] e mesmo da idea correlativa de 'literatura nacional', apenas incidise na historiografía literaria– ten a ver coa funcionalidade pragmática e performativa da disciplina, sobre todo no mundo escolar e xa desde comezos do século XIX; se ben existen tamén obvios condicionantes académicos, e en especial políticos, na decisión de non debater o entendemento da nación (e da literatura nacional), segundo sinalou de forma reiterada Homi Bhabha entre moitos outros analistas.

O que se pretende resolver a seguir é bastante sinxelo en relación co até aquí introducido. Limítase ao intento de concretar unha

4 Con certeza, a do exilio non é a única exclusión. Referinme noutros traballos a esta clase de asuntos e á emerxencia subseguinte de formas contra-historiográficas.

5 Probábel consecuencia directa da entrada das redes de poder e influencia franquista e salazarista na universidade, coa consecuente eliminación ou exclusión de elementos e núcleos de resistencia á nova situación. Resulta clarificador o prólogo de António José Saraiva ao primeiro volume de *Para a História da cultura em Portugal*. Saraiva denuncia nesas páxinas, presentes xa na edición orixinal de 1946, que o ensino universitario en Portugal é unha simple convención, xuízo que desenvolve con pormenor posteriormente (Saraiva 1980, 9-20).

6 Segundo foi xa indicado noutros lugares deste volume –nomeadamente na parte final da epígrafe «O sistema-único en perspectiva funcionalista» do capítulo terceiro–, o paradigma posnacional proxectado sobre os estudos galegos consolidou nos últimos quince anos, sobre todo en universidades do mundo anglófono, unha nutrida liña de achegas que a curto ou medio prazo é bastante probábel que incida nas síntese historiográfico-literarias por vir.

descrición crítico-comparada dalgúns prólogos representativos das historias literarias que marcaron a traxectoria da disciplina a partir da restauración democrática dos anos setenta, para o cal teranse en conta propostas seleccionadas dos ámbitos catalán, español, portugués, galego e vasco. A atención aos prólogos non pretende esgotar ningunha análise, pero constitúe en por si algo máis que unha preparación para unha empresa de maior envergadura, como podería ser a de estudar comparativamente as historias literarias ibéricas na súa integridade. O obxectivo prioritario que aquí se asume pode formularse tamén destoutro xeito: do que se trataría é de identificar e analizar núcleos de problematicidade e/ou problematización da historiografía literaria desenvolvida a partir dos procesos ibéricos de restauración democrática no último cuartel do século XX.

Segundo é ben coñecido, o estudo dos prólogos como clase de texto e como documento experimentou un interesante xiro nos anos oitenta do pasado século desde o momento en que Gérard Genette comezou a ampliar a súa noción da paratextualidade en *Palimpsestes* (1982) e posteriormente en *Seuils* (1987). Antes que Genette publicaran xa contributos de interese Jacques Derrida, con *La Dissemination* (1972), e Henri Mitterand, co seu estudo «La préface et ses lois: avant-propos romantiques» (1980), así como, cun horizonte diferente, Julia Kristeva, Michael Riffaterre e quen como Cesare Segre atenderon ao desenvolvemento da idea da interdiscursividade bakhtiniana. Con posterioridade, foi en particular a academia francesa ou francófona a que maior atención prestou a este obxectivo analítico do que se sitúa nos bordos do texto. É evidente que un dos parámetros máis socorridos é o da liminaridade das identidades textuais (Lane 1992; Calle-Gruber e Zawisza 2000; Sanmartín Rei 2002, 7-61), inesquivábel cando se trata de abordar fenómenos propiamente posmodernos como a autoficción ou a metaficción, pero tamén en xeral para calquera observación que desenvolva a chave transdutiva, da que se ocupou en orixe Lubomír Doležel retomando premisas teóricas arraigadas na Escola de Praga, en particular debidas a Jirí Levý e Felix Vodička.[7] Neste momento non se trata tanto de recuperar esa tradición teórico-crítica, relativamente aberta, como de entender

7 Ben interesante, en especial este último, para todo canto ten a ver coa correlación entre a recepción crítica inmediata ou mediata (unha forma de transdución entre as moitas posíbeis) e a repercusión deses textos críticos na historiografía literaria tamén próxima ou afastada. Téñase presente que nalgúns casos a historia literaria se constitúe como unha especie de precipitado ou aluvión de textos críticos, en parte da autoría do propio historiador e en parte escritos ao longo do tempo por terceiras persoas e resumidos, adaptados e/ou discutidos por aquel. Outro debate sería se ese resultado é propiamente historia literaria ou non o é. A inversión dese problema parece se callar máis premente. Cabe formulala así: hai historia literaria non-crítica? E mesmo: hai posibilidade de historia literaria non-teórica ou ateórica? A miña resposta ao conxunto destas preguntas, de todas elas, é resoltamente negativa.

as relacións e as construcións por ela sustentadas a propósito dos prefacios na historiografía literaria.

Fixémonos ante todo na idea de Genette sobre a pluralidade de relacións transtextuais e nos tipos por el estudados: intertextualidade, paratextualidade, metatextualidade, arquitextualidade e hipertextualidade.[8] Pode constatarse, e destácao o propio Genette, que o máis habitual é que estes cinco tipos se combinen en modelos mixtos. Así, por exemplo, é raro que os prólogos, como outros paratextos, non incorporen ademais elementos intertextuais, hipertextuais ou doutra índole. Sen dúbida, fano así, e moi a fondo, os prólogos da historiografía literaria ao uso, lugares dotados dunha dimensión arquitextual, e por isto mesmo retórica, diríase que ostentosa. De feito, estes prólogos adoitan asumir de forma explícita a súa pertenza a unha clase de textos coa que se relacionan e á que ademais se refiren. De modo que sempre existe neste nivel un dobre plano retórico-pragmático. Por unha parte, o prólogo preludia a proposta historiográfica específica que acompaña, e como consecuencia oriéntase aos lectores en xeral. Por outra parte, na práctica de xeito ineludíbel, o prólogo toma posicións asemade verbo da tradición coa que converxe, polo que se orienta tamén a un colexio implícito de historiadores cos que dialoga desde a súa propia clase xenérica común, a prologal. Por conseguinte, sitúase e preséntase tamén como tal, como prólogo en diálogo con outros prólogos, e non o fai só en canto texto de condición subsidiaria, preludio fugaz aos capítulos aos que axiña dará paso; e non o fai só –tampouco– como discurso comisivo ou declarativo nos planos heurístico ou metodolóxico, a través do cal o historiador, desde a súa condición autorial, fica comprometido perante os seus lectores a facer algo dunha certa maneira.[9] Isto tamén, pero ademais, permítase a insistencia, o prólogo a unha historia literaria sábese parte dunha cadea de textos que conforma unha tradición paralela que incorpora magnitudes arquitextuais, metatextuais e doutras ordes.[10]

8 Genette equiparou a transtextualidade ao que a tradición anterior, de maneira significada Michael Riffaterre, chamara *intertextualidade*. E aproveitou a ocasión para afear a esa mesma tradición a concentración nos fenómenos de tipo frástico, estilístico ou en xeral microestrutural. Razoou, así, que habería que ampliar o campo da transtextualidade ás outras catro parcelas por el sinaladas, nunca estancas nin incomunicadas entre si. A paratextualidade comprendería para Genette as relacións entre a obra en canto totalidade e os seus paratextos (título, prólogo, epígrafes, notas de rodapé, etc.).

9 Non poucas veces con concesións pretensiosas, ilusorias ou mesmo mendaces, polo que cabería falar de algo semellante a unha 'falacia prologal', como elemento de fascinación que aspira a lexitimar procedementos metodolóxicos, a alaudarse de determinados méritos ou simplemente a anoar con pretendida eficacia a atención lectora.

10 Naturalmente, hai que conceder que outras veces, as menos, o prólogo historiográfico-literario forma parte do que Borges ([1975] 1998, 9) describiu como «oratoria de sobremesa», etiqueta na que resoará unha recoñecida práctica pública cultivada en sentido 'antipoético' por Nicanor Parra.

Resulta notorio que, a miúdo, esa incorporación obedece á vontade de satisfacer unha función que podería pensarse obrigada en toda historia literaria: a de se pronunciar de modo explícito sobre a tradición historiográfica coa que se vén confluír. En termos de optimización ou de simple axuda para a recepción, digámolo así, o normal sería que toda historia literaria integrase un capítulo desta índole, talvez ampliado á propia tradición teórico-literaria e á moi relevante tradición problematizadora do saber histórico,[11] que con certeza non comezou en Foucault nin tampouco en Heidegger ou en Nietzsche, pero que cando menos debe recoñecerse que implicou un reto básico nas súas respectivas propostas. Concederemos que poidan existir razóns para non o facer así[12] e, á vez, que resultaría aceptábel como alternativa a reorientación dese cometido ás propias páxinas da proposta historiográfica concreta, metida esta xa na sucesión dos seus capítulos. Ou, en todo caso, que se efectuase un tratamento crítico de todo o anterior noutros escritos, propios ou

11 En proxectos de autoría múltiple ou dunha complexidade especial óptase ás veces por unha seriación dos elementos paratextuais que establecen diálogo coa tradición historiográfica anterior e/ou problematizan o acto e os resultados historiográficos. É o caso, por exemplo, da publicación *Literary Cultures of Latin America. A Comparative History*, coordinada por Mario J. Valdés e Djelal Kadir (2004). Nas páxinas prologais do primeiro volume localízanse sucesivamente os apartados «Introduction: beyond Literary History», a cargo de Mario J. Valdés (XVII-XXV); «Series overview: Rethinking Literary History –comparatively», por Mario J. Valdés e Linda Hutcheon (XXVII-XXX); «History after history», por Djelal Kadir (XXXI-XXXVI); e finalmente a introdución específica ao primeiro volume da serie, a cargo de Luisa Campuzano, co título «For a more inclusive Literary History of Latin America» (XXXVII-XLII). En relación con este operativo faise preciso lembrar a posición teórica de Valdés a propósito do que –retomando a noción de Paul Ricœur– denominou 'historia efectiva', caracterizada pola natureza aberta de toda empresa historiográfica e por unha comprensión plural da interpretación histórica, na cal se fai fundamental asumir que facer historia responde á conxunción de dous cometidos diferentes e complementarios. O primeiro sería o de reconstruír, nalgunha medida, o ocorrido no pasado. O segundo suporía construír na contemporaneidade o significado actual daquel pasado e tamén dos sucesivos relatos historiográficos a el asociados; isto último entre o momento do seu efectivo transcurso histórico e o momento en que o historiador se dispuxo a dialogar con esa tradición de textos, máis ou menos ampla, e coas súas condicións específicas de escritura. Xustamente por este motivo o primeiro dos textos prologais de Valdés establecía un diálogo directo e inmediato, xa na primeira páxina, con algunhas das referencias bibliográficas que se entenden fundadoras ou constitutivas da tradición coa que se dispuña a entrar en debate desde a súa propia proposta: Pedro Henríquez Ureña, Enrique Anderson-Imbert, A. James Arnold ou Sara Castro-Klarén, entre outros. Isto supón admitir, e parece esixíbel antes que plausíbel, que o historiador fala tamén –sempre– perante unha tradición de saber académico e de intervención sociocultural e política.

12 É peculiar o xeito en que esa posibilidade de incorporación do debate teórico alcanza a hipertrofia cando nalgún sentido se reprimiu anteriormente a normal atención a posíbeis áreas de conflito epistemolóxico ou académico. Resulta paradigmática ao respecto a desmedida solución encontrada por Juan Luis Alborg no seu volume satírico *Sobre crítica y críticos. Historia de la literatura española: Paréntesis teórico que apenas tiene que ver con la presente historia* (1991), que dá continuidade, cun groso volume de 1006 páxinas, ao resto de volumes da colección.

alleos, previos ou mesmo posteriores á obra historiográfica da que se tratar. Funcións similares son as satisfeitas, no eido da historiografía literaria catalá, por publicacións como as de Carlos Romero Muñoz (1983) ou Josep Massot i Muntaner (1996, 271-320). Con todo, reiterarei a pertinencia desa aclaración e declaración, que en verdade pode solucionarse de forma sumaria. Demóstrao, por exemplo, o volume *Literatura catalana contemporània* (Bordons, Subirana 1999). Neste, tras un «Pòrtic» (VII-X) asinado por Ramon Pla i Arxé, aparece un prefacio dos propios editores destinado a perfilar sobre todo cuestións periodolóxicas[13] (XI-XIII) antes de dar ao capítulo inicial do libro, debido tamén a Bordons e Subirana («La història de la literatura catalana contemporània», 1-6), que responde a un estado da cuestión ben pensado e resolto. Ou como o demostraron tamén, ben antes, a *Historia da literatura galega contemporánea 1808-1936* (Carballo Calero [1963] 1981), so a detallada epígrafe «Historiografía» (19-27) da súa «Introducción»,[14] ou a *Història de la literatura catalana* de Jordi Rubió i Balaguer ([1948-59] 1984). Outra alternativa, sen saírmos en ningún caso dos espazos se non prologais cando menos introdutorios, é o minucioso e valiosísimo capítulo inicial do primeiro volume de *Literatura portuguesa. História e crítica*, de João Palma-Ferreira (1985), onde se dá continuidade a un traballo iniciado por Fidelino de Figueiredo nun tempo xa moi afastado: en concreto, o da concreción dunha historia da crítica e da historiografía literaria portuguesa. O «Prefácio» (9-12) e o capítulo inicial desta monografía de Palma-Ferreira, titulado «Alguns aspectos da evolução da história e crítica da literatura portuguesa» (13-113), resultan esclarecedores no seu cometido documental e tamén lúcidos para unha análise teórica e metodolóxica de calquera historia literaria.

En relación co que agora nos ocupa habería aínda que considerar unha posibilidade máis. Non é infrecuente que as historias literarias se reediten, ás veces en máis dunha ocasión. Pénsese na *História da literatura portuguesa* de António José Saraiva e Óscar Lopes, que en 2008 contaba con dezasete edicións, a primeira de 1955 e a última repetidamente reimpresa. Algo semellante pode indicarse sobre a didáctica *História da literatura portuguesa* (1996) de António José Barreiros, igualmente de inusitada proxección pública, resultando peculiar o feito de constituír en realidade unha edición de autor deste sacerdote, que exerceu como profesor de ensino secundario

13 A periodización é outro asunto merecedor, de seu, de análises comparadas sobre o ámbito xeocultural que aquí se debate. Son de moita utilidade panorámicas como a fornecida por Joaquim Molas (1986).

14 Para o caso galego, neste apartado específico, resultan tan relevantes como esta epígrafe o conxunto dos dous primeiros capítulos do volume *Literatura galega contemporánea (Problemas de método e interpretación)*, de Francisco Rodríguez Sánchez (1990, 5-39).

durante longo tempo. En ocasións, esas reedicións incorporan modificacións relevantes que pode ser útil anunciar e explicar nos seus paratextos. Pénsese no que supuxo, por exemplo, a segunda edición do volume *Literatura catalana. Dels inicis als nostres dies* ([1979] 1981), de Antoni Carbonell, Anton M. Espadaler, Jordi Llovet e Antònia Tayadella. Malia o transcurso de só dous anos desde a edición orixinal, os autores decidiron unha reformulación importante do seu libro para incorporaren elementos das producións literarias valenciana e balear, como eles propios destacaron no «Pròleg a la segona edició» (11-12).

Outras veces o que acontece é que se incorporan novos prefacios ou introducións que poden chegar a matizar algunhas das posicións de partida, entre outros motivos porque no tempo transcorrido apareceron novas alternativas ou propostas, co cal se nutre cun elemento máis a tradición paralela antes amentada. Tales matizacións non necesariamente levarán a marca da palinodia, con certeza. Para os obxectivos aquí asumidos, as revisións de determinados presupostos importan por poñeren sobre a mesa algunhas convicción anteriormente non declaradas, ben por ausencia de (auto) análise ben por estimalas superfluas. O certo é que calibrar o alcance dunha traxectoria epistemolóxica, discursiva ou simplemente académica non é algo que estea ao alcance de todo historiador, literario ou de calquera clase. Un exemplo de todo o contrario, extraordinariamente revelador de numerosas cuestións centrais ou tanxenciais no tempo da ditadura portuguesa, constitúeo o escrito por António José Saraiva no prólogo á terceira edición de *Para a história da cultura em Portugal*, redactado en 1968 (Saraiva 1980, 21-8, na edición citada). Neste lugar, Saraiva fai repaso do que na súa persoal concepción da historia literaria e cultural influíu o maxisterio de António Sérgio correlativamente a outras liñas concorrentes na academia lusa, desde o positivismo ao tradicionalismo ou ao marxismo. Resulta especialmente clarificadora a presentación do que supuxo para a súa xeración o marxismo sergiano.

Igualmente significativa é a aparición en determinados casos de prólogos a edicións diferentes da orixinal, dedicados fundamentalmente a dar resposta ás observacións críticas recibidas. Un bo exemplo disto, con focalización dirixida ao debate sobre o canon, é o prólogo á segunda edición, de 1976, do libro de Joan Fuster *Literatura catalana contemporània* (Fuster [1971] 1976). Un segundo exemplo pode sinalarse no libro de Julio Rodríguez Puértolas *Literatura fascista española* (1986-87), que na súa segunda edición, de 2008, modificou lixeiramente o título (*Historia de la literatura fascista española*) e introduciu un segundo prólogo focalizado, como o de Fuster, a contestar críticas e usos inadecuados dos materiais fornecidos polo libro na súa primeira aparición pública, pero que asume incluso a tarefa de describir os operativos do revisionismo

histórico hispánico. Outras veces acontece que o prólogo non o escribe o autor ou autores da proposta historiográfica concreta, senón outra persoa, constituíndo así, en terminoloxía genettiana, un paratexto alógrafo. A casuística prologal, en definitiva, resulta moi aberta, tamén a propósito do que aquí se está a indagar. Veranse catro exemplos máis para pór punto final a este apartado.

O primeiro é o da *Historia de la literatura vasca* de Luis Villasante. A súa primeira edición, de 1961, levou un «Prólogo» de Luis Mitxelena, autor el mesmo doutra historia literaria vasca en 1960. A segunda edición incorporaría en 1979 un prólogo xa autógrafo e máis extenso do propio Villasante. Ademais, a eses dous prólogos engadiuse unha «Introducción» bastante pormenorizada no metodolóxico, con once páxinas de extensión e unha serie de explicacións que afectan aos planos lingüístico, estético e repertorial. O segundo exemplo, certamente radical na opción elixida, é o de non incluír ningunha clase de consideración, é dicir, prescindir de notas introdutorias ou prefacios e pasar directamente ao desenvolvemento da materia. Represéntano ben a *Breu història de la literatura catalana* de Jordi Caixàs et al. (1998) ou a *Historia de la Literatura* dirixida por Juan Manuel Rozas para a Universidad Nacional de Educación a Distancia en 1976. Neste segundo título, as unidades didácticas, seis en total, desde as orixes até o barroco, eluden toda aclaración prologal e entran sen mediación no estudo das kharxas e da poesía tradicional en lingua castelá. O terceiro exemplo é de signo ben contrario, pois supuxo entender que o proxecto abordado demandaba non tanto un prólogo como un volume completo para unha explicación acaída dos propósitos e metodoloxía do proxecto. Isto foi o que resolveron Myriam Díaz-Diocaretz e Iris M. Zavala cando en 1993 escribiron *Teoría feminista: discursos y diferencia* para encabezaren os cinco volumes da *Breve historia feminista de la literatura española (en lengua castellana)* por elas coordinada.[15] Finalmente, mencionarei o caso dunha obra peculiar, a *Historia de la literatura española* de Gerald Brenan (1984), cuxa edición orixinal en lingua inglesa aparecera en 1951. O único que dela querería destacar por agora é o prólogo debido a Gonzalo Torrente Ballester, el mesmo autor a partir de 1949 dunha serie de obras historiográficas sobre a literatura española contemporánea (Casas 2009). Torrente aproveitou a ocasión para modificar a fondo os seus puntos de vista xerais sobre o cometido e as posibilidades de que a historia se aproxime á verdade. En sintonía co relativismo histórico e cos estudosos que concentraron a mirada a partir dos años setenta na discursividade e a textualidade da historia, atento mesmo ao chamado *xiro retórico-práxico* que representan posicións como a de Hayden White, o novelista asumía

15 Posteriormente completada cun sexto tomo, titulado *Breve historia feminista de la literatura española (en lengua catalana, gallega y vasca)* (2000), con coordinación exclusiva de Zavala.

en 1984 que historiadores e novelistas apenas diferían en nada, pois os seus oficios case virían ser o mesmo.

Visto o anterior, quizás resulte máis aceptábel, ou menos polémica, a hipótese que detallarei a continuación. Segundo esta hipótese, o que non se destaca nun prólogo a unha obra historiográfico-literaria como relevante en termos heurísticos e/ou metodolóxicos nunca comparece despois no progreso efectivo da obra. O envés desta proposta é previsíbel: son numerosos os prólogos a historias literarias que comprometen máis do que finalmente ofrecen os seus capítulos e páxinas. Non se esqueza que o prólogo historiográfico-literario é visto por algúns como lugar idóneo para delinear ou soñar a nación, para lexitimar ou dignificar a identidade correlativa ou para ponderar comparativamente os méritos da produción literaria asociada, ás veces cedendo espazo a unha dimensión sociocultural e política digamos *planificadora*, na cal comparece adoito o que a nación ou a comunidade querería ser (e seguramente non é). A introdución á sen dúbida útil *The Columbia Literary History of the United States* (Elliot 1988) resulta paradigmática neste sentido.

3.2 O lento ocaso da historia literaria

Unha vertente aludida de maneira reiterada nas páxinas anteriores e que tampouco se pode eludir é a do propio curso xeral da historia literaria como disciplina, tanto na súa aplicación nacional como na internacional, que non necesariamente ten que asumir formatos comparatistas, moito menos se estes corresponden a un entendemento tradicional e organicista das relacións interliterarias e intersistémicas o do que sexa a literatura mundial. Verbo disto ofrezo de xeito esquemático algunhas conclusións que alcancei en traballos previos (Casas 2008, por exemplo) e que son de aplicación á cuestión nacional na historiografía literaria xurdida desde mediados dos anos setenta no ámbito ibérico. Agrupo esas conclusións en oito planos correlacionados:

1. Resulta desapropiada unha análise dos percorridos recentes da historia literaria que faga abstracción dos traxectos correspondente á historia como disciplina marco de toda historiografía. Nese mesmo nivel, a historia literaria non pode ignorar as impugnacións antipositivistas, antihistoricistas e antiteleolóxicas que se viñeron debatendo nos últimos decenios en relación co coñecemento histórico, co discurso disciplinar asociado e coas súas funcións sociais, culturais e políticas. Nin tampouco as alternativas epistemolóxicas que se veñen formulando nese mesmo ámbito, como, entre outras,

a microhistoria, a historia das mentalidades, a historia cultural, a historia desde abaixo, a historia conceptual ou outras.[16]

2. Do mesmo modo, é pertinente que o debate sobre a historia literaria integre a discusión sobre a súa propia textualidade e sobre o discurso historiográfico, e que concrete alternativas á narratividade e a unha autoridade causalista e explicativa, en última instancia herdada da historiografía nacionalista oitocentista e polo tanto destinada funcionalmente á cohesión sociocultural, á postulación dun canon sometido a criterios de base estética, moral e política e á exclusión da diferenza.
3. A historia literaria está obrigada a cuestionar dúas axialidades exclusivistas: a do nacional en detrimento do non só nacional (local, rexional, supranacional, colonial, internacional…) e a do textual-autorial en detrimento do resto de factores que poderíamos considerar sistémicos e que forman parte constitutiva e funcional do sistema/campo literario a carón de autores e textos. De modo moi preferente, entraría aí todo canto encaixar nos conceptos de institución literaria, repertorio cultural e prácticas de mercadotecnia e de consumo, e isto é moito, realmente moito máis que unha reste de nomes de autores, de xeracións literarias e de obras vistas en perspectiva estilística, estruturalista, tematolóxica, sociolóxica ou na que for.
4. Outra centralidade en cuestión é a da propia historia literaria no espazo supradisciplinar dos estudos literarios, algo que o mundo académico vinculado coas cinco literaturas nacionais amentadas, ou con calquera outra no espazo literario mundial, adoita dar por alicerzada e indiscutíbel; en particular, cando se trata de fornecer solucións educativas (en detrimento unhas veces do acto crítico, outras do prisma comparado e outras da teoría literaria, isto último en sentido digamos *básico* ou orientado por exemplo aos feminismos e posfeminismos, á psicanálise, á subalternidade, á poscolonialidade, ao marxismo ou aos estudos *queer*), de xeito tal que acaba presentándose como incontestábel un principio, o de que só en perspectiva histórica cabe estudar a literatura e o literario. E atención, porque o anterior significa non poucas veces menos do que parece, pois hai prácticas historiográficas, non só as destinadas ao público escolar, que o que fan en realidade é *deshistorizar* a historia, contala como calquera relato, desde

16 Son escasos os exemplos que cabería aducir, nas series historiográficas aquí consideradas, en que exista concreción, cando menos referenciada, dalgunha das pontes posíbeis con esas formas neohistoriográficas. Un deses exemplos sería a *Historia de la literatura vasca* de Urquizu Sarasua et al. (2000), onde se menciona expresamente, nas «Notas preliminares» (18), a necesidade de tomar nota de rumbos como o da historia das mentalidades.

unha certa autoridade narrativa, unha certa convicción sobre o reparto de pertinencias e unha certa orientación a un peche, pero sen maior compromiso co rigor científico nin precaución no atinente á coherencia metodolóxica.

5. Un dos retos básicos da historia literaria na actualidade consiste en determinar que procesualidades son as da súa competencia e en que termos heurísticos está disposta a dar conta delas. En definitiva, consiste en presentar unha proposta argumentada sobre a mudanza cultural e literaria como obxecto de estudo. Porque é probábel que o resto de procesualidades non lle correspondan estritamente en sentido disciplinar. Neste sentido, percíbese a necesidade de facer máis histórica a historia literaria, integrándoa coa autonomía que corresponda –sempre relativa– no marco supradisciplinar da historia.
6. Consecuencia do anterior sería, probabelmente, a prudente posta en cuestión do xeito corrente de articular o principio organizador de toda historia literaria de base filolóxica, que sen lugar a dúbidas é o principio lingüístico, complementado alí onde se fai preciso co xeográfico e/ou o étnico (etnicista ás veces), e matizado por outra parte onde é necesario con precisións que poden supor excepcionalidades, en especial de tipo histórico, á aplicación do chamado 'criterio filolóxico' (cf. González-Millán 1998; Hooper 2011, 10-68; Liñeira 2015; Samartim 2017, 400-26; Regueira 2020, 123-36). Isto último fíxoo por exemplo Anxo Tarrío Varela no inicio prologal da súa *Literatura galega. Aportacións a unha Historia crítica* (1994, 9-10), cando, de forma razoábel, defendeu a aceptación polos historiadores literarios, en determinados estadios non consolidados das literaturas nacionais, da incorporación de obras o autores que non utilizaron –incluso que non utilizaron nunca– a lingua asociada á literatura nacional en cuestión.[17] Un suplemento lingüístico-xeográfico do tipo anotado explicaría xa os modelos dominantes no século XVIII europeo, que poden representarse coas prolixas e inacabadas *Histoire littéraire de la France* (1733-63), de Dom Rivet e os monxes bieitos de Saint-Maur, ou coa *Historia literaria de España* (1766-91), dos

17 Desde outros puntos de vista asumiuno tamén Elias Amezaga (1989) en relación coa literatura vasca. Baixo postulados atentos a unha comprensión posnacional da cultura e da literatura, esta posición deféndena máis recentemente analistas como Joseba Gabilondo, con aplicacións tanto á literatura vasca (Gabilondo 2016; 2019) como á literatura galega (Gabilondo 2009; 2011; cf. Hooper 2005; 2011; Miguélez Carballeira, Hooper 2009; Retolaza 2009). Con posterioridade á publicación orixinal deste artigo en 2010, tiven oportunidade de discutir algúns dos presupostos de Gabilondo noutro lugar (Casas 2019, 47-8). Véxase tamén o indicado na parte final da epígrafe «O sistema-único en perspectiva funcionalista» do terceiro capítulo deste libro.

franciscanos Rafael e Pedro Rodríguez Mohedano, quen malia empregaren nada menos que once tomos nesa empresa non chegaron a superar o século I na panorámica histórica sobre autores patrios. O criterio filolóxico coa adición do suplemento lingüístico-xeográfico descrito, adición que en ocasións conduce o criterio en cuestión ao delirio heurístico –segundo pon en evidencia a fracasada praxe dos Mohedano–, mantén a día de hoxe conspicuos valedores en case todas partes. A cuestión de fondo é se se pode falar de algo como a literatura italiana en lingua latina, a literatura española en lingua mozárabe ou en lingua aragonesa[18] ou a literatura francesa en lingua occitana. Se se pode falar desas amálgamas e se se pode facer a historia delas. E se cadra non, se cadra non se pode; polo menos se o vector prioritario que se debe salvar a toda costa nos relatos historiográficos consecuentes é o da unidade e a coherencia nacionais desde sempre e para sempre. Sen saírmos deste plano, sería igualmente oportuno elucidar se é aceptábel seguir incluíndo nas historias nacionais (a de Siria, a de Bulgaria, a de Galiza, a de Guatemala, a dos EUA…) os traxectos históricos previos á constitución identitaria desas entidades xa non como nacións –algo moi serodio, non doadamente desvinculábel das consecuencias da Revolución Francesa xa no século XIX– senón como simples espazos de vida comunitaria. Téñase presente que isto último é de seu xa ben complexo, en especial pola tendencia a vermos eses espazos de orixe como círculos esenciais (co seu radio e o seu centro) bastante estáticos, e non como redes en que a propia consistencia da centralidade e da periferia foi case sempre relativa e negociada, arreo, nas súas fronteiras semióticas con outros espazos próximos. Esta vía que indico podería ser a máis favorábel a unha espacialización alternativa do obxecto de estudo da historia literaria, máis lotmaniana ou culturolóxica, tamén máis sociolóxica, se se quixer expresar así. Trataríase dunha vía que obrigatoriamente tería que compatibilizar o uso de diferentes escalas na súa aplicación práctica á historiografía literaria.

7. Unha segunda consecuencia do punto cuarto é a atinente á multiplicidade funcional e institucional da historia literaria relativamente ao grao de desenvolvemento e autonomía do sistema cultural documentado. Esa funcionalidade non parece que deba ser a mesma cando se trata de sistemas fortes, con tradición historiográfica consolidada, que cando de trata de sistemas subalternos, sometidos ou non emancipados en

18 Algo parecido fai por exemplo Gerald Brenan no libro antes citado, cuxos dous primeiros capítulos levan estes títulos: «Los períodos romano y visigodo» (Brenan [1951] 1984, 31-47) e «El período árabe» (48-67).

termos socioculturais, políticos e de mercado. Nestes últimos a tradición historiográfica adoita ser escasa e de arranque recente. E, como viron no seu momento, Itamar Even-Zohar e Claudio Guillén, a tendencia tende a ser mimética en relación con procesos de institucionalización e de lexitimación que noutros espazos sistémicos –sinaladamente alí onde se ecuacionou o vínculo lingua-nación-Estado[19] durante o século XIX– se afianzaron baixo postulados románticо-nacionalistas e a partir dun criterio planificador da nación moi suxeito ás coordenadas políticas daquela altura histórica. A pregunta pertinente é se esa mimetización diferida e a súa performatividade dirixida á cohesión sociocultural resultan razoábeis, e en particular se son eficaces, en relación con algún programa de intervención política para o tempo actual, que o é de hibridación e de identidades plurais, ademais de continuar séndoo de autoimaxes e de tradicións actualizadas ou revisitadas. Outra pregunta, que acho que debería acompañar sempre á anterior, é se resulta sensato esixirmos o mesmo grao de compromiso no 'desarme identitario' ás culturas que cumpriron un ciclo de planificación e lexitimación historiográfica –probabelmente co amparo dun determinado Estado e de todo o que isto significa– e a aquelas outras que non o cumpriron aínda.[20] E, cando falo de culturas, falo, como é lóxico, tamén de axentes e de institucións.[21]

19 Esa ecuación acabou proxectando usos subsidiarios nas introducións ás historias literarias. O máis evidente é o que resolve que unha historia literaria debe comezar, obrigatoriamente, con algún capítulo ou algunhas páxinas prologais dedicadas especificamente á lingua, incluso á historia da lingua en cuestión. Apréciase, aínda que co paso do tempo cada vez menos, en modelos como o de Julio Cejador ([1915-22] 1972-73), cun capítulo I titulado «Nacimiento del romance» (1-48). Ou no de António José Saraiva, na súa *História da literatura portuguesa (das origens a 1970)*, cunhas páxinas tituladas «Introdução: a língua» ([1949] (1979) 7-13). A prestixiosa *História da literatura portuguesa* do propio Saraiva e Óscar Lopes non renunciou tampouco a incorporar unhas páxinas prologais (Saraiva, Lopes [1955] 1985, 15-26) dedicadas á lingua portuguesa. E o propio resolveu Josep Vallverdú na súa *Història de la literatura catalana* (1978), onde a «Introducció» está dedicada integramente a tratar sobre la lingua catalá (11-16). Ou Sarasola ([1971] 1976), certo que xa cunha inclinación de signo sociolingüístico.

20 Kirsty Hooper (2005, 67-8) orientou este debate noutra dirección e, en diálogo con Linda Hutcheon (2002) e Stephen Greenblatt (2002), propuxo non diferenciar de forma especial as respostas concretas de renovación historiográfico-literaria que poidan ofrecer as culturas que cumpriron ese ciclo de lexitimación historiográfica e outras culturas que, como a galega, non o fixeron.

21 Noutro terreo, xorde a mesma dúbida: tivo algún correlato noutras entidades nacionais o debate sobre o neohistoricismo e a condición posnacional que emerxeu en Alemaña a finais dos pasados anos oitenta, no cal por certo tivo un papel central Jürgen Habermas? Non o parece. Entre outras razóns porque o xeito, a fin de contas exemplar, en que Alemaña asumiu o significado e as consecuencias de Auschwitz non é doadamente homologábel a outras prácticas estatais relativas aos vínculos co pasado nacional nos seus episodios e fases menos honorábeis.

8. Todo o anterior presupón o cuestionamento da exclusividade académica e escolástica (no sentido dado por Pierre Bourdieu) que a filoloxía exerce sobre o campo historiográfico-literario. Á pregunta sobre se debe corresponder aos filólogos o control académico e profesional da historia literaria só se me ocorre responder que non. Primeiro porque a súa percepción dos procesos históricos adoita estar condicionada en exceso polo factor lingüístico-nacional. En segundo termo, porque a súa lectura do cambio cultural e literario tende a cinguirse, como mínimo implicitamente, ao terreo crítico-axiolóxico, con presenza diría que abusiva da postulación canonizadora e a delimitación da historiografía á documentación da excelencia e á xustificación do gusto dominante das elites. Así, pois, do mesmo modo que resulta de interese a tentativa do comparatista italiano Armando Gnisci de descolonizar Europa de si propia –entendido isto como crítica firme do eurocentrismo e da razón imperialista e colonial–, xulgo plausíbel o intento de configurar unha nova historia literaria capaz de conxugar a razón filolóxica con outros discursos (históricos, teórico-comparados, semióticos, culturolóxicos, sociolóxicos, demográficos, económicos…) para alcanzar algunha alternativa válida que contribúa a reanimar os vellos programas e a testar cal é a vixencia non-académica da disciplina para o mundo de hoxe.

3.3 Prologar / Prorrogar a nación

Chegados a este punto, estamos en condicións de dar continuidade efectiva á análise dalgúns prólogos significativos das cinco tradicións historiográficas que nos propuxemos revisar e rexistrar. A través deles intentarase apreciar, en particular, o xeito en que se perfila e argumenta a cuestión identitario-nacional e cal é a súa proxección historiográfico-literaria.

A brevidade dos prólogos en historiografía literaria é case unha característica xeral cando do que se trata é de evitar derivas teóricas ou declaracións de ton ideolóxico ou político. Podería afirmarse que esa opción recibira patrocinio co corpo prologal provisto por R.O. Jones e Alan Deyermond no primeiro volume da *Historia de la literatura española* publicada en 1973 por Ariel ([1971] 1973).[22] E foi

22 O primeiro, director da serie e autor dunha «Advertencia preliminar» no volume que abriu a colección. O segundo, autor dese primeiro volume, que contaría con cinco edicións máis ao longo dos anos setenta. Jones escribiu na súa «Advertencia preliminar», con moi medidas palabras, o seguinte: «Toda historia es un compromiso entre propósitos difíciles y aun imposibles de conciliar. La presente no constituye una

así mesmo a opción de Jaume Vidal Alcover (1980) cando na práctica reduciu a súa nota preliminar a sinalar as fontes principais que guiaron a súa proposta, titulada *Síntesi d'Història de la literatura catalana*. De certo, resultaría esaxerado postular que exista unha lei de proporcionalidade inversa entre extensión prologal e vontade renovadora da metodoloxía historiográfica. Porén, é perceptíbel que os modelos máis conservadores de historia literaria mostran tendencia a exhibiren a *aproblematicidade* disciplinar mediante a elisión do debate, mentres que os modelos fundacionais[23] ou os máis rupturistas fan gala precisamente da súa novidade tratándoa con algún detalle antes de pasar a aplicala.

Xa se mencionou antes o volume *Teoría feminista: Discursos y diferencia* de Díaz-Diocaretz e Zavala, probabelmente a introdución máis exhaustiva e argumentada a unha historia literaria publicada no espazo ibérico nos últimos corenta anos (a proposta tamén citada de Alborg, moito máis ampla, obedece a outra funcionalidade e a outros humores). E non só por referencia ao marco epistemolóxico e teórico definido senón ademais por outros varios puntos de atención, entre eles os que Rosa Rossi menciona, na «Introducción» a ese libro prologal, como *instrumentos de análise* e como *códigos*.

Neste capítulo merece mención polo carácter ambicioso dos postulados teóricos expostos no seu «Limiar» (9-11) e sobre todo na súa «Introducción» (13-37) a *Historia da literatura galega* de Dolores Vilavedra (1999). Entenderase mal a dimensión teórico-literaria que Vilavedra presenta se se fai abstracción dun dato: a dinámica do debate metodolóxico sobre teorías sistémicas, empíricas e sociolóxicas na Galiza dos últimos vinte anos, quizais sen equivalencia no resto do Estado ou en Portugal. A autora non elude a polémica co que denomina «criterio perspectivista» de delimitación da literatura nacional, atribuído no fundamental a presupostos como os de Francisco Rodríguez (1990) na súa manifestación máis hegeliana e teleolóxica. Pois é certo que para o historiador mencionado constituiría un criterio non só axiolóxico, senón ademais definidor da inclusión ou a exclusión historiográfica baixo determinados parámetros, a función satisfeita (ou insatisfeita) polos axentes literarios ao

excepción. […] Salvo en lo estrictamente necesario, no nos hemos impuesto unos criterios uniformes: nuestra historia presenta la misma variedad de enfoques y opiniones que cabe esperar de un buen departamento universitario de literatura, y confiamos en que esa variedad sea un estímulo para el lector» (en Deyermond [1971] 1973, 9). Cabe supor que cando Jones fala nesas liñas da variedade como indicio de calidade nos departamentos universitarios o que ten en realidade en mente son as universidades británicas, ou anglosaxoas en xeral. Non outras naquela data.

23 Pénsese na *Historia crítica de la literatura española* (1861-65) de Amador de los Ríos, cos seus nove apartados e as súas 106 páxinas introdutorias, dedicados ao carácter da crítica española, con atención especial ao século XIX, e a trazar o obxecto e plan da obra.

> demarcar a función que cumpren obras e autores na conformación histórica da conciéncia nacional.[24] (Rodríguez 1990, 19)

E o propio resolve Vilavedra en relación con etiquetas como a do periferismo ou a do plus simbólico atribuído a determinados produtos culturais pola súa contribución á delimitación e cohesión do nacional, o cal exercería un particular control sobre o canon. En calquera caso, e desde o meu punto de vista, o aspecto de maior alcance tocado pola autora é a aposta por unha apertura decidida da historia literaria ao espazo do institucional, entendido isto en sentido sociolóxico e empírico, se ben afastado aínda do que por exemplo supuxo a serie *La Vie littéraire au Québec*,[25] que se vén publicando en varios volumes pola Université Laval desde 1991. Con esa toma de posición, Vilavedra acollía no seu modelo historiográfico o debate sostido fundamentalmente por Antón Figueroa e Xoán González-Millán (1997) en torno aos postulados teóricos de Pierre Bourdieu e de Itamar Even-Zohar.

Maior alcance posúe aínda a introdución plenamente teórica de Miguel Tamen ao volume por el coordinado xunto con Helena Buescu *A Revisionary History of Portuguese Literature* (1999). Tamen elabora nesas páxinas prologais («Ghosts Revised: An Essay on Literary History», XI-XXI) unha crítica da función da historia literaria como elemento de naturalización da nación, que integra de modo non explicado a incorporación no presente de fantasmagorías do pasado. Nesta orde de cousas, se ben a complexidade do asunto é enorme, podería falarse, nesa perspectiva, de *prórrogas* nalgunha medida extemporáneas da nación.

Outro texto prologal extenso é a «Explicación previa» que abre os tres volumes da *Historia social de la literatura española (en lengua castellana)* de Carlos Blanco Aguinaga, Julio Rodríguez Puértolas e Iris M. Zavala (1979). Nas súas trinta e tres páxinas (9-42) localíza-

24 López-Iglésias Samartim (2011) refírese a esta mesma pauta, penso que con maior precisión, como «critério identitário». O concepto de 'conciencia nacional' é de extraordinaria complexidade, malia non acabar de perder vixencia no espazo discursivo historiográfico-literario. Na *História e antologia da literatura portuguesa. Séculos XIII-XIV* (2007), coordinada por Isabel Allegro de Magalhães, o autor do capítulo inicial, «A formação da nacionalidade» (5-18), José Mattoso, dedica varias páxinas xustamente a isto, e concede preeminencia ao papel das elites e ao plano simbólico. Resulta significativa, en calquera caso, a excepcionalidade dese tratamento. Ou doutro parello, expresábel do seguinte modo: en que medida a conciencia nacional e a adscrición nacionalista de quen fan historia literaria incide nos seus resultados? Dedicaron reflexións ao asunto, nas súas respectivas propostas sobre as literaturas galega e vasca, Dolores Vilavedra (1999) e Jon Kortazar (1990). No caso de militancia nacionalista marcada do historiador, consciente ou non consciente, pode dicirse que a probabilidade de tratar o asunto tende a cero. No campo do nacionalismo español, por exemplo, o que se acaba de sinalar é unha evidencia moito máis estendida do que se recoñece.

25 Véxase unha descrición do proxecto en `http://www.crilcq.org/projet/la-vie-litteraire-au-quebec`.

se basicamente unha introdución ao pensamento marxista e á súa aplicación artística, literaria e cultural. De novo, é moi escasa a consideración que merece a cuestión nacional,[26] simplemente atendida nun par de páxinas para expor as razóns polas que non se entende como española de pleno dereito a produción cultural latina ou visigoda, como tampouco, se ben con maiores reservas, as manifestacións literarias en hebreo ou en árabe da Idade Media. «La nuestra no es una historia imperialista», sinalan como xustificación dese feito e, en paralelo, tamén da ausencia das literaturas das restantes «nacionalidades peninsulares» (38) (expresamente, Cataluña, Euskadi, Galiza e Portugal) cando empregaron as súas linguas respectivas.[27] Unha excepción nesta orde de cousas é a que representa o mudexarismo como solución simbiótica das que os autores expoñen como as tres civilizacións medievais: a cristiá, a xudaica e a musulmá.

O argumento implícito ou explícito do respecto á diferenza cultural como chave que explica a non integración das outras nacionalidades do Estado nas historias literarias españolas foise convertendo co tempo nunha especie de tópico. Reapareceu por exemplo no prólogo á *Historia de la literatura española* en seis volumes dirixida por Jean Canavaggio, ao coidado de Rosa Navarro Durán na tradución desde o orixinal francés (Canavaggio 1994, VII-X). Neste sentido, resulta significativa a falta de eco de propostas como as de Ángel Valbuena Prat na introdución á súa *Literatura castellana. Los grupos geográficos y la unidad literaria* (1974, 5-8), en que se facía patente unha comprensión do hispano infrecuente no panorama historiográfico-literario español, mesmo na presentación de figuras como a de Lope de Vega, amosada como froito dunha integración intercultural que se nutrira do teatro catalán-valenciano, da tradición simbolizábel con Gil Vicente e de presenzas galegas, salmantinas, andaluzas e castelás en xeral; infrecuente tamén na descrición dos autores destinados a desempeñar posicións liminares ou incluso híbridas nun plano de interculturalidade ibérica, talvez, como no anterior, algo forzada nalgúns casos (o propio Gil Vicente, Torres Naharro, Boscán, Montemayor, Guillén de Castro, Camões, Antero de Quental ou Eugeni d'Ors).

En fin, por complementar o que representan os prólogos a modelos historiográficos autopostulados como alternativos, querería referirme agora ao de Hélio Alves, profesor da Universidade de Évora, ao seu *Tempo para entender. História comparada da literatura portuguesa* (2006). O libro é breve e en consecuencia sono tamén as páxinas liminares, pese ao cal Alves, tanto no «Prefácio» (7-9) como no primeiro

26 Tampouco se visibiliza a cuestión nacional en exceso no prólogo á monumental *Història de la literatura catalana* de Martí de Riquer, Antoni Comas e Joaquim Molas, cuxa primeira edición foi de 1964.

27 A última referencia debe interpretarse en sentido histórico, por alusión á etapa de sometemento de Portugal á coroa dos Austrias.

capítulo, titulado «História literária» (11-38), entra directamente no debate disciplinar, identitario e tamén nacional. Os dous primeiros parágrafos constitúen toda unha declaración de principios:

> A história da literatura portuguesa encontra-se enraizada, desde o século XIX, nas seguintes ideias: a literatura portuguesa é expressão duma Nação e duma Língua originais; o valor das obras literárias reside no modo como corporizam aquela expressão; o cânone literário é a selecta de nomes em que reconhecemos virtudes e especificidades simultaneamente estéticas e portuguesas; a divisão do tempo histórico da literatura é marcada pela evolução da língua e pelas datas emblemáticas da existência da nacionalidade.
>
> Hoje sabemos que a literatura foi apropriada pela história literária para servir os interesses desta e não para colher os frutos daquela. Hoje sabemos que a história da literatura tem passado mal. Por isso, este livro propõe uma história *comparada* da literatura portuguesa, uma história em que 1)a nação é substituída pelo país, 2) a escolha da língua é substituída pela escolha dos discursos, e 3) os critérios estéticos, ao manifestarem-se impraticáveis, são substituídos por apreciações críticas da *eloquência*: o conjunto de procedimentos discursivos realizados pelos escritores para produzirem imagens mais ou menos duradouras das suas obras e de si mesmos nelas. (Alves 2006, 7)

José María Díez Borque representa un exemplo interesante como planificador e coordinador dalgunhas tarefas historiográficas na universidade española dos anos setenta. Sen ter cumprido os trinta anos de idade promoveu a *Historia de la literatura española* publicada por Guadiana en tres tomos entre 1974 e 1975, base da obra homónima que publicaría Taurus en catro volumes en 1980. Nese mesmo ano, e na mesma casa editora, apareceu outra obra monumental por el coordinada, *Historia de las literaturas hispánicas no castellanas*. Os tres proxectos incorporaron breves prólogos que pasarei a comentar. O primeiro foi o máis breve, pois ocupou só dúas páxinas (Díez Borque 1975, 9-10) nun volume que se aproxima ás setecentas. Díez Borque non problematiza apenas nada nesa presentación, excepción feita dun comentario sobre a conveniencia de a historiografía literaria visar tamén as coordenadas sociais, históricas e políticas (10) en que o texto chega ao público receptor. Nada se sinala nese lugar sobre la cuestión nacional, que non aparece mencionada ni por alusión.[28] A

28 Si o estaba, moi brevemente, nunha nota á tradución ao castelán do libro de Deyermond mencionado. Esa nota (19-20), complemento do prólogo orixinal da edición inglesa, argumentaba sobre a posíbel estrañeza de que unha historia da literatura medieval española non fixese mención da literatura catalá, máis aínda correspondendo a edición a unha empresa de Barcelona. Deyermond xustificaba a súa decisión aludindo ao proxecto de pu-

base deste prólogo é formularia: atribúense os apartados xenolóxicos e periodolóxicos aos especialistas e sinálase como obxectivo maior o logro dunha visión global, coherente e orgánica de cada un dos períodos investigados, que non suporía en ningún caso –aclara– unha aposta pola uniformidade de criterio. O prólogo de 1980 a esta mesma obra en Taurus expandiu algo o texto orixinal (Díez Borque 1980a, 9-12). O autor introduciu nel observacións técnicas e reformulou a comprensión do que é un traballo colaborativo. Seguiu a defender a validez da clasificación arquixenérica e do reparto por séculos como primeiro marco de acceso. Neste sentido incorporou apenas unha novidade: a apertura dun mínimo diálogo con teóricos como Vítor M. de Aguiar e Silva para un reaxuste funcional da historia literaria. Pouco máis. A cuestión nacional segue ausente neste prólogo de 1980. Menciónase esta xa, en cambio, no volume *Historia de las literaturas hispánicas no castellanas*, onde se sucede unha serie de nove capítulos referidos ás literaturas hispano-latina, hispano-árabe, hispano-hebrea, navarro-aragonesa, bable, vasca (nomeada *euskera*), catalá, galega e leonesa. Faise, con todo, desde unha certa prudencia á hora de pronunciarse e, así mesmo, con reiteradas e veladas alusións aos sacrificios e exclusións que o proxecto supuxo (refírese fundamentalmente, cabe supoñelo así, ao lugar dalgunhas literaturas rexionais, en particular da andaluza). O que activou Díez Borque (1980b) neste terceiro prólogo, por algunha razón o menos resolto ou directo dos tres no seu perfil retórico, foi basicamente unha explicación do título, que pretendería enlazar, segundo o razoado, unha realidade xeográfica e unha realidade histórico-identitaria remitida ao que o autor menciona como «caballo de batalla» da identidade española interpretada en sentido sincrónico e diacrónico. Aquí si se cuestiona xa, por conseguinte, que sexa 'lo español'. Aínda que o coordinador optou por non estenderse e por derivar a cada un dos lectores a resposta cumprida, resulta obvio un certo recoñecemento da pluralidade, que naquela altura ía contra un discurso historiográfico aínda moi inercial

blicar, tamén en Ariel, unha tradución dun libro de Arthur Terry que, efectivamente, vería la luz en 1977 co título *Introducción a la lengua y la literatura catalanas*. Nese mesmo ano de 1977 apareceu en Presses Universitaires de France, dentro da colección divulgativa *Que sais-je?*, o traballo do hispanista francés Charles V. Aubrun *La Littérature espagnole*, que integrou como apéndice tras os sete capítulos centrais un «Schéma pour une histoire des lettres catalanes» (1977, 122-6). Aubrun adiantaba xa algunha consideración sobre isto mesmo e sobre a ausencia doutras series lingüístico-nacionais no sucinto «Préface» do seu libriño (4). Sobre traducións de historias literarias, e especificamente sobre a resituación performativa dos seus prólogos, tería interese fixarse nalgúns exemplos. Mencionarei só un: o limiar de Joan Fuster á edición en castelán da obra xa citada da súa autoría. Saíu en 1975 co título *Literatura catalana contemporánea* e incorporou unha «Explicación previa» (Fuster 1975, 7-10) agre, severa e lúcida en relación co problema nacional que non figuraba na versión orixinal catalá.

no terreo identitario.[29] Asunto diferente sería o da (in)oportunidade de reunir nun único volume –coa dimensión performativa e política que isto entraña– as que Díez Borque identifica como «literaturas cerradas» (nomeadas hispano-latina, hispano-hebrea e hispano-árabe), de longa tradición presencial na historiografía literaria española,[30] coas «literaturas abiertas», todas as demais arriba mencionadas, en cuxas coordenadas non se chega a establecer diferenza ningunha que pivote sobre a entidade nacional que puidese corresponder (ou non) a cada caso. A solución de Díez Borque é de interese non unicamente en si mesma. O certo é que a base lingüística da opción, derivada ao terreo da polarización entre lingua e dialecto, parecería querer obviar o que si se tiña que ter percibido naquel momento como un dos auténticos *cabalos de batalla* da historiografía literaria académica española, non outro que o da cuestión nacional.

29 Considérese que nos anos 60 algunhas propostas, como a de Emiliano Díez-Echarri e José María Roca Franquesa, con reedicións e reimpresións que alcanzan cando menos até o ano 1979, postulaban aínda a pertinencia de unificar a historiografía española coa hispanoamericana, segundo se le no prólogo á súa *Historia de la literatura española e hispanoamericana* (1979, VII-VIII). Razoaban estes autores que con iso daban cumprimento aos postulados que o Instituto de Cultura Hispánica viña fomentando nos sucesivos Congresos de Literatura que tiveran lugar en Salamanca, Santiago de Compostela e Santander: «En esos Congresos o Jornadas, a las que asistieron representantes de todos los países hispanoamericanos e hispanistas de todo el mundo, se acordó por unanimidad llevar a la Historia de la Literatura el mismo principio de unidad que ha regido siempre la Lengua. Y estudiar, en consecuencia, conjuntamente, las dos literaturas, la hispanoamericana y la peninsular, con idéntico criterio y en un plano de igualdad absoluta» (VIII). Cuestión distinta é o grao de cumprimento deste designio, así como algunhas valoracións xa no limiar sobre determinadas inconveniencias, a comezar polas nominais (por exemplo, o seu rexeitamento da fórmula 'literatura colonial'). A permanencia do criterio de compatibilidade da serie historiográfica hispana e hispanoamericana, ampliado ás literaturas galega, vasca e catalá, chegaría a coleccións que alcanzaron notábel repercusión nos anos oitenta, entre elas as das editoriais Cincel –coordinada por Francisco Marcos Marín e Ángel Basanta a partir de 1980 baixo o título *Cuadernos de Estudio. Serie: Literatura*, que contou cunha introdución xeral de Marcos Marín– e Taurus, esta sen introdución prologal e dirixida por Juan Ignacio Ferreras a partir de 1987 co título xenérico *Historia crítica de la literatura hispánica*. O modelo de base podería estar constituído pola citada *Historia de la lengua y literatura castellana* de Julio Cejador, coa súa aplicación da idea do rexional ao espazo latinoamericano. O debate sobre o que de prórroga neocolonial ou posnacional ou o que de aposta comparatista conserven/abran estas propostas parece obvio que está aberto.

30 Incluídas propostas esóxenas, como a de Gerald Brenan en *The Literature of the Spanish People from Roman Times to the Present Days* (1951), traducida ao castelán como *Historia de la literatura española* e publicada primeiro en Buenos Aires pola Editorial Losada (1958) e posteriormente en Barcelona por Crítica (Brenan 1984), neste caso cun dos prólogos de maior substancia conceptual, teórico-literaria e teórico-histórica de toda a etapa democrática, o asinado por Gonzalo Torrente Ballester (7-15), el mesmo historiador literario a partir do seu libro de 1949 *Literatura española contemporánea (1898-1936)*, posteriormente ampliado e editado como *Panorama de la literatura española contemporánea* (1956). A recorrencia da presenza do hispano-latino e outras variantes pre-nacionais fora seriamente recriminada por Ángel del Río, tamén por alusión directa a Brenan, na «Introducción» á súa *Historia de la literatura española*, publicada por vez primeira en 1948 e reeditada en 1963 ([1951] 1984, 4).

Outro prólogo notábel de 1980 foi o que da man de Francisco Rico abriu a *Historia y crítica de la literatura española* da Editorial Crítica. O director do proxecto escribiu para a ocasión unha «Introducción» relativamente extensa e minuciosa (IX-XVIII), máis técnica que programática, que comezaba cun preámbulo destinado a distinguir, se callar con exceso de confianza, os plurais tipos de público e idades aos que a obra se dirixía. Pero o verdadeiramente relevante nesas páxinas parece a consideración prioritaria do canon, diríase que algo blindada, e o establecemento dos operativos acaídos de acceso ao mesmo. Ademais disto, tamén a observación sobre o modo de compaxinar o histórico e o historiográfico en cada unha das partes introdutorias previstas para os sucesivos volumes e ampliacións do proxecto. Neses dous planos, este prólogo de Rico alcanzou a problematizar a tarefa do historiador literario e ofreceu a súa alternativa como coordinador de forma diáfana, efectiva incluso á luz dos resultados posteriores que se foron coñecendo. Outra cosa é, de novo, o que no prólogo non se contempla, aquilo que non se menciona, que é moito.

A cuestión da caracterización nacional da literatura estudada é outra das recorrentes no ámbito paratextual dos prólogos historiográficos. No marco español procede como mínimo das propostas ben coñecidas de Marcelino Menéndez Pelayo e Ramón Menéndez Pidal, desenvolvidas ou matizadas posteriormente pola escola filolóxica española, aínda que con ilustres precedentes nos iniciadores estranxeiros da historia literaria española (Friedrich Bouterwek, Jean Charles Léonard Simonde de Sismondi, George Ticknor, James Fitzmaurice-Kelly e algúns outros). Historiadores como Ángel del Río non renunciaron a dialogar con aquelas fundamentacións, que van desde a fusión do católico co sentido estético do humanismo procedente da cultura greco-latina (Menéndez Pelayo) á asincronía respecto doutras culturas europeas, a tendencia sintetizadora, o tradicionalismo, un sentido moral que non se acaba de impoñer ao realismo e outras notas características do pensamento pidaliano. Nalgúns casos, quizais un dos máis célebres sexa o de Fidelino de Figueiredo, esa caracterización nacional formulouse baixo óptica comparatista. No seu caso concreto, por contraste xeral entre as literaturas en linguas castelá e portuguesa (Casas 2015a).

No ámbito galego, Francisco Rodríguez Sánchez (1996), na introdución xeral á *Historia da literatura galega* dirixida por Alberte Ansede Estraviz e Cesáreo Sánchez Iglesias, e xa antes en páxinas liminares á súa *Literatura galega contemporánea* (1990), presentou unha proposta na cal, ademais de debater o alcance do criterio filolóxico como organizador da historia literaria, establecía unha serie de características para la literatura galega como literatura de periferia europea. O máis relevante desta observación consistiu na pertinente chamada de atención sobre o feito de que as leis que rexen o desenvolvemento dunha literatura central non son de aplicación

ás literaturas periféricas. Para estas, e para a galega en concreto, Rodríguez Sánchez establecía en 1996 estas características: funcionalidade social e política instrumental tras o período de esplendor medieval, centralidade da poesía, trasfondo multixenérico da lírica (malia o anterior e por integración de elementos incluso épicos), incorporación dunha discursividade reflexiva de tipo filosófico ou político que funcionaría como superestrato literario, polivalencia profesional dos axentes literarios, imposibilidade de autonomía económica para a figura do escritor e, por último, existencia dunha fenda importante entre a entidade dos resultados literarios e a entidade da produción teórico-crítica a estes referida (cf. Pena 1998).

Por outra parte, a historiografía literaria vasca fixo lugar común desa parcela autocaracterizadora (Retolaza 2009), tratándoa adoito como resposta á dura heteroimaxe da literatura vasca (lingua bárbara, xurdimento serodio, temática inicial restrinxida ao relixioso, exclusión por longo tempo das mulleres…), segundo pode constatarse por exemplo en Mujika (1979), primeiro historiador tras a morte de Franco, ou en Mitxelena ([1960] 1988), neste caso con forte compoñente autocrítico.[31] A argumentación centrada no carácter periférico da literatura tratada é así mesmo común a varias propostas historiográfico-literarias vascas, cuxos prólogos non é raro que incidan, como aditamento, no carácter marxinal e na proxección toldadora das dúas grandes literaturas veciñas, a francesa e a española. Exemplifícao ben o indicado por Txuma Lasagabaster no seu prólogo «'Otra' Historia de la literatura vasca», no volume de Iñaki Aldekoa *Historia de la literatura vasca* (Aldekoa 2004, 7-8). Unha reflexión de interese –como todas as súas– a propósito desa condición periférica e subalterna nas coordenadas ibéricas, con aplicación directa ao que isto supón no plano das descontinuidades históricas, é a apuntada por Joan Fuster na «Explicación previa» xa citada á tradución *Literatura catalana contemporánea*. Sinala nese lugar o que segue:

> El caso de la «literatura catalana» ha de ser referido, no a las literaturas vecinas de premisas social y políticamente estabilizadas –la castellana, o la española, la francesa, la italiana, incluso la portuguesa–, sino a las de supervivencia minoritaria y subalterna. A este nivel, la literatura catalana contemporánea es, sin duda, ex-

31 Véxase o escrito por Mitxelena (1988, 8) na súa nota «Al lector»: «He entrado más de una vez en disgresiones que pertenecen a la historia cultural mejor que a la literaria en sentido estricto. Eso me ha parecido absolutamente necesario y lo único que siento es no haber podido extenderme más y con mayor competencia. No tengo una impresión muy favorable, como se verá, de la aportación de nuestro pueblo en ese aspecto. Es muy posible que mis afirmaciones parezcan desconsideradas. No me he preocupado de no herir susceptibilidades porque estimo indispensable que quienes sientan inquietud por esos problemas sepan hasta qué punto ha sido mediocre nuestro pasado».

> cepcional. Hecho, por lo demás, apenas entrevisto o resueltamente mal visto por el resto de la población celtibérica. (Fuster 1985, 8)

Un engadido necesario, por menor que pareza, atinxe ás literaturas consideradas rexionais, clasificación delicada sobre todo pola existencia dalgunhas axuizadas prevencións, de certo consecuentes con usos tradicionais simplificadores da condición do rexional (Casas 2005). O elemental é que as nacións adoitan dividirse, por exemplo administrativamente, aínda que tamén baixo criterios culturais, en territorios ou rexións. Estas incluso poden depender de dous Estados diferentes, e diso hai exemplos no espazo xeocultural dito *ibérico* e con certeza no europeo en xeral, igual que noutros continentes. Entendo, claro está, que o rótulo non se debe reducir no uso ás acepcións, e aos efluvios, que puido ter noutra altura histórica, vinculados con determinados ideoloxemas xerarquizantes, aínda persistentes nalgúns núcleos académicos, ou en xeral na opinión pública.[32] Con todo, non hai razón para entendermos sempre a condición rexional en sentido pexorativo.

Introducirei moi brevemente algunhas consideracións que, malia o dito, demostran o doado que resulta incorrer no despropósito. Á marxe do que poida parecer a simple existencia de axendas historiográficas e políticas como a que se vai mencionar de seguido, algún interese discursivo comparece en publicacións do tipo da *Historia de la lliteratura en llengua valenciana* (Ahuir e Palazón 2001). Por exemplo, o primeiro dos seus oito volumes, dedicado ao século XIII, está encabezado por un prólogo institucional a cargo do presidente da Deputación valenciana onde se declara o seguinte (9), con toda obviedade na procura dunha lexitimación identitaria, incluída no *kit* a torpeza do hiperbólico:

> La Llengua Valenciana es una de les mes antigues d'Europa. El Poble Valencià, com a mostra de la seua singularitat, la va començar a parlar fa molts segles, quan el llatí que imposaren els romans es va trobar ab l'iber dels pobladors autoctons. Esta llengua va perdurar durant segles en llavis dels mossaraps valencians quan els musulmans van invadir el Regne de Valéncia, i posteriorment va tindre un esclat lliterari impressionant.

Noutro plano, que incide nas opcións historiográficas pola unificación lingüística, ás veces borrosa nas coordenadas rexionais por relación ás nacionais, cabe sinalar algo tamén bastante peculiar no prólogo de Fernando González Ollé á *Introducción a la historia literaria navarra* (1989, 9-12), onde en ningún momento se fai alusión á opción lingüísti-

32 De «nuestro Parnasillo regional» falou Emilia Pardo Bazán ([1888] 1984, 84) para establecer escalas comparativas entre a poesía galega e a española nun texto centrado en Benito Losada, posteriormente integrado no volume *De mi tierra*.

ca, en castelán ou en éuscaro, do conxunto das obras estudadas, algo que se xustifica polo número non excesivamente nutrido de autores merecedores de entrar no canon rexional.

Regresando ao xa anotado, finalizarei cunha mención do sinalado por Heinz-Gerhard Haupt, Michael G. Müller e Stuart Woolf, editores de *Regional and National Identities in Europe in the XIXth and XXth Centuries* (1998). Na introdución ao volume destacaron dúas proposicións que poden resultar sorprendentes e acaso controvertidas, aínda que, como mínimo no que atangue á análise crítica do discurso historiográfico, conteñen notas dignas de ser examinadas: i) os elementos que os discursos culturais manexan á hora de constituíren identidades rexionais son idénticos aos empregados no momento de se referiren ás identidades nacionais, de maneira que só existiría variación nos valores políticos, ou doutra índole, atribuídos a algúns deses elementos; ii) a construción e promoción dunha conciencia política e dun apoio popular a unha certa identidade rexional conforman mecanismos en todo homologábeis aos propios dos procesos nacionais correlativos. A única diferenza destacábel consistiría, segundo sinalan (11), na asimetría desas relacións, dado que non parece posíbel concibir unha identidade rexional á marxe da existencia dunha nación-estado.

IV Tres modelos outros

1 Dous libros de Antón Figueroa que abordan problemas historiográfico-literarios

Sumario 1.1 Sobre *Nación, literatura, identidade* (2001). – 1.2 Sobre *Ideoloxía e autonomía no campo literario galego* (2010).

1.1 Sobre *Nación, literatura, identidade* (2001)

Na recensión que publiquei sobre o libro de Antón Figueroa *Lecturas alleas*, de 1996, tiven oportunidade de concretar en esquema o itinerario epistemolóxico e a sucesión dos programas de investigación asumidos por este catedrático de Literatura francesa da Universidade de Santiago de Compostela (Casas 2006). Houbo un momento, entrados os anos oitenta, en que Figueroa desviou o rumbo das súas ocupacións principais como especialista en novela medieval e puxo proa a un territorio que en principio semellaría corresponderse máis ben coa teoría literaria e cun neocomparatismo aberto simultaneamente á socioloxía da lectura e á teoría do texto, focalizado basicamente no estudo de distintos aspectos das relacións literarias intersistémicas. Con todo, esa angueira situouse sempre no marco amplo do que hai pouco Xoán González-Millán, compañeiro de viaxe seu en varios aspectos, presentou profesional e mesmo vivencialmente na «Nota de presentación» ao libro *Resistencia cultural e diferencia histórica* como un designio de

> contribuír a un marco interdisciplinario, cada día máis urxente e necesario, para a renovación dos estudios socioculturais galegos, (González-Millán 2000, 11)

DOI 10.30687/978-88-6969-530-8/012

algo que así formulado declara abertamente unha raíz política dos compromisos e da planificación das tarefas asumíbeis polo investigador cultural.

As moi relevantes propostas teóricas destes dous profesores, aínda pivotando nitidamente sobre a realidade cultural e histórica galega, posúen unha dimensión que ultrapasa fronteiras xeográficas. Chegan a constituírse de feito en posíbeis modelos (referencias) de análise para outras realidades semellantes en diverso grao á nosa. Fano ademais, en boa medida, como complemento de certos operativos teóricos con vixencia probada nas ciencias sociais, o cal facilitaría eventuais asimilacións desde coordenadas xeoculturais variadas. Nese sentido, presenciamos nas súas traxectorias unha especie de diálogo, que a miopía dalgúns reducirá a esexese dos paradigmas dominantes nesta parcela do saber ao longo dos últimos vinte ou trinta anos; paradigmas, en todo caso, que de entrada focalizaron a súa atención sobre os sistemas literarios ou campos artísticos (nacionais) fortes do continente europeo.

E estariamos, asemade, perante un diálogo que o é tamén cos presupostos e coas praxes máis estendidos nos estudos literarios e noutras órbitas próximas, habendo certas concomitancias de fondo coa renovación experimentada no eido dos estudios culturais, o neohistoricismo e a investigación sobre realidades poscoloniais, plataformas todas estas que, á vez, conforman, entre outras cousas, unha actualización dos presupostos e dos protocolos de análise inspirados polo marxismo.

Malia estas e outras concomitancias, malia a peculiaridade das súas respectivas ubicacións en referencia á doxa teórica e historiográfico-literaria imperante no país, e aínda contada a publicación conxunta en 1997 do libro *Communication littéraire et culture en Galice*, Figueroa e González-Millán non comparten senón relativamente concepcións de base e proxeccións analíticas.

Unha ocupación fértil, que me limito agora a suxerir, sería a de aplicar a propia teoría dos campos sociais, por exemplo, á descrición de tales sintonías e diverxencias, así como ao estudo da problemática implantación de ambos os modelos, o de Figueroa e o de González-Millán, en cadanseu espazo ideolóxico ('natural'?) de acollida, desde onde coido que non sempre se asimilou ou comprendeu minimamente o discurso producido por un ou outro teórico –ben máis rico e complexo do que algúns calculan– nin se promoveu tampouco a necesaria discusión *intramuros*. Sexa como for, parece claro que as repercusións efectivas que estes dous modelos teóricos teñen no campo literario galego e no subcampo da crítica, non sendo despreciábeis, habían ser moito máis profundas de sumaren os seus promotores unhas circunstancias bioacadémicas algo máis favorábeis para esa causa. E digo isto desde unha dobre constatación, de aparencia paradoxal: a do rigor e a importancia das propostas, dunha

parte, e, doutra, a da ausencia de grupos de investigadores novos que vigoricen e amplíen con lealdade crítica os proxectos de investigación/intervención asociados aos dous académicos, de maneira que o debate con outros programas e proxectos en marcha, tanto cos anacrónicos como cos anatópicos (estes serían os que non gardan correspondencia co lugar desde o que se formulan, ás veces por seráfica ou militante abstracción), ou con outros mellor fundamentados e menos lastrados de indolencias ou servidumes, permitise activar e actualizar os estudios literarios e culturais en Galiza, e aínda, de vez, o exercicio da crítica. Non hai dúbida de que a falta de flexibilidade do actual sistema universitario e a relativa 'excentricidade' curricular de ambos os teóricos –malia feitos tan sólidos e palmarios como González-Millán ser o director do *Anuario de Estudios Literarios Galegos* ou Figueroa terse constituído nun dos máis privilexiados interlocutores de eminentes teóricos e comparatistas europeos– dificulta extraordinariamente a aparición e a consolidación de equipos por eles dirixidos. Peor para case todos, en efecto.

Non faltará quen cuestione a lexitimidade da introdución, aquí, deste tipo de chaves. Argumento, por se acaso, que veñen da man do propio libro de Figueroa, onde non é difícil localizar un prisma reflexivo de autoanálise, en ocasións formulado case como xustificación tocada pola borra autoirónica, outras como unha sorte de confesión biográfico-epistémica, susceptíbel de ser ampliada a varias xeracións de filólogos formados en Compostela. Nesa mirada ao pasado recente, o autor é máis explícito que en entregas anteriores, de xeito tal que a crítica aos inmobilismos académicos e ás inercias metodolóxicas chega a ser neste libro bastante evidente. Por moito que Figueroa siga cultivando unha prosa elegante e discreta na que non abundan os nomes propios nin as recriminacións ou as impugnacións directas –despois haberá que volver sobre isto–, resulta difícil non sentirse aludido nalgún momento por esa ollada (auto)crítica, desestabilizadora de numerosas coartadas en distintos niveis.

Calquera filólogo ou investigador cultural que se formase nas estruturas epistemolóxicas dominantes a partir dos anos sesenta (historiografía positivista ecoica, estilística idealista en declinio, narratoloxía estruturalista, socioloxía da literatura, desenvolvementos marxistas e neomarxistas, estudos sobre a recepción, semiótica pragmática…) podería pensar que no libro se fala dos alicerces científicos e das asuncións e seguridades súas, cambiantes no tempo, con certeza, mais con frecuencia lentas e incompletas na asimilación crítica dos novos paradigmas e na aplicación dos mesmos ao labor docente, e, alí onde corresponda, tamén á tarefa investigadora. Esta clase de lectores terá ocasión, por parte, de sopesar o alcance dos seus compromisos e das súas simbioses cos distintos poderes que interveñen no campo cultural. Con certeza, experimentarán igualmente esa impresión creadores ou axentes literarios en xeral, sobre todo a

propósito de asuntos como o da construción literaria da identidade nacional, tanto cando esta se destina ao consumo interno como cando se dispón como *catering* para excursionistas culturais e encargados de suplementos, esa 'exportación de exotismo' que noutro tempo histórico, comezos do século XX, identificou tan ben a chamada por Madrid *pintura rexionalista*.

Porque do que fala maiormente o autor, en definitiva, é dese complexo de actitudes e predisposicións mentais que Pierre Bourdieu denomina *habitus*. Algo parecido estaba xa en *Lecturas alleas*, non hai dúbida, pero entón sen que os instrumentos teóricos do pensador francés fosen reclamados de maneira explícita. Insisto en que Antón Figueroa non impugna traxectoria concreta ningunha pero, desta vez con esas arestas irónicas que antes mencionaba, ofrece as ferramentas precisas para que cada quen analice e xulgue o que ten diante. Nestas coordenadas, como xa teño apuntado outras veces, pódese afirmar que asistimos a un dispositivo maiéutico orientado nun sentido moral e político.

A racionalidade do modelo teórico propugnado, ergueito con delicado cálculo e sen precipitación ao longo dos sucesivos capítulos e epígrafes, e a mesma rede de reflexións sobre a construción da ciencia, tan presente no libro, distan pois de funcionar como mecanismo de autocompracencia ou suficiencia. Están en realidade ao servizo dun proxecto socrático, respectuoso perante as constatacións e os datos empíricos e que nunca cede ao exhibicionismo nin á gratuidade floral de códigos corporativos ou nomenclaturas técnicas. E en canto o autor sente que a cousa se pode ir das mans –a el ou ao lector– decontado bota man do contrapunto infalíbel do *sermo humilis* ou dunha certa perspectiva popular para baixar fumes e administrar a abstracción (véxanse como exemplos o escrito en páxinas como estas: 19, 21, 133 ou 154). Velaí o ton discursivo que adoita imprimir Figueroa aos seus estudos.

Outra novidade non menor que hai que rexistrar en relación a entregas anteriores do autor radica precisamente no reforzamento do aparato teórico, que neste libro é moi explícito e recursivo, penso que non só por unha necesidade didáctica de fundamentar conceptualmente as propostas e de lles imprimir maior cohesión interna, senón tamén por unha saudábel confianza nos froitos que se poden tirar dun diálogo franco con certo tipo de discursos teóricos, ou mesmo dunha asunción desacomplexada sobre a conveniencia de construír(mos) entre todos a teoría. Tamén, non sei se me equivoco, por entender que a aceptabilidade social desta clase de obras entre o público lector en galego foi a máis no tempo finisecular.

As referencias básicas proceden, non hai dúbida, de Bourdieu e da súa teoría do campo literario. Ao teórico francés pertencen a maioría das definicións e das nocións vehiculadas, complementadas por outras procedentes do propio González-Millán, de Itamar Even-Zohar e

a teoría dos polisistemas, de Daniel-Henri Pageaux, de Hans-Robert Jauss e de Karlheinz Stierle ou de investigadoras (na altura da publicación do libro *Nación, literatura, identidade* [2001]) menos coñecidas, como Gisèle Sapiro e Anne-Marie Thiesse, vinculadas como Bourdieu á École des Hautes Études en Sciences Sociales e moi destacadas polo autor á hora de centrar vertentes sobre aspectos como a postulación da identidade nacional.

De repasarmos a produción teórica anterior de Figueroa constatariamos que algúns deses nomes figuraban xa na nervadura do 'vello' *Diglosia e texto* (1988). É o caso, singularmente, de Stierle, Jauss, Iser e doutros estudosos máis ou menos próximos á coñecida como estética da recepción. En efecto, eles configuraron con Robert Lafont, Jacques Leenhardt ou José Lambert, entre outros especialistas, o conxunto de interlocutores cos que o noso teórico se dispuxo a dialogar hai quince anos. A maior novidade, reitéroo, afecta á cerna conceptual achegada pola teoría dos campos sociais de Bourdieu. A este autor corresponden así mesmo a maior parte das citas exentas e das puntualizacións en nota que espara o libro. Non por isto prescinde Antón Figueroa das súas propias formulacións teóricas e das nocións por el asentadas en publicacións anteriores ('lectura filolóxica', 'filoloxización da cultura', 'lectura a destempo', 'nivelación pragmática de textos', 'desinterese'…), se ben unhas e outras resultan actualizadas á luz da teoría dos campos.

Convén entrar dunha vez na descrición da arquitectura interna deste *Nación, literatura, identidade*, que, segundo se declara xa no pórtico, parte da consideración de que a arte e a literatura son actividades sociais históricas, aínda que só for por estaren asentadas na radical historicidade do acontecer cultural (Figueroa 2001, 15). Neste mesmo sitio, Figueroa establece cales son as catro estacións do labor que emprende, xeradoras dos catro capítulos en que se organiza o libro: 1) a revisión dos instrumentos de análise teórica asumidos como naturais ou idóneos de xeito acrítico, en clara dependencia dunha tradición filolóxica que importaría examinar; 2) a proxección dos resultados da fase anterior sobre a análise das «dinámicas literarias en procesos de configuración da identidade nacional» (15); 3) as aplicacións pertinentes ao campo literario galego; e 4) o estudo dos intercambios literarios entre campos/nacións.

O primeiro capítulo, «Aproximacións á literatura», introduce en consecuencia unha dimensión propedéutica e didáctica, destinada a fundamentar as análises posteriores. É contundente aquí o teórico á hora de desmontar a asunción de que a obra literaria sexa apenas o resultado dunha tensión formal-estrutural estática, á marxe da historicidade e do dinamismo de calquera produto social e tamén da condición histórica de autores e lectores. Figueroa insiste moito no seu específico percorrido xeracional e nas coartadas político-culturais de todos os que cederon á melodía amansadora do estruturalismo, sacra-

lizadora da obra-en-si. Por esa mesma vía cuestiona en profundidade dúas tendencias a miúdo coniventes: a aproximación fenomenolóxica á obra literaria e a historiografía literaria tardopositivista. É tan groso o subliñado seu nesta fase que o lector extrae a conclusión de que se está a clamar contra un estado de cousas inmobilista, resistente e teimudo na súa implantación nas aulas e nas liñas de investigación dominantes no país noso, seguramente tamén noutros do contorno. As advertencias esténdense despois contra a deficiente asimilación en Galiza das teorías da recepción, divulgadas pouco pero mal.

Todo conflúe, en fin, nunha confianza explicitamente asumida nos froitos que poderían render novas aproximacións ao feito literario, como as empírico-sistémicas e as da nova socioloxía francesa, que en ningún momento se presentan como panacea nin tampouco como culminación definitiva dos estudios literarios. Malia a advertencia de que non se aspira a resumir os postulados básicos de Even-Zohar ou de Bourdieu o certo é que en só corenta páxinas Figueroa ofrece esquemas moi claros e precisos sobre as súas metodoloxías e conceptualizacións respectivas –algo que todo lector agradece–, con matices e apuntamentos de alto interese que van preparando os camiños posteriores da monografía. Repásanse así nocións e chaves como as de sistema de relacións, concorrencia, valor estético, centro-periferia, repertorio, canonicidade, lexitimación, homoloxía, *habitus*, campo social, campo literario, subcampos da gran produción e da produción restrinxida, posición e toma de posición, capital simbólico, produción mercenaria e outras varias. O oficio didáctico do profesor Figueroa faise patente aquí, mesmo cando esquiva derivas e tanxencias tan interesantes como as orixinadas pola intersección epistémica entre os postulados dos teóricos francés e israelita, por exemplo a propósito da complexa e discutíbel congruencia conceptual entre *habitus* e repertorio.

O segundo capítulo leva o título de «Constitución do ámbito nacional e funcionamento da literatura». Concéntranse agora os esforzos nunha delimitación operativa de base empírica e histórica sobre o que se entende por 'identidade nacional', para despois observar a dinámica de incorporación do feito literario a esa plataforma e, finalmente, someter a exame os parámetros que supostamente informan sobre a autonomía/heteronomía dun campo literario nacional. Establécese que o procedemento debería partir da observación e a análise dos elementos que, en cada caso, se escolle(ro)n para fundamentar a idea de nación e tamén dos mecanismos simbólicos asociados a tal escolla. O autor móstrase convencido de que as identidades nacionais, lonxe de responder a esencias ahistóricas idealistas, son o resultado de determinadas prácticas sociais de natureza histórica, ligadas por suposto á loita de intereses de diverso signo e á intervención de axentes sociais, económicos, etc. A partir de aí sería preciso estudar, sinala Figueroa, en que medida logra ou logrou recoñecemento

interno e externo esa postulación identitaria institucionalizada ou en vías de institucionalización; en definitiva: en que medida, e de novo para cada caso particular –Francia, Exipto, Xapón, Costa Rica, Carelia, Québec, Galiza…–, funciona ou funcionou historicamente esa representación/figuración da nación, en que xeito logrou os efectos desexados polos 'pedagogos da nación' perante propios (autorrecoñecemento) e estraños (heterorrecoñecemento).

Son de innegábel pertinencia nesta orde de cousas as páxinas sobre a construción do 'sentido común' que funciona en cada ámbito nacional. Outorga o teórico grande importancia a esa especie de sistema métrico da razón, que como tal é sempre un mecanismo instaurado, non natural, non espontáneo nin desinteresado. Desde a ironía, e no marco dunha glosa das posicións de Thiesse ao respecto,[1] chega a usar a expresión «kit nacional» (Figueroa 2001, 83). Agora talvez se entenda mellor a que me refería ao falar das peculiares adhesións inquebrantábeis que *obtén* Figueroa entre algúns lectores das (cubertas das) súas obras, ben contrapesadas en calquera caso por censuras non menos pandorcas doutra clase de lectores.

É un feito probado que a literatura adoita desempeñar unha función aglutinadora nesa postulación do nacional. Estariamos, en efecto, ante unha utilización pragmática do fenómeno literario nas súas diversas manifestacións e facianas. Segundo se sinala:

> As funcións *nacionais* concretas da literatura son múltiples, dependendo, por unha parte, dos elementos literarios utilizados (temas, formas, símbolos e representacións, mitos, lingua, prestixio e outros), dependendo, por outra parte, do momento en que se empregan (fundacionais, de afianzamento, de recuperación, etcétera) e da función precisa que realizan. Nas entidades e identidades culturais que aínda se están configurando pódense detectar problemas específicos que xiran sobre todo arredor do tema da autonomía/heteronomía do campo literario. (Figueroa 2001, 86-7)

Nada disto soa descoñecido, con certeza, se ben sería preciso destacar algo máis a corresponsabilidade da historiografía literaria neses mesteres. Georg G. Gervinus en Alemaña ou Francesco de Sanctis en Italia, por exemplo, representan magnificamente a asunción dun modelo narrativo para a historia literaria, un modelo de lexitimación e afirmación nacional, partícipe dos mesmos compromisos asumidos por determinados poetas, dramaturgos ou novelistas románticos, todo esa urda cívica que Even-Zohar distingue como 'axentes socio-semióticos'.

1 «A nación nace dun postulado e dunha invención, pero non vive máis que da adhesión colectiva a esta ficción» (Figueroa 2001, 83). La cita traduce lo escrito por Thiesse (1999, 14).

Xa no século XIX, esa clase de tándem se puxo en funcionamento entre nós, como de todos é sabido. Pero agora mesmo a cuestión principal sería, como recoñece Figueroa, dirimirmos en que medida aqueles mecanismos propiciados noutras épocas históricas seguen sendo válidos e operativos. Trátase de algo de total pertinencia e actualidade para o caso galego, que no libro aparece tratado entre as páxinas 91 e 110, acaso as de maior densidade conceptual de todo o volume, con fundamento nas teorías da lectura propugnadas por Karlheinz Stierle e Horst Steinmetz.

Tómase precisamente deste último o concepto de 'repragmatización' para con el delimitar os procesos habituais de produción/recepción de textos ficcionais cando, baixo determinadas circunstancias históricas, asumen funcións asociadas á construción dunha identidade nacional. A repragmatización sería, neste sentido, unha recepción pragmática en segundo grao, posto que supón que por unha colectividade dada son asumidos como textos comúns (isto é, como actos de fala plenos na súa dimensión ilocutivo-perlocutiva) aqueles que en realidade non o eran dada a súa natureza ficcional. É evidente que este tipo de procesos teñen consecuencias na lexitimación e no prestixio de textos/autores. Tamén na administración do capital simbólico dentro do campo literario. E non só de portas para dentro senón mesmo no exterior dese campo, por exemplo en campos literarios foráneos, que tenderán a minusvalorar o capital simbólico dun autor estranxeiro se este o gañou por esa ruta equívoca da repragmatización.

O derradeiro sector do capítulo segundo xira arredor dos conceptos de 'literatura nacional' e 'nacionalismo literario'. Antón Figueroa toma aquí como referente fundamental o pensamento de González-Millán, que asume globalmente malia a introdución dalgunhas matizacións –unha vez máis procedentes do aparato teórico emanado de Bourdieu– aos ben coñecidos argumentos desenvolvidos polo profesor do Hunter College neoiorquino. A cuestión principal que se dirime é a da autonomía do campo literario, que para Figueroa sería o resultado das relacións de poder que este establece co resto de campos do seu ámbito nacional.

O capítulo terceiro é o máis breve e sucinto do libro (111-27), o cal non deixa de representar para quen isto asina unha característica algo frustrante, só mitigada polo coñecemento que temos sobre o xeito de traballar de Figueroa, propenso a retomar en libros futuros aquilo apenas perfilado en entregas previas. O capítulo titúlase «Literatura galega e campo literario. Hipóteses, problemas, anomalías» e ten como obxectivo capital responder á pregunta de se existe ou non, e en todo caso baixo que condicionantes e con que virtualidades, un campo literario galego.

Unha primeira reflexión, que non ha estorbar: boa parte da obra teórica de Bourdieu en torno ao campo literario aparece cinguida a

unha etapa histórica ben definida e francamente ligada á preeminencia de determinados autores, críticos, medios… O libro *Les Règles de l'art. Genèse et structure du champ littéraire* (Bourdieu 1992) quedaría reducido a case nada se restarmos as páxinas en que se fala do 'fenómeno Flaubert', con todas as súas implicacións, de moi diversas ordes. Tanto é así que no índice onomástico dese libro nin sequera aparece citado o nome do novelista a carón dos de Baudelaire, os Goncourt, Champfleury, Sainte-Beuve, Augier e tantos outros, todos repetidamente citados. Isto obedece a que Flaubert funciona como auténtico eixe referencial desa fundamental monografía. O traballo de Figueroa, en cambio, por motivos que non se me alcanzan, prefire non traspasar determinadas estremas nominais, de xeito que unha das poucas referencias explícitas reiteradas (*ma non troppo*) que un atopa nas súas páxinas é a de Méndez Ferrín. Ben é certo que hai indicios suficientes, case sempre, para sabermos de que e de quen se fala a propósito, por exemplo, do tránsito entre o subcampo de gran produción e o subcampo de produción restrinxida, ou da dialéctica decote complexa entre autonomía artística e vía mercenaria por heteronomía económica, ou da colisión entre campos nacionais limítrofes. A este propósito último un se pregunta se, en termos estritamente científicos, por tanto á marxe de idearios e de fobias, é posíbel unha investigación sobre o campo literario galego que faga abstracción das irradiacións, as tanxentes e as secantes doutros campos nacionais xeograficamente inmediatos; e recuperarei agora unha formulación do propio Bourdieu que Figueroa amplía na súa aplicación:

> os lindes do campo sitúanse alí onde cesan os seus efectos. (112)

Trátase, en resumidas contas, de aclararse sobre os marcos interliterarios en que andamos –todo ese feixe de problemas do que se ocuparon os membros da Escola de Bratislava, entre outros–, mal que pese a algunhas conciencias abstraídas da realidade histórica e da contumacia do mercado, a miúdo baixo a coartada a estes efectos inservíbel de que 'se eles nos ignoran a nós…'. Como tratarmos isto?

Outro camiño que abre o autor nese eido é o da normalización cultural en canto normalización do campo. Rexeita, coido que con siso, a aplicación dos supostos estándares de normalidade tantas veces reclamados como metro do desequilibrio, por pánfilo ou servil mimetismo. Ese 'hai que facer tal cousa' –novela erótica, novela longa, traxedia, poesía pastoril…– porque no sistema literario francés, ou catalán, ou ruso, ou brasileiro… xa dispoñen diso hai tempo. Naturalmente, todo isto fica moi próximo do vello asunto da planificación cultural, que como lembra Figueroa interesa en altísima medida á Escola de Tel Aviv e que, ademais, forma parte central do ideario e da praxe de toda vangarda cultural, tanto en situación de normalidade como en marcos de subalternidade e/ou resistencia.

É en lugares como este onde se pode apreciar aquel compromiso etopolítico que ennobrece sempre a teorización literaria: o autor entende que en Galiza é perceptíbel a existencia de 'efectos de campo', de pautas que permiten entrever a conformación efectiva dun campo literario, o cal significa propiamente 'dun campo literario autónomo'; e deixa moi claro que isto é froito no fundamental da conxunción de elementos concienciadores (nunca autosuficientes) e dunha acción política que constitúe en capital aquilo que antes non o era. Así,

> As posibilidades de autonomía do campo literario galego supoñen un poder galego real, político, económico, etcétera, fronte ó que declararse autónomo, e obviamente, neste mesmo sentido, parece claro que os que colaboran dunha maneira ou doutra no establecemento dun poder galego institucionalizado ou non, contribúen tamén á creación da posibilidade de constitución e de funcionamento de campos artísticos que se rexerán certamente por intereses, ilusións e crenzas de tipo distinto. Os cambios constatables na última etapa da literatura galega, que parecen relacionarse tamén coas mudanzas políticas e sociais, aínda que denotan dificultades e deficiencias, mostran tamén indicios do funcionamento do campo literario galego como campo de concorrencia. (Figueroa 2001, 86-7)

O capítulo final céntrase nun dominio que xa interesara ao teórico no seu libro anterior, o das relacións literarias, se ben agora introduce novos puntos de vista que arrequentan os logros de *Lecturas alleas*. Entre eles, os inscritos en disciplinas como a historia literaria comparada, suxeridos a partir da posición de Michael Werner (1994) sobre as xerarquías de valores dentro de cada campo social e literario. Tamén é de moito relevo a pescuda no terreo das distorsións á hora da contemplación intersistémica (isto é, da forma en que se contemplan entre si dous campos nacionais distintos, como o italiano e o alemán, por poñer un caso) ou aínda entre subcampos dun mesmo campo nacional. En definitiva, trátase de evidenciar que os protocolos de lexitimación e de xerarquización responden a lóxicas internas que non sempre resultan congruentes con outras externas ao propio campo en cuestión, e que por riba son dificilmente redutíbeis a parámetros alleos. Isto leva a Figueroa, como tamén a Bourdieu no seu momento, a propugnar un operativo metodolóxico que eles mesmos presentan como de 'reconstrución de dinámicas', tanto en relación a campos dos que non participa o analista científico por razóns xeoculturais ou sociais (un investigador mexicano que estudase un determinado campo belga; ou un investigador experto no campo económico do seu país que estudiase nese mesmo marco o campo cultural), como en relación a aqueles outros campos afastados historicamente no tempo (un investigador cultural galego que na actualidade analizase o noso campo literario nos anos vinte).

Marcarei aquí certa distancia epistemolóxica con esa clase de procedemento reconstrutivo, típico por outra parte do método filolóxico tradicional e tamén do método hermenéutico até certa altura. Paréceme desproporcionado o xeito en que Bourdieu simplifica en *Les Règles de l'art* o pensamento de Hans-Georg Gadamer e con el toda a hermenéutica contemporánea. Desde a noción de 'círculo hermenéutico' e outras próximas, Gadamer ten cuestionado sen ambaxes a posibilidade de calquera operativo orientado á reconstrución do pasado, en especial cando funcionan sobre a va certeza da anulación do presente observador, das circunstancias do aquí e agora (históricos, por suposto, só faltaba…) desde o que establecemos a plataforma para intentarmos comprender o pasado e que, sen dúbida, condicionan esa comprensión *nosa*.

Fóra disto, saúdo sen reserva de ningunha clase a lucidez das análises de Figueroa, así como tamén o pormenorizado e concienciudo programa seu para o estudo das relacións literarias, centrado nos vectores da importación e a exportación de produtos literarios entre campos nacionais e nas estratexias correlativas (Figueroa 2001, 136-63). Tal programa posúe incluso importantes posibilidades para a clarificación de vellos dilemas historiográfico-literarios, como o referido á interpretación da suposta vangarda poética na Galiza de preguerra, ou o da asunción do método naturalista por intelectuais non franceses de localización ideolóxica reaccionaria. Resulta igualmente atractivo todo o que procede da reflexión sobre a circulación de produtos literarios entre campos nacionais non homologábeis en función de desequilibrios existentes nas súas dimensións, no seu dinamismo interno ou, en particular, no poder económico asociado (aquí entraría doadamente o tratamento dos fenómenos inducidos pola globalización). Sobre a exportación de produtos literarios, os lectores atoparán moi certeiras observacións que permiten comprender a fondo os mecanismos e as razóns da exotización de espazos culturais febles cando estes son contemplados desde campos nacionais fortes ou normalizados: todo iso que conduce ao que Figueroa presenta como conversión da cultura propia en espectáculo para outros, probabelmente vixente na Galiza actual e nas políticas culturais da práctica totalidade dos gobernos da Xunta. Alén da indignidade moral que tal xogo presupón, esa espectacularidade incorpora ademais unha caricaturización anuladora de calquera intercambio serio de contidos culturais.

Motivos como os que aquí fomos debullando fan de *Nación, literatura, identidade* un deses libros non só necesarios senón aínda imprescindíbeis, que este crítico celebra con humilde e íntima emoción. Aos valores que acumulan as súas páxinas engádese outro fundamental que en realidade non está formulado de xeito explícito: a invitación, máis que o reto, para que outros investigadores literarios e culturais interveñan no debate metodolóxico introducido e para a achega de

materiais que faculte, canto antes, a elaboración en profundidade dun mapa histórico sobre campos sociais e campos literarios en Galiza. Porque Antón Figueroa non é un investigador que aspire a pechar debates nin a dicir a palabra definitiva sobre nada, mérito que está ao alcance de poucas persoas da súa contrastada dimensión intelectual.

1.2 Sobre *Ideoloxía e autonomía no campo literario galego* (2010)

Os libros de Antón Figueroa desde a aparición hai case vinte e cinco anos de *Diglosia e texto* (1988) son agardados con expectativas fundadas de acceso ao debate de vellos e relevantes asuntos analizados cunha ollada nova. En efecto, os problemas e os procesos dos que os seus libros veñen informando estaban xa alí, diante dos ollos de quen quixese velos, só que secundarizados ou mesmo obliterados por esa xerarquía heurística que os programas de investigación postulan e nalgún sentido impoñen no campo académico. Xustamente, un dos méritos maiores das propostas de Figueroa é este propósito de sacar á luz as inercias epistemolóxicas, indicando asemade alternativas correspondentes a un tempo e a uns suxeitos individuais e colectivos diferentes de aqueles outros aos que cre seguir falando un sector anacrónico e, por desgraza, non minoritario da academia ou mesmo das esferas intelectual e política.

Eses asuntos, vellos ou novos en función da óptica, interesan en Figueroa tanto como o tipo de acceso metodolóxico fornecido coa clase de estudo promocionado. E isto non só polo marco estrito do obxecto de análise –estudos sobre a recepción, relacións e mediacións interliterarias, as funcións identitarias da produción cultural…– senón tamén porque aos seus libros se lles presupón unha aplicabilidade, a probabilidade dunha proxección a outras parcelas próximas que os seus lectores e continuadores sexan quen de artellar. De aí provén un suplemento dinamizador que de entrada fai algo tan salutífero como poñer en cuestión costumes e usos escolásticos; noutros termos, algo como situar certos convencementos e certas estratexias perante o espello da realidade e da operatividade históricas.

Nalgúns comentarios previos teño sinalado, como complemento informativo e avaliativo, que en realidade Figueroa parecía optar máis ben pola preparación de cartografías teóricas, deixando a navegación crítica, se esta imaxe fose válida, a outros axentes, a outras voces científicas ou divulgadoras que non sempre interpretaron con rigor nin coa profundidade debida as propostas de base. Este libro, *Ideoloxía e autonomía no campo literario galego*, marca un xiro en relación con isto último. E non tanto porque o obxecto de atención careza das condicións descritas: ese obxecto é nada menos que a autonomía da produción artística e literaria, o gran tema

ético, estético e político ineludíbel desde Kant, para quen o suxeito quedou identificado como un lexislador de si propio –autónomo, transcendental e esixido 'só' pola universalidade das normas asumidas e promovidas. O gran tema pluridimensional, si, irresolúbel en aparencia desde a socialización e a historización posteriores debidas a Hegel. O xiro do libro de Figueroa consiste máis ben en habilitar un reequilibrio das dimensións teórica e crítica das análises desenvolvidas. Isto é xa relevante de seu pero ademais supón un axuste, moi en liña por certo coas (auto)esixencias de Pierre Bourdieu, sobre o modo en que a obxectivación sociolóxica pode vencer a perspectiva escolástica dominante nos campos científico e académico, en particular cando a historia ocupa un lugar preeminente da investigación levada a cabo.

De certo, *Ideoloxía e autonomía no campo literario galego* (Figueroa 2010) (IACLG) vai nesa dirección. Quero dicir: é unha proposta para reler ou reformular a historia, a cultural e literaria de noso. E isto malia indicarse na introdución que a pretensión non é formular «unha historia literaria diferente da que xa está escrita» (13). Parece lóxico que un volume que non alcanza as duascentas páxinas marque distancias cun obxectivo tan desmedido. Con todo, na lectura, no seguimento a uns estudos de caso ben seleccionados e distribuídos pola súa representatividade na cronoloxía cultural galega do século pasado –a etapa 1920-36 e os anos cincuenta e sesenta–, a impresión que se obtén é que o autor está a testar o rendemento dun operativo historiográfico tan renovador como atractivo.

Cabe formular tal operativo de forma moi sinxela: ver até que punto a historia dun campo literario como o galego pode trazarse como historia da loita pola autonomía do campo.

Figueroa introduce ben axiña nas páxinas do libro dúas advertencias. A primeira é que esa autonomía pola que se interesa non é tanto unha autonomía respecto do campo do poder ou respecto do campo económico –é autónoma a literatura en relación co poder?– como unha autonomía relativa ao campo ideolóxico. Así que o que se pregunta é se a literatura é autónoma en relación coa ideoloxía e cos seus produtores. Ou, dito con maior precisión: se o campo literario é autónomo respecto ao campo de produción ideolóxica.

A segunda advertencia consiste en reafirmarse na relatividade do concepto de autonomía. Isto último significa que non existe o absoluto autónomo nin tampouco o absoluto heterónomo. O que hai –sinala Figueroa– son graos de autonomía, razón esta pola que a expresión «autonomía relativa» reaparece unha e outra vez en IACLG.

Quen estea familiarizado cos clásicos do pensamento sociolóxico sabe que esa premisa é consubstancial a toda epistemoloxía relacional. Á vez, a autonomía é un concepto retomado pola estética actual, por exemplo en Hal Foster, se ben na modernidade compareceu xa con forza por exemplo da man de Luciano Anceschi no libro *Autono-*

mia ed eteronomia dell'arte, de 1936, despois dos intensos debates mantidos na Unión Soviética entre a Opoiaz formal-vangardista e os teóricos marxistas, con participación nos anos 1923-28 de voces de tanta altura intelectual como as de Boris Eikhenbaum, Lev Trotski, Pavel Medvedev e Mikhaíl Bakhtín. En todo caso, por que esta ubicuidade da autonomía da arte e da literatura como pauta para a comprensión e a explicación dos procesos históricos? Ten algo que ver quizais cunha reclamación neoformalista ou esencialista do fenómeno artístico ou da experiencia estética?

O primeiro que será útil subliñar é a actualidade da noción de 'autonomía' en diferentes ámbitos disciplinares. Quizais no ético, no estético e no da filosofía política por riba doutros. Pénsese en autores como Judith Butler, Simon Critchley, Alain Badiou, Slavoj Žižek, Ernesto Laclau ou Chantal Mouffe, atentos todos tamén ás vertentes da subxectividade e da identidade, a miúdo con apoio na psicanálise. O segundo aspecto sobre o que procede un mínimo excurso é o modelo teórico de referencia do que se nutren as posicións asumidas por Figueroa, que como se sabe é no fundamental a socioloxía de Bourdieu. Son pasos necesarios antes de entrar no pormenor das súas propostas e argumentacións.

Comecemos co primeiro. Esa actualidade do problema mantense viva en realidade a partir da emerxencia das vangardas artísticas e das sinerxías procuradas por estas con determinadas vangardas ideolóxicas. Todo programa de intervención social e política da arte e da literatura ten que prever nese sentido unha posición sobre a autonomía dos creadores/produtores e sobre a autonomía das súas obras/produtos no campo social. Complementariamente, toda análise sociohistórica incorpora –de modo obrigado desde Gramsci– algunha clase de consideración sobre a mediación da arte na loita política. Máis concretamente, algunha previsión funcional acerca das formas de relación entre as culturas dominante e dominada, entre as súas respectivas prácticas e os seus respectivos discursos. En definitiva, algunha perspectiva crítica sobre a dialéctica entre cultura hexemónica e cultura subalterna, entre os usos culturais do poder e a cultura popular ante o pano de fondo do que en terminoloxía marxiana chamariamos a 'reprodución do sistema'.

Como se sabe, eses foron os alicerces sobre os que posteriormente se activaron propostas teóricas como o materialismo cultural da Escola de Birmingham, os estudos sobre a subalternidade e a poscolonialidade na India e América Latina e inclusive o novo historicismo anglosaxón. Por suposto, dista de existir unha resposta única ás alternativas abertas. Aínda dentro dun certo parentesco intelectual compareceron axiña respostas tan diversas como as de György Lukács, Walter Benjamin e Theodor Adorno a propósito da organicidade da obra artística de vangarda e o seu correlato en canto variantes do

'compromiso'.[2] Segundo esas tan estimulantes discrepancias, a produción artística contrahexemónica non estaría suxeita de forma necesaria a unha planificación supraindividual nin conlevaría de xeito obrigado a postulación dunha alternativa orgánica ao mundo e á semántica burgueses. Con Bertolt Brecht, criticado desde distintos puntos de vista por Lukács e por Adorno, consolidaríase entre outras cousas un compromiso non limitado polas restricións do real. De aí que Bürger sinale no dramaturgo alemán un vangardista que o foi por ser quen de activar un novo modo de arte política en que as partes aparecen liberadas da autoridade (aristotélica) da totalidade orgánica. Por suposto, son ideas que reaparecerían na *summa* estética adorniana asociadas á marca da negatividade. A súa é unha estética negativa e unha estética da autonomía en especial no que afecta á obra, ao artefacto artístico, negador do vello principio mimético e liberado das vellas esixencias comunicativas e hermenéuticas, en boa medida pola dependencia que o pensamento estético de Adorno mantén coa música (e non, por exemplo, coa pintura e as demais artes de impronta representativa, a literatura entre elas).

Este que vemos é un sector do problema, pero é só un sector. Nun libro publicado en 2007 por Simon Critchley, *Infinitely Demanding*, o debate derívase directamente ao suxeito e á experiencia ética, procurando unha distancia con toda ontoloxización da política. Fronte á 'ortodoxia da autonomía' (Kant, Fichte, Hegel, Marx), conducente ao compromiso dun eu con aquilo que foi estabelecido previamente como o seu ben, explora da man de Emmanuel Levinas, Jacques Lacan, Alain Badiou e Knud Løgstrup a posibilidade dunha 'autonomía heterodoxa' en que cobre protagonismo unha división hetero-afectiva entre a subxectividade e as demandas non só insatisfeitas senón as que non poden satisfacerse. Así, un Critchley que aspira a facer concordantes a política de resistencia e a ética do compromiso refuta a unicidade do suxeito político marxiano (o proletariado) e a do seu opoñente (a burguesía) e defende que a reactivación da política pasa necesariamente polo recoñecemento e a articulación de novas subxectividades políticas situadas, localizadas e autoidentificadas. Critchley entende que esta tarefa é equivalente a facer máis político o marxismo.

Interpreto que algo non desemellante é o proposto por Jordi Claramonte nun libro tamén oportuno para o que aquí se trata, *La república de los fines. Contribución a una crítica de la autonomía del arte y la sensibilidad* (2010). Aínda sen facer mención expresa das posicións que acabamos de ver, Claramonte entra igualmente en diálogo privilexiado coas coordenadas cronopolíticas do capitalismo serodio e coas condicións de consumo do capitalismo cultural (Fre-

2 Lémbrese a lectura debida a Peter Bürger ([1974] 1987) e a súa reclamación contra o frecuente esquecemento do que el chama «institución arte».

dric Jameson), orientando as súas análises en diálogo coa tradición teórica posmarxista e anarquista arredor da emancipación política e estética. Desta publicación interesa, con certeza, a proposta sobre a existencia de tres formas históricas de desenvolvemento da noción de autonomía, que Claramonte distingue como a ilustrada, a moderna e a modal. Pero o máis relevante é a delimitación desta última como teoría dos modos de relación, como unha teoría da autonomía que é tamén política en canto se orienta a esa república dos fins contraria a calquera forma de instrumentalización do(s) suxeito(s) político(s).

Ao fío disto, diremos algo agora sobre o modelo teórico de referencia aplicado por Antón Figueroa en IACLG, sabendo xa que o marco xeral non é outro que o configurado por Bourdieu e os seus continuadores e discípulos, en calquera caso con atención tamén ás respostas críticas recibidas por un e outros. Nese espazo colaborativo cobra particular relevancia o proxecto ESSE (*Pour un Espace des Sciences Sociales Européen*), no cal participan grupos de investigación franceses, alemáns, suízos, belgas e doutras nacionalidades. A repercusión das análises de Figueroa nas conferencias xerais e nos debates desta rede internacional é tanxíbel a través da súa presenza en volumes como os coordinados por Joseph Jurt (*Champ littéraire et nation*, 2007) e Anna Boschetti (*L'Espace culturel transnational*, 2010) pero xa antes que nisto na delimitación dun plano heurístico relativamente compartido polos membros da rede, segundo se comproba por exemplo lendo algunha das publicacións próximas no tempo de Gisèle Sapiro, en particular a titulada «Pour une approche sociologique des relations entre littérature et idéologie» (2007), e constatando que son perceptíbeis as converxencias de propósito e metodoloxía co que o propio teórico galego perfila nas súas últimas investigacións, incluído de certo o volume ao que está referida esta recensión.

Ora ben, se hai un lugar no cal o propio Bourdieu concretou propostas moi definidas en torno aos vínculos entre a socioloxía e a historia (incluída a cultural) ese lugar é a entrevista do ano 1989 co historiador alemán Lutz Raphael para a revista *Geschichte und Gesellschaft*, posteriormente ampliada xa en francés en *Actes de la Recherche en Sciences Sociales* (Bourdieu 1995). Permítanseme só tres apuntamentos que sen dúbida axudarán a entender o alcance do labor asumido por Figueroa en IACLG.

O primeiro consiste no convencemento que asume Bourdieu sobre o feito de socioloxía e historia compartiren o mesmo obxecto e mesmo poderen chegar a ter os mesmos instrumentos e técnicas para o construír e analizar. Non só isto; ademais, o sociólogo francés postulaba que un dos cometidos de *Actes* en canto proxecto cabía formulalo como o intento de afiuzar unha ciencia social unificada mercé ao dobre expediente de reformular a historia en canto 'socioloxía histórica do pasado' e –á inversa– de redefinir a socioloxía como unha 'historia social do presente'.

O segundo apuntamento posúe un carácter máis técnico e metodolóxico: Bourdieu aposta na entrevista, apelando aos usos (non aos presupostos) implementados por Lucien Febvre en *Le problème de l'incroyance au XVIe siècle. La religion de Rabelais* (1947), pola idea de que comprender a obra dun autor é factíbel unicamente se antes se reconstrúe o 'espazo dos posíbeis' en que ese autor interveu. É dicir, se somos quen de describir as alternativas efectivas que se presentaban e as tomas de posición realmente executábeis nese marco (véxase en relación con isto a epígrafe «Valoracións políticas da autonomía artística» do libro de Figueroa, en particular as pp. 43-4, tamén as pp. 58-9). Sen saírmos deste plano cobra tamén centralidade a asunción de que toda historización se desenvolve en realidade nun dobre plano: o do seu obxecto declarado e o dos conceptos e as categorías históricas activadas polo investigador, coas que o acto historiográfico garda unha relación metonímica.

Finalmente, o terceiro apuntamento remite de novo a *Annales*. Lutz Raphael pregunta pola opción en favor dunha historia non narrativa, dunha 'historia-problema' no sentido dado ao concepto e á perspectiva asociada por Lucien Febvre, en que o caso analizado poida formularse como 'invariancia' do posíbel. En definitiva, pregúntase polo vello asunto da escala aplicada á historia: é lexítima a investigación histórica de caso? A resposta do sociólogo é positiva a prol dese operativo e para reforzar o razoamento bota man da súa propia experiencia na Kabilia.

A xustificación deste longo excurso reside no feito de que as alternativas que vimos de ver, as dúbidas e as decisións sobre as mesmas, teñen un correlato claro no libro de Figueroa. Quero indicar con isto que o profesor da Universidade de Santiago de Compostela pasou tamén por esas cuestións, detívose nelas, tomou decisións. E estas converxen case sempre coas respostas que Bourdieu ofreceu a Raphael e por suposto tamén cos desenvolvementos que máis polo miúdo presentou en *Les Règles de l'art* ou nas *Méditations pascaliennes*.

Figueroa reparte a análise en tres capítulos e unha conclusión. O primeiro capítulo céntrao no propio concepto de autonomía e na concreción de ferramentas e chaves propedéuticas xa familiares para os seus lectores. Faino despois de deixar clarificado na introdución que o seu obxecto de estudo é o campo literario galego e tamén que analizar ese campo non é o mesmo que analizar un campo como por exemplo o francés.

O máis interesante das páxinas prologais é a incorporación dunha ollada metahistórica ou metateórica, se quere expresarse así, que suma aínda algunha referencia autocrítica sobre anteriores traballos propios 'insuficientemente explicativos'. As proxeccións *meta-* na investigación culturolóxica e sociolóxica permiten, como explicita Figueroa, unha especie de homologación internacional que con probabilidade traerá consigo a internacionalización de Galiza e do seu campo

cultural, a súa visualización ou presenza como problema de interese para a socioloxía europea (recórdese o dito sobre a rede ESSE).

Entre as ferramentas aludidas salientan as que vincula co recoñecemento do carácter social da arte e da literatura e, en especial, co entendemento da tarefa investigadora como un sacar á luz o que está oculto ou non se declara nin se describe por parte das disciplinas tradicionais e os seus valedores académicos e institucionais: a clase de capital en xogo, os axentes concorrentes, os *habitus*, as prácticas, as estratexias e tácticas activas, as doxas enfrontadas, a descrición das mudanzas nas regras da arte e a explicación sobre as causalidades intervenientes, os procesos de diferenciación e fragmentación dentro do campo, etc. En suma, o que se fai é razoar o conflito (estético, ideolóxico, económico…) como motor do cambio histórico e por tanto como elemento central dunha actividade sociolóxica e historiográfico-cultural que aspire a dar conta do real no dobre plano da autonomía e a heteronomía da produción artística, literaria ou cultural.

Segundo xa se adiantou, o vector heterónomo polo que máis interese amosa o autor neste libro é o ideolóxico. Iso explica o rendemento do concepto de 'campo de produción ideolóxica', empregado por Bourdieu xa en *La Distinction* ([1979] 2006) e retomado por Sapiro en traballos como o antes indicado. Na tradución de Figueroa, tal campo é un

> universo relativamente autónomo, onde se elaboran, na concorrencia e no conflito, os instrumentos de pensamento do mundo social obxectivamente dispoñíbeis nun momento dado do tempo e onde se define de paso o campo do pensábel politicamente ou se se quere, a problemática lexítima. (Figueroa 2010, 26)

Unha definición como esta pon sobre a mesa a relación de contigüidade entre a ideoloxía e as heurísticas positivas (as que deciden os problemas que hai que priorizar e cales outros cómpre desbotar ou secundarizar) asociadas á concreción dun programa de investigación. Como era de esperar, Figueroa advirte con reiteración didáctica contra a tentación de fetichizar a autonomía a través de fórmulas reducionistas como a da 'arte pola arte' e outras similares. A autonomía é outra cousa e, ademais, comeza por ser só entendíbel como autonomía relativa, como xa repetimos aquí. Procurando unha equiparación entre as nocións de artista e intelectual á luz do seu poder simbólico e da influencia real dos seus compromisos con determinadas causas, o autor rescata unha coñecida proposta de Bourdieu («Pour une internationale des intelectuels», [1992] 1999) segundo a cal en termos sociais só se recoñece ou se valida o compromiso de quen previamente alcanzou un determinado recoñecemento artístico ou intelectual nunhas condicións mínimas de autonomía no exercicio

dese labor, do propiamente seu como literato ou profesora, por caso.

Non deixa de ser sintomático que este presuposto político e poético constitúa un dos sinais de identidade dun escritor e intelectual como Méndez Ferrín, quen trasladou cedo esa convicción á maior parte das redes en que se integrou ou nalgún sentido dirixiu, entre elas o propio proxecto d'*A Trabe de Ouro*. Igualmente, é digno de atención o feito de ser o realismo social, sobre todo o de inspiración máis mimeticamente española, a besta negra sobre a que o propio Ferrín remarca a ineficacia, de novo poética e política, de determinadas comprensións moi angostas do que en arte significan a heteronomía e a autonomía. Figueroa, que se ocupa colateralmente desa mesma opción estética na parte final do libro, chega a formular, case con tonalidade de lei, o seguinte:

> os artistas moi comprometidos, mais non moi autónomos como artistas, destrúen a posibilidade dun compromiso real e eficaz da literatura. (Figueroa 2010, 35)

A propósito do cal, máis unha vez, convén precaverse sobre o feito de que Bourdieu ten presente como polos de heteronomía fundamentalmente o mercado e as burocracias de Estado (Figueroa 2010, 37), mentres que en IACLG o autor considera no básico unha liña de forza única, a consignada polo campo de produción ideolóxica.

Baixo este prisma introduce na parte última do primeiro capítulo moi pertinentes observacións, quizais necesitadas de máis páxinas pola importancia do asunto revisto, sobre o engarce dese campo con outros dous campos que importan neste ámbito, o campo académico e sobre todo o campo nacional, a propósito dos cales Figueroa recupera o significado do *homo academicus* en Bourdieu e introduce aínda na esteira súa a catalogación dun *homo nationalis*, caracterizábel no discurso do sociólogo francés como aquel que posúe un «cerebro nacionalmente programado» en retroalimentación cun «sentido común nacional» (Figueroa 2010, 46 e 61).

Pode apreciarse que tratamos asuntos delicados, destinados ademais a públicos bastante específicos, polo cal se fai incluso máis pertinente lembrar a reelaboración por Bourdieu da noción de *doxa* e a conexión que esta ten coa *illusio* (adhesión inmediata, indiscutida e nalgún xeito inconsciente á necesidade do campo e ás súas regras). Resultará innecesario, doutra parte, abundar nas implicacións que a razón académico-científica e a razón-crenza nacional teñen no marco dunha análise crítica do discurso e nos planos dunha historia conceptual e das prácticas historiográficas asociadas. Figueroa introduce con moita precisión e sentido consideracións desta clase e achanda así o camiño ao que leva a lectura, manifestando por exemplo que

> a historia do nacionalismo galego é en gran medida a historia dos seus discursos. (49)

O capítulo «Campo de produción ideolóxico e campo literario» supón a introdución dun primeiro caso desa problematización do saber e do discurso histórico á luz dunha socioloxía do campo literario. Segundo viñemos reiterando, mediante a articulación da autonomía relativa como parámetro principal. IACLG fixa a atención inicial nos procesos de diversificación ou diferenciación interna do campo literario á altura da irrupción de Manuel Antonio, figura emerxente nos comezos do terceiro decenio do século XX que, para Figueroa, representa de xeito óptimo a materialización dunha 'lóxica de campo' e, de modo consecuente, a do arranque dunha non tan longa marcha cara a autonomía do campo literario galego. Na súa lectura, tal irrupción fíxose diante do pano de fondo dun campo de produción ideolóxico marcado polo estatismo e o elitismo intelectual, asociado a unha opinión pública cualificada como 'épico-cultural-política', en que o eixe vertebrador do discurso nacional viñera pasando obrigadamente desde o Rexurdimento polas coordenadas terra-pobo.

A etapa 1920-36 representaría en cambio o agomar de tensións, o xurdimento de pulos autonomizadores a través da discusión pública, da internacionalización dos contactos, da homologación extramuros das estéticas e dos discursos teóricos e da especialización e a diversificación, en suma, das prácticas culturais, artísticas e teatrais e das técnicas a elas consubstanciais. Para todo isto foron decisivas intervencións como as do autor de *Máis alá!*, a do musicólogo Bal y Gay ou en xeral as dos axentes máis lúcidos do grupo chamado *dos novos*, no cal se integraron sobre todo artistas plásticos, publicistas e escritores, a miúdo co contributo en primeiro plano dun plus teórico-crítico difundido na esfera pública como discusión ou mesmo como polémica. Pensarase, talvez, que todo isto é ben sabido. Certo, pero o que importa en especial para os lectores informados non son tanto eses coñecidos referentes –en que ocupan así mesmo un lugar eminente Risco, Castelao, Taibo, Villar Ponte, Dieste, Correa Calderón, Carvalho Calero, Fernández del Riego, Augusto Casas ou Cunqueiro, entre outros–, como o que cabería cualificar novamente de homologación dun percurso histórico de ocupación/atribución de espazos no (proto-)campo cultural que entón se comezaba a formar consonte ía a máis e se fortalecía a autonomía artística.

O proceso descrito e explicado por Figueroa é así asimilado a outros e sobre todo é parangonábel, a partir dunha determinada nomenclatura teórico-conceptual, ao que a socioloxía relacional da cultura analiza como procesos de autonomización cultural. En definitiva, como a emerxencia dun campo (artístico, literario, musical…) relativamente liberado da asimilación dunha lóxica e dun capital correspondentes a un campo distinto (en Galiza, no básico, o político-ideolóxico).

O terceiro capítulo, «Cara á consolidación do campo literario», detense no que supuxo xullo de 1936 na creba do proxecto de construción nacional e en particular nas iniciativas fanadas que viñan ser a consecuencia lóxica do camiño emprendido nos primeiros anos vinte. Destaca Figueroa o xeito en que o campo literario galego activou unha morna recomposición coa aparición do «Suplemento del sábado» de *La Noche* (1949), precedida por algunha outra iniciativa. En xeral, na análise ofrecida hai un sector da procesualidade exposta que non acaba de atopar espazo suficiente nin encaixe plenamente convincente. Cando menos na miña lectura, as explicacións sobre a autonomización do campo literario galego, non só a partir da sublevación católico-militar de 1936 senón xa desde antes, requirirían un tratamento máis en profundidade da emigración e do exilio. Antes de avanzar, isto esixiría repetir algo sobre o que Figueroa demostra ter as ideas claras: a inconveniencia dunha translación xeográfica mecánica entre territorio e cultura, ou entre Estado/nación/rexión (escala *ad libitum*) e campo cultural. Algo moi similar acontece cando se aplica a perspectiva sistémica procedente da ¿Escola de Tel Aviv. O sistema cultural tampouco é –contra o declamado en eco absurdo– unha destilación territorial, nin moito menos unha forma *aggiornata* de contemplarmos unha cultura quimicamente pura e illada. En efecto, o allo sistémico casa mal co bugallo identitario, mas volvamos ao rego.

En IACLG comparece o exilio –creo que non antes da páxina 120– como realidade histórica e como complemento dos movementos rexistrados na Galiza 'territorial' pero faino sobre un patrón que lembra algo aos que se rexistran nas historias literarias de fundamento lingüístico-filolóxico cando tratan como apéndices informativos os desenvolvementos culturais das colonias perante o tronco omnipresente e central da metrópole.[3] Obviamente, e *stricto sensu*, a Galiza territorial non é unha Galiza metropolitana: os galegos non colonizaron, limitáronse a emigrar en busca de sustento e/ou a fuxir da represión fascista. Pode afirmarse en consecuencia que a continuidade efectiva do proceso de autonomización do noso campo artístico e quizais

3 En perspectiva actual, podería engadirse que a este respecto sería acaído un contraste con propostas teórico-críticas que, da man dunha comprensión posnacional e relacional das identidades nacionais, promovida ou non baixo a cobertura dos estudos culturais, cuestionan a fondo as delimitacións territoriais restritivas que os estudos literarios activaron adoito para fixar o seu obxecto de análise. Fixación esta que case sempre se efectuou en termos de homoxeneidade e centralidade dunha lingua, unha cultura, unha identidade e tamén un territorio persistentes sobre os avatares da historia. Segundo xa se precisou noutros lugares deste volume, esa clase de operativos resulta corrente, case xeneralizada, polo que dista moito de ser específica do caso galego ou de calquera outro que se quixer considerar. En concreto sobre a dimensión territorial na comprensión da identidade galega e sobre algunhas das alternativas existentes, véxanse e contrástense posicións como as publicadas por Hooper (2005; 2011), Romero (2012), Sampedro Vizcaya e Losada Montero (2017) e Colmeiro (2017, 19-43).

en certa menor medida tamén do campo literario tivo lugar non en Compostela ou noutras cidades e vilas do país senón nos enclaves norteamericanos (mexicanos sobre todo), centroamericanos e moi en especial rioplatenses. Noutras palabras: as funcións de autonomización, internacionalización e fundamentación teórica levadas a cabo por Luís Seoane en Buenos Aires como artista, editor e publicista teñen –vistas desde hoxe– tanta ou máis repercusión que a que se poida adxudicar a calquera outro axente individual ou colectivo do chamado 'exilio interior' (cf. García Martínez 2021). Por iso mesmo non vería desacertada unha comprensión do núcleo bonaerense como polo contrahexemónico do campo de produción ideolóxica vertebrado por Ramón Piñeiro e o grupo Galaxia a partir de finais dos anos corenta.[4]

Importa, de todas maneiras, recuperar a proposta central de Figueroa en relación co que quere alcanzar no seu libro. Paréceme que o lugar en que ese programa fica exposto con maior claridade é a páxina 134, que propoño ler case como prólogo e epílogo aos lectores que nalgún momento dubiden sobre o bo rumbo de IACLG.

En efecto, o autor non pretende formular unha alternativa historiográfica completa nin moito menos unha impugnación das historias literarias prevalentes, polo que o sentido de comentarios como o que acabo de desenvolver a propósito do exilio sería bastante discutíbel. Non desenvolve continuidades, senón máis ben cortes ou segmentos de certa extensión, nos cales pretende –e logra– demostrar sobre todo dúas cousas. Nos seus propios termos,

> que os esforzos ideolóxico-políticos realizados para afianzar unha identidade no campo político poden crear problemas, interferir nos campos artísticos que sempre tratan finalmente de preservar a súa autonomía, algo que, en contrapartida, termina inevitabelmente tendo un efecto político secundario (talvez non directamente buscado) que reforza a identidade homologándoa internacionalmente. (Figueroa 2010, 134)

A segunda demostración atinxe á aplicabilidade da noción de campo literario para estudar estas cuestións concretas. E non tanto para emendar outras alternativas heurísticas como para tratar de situar e homologar globalmente a literatura galega e contribuír dese xeito a vigorizar a súa existencia e recoñecemento internacional.

Nesta perspectiva é na que Figueroa explora o acontecido arredor dos movementos existentes no xornal compostelán *La Noche* mediados os anos cincuenta. Interésase de forma especial polo xeito en que se concreta algo que ocupou a fondo algunhas investigadoras da escola de Bourdieu, nomeadamente a xa mencionada Gisèle Sapiro, e

4 En relación con isto pode verse o último capítulo do segundo bloque deste libro.

tamén a un núcleo de investigadores da Universidade de Uppsala dirixido por Donald Broady. En concreto, a cuestión do debut literario, con frecuencia estudado á luz dunha investigación prosopográfica (Broady 2002).

Figueroa dedica bastantes páxinas de IACLG á estrea de Gonzalo Rodríguez Mourullo no debate público, sobre todo a través da súa participación en diversas polémicas sacadas á luz en *La Noche*. Nas que cataloga como «contenda[s] pola definición dun espazo de concorrencia» (Figueroa 2010, 140), presenta unha serie de discusións en que interviñeron, de comezo sobre obras de terceiros –e en definitiva sobre a delimitación lingüística da literatura galega– e despois sobre a propia narrativa de Mourullo, axentes tan significados como Miguel González Garcés, Francisco Fernández del Riego, Ramón Piñeiro, Ricardo Carvalho Calero, Benito Varela Jácome e Xosé Luís Méndez Ferrín, entre outros.[5]

A argumentación de Figueroa activa a proposición dun certo paralelismo entre os casos Mourullo e Manuel Antonio, salvado ese hiato de trinta anos. Acentúase por suposto coa referencia á «Carta a Manuel Antonio» que Mourullo publicou a finais de xaneiro de 1957 no xornal sinalado. Con que fundamentos? A cerna sitúase na defensa dun carácter autóctono e esencial do que correspondería facer desde o punto de vista da ortodoxia político-cultural, unha ortodoxia definida e conducida por Piñeiro e Galaxia como núcleo duro do campo de produción ideolóxica na altura. O que interesa aos estudosos do fenómeno literario, segundo recolle Figueroa, é sobre todo a descrición das alternativas estéticas, poéticas, estilísticas e temáticas en xogo. O que ocupa ao investigador atento á conformación da autonomía do campo é non só a cuestión dos repertorios 'inconvenientes' ou 'inoportunos' de Mourullo, Novoneyra, Cortezón… senón tamén a explicación das estratexias de fondo entre as posicións e os axentes concorrentes, entre o *think tank* piñeirista e (outravolta) *os novos*. Isto e mais as tácticas aplicadas no tempo curto, determinantes de camaradaxes, filias, fobias e exclusión dos heterodoxos.[6] Fronte a eses movementos, importarían tamén as alianzas procuradas polos excluídos, que abren de novo portas á atención ao exilio e complementariamente aos movementos internacionais coevos de renovación artística e literaria. Xaora, o que se dirimía nos anos cincuenta e o que seguimos a dirimir arestora é así mesmo unha cuestión de públicos, de destinatarios ou lectores. Para quen se escribe? Eis unha pregunta que na lóxica da configuración dunha autonomía de campo é sempre pertinente.

5 En relación con estes debates véxanse agora o preciso esquema analítico e os comentarios críticos fornecidos por Regueira (2020, 123-36).

6 Sobre todas estas cuestións é moi recomendábel a lectura de Alonso Nogueira 2009.

Pois ben, segundo é coñecido, as opcións repertoriais de Mourullo converxían nunha aposta identificada posteriormente polos historiadores como 'nova narrativa galega'. Figueroa ofrece datos abondos sobre as características principais desa poética en canto alternativa á ortodoxia: en primeiro lugar, a arela dunha expansión universalizante dos discursos e dos temas (que, como ten sinalado María Xosé Queizán, pasaba antes de máis por unha denuncia do sentimentalismo); en segundo lugar, unha tendencia metatextual na escrita narrativa, mercé á cal o relato ademais de contar *teoriza* sobre o acto de contar e sobre o seu resultado discursivo, entrando tamén nisto nunha espiral de internacionalización e intertraducibilidade; en terceiro lugar, o desmarque respecto ás pautas da literatura forte de confrontación (a española) e mesmo unha creba da obrigatoriedade sentida por certos sectores de seguiren para estar ao día as súas escollas estético-ideolóxicas (na hora, o socialrealismo).

O autor destaca con absoluta claridade a relevancia destes movementos no plano da autonomización do campo literario: coa nova narrativa xurdiu un espazo autónomo respecto do campo de produción ideolóxica e ese 'espazo-polo' de diferenciación sumaba a nota da reflexividade teórico-crítica. Elaboraba discurso teórico en por si.

Malia a riqueza e as liñas abertas polo libro de Figueroa seren moi plurais, convén ir rematando. Gustaríame facelo indicando que, como tamén resolven adoito Bourdieu e os integrantes máis sinalados da súa orientación epistemolóxica (e política), en IACLG comparece unha propensión comparatista, internacionalista, se se preferir estoutra expresión. Poscolonial, poderiamos dicir aínda. Figueroa dedica as páxinas finais do libro a unha especie de epílogo en que con paciente xustificación expón de novo os límites asumidos pola investigación emprendida. Ese «eu só pretendo…», recorrente no libro, aplícase aquí ás solucións atopadas noutros espazos académicos para dinamizar as necesarias mudanzas da historia cultural e da historia literaria. Con certeza, á luz desa procura da autonomía ou doutras posíbeis alternativas converxentes. Entre elas a xa varias veces mencionada da investigación sobre o espazo dos posíbeis. Se noutras páxinas de IACLG atopabamos referencias concretas a propostas como as de Jon Casenave sobre o campo literario vasco, o que se desprega na derradeira epígrafe do libro é unha atención específica á dialéctica entre o campo literario francés e a ortodoxia socialrealista lexitimada polo Partido Comunista Francés entre os primeiros anos trinta do século pasado e o ano 1968 aproximadamente. Impórtalle esa atención a Figueroa ante todo para ver en que modo pode facerse unha extrapolación de métodos, mais sobre todo para testar a variante 'nacional' neles e nos procesos históricos atendidos, que no campo literario francés atravesou capítulos como os do surrealismo, Gide, Rolland, Malraux, Aragon ou *Tel Quel*.

Esta última referencia, ou a tamén anotada á *nouvelle critique*, parécenme definitivas á hora de precaverse ante certas tentacións dunha equiparación imposíbel de trazar entre as circunstancias do campo literario francés nese tempo e case calquera outro pensábel no marco europeo nas mesmas coordenadas cronolóxicas (lémbrese agora o visto a propósito de Critchley). Iso explica, entre outras cousas, a dificultade dun seguimento acompasado dos ritmos da teorización literaria e estética en cada campo.

Porque unha cousa é que exista reflexividade e discurso teórico internacionalmente homologábel nun campo nacional dado e outra distinta que os discursos nel concorrentes *esixan* un mínimo de atención e dinamismo na interacción. Noutras palabras: a fortaleza da teorización no campo literario depende tanto das forzas propias como das forzas alleas que se opoñen ás primeiras para intentar refutalas. Sen exercicio e sen fortaleza do contrincante non pode haber músculo.

Unha cita final do libro contribuirá a contrastar a oportunidade e proveito da súa lectura. Sinala o autor:

> en procesos de construción nacional en que a arte e a cultura están chamados a xogar un rol político xa dende os momentos iniciais, na medida en que os produtos artísticos van atopando un espazo público xorde un cerne de autorreflexión e de crítica interna, de teorización, á par que uns intereses que provocan a aparición dun polo autónomo que acaba por se manifestar na arte en termos formais. Isto pensando sempre que a propia arte pode ser posta ao servizo (político) da construción nacional, sempre que isto mesmo non apareza como unha norma externa, sempre que o poder simbólico sexa adquirido autonomamente (por medios artísticos e non políticos), sempre que o creto público dos axentes e autores non se beneficie das súas tomas de posición políticas, senón que sexa froito das súas tomas de posición artísticas. (Figueroa 2010, 170)

2 A teoría crítica da cultura e a planificación dos estudos socioculturais
Para Iermos González-Millán

A ampla produción teórica e crítica desenvolvida por Xoán González-Millán sobre materia literaria e sociocultural manifesta unha clara continuidade en tres niveis: a elección dos seus obxectos de análise (sobre todo, a cuestión nacional, a constitución histórica dos sistemas literarios e a consideración dos elementos de inestabilidade textual e contextual), a determinación dun programa de investigación específico e a convicción sobre as dimensións sociais e políticas do labor científico asumido. Malia isto, a súa intervención teórico-crítica experimentou desde finais dos anos setenta unha notábel evolución que coñeceu etapas de asimilación crítica dos modelos sistémicos e da teoría dos campos sociais, para concluír nunha aposta pola reactivación dunha teoría crítica da cultura moi pendente dos rumbos da actual socioloxía cultural, os estudos poscoloniais e os estudos sobre a subalternidade. Esta plataforma constituiría a base dunha acción planificadora de alcance global, apta para a análise da diferenza cultural e con evidente aplicabilidade ao proxecto de construción nacional galega.

En maio de 2003 presentei unha versión inicial deste texto no VII Congreso Internacional de Estudios Galegos, celebrado en Barcelona, baixo o título «Xoán González-Millán: itinerarios teóricos». Constituíu a miña achega a unha mesa redonda de homenaxe a González-Millán que estivo coordinada por Rosario Álvarez e que contou tamén coa participación do profesor Víctor Fuentes e das profesoras Helena González e Camiño Noia.

DOI 10.30687/978-88-6969-530-8/013

Na traxectoria de vinte e cinco anos de estudos literarios e socioculturais desenvolvida por Xoán González-Millán destacan de maneira moi especial dous vectores que determinaron claramente o proceso da súa investigación. O primeiro foi a preocupación por concretar un marco epistemolóxico e heurístico de natureza interdisciplinaria que supuxese unha actualización das pautas de estudo e análise nas coordenadas históricas da posmodernidade. O segundo, a vontade de proxectar e desenvolver unha planificación político-cultural, correlativa do que el mesmo designaba como «ideario utópico-proxectivo», fundamentada na intervención no espazo público dos investigadores sociais co fin de sinalar e abrir camiños novos de proveito para toda a colectividade sobre a base do rigor e dun efectivo compromiso histórico coa resistencia e a emancipación. Ningún deses dous vectores tería unha aplicación exclusiva ás condicións que definen a realidade galega actual, pero resulta obvio que na produción científica e no discurso crítico de González-Millán todo se perfilou desde sempre nesa dirección.

Contemplado o percorrido completo das súas publicacións a partir das primeiras recensións de finais dos anos setenta na revista *Encrucillada* até o derradeiro libro, dedicado ao estudo dos procesos de canonización literaria asociados a obras como o *Diccionario Enciclopédico* de Eladio Rodríguez (González-Millán 2001a), entendo que se evidencia unha notábel continuidade en tres ámbitos. É relevante destacalo tanto pola excepcionalidade intelectual que aí poida sinalarse como porque, sobre esa apreciación de perseveranza, podería impoñerse unha verificación de signo en principio contrario, a da constatación dunha incesante posta ao día de perspectivas de análise e mesmo de metodoloxías. Non se pode dubidar sobre isto último – quede claro–, pero tampouco sobre esa continuidade constatábel nun triplo nivel, que de seguido analizamos.

Maniféstase, en primeiro lugar, no referido á clase de asuntos e problemas que con moi escasas variantes demandaron a atención de González-Millán durante un cuarto de século, e, en consecuencia, tamén na delimitación de zonas en que nunca lle interesou entrar. Destacan tres núcleos de observación: 1) a cuestión nacional en termos xerais, na etapa final con primacía das análises sobre a subalternidade colonial ou neocolonial e o estudo dos procesos históricos correlativos, documentados tanto desde dentro das dinámicas iniciadas como desde os espazos externos e fronteirizos; 2) a constitución de protosistemas e sistemas literarios, con aspectos como (i) o estudo do nacionalismo literario e da hexemonía sociocultural, (ii) a emerxencia dunha cultura pública e dun espazo público nacionais, (iii) os procesos de institucionalización nos sistemas defectivos ou dependentes, (iv) a crise e renovación da historiografía literaria e dos seus operativos propedéuticos, (v) a lexitimación baixo certas coordenadas histórico-culturais de determinados discursos,

mercados, xéneros…, (vi) a problemática do canon, (vii) o exame do fenómeno antolóxico, (viii) o estudo da crítica en canto acción, (ix) o lugar sistémico da tradución ou (x) a recepción e descrición interna de procesos de autoidentificación e diferenza histórica correspondentes a realidades político-culturais alleas; e 3) a atención ao que el mesmo diferenciaba como *elementos de inestabilidade* e/ou *desintegración*, presentes en niveis textuais pero así mesmo contextuais, culturais ou sociais,[1] algo moi determinante como horizonte analítico xa no estudo sobre o relato rosaliano *El primer loco* (González-Millán 1986) e que, segundo interpreto, sería posíbel entender no seu arranque como transunto dunha fonda e case personalizada insatisfacción cos protocolos e obxectivos últimos da narratoloxía estruturalista e das semióticas hipotecadas por unha obcecación formal ou gramatical.

Naturalmente, eses tres núcleos temáticos reclamaron a súa atención en termos teóricos e por tanto xerais, pero o certo é que a proxección crítica se plasmou nunha moi alta porcentaxe sobre a literatura galega contemporánea, sempre con predilección decidida –e talvez nunca plenamente xustificada–[2] polos textos narrativos, segundo testemuña o libro *A narrativa galega actual (1975-1984)* (González-Millán 1996).

O segundo nivel de continuidade correspóndese coa especialísima sensibilidade heurístico-epistemolóxica de González-Millán en canto observador, investigador e analista. Algo que chama poderosamente a atención, lendo en especial os últimos traballos da súa autoría, é a insistencia na mención da efectividade e das garantías heurísticas de determinados esquemas de aproximación ao obxecto de coñecemento establecido. Facer fincapé nesa dimensión, desbotando asemade as propostas inconvenientes ou insuficientes, non significaría só apelar a uns presupostos metodolóxicos ou propedéuticos pretensamente optimizados. Segundo a miña percepción, traer a primeiro plano a dimensión heurística como correlato permanente da rede conceptual de partida supuxo para González-Millán un sometemento á experiencia directa e unha orientación empírica a un 'saber procurar' e a un

1 Son paradigmáticos a ese respecto os seus estudos sobre Álvaro Cunqueiro (González-Millán 1991b; 1991c), ou tamén o libro *Silencio, parodia e subversión* (González-Millán 1991a).

2 Para sermos xustos habería que engadir 'de maneira explícita', porque as razóns de fondo para a ausencia dun seguimento directo dos fenómenos poético e teatral na traxectoria de González-Millán son bastante evidentes. Teñen que ver co seu interese decidido polos procesos de institucionalización na etapa da restauración democrática e coa progresiva e imparábel centralidade que neles tivo a narrativa, dato que en si mesmo avalaría unha certa normalización cultural do país se aplicamos os parámetros validados pola socioloxía cultural. En todo caso, creo que os rumbos prevalentes do discurso poético dos anos oitenta tiveron así mesmo algunha incidencia na decisión mencionada. O fenómeno teatral constitúe un caso á parte, que polas súas características dificulta extraordinariamente un acompañamento crítico non presencial.

'saber descobrir' moi comprometidos coa realidade empírica e coa documentación histórica.

Saber procurar qué en concreto? Ante todo, zonas de estudo e perspectivas novas, mellor definidas e máis adecuadas para un cabal acceso á realidade social e cultural na súa complexa e dialéctica totalidade; un coñecemento que, como xa se suxeriu, non estaba pensado para deterse nos seus propios límites e achados senón que se sobreentendía asociado a unha inmediata intervención sobre o medio estudado. Isto trouxo consigo unha 'posta a proba' reiterada, unha especie de falsación dos modelos e programas teóricos consolidados unha vez aplicados a situacións socioculturais anómalas –por exemplo, a da subalternidade– para as que en principio non estaban previstos. A terminoloxía que acabo de empregar remite intencionalmente á teoría da ciencia de Imre Lakatos, máis rica e complexa que as formulacións debidas a Karl Popper ou a Thomas Kuhn malia as débedas que mantén con elas. A comprensión dos 'programas de investigación' por parte de Lakatos, coa importancia concedida ás 'anomalías' e a atención á dialéctica entre o 'centro firme' da teoría e unha 'heurística positiva' definidora de problemas, hipóteses e regras secundarias que actúan como seguro de protección contra a refutación do centro firme, ten bastante a ver coas nocións de *teoría* ou *ciencia* asumidas e aplicadas por González-Millán.[3]

No fondo, dirixir todas as luces cara a esta clase de cuestións constitúe unha operación ética e política pola que o investigador deixa en claro a súa grave preocupación diante da responsabilidade histórica que asume, moi en particular polo que o seu labor pode supoñer de condena á irrelevancia de determinados fenómenos que deberan ser tidos en conta. Aprécianse de fondo, por suposto, non só as pegadas da teoría crítica francfortiana e gramsciana –coa insistencia na importancia de fundamentar a autoconciencia teórica, todo o que Pierre Bourdieu ([2004] 2005) perfilaría como *socioanálise*– senón tamén as do construtivismo, converxencia non sempre doada. Destacaría a este

3 Nese marco, os limiares e apartados de conclusións dos seus libros tiñan adoito un interese suplementario ao presuposto para tal clase de ocasións e propiciaban, ademais, a introdución de comentarios metateóricos que o falsabilismo interpretaría como efectos residuais das dinámicas de confirmación/refutación. Resulta ilustrativo en relación co que estamos a tratar un dos segmentos finais do «Limiar» a *Literatura e sociedade en Galicia (1975-1990)*: «¿Como xustificar a relevancia dun dato, dun comentario, dun determinado texto, cando todo está tan mediatizado pola proximidade? Fronte a este desafío crítico, optei por manterme nun nivel primario de organización do material, reflexionando en torno a criterios facilmente constatábeis, consciente de que este traballo só é unha primeira incursión nun ámbito de investigación que vai demandar futuros esforzos individuais e colectivos. Ao crítico esíxeselle establecer os seus límites e posibilitar a súa articulación nun modelo global coherente, pero ao mesmo tempo aberto e en constante movemento. Non lle sorprenda, pois, ao lector que este libro siga un dobre vieiro: o dunha consciente e obrigada selección de datos relevantes e o dunha imperiosa necesidade de identificar indicios e tendencias» (González-Millán 1994, 13-14).

mesmo respecto unha certa distancia en relación con algúns paradigmas de investigación sociolóxico-cultural hoxe en voga entre nós e, igualmente, unha desconfianza indisimulada –de novo Horkheimer e Adorno, de novo Gramsci, coa mediación do materialismo cultural británico– perante algunhas simplificacións monolóxicas e reducionistas da vella ortodoxia marxista, asuntos aos que volveremos axiña.

A maior parte das publicacións do autor, incluídos por suposto libros como *Resistencia cultural e diferencia histórica. A experiencia da subalternidade* (González-Millán 2000), o citado *Literatura e sociedade en Galicia* (González-Millán 1994) ou *Communication littéraire et culture en Galice*, escrito en colaboración con Antón Figueroa (1997), pero non menos os seus artigos breves e incluso as simples recensións críticas, remite a algún programa de investigación, de maneira que se fai difícil localizar traballos inconexos ou tanxenciais –mesmo autónomos– en relación cos proxectos asumidos e a heurística positiva a eles asociada en cada caso. Por razóns coma esta comparece decote a referencia ao labor desempeñado como unha especie de exercicio cartográfico, exploración incoada que non se culmina e que se quere compartir xa desde a raíz. Hai exemplos moi clarificadores en achegas de circunstancia e obxecto ben plurais. Así, na que foi unha das súas primeiras aproximacións á cuestión nacional (González-Millán 1978), na recensión sobre o libro coordinado por Homi Bhabha *Nation and Narration* (González-Millán 1991d), no traballo que en principio se presentou tamén como unha 'mera' recensión do libro de Ramón Máiz *A idea de nación* (González-Millán 1997), no panorama sobre a polémica aberta a finais dos anos oitenta entre Fredic Jameson e Aijaz Ahmad a raíz da publicación por parte do primeiro do artigo «Third-World Literature in the Era of Multinational Capitalism» en *Social Text* (González-Millán 1993), no exame dos conceptos de 'espazo público' e 'cultura pública' a partir das elaboracións debidas respectivamente a Jürgen Habermas e Donald Horne (González-Millán 1995a; 2002b), na exploración das condicións axiolóxicas e políticas en que se desenvolve o epistolario entre Laverde Ruiz e Menéndez Pelayo a propósito da descrición dos procesos culturais auspiciados polo Rexurdimento galego entre 1874 e 1890 (González-Millán 2003b) ou no artigo destinado a esclarecer as complexas dimensión do chamado 'criterio filolóxico' para a determinación dos perfís identitarios das literaturas nacionais (González-Millán 1998).

Precisamente, o terceiro nivel de continuidade que tampouco convén postergar cando se fala de González-Millán –documentábel xa nas publicacións críticas de finais dos anos setenta sobre Horace Davis, Jean Chesneaux ou Ricardo Petrella na revista *Encrucillada*– é a convicción de que o seu traballo como estudoso e investigador podería e debería ter unha proxección non só académica senón social e aínda política; e non só dirixida ao núcleo de colaboradores directos e ao contorno inmediato de especialistas, senón ademais, a

medio prazo, enfocada a Galiza entendida como proxecto histórico. Dito así semella claro que González-Millán foi un herdeiro crítico do programa ilustrado, que non por casualidade pasa no derradeiro terzo do século XX por pensadores como Jürgen Habermas e outros integrantes da segunda etapa da Escola de Fráncfort, polo marxismo cultural británico e pola conxunción multidisciplinar que desde hai quince anos ocupa posicións de privilexio no mundo anglosaxón e nos espazos poscoloniais a el asociados (o da India constituiría o exemplo máis claro) como vía natural para a continuidade da teoría crítica da cultura e como firme aposta a prol da reordenación das ciencias sociais. Polo mesmo –e isto paréceme moi relevante–, o teórico experimentou escaso interese polas diversas impugnacións que nos séculos XIX e XX se postularon contra a cerna dese programa ilustrado e as súas estratexias principais. Así, pois, falamos dunha racionalidade materializada en cultura á luz da diferenza, dos procesos hexemónicos e das dinámicas de subalternidade, dunha razón marcada polas complexidades e as pluralidades culturais, sociais, ideolóxicas e nacionais. E falamos, para alén disto, dun pensador que malia ter sempre á vista a realidade sociocultural da súa nación aspirou a construír un edificio teórico de interese e aplicabilidade xerais.

Non é posíbel agora entrarmos en pormenores que complementen as liñas trazadas. Mencionarei apenas dúas cuestións importantes, que o son non unicamente en si mesmas senón tamén polo seu carácter determinante sobre a recepción a curto e medio prazo do pensamento de González-Millán. Isto é así por afectaren e cuestionaren mesmo algunhas convicción centrais e determinadas estratexias do que en principio sería o núcleo máis amplo dos seus lectores (e recoñezo aquí que o descoñezo case todo sobre o diámetro dese núcleo e sobre se fóra del seguen existindo lectores de González-Millán).

En primeiro lugar: o tipo de intervención propugnada polo profesor do Hunter College garda certas semellanzas coa axencialidade que asociamos a outros momentos históricos e a outras elites culturais galegas, quizais máis que con ningunha outra, coa propia do Seminario de Estudos Galegos. Porén, a novidade provén da confianza de González-Millán nas capacidades das renovadas ciencias sociais como motor de concienciación e cambio. Confianza, por tanto, que non o era estritamente na razón en abstracto, nin moito menos nunha comuñón étnico-civil, nunha unidade de orde estética ou, sequera, nun programa político de mínimos. De aí provén a súa advertencia sobre o enorme reto que segue a representar entre nós a localización dun punto de equilibrio entre «o afortalamento dunha cultura pública» e o logro dunha «crecente autonomía discursiva» (González-Millán 2002b, 263).

En segundo termo, mais en vinculación directa co anterior e non menos infrecuente entre nós: a consideración da identidade cultural e nacional é indisociábel para González-Millán da reflexión sobre a

alteridade e a diferenza.[4] Os dous vectores que se acaban de mencionar comparecen xuntos na «Nota final» que redactou para o libro *Resistencia cultural e diferencia histórica*. A cita é algo longa pero a nitidez declarativa e comisiva que posúe xustifica a incorporación:

> Dirimir, pois, cal debe ser a posición a adoptar no consorcio dos múltiples diálogos nos que se ve envolta a sociedade galega non é cuestión de fórmulas apriorísticas, que case sempre teñen un efecto paralizante e dogmático. As decisións que cómpre tomar, en cada un dos niveis de actuación, deben pasar necesariamente por un triple proceso: a formulación dun proxecto (cultural, político, económico, social), a institucionalización subseguinte para asegurar a súa eficacia e, finalmente, a consolidación dunha serie de posicións sociais que garantan a capacidade crítica dos colectivos que interveñen nestes procesos. Se manter un balance entre estes tres *momentos* é difícil de conseguir, éo aínda máis asegurar a súa estabilidade.
>
> Por iso, reivindicar a diferencia cultural ou a especificidade histórica dunha sociedade como a galega é un exercicio que, reducido a un mecanismo de inercia contestataria (tan frecuente nalgúns sectores do galeguismo), pode traducirse nun acto de suprema inxenuidade. Reclamar o dereito ó recoñecemento público, a unha identidade nacional e a proxectos socioculturais e políticos propios só adquire a consistencia e a vixencia necesarias cando é inscrito nun proxecto do que non queda excluída a posibilidade da súa mesma cuestionabilidade, o *momento* da súa reflexión crítica e a esixencia das inevitables mediacións, que son as que en última instancia fan posible e aseguran a súa eficaz institucionalización. (González-Millán 2000, 178-9; cursivas no orixinal)

Está fóra de dúbidas que González-Millán foi un pensador e un crítico nada proclive ás nocivas lealdades cegas ao clan ou ás intrigas de conciliábulo. Dificilmente podía manifestar unha actitude sectaria quen se caracterizou por unha constante inquietude intelectual e metodolóxica, cuestionadora adoito dos procedementos aplicados por el mesmo para o coñecemento da realidade observada. Dificilmente podía ser sectario quen desde ben cedo se situou nesa posición heterotópica tan complexa, dentro pero fóra do país, cunhas posibilidades moi limitadas de fomentar un discipulado e unha escola criticamente atentos ao seu labor (e falo agora tamén das rixideces do noso sistema universitario, da falta de vontade ou dilixencia en quen corresponde-se para facilitar a súa presenza e maxisterio directo entre os nosos estudantes e posgraduados).

4 Razón esta, por certo, que me ten levado en máis dunha ocasión á pregunta sobre os motivos polos que non prestou excesiva atención a teóricos latinoamericanos como Walter Mignolo, Beatriz Sarlo ou Néstor García Canclini, entre outros.

Neste sentido, González-Millán foi unha figura bastante atípica no campo dos estudos sobre a literatura galega, xusto por carecer duns débitos predefinidos en relación a persoas, a programas ideolóxicos ou a estratexias partidarias concretas, e tamén porque non fomentou ningunha clase de seguidismo entre os seus adeptos. Desa excepcionalidade deriva unha marca que condicionará a presenza futura do seu legado intelectual, porque, sen ter eu reservas sobre a influencia da súa concepción do fenómeno literario-cultural nin, en termos xerais, sobre o éxito do seu contributo para a actualización dos estudos correlativos entre nós, sen descoñecer mesmo que varias das empresas que maior implicación súa rexistraban han seguir en mans tamén sabias e prudentes, o certo é que as complexas, ambiciosas e plurais dimensións da súa comprensión dos feitos literario-culturais á luz da renovación das ciencias sociais na fin de século non están ao alcance de todos os axentes do campo literario (editores, críticos, lectores…), nin tampouco se verán favorecidas polas inercias e as ódegas do sistema universitario nesta beira do Atlántico.

Por iso mesmo, cobra maior pertinencia a pregunta sobre os destinatarios para os que escribía nos derradeiros anos da súa vida e sobre o propósito da intervención teórico-crítica levada a cabo, con probabilidade moi consciente do que noutro lugar referín como problemática implantación no seu espazo ideolóxico supostamente 'natural' de acollida.

Non querería rematar sen facer mención dun par de aspectos non estritamente heurístico-conceptuais senón máis ben metodolóxicos. Hai sempre unha tendencia a etiquetar as propostas teóricas, a clasificalas e así, en certo xeito, deixalas vistas para a sentencia do tempo. Moitos asegurarían que González-Millán e Antón Figueroa (outro teórico que nin se comprende nin se discute coa profundidade necesaria) foron quen asumiron principalmente a responsabilidade de fornecer desde comezos dos anos noventa as bases para os estudos sistémicos aplicados á literatura galega. Libros como *Communication littéraire et culture en Galice*, cabo doutros, constituirían boa proba. Con certeza, iso é certo, mais non constitúe toda a verdade. Hai outras facianas que cómpre subliñar e que ofrecen un cadro máis completo. Porque González-Millán foi tamén, entre nós, o máis frontal crítico en relación cos presupostos que poden representar a teoría dos polisistemas de Itamar Even-Zohar ou a teoría do campo literario de Pierre Bourdieu. Foino sobre todo nos seus últimos anos e de maneira ben decidida ademais. Tanto, que se podería afirmar que aspirou a impugnar eses operativos para postular outros alternativos, de maior largura e cargados do que el mesmo describiría como tensión utópico-proxectiva.

Así, o traballo «Os problemas dunha lectura (poli)sistémica da literatura» (González-Millán 2001b) analiza a que considera ambi-

güidade teórica de Even-Zohar e o seu excesivo débito co positivismo funcionalista, co formalismo de Iuri Tinianov e cunha concepción semiótica da literatura insuficientemente aberta e en cambio abstracta de máis, motivo este polo que a teoría dos polisistemas daría en promover unha serie de leis ditas *universais* mediante un proceso indutivo e esencialista, parco na atención a situacións sistémicas diferenciadas e perigosamente homoxeneizante. A propósito do xiro que representa *Polysystem Studies* (Even-Zohar 1990) en comparación con *Papers in Historical Poetics* (Even-Zohar 1978), o seu xuízo crítico é terminante, aínda que queda a dúbida de se González-Millán está a pensar aquí só no teórico israelí ou tamén nos seus divulgadores e supostos seguidores:

> Parecería que o modelo de Even-Zohar pasa dunha fase textualista a unha socio-cultural sen que o paradigma se resinta nin conceptual nin heuristicamente; simplemente potenciando a lóxica inicial e buscando aliados no ámbito da socioloxía da cultura, especialmente nalgunhas das hipóteses formuladas por Pierre Bourdieu sobre os campos sociais. (González-Millán 2001b, 304)

En relación coa propia teoría dos campos sociais, hai xa unha inicial aproximación crítica na cal González-Millán amosaba as súas reticencias en relación co pendor transhistórico que segundo el cabería recriminar a Bourdieu. En definitiva, falaba da non articulación por parte súa dunha socioloxía histórica da cultura (González-Millán 1999a). Pero foi noutro traballo máis extenso onde, ao fío das revisións críticas debidas a Bridget Fowler (1997), entrou de xeito máis decidido en materia para concretar tres fundamentos febles da teoría dos campos sociais na súa proxección aos eidos cultural e literario: 1) a súa exigua aplicabilidade fóra da realidade social francesa e no marco dun comparatismo intercultural; 2) o reducionismo que conduciría a prestar atención só aos ámbitos de produción dinamizados pola distinción simbólica; 3) a exclusión por Bourdieu dunha atención efectiva á cultura popular[5] (González-Millán 1999b). Aclararei que en ningún modo creo que a análise crítica da teoría dos campos sociais estea afectada en González-Millán polas condicións xerais de recepción do pensamento de Bourdieu en Norteamérica, nin en particular polo que Toril Moi ten descrito como a

5 As críticas de González-Millán non sempre se efectuaron tendo presente a culminación dos desenvolvementos teóricos de Even-Zohar ou de Bourdieu. Así, non menciona os traballos posteriores aos agrupados en *Poetics Today* no ano 1990 por Even-Zohar, relevantes para a modificación do rumbo da teoría dos polisistemas. Algo parecido pode apuntarse sobre a inxente produción científica do último Bourdieu, ou mesmo sobre a conexión nel habitual, xa desde os comezos, entre socioloxía e antropoloxía, que contribuiría a poñer en cuestión, polo menos en parte, a exactitude da terceira crítica de González-Millán ao sociólogo francés, a relativa á desatención á cultura popular.

distorsión inducida polo dominio da *doxa* postestruturalista entre os académicos estadounidenses, que tan a miúdo conduce o debate sobre o modelo bourdieusiano a unha simple discusión sobre as coordenadas determinismo/voluntarismo. Finalmente, tanto en Bourdieu como en Even-Zohar destacaba González-Millán un serio déficit que atanguería á lóxica discursiva nacional e á comprensión da hexemonía cultural e da experiencia da subalternidade, razón suficiente –observaba non sen firmeza– para desconfiarmos dos resultados da súa directa aplicación a casos como o galego.

A convicción do teórico galego era que tales carencias poderían subsanarse de atendermos outros desenvolvementos, entre os que non serían irrelevantes os explorados polos estudos poscoloniais, os estudos culturais e a socioloxía da cultura, así como polos coñecidos como *Subaltern Studies*. Neste sentido foron cobrando presenza nas derradeiras análises de González-Millán non só as relecturas de Antonio Gramsci, Mikhaíl Bakhtín, Jürgen Habermas ou Paul Willis, senón tamén o seguimento das propostas de Sherry Ortner, James Scott, Bridget Fowler, Homi Bhabha ou Ranajit Guha. Así mesmo, estivo moi atento nos últimos anos á renovación coeva das ciencias sociais en Norteamérica, nomeadamente ao traballo de Craig Calhoun, o autor de *Critical Social Theory. Culture, History and the Challenge of Difference* (1995), en quen sinalou algunhas pistas prácticas de interese para un desenvolvemento aplicábel á situación galega.[6]

A todo isto é ao que González-Millán quixo ofrecer un dilatado canle exploratorio na que xulgo a súa proposta máis autoesixente e feraz, *Resistencia cultural e diferencia histórica*, libro ardido que configura de novo unha especie de cartografía conceptual e heurística, unha planificación nunca clausurada, para un futuro incerto: o da pervivencia do que malia todo podemos seguir chamando Galiza. Nos seus capítulos xuntou os materiais e as perspectivas para pensarmos con ideas e discursos novos a identidade nacional nun mundo que xa non se deixa explicar coas ferramentas que serviron para os tempos idos, co convencemento expreso ademais de que desde tal autoanálise estabamos en condicións de facer unha contribución relevante

> sobre as condicións de producción e reproducción da diferencia cultural e da especificidade histórica, sen caer en falsos e paralizantes idealismos. (González-Millán 2000, 179-80)

6 O procedemento heurístico de fondo non era novo. Antes, na súa tese de doutoramento e nos traballos dela derivados, fixera algo non desemellante en relación cos herdos estruturalista e postestruturalista, cribados e arrequentados pola introdución de prismas culturolóxicos e dialóxicos destinados a fundamentar unha narratoloxía non formalista. As pautas principais desa renovación asimiláraas daquela desde Mikhail Bakhtín, Iuri Lotman, Julia Kristeva, Hayden White, Edward Said, Peter Zima e Linda Hutcheon.

Insistirei en que se trataba dunha tarefa comprometida, tamén en termos políticos, certamente arriscada nas coordenadas que na hora actual definen ao país. Para empezar, porque, a pesar do seu carácter de chamamento contra a indolencia intelectual, este libro –e con el boa parte da obra enteira de González-Millán– corre o serio risco de ficar sen interlocutores.

3 Helena Miguélez-Carballeira: a crítica da historiografía literaria galega en perspectiva feminista e poscolonial

Antes de se publicar a finais de 2014, baixo o novo selo editorial da Associaçom Galega da Língua, a espléndida tradución galega do volume *Galicia, a Sentimental Nation: Gender, Culture and Politics* (Miguélez-Carballeira 2013), a versión orixinal en lingua inglesa desta obra coñecera xa unha reimpresión en Gales. Malia a modestia das tiraxes universitarias, este dato e o da propia tradución inmediata ofrecen unha idea inequívoca das notábeis expectativas xeradas polo libro da profesora Helena Miguélez-Carballeira, editora tamén do volume *A Companion to Galician Culture* (2014).

O certo é que estamos perante un texto de imprescindíbel lectura para quen teña interese no campo xeral dos estudos culturais e literarios galegos. Tamén para quen experimente querenza ou curiosidade intelectual polo curso e tribulacións da historiografía literaria de fundamento nacional e pola distribución axiolóxica e política do que nese contorno resulte ser funcionalmente 'viril' ou 'feminil' aos efectos da postulación dunha dada imagoloxía. E isto en Galiza ou en calquera outra latitude, debido á pertinencia e á eficacia da metodoloxía activada.

Conxuga esta, con bo rendemento, o pensamento feminista e o poscolonial cunha afinada análise crítica do discurso centrada sobre todo na atención ás marcas e metáforas de xénero a propósito do tratamento do suposto carácter sentimental do pobo galego (*nation*, no

DOI 10.30687/978-88-6969-530-8/014

título primixenio). En directo vínculo co anterior, a achega importará igualmente ao público lector polo consecutivo seguimento da conformación histórica do canon literario galego e o da postulación previa dunha canonicidade de base desde a historiografía propia. Trátase dun marco en que ao longo do tempo a pauta da sentimentalidade resultou determinante en diversos sentidos, segundo se documenta no estudo con exhaustividade e riqueza de planos.

Alén do anterior, a dispoñibilidade da autora para efectuar sucesivas presentacións das dúas versións do libro en distintos foros académicos e culturais espallados polo país, promovendo activos debates co público asistente, fixo que a atención mediática, a das redes sociais e en xeral a lectora alcanzase cotas nada frecuentes tratándose de libros desta natureza. O estraño en todo caso sería o contrario, pois a obra de Miguélez-Carballeira é tan rigorosa, documentada e afouta como polémica e provocadora nun sentido nuclearmente político.

Malia a perceptíbel variación nos títulos das edicións galesa e galega, pódese afirmar que a fidelidade da tradución de Fernando Vasquez Corredoira á disposición e contidos do texto orixinal é na práctica case absoluta. De par desta anotación faise preciso indicar así mesmo que as pautas discursivas ofrecidas pola tradución manteñen con traballada fidelidade as particularidades estilísticas, argumentativas e mesmo expresivas que outorgan á linguaxe académica de Miguélez-Carballeira unha marca persoal, inconfundíbel de feito. Asenta esta en usos anglosaxóns no referido á concepción global do que pode e debe ser unha monografía no campo das ciencias sociais e humanas (a conxunción dunha hipótese de traballo nítida, un método ostensíbel e á subsecuente aplicación a unha serie orgánica de casos) e, asemade, nun programa de intervención firme, coherente e concienciudo na esfera pública galega.

Engadiría aínda a isto último que a escrita da autora anoa case sempre a cortesía expositiva na manifestación da discrepancia coa vigorosa resolución no xuízo e a contundencia no emprego das probas que os sustentan. A súa é unha prosa sen concesións, enérxica na preservación da autonomía de criterio. Acaso de aí a escaseza de filiacións conceptuais incuestionábeis ou mesmo de recoñecementos expresos, en particular se procedentes do ámbito directamente obxecto de estudo e das súas propias críticas e especialistas. Isto é, da serie historiográfico-literaria galega e dos seus autores e mais das autoimaxes culturais e ideolóxicas por aquela xeradas.

María Xosé Queizán e Dolores Vilavedra, con matices, Kirsty Hooper, Helena González e sobre todo Xoán González-Millán constitúen algúns dos escasos contraexemplos do que se vén de sinalar. O autor de *Resistencia cultural e diferencia histórica* é por certo un dos referentes teórico-críticos máis seguidos pola autora. Bastante máis do que deixan ver os índices onomásticos nas dúas edicións que aquí se

están a comentar, confundidos polo uso ou desaparición aquí e acolá do guión entre os apelidos do lembrado profesor da City University of New York. Un dos escasísimos erros, estes da indexación, en dous volumes case libres de grallas.

Probabelmente pola necesidade de contextualizar a edición en lingua inglesa, vai esta precedida por unha «Note to the reader» (Miguélez-Carballeira 2013, IX) non incorporada á edición compostelá de Através e quizais algo inexacta. Lese no encabezado dela que o libro

> traces the history of the strained power relations between Galicia and Spain as manifest in their cultural imagery and interactions. (IX)

O cal non se compadece máis que relativamente co que en efecto é asumido como propósito orgánico e central. Pois este, agás nas páxinas do comezo, está moito máis atento ás redes relacionais internas que ás externas, dito isto tanto en chave nacional como na da retórica de xénero. En efecto, malia atenderse a relevancia das lóxicas operativas na dialéctica da resistencia cultural en diálogo directo con González-Millán, o albo escollido por Miguélez-Carballeira non é outro que o de analizar a «condição colonial galega como uma problemática de género» (Miguélez-Carballeira [2013] 2014, 243). A tal fin propón visar a fondo as graduais mudanzas semánticas e políticas na progresiva consideración do sentimentalismo como trazo nacional *feminizante* –lido o adxectivo como desmobilizador, debilitante– por parte da historiografía (literaria) galega a partir do momento da súa consolidación discursiva e científica no derradeiro cuartel do século XIX. Ese sería o lugar crítico principal ao que desde unha perspectiva feminista e poscolonial, ilustrada por posicións como as de Julia Kristeva, Suzanne Clark, Helena González, Sussane Kord e outras, se dirixen o groso de observacións e argumentación sobre a radical transformación axiolóxica daquel trazo do sentimentalismo. Desde a súa inicial aplicación por Manuel Murguía e outros eruditos á identidade guerreira celta até a correlación de longo efecto que acabou ecuacionando sentimentalidade, estereotipo *rexional* e encarnación das supostas esencias do país nunha figura maternal e asexuada, a de Rosalía de Castro, foron moi notábeis as mudanzas.

Eis o que Miguélez-Carballeira cualifica como «tropo colonial da feminidade sentimental» (38), alimentado no tempo por algunhas das máis relevantes plumas galegas ou españolas inscritas nas «novas instituições homossociais de prática historiográfica» (58) e en definitiva concomitantes co «modelo homossocial da cultura nacional galega» (152), cuxos reducionismos e simplificacións son ordenados e escudriñados pola autora até achegarse a aquel clímax explorador da saudade promovido desde o piñeirismo de filiación heideggeriana.

Como é natural, caberían complementos, entre os cales non me resisto a mencionar, polos ideoloxemas coloniais e patriarcais que nel se acentúan, o libro de Ernesto Giménez Caballero *Amor a Galicia*, de 1947, encomiástico coa dimensión salvífica e proxenitora de Galiza respecto da historia de España. Nun sentido radicalmente contrario semella curiosa a incomparecencia de Luís Seoane, baixo o meu punto de vista o intelectual de máis peso na historia do século XX galego e autor, certo que de xeito non orgánico nin acabado, de insubstituíbeis capítulos para unha historia cultural, artística e literaria da Galiza moderna. Seoane aparece citado unha única vez no libro (a outra que se recolle no índice é errada), apenas como un exiliado entre outros. E o peculiar do caso é que no autor d'*A soldadeira* –obra impugnada por Piñeiro– cabería fundamentar unha sólida réplica aos lastrados modelos patriarcais en que con tanta atención se fixa o libro de Miguélez-Carballeira.

No plano descrito, *Galicia, a Sentimental Nation* / *Galiza, um povo sentimental?* conforma tamén unha importantísima e necesaria revisión crítica do proceso historiográfico-literario galego e do que nomearei como o seu metatexto, sen exclusión por certo da parte asinada polas tradicións protofeminista e feminista galegas. Ora ben, por moito que nunca chegue a se desentender delas, a autora sobarda amplamente coa súa relectura as coordenadas até aquí descritas.

A atención concéntrase no esencial na produción nese terreo historiográfico-literario de Augusto González Besada, Eugenio Carré Aldao, Antonio Couceiro Freijomil e Ricardo Carvalho Calero, con consideración así mesmo das pegadas do pensamento de Ramón Piñeiro e do grupo creado arredor de Galaxia en relación co programa historiográfico considerado. Non é rara, aliás, a aparición de propostas metodolóxicas orientadas á renovación epistemolóxica. No terceiro capítulo do libro, por exemplo, localízanse estimulantes epígrafes focalizadas nos usos prevalentes na historiografía política galega (Beramendi e outros), dirixidos a pautar a obrigatoriedade de interpretar a acción cultural como un chanzo inferior cara á auténtica acción política.

Segundo expón a autora, esta segunda fase amosaríase adoito como liberada do tardo tropo da sentimentalidade e en consecuencia –na correspondente lóxica cultural de base– decididamente reflexiva e, en fin, masculina. No capítulo quinto formúlanse así mesmo oportunas consideracións sobre o que con Oriol Izquierdo a autora concorda en estudar como 'ideoloxía da normalización'. Nese mesmo lugar comparecen ademais rotundas críticas sobre o rendemento efectivo dos estudos sistémicos na universidade galega. Sen dúbida, resultan coherentes coas premisas epistemolóxicas asumidas pola investigadora aínda que no meu criterio acaban por concentrarse en exceso na *vulgata* sistémica circulante e resultan patentemente esquivas con propostas de tanto peso como as do grupo Galabra

que coordina Elias Torres. Aínda nese quinto capítulo intégranse análises que fan unha lectura profunda da significación real nun plano institucional de episodios sufridos por dúas escritoras, Lupe Gómez e María Reimóndez.

Estamos pois diante dunha tarefa, a asumida por Miguélez-Carballeira, imprescindíbel e á vez descomunal. De entrada, por longamente adiada debido a motivos como os descritos con toda exactitude pola propia profesora da Universidade de Bangor:

> Para o contexto galego, são raras as análises das histórias literárias enquanto *corpus* narrativo, devido sobretudo a que a história literária beneficiou duma posição protegida no processo de construção nacional. (48)[1]

Sexa como for, sería inxusto esquecer que algúns dos historiadores cos que este libro dialoga si asumiron, sequera de forma esquemática e con seguridade parcial, unha relectura crítica dos referentes previos cos que eles mesmos estaban a converxer e nalgunha medida a concorrer (o de Carvalho é un caso claro; éo xa desde *Aportaciones a la literatura gallega contemporánea*, de 1955, onde se fala por primeira vez, que eu saiba, dun 'sistema literario galego'). E o propio cabería observar sobre certas outras achegas teóricas e críticas, sobre todo dos dous decenios últimos. Achegas que desde o comparatismo, os estudos empírico-sistémicos e a socioloxía da literatura emprenderon unha tarefa similar nas dimensións que souberon ou quixeron asumir. Sináloo porque en Miguélez aparecen con algunha reiteración notas non sempre exactas nin xustas sobre a ausencia previa de enfoques sobre esta ou aqueloutra cuestión.

Ao pé deste apuntamento crítico querería aínda sumar outro aspecto parcialmente censurábel da súa proposta, consistente na presentación de procesos históricos e imagolóxicos non privativos de Galiza que se analizan como se en realidade o fosen. A apelación á virilidade da expresión artística e literaria, por exemplo, é unha constante no período de entreguerras en xeral en toda Europa. Outro tanto ocorre coa fixación dunha figura eminente que no campo historiográfico funciona como 'mestre' indiscutido dese oficio de facer a historia (162) e mesmo nalgún caso como heroe dunha forma de resistencia cultural ou política (pénsese no que aínda hoxe representa Marc Bloch en Francia). Ou tamén coa benevolencia coa que son obliteradas pola crítica literaria, incluída en ocasións a de inspiración feminista, disparatadas formulacións sexistas, patriarcais e misóxinas dadas ao prelo por tal ou cal varón supostamente

1 Véxase tamén o sinalado na páxina 161, referido xa de modo estrito a Carvalho Calero.

esclarecido. Carvalho Calero, poñamos por caso, case insuperábel cando se trata de mexer en tan irritante trollo. Nada do anterior acontece só en Galiza.

O que se acaba de anotar non resta mérito nin transcendencia de ningunha clase á proposta de Miguélez-Carballeira, fito inocultábel –haberá quen intente outra cousa– do urxente proceso de reformulación que precisa a historiografía literaria galega en planos como os estudados neste libro e tamén nalgúns outros. Dos capítulos que constitúen a monografía hai dous sobre os que concentrarei de maneira sucinta a atención neste sector final da recensión. Son os dedicados a González Besada e a Carvalho Calero, que comparten ademais por motivos obvios unha atención moi destacada ao seu respectivo tratamento da figura e do legado rosalianos. No meu criterio persoal, sendo moi de fondo e tamén moi duras as críticas efectuadas sobre ambos os historiadores, practicamente nada do que argumenta a autora é refutábel desde unha racionalidade crítica coherente co noso tempo e cos datos que posuímos.

Paréceme acertada a observación de que nos procedementos críticos de González Besada, e en particular na escolla de Rosalía de Castro como obxecto prioritario de atención tras as achegas historiográficas que o político tudense publicara en 1885 e 1887, é localizábel o que o ministro de sucesivos gobernos conservadores anhelou configurar como programa despolitizador da autora de *Follas novas* e do conxunto da literatura nacional galega. Pero sendo isto exacto, tamén é certo que Miguélez-Carballeira puido tirar máis proveito do dato, que recoñece manexar, sobre a verdadeira autoría do texto biográfico rosaliano de González Besada e aínda sobre a súa auténtica datación, con certeza bastante anticipada ao momento do seu ingreso en 1916 na Real Academia Española, onde leu un discurso cuxa autoría lle era allea. E non sinalo isto nun plano anecdótico. Fágoo por algo que xulgo relevante. O auténtico redactor desa primeira biografía publicada sobre Rosalía de Castro fora Víctor Said Armesto, falecido dous anos antes, intelectual próximo a Murguía, como tamén o fora en tempos Besada, pero sobre todo erudito e historiador profundamente conectado co pensamento historiográfico-literario e coa comprensión política de España de Menéndez Pelayo, singularidade esta non menor para a argumentación emprendida por Miguélez-Carballeira.

No que atangue a Carvalho Calero resulta algo estraña no contexto da investigación en curso a atención prestada á súa produción como literato, en especial como narrador. Sobre todo naqueles lugares en que a partir de textos ficcionais –*Scórpio* (1987), por exemplo– son formuladas proposicións postas ao servizo do obxectivo principal da investigación. Refírome a lugares como o da aparente proxección empírica dos delirios autolaudatorios do personaxe de Rafael en canto «consumado modelo de virilidade predatória» (184). E non creo que

obste o que suxiro o feito contrastado de que a crítica especializada propendese a ler esa novela como claramente autobiográfica.

Con todo, o que importa é o fidelísimo retrato que a autora constrúe sobre vertentes tan capitais como a da universalización do canon proposto, e especificamente de Rosalía de Castro, a través dun proceso nada morno de masculinización, de xeito non tan paradoxal conducente en última instancia á transubstanciación do seu corpo e rostro –feo, decoroso, alleo a toda forma de desexo– como metáfora nacional (194-203).

Cómpre saudar pois sen reservas esta dobre publicación en linguas inglesa e galega que debemos á finura metodolóxica e de análise de Helena Miguélez-Carballeira. No que a min respecta, fágoo desde un firme convencemento, non outro que o de estarmos perante unha proposta decisiva para a futura historiografía literaria galega, dito isto sen subestimar o feito de que os xuízos e propostas articulados no libro resultarán incómodos, ingratos ou inoportunos para algunhas instancias, tanto corporativas e institucionais como individuais.

Coda

Un volume das características do presente, formado pola compilación de artigos publicados en orixe durante un longo segmento de tempo, ofrece mediante a propia escolma efectuada unha aproximación bastante precisa das liñas de forza coas que o autor identifica a súa proposta e trata de dotala dunha certa entidade orgánica. O que se puido ler nos catorce capítulos previos, agrupados en catro sectores de libre fluencia, alicérzase nas dúas ideas chave que converxen no título do libro.

En primeiro lugar, a atención aos procesos constitutivos da historiografía literaria galega e á súa accidentada institucionalización. En segundo termo, o designio de favorecer o debate sobre outras formas de pensar a historia da literatura, que no caso galego mostra un excesivo grao de acomodación á tradición herdada nos planos heurístico-metodolóxico e pragmático-funcional. E, como consecuencia, tamén un evidente grao de homoxeneidade. Este condicionante, prexudicial para o esclarecemento dos itinerarios históricos da literatura, éo tamén para entender con sentido crítico o conxunto de relacións que se producen arredor da actividade literaria, da 'vida literaria', ou 'do literario' se quere expresarse de forma concisa. En definitiva, dese agregado de interdependencias e nexos que configura, en torno ao feito literario, un espazo entrecruzado por planos como o social, o cultural, o simbólico, o patrimonial, o institucional, o económico e o ideolóxico.

Non hai razón para pensar que o debate sobre outras formas de pensar a historia da literatura deba ficar reducido a un espazo de potencialidades. Ese 'pensar' pode asociarse realmente a un 'facer', pois sempre é preciso adecuar a produción historiográfica ao que a

actualidade, cada momento histórico, continúa a reclamar sen pausa. A recepción de obras desa natureza muda entre outras razóns porque os suxeitos que as len e utilizan están sometidos, eles propios, a procesos e narrativas de ruptura con profundo calado histórico. Por conseguinte, non só se está a falar da persistencia de modelos historiográficos que con toda probabilidade cumpriron o seu ciclo de rendemento académico e social. Modelos que, sen moita sensatez, son forzados a seguir en primeira liña como ilusoriamente insubstituíbeis ou insuperábeis; ou, en todo caso, como faros capacitados para iluminaren traxectos en dirección a novas propostas que non dan chegado. Fálase tamén de que esa clase de historia literaria xa non se recibe, nin se le, consulta ou estuda, como puido facerse noutra altura histórica.

Trátase de ter claro que o presente é sempre o auténtico promotor e o destinatario principal de toda iniciativa historiográfica e, en definitiva, da historia. E, cabo disto, que o presente é ben máis complexo que o pasado que nos sexa posíbel documentar, representar ou describir nun texto historiográfico. Esa complexidade do presente, a conciencia e a experiencia dela mesma, habilita outra comprensión non só do que o pasado 'foi' senón moi en particular do que o pasado 'é' para nós, en que modo persiste e segue a afectarnos, como se lectoras e lectores estivermos –de feito, estamos– no seu radio de acción.

Por outra parte, facer historia literaria é algo diferente a amorear erudición e datos que completen determinadas lagoas no xa sabido, no xa contado. Nada disto carece de relevancia e sentido, mais a actualidade require outra determinación, certa coraxe heurística mesmo. En tempos recentes, esta comparece ás veces na observación analítica dos datos acumulados pola tradición historiográfica, a través do contraste cunha serie de estudos de caso considerados representativos para a proxección de fundamentos innovadores, de índole epistemolóxica, teórica ou metodolóxica, habilitando así unha resposta crítica a aquela tradición. Unha resposta que en ocasións formula refutacións parciais e outras veces incluso emendas á totalidade.

Esta clase de procedementos, dos que só en certa medida participaría o libro que se está a ler, pode alcanzar transcendencia, non só propedéutica, para os procesos constitutivos polos que aquí nos interesamos. Mais de seu, sendo de extraordinaria relevancia e oportunidade, eses procedementos non materializan aínda unha historia literaria alternativa, semella claro. Amosan só por onde se podería ir.

Sen abandonar o cerne do argumentado, debe considerarse á vez que a propia concepción da literatura como feito social e como manifestación cultural mudou extraordinariamente desde a conxuntura en que se publicaron as primeiras aproximacións a unha historia da literatura galega, contra 1885 se se fai abstracción de achegas anteriores moi restrinxidas en contidos e alcance. Ou mesmo desde a aparición da máis influente de todas elas, a publicada por Ricardo

Carvalho Calero en 1963, en plena ditadura franquista, que, como ten anotado Xoán González-Millán (2003a, 160), foi tamén unha 'ditadura historiográfica'.

O caso é que a literatura non é unha entidade fixada e paralizada no tempo, non é unha noción invariábel. Todo o contrario: a literatura é unha noción histórica que mudou e segue a mudar e a adaptar o seu significado nos discursos sociais. Por iso mesmo, trazar a súa historia, a da 'literatura' como concepto, debe supor tamén un reaxuste permanente do que se aspira a localizar en nome seu, que sería francamente redutor limitar a autores, cenáculos, textos e canons, e que debería ampliarse sen demora a unha realidade menos cinxida e sinxela, radicalmente máis aberta, conformada tamén por outros suxeitos, outros obxectos e sobre todo outras relacións e funcionalidades, outras lóxicas e outras prácticas.

Perante un programa desa magnitude, algo que igualmente muda co paso do tempo son os apoios procurados noutras disciplinas. A colaboración e a iluminación interdisciplinarias, se quixer expresarse coa vella fórmula. De certo, a historia da literatura traza sempre, admítase de forma explícita ou non, unha encrucillada de camiños heurísticos e epistemolóxicos. En cada achega converxen na proporción que cada historiador decide, ou é quen de concertar, a propia historia por antonomasia, a filoloxía, a retórica, a hermenéutica, a estética, a socioloxía, a antropoloxía e outras ciencias sociais. E converxen así mesmo as orientacións concretas deses espazos de coñecemento, favorecendo dese modo que haxa historias literarias, ou poida habelas, máis receptivas por exemplo ao materialismo histórico, á estilística idealista, á psicocrítica, aos estudos afectivos ou ao feminismo interseccional.

Mais volvamos de vez sobre as dúas ideas basilares do título deste libro. Nos seus procesos de constitución e institucionalización, a historiografía literaria galega evidencia engarces e rupturas que remiten á propia historia cultural de Galiza e á secuencia de fluxos e acontecementos históricos que desde finais do século XIX, e tamén antes, deliñaron o desenvolvemento social, económico e político do país, incluída como é lóxico a elaboración e propagación de idearios orientados ao logro dunha saída da subalternidade política ou ao horizonte dunha emancipación nacional. Acontecementos e fluxos que marcaron tamén a conexión de Galiza coa modernidade e coas dinámicas do cambio histórico. Esas continuidades e descontinuidades perfilaron situacións de posibilidade para que a historia contemporánea tomase un ou outro rumbo. E incidiron asemade no ritmo histórico asociado, que non o estableceu só o ideario nacionalista nin só o Estado que tratou de neutralizalo por estar estruturalmente enraizado noutro proxecto nacional. Polo que atangue á consecución dunha hexemonía discursiva, o ritmo histórico da modernidade galega acompásase mais ben a ese conflito, que non sería asisado

obviar nin tampouco trivializar, e a algúns outros máis de perímetro e calado variábeis, compartidos a escala ibérica, europea ou global.

No período de que se fala, entre aqueles fluxos o primeiro sería con probabilidade o determinado precisamente polos condicionantes históricos da ausencia de soberanía –ou cando menos dun grao e dun exercicio efectivo de autonomía–, da consecutiva subalternidade política e do sometemento a un Estado culturalmente homoxeneizador e patentemente centralista na administración do poder e na propia ideación da nación devecida. Un Estado marcado ademais polo seu pasado imperial e colonial, malia os intentos institucionais e discursivos de evasión deste escenario.

Unha segunda determinación, tamén de considerábeis consecuencias para o que agora centra o noso interese, sería a constituída pola interrupción, cando non a cancelación, dunha serie de situacións que puideron posibilitar outros percorridos históricos e outro presente. Refírome en especial ás posibilidades fanadas pola sublevación militar contra a Segunda República e pola ditadura posterior, e aínda polo lento proceso de disolución do franquismo sociolóxico e cultural nas estruturas e valores políticos da transición. Entre as posibilidades suspendidas ou canceladas durante medio século, a consecuencia dos acontecementos de 1936, cóntase a do desenvolvemento do que fora planificado en termos científicos e intelectuais polo Seminario de Estudos Galegos e posteriormente polos exiliados e polo galeguismo resiliente que permaneceu no país. Nesas coordenadas encaixaría non só a atención á cultura, ás artes e á literatura propias, senón tamén a activación académica das series historiográficas correspondentes, coas deliberacións e argumentacións asociadas, cos ritmos de mudanzas e axustes epistemolóxicos, metodolóxicos, ideolóxicos e corporativos propios de academias non sometidas a un réxime totalitario, entre cuxas prioridades adoita estar –o caso do franquismo é paradigmático– a tutela do sistema universitario e o control e manipulación da historia/historiografía en todas as súas manifestacións.

A segunda idea chave á que se fixo alusión no comezo desta coda, explícita no subtítulo do volume, marca xustamente unha ligazón co que se vén de sinalar. En efecto, este libro intenta promover, segundo o anticipado, un debate crítico sobre específicos aspectos heurísticos e metodolóxicos da historiografía literaria galega, da xa concretada e publicada –parte dela baixo férreas circunstancias de control e censura e sen posibilidade inmediata de ser sometida con normalidade a xuízo crítico– e tamén das novas propostas por chegaren, tratando de anticipar algúns dos problemas maiores da súa planificación e futura execución. Como xa se dixo, o propósito básico foi o de poñer en cuestión as inercias metodolóxicas e doutras clases que limitan máis do que se pensa os contidos e o alcance posíbel da historia literaria nos usos que dela se fan e se poden facer. Esas

limitacións estarían contribuíndo a adiar unha homologación efectiva con prácticas historiográfico-literarias máis dinámicas e proactivas á hora de axustarse, e falarlle, ao presente. Poderían de feito estar restando utilidade, mesmo utilidade social, á historia literaria.

A maiores de canto foi sinalado, a historia literaria constitúe unha intersección entre o saber e a ideoloxía, pois ela mesma –como a propia literatura– é produción ideolóxica, recoñézase ou non por quen a elabore e asine. É algo suficientemente razoado polo Círculo Bakhtín hai case un século. Cada historia da literatura decide o que incorpora e lexitima como obxecto de atención: poéticas, institucións, autores, obras, xéneros, crítica, públicos, mecenado ou traducións. Mais, á vez, problemas específicos de metodoloxía, determinadas relacións interartísticas ou interliterarias, conexións coa historia ou coa estética, descrición das redes de autonomía/heteronomía existentes cos diversos poderes e un longo etcétera. Cada historia da literatura faino ademais cedendo espazos graduados –en forma de capítulos, epígrafes, parágrafos ou outras unidades discursivas– que son de seu xerarquizadores, pois permiten diferenciar o principal do secundario. Reivindicando tamén, en certa medida, o mantemento ulterior deses mesmos espazos e xerarquías, distribución sobre a que terán que tomar partido as achegas historiográficas posteriores, entroncadas na mesma tradición; pois todo manual e toda publicación que se concreten na parcela da produción académica e editorial que chamamos *historia da literatura*, inclúen respostas explícitas, e sobre todo implícitas, a aquela tradición. Esas respostas son unha parte importante daqueles 'efectos' polos que, como exploración da conciencia histórica e da propia circularidade das relacións entre pasado e presente, se interesou a hermenéutica de Hans-Georg Gadamer. Ou, xa cunha aplicación directa á historia literaria, tamén Mario J. Valdés, segundo houbo oportunidade de comentar na parte inicial deste libro. En definitiva, a historiografía concentra unha forte dimensión performativa e eses efectos deben ser tamén obxecto de atención para quen se dedica ao estudo da historia literaria.

As intersecións entre saber e ideoloxía, non só a propósito da historia como disciplina ou da historiografía como discurso, vense afectadas por unha dialéctica que interesou centralmente a Norbert Elias na súa socioloxía do coñecemento. A dada entre o distanciamento que demanda o labor dos investigadores na súa dedicación científica e o compromiso (político, emocional ou doutras ordes) con determinados referentes, que no caso das ciencias sociais poden chegar a ser parte constitutiva, incluso central, do obxecto de estudo fixado pola investigación. Isto ten clara incidencia en calquera exercicio ou programa historiográfico, tamén na historiografía literaria galega. Tívoa, con certeza, nos traballos desenvolvidos por Murguía a partir de 1862, por Carré Aldao nos albores do século XX, por Varela Jácome e por Carvalho Calero cincuenta anos despois ou, na fase final dese século,

por Tarrío Varela, por Vilavedra ou por Ansede Estraviz e Sánchez Iglesias, neste caso como directores dun proxecto colectivo.

Esa incidencia da dialéctica compromiso-distanciamento conserva vixencia plena no contexto máis recente. O que corresponde a publicacións como a serie de catro volumes da *Historia da Literatura Galega* publicada por Xosé Ramón Pena ou a monografía de Helena Miguélez-Carballeira *Galiza, um povo sentimental? Género, política e cultura no imaginário nacional galego*, análise da historiografía literaria galega en perspectiva feminista que acadou notábel repercusión pública, como demostra o inusitado feito de sumar en só sete anos unha reimpresión en inglés e tres edicións en galego. Ao fío do sinalado, tería interese examinar –desde fóra destes círculos, mais tamén de forma autoanalítica– as condicións en que no presente se desenvolven a dedicación historiográfico-literaria e estoutra correlativa da crítica da tradición historiográfica, representábel non só por libros como o que se acaba de citar senón tamén por algúns outros publicados neses mesmos anos ou algo despois, como o que Anxo Angueira centrou na revisión da idea de 'Rexurdimento', o que Isaac Lourido dedicou ao estudo da historia literaria en escenarios de conflito cultural, con especial consideración do caso galego, ou o que Mario Regueira destinou á análise da reconstrución do campo literario galego de posguerra e á presenza e funcións da historia na narrativa dese tempo.

O exame sobre as condicións actuais de produción da historia literaria e da súa crítica, e tamén sobre as distorsións que poidan inducir o *habitus* académico e determinadas fraquezas epistemocentristas, redundaría en favor dunha sempre proveitosa reflexividade sociolóxica e tería utilidade para comprendermos mellor as circunstancias intelectuais, académicas, institucionais e ideolóxicas en que se pensa arredor da historia literaria. E isto dentro dos límites territoriais de Galiza e mais no amplo espazo transdisciplinar dos estudos galegos.

Esta última produción, para ser precisos, mostra unha orientación teórico-crítica antes que crítico-historiográfica. De arraizamento internacional, aínda que con indubidábel toma de terra no país e asemade na súa proxección diaspórica, adscríbese a circuítos e lóxicas emprazados en coordenadas académicas infrecuentes en Galiza, con atención a metodoloxías non tan condicionadas pola longa sombra da estilística e do estruturalismo, ou de certos historicismos e socioloxismos, e con inclinación en troques a paradigmas non filolóxicos, poscoloniais e posnacionais, se cadra porque o seu distanciamento da arena política galega o facilite. Un efecto do que se perfila, favorecido pola nada inusual converxencia neste espazo académico cos estudos de xénero ou cos estudos *queer* –mesmo por unha superior autonomía respecto de lóxicas e autoritarismos patriarcais–, é unha relación diferente co canon consolidado pola historiografía tradicional e, como ten salientado Kirsty Hooper, coa propia suxeición da investigación

ao obxectivo final de potenciar e consolidar unha literatura nacional e mesmo unha cultura nacional.

Nada disto, descrito talvez de forma grosa e inexacta, é exclusivo do caso galego, nin mo parece tampouco de culturas minorizadas ou sen un grao consolidado de normalidade e seguridade sistémicas, que é unha forma de referirse a algo extremadamente serio: o feito innegábel de que hai culturas cuxa permanencia diferenciada a curto prazo dista moito de estar garantida. Ao pé disto, os procesos culturais están fortemente marcados a escala global pola fagocitación cultural, a miúdo desde dinámicas de matriz comercial, pero tamén porque hai unha lóxica que persiste e non cesa, a da colonización cultural. A promoción dun xiro posnacional parece obvio que afectará de forma diferente a unhas e outras culturas, e correlativamente a unhas e outras linguas. De aí que a responsabilidade teórico-crítica sexa unha vertente non despreciábel cando se fala desta clase de asuntos e das hexemonías asociadas. Doutra banda, as lóxicas posnacionais son reticentes, ou directamente contrarias, a todo asomo de fortalecemento da idea de 'sistema', en boa parte por fixaren o seu campo de estudo prioritario xustamente nas marxes, físgoas e crebas do sistema como orde totalizadora, promovendo a idea de que, baixo esa condición, tales marxes serían externas ou alleas ao propio sistema. Prímase en consecuencia a atención ao excluído polas narrativas teleolóxicas de afirmación nacional e de homoxeneización cultural. Suxeriría neste punto, en todo caso, que se contraste debidamente todo canto se vén de sinalar co detallado programa de investigación presentado por Isaac Lourido baixo o título «Bases para umha história sistémica da literatura na Galiza», derradeiro capítulo do libro ao que se acaba de aludir (Lourido 2014, 347-98).

Pola súa parte, a primeira das producións historiográficas indicadas, a desenvolvida desde universidades e outras institucións e entidades galegas, aparece marcada adoito por un perceptíbel débito filolóxico e responde aos principios organizadores dunha historiografía nacionalizada, cohesiva e totalizadora en que a diferenza non sempre atopa acomodo. Unha historiografía aparentemente adaptada, para alén do anterior, a un certo grao de subordinación respecto do campo de produción ideolóxica –sobre todo da produción asociada co nacionalismo galego, aínda que non só– e, de resto, persuadida da súa responsabilidade política, nomeadamente no mundo do ensino e por tanto na realidade imaxinada dunha cidadanía por chegar. Isto último funciona como o envés doutra convicción, atribuíbel a unha parte non exigua do sector produtivo (non só do autorial) do propio sistema literario galego, incidente na chave de que a emancipación nacional e a saída da subalternidade política son metas xa alcanzadas e consolidadas pola literatura galega, polo seu espazo de intervención, mesmo desde Pondal. Trátase dunha argumentación frecuente nas achegas críticas e historiográficas de Méndez Ferrín e de non poucos

escritores e críticos que o seguen. Así, en ausencia doutras fortalezas de índole institucional, amparadas por un mínimo aparato administrativo e de poder, a literatura, o teatro, as artes e en xeral o mundo cultural constituíronse baixo determinadas percepcións, como tantas veces se ten dito, no anticipo dun auténtico espazo público nacional.

Corresponde ir pondo punto final a estas anotacións. Os modelos historiográficos, non só os literarios, son sempre múltiples. Estar ao tanto dun número representativo das alternativas existentes en cada momento non é tarefa doada. Malia isto, como xa se indicou, tal multiplicidade non debera conducir a historiadores e público lector a se contentaren coa reprodución acrítica de opcións metodolóxicas que simplifican máis do debido a complexidade e intelixibilidade dos procesos literarios na historia.

Para a promoción dun debate consecuente, os sucesivos capítulos deste volume introduciron consideracións e análises sobre un conxunto bastante amplo de conceptos, modelos e problemas, algúns de índole xeral e outros máis específicos. Os modelos historiográfico-literarios atendéronse sobre todo nos bloques primeiro e cuarto, neste último con observación preferente de propostas alternativas desenvolvidas por tres académicos galegos, Antón Figueroa, Xoán González-Millán e Helena Miguélez-Carballeira, nos que a autonomía de pensamento foi sempre moi estimábel. Con todo, os modelos analizados foron non só os de aplicación estritamente nacional senón tamén os que aspiran a dar conta das relacións interliterarias en perspectiva comparatista. Atendéronse así desenvolvementos teóricos como os promovidos ou como mínimo inspirados por Dionýz Ďurišin e a Escola de Bratislava, por Mario J. Valdés e o comité de Historia Literaria Comparada da influente Asociación Internacional de Literatura Comparada, polas teorías empírico-sistémicas e a socioloxía do campo cultural –orientacións estas con notábel predicamento na Galiza dos últimos trinta anos, até o punto de que se chegaron a 'exportar' protocolos de análise sistémica e/ou sociolóxica a espazos xeoacadémicos como o vasco, o catalán e o lusófono– e polos estudos sobre resistencia cultural, subalternidade e poscolonialismo.

Na verdade, non foron estes catro os únicos focos empregados para tratar de clarificar as solucións implementadas no ámbito dos debates internacionais sobre o lugar e funcións da historia literaria. Outros paradigmas, metodoloxías e argumentos foron igualmente observados, nunha ou outra proporción. Da poética histórica aos estudos de xénero, dos feminismos aos estudos sobre a institución literaria ou do paradigma posnacional á actualidade dos estudos ibéricos. Por outra parte, a atención a esta clase de problemas e alternativas na miña dedicación dos últimos anos excede o representado neste libro. Quen experimentar interese por esa dedicación e resultados poderá ampliar información a partir da bibliografía fornecida e tamén, en breve, dun segundo volume en curso de preparación.

Algúns dos problemas específicos recorrentes na historiografía literaria recibiron aquí, en todo caso, unha atención demorada. Entre eles, o do perigo dunha deshistorización da historia literaria e as formas de ancoraxe da disciplina coa historia como disciplina marco (que non se reduce a dirimir se debe pesar máis 'o histórico' ou máis 'o literario' na historia da literatura), a performatividade e as funcións e usos políticos da disciplina, a súa dependencia de lóxicas que a exceden (entre elas as do Estado), a constitución do discurso e da autoridade historiográficos, a procura de alternativas á narratividade causalista e explicativa dos acontecementos histórico-literarios, a dialéctica existente entre autonomía e heteronomía da literatura e a súa repercusión nos modelos historiográfico-literarios, a periodización literaria, o canon e a canonicidade, a colaboración e retroalimentación entre historia da literatura e crítica literaria, o tratamento do exilio e das comunidades diaspóricas por parte da historiografía literaria, as negociacións discursivas en torno ao nacional entre as historias da literatura e os seus paratextos prologais, a posibilidade dunha maior colaboración entre a historia literaria e o conxunto das ciencias sociais –nomeadamente a socioloxía– ou, en fin, a atención ás polémicas sobre o esgotamento da disciplina, para moitos unha realidade certa.

En liñas xerais, boa parte do anterior foi tratado no dobre plano da ollada teórico-crítica e na súa proxección específica sobre os propios procesos da historia literaria galega, en especial da centrada na época contemporánea, aínda que tamén se reservou un espazo para a historiografía e a planificación dos estudos literarios sobre a produción medieval. Esa proxección de que se fala concretouse a miúdo mediante a fixación dalgúns estudos de caso, quer sobre determinadas publicacións periódicas, como a revista *Nós*, quer sobre o conxunto da produción poética nun período determinado ou sobre o recurso tantas veces banalizado das xeracións literarias, posto ao servizo dunha comprensión bastante simplificadora do cambio e do ritmo históricos. Eses estudos ampliaron o foco noutras ocasións, por exemplo a propósito dos procedementos e contributos historiográfico-literarios de Víctor Said Armesto e Ricardo Carvalho Calero, observados neste libro con particular detención.

Pechar o volume prestando atención aos tres modelos historiográficos esbozados nas achegas de Figueroa, González-Millán e Miguélez-Carballeira, e con eles ás propostas dun número non escaso de representantes das novas promocións de especialistas nos asuntos que aquí foron convocados, ten un sentido claro. Non outro que o de subliñar a necesidade de ampliar o compromiso coa innovación nos cometidos propios da historiografía literaria galega, tamén cos seus usos e funcións e coa súa propia autonomía.

Referencias bibliográficas

Abuín González, A. (2004). «Dimensións teórico-críticas do novo comparatismo». Casas, A. (coord.), *Elementos de Crítica literaria*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 103-28.

Agamben, G. (2005). «O que é um dispositivo?». *Outra Travessia. Revista de literatura*, 5, 9-16. https://periodicos.ufsc.br/index.php/Outra/article/view/12576/11743.

Ahuir, A.; Palazón, A. (2001). *Historia de la lliteratura en llengua valenciana*. València: Diputació de València.

Alborg, J.L. (1991). *Sobre crítica y críticos. Historia de la literatura española: Paréntesis teórico que apenas tiene que ver con la presente historia*. Madrid: Gredos.

Aldekoa, I. (2004). *Historia de la literatura vasca*. Donostia: Erein.

Alonso Montero, X. (1994). *As palabras no exilio. Biografía intelectual de Luís Seoane*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Alonso Montero, X. (2007). *Intelectuais marxistas e militantes comunistas en Galicia (1926-2006)*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Alonso Montero, X. (2009). «*Beatus qui legit* — Primeira cátedra de galego-portugués». Suplemento «Culturas» de *La Voz de Galicia*, 6 de xuño, 11.

Alonso Montero, X. (2014a). «*Beatus qui legit* — Víctor Said Armesto». Suplemento «Fugas» de *La Voz de Galicia*, 8 de agosto, 13.

Alonso Montero, X. (2014b). «Sobre a cátedra de Literatura galaico-portuguesa da Universidade Central (Madrid) que gañou, por oposición, Víctor Said Armesto en 1914». Rodríguez González, D.; Otero Tovar, O. (coords), *Víctor Said Armesto. A lección dun cidadán libre*. A Coruña: Fundación Barrié, 115-26.

Alonso Montero, X. (2015). «Víctor Saíd Armesto e Manuel Murguía». Villanueva et al. 2015, 417-22.

Alonso Nogueira, Á. (2009). «Blanco Amor e a constitución do campo literario galego durante os anos de Galaxia». *Grial*, 184, 28-35.

Álvarez Ruiz de Ojeda, V. (2011). «Víctor Said Armesto, Rosalía de Castro e Manuel Murguía (con Augusto González Besada ao fondo)». *Revista de Estudios Rosalianos*, 4, 15-126.

Alves, H. (2006). *Tempo para entender. História comparada da literatura portuguesa*. Casal de Cambra: Caleidoscópio.
Amador de los Ríos, J. (1861-65). *Historia crítica de la literatura española*. 7 vols. Madrid: s.n. Imprenta de José Rodríguez.
Amezaga, E. (1989). *Euskadi: el cruce de tres culturas*. Bilbo: edición do autor.
Anceschi, L. (1936). *Autonomia ed eteronomia dell'arte. Sviluppo e teoria di un problema estetico*. Firenze: Sansoni.
Anderson, B. (1987). *Imagined Communities: Reflections on the Origin and Spread of Nationalism*. London: Verso.
Andrés y Morell, J. (1782-99). *Dell'origine, progressi e stato attuale d'ogni letteratura*. 7 voll. Parma: Stamperia Reale.
Angueira, A. (2004). «Carvalho Calero e o *Divino Sainete*». Alonso Montero, X.; Monteagudo, H.; Tajes Marcote, B. (eds), *Actas do I Congreso Internacional «Curros Enríquez e o seu tempo»* (Celanova, 13-15 de setembro de 2001), t. 2. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 276-89.
Angueira, A. (2019). *Rexurdimento: a palabra e a idea*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
Ansede Estraviz, A.; Sánchez Iglesias, C. (dirs) (1996). *Historia da literatura galega*. 5 vols. Vigo: Asociación Socio-Pedagóxica Galega. Acceso alternativo en `http://literaturagalega.as-pg.gal/`.
Areses, D. (1988). *Prosas completas*. Recompilación e prólogo de A. Capelán. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
Arnold, A.J.; Rodriguez-Luis, J.; Dash, J.M. (eds) (1994-97). *A History of Literature in the Caribbean*. 3 vols. *(o segundo e o terceiro editados só por A. James Arnold)*. Amsterdam: John Benjamins.
Asor Rosa, A. (dir.) (1982-2000). *Letteratura italiana*. 17 voll. Torino: Einaudi.
Asor Rosa, A. (2009). *Storia europea della letteratura italiana I. Le origini e il Rinascimento*. Torino: Einaudi.
Aub, M. [1966] (1974). *Manual de Historia de la Literatura Española*. 2a ed. Madrid: Akal.
Aubrun, C.V. (1977). *La Littérature espagnole*. Paris: Presses Universitaires de France.
Aullón de Haro, P. (ed.) (1994). «Teoría de la Historia de la Literatura y el Arte», núm. monogr., *Teoría/Crítica*, 1.
Aullón de Haro, P.; García Gabaldón, J.; Navarro Pastor, S. (eds) (2002). *Juan Andrés y la teoría comparatista*. València: Biblioteca Valenciana.
Bajtín, M. [1979] (2008). *Estética de la creación verbal*. 2a ed. Compilación de S. Bocharov. Buenos Aires: Siglo Veintiuno Editores.
Bakhtin, M. [1963] (2013). *Problemas da poética de Dostoiévski*. 5a ed. Prefacio de P. Bezerra. Rio de Janeiro: Forense Universitária.
Bal, M. (ed.) (1999). *The Practice of Cultural Analysis: Exposing Interdisciplinary Interpretation*. Stanford: Stanford University Press.
Balibrea, M.P.; Faber, S. (2017). «Hacia otra historiografía cultural del exilio republicano español. Introducción a modo de manifiesto». Balibrea, M.P. (coord.), *Líneas de fuga. Hacia otra historiografía cultural del exilio republicano español*. Tres Cantos: Siglo XXI de España Editores, 13-24.
Ballart, P. (1994). *Eironeia. La figuración irónica en el discurso literario moderno*. Barcelona: Sirmio.
Barreiro Barreiro, X.L. (1991). *Indalecio Armesto. Filósofo, republicano, masón*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Barreiro Barreiro, X.L. (2015). «Ideoloxía e compromiso social. Indalecio Armesto e Víctor Said Armesto». Villanueva et al. 2015, 57-115.
Barreiros, A.J. (1996). *História da literatura portuguesa*. 15a ed. 2 vols. Braga: Bezerra Editora.
Barthes, R. (1971). «Réflexions sur un manuel». Doubrovsky, S.; Todorov, T. (dirs), *L'Enseignement de la littérature*. Paris: Plon, 170-7.
Bassel, N. (1991). «National Literature and Interliterary System». *Poetics Today*, 12(4), 773-9.
Bataille, G. (1970). «Dossier Hétérologique». *Œuvres complétes*, t. 2. Paris: Gallimard, 165-202.
Beller, M.; Leerssen, J. (eds) (2007). *Imagology: The Cultural Construction and Literary Representation of National Characters. A Critical Survey*. Amsterdam: Rodopi.
Benjamin, W. (2018). *Linguagem, tradução, literatura (filosofia, teoria e crítica)*. Ed. e selección de textos de J. Barrento. Belo Horizonte: Autêntica.
Beramendi, J.G. (1993). «Tres lustros para investigar dous séculos: un desenvolvemento desigual», en Beramendi, J.G. (coord.), «Galicia e a historiografía», *Semata. Ciencias Sociais e Humanidades*, 5, 243-73.
Beramendi, J.G. (2007). *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
Beramendi, J.G. (2015). «Said Armesto e o galeguismo». Villanueva et al. 2015, 189-205.
Beramendi, J.G. (2020). «Na esquerda do primeiro nacionalismo. 1926-1936». Cidrás, F. (ed.), *Ricardo Carvalho Calero. As formas do compromiso*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 23-44.
Berger, P.L.; Luckmann, T. (1968). *La construcción social de la realidad*. Buenos Aires: Amorrortu.
Bhabha, H.K. (1990). «DissemiNation: Time, Narrative, and the Margins of the Modern Nation». Bhabha, H.K. (ed.), *Nation and Narration*. London; New York: Routledge, 291-322.
Bhabha, H.K. (1994). *The Location of Culture*. London; New York: Routledge.
Blanco, C. (1984). «A crítica literaria de Carballo Calero». *Grial*, 84, 172-85.
Blanco, C. (1989). *Conversas con Ricardo Carballo Calero*. Vigo: Galaxia. 2a ed., 2020.
Blanco, C. (2011). «Momentos de memoria persoal e comunal de RCC». Biscainho Fernandes, C.C.; Sánchez Rei, X.M. (coords), *Ricardo Carvalho Calero: ciencia, literatura e nación*. A Coruña: Universidade da Coruña, 49-65.
Blanco Aguinaga, C.; Rodríguez Puértolas, J.; Zavala, I.M. (1979). *Historia social de la literatura española (en lengua castellana)*. Madrid: Castalia.
Bobbio, N. (1998). *La duda y la elección. Intelectualidad y poder en la sociedad contemporánea*. Barcelona: Paidós.
Bordons, G.; Subirana, J. (eds) (1999). *Literatura catalana contemporània*. Barcelona: Universitat Oberta de Catalunya.
Borges, J.L. [1975] (1998). *Prólogos con un prólogo de prólogos*. Madrid: Alianza.
Boschetti, A. (1985). *Sartre et «Les Temps Modernes». Une entreprise intellectuelle*. Paris: Les Éditions de Minuit.
Boschetti, A. (2001). *La Poésie partout. Apollinaire, homme-époque (1898-1918)*. Paris: Éditions du Seuil.
Boschetti, A. (dir.) (2010). *L'Espace culturel transnational*. Paris: Nouveau Monde Édition.

Boullón Agrelo, A.I.; Tato Plaza, F.R. (1991). «A cátedra de Lingua e Literatura Galega da Universidade de Santiago de Compostela: datos para a historia dunha reivindicación». Brea, M.; Fernández Rei, F. (coords), *Homenaxe ó profesor Constantino García*, t. 2. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 33-53.

Bourdieu, P. (1980). «Le capital social. Notes provisoires». *Actes de la Recherche en Sciences Sociales*, 31, 2-3.

Bourdieu, P. (1989). *O poder simbólico*. Lisboa: DIFEL; Rio de Janeiro: Bertrand Brasil.

Bourdieu, P. (1991). «Fourth Lecture. Universal Corporatism: The Role of Intellectuals in the Modern World». *Poetics Today*, 12(4), 655-69.

Bourdieu, P. (1992). *Les Règles de l'art. Genèse et structure du champ littéraire*. Paris: Éditions du Seuil.

Bourdieu, P. (1995). «Sur les rapports entre la sociologie et l'histoire en Allemagne et en France. Entretien avec Lutz Raphael». *Actes de la Recherche en Sciences Sociales*, 106-7, 108-22. https://doi.org/10.3406/arss.1995.3141.

Bourdieu, P. (1997). *Méditations pascaliennes*. Paris: Éditions du Seuil.

Bourdieu, P. [1992] (1999). «Por una internacional de los intelectuales». Bourdieu, P., *Intelectuales, política y poder*. Buenos Aires: Eudeba, 187-96.

Bourdieu, P. [1994] (1999). *Razones prácticas. Sobre la teoría de la acción*. 2a ed. Barcelona: Anagrama.

Bourdieu, P. [1991] (2004). *O campo literario*. Limiar de C. Pérez Varela. Ames: Laiovento.

Bourdieu, P. [2004] (2005). *Esboço de auto-análise*. São Paulo: Companhia das Letras.

Bourdieu, P. [1979] (2006). *La distinción. Criterio y bases sociales del gusto*. Madrid: Taurus.

Bourdieu, P.; Wacquant, L.J.D. (1992). *Réponses: Pour une anthropologie réflexive*. Paris: Éditions du Seuil.

Bouzas, B. (2019). «María Victoria Carvalho-Calero Ramos: 'Non podía crer que non lle desen o Día das Letras ao meu pai'». *Nós Diario*, 30 de novembro, 24-5.

Braga, T. [1870] (1984). *História da literatura portuguesa*. Vol. 1, *Idade Média*. Prefacio de J. Palma-Ferreira. Lisboa: Imprensa Nacional – Casa da Moeda.

Braxe, L.; Seoane, X. (1989). *Escolma de textos da audición radial de Luís Seoane «Galicia Emigrante» (1954-1971)*. Sada: Ediciós do Castro.

Braxe, L.; Seoane, X. (1996). *Luís Seoane, textos sobre arte*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Brenan, G. [1951] (1984). *Historia de la literatura española*. 2a ed. Barcelona: Crítica.

Broady, D. (2002). «French Prosopography: Definition and Suggested Readings». *Poetics*, 30(5/6), 381-5.

Brown, M. (ed.) (1995). *The Uses of Literary History*. Durham; London: Duke University Press.

Brunet, I.; Morell, A. (2001). «Sociología e historia: Norbert Elias y Pierre Bourdieu». *Sociológica*, 4, 109-30.

Bürger, P. [1974] (1987). *Teoría de la vanguardia*. Barcelona: Península.

Burke, P. (ed.) [1991] (1993). *Formas de hacer Historia*. Madrid: Alianza Editorial.

Butler, J. [1999] (2004). *Lenguaje, poder e identidad*. Madrid: Síntesis.

Cabo Aseguinolaza, F. (2001). «National Canon Formation as Interliterary Process: The Spanish Case». *Literary Research/Recherche littéraire*, 18(35), 51-62.

Cabo Aseguinolaza, F. (2003). «An Aftermarth Consideration on the Role of Teleology in Iberian Literary Historiographies». *Neohelicon*, 30(2), 85-96.
Cabo Aseguinolaza, F. (2012). *Historia de la literatura española*. Vol. 9, *El lugar de la literatura española*. Barcelona: Crítica.
Cabo Aseguinolaza, F.; Abuín González, A.; Domínguez, C. (eds) (2010). *A Comparative History of Literatures in the Iberian Peninsula*, vol. 1. Amsterdam; Philadelphia: John Benjamins.
Caixàs, J. et al. (1998). *Breu història de la literatura catalana*. Barcelona: Edicions de la Magrana.
Calhoun, C. (1995). *Critical Social Theory: Culture, History and the Challenge of Difference*. Cambridge (MA): Blackwell.
Calle-Gruber, M.; Zawisza, E. (éds) (2000). *Paratextes. Études aux bords du texte*. Paris: L'Harmattan.
Canavaggio, J. (dir.) (1994). *Historia de la literatura española*. 6 vols. Barcelona: Ariel.
Caño, X.M. del (2005). *Conversas con Méndez Ferrín. Historia, literatura, nación*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
Carballo Calero, R. (1931). «Ollada encol da poesía lírica galega contemporánea». *Nós. Boletín mensual da cultura galega*, 87, 52-9.
Carballo Calero, R. (1932). «Balance e inventario da nosa literatura». *Nós. Boletín mensual da cultura galega*, 108, 222-3.
Carballo Calero, R. (1952). «Arredor de Rosalía». Pimentel et al. 1952, 17-39.
Carballo Calero, R. (1955a). *Sete poetas galegos: Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Manuel Curros Enríquez, Antonio Noriega Varela, Ramón Cabanillas, Luis Amado Carballo, Manuel Antonio*. Vigo: Galaxia.
Carballo Calero, R. (1955b). *Aportaciones a la literatura gallega contemporánea*. Madrid: Gredos.
Carballo Calero, R. (1959). *Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía*. Lugo: Celta.
Carballo Calero, R. (1971). *Sobre lingua e literatura galegas*. Vigo: Galaxia.
Carballo Calero, R. (1972). «No centenario de Said Armesto». *Museo de Pontevedra*, 26, 37-9.
Carballo Calero, R. (1977). *Historia de las literaturas hispánicas. Unidad Didáctica 1*. Madrid: UNED.
Carballo Calero, R. (1979a). *Estudos rosalianos: Aspectos da vida e da obra de Rosalía de Castro*. Vigo: Galaxia.
Carballo Calero, R. (1979b). *Libros e autores galegos. Dos trovadores a Valle-Inclán*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
Carballo Calero, R. [1963] (1981). *Historia da literatura galega contemporánea (1808-1936)*. 3a ed. Vigo: Galaxia.
Carballo Calero, R. (1982). *Libros e autores galegos. Século XX*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
Carballo Calero, R. (1987). *La fuerza pública en la Universidad de Santiago y otros escritos escolares (1930-1933)*. Sada: Ediciós do Castro.
Carballo Calero, R. (2006). *Epistolario a Francisco Fernández del Riego*. Ed. de D. Vilavedra e M. Pena. Vigo: Galaxia.
Carballo Calero, R.; Piñeiro, R. (2015). «Epistolario Ricardo Carballo Calero, Ramón Piñeiro. (Historial dun libro)», ed. de L. Alonso Girgado, L. Cochón, N. Rouco Aneiros e X. Martínez González, núm. mongr., *Cadernos Ramón Piñeiro*, XXXIII.

Carbonell, A. et al. [1979] (1981). *Literatura catalana. Dels inicis als nostres dies*. Barcelona: Edhasa.
Carvalho Calero, R. (1984). *Letras galegas*. A Coruña: Associaçom Galega da Língua.
Carvalho Calero, R. (1989a). *Estudos e ensaios sobre literatura galega*. Sada: Ediciós do Castro.
Carvalho Calero, R. (1989b). *Escritos sobre Castelao*. Barcelona: Sotelo Blanco.
Carvalho Calero, R. (1990). *Do galego e da Galiza*. Barcelona: Sotelo Blanco.
Carvalho Calero, R. (1992). *Umha voz na Galiza. Artigos de jornal (1933-1989)*. Prólogo de C. Blanco. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
Carvalho Calero, R. (2000). *Escritos sobre teatro*. Ed. de L. Tato Fontaíña. A Coruña: Universidade da Coruña.
Casanova, P. [1999] (2001). *La República mundial de las letras*. Barcelona: Anagrama.
Casas, A. (1996). «Antón Figueroa: *Lecturas alleas. Sobre das relacións con outras literaturas*». *A Trabe de Ouro*, 28, 129-34.
Casas, A. (2000a). «Problemas de Historia Comparada: la comunidad interliteraria ibérica». *Interlitteraria*, 5, 56-75.
Casas, A. (2000b). «A poesía galega entre 1916 e 1936». Villanueva, D. (dir.); Tarrío Varela, A. (coord.), *Proyecto Galicia — Literatura*. Vol. 3, *O século XX. A literatura anterior á Guerra Civil*. A Coruña: Hércules de Ediciones, 85-213.
Casas, A. (2003). «Sistema interliterario y planificación historiográfica a propósito del espacio geocultural ibérico». *Interlitteraria*, 8, 68-97. https://www.ceeol.com/search/article-detail?id=165876.
Casas, A. (2004). «Catro modelos para a nova Historia literaria comparada. Unha aproximación epistemolóxica». Abuín González, A.; Tarrío Varela, A. (eds), *Bases metodolóxicas para unha Historia comparada das literaturas na península Ibérica*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 45-71.
Casas, A. (2005). «'Local', 'Regional', 'Nacional', 'Mundial': Dimensões da História literária». Fernandes, M. da P. Campos (coord.), *História(s) da literatura = Actas do 1.º Congresso Internacional de Teoria da Literatura e Literaturas Lusófonas* (Braga, 2-3 de decembro de 2004). Coimbra: Almedina e Universidade do Minho, 89-110.
Casas, A. [2003] (2007). «Literaturas nacionais e espacios interculturais. O modelo teórico de Dionýz Ďurišin no contexto da renovación da Historia literaria comparada». González, H.; Lama, M.X. (eds), *Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península Ibérica = Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos* (Barcelona, 28-31 de maio de 2003). Sada: Ediciós do Castro, Asociación Internacional de Estudos Galegos e Universitat de Barcelona, 519-30.
Casas, A. (2008). «Constituiçom de umha História literária de base sistémica: o sistema cultural como objecto de análise histórica no programa de investigaçom de Itamar Even-Zohar». *Veredas. Revista da Associação Internacional de Lusitanistas*, 10, 27-55.
Casas, A. (2009). «Entre Weimar e Albany. Programa e procesos de Torrente Ballester como historiador da literatura». *La Tabla Redonda. Anuario de Estudios Torrentinos*, 7, 13-32.
Casas, A. (2010). «Iuri Lotman y la semiosis histórica ante el historicismo (Un debate europeo del siglo XX)». *Interlitteraria*, 15(1), 21-42.

Casas, A. (2011). «Antón Figueroa: *Ideoloxía e autonomía no campo literario galego*». *A Trabe de Ouro*, 88, 601-11.
Casas, A. (2015a). «El comparatismo historicista de Fidelino de Figueiredo». Figueiredo, F. de, *Pirene. Introducción a la historia comparada de las literaturas portuguesa y española*. Sevilla: Athenaica Ediciones Universitarias; Edições Universitárias, 4-14.
Casas, A. (2015b). «Said Armesto, historiador comparatista da literatura galega medieval: descrición e análise crítica do programa presentado para a obtención da cátedra de Literatura galaico-portuguesa na Universidade Central (Madrid, 1914)». Villanueva et al. 2015, 623-47.
Casas, A. (2017a). «Víctor Said Armesto na historiografía literaria galega: unha biblioteca e un proxecto». Requeixo, A. (ed.), *Sobre letras e signos. Estudos en homenaxe a Anxo Tarrío Varela*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 253-68.
Casas, A. (2017b). «La radicación uruguaya del exilio intelectual republicano tras la Guerra Civil española (la historiografía, la categorización y el método)». *Anales de la Literatura Española Contemporánea / Annals of Contemporary Spanish Literature*, 42(4), 73-103.
Casas, A. (2019). «Iberismos, comparatismos y estudios ibéricos: ¿por qué, desde dónde, cómo y para qué?». Martínez Tejero, C.; Pérez Isasi, S. (eds), *Perspetivas críticas sobre os estudos ibéricos*. Venezia: Edizioni Ca' Foscari, 23-56. http://doi.org/10.30687/978-88-6969-323-6/001.
Casas, A. (2020). «Lo social, lo político y lo literario. La sociología de la literatura en las coordenadas de su disgregación». Abuín González, A.; Cabo Aseguinolaza, F.; Casas, A. (eds), *Textualidades (inter)literarias. Lugares de lectura y nuevas perspectivas teórico-críticas*. Madrid; Frankfurt: Iberoamericana-Vervuert, 215-61.
Casas, A.M. (1928). «Los poetas nuevos de Galicia». *El Pueblo Gallego*, 20 de xuño, 2.
Casas, A.M. (1935) «Esquema da nova poesía galega». *Nós. Boletín mensual da cultura galega*, 139-144, 115-24.
Casas, V. (1928). «Encol da lírica galega. Resposta a un artigo tendencioso». *A Nosa Terra*, 250, 1 de xullo, 4-5.
Castillo, D.A.; Lionnet, F.; Lützeler, P.M. (eds) (2003). «Intra-National Comparisons», monogr. no., *Comparative Literature Studies*, 40(2).
Castro Pérez, F. (2015). «A evolución política de Víctor Said Armesto: do republicanismo activo ao achegamento a posicións propias da intelectualidade de principios do século XX». Villanueva et al. 2015, 157-87.
Cejador y Frauca, J. [1915-22] (1972-73). *Historia de la lengua y literatura castellana*. 7 vols. Madrid: Gredos.
Certeau, M. de (1975). *L'Écriture de l'histoire*. Paris: Gallimard.
Ceserani, R. (1990). *Raccontare la letteratura*. Torino: Bollati Boringhieri.
Chamberlain, D.F. (ed.) (2003). «Literary Histories and the Development of Identities», monogr. no., *Neohelicon*, 30(1).
Chassain, A.; Lecacheur, M.; Lorent, F.; Martinelli, H. (dirs) (2020). «Logiques de la commande (XXe-XXIe siècles)», num. monogr., *COnTEXTES. Revue de sociologie de la littérature*, 29. https://doi.org/10.4000/contextes.9531.
Cidade, H.; Coelho, J. do Prado (1974). [«25 de Abril de 1974»]. *Colóquio/Letras*, 19, 5.

Claramonte, J. (2010). *La república de los fines. Contribución a una crítica de la autonomía del arte y la sensibilidad*. Murcia: Centro de Documentación y Estudios Avanzados de Arte Contemporáneo.

Cochón, I. (2006). «*Ab ipso ferro*. Encubrimentos enunciativos e refundicións xenolóxicas en *Contra Maquieiro*». *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2005*, 38-47.

Colmeiro, J. (2017). *Peripheral Visions / Global Sounds: From Galicia to the World*. Liverpool: Liverpool University Press.

Conde, P. (2018). *Conversas con Paco del Riego*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Cornis-Pope, M.; Neubauer, J. (2002). *Towards a History of the Literary Cultures in East-Central Europe: Theoretical Reflections*. New York: American Council of Learned Societies. ACLS Occasional Paper 52. `https://publications.acls.org/OP/Occasional_Paper_052_2002.pdf`.

Cornis-Pope, M.; Neubauer, J. (2004-10). *History of the Literary Cultures of East-Central Europe: Junctures and Disjunctures in the 19th and 20th Centuries*. 4 vols. Amsterdam; Philadelphia: John Benjamins.

Critchley, S. (2007). *Infinitely Demanding: Ethics of Commitment, Politics of Resistance*. London: Verso.

Cunha, C.M. Ferreira da (2002). *A construção do discurso da história literária na literatura portuguesa do século XIX*. Braga: Universidade do Minho.

Dasilva, X.M. (2020). «Carballo Calero, xuíz d'*A esmorga*». *Grial*, 227, 90-9.

Denis, B. (2000). *Littérature et engagement de Pascal à Sartre*. Paris: Éditions du Seuil.

Deyermond, A.D. [1971] (1973). *Historia de la literatura española*. Vol. 1, *La Edad Media*. Barcelona: Ariel.

Díaz, M.A. (2004). *Luís Seoane. Notas ás súas cartas a Díaz Pardo*. Sada: Ediciós do Castro.

Díaz, X. (1994). *Luís Seoane. A forxa da modernidade*. Oleiros: Vía Láctea.

Díaz-Plaja, F. (1993). *Vida y obra de Víctor Said Armesto*. A Coruña: Fundación 'Pedro Barrié de la Maza Conde de Fenosa'.

Díaz-Diocaretz, M.; Zavala, I.M. (1993). *Teoría feminista: discursos y diferencia*. Barcelona: Anthropos.

Díez Borque, J.M. (coord.) (1975). *Historia de la literatura española*. Vol. 1, *Edad Media y Renacimiento*. Madrid: Guadiana.

Díez Borque, J.M. (1980a). *Historia de la literatura española*. Vol. 1, *La Edad Media*. Madrid: Taurus.

Díez Borque, J.M. (1980b). *Historia de las literaturas hispánicas no castellanas*. Madrid: Taurus.

Díez-Echarri, E.; Roca Franquesa, J.M. (1979). *Historia de la literatura española e hispanoamericana*. Madrid: Aguilar.

Dimić, M.V. (1989). «Littératures canadiennes comparées: modèles d'étude proposés». Moisan, C. (dir.), *L'Histoire littéraire: théories, méthodes, pratiques = Actes du colloque organisé par le Centre de Recherche en Littérature Quebécoise*. Québec: Les Presses de l'Université Laval, 179-94.

Dimić, M.V. (1999). «Future(s) of Comparative Literature». Tötösy de Zepetnek, S.; Dimić, M.V.; Sywenky, I. (eds), *Comparative Literature Now: Theories and Practice / La Littérature comparée à l'heure actuelle. Théories et réalisations*. Paris: Honoré Champion, 927-30.

Discursos… 1916 = *Discursos leídos ante la Real Academia Española en la recepción pública del Excmo. Señor D. Augusto González Besada el día 7 de mayo de 1916* (1916). Madrid: Real Academia Española.

Doležel, L. (1999). «Epistemology of the Prague School». Macura, V.; Schmid, H.; Krehl, B. (eds), *Jan Mukařovský and the Prague School / und die Prager Schule*. Potsdam: Universität Potsdam, 15-25.

Domínguez, C. (2001). «Las cruzadas en la fundación del Comparatismo. Algunas nociones de geografía literaria y periodología comparadas». *Boletín de la Sociedad Castellonense de Cultura*, 77, 253-314.

Domínguez, C. (2004a). «Imaginario e historia literaria. El caso de la Península Ibérica como geografía literaria orientalizada en el marco europeo». León Gómez, M. (ed.), *La literatura en la literatura = Actas del XIV Simposio de la Sociedad Española de Literatura General y Comparada* (Alcalá de Henares, 7-9 de novembro de 2002). Madrid: SELGyC, 525-32.

Domínguez, C. (2004b). «Medieval Literatures as a Challenge to Comparative Literature. A Reflection on Non-National Cultural Formations». *Canadian Review of Comparative Literature*, 31(4), 399-418.

Domínguez, C. (2005). «Os horizontes da teoría interliteraria na Península Ibérica: recepción e campo de probas». *Boletín Galego de Literatura*, 34, 37-65.

Domínguez, C. (2014). «'Eu son fillo dunha Patria descoñecida'. Do Atlántico negro ao Atlántico verde a través da diáspora galega. Castelao (cunhas notas sobre Whitman e Lorca)». *Grial*, 202, 64-71.

Domínguez, C.; Abuín González, A.; Sapega, E. (eds) (2016). *A Comparative History of Literatures in the Iberian Peninsula*, vol. 2. Amsterdam; Philadelphia: John Benjamins.

Domínguez, C.; D'haen, T. (2015). *Cosmopolitanism and the Postnational: Literature and the New Europe*. Leiden: Brill Rodopi.

Domínguez Mallo, L. (2008). *A fundamentación dunha historiografía literaria: delimitacións e caracterización da literatura galega no discurso historiográfico (1862-1951)*. Traballo de Investigación Tutelado inédito. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Domínguez Mallo, L. (2010). «A historia literaria como discurso multifuncional: Achega ás funcións asumidas pola historia da literatura galega durante o franquismo». *Galicia 21. Journal for Contemporary Galician Studies*, B, 26-44. http://www.galicia21journal.org/B/pdf/galicia21_2_Dominguez_Mallo.pdf.

Dozo, B.-O.; Fréché, Bibiane (2006). «Réseaux et bases de données». de Marneffe, D.; Denis, B. (éds), *Les Réseaux littéraires*. Bruxelles: Le Cri – CIEL – ULB – Ulg, 86-108.

Dubert, I. (ed.) (2016). *Historia das historias de Galicia*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Dubois, J. [1978] (2005). *L'Institution littéraire*. Bruxelles: Éditions Labor.

Ďurišin, D. (1974). *Sources and Systematics of Comparative Literature*. Bratislava: Univerzita Komenského.

Ďurišin, D. (1984). *Theory of Literary Comparatistics*. Bratislava: Veda.

Ďurišin, D. (1989). *Theory of Interliterary Process*. Bratislava: Veda.

Ďurišin, D. (1993). *Communautés interlittéraires spécifiques*. Vol. 6, *Notions et principes*. Bratislava: Ústav Svetovej Literatúry SAV.

Ďurišin, D. (1995). «Le comunità interletterarie: una categoria fondamentale del processo interletterario». Gnisci, A.; Sinopoli, F. (a cura di), *Comparare i comparatismi. La comparatistica letteraria oggi in Europa e nel mondo*. Roma: Lithos Editrice, 67-81.

Ďurišin, D.; Gnisci, A. (a cura di) (2000). *Il Mediterraneo. Una rete interletteraria*. Roma: Bulzoni.

Dussel, E. [1977] (2011). *Filosofía de la liberación*. México D.F.: Fondo de Cultura Económica.

Ekelund, B.G.; Blom, M.B. (eds) (2002). «Literary Generations and Social Authority: A Study of US Prose-Fiction Debut Writers, 1940-2000», monogr. no., *Poetics*, 30(5-6).

Elias, N. (1990). *Compromiso y distanciamiento. Ensayos de sociología del conocimiento*. Ed. de Michael Schröter. Barcelona: Península.

Elliot, E. (1988). *The Columbia Literary History of the United States*. New York: Columbia University Press.

Étiemble [1974] (1977). «¿Debe revisarse la noción de *Weltliteratur*?». *Ensayos de literatura (verdaderamente) general*. Madrid: Taurus, 11-24.

Even-Zohar, I. (1978). *Papers in Historical Poetics*. Tel Aviv: Porter Institute for Poetics and Semiotics. https://www.tau.ac.il/~itamarez/works/books/Even-Zohar_1978--Papers%20in%20Historical%20Poetics.pdf.

Even-Zohar, I. (1990). «Polysystem Studies», monogr. no., *Poetics Today*, 11(1). https://www.jstor.org/stable/i303085.

Even-Zohar, I. (1993). «A función da literatura na creación das nacións de Europa». *Grial*, 120, 441-58.

Even-Zohar, I. (1998). «Planificación cultural e resistencia na creación e supervivencia de entidades sociais». *A Trabe de Ouro*, 36, 481-9.

Even-Zohar, I. (1999). «Factores y dependencias en la cultura. Una revisión de la Teoría de los Polisistemas». Iglesias Santos, M. (comp.), *Teoría de los polisistemas*. Madrid: Arco, 23-52.

Even-Zohar, I. (2005). *Papers in Cultural Research*. Tel Aviv: The Culture Research Lab., Tel Aviv University.

Even-Zohar, I. (2008). *Ideational Labor and the Production of Social Energy: Intellectuals, Idea Makers and Culture Entrepeneurs*. Tel Aviv: The Culture Research Lab., Tel Aviv University. Acceso alternativo en https://www.tau.ac.il/~itamarez/works/books/EZ-Books.htm.

Even-Zohar, I. (2017). *Polisistemas de cultura (Un libro electrónico provisorio)*. Tel Aviv: The Culture Research Lab., Tel Aviv University. https://www.tau.ac.il/~itamarez/works/papers/trabajos/polisistemas_de_cultura2007.pdf.

F[ernández] del Riego, F. (1933). «Índice cultural e artístico do Renacimento galego». *Nós. Boletín mensual da cultura galega*, 117, 184-8; 118, 224-8; 119, 241-3.

Febvre, L. (1947). *Le Problème de l'incroyance au XVIe siècle. La religion de Rabelais*. Paris: Albin Michel.

Febvre, L. (1952). *Combats pour l'Histoire*. Paris: Armand Colin.

Fernández del Riego, F. (1951). *Manual de historia de la literatura gallega*. Vigo: Galaxia.

Fernández del Riego, F. (1994). *Luís Seoane desde a memoria*. Sada: Ediciós do Castro.

Fernández del Riego, F. (2002). *Cartas de Luís Seoane desde o exilio*. Sada: Ediciós do Castro.

Fernán-Vello, M.A.; Pillado Mayor, F. (1986). *Conversas en Compostela con Carvalho Calero*. Barcelona: Sotelo Blanco.

Ferreira, M. do Rosário (2013). «Entre la terre et la guerre: Salomon, Tristan et les mythes d'alternance dans l'Espagne de la 'Reconquête'». *e-Spania.*

Revue Interdisciplinaire d'Études Hispaniques Médiévales et Modernes, 16. https://doi.org/10.4000/e-spania.22657.
Figueroa, A. (1988). *Diglosia e texto*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
Figueroa, A. (1991). «Outras lecturas dende a nosa cultura». Brea, M.; Fernández Rei, F. (coords), *Homenaxe ó profesor Constantino García*, t. 2. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 451-7.
Figueroa, A. (1996). *Lecturas alleas. Sobre das relacións con outras literaturas*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
Figueroa, A. (2001). *Nación, literatura, identidade. Comunicación literaria e campos sociais en Galicia*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
Figueroa, A. (2008). «Discourse on National Identity: Notes from Galicia». Barbeito, J.M. et al. (eds), *National Identities and European Literatures / Nationale Identitäten und europäische Literaturen*. Bern: Peter Lang, 203-20.
Figueroa, A. (2010). *Ideoloxía e autonomía no campo literario galego*. Ames: Laiovento.
Figueroa, A.; González-Millán, X. (1997). *Communication littéraire et culture en Galice*. Paris; Montréal: L'Harmattan.
Filgueira Valverde, X. (1978). «O que foi o Seminario de Estudos Galegos». *Cuadernos do Laboratorio de Formas de Galicia*, 5, 29-38.
Filgueira Valverde, X. (1992). «Galicia no *Programa* de Menéndez y Pelayo». *Sétimo adral*. Sada: Ediciós do Castro, 95-100.
Filgueira Valverde, X.; Otero Pedrayo, R. (2009). *Epistolario*. Compilación de M.J. Fortes Alén. Pontevedra: Museo de Pontevedra e Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales.
Fokkema, D.W. (1982). «Comparative Literature and the New Paradigm». *Canadian Review of Comparative Literature*, 9, 1-18.
Forneiro, J.L. (2000). *El romancero tradicional de Galicia: una poesía entre dos lenguas*. Oiartzun: Sendoa.
Forneiro, J.L. (2015). «Víctor Said Armesto e o romanceiro tradicional de Galiza». Villanueva et al. 2015, 545-76.
Foucault, M. (1969). *L'Archéologie du savoir*. Paris: Gallimard.
Fowler, B. (1997). *Pierre Bourdieu and Cultural Theoy: Critical Investigations*. London: Sage.
Fraisse, L. (2002). *Les Fondements de l'histoire littéraire. De Saint-René Taillandier à Lanson*. Paris: Honoré Champion.
Franco Bahamonde, F. et al. (1961). *El Nuevo Estado español. Veinticinco años de Movimiento Nacional 1936-1961*. Madrid: Instituto de Estudios Políticos.
Franco Grande, X.L. (2004). *Os anos escuros. A resistencia cultural dunha xeración*. Vigo: Galaxia.
Fuster, J. (1975). *Literatura catalana contemporánea*. Madrid: Editora Nacional.
Fuster, J. [1971] (1976). *Literatura catalana contemporània*. Barcelona: Curial.
Gabilondo, J. (2009). «Towards a Postnational History of Galician Literature: On Pardo Bazán's Transnational and Translational Position». *Bulletin of Hispanic Studies*, 86, 249-69.
Gabilondo, J. (2011). «Toward a Postnational History of Galician Literature: Rereading Rosalía de Castro's Narrative as Atlantic Modernism». Hooper, K.; Puga Moruxa, M. (eds), *Contemporary Galician Cultural Studies: Between the Local and the Global*. New York: Modern Language Association, 74-95.
Gabilondo, J. (2016). *Before Babel: A History of Basque Literatures*. S.l.: Barbaroak.

Gabilondo, J. (2019). *Introduction to a Postnational History of Contemporary Basque Literature (1978-2000): Remnants of the Nation*. Woodbridge; Rochester: Tamesis.

Galan, F.W. (1988). *Las estructuras históricas. El proyecto de la Escuela de Praga (1928-1946)*. México D.F.: Siglo Veintiuno.

Gálik, M. (1999). «Comparative Literature as a Concept of Interliterariness and Interliterary Process». Tötösy de Zepetnek, S.; Dimić, M.V.; Sywenky, I. (eds), *Comparative Literature Now. Theories and Practice / La Littérature comparée à l'heure actuelle. Théories et réalisations*. Paris: Honoré Champion, 95-104.

Gálik, M. (2000a). «La ricezione dell'opera di Dionýz Ďurišin nello studio letterario occidentale». Ďurišin, Gnisci 2000, 215-23.

Gálik, M. (2000b). «Concepts of World Literature, Comparative Literature, and a Proposal». *CLCWEb: Comparative Literature and Culture*, 2(4), article 8. https://doi.org/10.7771/1481-4374.1091.

Galiza Nova (2020). «Entrevista a Arturo Casas». *Galiza Nova*, 27 de maio. http://galizanova.gal/entrevista-a-arturo-casas.

García Canclini, N. (1989) *Culturas híbridas. Estrategias para entrar y salir de la modernidad*. México D.F.: Grijalbo.

García Martínez, P. (2017). «Xoán González-Millán and the Present Uses of the Past: Notes from a Study on Exile». Sampedro, Losada Montero 2017, 127-38.

García Martínez, P. (2021). *Un largo puente de papel. Cultura impresa y humanismo antifascista en el exilio de Luís Seoane (1936-1959)*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas.

García-Liñeira, M. (2015). *Literary Citizenship and the Politics of Language: The Galician Literary Field between 1939 and 1965* [PhD Dissertation]. Oxford: University of Oxford.

García-Sabell, D. (1983). *Carta ao pintor Luís Seoane*. Sada: Ediciós do Castro.

Gaspárov, M.L. [2003] (2007). «¿Cómo escribir la historia literaria?». *Entretextos. Revista Electrónica Semestral de Estudios Semióticos de la Cultura*, 9, 11-16.

Genet, J.-P.; Lottes, G. (éds) (1996). *L'État Moderne et les élites XIIIe-XVIIIe siècles. Apports et limites de la méthode prosopographique*. Paris: Publications de La Sorbonne.

Gérard, A.S. (ed.) (1986). *European-Language Writing in Sub-Saharan Africa*. 2 vols. Budapest: Akadémiai Kiadó.

Gillespie, G. (ed.) (1995). *The Force of Vision 2. Visions in History = Proceedings of the XIIIth Congress of the ICLA* (Tokyo, 23-28 August 1991). Tokyo: University of Tokyo Press.

Gilroy, P. (1993). *The Black Atlantic: Modernity and Double Consciousness*. London: Verso.

Giménez Caballero, E. [1935] (2009). *Arte y Estado*. Ed. de E. Selva Roca de Togores. Madrid: Biblioteca Nueva.

Glad, J. (ed.) (1990). *Literature in Exile*. Durham: Duke University Press.

Gnisci, A. (2001). *Una storia diversa*. Roma: Meltemi.

Gómez Sánchez, A.; Queixas Zas, M. (2001). *Historia Xeral da Literatura Galega*. Vigo: Edicións A Nosa Terra.

González Fernández, H. (1994). «Literatura e compromiso na obra de Luís Seoane». *Grial*, 121, 5-13.

González Herrán, J.M. (2015). «Said Armesto en el ambiente literario madrileño: Emilia Pardo Bazán, Marcelino Menéndez Pelayo». Villanueva et al. 2015, 485-506.

González Ollé, F. (1989). *Introducción a la historia literaria navarra*. Pamplona: Gobierno de Navarra.
González Stephan, B. (1987). *La historiografía literaria del liberalismo hispano-americano del siglo XIX*. La Habana: Casa de las Américas.
González-Millán, X. (1978). «O problema nacionalista: novas realidades e novos conceptos». *Encrucillada*, 8, 60-76.
González-Millán, X. (1986). «Proceso textual y fantasía en *El primer loco*». Villanueva, D.; Brea, M.; Barreiro Fernández, X.R.; Tarrío Varela, A. (eds), *Actas do Congreso internacional de estudios sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (Santiago de Compostela, 15-20 de xullo de 1985), t. 1. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega; Universidade de Santiago de Compostela, 517-22.
González-Millán, X. (1991a). *Silencio, parodia e subversión: Cinco ensaios sobre narrativa galega contemporánea*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
González-Millán, X. (1991b). *Álvaro Cunqueiro: Os artificios da fabulación*. Vigo: Galaxia.
González-Millán, X. (1991c). *Álvaro Cunqueiro e Merlín e familia*. Vigo: Galaxia.
González-Millán, X. (1991d). «Nación e narración». *Grial*, 110, 312-14.
González-Millán, X. (1992). «A configuración historiográfica dunha literatura marxinal». *Actas do I Congreso Internacional da Cultura Galega* (Santiago de Compostela, 22-27 de outubro de 1990). Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Cultura da Xunta de Galicia, 445-52.
González-Millán, X. (1993). «As literaturas do 'Terceiro Mundo': os termos dunha polémica». *A Trabe de Ouro*, 13, 67-77.
González-Millán, X. (1994). *Literatura e sociedade en Galicia (1975-1990)*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
González-Millán, X. (1995a). «O discurso literario galego e a configuración dun espacio público nacional no primeiro tercio do século XX: un marco de reflexión». Casas, A. (coord.), *Tentativas sobre Dieste*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 13-29.
González-Millán, X. (1995b). «Do nacionalismo literario a unha literatura nacional. Hipóteses de traballo para un estudio institucional da literatura galega». *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1994*, 67-81.
González-Millán, X. (1996). *A narrativa galega actual (1975-1984). Unha historia social*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
González-Millán, X. (1997). «¿Etnia ou nación? Algúns desafíos na articulación conceptual do fenómeno nacionalitario». *A Trabe de Ouro*, 32, 23-42.
González-Millán, X. (1998). «O criterio filolóxico e a configuración dunha literatura nacional». *Cadernos de Lingua*, 17, 5-24.
González-Millán, X. (1999a). «A teoría dos campos sociais en P. Bourdieu». Álvarez, R.; Vilavedra, D. (coords), *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó Profesor Xesús Alonso Montero*, t. 1. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1213-25.
González-Millán, X. (1999b).«Notas para unha avaliación da teoría da cultura no modelo sociolóxico de Pierre Bourdieu». *Grial*, 141, 111-32.
González-Millán, X. (2000). *Resistencia cultural e diferencia histórica. A experiencia da subalternidade*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
González-Millán, X. (2001a). *O "Diccionario Enciclopédico" de Eladio Rodríguez. A canonización lexicográfica da literatura galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

González-Millán, X. (2001b). «Os problemas dunha lectura (poli)sistémica da literatura». Lozano-Renieblas, I.; Mercado, J.C. (eds), *Silva. Studia Philologica in honorem Isaías Lerner.* Madrid: Castalia, 301-13.
González-Millán, X. (2002a). «El exilio gallego y el discurso de la restauración nacional». *Arizona Journal of Hispanic Cultural Studies*, 6, 7-23.
González-Millán, X. (2002b). «As imaxes emerxentes dunha cultura pública galega: dificultades e desafíos», en Fuentes, V. (ed.), «España plurinacional: Creación e identidades / Plurinational Spain: Creation and Identities», *Letras Peninsulares*, 15(2), 249-68.
González-Millán, X. (2003a). «A constitución monumentalista do pasado». *A Trabe de Ouro*, 54, 157-68.
González-Millán, X. (2003b). «Ecos do Rexurdimento cultural galego no *Epistolario* de Menéndez Pelayo». *A Trabe de Ouro*, 53, 13-37.
González-Millán, X. (2006). «Menéndez Pelayo y su proyecto historiográfico de una 'nacionalidad literaria' española plurilingüe». *Boletín de la Biblioteca de Menéndez Pelayo*, 82, 393-428.
Greenblatt, S. (2002). «Racial Memory and Literary History». Hutcheon, Valdés 2002, 50-62.
Groba, X. (2012). *Casto Sampedro e a música do cantigueiro galego de tradición oral*. 2 vols. Redondela: Concello de Redondela.
Groupe H[3] (2006). *Hétérologies. Pour une dé-neutralisation de la critique littéraire et artistique*. Perpignan: Presses Universitaires de Perpignan.
Guillén, C. (1971). *Literature as System. Essays toward the Theory of Literary History.* Princeton: Princeton University Press.
Guillén, C. [1985] (2005). *Entre lo uno y lo diverso. Introducción a la Literatura Comparada (Ayer y hoy)*. Barcelona: Tusquets.
Guillory, J. (1993). *Cultural Capital: The Problem of Literary Canon Formation*. Chicago; London: The University of Chicago Press.
Gutiérrez Viñuales, R.; Seixas Seoane, M.A. (dirs) (2007). *Buenos Aires. Escenarios de Luís Seoane*. A Coruña: Fundación Luís Seoane.
Haupt, H.-G.; Müller, M.G.; Woolf, S. (eds) (1998). *Regional and National Identities in Europe in the XIXth and XXth Centuries / Les Identités régionales et nationales en Europe aux XIXe et XXe siècles*. Den Haag; London: Kluwer Law International.
Herrero Figueroa, A. (2020). «Anos lugueses e tempos de Fingoi. Ricardo Carballo Calero, profesor e filólogo, sobre fondo gris na cidade murada». Cidrás, F. (ed.), *Ricardo Carvalho Calero. As formas do compromiso*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 45-71.
Hobsbawm, E. (1990). *Nations and Nationalism since 1780: Programme, Myth, Reality*. New York: Cambridge University Press.
Hobsbawm, E. (1997). *On History*. New York: The New Press.
Hollier, D. (ed.) (1989). *A New History of French Literature*. Cambridge (MA); London: Harvard University Press.
Hooper, K. (2005). «Novas cartografías nos estudos galegos. Nacionalismo literario, literatura nacional, lecturas posnacionais». *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2005*, 64-73.
Hooper, K. (2011). *Writing Galicia into the World: New Cartographies, New Poetics*. Liverpool: Liverpool University Press.
Hutcheon, L. (2002). «Rethinking the National Model». Hutcheon, Valdés 2002, 3-49.
Hutcheon, L.; Valdés, M.J. (eds) (2002). *Rethinking Literary History: A Dialogue on Theory*. Oxford; New York: Oxford University Press.

Jockers, M.L. (2013). *Macroanalysis: Digital Methods and Literary History*. Urbana; Springfield: University of Illinois Press.
Jurt, J. (éd.) (2007). *Champ littéraire et nation*. Freiburg im Breisgau: Frankreich-Zentrum.
Kortazar, J. (1990). *Literatura vasca. Siglo XX*. Donostia: Etor.
Koselleck, R. [2000] (2001). *Los estratos del tiempo: estudios sobre la historia*. Introducción de E. Palti. Barcelona: Paidós; Instituto de Ciencias de la Educación da Universitat Autònoma de Barcelona.
Koselleck, R. [1975] (2004). *historia/Historia*. Madrid: Trotta.
Kushner, E. [1989] (1993). «Articulación histórica de la literatura». Angenot, M.; Bessière, J.; Fokkema, D.; Kushner, E. (dirs), *Teoría literaria*. México D.F.: Siglo XXI Editores, 125-44.
LaCapra, D. (2004). *History in Transit: Experience, Identity, Critical Theory*. Ithaca: Cornell University Press.
Lambert, J. (1991). «In Quest of Literary World Maps». Kittel, H.; Frank, A.P. (eds), *Interculturality and the Historical Study of Literary Translations*. Berlin: Erich Schmidt Verlag, 133-44.
Lambert, J. [1988] (1999). «Aproximaciones sistémicas y la literatura en las sociedades multilingües». Iglesias Santos, M. (comp.), *Teoría de los polisistemas*. Madrid: Arco, 53-70.
Lane, P. (1992). *La Périphérie du texte*. Paris: Nathan.
Lanson, G. (1965). *Essais de méthode, de critique et d'histoire littéraire*. Compilación de H. Peyre. Paris: Hachette.
Lavaud, E. (1972). «Esbozo de la figura de Víctor Said Armesto a través de su biblioteca». *Museo de Pontevedra*, 26, 40-5.
Leerssen, J. (2000). «The Rhetoric of National Character: A Programmatic Survey». *Poetics Today*, 21(2), 267-92.
Lewis, T.; Sánchez, F.J. (eds) (1999). *Culture and the State in Spain: 1550-1850*. New York; London: Garland Publishing.
Liñeira, M. (2015). «Something in Between: Galician Literary Studies Beyond the Linguistic Criterion». *Abriu. Estudos de textualidade do Brasil, Galicia e Portugal*, 4, 77-88.
López, T. (1991). *Névoas de antano. Ecos dos cancioneiros galego-portugueses no século XIX*. Santiago de Compostela: Laiovento.
López, T. (1993). *A Recuperación da tradición lírica medieval en Galicia: o neotrobadorismo* [tese de doutoramento]. A Coruña: Universidade da Coruña.
López, T. (1997). *O neotrobadorismo*. Vigo: Edicións A Nosa Terra.
López-Aydillo, E. (ed.) (1914). *Las mejores poesías gallegas*. Madrid: Imprenta Artística Española.
López-Aydillo, E. (1923). «Los cancioneros gallego-portugueses como fuentes históricas (con un glosario de voces del gallego arcaico)», núm. monogr., *Revue hispanique: recueil consacré à l'étude des langues, des littératures et de l'histoire des pays castillans, catalans et portugais*, 57(132), 315-619. Cítase pola edición facsímile publicada por Editorial Maxtor, Valladolid, 2008.
López-Casanova, A. (2003). «Sobre o sistema literario galego. Unha proposta de análise. *Grial*, 157, 60-5.
Losada Montero, J.A. (2017). «Rerouting Galician Studies: Intellectual Cartographies of the USA». Sampedro, Losada Montero 2017, 3-23.
Lotman, I.M. (1996). *La semiosfera*. Vol. 1, *Semiótica de la cultura y del texto*. Ed. de D. Navarro. Madrid: Cátedra; Universitat de València.

Lotman, I.M. (1998). *La semiosfera*. Vol. 2, *Semiótica de la cultura, del texto, de la conducta y del espacio.* Ed. de D. Navarro. Madrid: Cátedra; Universitat de València.

Lotman, I.M. (2000). *La semiosfera*. Vol. 3, *Semiótica de las artes y de la cultura*. Ed. de D. Navarro. Madrid: Cátedra; Universitat de València.

Lotman, I.M.; Uspenski, B.A. [1993] (2000). «Sobre el mecanismo semiótico de la cultura». Lotman 2000, 168-93.

Lourido, I. (2011). *As alternativas sistémicas da Historia literaria en situación de conflito cultural. Desenvolvimentos teóricos e modelos de renovación nos casos galego e quebequense* [tese de doutoramento parcialmente inédita]. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Lourido, I. (2014). *História literária e conflito cultural: bases para umha história sistémica da literatura na Galiza*. Santiago de Compostela: Laiovento.

Madame de Staël-Holstein (1800). *De la littérature considérée dans ses rapports avec les institutions sociales*. 2a éd. Paris: Crapelet.

Magalhães, I.A. de (coord.) (2007). *História e antologia da literatura portuguesa. Séculos XIII-XIV.* Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian.

Máiz, R. (1984). *O rexionalismo galego: Organización e ideoloxía (1886-1907)*. Sada: Ediciós do Castro; Publicacións do Seminario de Estudos Galegos.

Máiz, R. (1992). «A función político-ideolóxica da Historia no discurso do nacionalismo galego». *Actas do I Congreso Internacional da Cultura Galega* (Santiago de Compostela, 22-27 de outubro de 1990). Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Cultura da Xunta de Galicia, 107-16.

Maldonado Alemán, M. (1999). «La teoría de los sistemas y la historia de la literatura». *Signa*, 8, 251-79.

Maldonado Alemán, M. (2006). «La historiografía literaria. Una aproximación sistémica». *Revista de Filología Alemana*, 14, 9-40. https://revistas.ucm.es/index.php/RFAL/article/view/RFAL0606110009A.

Mannheim, K. [1928] (1990). *Le Problème des générations*. Paris: Nathan.

Martínez Tejero, C. (2012). «Sobreviver em tempos de ditadura. O grupo Galaxia na Galiza de meados do século XX». Pretov, P.; Quintino de Sousa, P.; López-Iglésias Samartim, R.; Torres Feijó, E.J. (eds), *Avanços em Literaturas e Culturas Africanas e em Literatura e Cultura Galegas*. Faro: Associação Internacional de Lusitanistas; Santiago de Compostela: Através Editora, 289-305.

Martínez Tejero, C. (2014). *Discursos sobre Galaxia. Estudo do conhecimento construido e novas perspetivas de analise em Ciencias Humanas para sistemas em processo de emergência* [tese de doutoramento]. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Mascato Rey, R. (2015). «Said Armesto y el proceso para la creación de la Cátedra de Literatura Galaico-Portuguesa en la Universidad Central de Madrid (1909-1914)». Villanueva et al. 2015, 593-621.

Martí Monterde, A. (2011). *Un somni europeu. Història intel·lectual de la Literatura Comparada. De la 'Weltliteratur' a la Literatura Comparada*. Valéncia: Publicacions de la Universitat de València.

Massot i Muntaner, J. (1996). *Escriptors i erudits contemporanis*. Montserrat: Publicacions de l'Abadia de Montserrat.

McClennen, S.A.; Fitz, E.E. (coords) (2002). «Comparative Cultural Studies and Latin America», thamatic issue, *CLC Web: Comparative Literature and Culture*, 4(2). https://docs.lib.purdue.edu/clcweb/vol4/iss2/.

Méndez Ferrín, X.L. (1984). *De Pondal a Novoneyra. Poesía galega posterior á guerra civil*. Vigo: Ediciós Xerais de Galicia.

Méndez Ferrín, X.L. (2011). «No fondo dos espellos — Mentalidade Armesto». *El Sábado*, suplemento semanal de *Faro de Vigo*, 17 de decembro, 4.
Menéndez Pelayo, M. (1982-91). *Epistolario general*. 23 vols. Madrid: Fundación Universitaria Española.
Menéndez Pelayo, M. (2009). *Antología de estudios y discursos literarios*. Ed. de M. Crespo López. Madrid: Cátedra.
Mignolo, W.D. [1991] (1998). «Los cánones y (más allá de) las fronteras culturales (o ¿de quién es el canon del que hablamos?)». Sullà, E. (ed.), *El canon literario*. Madrid: Arco Libros, 237-70.
Mignolo, W.D. (2002). «Rethinking the Colonial Model». Hutcheon, Valdés 2002, 155-93.
Mignolo, W.D. [2000] (2003). *Historias locales / diseños globales. Colonialidad, conocimientos subalternos y pensamiento fronterizo*. Tres Cantos: Akal.
Miguélez-Carballeira, H. (2009). «Alternative Values: From the National to the Sentimental in the Redrawing of Galician Literary History». *Bulletin of Hispanic Studies*, 86(2), 271-92.
Miguélez-Carballeira, H. (2012). «From Sentimentality to Masculine Excess in Galician National Discourse: Approaching Ricardo Carvalho Calero's Literary History». *Men and Masculinities*, 15(4), 367-87.
Miguélez-Carballeira, H. (2013). *Galicia, a Sentimental Nation: Gender, Culture and Politics*. Cardiff: University of Wales Press.
Miguélez-Carballeira, H. [2013] (2014). *Galiza, um povo sentimental? Género, política e cultura no imaginário nacional galego*. Santiago de Compostela: Através Editora.
Miguélez-Carballeira, H. (ed.) (2014). *A Companion to Galician Culture*. Woodbridge; Rochester: Tamesis.
Miguélez-Carballeira, H.; Hooper, K. (eds) (2009). «Critical Approaches to the Nation in Galician Studies», special issue, *Bulletin of Hispanic Studies*, 86(2).
Miner, E. (1990). *Comparative Poetics: An Intercultural Essay on Theories of Literature*. Princeton: Princeton University Press.
Mitxelena, K. [1960] (1988). *Historia de la literatura vasca*. 2a ed. Donostia: Erein.
Moisan, C. (1987). *Qu'est-ce que l'histoire littéraire?* Paris: Presses Universitaires de France.
Molas, J. (1986). «Sobre la periodització en les històries generals de la literatura catalana». Alvar, C. (ed.), *Symposium in honorem prof. M. de Riquer* (Barcelona, marzo de 1984). Barcelona: Universitat de Barcelona; Quaderns Crema, 257-76.
Moss, J. (ed.) (2002). *World Literature and Its Times. Profiles of Notable Literary Works and the Historical Events That Influenced Them*. Vol. 5, *Spanish and Portuguese Literatures and Their Times (The Iberian Peninsula)*. Detroit: Gale Group.
Mujika, L.M. (1979). *Historia de la literatura euskérica*. Donostia: Luis Haranburu.
Neves, J.M. (2012). «Classes genealógicas coloniais: o caso de Moçambique». Pretov, P.; Quintino de Sousa, P.; López-Iglésias Samartim, R.; Torres Feijó, E.J. (eds), *Avanços em Literaturas e Culturas Africanas e em Literatura e Cultura Galegas*. Faro: Associação Internacional de Lusitanistas; Santiago de Compostela: Através Editora, 13-31.
Olinto, H.K. (1996). «Interesses e paixões: histórias de literatura». Olinto, H.K. (ed.), *Histórias de literatura. As novas teorias alemãs*. São Paulo: Ática, 15-45.
Ortega y Gasset, José [1933] (1947). «*En torno a Galileo*». *Obras Completas*. Vol. V, *1933-41*. Madrid: Revista de Occidente, 9-164.

Pageaux, D.-H. (2002). «Sobre la noción de imaginario. Elementos para una teoría en literatura comparada». *Anthropos*, 196, 138-43.

Palma-Ferreira, J. (1985). *Literatura portuguesa. História e crítica*. Lisboa: Imprensa Nacional - Casa da Moeda.

Palmás, R. (1995). «Rafael Dieste e as súas clases na AGUEA». Casas, A. (coord.), *Tentativas sobre Dieste*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 109-16.

Pardo Bazán, E. [1888] (1984). *De mi tierra*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Pena, X.R. (1998). «Algunhas reflexións arredor da conformación dunha literatura periférica». *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1997*, 145-60.

Pena, X.R. (2016). *Historia da Literatura Galega III. De 1916 a 1936*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Pénisson, P. (1994). «La notion de littérature nationale chez Johann Gottfried Herder». Espagne, M.; Werner, M. (éds), *Philologiques III: Qu'est-ce qu'une littérature nationale? Approches pour une théorie interculturelle du champ littéraire*. Paris: Maison des Sciences de l'Homme, 109-20.

Pérez Isasi, S. (2020). «¿Hacia unos Estudios Ibéricos 2.0? Críticas, debates y caminos abiertos». *Theory Now: Journal of Literature, Critique, and Thought*, 3(2), 145-67. https://doi.org/10.30827/tnj.v3i2.15542.

Pérez Rodríguez, M.A. (2003). *Luís Seoane a través da prensa (1929-1979)*. Sada: Ediciós do Castro.

Perkins, D. (1992). *Is Literary History Possible?* Baltimore: The Johns Hopkins University Press.

Peset, M. (2000). «Política universitaria tras el desastre del 98». Rodríguez-Sampedro Bezares, L.E. (ed.), *Las universidades hispánicas: De la monarquía de los Austrias al centralismo liberal = V Congreso Internacional sobre Historia de las Universidades Hispánicas* (Salamanca, 1998), vol. 2. Salamanca: Universidad de Salamanca; Junta de Castilla y León, 425-47.

Petersen, J. [1930] (1984). «Las generaciones literarias». Ermatinger, E. (ed.), *Filosofía de la ciencia literaria*. México D.F.; Madrid: Fondo de Cultura Económica, 137-93.

Peyre, H. (1948). *Les Générations littéraires*. Paris: Boivin et C^{ie}.

Pillado, F.; Sánchez, C. (coords) (1985). «Luís Seoane. Compromiso e paixón criadora». *A Nosa Terra*, extraordinario núm. 5.

Pimentel, L. et al. (1952). *7 ensayos sobre Rosalía*. Vigo: Galaxia.

Piñeiro, R. (1959). «Factores esenciales de la literatura gallega». *Ínsula*, 152-153, 13.

Piñeiro, R. (2005). «Cartas de Ramón Piñeiro a Ricardo Carballo Calero», ed. de L. Alonso Girgado, M. Cuquejo Enríquez y C. Fariña Miranda, núm. monogr., *Cadernos Ramón Piñeiro*, V.

Pozuelo Yvancos, J.M.; Aradra Sánchez, R.M. (2000). *Teoría del canon y literatura española*. Madrid: Cátedra.

Provenzano, F. (2006). «Un discours sur le champ, l'historiographie littéraire. Le problème de l'efficace des pratiques discursives». *COnTEXTES. Revue de sociologie de la littérature*, 1. https://doi.org/10.4000/contextes.99.

Rábade Villar, M. do C. (2017). «Cultural History and Resistance: The Articulation of Modern Galician Literature». Hooper, K.; Puga Moruxa, M. (eds), *Contemporary Galician Cultural Studies: Between the Local and the Global*. New York: Modern Language Association, 54-73.

Rábade Villar, M. do C. (2019). «Crítica y pensamiento literario gallego en el siglo XX». Pozuelo Yvancos, J.M. et al., *Pensamiento y crítica literaria en el siglo XX (castellano, catalán, euskera, gallego)*. Madrid: Cátedra, 607-770.

Regueira, M. (2020). *Narrativa e imaxinario nacional na reconstrución do campo literario de posguerra (1936-1966)*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
Retolaza, I. (2009). *A Historia literaria vasca: fundamentación orgánica, opcións discursivas e lexitimación autorial*. Traballo de investigación inédito presentado na Universidade de Santiago de Compostela.
Rico, F. (dir.) (1980). *Historia y crítica de la literatura española*. Vol. 1, Deyermond, A. (ed.), *Edad Media*. Barcelona: Crítica.
Ricœur, P. (1983-85). *Temps et récit*. 3 vols. Paris: Éditions du Seuil.
Río, Á. del [1948] (1963). *Historia de la literatura española*. 2 vols. 2a ed. New York: Holt, Rinehart & Winston.
Riquer, M. de; Comas, A.; Molas, J. (1964). *Història de la literatura catalana*. Barcelona: Ariel.
Rodríguez Sánchez, F. (1990). *Literatura galega contemporánea (problemas de método e interpretación)*. Vilaboa: Edicións do Cumio.
Rodríguez Sánchez, F. (1996). «Definición, características e periodización da literatura galega». Ansede Estraviz, A.; Sánchez Iglesias, C. (dirs), *Historia da literatura galega*, vol. 1. Vigo: Asociación Socio-Pedagóxica Galega, 5-32. Acceso alternativo en `http://literaturagalega.as-pg.gal/etapas/introducion`.
Rodríguez Sánchez, F. (2011). «Ricardo Carvalho Calero, soliloquio contra a desesperanza». Biscainho Fernandes, C.C.; Sánchez Rei, X.M. (coords), *Ricardo Carvalho Calero: ciencia, literatura e nación*. A Coruña: Universidade da Coruña, 91-110.
Rodríguez Fontela, M.Á. (2012). «Víctor Said Armesto. Contexto histórico-cultural y testimonios epistolares de su quehacer filológico». Blesa, T.; Pueo, J.C.; Saldaña, A.; Sullà, E. (eds), *Pensamiento literario español del siglo XX, 6*. Zaragoza: Universidad de Zaragoza. Trópica – Anexos de Tropelías, 141-57.
Rodríguez Guerra, A. (2000). *Epistolario galego de Miguel de Unamuno*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades; Xunta de Galicia.
Rodríguez Puértolas, J. (1986-87). *Literatura fascista española*. 2 vols. Madrid: Akal.
Rodríguez Puértolas, J. (2008). *Historia de la literatura fascista española*. 2a ed. Madrid: Akal.
Romero, E.R. (2012). *Contemporary Galician Culture in a Global Context: Movable Identities*. Plymouth: Lexington Books.
Romero Muñoz, C. (1983). «Breve historia de la Historias de la literatura catalana». *Rassegna iberistica*, 17, 3-34.
Romero Tobar, L. (ed.) (2004). *Historia de la literatura / Historia literaria*. Zaragoza: Prensas Universitarias de Zaragoza.
Rozas, J.M. (1976). *Historia de la Literatura I*. Madrid: UNED.
Rubió i Balaguer, J. [1948-59] (1984). *Història de la literatura catalana*. Montserrat: Publicacions de l'Abadia de Montserrat.
Rusch, G. (1987). *Erkenntnis, Wissenschaft, Geschichte. Von einem konstruktivischen Standpunkt*. Frankfurt am Main: Suhrkamp.
Rusch, G. (1994). «Teorías sistémicas en la Historiografía literaria alemana». *Teoría/Crítica*, 1, 137-72.
Sacone, G. (1972). *Víctor Said Armesto: L'homme et ses libres* [texte dactylographié inédit]. Dijon: Maîtrise d'Espagnol.
Said Armesto, V. (1897). *Análisis y ensayos (Filosofía, literatura y sociología)*. Pontevedra: s.n. Tip. de la Viuda e Hijos de Carragal.

Said Armesto, V. [1908] (1968). *La leyenda de don Juan. Orígenes poéticos de El Burlador de Sevilla y Convidado de piedra*. 2a ed. Madrid: Espasa-Calpe.

Said Armesto, V. (1997). *Poesía popular gallega. Colección de romances, baladas y canciones recogidos de la tradición oral. Con introducción y notas críticas del autor.* Prólogo de D. García-Sabell. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

[Said Santoro, M.E.] (1971). *Víctor Said-Armesto (Datos para una biografía). Con una carta inédita de Don Miguel de Unamuno*. Madrid: s.n.

Saint-Jacques, D.; Lemire, M. (dirs) (2005). *La Vie littéraire au Québec*. Vol. 5, *1895-1918*. Sainte-Foy: Les Presses de l'Université Laval.

Salgado, X.M.; Casado, X.-M. (1989). *X.L. Méndez Ferrín*. 2a ed. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

Salinas Portugal, F. (1991). *Voz e siléncio (Entrevista con Ricardo Carvalho Calero)*. Vilaboa: Edicións do Cumio.

Samartim, R. López-Iglésias (2005). «Ideia de língua e vento português na Galiza do tardofranquismo: o caso de 'Galaxia'». *Agália*, 83-84, 9-50.

Samartim, R. López-Iglésias (2011). «A construção do conhecimento pola historiografia literária dum sistema deficitário (o caso galego para 1974-1978)». *Veredas. Revista da Associação Internacional de Lusitanistas*, 16, 177-210.

Samartim, R. López-Iglésias (2017). *Mudança política e sistemas culturais em transiçom. Literatura e construçom da (ideia da) Galiza entre 1974 e 1978*. Santiago de Compostela: Laiovento.

Sampedro Vizcaya, B.; Losada Montero, J.A. (eds) (2017). *Rerouting Galician Studies: Multidisciplinary Interventions*. Cham: Palgrave Macmillan.

Sampedro y Folgar, C. (1942). *Cancionero musical de Galicia*. Reconstitución, introdución e notas de J. Filgueira Valverde. Pontevedra: Museo de Pontevedra. Cóntase con dúas reedicións facsimilares da Fundación Barrié de la Maza, A Coruña, 1982 e 2007.

Sanmartín Rei, G. (2002). *Os (pre)textos galegos (1863-1936). Estudo e escolma dos prólogos*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

Santana, M. (2005). «Mapping National Literatures: Some Observations on Contemporary Hispanism». Epps, B.; Fernández Cifuentes, L. (eds), *Spain Beyond Spain: Modernity, Literary History, and National Identity*. Lewisburg: Bucknell University Press, 109-26.

Santiáñez, N. (2002). *Investigaciones literarias. Modernidad, historia de la literatura y modernismos*. Barcelona: Crítica.

Santos, B. de Sousa; Meneses, M.P. (orgs) (2013). *Epistemologias do Sul*. São Paulo: Cortez Editora.

Santos, L.R. dos (2002). «O eurocentrismo crítico de Kant». Gil Costa, F.; Gonçalves da Silva, H. (coords), *A ideia romântica de Europa. Antigos caminhos, novos rumos*. Lisboa: Edições Colibri e Centro de Estudos Alemães e Europeus, 153-78.

Santos Zas, M. (2014). «Valle-Inclán na Pontevedra finisecular». Rodríguez González, D.; Otero Tovar, O. (coords), *Víctor Said Armesto. A lección dun cidadán libre*. A Coruña: Fundación Barrié, 65-73.

Santos Zas, M. (2015). «Said Armesto y el círculo literario pontevedrés». Villanueva et al. 2015, 423-64.

Sapiro, G. (1996). *Collective Biographies and the Theory of "Literary Field": On the Contribution of Prosopography to the Sociology of Literature*. Uppsala: Uppsala Universitet. Skeptron Occasional Papers 9.

Sapiro, G. (2007). «Pour une approche sociologique des relations entre littérature et idéologie». *COnTEXTES. Revue de sociologie de la littérature*, 2. https://doi.org/10.4000/contextes.165.
Saraiva, A.J. [1949] (1979). *História da literatura portuguesa (das origens a 1970)*. Lisboa: Livraria Bertrand.
Saraiva, A.J. (1980). *Para a História da cultura em Portugal*. 5a ed. Lisboa: Livraria Bertrand.
Saraiva, A.J.; Lopes, Ó. [1955] (1985). *História da literatura portuguesa*. 13a ed. Porto: Porto Editora.
Sarasola, I. [1971] (1976). *Historia social de la literatura vasca*. Madrid: Akal.
Schmidt, S.J. (1995). «Escribir Historias de la Literatura. Algunas observaciones desde un punto de vista constructivista». *Teoría/Crítica*, 2, 245-69.
Sela-Sheffy, R. (2002). «Canon Formation Revisited: Canon and Cultural Production». *Neohelicon*, 29(2), 141-59. http://www.tau.ac.il/~rakefet/papers/Canon-formation-revisited.pdf.
Seoane, L. (1990). *Figuraciós*. Escolma e ed. de L. Braxe e X. Seoane. A Coruña: Deputación da Coruña.
Seoane, L. (1991). *Textos inéditos*. Ed. de M. Núñez Rodríguez. Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela.
Seoane, X. (1994). *A voz dun tempo. Luís Seoane: o criador total*. Sada: Ediciós do Castro.
Sevilla, S. (2000). *Crítica, historia y política*. Madrid: Cátedra; Universitat de Valéncia.
Sheffy, R. (1999). «Estrategias de canonización: la idea de novela y de campo literario en la cultura alemana del siglo XVIII». Iglesias Santos, M. (comp.), *Teoría de los polisistemas*. Madrid: Arco, 125-46. http://www.tau.ac.il/~rakefet/papers/RS-Estrategias.pdf.
Sinopoli, F. (2000). «La letterature dell'Europa mediterranea all'origine delle storie letterarie tra la fine del Settecento e il primo Ottocento». Ďurišin, Gnisci 2000, 151-63.
Sinopoli, F. [1999] (2002). «La Historia comparada de la literatura». Gnisci, A. (ed.), *Introducción a la literatura comparada*. Barcelona: Crítica, 23-69.
Sismondi, J.-C. Simonde de (1813). *De la Littérature du Midi de l'Europe*. 4 vols. Paris: Treuttel et Würtz.
Souto Cabo, J.A. (2012). *Os cavaleiros que fizeram as cantigas. Aproximação às origens socioculturais da lírica galego-portuguesa*. Niterói: Editora da Universidade Federal Fluminense.
Spivak, G.C. (1988). *In Other Worlds: Essays in Cultural Politics*. New York; London: Routledge.
Spivak, G.C. (1999). *A Critique of Postcolonial Reason: Toward a History of the Vanishing Present*. Cambridge (MA); London: Harvard University Press.
Spivak, G.C. (2003). *Death of a Discipline*. New York: Columbia University Press.
Steiner, P. [1984] (2001). *El formalismo ruso. Una metapoética*. Madrid: Akal.
Stone, L. (1981). *The Past and the Present*. London: Routledge; Kegan Paul.
Swiggers, P. (1982). «A New Paradigm for Comparative Literature». *Poetics Today*, 3, 181-4.
Szabolcsi, M.; Vajda, G.M. (eds) (1993). «Problemata Historiæ Litterariæ», *Neohelicon*, 20(2).
Tamen, M.; Buescu, H. (eds) (1999). *A Revisionary History of Portuguese Literature*. New York: Garland Publishing.

Tarrío Varela, A. (1994). *Literatura galega. Aportacións a unha Historia crítica*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Thiesse, A.-M. (1999). *La Création des identités nationales: Europe XVIIIe-XXe siècle*. Paris: Éditions du Seuil.

Tiraboschi, G. (1772-81). *Storia della letteratura italiana*. 9 voll. Modena: s.n.

Topuzian, M. (2019). «El problema del Estado y la literatura». Martínez Tejero, C.; Pérez Isasi, S. (eds), *Perspetivas críticas sobre os estudos ibéricos*. Venezia: Edizioni Ca' Foscari, 115-36. http://doi.org/10.30687/978-88-6969-323-6/004.

Torres Feijó, E.J. (2002). «Como sair do cerco. A legitimaçom galeguista da Literatura Galega por Carvalho Calero e a génese da sua centralidade no campo da crítica literária». López, T.; Salinas, F. (eds), *Actas do Simposio Ricardo Carvalho Calero. Memoria do século* (A Coruña e Ferrol, 23-25 novembro de 2000). A Coruña: Asociación Socio-Pedagóxica Galega e Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística da Universidade da Coruña, 31-66.

Torres Feijó, E.J. (2004). «Contributos sobre o objecto de estudo e metodologia sistémica. Sistemas literários e literaturas nacionais». Abuín González, A.; Tarrío Varela, A. (eds), *Bases metodolóxicas para unha historia comparada das literaturas na península Ibérica*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 423-44.

Torres Feijó, E.J. [2000] (2018). «Norma linguística e (inter-)sistema cultural. O caso galego». Torres Feijó, Samartim 2018, 167-200.

Torres Feijó, E.J.; Samartim, R. (2018). *Sobre conflito linguístico e planificação cultural na Galiza contemporânea: dez contributos*. Santiago de Compostela: Através Editora.

Torres Feijó, E.J. et al. (2020). *José Luís Rodríguez, nos trilhos da língua*. Santiago de Compostela: Através Editora.

Tötösy de Zepetnek, S. (1998). *Comparative Literature. Theory, Method, Application*. Amsterdam; Atlanta: Rodopi.

Tötösy de Zepetnek, S. (2000). «An Application of the Systemic and Empirical Framework in Diaspora and Ethnic Studies». Barsch, A.; Rusch, G.; Viehoff, R. (eds), *Siegfried J. Schmidt Festschrift*. Halle: University of Halle-Wittenberg.

Tötösy de Zepetnek, S. (2002). «Comparative Cultural Studies and the Study of Central European Culture». Tötösy de Zepetnek, S. (ed.), *Comparative Central European Culture*. West Lafayette: Purdue University Press, 235-67.

Trillo, J.; Villanueva, C. (eds) (2013). *La flor del agua, zarzuela en un acto. Conrado del Campo, Libreto Víctor Said Armesto*. Madrid: ICCMU. Música Hispana 94.

Urquizu Sarasua, P. et al. (2000). *Historia de la literatura vasca*. Madrid: UNED.

Vaillant, A. (2011). *L'Histoire littéraire*. Paris: Armand Colin.

Vajdová, L. (1990). «Les modes d'organisation des littératures nationales dans le processus interlittéraire». Bauer, R.; Fokkema, D. (eds), *Proceedings of the XIIth Congress of the International Comparative Literature Association* (München, 22-27 August 1988). Vol. 4, *Space and Boundaries of Literature*. München: Iudicium Verlag, 19-27.

Valbuena Prat, Á. (1974). *Literatura castellana. Los grupos geográficos y la unidad literaria*. 2 vols. Barcelona: Juventud.

Valdés, M.J. (1999). «Postmodern Literary History or Reading History as a Hypertext». *Neohelicon*, 26(2), 11-17.

Valdés, M.J. (2002). «Rethinking the History of Literary History». Hutcheon, Valdés 2002, 63-115.

Valdés, M.J.; Hutcheon, L. (1994). *Rethinking Literary History – Comparatively*. New York: American Council of Learned Societies. Occasional Paper 27. http://archives.acls.org/op/26_Context_for_Creating_Knowledge.htm.

Valdés, M.J.; Kadir, D. (eds) (2004). *Literary Cultures of Latin America: A Comparative History*. 3 vols. New York e Oxford: Oxford University Press.

Vallverdú, J. (1978). *Història de la literatura catalana*. 2a ed. Barcelona: Miquel Arimany.

Van Tuinen, S.; Zepke, S. (eds) (2017). *Art History After Deleuze and Guattari*. Leuven: Leuven University Press.

Varela Jácome, B. (1951). *Historia de la literatura gallega*. Santiago de Compostela: Porto y Cía.

Vidal Alcover, J. (1980). *Síntesi d'Història de la literatura catalana*. Barcelona: La Magrana.

Vilavedra, D. (1999). *Historia da literatura galega*. Vigo: Galaxia.

Villanueva, C. (2007a). «Claves para la interpretación del cancionero Sampedro». Sampedro y Folgar, C., *Cancionero musical de Galicia*. Edición facsimilar. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza, 11-17.

Villanueva, C. (2007b). «Fuentes y personajes para el estudio del Cancionero musical de Galicia». Sampedro y Folgar, C., *Cancionero musical de Galicia*. Edición facsimilar. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza, 91-149.

Villanueva, C. (2011). «Correspondencia entre Marcelino Menéndez Pelayo y Víctor Said Armesto (1906-1912)». *Boletín de la Biblioteca de Menéndez Pelayo*, 87, 359-66.

Villanueva, C. (2014). *Víctor Said Armesto. Una vida de romance*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consorcio de Santiago; Universidade de Santiago de Compostela.

Villanueva, C.; Beramendi, J.; García Martínez, C.; Santos Zas, M. (eds) (2015). *Víctor Said Armesto e o seu tempo: perspectivas críticas*. A Coruña: Fundación Barrié; Museo do Pobo Galego; Deputación de Pontevedra.

Villanueva, D. (comp.) (1994). *Avances en Teoría de la Literatura: Estética de la Recepción, Pragmática, Teoría Empírica y Teoría de los Polisistemas*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Villanueva, D. (dir.) (2000-03). *Proyecto Galicia — Literatura*. 6 vols. A Coruña: Hércules de Ediciones.

Villanueva Gesteira, M.D. (2015). *A editorial Galaxia: proxecto e traxectoria 1950-1963* [tese de doutoramento]. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Villares, R. (2017). *Identidade e afectos patrios*. Vigo: Galaxia.

Villasante, L. (1979). *Historia de la literatura vasca*. 2a ed. Burgos: Aranzazu.

Virk, T. (2003). «Comparative Literature versus Comparative Cultural Studies». *CLCWEb: Comparative Literature and Culture*, 5(4). https://doi.org/10.7771/1481-4374.1202.

Vodička, F. [1942] (1995). *La historia literaria: sus problemas y tareas*. València: Episteme.

Wallerstein, I. (1991a). *Unthinking Social Science: The Limits of Nineteenth-Century Paradigms*. Cambridge: Polity Press.

Wallerstein, I. (1991b). *Geopolitics and Geoculture: Essays on the Changing World-System*. Cambridge: Cambridge University Press; Paris: Éditions de la Maison des Sciences de l'Homme.

Wellek, R. (1963). *Concepts of Criticism*. New Haven: Yale University Press.

Wellek, R. (1973-74). «Periodization in Literary History». Wiener, P.P. (ed.), *Dictionary of the History of Ideas: Studies of Selected Pivotal Ideas*, vol. 3. New York: Scribner, 481-6.

Wellek, R. [1940-73] (1983). *Historia literaria: problemas y conceptos*. Escolma de S. Beser. Barcelona: Laia.

Wellek, R.; Warren, A. (1949). *Theory of Literature*. New York: Harcourt, Brace, and Co.

Werner, M. (1994). «La place relative du champ littéraire dans les cultures nationales». Espagne, M.; Werner, M. (éds), *Philologiques III: Qu'est-ce qu'une littérature nationale? Approches pour une théorie interculturelle du champ littéraire*. Paris: Maison des Sciences de l'Homme, 15-30.

White, H. (1973). *Metahistory: The Historical Imagination in Nineteenth-Century Europe*. Baltimore: The Johns Hopkins University Press.

Żyłko, B. (2006). «La semiótica de la historia en los trabajos del grupo de Tartu-Moscú». *Entretextos. Revista electrónica semestral de Estudios semióticos de la cultura*, 7. http://www.ugr.es/~mcaceres/entretextos/entre7/zylko.htm.

Biblioteca di *Rassegna iberistica*

1. Arroyo Hernández, Ignacio; del Barrio de la Rosa, Florencio; Sainz Gonzalez, Eugenia; Solís García, Inmaculada (eds) (2016). *Geométrica explosión. Estudios de lengua y literatura en homenaje a René Lenarduzzi*.

2. Gayà, Elisabet; Picornell, Marcè; Ruiz Salom, Maria (eds) (2016). *Incidències. Poesia catalana i esfera pública*.

3. Bou, Enric; De Benedetto, Nancy (a cura di) (2016). *Novecento e dintorni. Grilli in Catalogna*.

4. Scarsella, Alessandro; Darici, Katiuscia; Favaro, Alice (eds) (2017). *Historieta o Cómic. Biografía de la narración gráfica en España*.

5. Bognolo, Anna; del Barrio de la Rosa, Florencio; Ojeda Calvo, María del Valle; Pini, Donatella, Zinato, Andrea (eds) (2017). *Serenísima palabra. Actas del X Congreso de la Asociación Internacional Siglo de Oro* (Venecia, 14-18 de julio de 2014).

6. Monegal, Antonio; Bou, Enric; Cots, Montserrat (eds) (2017). *Claudio Guillén en el recuerdo*.

7. Bou, Enric; Zarco, Gloria Julieta (eds) (2017). *Fronteras y migraciones en ámbito mediterráneo*.

8. Mistrorigo, Alessandro (2018). *Phonodia. La voz de los poetas, uso crítico de sus grabaciones y entrevistas*.

9. Parra Bañón, José Joaquín (ed.) (2018). *Casas de citas. Lugares de encuentro de la arquitectura y la literatura*.

10. Giuliani, Luigi; Pineda, Victoria (eds) (2018). *«Entra el editor y dice»: ecdótica y acotaciones teatrales (siglos XVI y XVII)*.

11. Turull i Crexells, Isabel (2018). *Carles Riba i la llengua literària durant el franquisme. Exercicis de simplicitat*.

12. Gifra Adroher, Pere; Hurtley, Jacqueline (eds) (2018). *Hannah Lynch and Spain. Collected Journalism of an Irish New Woman, 1892-1903*.

13. Colmeiro, José; Martínez-Expósito, Alfredo (eds) (2019). *Repensar los estudios ibéricos desde la periferia*.

Per acquistare | To purchase:
https://fondazionecafoscari.storeden.com/shop

14. Regazzoni, Susanna; Cecere, Fabiola (eds) (2019). *America: il racconto di un continente | América: el relato de un continente*.

15. Presotto, Marco (ed.) (2019). *El teatro clásico español en el cine*.

16. Martínez Tejero, Cristina; Pérez Isasi, Santiago (eds) (2019). *Perspetivas críticas sobre os estudos ibéricos*.

17. Parra Bañón, José Joaquín (ed.) (2020). *Lugares ¿Qué lugares?*

18. Carol Geronès, Lídia (2020). *Un "bric-à-brac" de la Belle Époque. Estudio de la novela "Fortuny" (1983) de Pere Gimferrer*.

19. De Benedetto, Nancy; Ravasini, Ines (a cura di) (2020). *Le letterature ispaniche nelle riviste del secondo Novecento italiano*.

20. Demattè, Claudia; Maggi, Eugenio; Presotto, Marco (eds) (2020). *La traducción del teatro clásico español (siglos XIX-XXI)*.

21. Iribarren, Teresa; Canadell, Roger; Fernàndez, Josep-Anton (eds) (2021). *Narratives of Violence*.

22. Corsi, Daniele; Nadal Pasqual, Cèlia (a cura di) (2021). *Studi Iberici. Dialoghi dall'Italia*.

Este libro analiza con sentido crítico os procesos de institucionalización da historia da literatura galega e sinala a necesidade de activar unha innovación metodolóxica da disciplina, eficaz en termos heurísticos, orgánicos e discursivos. Defende asemade que a actualización debe prestar atención a debates teóricos de fondo, non exclusivos de coordenadas culturais específicas. Entre eses debates poden destacarse a colaboración entre historia e socioloxía, a comprensión dos feitos literarios como feitos históricos, o reexame do nexo entre historia literaria e nación, os usos públicos da historia literaria e a exploración de alternativas promotoras dunha historiografía menos autocompracente e previsíbel.

Arturo Casas Catedrático de Teoría da literatura e Literatura comparada na Universidade de Santiago de Compostela, onde tamén ensina Socioloxía da literatura. Os seus campos de especialización inclúen a literatura galega contemporánea, a metodoloxía da historia literaria nacional e comparada, a poesía actual no espazo público, a teoría do poema, os estudos ibéricos e o exilio republicano de 1939.

Università
Ca'Foscari
Venezia